


# Literatura Galegoasturiana

*Poesía, Prosa, Teatro*



Autores

Xoán Babarro González  
Suso Fernández Acevedo  
Rita Bugallo González

Xoán Babarro González



(Calvelo de Maceda, 1947), xubilado como catedrático de Lingua Galega e Literatura de Ensino Secundario, vén publicando traballos da súa especialidade relacionados co occidente do Principado. Destaca a súa tese de doutoramento, *Galego de Asturias. Delimitación, caracterización e situación sociolingüística* (2003), tema que retoma máis recentemente en "Entre El Palo e Os Teixedais. As falas galegas do Principado de Asturias", no colectivo *El «continuum» románico. La transición entre las lenguas románicas, la intercomprensión y las variedades lingüísticas de frontera* (2021). Recompilou e editou a obra de Antón Santos Mediante Ferraría e Francisco Fidalgo Villaveirán, entre outros. No campo da literatura infantil é autor de *Os contos do xílgaro. Contos galegos de Asturias, León e Zamora* (1992), *Catasol. Vocabulario e folclore da Terra Navia-Eo* (2002), *Píllaras. Canciois del Navia* (2003) e *A Princesa de Taramundi* (2010).

Suso Fernández Acevedo



(Laro- Silleda, 1964) é licenciado en Filoloxía Galego-Portuguesa pola USC. Profesor de Lingua Galega e Literatura no IES de Ribadeo Dionisio Gamallo. É autor de *A herdade que nós temos. Historia e escolma da prosa en galego do Eo-Navia* e do caderno *Tópicos sobre a lingua galega*. Colaborou no volume colectivo *55 mentiras sobre a lingua galega*, editado polo colectivo ProLingua, e publicou varios artigos en revistas en papel e en espazos dixitais. No seu blog *El toupo que fuza* pódense atopar numerosas entradas relacionadas coa lingua e a literatura do occidente de Asturias.

Rita Bugallo González




(Manselle, Dodro, 1976), Estudou Filoloxía Galega e posteriormente realizou un Máster en Edición. Despois de traballar para os servizos de normalización lingüística da Universidade de Vigo e do Concello de Mos, involucrouse en varios proxectos relacionados coa lingua galega e o mundo editorial.

Servizo de Publicacións

---

Universidade de Vigo



# Literatura Galegoasturiana

*Poesía, Prosa, Teatro*

## **Edición**

Universidade de Vigo  
Servizo de Publicacións  
Rúa de Leonardo da Vinci, s/n  
36310 Vigo

## **Deseño gráfico**

Tania Sueiro  
Área de Imaxe  
Vicerreitoría de Comunicacións e Relacións Institucionais

## **Maquetación e impresión**

Tórculo Comunicación Gráfica, S. A.

## **Imaxe da portada**

Adobe stock

## **ISBN (Libro impreso)**

978-84-8158-969-6

## **Depósito legal**

VG 469-2023

© Servizo de Publicacións da Universidade de Vigo, 2023

© Xoán Babarro González, Suso Fernández Acevedo e  
Rita Bugallo González

Sen o permiso escrito do Servizo de Publicacións da Universidade de Vigo, queda prohibida a reprodución ou a transmisión total e parcial deste libro a través de ningún procedemento electrónico ou mecánico, incluídos a fotocopia, a gravación magnética ou calquera almacenamento de información e sistema de recuperación.

Ao ser esta editorial membro da **une**, garántense a difusión e a comercialización das súas publicacións no ámbito nacional e internacional.

Servizo de Publicacións

Universidade de Vigo

Este volume publícase co financiamento da



**XUNTA  
DE GALICIA**



# Literatura Galegoasturiana

*Poesía, Prosa, Teatro*

Autores


Xoán Babarro González  
Suso Fernández Acevedo  
Rita Bugallo González





# 01

Introdución	13
Évos un amaicer guapo. Aproximación á poesía en lingua galega do Principado de Asturias	17
Idade Media	19
Fernán do Lago	21
Idade Moderna	22
Vilancicos	24
Textos tradicionais	26
O Rexurdimento	37
O bestio de Preciso	41
El nacemento de Boal	42
Ramón García González	46
Conrado Villar Loza "Pepe de Mingo"	51
José Fernández García "Pepe de Muestras"	56
Armando Cotarelo Valledor	60
Antolín Santos Mediante Ferraría	63
Federico Magadán Vidal	67
Álvaro Aenlle Rodríguez	72
Pedro G. Arias	74
César Montaña Álvarez de Ron	76
José Celestino Fernández García "Pepe de Pinilla"	84
José Antonio Pérez	87
A xeración de 1936	89
Amador Fernández Mejetas	92
Ovidio Martínez Álvarez "Ovidio de Queipo"	97
Francisco Fidalgo Villaveirán	105
Os anos da Ditadura	110
Ignacio Pérez González "Ignacio de Catalina"	112
Daniel Vargas Vidal	116
Benjamín López González	119
Fermín Sánchez García	124
Ana Vior Díaz	126



Os nosos tempos	131
Cándido Sanjurjo Fernández	136
Manuel García Sánchez "Galano"	141
Adelina Fernández López	144
Ángel Arias Fernández	146
Alejandro Antúñez Vázquez	148
Adela Conde Valledor	150
Ana M. <sup>a</sup> Rodríguez Fernández "Rebollada"	151
Aurora García Rivas	152
Alfredo C. Álvarez de Ponticella	154
M. <sup>a</sup> Teresa López García	155
Alberto Calvín Corredoira	158
César López Méndez	162
Babel de Cal Cadete	169
Xesús Trashorras Nogueira	174
Begoña Martín Acero	178
Crisanto Veiguela Martins	180
María Eugenia Castro Ferrer	182
Belén Rico Prieto	184
Quique de Roxíos	189
Pepe Suárez Jardón	193
Fredo de Carbexe	195
María Concepción Álvarez Lebrede	196
Ugía Pedreira	201
Irma García Fernández	204
Eva Rico Ventoso	207
Ana Vega	208
Lucía Iglesias Gómez	211
Victoria Veiguela Pellitero	213
Eva Moreda Rodríguez	216
Raquel López Murias	219
Moisés Cima Fernández	224
Héctor Acebo Bello	228
Mónica Pérez Llenderroz	230
Marta Ledo Jardón	232
Miguel Rodríguez Monteavaro	235
Pablo Trabadelo Vilabrille	241
Outras autoras e outros autores	243

# 02

## A herdade que nós temos. Historia e escolma da prosa en galego do Eo-Navia

247

9

Idade Media	248
Prosa medieval no Eo-Navia	248
Referencias a Asturias na prosa medieval galega	252
Idade Moderna	253
O Rexurdimento e o tempo das Irmandades	259
Bernardo Acevedo y Huelves	262
Marcelino Fernández y Fernández	263
Victoriano García de Paredes	264
Franco Vior y Prieto	265
María Ramona Penzol	266
Ramón García González	268
Eustaquio Lago Galán	269
Hermínio García Allande	271
Armando Cotarelo Valledor	272
Antolín Santos Mediante Ferraría	275
Conrado Villar Loza	278
Fermín Fernández Penzol-Labandera, Fermín Penzol	279
Alejandro Sela, El Tío Pepe	280
Ramón Martínez	282
A guerra civil e a Ditadura	284
Daniel Vargas Vidal	284
Luis Junceda García	285
Francisco Fidalgo Villaveirán	287
Dámaso Alonso	289
O período democrático	290
Jacinto Díaz López	296
Cándido Sanjurjo Fernández	297
Manuel García-Galano	299
Adela Conde Valledor	302
Adelina Fernández López	303
Alejandro Antúñez Vázquez	304

Jesús Álvarez Valdés	306
Susina Pérez Sánchez	307
Benigno Fernández Braña	308
Xosé Máximo Fernández López	309
Aurora García Rivas	313
José Luis Díaz Álvarez	314
Alberto Calvin Corredoira	316
Santiago Somoza Pardo	317
Rafael Cascudo Noceda	319
César López Méndez	320
Ana María Rodríguez Fernández "Rebollada"	322
Pablo Quintana López	323
Xesús Trashorras Nogueira	328
Begoña Martín Acero	330
Xosé Rico Martínez	334
Belén Rico Prieto	336
Crisanto Veiguela Martíns	337
Xosé Carlos Álvarez Blanco	339
Paloma García Méndez	340
Quique de Roxíos	343
Carlos Xesús Varela Aenlle	345
Fredo de Carbexe	348
Concepción Álvarez Lebrede	350
Martín de Villar	352
Cristóbal Ruitiña Testa	358
Lucía Iglesias Gómez	360
Viqui Veiguela	363
Ángel Prieto Souto	365
Eva Moreda Rodríguez	368
Moisés Cima Fernández	370
Héctor Acebo	375
Inés Fernández Fernández "Inés de Lavandera"	376
Pablo Trabadelo	378
Helena Frías Viana	382
Outros nomes. Outros sitios	384
Remate	386

# 03


## Literatura dramática e teatro en galego do Eo-Navia 389

11

O teatro eonaviego desde finais do século XIX ata a guerra civil	389
O teatro aldeano	391
Conrado Villar Loza	392
Armando Cotarelo Valledor	396
Francisco F. Arias Campoamor	401
Outros focos culturais	405
A Ditadura	405
Os anos da democracia	406
Manuel García Sánchez "Galano"	407
José María Bedia Bedia	415
Tomás Niembro González	419
Jesús Álvarez Valdés	426
Irma García Fernández	439
Pablo Trabadelo Vilabril	441
Inés Fernández Fernández "Inés de Lavandera"	443
Carlos Alba Cellero	450

# 04

## Bibliografía 453





# Introdución

A presente obra reúne os tres volumes que inauguraron hai máis dunha década a colección Òlga, *Évos un amaicer guapo. Aproximación á poesía en lingua galega do Principado de Asturias* (2007) de Xoán Babarro González, *A herdade que nós temos. Historia e escolma da prosa en galego do Eo-Navia* (2008) de Suso Fernández Acevedo e *Literatura dramática e teatro en galego do Eo-Navia* (2009) de Rita Bugallo González, títulos que se foron acrecentando e mellorando nas sucesivas edicións. Agora, perante a necesidade dunha reimpresión e de ir actualizando os respectivos contidos, os responsables de edición da Universidade de Vigo optan por ofrecer os tres libros nun único volume, pero respectando a autonomía de cada unha das tres partes. Por esta razón, quen faga uso deste libro debe ter presente que a información sobre algúns autores aparece desglosada, segundo o xénero literario cultivado, e, ao mesmo tempo, ha de saber que certos datos poderían figurar repetidos.

Hoxe en día abundan as obras que abordan o fenómeno literario no ámbito local ou comarcal. Véxanse, a modo de exemplo, *Escritores mindonienses* (1998) de Armando Requeixo, *Diccionario de escritores de Deza* (2009) de Gracia Santorum ou *Diccionario de escritores e escritoras da Costa da Morte* (2010) de Xosé María Rei Lema. Un dos obxectivos que adoitan ter este tipo de obras é o de difundir a cultura local e dar a coñecer os autores e as autoras, sobre todo, na súa área de procedencia, aspecto que tamén nosoutros tivemos en conta cando iniciamos as devanditas antoloxías. Pero, ao mesmo tempo, moveunos un interese especial por facer visible a literatura galega asturiana no resto do Principado e tamén en Galicia, coa que tantos lazos culturais e lingüísticos manteñen as terras asturianas situadas ao occidente do porto del Palo. Do mesmo xeito, tamén quixemos amecer o noso gran de area para colaborar na normalización lingüística e cultural dos dezaoitto concellos, calquera que sexa a variedade ou variedades dialectais faladas nos seus dominios.

Desde Galicia, a literatura galega de Asturias, así como a que se fai naquelas outras comarcas fronteirizas de León e Zamora —considérense como mostra significativa os

*Ensayos poéticos en dialecto berciano* (1861) de Antonio Fernández Morales—, adoita verse como unha dimensión máis da literatura galega. Abonda con lembrar as tantas veces recordadas bases dos *Xogos Froraes* de Tui de 1891, que establecían que se aceptaban traballos en berciano e no “dialeuto” do país asturiano comprendido entre o Eo e o Navia. Non podemos coñecer ao cento por cento o grao de aceptación deste concurso e doutros posteriores por parte dos escritores destas comarcas limítrofes con Galicia, salvo naqueles casos en que a obra destacada acabase sendo a súa.

En relación co occidente do Principado queremos lembrar, como mostras de tres momentos ben diferentes, o galardón “á mellor poesía en galego”, por “A un moíño desfeito”, conseguido polo taramundés Antolín S. Mediante en 1925 na Festa da Poesía organizada pola Asociación de Prensa no Círculo de las Artes de Lugo; o Premio Vila de Sarria de Poesía de 1997, outorgado a Xaviel Vilareyo por *Os novos poemas*; ou o boalés Quique de Roxíos, gañador en 2018 do XVII premio de poesía da Irmandade de Centros Galegos de Euskadi co poemario *Personaxe desconocido*. Mediante escribindo con trazos interdialectais e Vilareyo e Roxíos reproducindo os fenómenos lingüísticos que caracterizan os concellos asturianos do Baixo Navia.

O galego, durante tanto tempo idioma minorizado, conta cunha rica literatura, que axudou a ir evolucionando no seu sistema escrito, sistema que non acaba culminando nun estándar ata despois de 1980, unha vez que se aproba o Estatuto de Autonomía, que declara o galego idioma oficial na nacionalidade histórica de Galicia. Fronte ás diferentes fases que podemos establecer, ao longo dos séculos XIX e XX, nese camiño para conseguir un sistema unificado supradialectal observando a traxectoria en escritores como Rosalía de Castro, Curros Enríquez, Ramón Cabanillas, Otero Pedrayo, Álvaro Cunqueiro ou Celso Emilio Ferreiro, achamos en todas as épocas autores que amosan unha forte pegada dunha variedade dialectal determinada. Pensemos en Eduardo Pondal usando o sistema bergantiñán (*nuite, correduira, perdío, aparecío* [por *-eu*], *fono, despozano* [por *-ron*]), en Xosé María López o da Terra de Miranda (*muíto, escuitar, tíu, fíu, ríu, eo, millor, ruiñas* ‘ruíns’, *pro* ‘pero’, *Manuelín, Tomasín, leo* ‘leu’, *tábache boa, deixais, vereis, dices, verdá, fulgueira, mallega, unde, quizaves...*) ou en Laureano Prieto escribindo en “vianés” (*cua la, cua súa, mutas, trutas, escúta-se, Entrudio, derivaciois, esceciois, uis, algüis, tein, dispoin, cuásique, dispoixas...*).

Pola súa parte, no occidente do Principado, malia ser unha área marxinal, desde un primeiro momento tamén contamos cos dous modelos anteriores, sen que en ningún caso supuxese daquela un enfrontamento ou afianzamento do local ou comarcal fronte ao global galego, como adoita ocorrer actualmente por parte de quen pretende xebrar a literatura galego-asturiana do resto da galega. Pensamos que, antes do establecemento do estado das autonomías, no plano lingüístico non se sentía a necesidade de resaltar diferenzas xeográfico-políticas nin se consideraba necesario, pois tan abandonada estaba oficialmente a lingua do país na Pontenova coma en Taramundi.



Partíndomos desta situación, constatamos que, da banda asturiana, unha grande parte de autores rexistran na escrita o sistema do lugar onde viven. Así, Ramón García escribe na fala de Castropol, Conrado Villar na de Tapia –salvo cando ocasionalmente lembra o seu concello natal, en cuxo caso utiliza o sistema lingüístico taramundés–, José Fernández “Pepe Muestras” na de Navia etc. Estes diferentes sistemas escritos xustificáanse pola temática local e por teren os propios veciños como únicos destinatarios dos textos. Fronte a este grupo, existen outros escritores que, sen renunciaren ás voces familiares, botan man tamén de vocábulos máis xerais. Así, Mediante Ferraría unhas veces mantén a forma local (*amecer, barruzar, parzamique, dódemo, xuio* ‘xuño’, *xoncer...*) e outras compaxina estas coas maioritarias galegas (*malla e mallega, dedo e dido, cadela e cuza, engalar e volar ou voar, esterco e cuito, eido e eiro, paxaro e páxaro, moíño e moín, teñen e tein, viñeron e véron, hoxe e hoi...*). Algo parecido fai o boalés Ovidio Martínez, que usa formas como *equivoquein, falache, escoyida, muitas, visiois...* e mantén dualismos como *condo e cando, úa e unha, -ías (cabrías) e -iñas (anduriñas)*; así como o seu compañeiro de xeración Fidalgo Villaveirán, que utiliza na peza dramática variantes comarcais (*tolluras, oílllo, fer, tía, mía, nun é, delante, el corpo...*) e maioritarias (*facer, galiña, miña, non volvo, diante, o domingo...*). Unha actitude diferente é a de Armando Cotarelo Valledor, que ofrece unha visión máis global da lingua literaria ao utilizar voces de toda Galicia, pero sen esquecer a súa nativa Veiga de Ribadeo asturiana, da que continúa mantendo formas como *metéronla, deixoulo, vendiche, encolliche, caieu, caieo, sías, tar, muito, asina, però* etc. Mais ese posible achegamento do galego comarcal asturiano ao galego literario común que empezaba a albiscarse na época de preguerra e na inmediata posguerra difumínase coa chegada da Ditadura; ben por pasaren os autores a escribir unicamente en castelán, ben por se acomodaren ao coloquialismo ultralocalista dos programas de festas.

Actualmente resulta bastante frecuente encontrármolos con publicacións que só contemplan como literatura galego-asturiana aquela que está redactada en calquera das variedades dialectais do Principado e, como consecuencia, ignoran as obras e as autoras e autores asturianos que intentaron ou intentan un achegamento ao patrimonio lingüístico común transfronteirizo. Pensamos que esta actitude rompe totalmente coa tradición culta do occidente de Asturias. Se revisamos a prensa de preguerra, decátamonos da normalidade con que se promovían actividades culturais en galego (recitais, representacións teatrais...) á dereita do Eo.

Ao mesmo tempo, vemos como o propio idioma tiña tanta presenza en artigos e colaboracións nos xornais asturianos da zona coma nas cabeceiras galegas de ámbito local. Por outra banda, textos de autores coma Cabanillas, Rosalía, Curros, Alberto Camino, Otero Pedrayo e outros aparecen reproducidos en publicacións do Eo-Navia a carón de autores locais, sen que se considerase necesario ningún tipo de contextualización. Esta vinculación cultural do occidente asturiano con Galicia encon-

trámola nas propias manifestacións dos naturais destas comarcas. Non son unha excepción as declaracións d'*El aldeano* de Castropol (15/06/1933): "En Geografía, folklore, idioma, etc., etc. poco o nada nos diferenciamos de Galicia los asturianos occidentales". E é que, malia os diferencialismos de cadaquén e as evidentes variacións (/ variacións / variacións) lingüísticas, desde El Palo ata Fisterra sentímonos internamente falando na mesma lingua.

Téndomos en conta todo o anterior e, asemade, sabéndonos que estamos nunha época ben diferente, diremos que nestas nosas antoloxías caben todos os autores, independentemente da ortografía e do material lingüístico que empreguen na súa obra creativa. Isto é, tomándonos como exemplo dous autores nados en Taramundi, tan escritor galego-asturiano foi Mediante Ferraría (que tivo como referente a literatura galega da época) coma Villar Loza (que renunciou ao taramundés natal para escribir en tapiego) e os dous merecen ser coñecidos polas novas xeracións do Principado e de Galicia.

E, se nos situamos na literatura actual, teñan ou non teñan como referencia o galego común literario, encontrámonos con autoras e autores que escriben coas normas da Academia de la Llingua Asturiana, con quen o fai coas da Real Academia Galega, con quen segue normativas lusistas ou con quen adapta as da Real Academia Española para transcribir a súa expresión familiar. En todo caso, ningunha destas vestimentas gráficas son motivo para non considerarmos a súa galegoasturianidade. Son máis os elementos que nos unen que os que nos separan, un aspecto importante para ter en conta á hora de mantermos a cohesión necesaria para defender unha lingua cunha chea de elementos en contra para a súa normalización e a súa existencia.

Finalmente queremos amosar o noso agradecemento ás autoras e aos autores, pola súa colaboración e mais por nos confiaren as súas creacións. E tamén aos responsables de edición da Universidade de Vigo, nomeadamente ao uvieín de avó grandalés e nai da Fonsagrada, Jorge Luís Bueno Alonso, director do Servizo de Publicacións, por faceren pública a nosa obra e divulgaren a literatura de lingua galega e administración asturiana. E unha gratitude especial a Xosé-Henrique Costas, continuo defensor das falas galegas do Principado, de Castela-León e de Estremadura, polo apoio ás nosas iniciativas.

Xoán Babarro González

Suso Fernández Acevedo

Rita Bugallo González

## Capítulo 01

# Évos un amaicer guapo. Aproximación á poesía en lingua galega do Principado de Asturias

17

A lingua falada nas terras situadas ao occidente do porto del Palo rexistrou ao longo dos tempos unha poesía que tivo a miúdo como soporte a prensa comarcal, os programas das festas e tamén as edicións en follas soltas e copias manuscritas. Estes factores actuaron de condicionantes á hora de termos unha visión global do fenómeno literario e incluso contribuíron a fomentar o localismo dialectal fronte a un patrón lingüístico común.

Esta aproximación ten como obxectivo dar a coñecer os escritos poéticos desta área xeográfica situados dentro dun eixe cronolóxico que abrangue desde o nacemento do romance escrito ata os nosos días. Para a súa clasificación consideramos seis espazos temporais diferentes:

**Idade Media.** Comprende os séculos XIII, XIV e XV, é dicir, a época das cantigas de trovadores e xogres.

**Idade Moderna.** Correspóndense cos séculos XVI, XVII XVIII e parte do XIX, un período con escaso cultivo literario.

**Rexurdimento.** Prodúcese durante a segunda metade do século XIX con obras de autores como Rosalía de Castro, Valentín Lamas Carvajal, Manuel Curros Enríquez, Eduardo Pondal etc., en Galicia, ou Antonio Fernández Morales no Bierzo. No occidente asturiano os froitos do Rexurdimento afloran nas primeiras décadas do século XX, cando en Galicia se empeza a notar o labor das Irmandades da Fala.

**Xeración de 1936.** Encadramos aquí un grupo de autores que contaban pouco máis de vinte anos cando se inicia o conflito armado e que manifestan un cambio na estética dos poemas, por mor da pegada exercida na súa obra polo Modernismo e a poesía das vangardas.

**Os anos da Ditadura.** Supoñen unha ruptura na evolución do agromar literario dos anos vinte. Ao lado de poetas das anteriores xeracións, encontramos autores illados desvinculados, polo xeral, da tradición de preguerra.

18 **Os nosos tempos.** Coa chegada da democracia e o estado das autonomías cambia sensiblemente o status legal dos idiomas de España e a situación cultural. Fronte a épocas anteriores, agora o libro pasa a ser protagonista como soporte literario e tamén aparecen revistas. Ao mesmo tempo, comeza a observarse un desfacemento entre o occidente de Asturias e Galicia no referente á normalización do idioma, debido a que o Estatuto de Asturias non concede rango de oficialidade ás súas linguas autóctonas.



A Idade Media, o Rexurdimento e os nosos tempos corresponden a tres momentos vizosos da literatura galega de Asturias

En relación cos poemas escolmados, debemos dicir que respectamos o léxico e as variantes dialectais empregadas por cada autor. A cantiga medieval reproducímla de acordo coa grafía que adoita utilizarse para os textos galego-portugueses da época. En cambio, nas composicións dos apartados 2, 3, 4 e 5 permitímonos introducir algunhas modificacións de carácter ortográfico, que, en xeral, son as que se veñen adoptando en Galicia para a presentación de obras de autores do XIX e principios do XX. Redúcense aos seguintes aspectos:

- Acomodar o emprego do apóstrofo aos usos escritos actuais: *entr'elas* > *entre elas*, *mall'era* > *malla era*, *cart'aberta* > *carta aberta*; *c'os* > *cos*, *n'a* > *na*, *n'outra* > *noutra*; *no hei* > *no'hei* etc.
- Actualizar a acentuación. En relación con este punto, mantemos o acento nas aféreses *tá* (<está), *tás* (<estás) e *tán* (<están) e introducimos un diacrítico nas formas *vémos* "viñemos", *véron* "viñeron" e *vése* "viñese".

- Empregar os grafemas <b>, <v> e <h> de acordo coas regras vixentes da RAG en formas como *avolo, esvelto; aí, asta, irmao; ai ho!* etc.
- Empregar <i> en lugar de <y> en formas como *sey, foy, tray, vay, hay, hoy, estudiey, sayas, you, y, na y-alma* etc.

Fronte á norma anterior, mantemos <y>, ademais de nos castelanismos (*ayer, playeras, yema, mayo, cuya* etc.), nos diferencialismos ieístas, tanto en formas do tipo *conceyo, coyer, encoyido, ye, tayaduca, vey* etc., como en *yevarlos, eya, aqueya* etc. (neste caso menos abundantes pola presión da ortografía castelá), que intentan reflectir na escrita variantes orais. Tomándonos como referencia a oposición do galego común *esfollar/esfolar*, observamos no occidente do Principado, segundo a área dialectal e o falante, diferentes sistemas fonético-fonolóxicos:

---

esfollar=esfollar	esfoyar=esfoyar	esfoyar/esfollar	esfoyar/esfolar	esfollar/esfolar
-------------------	-----------------	------------------	-----------------	------------------

---

Todas estas variantes, unido á falta dunha tradición escrita sólida, deron orixe á pluralidade gráfica que aínda persiste actualmente. Ante esta situación, para darnos unha visión da realidade actual, optamos por reproducir os poemas encadrados no apartado “Os nosos tempos” tal e como figuran no orixinal de cada autor.

Somos conscientes das lagoas que puideren acharse nesta “aproximación”, mais esperamos que, a medida que se vaian dando a coñecer as edicións particulares e os inéditos dos autores vivos, reeditando facsímiles dos diferentes xornais e poñendo á disposición dos investigadores coleccións privadas, vaia mudando a nosa visión, e esta limitada nómina de creadoras e creadores, que ten como obxectivo ofrecer unha mostra da poesía que vén florecendo entre o Navia e o Eo, constituía tan só un limiar.

Por último, queremos manifestar que esta pequena contribución á historia literaria do Principado foi posible grazas á creatividade dos autores e autoras, aos datos que nos facilitaron os familiares dos falecidos, aos que nos leron o borrador da obra e a tantos amigos e amigas que nos descubriron poetas, proporcionaron fotos, material literario, enderezos, teléfonos e outras informacións. Para todas elas e eles, o noso agradecemento e o desexo de que este guapo amaicer nos faga sentir a todos máis próximos.

## 1.1 Idade Media

Ao longo do século XIII, nas terras do Eo-Navia, o latín, que viña utilizándose na escrita, empeza a ceder terreo ao galego, lingua autóctona orixinada a partir da evolución do latín vulgar falado nestas comarcas, tal como podemos comprobar a través da documentación de mosteiros coma o de Santa María de Vilanova de Ozcos.

Desta época son as primeiras manifestacións literarias escolmadas nos cancioneiros: as cantigas trobadorescas. Entre os xéneros frecuentados por trobadores e xogres ocupan un lugar singular as cantigas de amigo, para as que Tavani (1980: 17)

considera como base histórica os séculos XI e XII no ámbito do “regno galego-asturiano-leonese”.

20 Mais, aínda que na poesía galega medieval encontremos referencias ao occidente asturiano, coma a da cantiga de escarnio que o leonés Fernán Soárez de Quiñones dirixe a Lopo Anaia, na que se mencionan Os Ozcos, de onde este último era natural<sup>1</sup>, pode sorprendernos que os estudosos da nosa literatura medieval non descubran nomes de xograres ou trovadores de clara procedencia asturiana<sup>2</sup>; porque mesmo a Fernán do Lago lle asignan unicamente orixe galega ou portuguesa, sen repararen en que a parroquia allandesa de Lago, lugar obrigado de paso no Camiño de Santiago con hospital de peregrinos, conta con evidentes puntos a favor para ser considerada como berce do xogar. A súa cantiga de romaría aparece no *Cancioneiro da Vaticana* e no *Cancioneiro da Biblioteca Nacional de Lisboa*.



Huos monges non auian que comer et rogaron Santa María que os acorresse. Os monges acharon outro día os orrios cheos de muy bõo trigo... *Cantigas de Santa María* de Afonso x

Os datos que nos achega a súa cantiga de amigo son as únicas referencias biográficas deste xogar do século XIII. A actual igrexa dedicada en Lago (Allande) a Santa María data do XVIII, pero sabemos que foi construída sobre outra anterior. Poida que quen lembre máis a época dos trovadores a través do Camiño Norte sexa o teixo centenario que se ergue á súa beira.

1 Cf. Lapa 1970: 228-229.

2 Para testemuños de trovadores en relación coa literatura asturiana, cf. Viejo Fernández 1996.

## Fernán do Lago



Santa María do Lago (Allande)

D'ir a Santa María do Lago<sup>3</sup>ei gran sabor<sup>3</sup>  
e pero non irei alá, se ant'i non for<sup>4</sup>,  
irmã<sup>5</sup>, o meu amigo<sup>6</sup>.

D'ir a Santa María do Lago<sup>3</sup>émi gran ben,  
e pero non irei alá, se ant'i non vén,  
irmã, o meu amigo.

Gran sabor avería eno meu corazón<sup>7</sup>  
d'ir a Santa María, se i achass'entón,  
irmã, o meu amigo.

Ja jurei<sup>8</sup> noutro día, quando m'ende partí,  
que non foss'a l'ermida, se ante non foss'i,  
irmã, o meu amigo<sup>9</sup>.

---

3 Teño gran desexo, gran pracer.

4 Se antes alí non for.

5 Forma medieval que dá orixe á *irmá* actual.

6 Namorado, noivo.

7 Forma medieval que dá orixe á moderna *corazón*.

8 Xa xurei. Recordemos que <j>, na lingua medieval, lese sonoro, coma en portugués ou en francés.

9 Velaquí unha versión libre desta cantiga que nos podería aproximar ao que nos di a moza que fala: “De ir a Santa María do Lago sinto gran pracer, / pero non irei alá se antes alí non aparecer, / irmá, o meu amigo. // Ir a Santa María do Lago é para min gran ben / pero non irei alá se antes alí non vén, / irmá, o meu amigo. // Moi gran pracer tería no meu corazón / de ir a Santa María, se alí achase entón, / irmá,

## 1.2 Idade moderna

22 Durante a Idade Moderna non só son escasos os textos literarios en galego senón que tamén asistimos á imposición do castelán en todo tipo de documentación. De aí que nos refiramos habitualmente a esta época como Séculos Escuros.

En relación coa literatura de autor, no occidente do Principado apenas dispoñemos de datos. O licenciado Eugenio de Salazar, cando dá conta da viaxe que realiza a Tormaleo<sup>10</sup>, nas terras de Ibias, a mediados do século XVI, ademais de observar que as mulleres se chaman “Marucas, Xuanucas, Treixas, Freicas, Aldaras, Blasquidas, Gonçalvas y Alvarucas” recolle un testemuño da literatura popular cantada:

Deita palla al boi,  
Gonçalvo,  
deita palla al boi.  
Treixa Ferrández,  
fiandeira honrada,  
puxa, cada fío,  
úa pucherada.

Os castellanismos deste pequeno texto son propios de persoas foráneas, alleas ao sistema lingüístico, como ocorre tamén con aqueles autores casteláns dos séculos XVII e XVIII que escriben vilancicos dialogados nos que aparecen personaxes que representan paisanos de Galicia e Asturias, nos que son frecuentes as confusións entre formas galegas e asturianas:



Antonio Raimundo Ibáñez, marqués de Sargadelos, destacado industrial do século XVIII (Gravado de José Cuevas)

---

o meu amigo. // Xa xurei o outro día, cando de alí partín, / que non iría á ermida, se antes non estivese alí, / irmá, o meu amigo”.

<sup>10</sup> *Carta al licenciado Agustín Guedeja, entonces Relator del Consejo y de la Cámara de Su Majestad y agora su Fiscal en la Real Audiencia de Galicia...* (cf. González Ollé 1977).



[...]  
 -Eu vengo de Cangas  
 y un vinadeiro tentome la manga.  
 -¿Quei le hiciste? -Ladrón vinardeiro,  
 la miña manga no leva dineiro.  
 -Ya los galegos que van a la sega  
 tudus en tropa, Duminga aquí legan.  
 -Pus ballaremos; que dices? -Palabra  
 eu ballaré, mi Duminga, si ballas.  
 -Vengo de Cangas e voy para Oviedo<sup>11</sup>,  
 rapela ao diablo la branca que levo<sup>12</sup>.  
 [...]  
 -¡A Domingote! -¿Que quereis, Dego?  
 -¿Non visteis a Dona Fermosa de o Neno,  
 como le apaña chegándole ao peito?  
 -Ela, ¡pardibre!, máis bella es que o Ceo,  
 pero non paga, me dicen, ni ao demo.  
 -¿Que face allí aquel Santo Viello,  
 con la súa vara en la maon sospenso?  
 -Chámanle todos Pai do meo Neno,  
 mais eu cuito aínda que es Fillo de Deus.  
 Coro.-¡Ai que folgança! ¡Ai que contentu!  
 Zumbe i retumbe a gaitiña, galegos!<sup>13</sup>  
 [...]

Polo que toca á literatura popular, o galego continuou mantendo a súa presenza nos xéneros de transmisión oral, estreitamente relacionados cos ciclos que marcan as festas e os labores agrarios. A este respecto, cómpre termos presente que moitas pezas recompiladas durante os séculos XIX e XX existen xa desde a Idade Moderna.

---

11 Recordemos que a forma propia do galego é *Ovedo*, aínda viva no topónimo melidao Camiño de Ovedo. É posible que esta forma se coñecese ata época moi recente na fala popular, a vulgar pola cursiva que “Pepe de Mingo” utiliza na sección “Piropos tapiegos” do número 290 do *Castropol* (do 20 de abril de 1913): “Mé escribió un amigo que tengo en *Ovedo* y me dice que puede librarse del servicio militar mediante 500 pesetas”.

12 Cf. Pensado 1985: 294-300.

13 Cf. Ricón 1977: 467.

### Vilancicos

O costume de cantar e escenificar vilancicos imposto durante a Idade Moderna foi fraguando tradición en moitas catedrais da Península. En Mondoñedo mantívose ata o século XX. Deste importante núcleo cultural non estiveron alleas as xentes do occidente asturiano, a vulgar pola procedencia xeográfica dos profesores e dos seminaristas mindonienses.



A "Reisada" de Ibias (Foto da revista *A Freita*, n.º 7)

1

Eu te adoro e te venero,  
Verbo do Padre Divino,  
entre os brazos da máis pura  
Virxen, madre de Dios Fillo.

Xuro a tal que eu ben quixera  
divertirte, meo<sup>14</sup> Neniño;  
pero como estou na muda<sup>15</sup>  
cantan na gorxa os pitiños<sup>16</sup>.

Aínda así por alegrarte  
canto con traballo e brinco  
de contento, porque vexo  
o esperado en tantos siglos<sup>17</sup>.

---

14 Formas como *meo* e *eo* están actualmente presentes no Eo-Navia, onde alternan con *eu* e *meu*.

15 O solista refírese a que lle está a mudar a voz.

16 Sáenlle galos ao cantar.

17 Musicado por Ángel Custodio Santavaya e estreado en Mondoñedo en 1800 (cf. Villanueva, 1994: 245).

2

Este Neno que tembrando  
 entre unhas pallas está,  
 que ten por berzo<sup>18</sup> un pesebre,  
 por rexio pazo un portal,  
 é o esperado das xentes,  
 o prometido de Abrahan,  
 e agoirado dos profetas,  
 o novo, o endiosado Isá.

Os bois e vacas na corte  
 muxen cando as doce dan;  
 brecan<sup>19</sup> de folgo os cabritos,  
 os cais<sup>20</sup> póñense a ladrar;  
 cucurucú canta o galo;  
 as polas, cacaracá;  
 quiquiriquí fan os polos  
 e os años bababaaa...

Non ben escuitan as campas<sup>21</sup>  
 alegres repinicar,  
 veñen xentes do contorno  
 ao Neno Dios saludar,  
 e nesta Babel ruidosa  
 todos se queren folgar  
 de que viñese o Mesías  
 á humanidade salvar.

Hoxe n' é noite de durma,  
 que é noite de Navidá,  
 noite de oír ao Roxiño  
 e seu compinche trinar  
 unha festiva muiñeira  
 de instrumentos ó compás,  
 entre eles a fruta dulce  
 que o tío Xavier vai chifrar<sup>22</sup>.

---

18 Berce.

19 Berran.

20 As falas galegas do bloque oriental caracterízanse polos plurais *cais*, *calzois*, *luis*, *corazois* etc., en lugar das normativas *cans*, *calzóns*, *luns*, *corazóns*.

21 Campás.

22 Texto, de arredor de 1831, do ribadense Xacinto Romualdo López, musicado anos máis tarde polo mestre de capela José Pacheco (cf. Álvarez Blázquez 1959: 185-186). Moitas coplas dos vilancicos ían pasando de autor en autor. Este mesmo tema encontrámolo en Pascual Saavedra (cf. Villares 2007: 82-85).

### Textos tradicionais

26 Ata tempos moi recentes, romances, couseliñas (cousilías, adivías, adiviñas), refráns, esconxuros, oracións, xogos rimados, cántigas e outros xéneros populares eran transmitidos oralmente de xeración en xeración, de aí que non sexa fácil datar a súa orixe. Do que si temos constancia é de que, fronte á decadencia da literatura culta durante a Idade Moderna, as creacións populares mantivéronse vizosas ata a segunda metade do século XX.

1

¡Chove, neva,  
fai carambela!  
¡Probe da veyá  
que tá na fornella<sup>23</sup>  
con sete neníos<sup>24</sup>  
i media mantella!

(Recollido por Acevedo 1984: 16).

2

Na casa del rico que fai mala vida,  
a puntada llarga i acabar axina.  
Na casa del probe que dá del que ten,  
puntada pequena i apretalla<sup>25</sup> ben.

(Escolmado por Fernández y Fernández 1984: 120).

3

Chinguiligrín matou a muyer,  
Féxola<sup>26</sup> en cachos, llevoula a vender.  
Todos pensaban que era toucín  
i era a muyer de Chinguiligrín.

(En Acevedo e Fernández 1932, s. v. toucín).

23 Fornela, por extensión, lareira ou cociña. Tamén pode referirse ao cubículo aberto na parede utilizado como dormitorio. Lémbrese que nos concellos do baixo Navia as palabras que no latín rexistraban L- inicial ou -LL- intervocálico deron como resultado un son consonántico palatal. De aí formas como *llameira*, *llonxe*, *llúa*, *mantella*, *tollo* etc.

24 Na maior parte dos concellos galegofalantes do Principado, igual que no lucense de Negueira de Muñiz, mantéñense as terminacións -íos ~ -ius e -ía(s) en lugar de -iños e -iña(s); de aí formas como *neníos*, *rapacíos*, *madría*, *merendia*, no canto de *neniños*, *rapaciños*, *madriña*, *merendiña*, estas propias da área Abres-Taramundi e de puntos dos Ozcós e Ibias. Para o masculino singular utilízase -ín, igual que nas comarcas orientais de Lugo (*pequenín*, *padrín*, *toucín* etc.).

25 Lembremos que na área de palatalización de -LL- se rexistran os pronomes átonos -llo(s) e -lla(s).

26 Parte das falas do Eo-Navia manteñen os pronomes átonos *lo(s)* e *la(s)* como únicas formas, sen variantes alomórficas. No perfecto de *facen*, igual que pasa en portugués (*fiz/fez*), podemos encontrar unha alternancia vocálica entre a primeira persoa e a terceira (*fixen/sexo, ficen/fezo*).

4

Dios te bendiga,  
 lúa nova,  
 que nun me trabe  
 can nin colobra<sup>27</sup>  
 nin que me veña  
 mal de fóra.

(Conxuro recollido por García García 2006: 231).

5

Padrenuestro pequenín,  
 fun al cielo e volvín,  
 encontrei a meu padrín  
 comendo pan e toucín;  
 pedinlle un bocadín  
 e deume con un trabecín,  
 pedinlle un bocadón  
 e deume cun trabizón...  
 Fun por un carreiro torto,  
 encontrei un carneiro morto,  
 quiteille as carambelas<sup>28</sup>  
 púxenme a tocar con elas;  
 oíronme os de Lugo,  
 chamáronme verdugo;  
 oíronme os ladrois,  
 quitáronme os calzois;  
 oíume mía madría  
 e deume a merendía.

(Recollido en Piantón, A Veiga. Cf. Babarro 2003, vol. II: 73).

---

27 Na maior parte das falas de entre o Eo e o Navia mantense o -L- intervocálico latino, de aí que sexan propias desta área xeográfica formas como *colobra*, *mola*, *celo*, *(a)voló*, *calente* etc. (en galego común, *cobra*, *ceo*, *avó*, *quente* etc.).

28 Caramelas, cornos.

6

Un morto levan nos brazos  
con tornillos e barazos  
dando berros e allaridos;  
cuando se queixan os mortos,  
que farán os vivos!

(Couseliña, referida ao acordeón, escolmada por López Valledor 1999: 101).

7

Santa Bárbara bendita,  
que nel Celo tás escrita  
con papel i augua bendita,  
guarda pan, guarda vino,  
guarda a xente del<sup>29</sup> peligro.  
Guarda aos que tán na fonte,  
trembando de medo á morte,  
guarda aos que tán nel mar,  
non yes deixes naufragar.

(Oración recollida por Labandera Campoamor 1970: 475).

8

Argueirín, argueirín,  
corre pal cabo del oyín  
como el<sup>30</sup> agua nun pocín,  
que aí vén Santa María  
con a súa ma<sup>31</sup>o lavadía  
i dixo que xa mo sacaría.

(En *Gran Enciclopedia Asturiana*, s. v. argueiro).

9

Santo Cristo da Atalaia,  
dános o ventiño en popa,  
que somos os das Figueiras,  
traemos a vela rota.

(En *Gran Enciclopedia Asturiana*, s. v. San Román).

---

29 Teñamos en conta que en Asturias, ademais do artigo masculino *o*, utilízase tamén *el*.

30 No galego de Asturias, ao lado da forma *a*, aparece o artigo *el* con substantivos femininos que comezan por vogal, especialmente se esta é tónica

31 Forma característica das falas galegas centrais e orientais (fronte á normativa *man*)

10

Detrás daquel coto  
hai un boi xoto;  
nun hai home nacido nin por nacer  
que na corte lo poda meter.

(Adiviñanza, alusiva ao sol, recollida por Fernández López e Pérez Sánchez 2000: 72).

11

San Antonio bendito,  
dáme un home,  
mas que me mate,  
mas que me esfolle<sup>32</sup>.

(Escolmado por López García 2001b: 95).

12

Pico, pico, mazarico,  
¿quen che deu tamaño pico?  
-Deumo Dios i o meu traballo  
pra picar naquel carballo,  
e piquei e repiquei  
i un grau de millo encontrei  
e leveino ó molín,  
i os moliños mole mole  
i os ratiños come come,  
e collín un polo rabo  
e leveino pró mercado  
“¡A ver canto dan señores  
por este porco cebado...!”

(Recollido por Cándido Sanjurjo no folleto, sen data, *Apousos que deixa o tempo. Nas veigas do Eo en Abres, do ano 1924 pr'acó*, edición do autor).

---

<sup>32</sup> Este texto tradicional é a base dun poema de *Cantares gallegos* de Rosalía de Castro: “Meu santo San Antonio, / daime un homiño, / anque o tamaño teña / dun gran de millo. / Daimo, meu santo, / anque os pés teña coxos, / mancos os brazos. // Unha muller sin home... / ¡santo bendito! / é corpiño sin alma, / festa sin trigo, / pau viradoiro / que onde queira que vaia / troncho que troncho”.

13

Xuan fai el formento,  
Xuan amasa el pan,  
non hai outro nel mundo  
máis bueno que Xuan<sup>33</sup>.

30

(Recollido por Labandera Campoamor 1970: 71).

14

Veite<sup>34</sup> serzo<sup>35</sup> sercelín  
de penedo en penedín,  
de carballo en carballín,  
pá cabana del Vallín,  
que allí tá el diablo  
con a súa muller barbuda  
y la perra rubia.  
Si te pilla costa abaxo  
párteche un brazo,  
si te pilla costa arriba  
quítache a vida,  
si te pilla nun penedín  
párteche el dido monín,  
si te pilla nun carballón  
párteche el dido grandón.  
Veite serzo sercelín  
de penedo en penedín  
de carballo en carballín  
pá cabana del Vallín.

(Recollido en Sarceda, Boal. Cf. Babarro 2003, vol. II: 88).

15

Parroquia de Taramunde,  
por todo el mundo nombrada,  
fueron cantar el guinaldo  
como todo dios lo canta;  
fue Teresa del Santiago,  
viuda por su disgracia;

---

33 Tamén Rosalía desenvolveu este motivo popular, no poema “Xan” de *Follas novas*: “Xan vai coller leña ó monte, / Xan vai a compoñer cestos, / Xan vai a poda-las viñas, / Xan vai a aña-lo esterco, / e leva o fol ó muíño, / e trai o estrume ó cortello, / e vai á fonte por augua, / e vai á misa cos nenos, / e fai o leito i o caldo... / Xan, en fin, é un Xan compreto”.

34 Na fala de Boal, o mesmo que nas da Mariña, é bastante habitual a harmonización fonética do ditongo *ai* en *ei*.

35 Cerzo, néboa, brétema.



Furafolles dos Couces  
 era el que tocaba a gaita.  
 Serafina morenita,  
 Serafina resalada,  
 que engañou ós guinaldeiros  
 con úa morcía de auga.  
 Póxose encima da porta,  
 encima moi recoldada<sup>36</sup>,  
 escuitar aos guinaldeiros  
 i por ver como cantaban,  
 ben se sabe que naceu  
 máis abaxo da Forcada.  
 Baxaron por Ponticiella<sup>37</sup>  
 todos juntos de armanada,  
 pasaron por Mesullana  
 treinta llobos dúa barcada,  
 deixáronlle a Ceferino  
 treinta pesetas en prata;  
 pasaron por Capareiro,  
 foron jumar a Llaviada  
 i na venta de Penouta  
 allí tomaron a parva.  
 Perguntaron á venteira  
 quien lles daría pousada.  
 -Non sei si llela darán,  
 que son de mui<sup>38</sup> mala raza.  
 Cascáronlle úa paliza,  
 deixáronla desangrada [...],  
 Fóronse por alí alante,  
 al pueblo de Brañavara;  
 preguntaron al monteiro  
 se había carne de carnada.  
 No monte da Garabuza  
 non quedara fiera brava.  
 Era tan grande a morcilla,  
 que chegaba á Silvallana  
 i si la estiran un pouco,  
 al puente de Cornellana.

(Romance recollido en Boal. Cf. Schubarth e Santamarina 1988: 49).

---

36 Apoiada cos coldos ou cóbados.

37 Ponticella.

38 A forma *mui(to)* encontrámola no galego occidental e no oriental.

16

32 Puxen siete vanadores  
 a vanar<sup>39</sup> trigo pa min;  
 vanaron siete fanegas,  
 siete e mais el zalamín<sup>40</sup>;  
 fun a ver a meu compadre,  
 meu compadre e meu vecín  
 que me prestase a iegua,  
 a iegua e mais el rocín,  
 a iegua no estaba en casa,  
 rocín vai por el camín.  
 Volvinme pá miña casa  
 e remedieime entre min,  
 collín a mía cabra coxa  
 presa por un cordelín,  
 púxelle as siete fanegas,  
 siete e mais el zalamín;  
 costa arriba i costa abaxo,  
 inda me llevaba a min.  
 Eso del amanecer  
 fomos chegando al molín  
 i a condenada muiñeira  
 quixo fer<sup>41</sup> burla de min  
 e poxo un cántaro al llume  
 pa darme el almorzo a min.  
 Echou sete libras de unto  
 i outras tantas de toucín,  
 echoume tanta manteiga  
 coma as molas del molín.  
 I a taza era a muxega<sup>42</sup>  
 i a culler el moxeguín<sup>43</sup>  
 i ese gran señor me valga,  
 válgame San Bernaldín.

(Romance recollido en Boal. Cf. Schubarth e Santamarina 1988: 63).

---

39 Limpar co cribo.

40 Celemín, medida de capacidade. Neste caso, sería a paga ou propina dos traballadores.

41 A forma *fer* alterna nalgúns puntos con *faer* fronte a *facer*, *fader* e *faguer* doutras zonas.

42 Parte do muíño, en forma de caixa, onde se bota o gran que se vai moer.

43 Táboa que se coloca no fondo da moxega para controlar a existencia de gran. O moxeguín relaciónase por medio dunha baraza e unha roldana co aferidoiro, o dispositivo que goberna o paso da auga. Cando o gran se acaba, o moxeguín levántase ao ser vencido polo peso do aferidoiro, este pecha a entrada de auga e o muíño detense. Tamén se coñece como paradoira.

17

Cuando a cigüeña vai pró mar,  
 pilla os bois e vai arar,  
 e cuando vai hacia Meira,  
 pon o caldeiro á goteira.

(En *Gran Enciclopedia Asturiana*, s. v. Taramundi).

18

Bixato, bixato,  
 ¿que levas nel papo?  
 Leite mazado.  
 ¿Quen cho mazou?  
 María de Merou.  
 Pasou por el río  
 cúa manta cuberta  
 i non la moyou.

(Escolmado por Pérez de Castro 1963).

19

¿Deron morcillas aquí a Vidal?  
 Non.  
 Pos adelante con el varal<sup>44</sup>.

(Dialoxismo recompilado por Pérez de Castro 1963).

20

Arcas caídas,  
 espinilla e paletillas,  
 volvédevos a voso lugar  
 como se volven as olas del mar.

(Ensalmo reproducido na *Gran Enciclopedia Asturiana*, s. v. Grandas de Salime).

21

Nel valle del Vallín  
 tres afatan<sup>45</sup> un rocín;  
 un afata i outro ten  
 i outro mira si vai ben.

(Dito recompilado por Díaz López 1993: 17).

---

44 Pérez de Castro, baseado na información de Claudio Penzol Vijande, pon a orixe deste dito popular nun suceso ocorrido en Castropol, que coincide exactamente co famoso conto de Vidal, escrito en oitavas, que Rosalía desenvolve en Cantares gallegos: «Aló no currunchiño máis hermoso / que a luz do sol na terra alumeara, / veiga frorida e prado deleitoso / que aos campiños do Edén se acomparara; / aló onde o Sar soberbo e caudaloso / parece que se dorme ou que se para / (tan maino corre antre a robreda escura), / alí naceu Vidal o sin ventura».

45 Aparellan

34

22

Érguete, niebla,  
pita cega,  
de este valle  
i de esta terra,  
que aí vén Samartín  
con el sou<sup>46</sup> caballín,  
que te ha de matar,  
que te ha de afogar,  
que che ha de meter  
a cabeza na mar<sup>47</sup>.

(Conxuro contra a néboa recollido por Álvarez Rico 1957).

23

Elas eran tres comadres  
dun barrio todas tres;  
amañaron a merenda  
para ir ó San Andrés<sup>48</sup>.  
Unha trouxo trinta ovos,  
para cada unha dez;  
outra trouxo unha empanada  
con tres codas<sup>49</sup> ó revés.  
Outra trouxo unha marrana  
con seis semanas i un mes...  
Acabada a romería...,  
na taberna me aguardés.  
Dixo unha:  
-¡Ponnos viño!  
-Comadre ¿canto hei poñer?  
-Poña osté canado e medio  
para nun ter que volver.  
Alá pola media noite  
todas falaban francés<sup>50</sup>.

---

46 Na área astur-negueiresa, igual que nos Ancares leoneses e no occidente da Coruña, mantéñense as formas etimolóxicas *meu(s)*, *tou(s)* e *sou(s)*.

47 Obsérvase a semellanza entre o texto popular e esta composición de *Do Ermo* de Antonio Noriega Varela: “¡Levántate, nebra, / do bico da serra! / Aí vén San Martiño / no seu cabaliño, / que te ha de levar, / que te ha de pousar / na tona do mar”.

48 Romaría do Santo Andre de Teixido, na comarca coruñesa de Ortegal.

49 Codias, codelas, codechas, corroscos.

50 Todas estaban borrachas.

Unha, di mirando o xarro:  
 Mira que neno sin pés...!  
 Outra di mirando a luna:  
 ¡Mira que bolo alí tes...!  
 Adormecidas ca inchente,  
 tópaas<sup>51</sup> o home da Inés;  
 pau a unha, pau a outra,  
 iba o demo en todas tres.  
 Ó cabo de "tara" meses<sup>52</sup>,  
 "tarará" todas as tres.  
 Din que foi o San Alberte,  
 din que do Champirulé...  
 ¡Condóminum *peregildem*...  
 as herbas do San Andrés!<sup>53</sup>

(Recollido por Cándido Sanjurjo en *Apousos que deixa o tempo. Nas veigas do Eo en Abres, do ano 1924 pr'acó*).

24  
 Mía<sup>54</sup> mai tuvo dez fiyos  
 i todos eran dun home;  
 deuyes a maturrangada,  
 nun<sup>55</sup> quedaron sinón nove.  
 A velá mexei,  
 a ve nemorai,  
 turulubulu vai,  
 turulubulu vei,  
 quen te namorou,  
 meu ben<sup>56</sup>.  
 Dos nove que ye quedaron,  
 todos comían bizcocho;  
 deuyes a maturrangada,  
 non quedaron sinón ocho.

---

51 Atópaas, encóntraas.

52 As tres estaban embarazadas.

53 Herbas empenadeiras ou herbas de namorar, que os romeiros, sobre todo a xente moza, collían na beiramar próxima ao santuario para levar como amuleto coa finalidade de conseguir parella.

54 En Asturias, ademais de *miña*, utilízasea forma posesiva *mía*.

55 O texto está reproducido coas variantes *nun e non*.

56 Schubarth, D. e A. Santamarina (1983: 60), dannos conta da música con que se cantaba unha versión na Veiga de Logares, A Fonsagrada: "Miña mai tiña dez fillas / e todas eran dun home; / déulle-la maturrangada, / non lle quedan senón nove. / Bule-bule vai, / bule-bule vén / i avila avilai / i avila avilei, / xa me namoraba, / xa me namorei, / quen ten amores apréciaos ben".

A velá mexei...

Dos oito que ye quedaron,  
todos comían molete;  
deuyes a maturrangada,  
non quedaron sinón sete.

A velá mexei...

Dos sete que ye quedaron,  
todos eran de Abrés,  
deuyes a maturrangada,  
non quedaron sinón seis.

A velá mexei...

Dos seis que ye quedaron,  
todos andaban a brincos;  
deuyes a maturrangada,  
nun quedaron sinón cinco.

A velá mexei...

Dos cinco que ye quedaron,  
todos comían pan branco;  
deuyes a maturrangada,  
non quedaron sinón cuatro.

A velá mexei...

Dos cuatro que ye quedaron,  
todos eran de Barrés;  
deuyes a maturrangada,  
non quedaron sinón tres.

A velá mexei...

I dos tres que ye quedaron,  
todos eran de Lerroux;  
deuyes a maturrangada,  
non quedaron sinón dous.

A velá mexei...

I dos dous que ye quedaron,  
todos eran de Irún;  
deuyes a maturrangada,  
i non quedou sinón un,  
que son eo.

(Recollido en Lois, Castropol, por Pérez de Castro 1955: 135).

25  
 la pigureira<sup>57</sup> do Val de Piñeira,  
 tu vaite, tu vente tu díllelo así,  
 que siete ladrones me tienen aquí  
 con siete cadenas al rodor de mi,  
 i a vaca marela  
 táche na tixela  
 i a vaca bragada<sup>58</sup>  
 táche na salgada<sup>59</sup>  
 i a vaca piñeira<sup>60</sup>  
 táche na toucieira<sup>61</sup>;  
 tu vaite, tu vente tu díllelo así,  
 que siete ladrones me tienen aquí.

(Recollido en Bres, Taramundi. Cf. Schubarth e Santamarina).

### 1.3 Rexurdimento

A pesar de que o Rexurdimento da literatura galega se desenvolve durante a segunda metade do século XIX, de que nos Xogos Florais de Tui de 1891 se acepten especificamente traballos no “dialecto do país asturiano comprendido entre o Eo e o Navia” e de que por esta bisbarra se difundise a literatura decimonónica<sup>62</sup>, salvando testemuños ocasionais, o rexurdir literario non acaba manifestándose plenamente nos creadores da terra Navia-Eo ata as primeiras décadas do XX, na obra dun grupo de autores nados arredor de 1870 e 1880.

Teñen transcendencia a nivel comarcal a publicación da composición “A Veiga de Ribadeo<sup>63</sup>” de Antolín S. Mediante, reproducida en prensa varias veces en 1913 (data

---

57 Pegureira, pastora.

58 Co pelo da parte baixa da barriga de diferente cor ao resto do corpo.

59 No salgadoiro, a salgar.

60 Que ten os cornos cara arriba.

61 Touciñeira.

62 Non debemos esquecer, ademais, que en xaneiro de 1881, meses despois da aparición de *Follas novas* de Rosalía de Castro, autora “tan conocida y amada por estas terras” segundo o dicir de Vargas Vidal (2003: 105), empeza a publicarse o semanario *Las Riberas del Eo*, “defensor de los intereses morales y materiales de la zona oriental de Galicia y occidental de Asturias”, verdadeiro expoñente do rexurdir cultural desta área xeográfica. Unha transcendencia máis popular do Rexurdimento podemos observala a través dos calendarios lucenses *Almanaque de Galicia* e *O Gaitero de Lugo*, que se distribuían por Galicia, Asturias, León e Zamora.

63 Nesta época, para a vila do Suarón, aínda se utiliza oficialmente, castelanizado, o topónimo “Vega de Ribadeo”. No número 106 d’*El Agricultor* (Riotorto, marzo de 1916) recollíase así a noticia do cambio de nome: “Por R. O. se ha cambiado el nombre del Ayuntamiento de esta industriosa villa. Llamárase ahora “Vegadeo”, desapareciendo por consiguiente “Ribadeo” de la primitiva nomenclatura oficial de origen”.

que coincide, para a área Ozcos-Grandas-Ibias, coa edición na Fonsagrada do quincenal *O Tío Pepe*), a aparición en 1920 do libro de poemas *Amarguras d'un viaxe* de Ramón García González e a publicación en 1922 do "pasillo en dialecto tapiego en un acto y en prosa" *Un feixe de tapiegas* de Conrado Villar Loza.



Fragmento dunha poesía de Antolín S. Mediante na lingua coloquial da Veiga

E contemplando xa todo o ámbito galegofalante, un suceso singular resultou o premio que en 1925 se lle concede en Lugo, durante as festas do San Froilán, a Mediante polo poema "A un moíño desfeito», que tamén é editado varias veces nese ano. Este poeta, un dos máis significativos da poesía galega de Asturias da primeira metade do XX, mantén na prensa comarcal colaboracións literarias sistemáticas desde 1912 ata 1943.



QUEIXAS DUN VELLO MALLADOR

(L' TRÁ. Américo Somo Meléndez Espinosa)  
Música: Loli Gutiérrez Calvete

The musical score consists of ten staves. The first staff is the vocal line, and the subsequent staves are the piano accompaniment. The music is in a 2/4 time signature and features a variety of ornaments and dynamics. The lyrics are written below the vocal line.

Música de Loli Gutiérrez Calvete para "Queixas dun vello mallador" de Mediante (fragmento)

Os mencionados tres autores son os que Carballo Calero (1975: 514) clasifica como "epígonos" do Rexurdimento no grupo de "Poetas da dereita do Eo", partindo, sen dúbida, da selección que Arias (1970) realizara na súa antoloxía<sup>64</sup>.

Non podemos pasar por alto que na década de 1920 se estrean en Santiago de Compostela as pezas dramáticas do veigués Armando Cotarelo Valledor, de quen é necesario que nos refiramos ao seu *Cancioeiro da agulla* como mostra da poesía tradicional. No primeiro terzo do XX chegan tamén ao occidente asturiano diferentes obras teatrais de autores galegos<sup>65</sup> e certos poemas musicados popularizáronse tanto por Galicia como polas terras eonaviegas<sup>66</sup>.

No campo da literatura oral convén termos presentes, así mesmo, os textos recollidos por Acevedo e Fernández (1932) no seu *Vocabulario del bable de occidente*, obra

64 Dentro deste rexurdimento comarcal non debemos esquecer os *Contos de polavila* de José María López, natural da parroquia de Vilaboa (do antigo concello de Vilaoudriz), daquela aínda parte do arceprelado de Taramundi, publicado en 1928.

65 Sanjurjo Fernández (1996: 158) lembra unha serie de obras representadas no Pósito Marítimo-Terrestre de Abres, algunhas dadas a coñecer tamén na vila da Veiga, que corresponden a autores galegos do XIX e do XX: Francisco M.<sup>a</sup> de la Iglesia, Xavier Prado "Lameiro", Uxío Charlón Arias e Manuel Sánchez Hermida, Heliodoro Fernández Gastañaduy...

66 É ben significativo, por exemplo, que na década de 1930 se cante nas escolas de Boal, durante os recreos, o tema de Curros Enríquez "Canta, sapo canta; ti y'eu semos dous..." (cf. Fernández López e Pérez Sánchez 2000: 177).

que vén considerándose como o primeiro dicionario específico das falas espalladas entre o concello de Valdés e o Eo. Marcelino Fernández e Bernardo Acevedo, este tamén autor dun soneto, xa adiantaran a finais do XIX pezas populares nas súas respectivas obras *El Franco y su concejo* e *Boal y su concejo*.

LLEVANDO EN NOITE SOSEGADA  
 FENDENDO EL AIRE DORMIDO  
 SONA EL ALEGRE ESCOUQUIDO  
 CONQUE FINA UNHA TANADA,  
 SE PO LA PEÑA A GOBIADA  
 EL ALMA JA DEL QUE ESCUTA,  
 NON SINTE POUCA NIN MUITA  
 A ALEGRÍA DEL CANTAR,  
 E COAS GANAS DE CHORAR  
 QUIZABE A SOLAS LUITA...  
 QUE SON A ALEGRÍA Y A PEÑA  
 NETA MISERABLE VIDA.  
 CUADAŀ UNHA AL OUTRA UNIDA  
 CUAL ESNAŀ DE CADENA,  
 E YA TRITA, YA SERENA,  
 YA EL ALMA N'UNA A DAR  
 TÁN EL OUTRA QUE SOMAR  
 CON UN AMARGO REMIDO,  
 OU C'U EL ALEGRE ESCOUQUIDO  
 CONQUE SE FINA EN CANTAR.  
  
 FEDERICO MAGADAN

Décimas de Federico Magadán copiadas por César Montaña Álvarez de Ron

Aos escritores mencionados é necesario amecermos, entre outros, os nomes de José Fernández García "Pepe de Muestras", Federico Magadán Vidal e Alvaro Aenlle Rodríguez. Con eles agrupamos tamén a César Montaña Álvarez de Ron e José Celestino Fernández García "Pepe de Pinilla", que, a pesar de seren máis novos e faleceren despois do ditador, xa eran coñecidos como poetas en lingua vernácula a comezos da década de 1940.



Detalle do tríptico editado polo Centro Dramático Galego para a representación da traxedia de Cotarelo Valledor en 1996

### O bestio de Preciso

A obra, sen título e maioritariamente en castelán, coñecida popularmente por “O bestio de Preciso”, “O bestio de Ramón” ou “Testamento del bestio de Preciso”, con partes en prosa e partes en verso, xunta o xénero do sermón e o do testamento, característicos do Entroido<sup>67</sup>. Divídese en tres partes: Anacreóntica (introducida por dous pareados, *Morretis burris Precisum, /resucitavitur paradisum*, e “Sermón de la Montaña, capítulo quinto. / Explica que a Preciso le gusta lo tinto”), Testamento (onde está incluído o fragmento en galego que reproducimos) e Epitafio.

O testamento dátase “en la parroquia de San Salvador de San Tirso de Abres, término municipal del mismo nombre, a veintisiete días del mes de Febrero de mil ochocientos ochenta y dos”, o que nos fai supoñer que unha das representacións coincide verdadeiramente coa data indicada. A obra remata cun *Es copia* e asina Mohamed-ben-Abdallah-ben-Alí-Amed-el Mohaferi<sup>68</sup>.

67 Da zona de Abres temos testemuños orais doutros posibles testamentos (cf. Sanjurjo 1996: 98): “E veu a Balega, / como era güeveira: / -;Eu quero o buchelo / pra unha faltriqueira!”. N’*O Bestio de Preciso*, o reparto desta parte do animal realízase así: “A Manuel del Tarabelo / darle mi cabeza toda; / darle también el buchelo / para el día de la boda”.

68 Tomamos o texto dunha versión manuscrita conservada entre a documentación persoal de Álvaro Aenlle, que nos facilita Jesús Ferreiro. Coñecemos outra copia mecanografada de Cándido Sanjurjo, que presenta escasas variantes en relación coa anterior.


Arrieiro de Belcebú,  
feu, mouru e mal nacido,  
¿mandei o bestio con tu  
pra traermo así ferido?

¡Di, condenado a la morte!<sup>69</sup>  
¿Pensas que continuamente  
che estou de esti mesmo porte  
que nun conozo a la xente?

Heite<sup>70</sup> romper o bautismo  
a couces e mordiscois  
e pra escarmento, eu mesmo  
heite salar sin calzois.

Non xa, Roquito, Blasete,  
non xa, Precisico meu,  
eso de darmas no c.  
quíteseche do copete,  
que a un home como eu  
nun llas pegas nunca tu.

Si o bestio está rebentau  
tu mesmo a culpa tuvechi,  
pos tíñaslo sempre esfamau,  
que [a] cebada<sup>71</sup> non lli dechi.



### El nacemento de Boal

Esta enxebre peza boalesa de carácter parateatral forma parte da tradición local relacionada co Nadal, data na que se recitaba dentro da igrexa durante unha velada organizada ao respecto, de aí que algunhas persoas lembren de memoria determinados fragmentos. Era un acto que todos os veciños agardaban e acostumaban ensaialo nenos e nenas que acudían ao catecismo<sup>72</sup>. A autoría do texto é atribuída a Francisco Fernández Novo “el Nenón”, falecido, con setenta anos, na Barreira de Boal en outubro de 1922<sup>73</sup>. Mais non resultaría estraño que tras desta peciña, tan do gusto

69 No orixinal, con interrogacións (¿?)

70 Forma teísta en lugar de *heiche*.

71 No orixinal *c'a cebada*.

72 Susina Pérez, que é a que nos proporciona os datos e recitou os versos de nena, lembra neste labor as catequistas Loli de Lala e Conchita da Paca. Á espera de podermos completar o estudo para aproximarnos o máis posible ao ano de redacción, diremos que en 1925 foi recitada por Emilio Fernández López.

73 “El Nenón”, carpinteiro de profesión, con nove fillos de dous matrimonios, foi autor de composicións humorísticas de carácter irónico e satírico relacionadas con situacións e personaxes da vila.

do costumismo decimonónico, que enlaza coa vizosa literatura que sobre o tema se desenvolveu ao longo dos Séculos Escuros, se encontre tamén a man dalgún entusiasta párroco. Cando menos, o recitado ou representación no interior da igrexa, en particular para a primeira edición, presupón o asentimento da autoridade eclesiástica parroquial e incluso que a idea inicial proveña desa mesma figura<sup>74</sup>.

### El nacimiento de Dios<sup>75</sup>

Era úa noite de xelada  
taba eu tras dos tizois  
enxugando os meus calzois  
que asta as pernas tía moyadas<sup>76</sup>.  
Garabuyo fía el cigarro  
i mía madre calcetaba,  
meu padre taba coyendo  
capellas<sup>77</sup> pa dar al gado<sup>78</sup>.  
Sonou un golpe na porta,  
salín eu a ver quen taba,  
abro el portello i encóntrome  
con Pericón da Baxada.  
Búas noites, tío Mingón.  
¿El<sup>79</sup> é Pericón quen chama?  
Si, home, é.  
- Pos que pase<sup>80</sup>.  
¿Como che vei Pericón?  
¡Madeus<sup>81</sup>..., mal! Con a xelada,  
teño un cadril casi roto  
i as canellas desgraciadas.  
Xa cho creo -dixo meu padre-



74 O ano en que recita Emilio exercía de párroco Francisco G. Fuertes e antes de 1925 lémbrese a D. Francisco “el Curón”.

75 Restauramos a puntuación e actualizamos a ortografía dun mecanografado que me fan chegar Adeli- na Fernández e Susina Pérez. Unha vez abandonado o costume, elas as dúas intentaron anos máis tarde recuperar a representación.

76 O emprego desta redondilla inicial contrasta coa rima romanceada que segue.

77 Feixes ou móllos de palloza seca de millo (maís, maiz, meiz).

78 *Al gado* rompe a rima nos pares. Seguramente nunha primeira versión, *ás vacas*. De feito, na recons- trución manuscrita que me enviaron Adelina e Susina antes de encontraren o texto a máquina, de acordo coa versión que tiñan memorizada, estes dous versos resolvéense así: “Meu padre fora prá corte / daryes a payoza ás vacas”

79 Obsérvase o emprego de *el* como reforzo interrogativo.

80 Este verso, que rompe o esquema do romance, ou é un engadido posterior ou precisaría, para harmo- nizar a rima, completarse con outro(s) verso(s) non transcritos.

81 Por Deus...

tamén el frío che me mata;  
 el reumatismo i el frato  
 teinme rendido na cama.  
 Casi nun podó ir á misa  
 nin dar un perrín as ánimas;  
 eu nun sei como será  
 pa entregar a nosa alma.  
 Haye a ser ben<sup>82</sup>, tío Mingón.  
 ¡Quen tuvera nas súas barbas!  
 Sentareime i cenarei.  
 ¡Oh, que búas tan as castañas!  
 Aballaba Pericón  
 sin parar as súas queixadas.  
 Casi comeu úa medida<sup>83</sup>,  
 bebeo dúas concas de caldo  
 i de lleite úa cazolada;  
 pasou a mau por a boca  
 i dixo<sup>84</sup>:  
 ¡Vaia todo pollas<sup>85</sup> ánimas!  
 Xa que acabamos a cena  
 -dixen eu con muita calma-  
 ¿quen de ustedes cuenta algo  
 pa irnos despós á cama?  
 Mirou pa min Pericón,  
 Pericón el da Baxada:  
 Eí vei un cuento -me dixo-  
 eí vei a historia; has guardalla:

\*\*\*

---

82 Halle de ser ben, halle de ir ben.

83 Medida. De non se tratar dun trazo fonético particular, é posible que o mecanógrafo interpretase como <a> un <e> manuscrito (máis adiante tamén *matéronse*). Vovemos encontrar alterado o romance. Entre este verso e o seguinte quizais falte parte do texto primitivo (*casi comeu úa medida de*).

84 Con seguridade, este “i dixo”, que rompe o ritmo, non existiría na primeira versión (véxase o estilo que aparece máis abaixo noutros casos similares).

85 Forma corrixida sobre “por as”, que xa se usou anteriormente.

Fairá hoi us dous mil anos  
 (a mía memoria é mui flaca)  
 a empadronarse corrían  
 a Belén xente de traza.  
 Tamén iba San José  
 i a Virgen, súa esposa casta,  
 a cumprir con el precepto  
 que un rei terreno mandaba.  
 “¡Que frío fai! -decía tío Pepe-<sup>86</sup>  
 ¡Conto me dolen as patas!”  
 “Pouco falta -dixo a Virgen-;  
 de Belén xa vexo casas”.  
 Acercouse a úa porta  
 que dun palacio pintaba,  
 chamaron dando dous golpes;  
 nin un alma contestaba.  
 Asomouse a un corredor  
 un señor das pernas llargas:  
 “¿Que buscan a estas horas?”  
 -dixo con mui mala cara-.  
 “Buscaba casa cuberta”.  
 “Ídevos; nun dou pousada  
 Ídevos aunque morrades  
 de fame i frío na internada;  
 casa cuberta nun dou  
 aos probes que nun la pagan”.  
 Fóronse<sup>87</sup> camín del monte;  
 os dous de frío tiritaban  
 i dando gracias a Dios  
 matéronse<sup>88</sup> núa cabaña.  
 Nel reló deron as doce,  
 San José el llume atizaba,  
 entonces parío a Virgen  
 a Dios entre úas payas.  
 ¡Como trembaba de frío  
 Jesucristo na cabaña!

---

86 Nos cantos de Nadal é moi habitual adoptar un trato familiar con Xosé e con María. Recordemos aquela panxoliña que di: “Se queres saber o nome/dos pais do pequeniño...:/ súa nai señora Maruxa/ e o seu pai, señor Pepiño”.

87 No orixinal *fórense*. Tamén cabe que se transcriba con esta forma un primitivo *fóranse*.

88 *Metéronse*.

46

¡Ben deitou<sup>89</sup> del boi i a mula  
 que un pouco lo calentaban!  
 Jesusín foi adorado  
 dos pastores na cabaña.  
 De Belén..., nun quixo a naide;  
 jera xente sin entrañas!  
 Tampouco ha querer nel cielo  
 a xente de malas mañas  
 que aos probes que yelo piden  
 mándalos sin dar pousada.

\*\*\*

Mirou pa min Pericón,  
 Pericón el da Baxada:  
 -Eí teís el cuento -me dixo,  
 eí teís a historia; has guardalla.  
 ¡Búas noites, tío Mingón!  
 -Adiós, Pericón del alma.  
 -Tardei muito. ¡Como ha tar...  
 a mía Carmela enfadada!<sup>90</sup>

### Ramón García González

Ramón Ignacio García González (Castropol, 1870-1938), licenciado en Filosofía e Letras, exerceu durante algún tempo a docencia, antes de colocarse na súa vila natal como inspector de arbitrios e participar na fundación da Biblioteca Popular Circulante<sup>91</sup>. Legounos abundantes colaboracións na prensa, a miúdo baixo pseudónimos, entre os que Suárez Fernández (2006b: 44) apunta “Ormán” e “Farruco”<sup>92</sup>.


89 Deitou ben de, grazas a.

90 A présa do final é un tópico neste tipo de diálogos. Así remata, por exemplo, “O caso do nacemento (Parrafeo de dous rapaces)” de Xosentoño do Pallarín (recollido en 1993 nos números 3 e 4 da revista *A Freita*): “I-ahora, se m-o premites / eu teño que te deixar; / non hai hoxe quen me libre / d-un repaso d-o gabán”.

91 Cf. Suárez Fernández 1999: 60-62.

92 “Ormán” fórmalo alterando a posición das vogais do seu propio nome e “Farruco” posiblemente teña a orixe no hipocorístico da súa avoa paterna, Francisca.





Noticia dunha obra do irmán de Ramón no xornal *Castropol* (30-1-1915)

Cultivou con graza a sátira política, como na composición titulada “Un orador novo”<sup>93</sup>:

[...]

Dicen que imita a calandria,  
 que del pardillo ten deixos,  
 que pía como os pinzois  
 i que silva como os merlos.  
 Non me choca; el é da aldea  
 i ben puido aprender eso.  
 Lo que si parez non ten  
 é gracia nin trazas delo,  
 i condo quer faguer chistes,  
 quédaye a sal nel gargueiro.  
 Neso parécese al corvo,  
 i é cousa que non comprendo,  
 porque, al menos al andar,  
 non deixa de ter salero.

*Farruco*

En 1920 García González reúne en *Amarguras d'un viaxe* (libro que dedica a Vicente Loriente Cancio, quen pouco tempo despois ía ser impulsor da citada Biblioteca Popular) unha serie de poemas que recrean a separación entre dous namorados, Carlota e Ignacio, mariñeiro el, e o seu reencontro:

---

93 Publicada o 10 de xullo de 1912 no número 262 do xornal *Castropol*.

48

Carlota, a nena del Souto,  
 era unha moza garrida,  
 unha moza doutros tempos,  
 non das que agora se estilan,  
 esas nenas esfamiadas,  
 peleyo, trapo y puntillas.  
 Aquela... ¡había que verla!  
 recia, guapa, fresca, viva,  
 dunhos colores sanotes,  
 que, madeus, vos daba envidia.  
 [...]

Foi Ignacio el escoyido,  
 de facha recia i esvelta,  
 tan gentil coma<sup>94</sup> os señores  
 en cumplidos de etiqueta.  
 Nunca coyera el arado,  
 nin sabía que era "esteva"<sup>95</sup>,  
 nin alindara unha vaca,  
 nin fora al monte por leña,  
 mais sabía repartirla  
 i era el gallo nas peleas.  
 [...]

i lo que aus<sup>96</sup> montes fuxía  
 tiraba del a ribeira,  
 i el mar fíxolo piloto  
 i era un marino de veras.  
 [...]

A combinación de hendecasílabos e heptasílabos nalgún poema desta obra pode lembrarnos a certa Rosalía de *Follas novas*:

[...]  
 Que dulzura sentía, i cual el alma,  
 como os nenos en brazos dunha madre,  
 se deixaba mecer i se dormía  
 en bienestar tan grande!  
 Os oyo entornados, hacia dentro

---

94 No orixinal, *com'os*.

95 Parte do arado por onde se agarra para traballar, rabela, rabiza.

96 Aos

a vista recoyida, como salen  
 os páxaros del níu lougo que empluman,  
 del níu del corazón, alegres batan  
 os sueños el sou vuelo.  
 Del alma son as aves,  
 que la adornan cantando, y buliceiras,  
 sin que el pico yes canse.  
 [...]

*Amarguras d'un viaxe* remata coa composición "De volta":

¡Feliz amanecer! Al outro día  
 de Carlota pedir al cielo alivio,  
 sobre el pálido azul del firmamento  
 pasaba a aurora el sou pincel divino,  
 tiñindo el éter i as graciosas nubes  
 de suave rosa i del naciente brillo;  
 sereno el mar, da costa al horizonte  
 tendía as aguas, de un azul purísimo;  
 as brisas esparcían por a playa  
 el olor agradable dos mariscos,  
 i os botes alejábanse del puerto,  
 isada<sup>97</sup> a vela, sin temor, tranquilos.  
 En medio deste marco primoroso,  
 as lonas soltas, os seus<sup>98</sup> senos chíos  
 por soplo bonancible, majestuosa,  
 rasgando el agua con donaire i brío,  
 acercábase al puerto unha fragata  
 desiando ancliar nel apacible abrigo.  
 Al pouco taba dentro, i al instante  
 bulía por el puerto el regocijo.  
 ¿Quen era el capitán? El bravo Ignacio;  
 chegaba fiel al sou primer cariño.

---

97 Forma conservadora, desde o punto de vista fonético, en lugar de *izada*. O léxico do mar, e o mesmo tema da obra, son elementos moi vinculados ás vivencias do poeta, debido a que o seu pai, Nicolás García Monteabaro, tiña por oficio o de mariñeiro.

98 Uso esporádico desta forma analóxica, fronte ao *sou(s)* do resto da obra.

NA PRIMAVERA<sup>99</sup>

Chui chooorrrlichichí chui chui. Tal nas<sup>100</sup> ramas  
 que a esponxarse comenzan con as foyas,  
 con gorgorius del tembloroso papo  
 os páxaros se alegran i<sup>101</sup> alborozan.  
 Eu párome a escuitarlos, gozo el mundo  
 condo<sup>102</sup> dun árbol nel piquín se pousan  
 i siguen barbayando os sous cantares,  
 precioso chorro de graciosas notas.

¿Que yes dá tal contento? Pois veredes:  
 Aló nos altos picos, xa se borran  
 as neves del inverno, os frutales  
 compoinse<sup>103</sup> con a flor, tamén asoman  
 na yema que se entreabre, plegadías,  
 bordeadas de piquius, as tiernas foyas,  
 el herba crece, xa se olen os perfumes,  
 corren del río as buliceiras ondas,  
 el sol calenta i recubriendo os surcos,  
 que rompeu del arado rexa<sup>104</sup> corva,  
 van fieros os trigales, prometendo  
 encher el forno de avultadas tortas.

Como vedes, a escape xa se acercan  
 os tempos en que a vida se renova;  
 i si é todo alegría por el mundo  
 i el cielo sobre el campo apenas chora,  
 el paxarín, qui é<sup>105</sup> música, ¿queredes  
 que se amurrie i se cerque de congoxas?  
 Non, el paxarín gorjea, canta al alba  
 nas horas de calor baxo das foyas,  
 i aló na tarde, al esconderse el sol,  
 i cálase al baxar da noite a sombra.  
 El páxaro évos música; ademais

---

99 Publicado en 1915 no número 361 do *Castropol*.

100 No orixinal, *n'as, d'un, n'el, n'os, s'olen...*

101 O autor escribe *y*.

102 Nas falas galegas de Asturias, ademais de *cando* e *cuando*, encontramos *condo*.

103 Compóñense. As formas *teín*, *veín* e *poin* caracterizan as falas do bloque oriental (fronte a *teñen*, *veñen* e *poñen*, centrooccidentais, que xa podemos escoitar en Santiso de Abres).

104 Castelanismo adaptado ao galego utilizado en lugar de *reya* (ou *rellá*).

105 O autor escribe *quie* e, dous versos máis arriba, *sie*.

ahora que del monte xa se borran  
 as neves, vanse as nubes, rie el cielo  
 i de foyas os árboles se adornan,  
 el anda entretenido por as ramas  
 buscando un hueco escondidín na copa.  
 ¿Pra que? Non afanarse, xa mui lougo<sup>106</sup>  
 cen paxarius vos lo dirán de sobra,  
 cuando cantando el chui chooorrrlichichí  
 saquen del núu as cabecías novas.

*Farruco*

### **Conrado Villar Loza**



Villar Loza, coñecido como "Pepe de Mingo" (Taramundi, 1873-Tapia, 1962). Emigrou moi novo á Arxentina, regresou en 1899 e asentouse en Tapia, onde chegou a ser alcalde, xuíz de paz e cronista da vila. Foi un sobranceiro xornalista, poeta e dramaturgo.

Colaborou con asiduidade na prensa local da época, en *El Aldeano*, *Castropol* ou *Las Riberas del Eo*, ben co seu nome, ben cos pseudónimos de Pepe de Mingo ou Hipólito Mentirilla.

---

106 En Asturias utilízase esta forma, ademais de *logo*.

En galego escribiu principalmente poesía e algunhas cancións, mentres que para a prosa se decantou maiormente polo castelán. A súa poesía é de carácter festivo sobre temas locais. Algunhas das súas composicións foron musicadas ("Brisas tapiegas", "O pastor", "Terra asturiana", parte cantada d'*Un feixe de tapiegas...*). Na súa relación co mundo da música figuran tamén os poemas para a zarzuela *Lonxe d'aquí*:

Lonxe, mui lonxe de aquí  
 donde ye chaman A Habana,  
 teño al meu fiyo querido,  
 teño al meu Pedro del alma!

Veinte anos ha que se foi,  
 empuxado por a idea  
 de xuntar alí unhos cuartos,  
 i volver lugo prá aldea.

[...]

Tapia é o centro de interese da maior parte dos seus escritos:

### **Vide a Tapia**<sup>107</sup>

Vide, si, camín de Tapia,  
 con motivo del Carmelo  
 i a inauguración da estatua  
 del marqués de Casariego.

Haberá seis días de festa  
 i en todos esos seis días  
 non veredes por as calles  
 pitos, cochos nin galías.

Non se colgarán paxelos  
 nas ventanas a secar;  
 poceiras non las veremos,  
 i borricos i cabalos  
 por as calles no'andarán.

[...]

---

107 Publicado no programa de festas de Tapia de Casarego de 1930. Reprodúcese en xullo de 1955 no número 5074 de *Las Riberas del Eo*, dedicado a Tapia co gallo das vodas de prata do monumento ao marqués de Casariego D. Fernando Fernández Casariego.

**Aló vai uha cousa mía que non tá como eu quería<sup>108</sup>**

*Nel homenaxe que Tapia de Casariego ye tributa al seu fiyo adoptivo  
D. Casimiro Cienfuegos, admirado poeta meo i dilecto amigo*

53

Desde que ando por el mundo  
teño aquí na mía mollera  
¡pensamientos que acaricio,  
que morirán condo eu muera!

Teño, si, desde mui neno,  
un pensar en min metido:  
¡Que os pueblos deben honrar  
aos<sup>109</sup> fiyos esclarecidos!

I deste pensar levados,  
¡hoi honramos os tapiegos  
al noso irmao adoptivo  
D. Casimiro Cienfuegos!

El foi quen soupo cantar  
a villa de Casariego,  
¡porque la quer i la sinte  
como a Luarca i Cadavedo!

¡El foi quen trobou a Tapia  
pulsando a súa excelsa lira  
i derramando sob[r]e ela  
torrentes de poesía!

Vive con el un recuerdo,  
¡que jamais ha de olvidar!,  
que a súa gran intelixencia  
empezouse aquí a formar.

¡I por eso este gran bardo,  
condo a Tapia se trata,  
la recorda con amor  
i con cariño la exalta!

I Tapia, al verse exaltada  
por tan excelso poeta,  
¡nombroulo fiyo adoptivo,  
cual premio á súa gentileza!

---

108 Publicada o 23 de decembro de 1944 no número 3623 de *Las Riberas del Eo*.

109 O autor escribe *a os*.

*(Dirigiéndose al poeta)*

54 I despois desto que dixen,  
pregunto eu, D. Casimiro:  
¿Por que mezclou el meo nome  
nesos versos tan floridos?

¿Non ve usté que a mía persoa  
non merece ser cantada,  
i menos por un poeta  
del sou numen i a súa fama,  
orgullo da nosa Asturias,  
i gloria das letras patrias?

¿Quen lo meteo neso trotes?  
¿Insinuouyo algún tapiego?  
Pois si lo fixo por eso,  
¡fíxolo mal, desde luego!

I por esto i outras cousas,  
iba a reñirle<sup>110</sup> inclemente,  
pero non lo fago agora  
porque hai aquí moita xente.

Déixolo, pois, pra outro día.  
¡Xa buscarei el momento,  
i lo que eu ye diga entónces...  
serviraye de escarmento!

*(Dirigiéndose al público)*

Comprendo que estos meus versos,  
todos eles mal rimados,  
tan resultando pra ustedes  
xa demasiado pesados;  
mais vou pidirlles uha<sup>111</sup> cousa,  
xa que as[ta] aquí me escuitaron.

*(Bajando la voz)*

---

110 Obsérvese como o autor utiliza para esta forma pronominal as formas *ye* e *lle*.

111 Mantemos a grafía do orixinal. Neste caso, igual que no título, a métrica esixe a articulación da forma como monosilábica.



Que non lo oiga el poeta;  
 vou pedíryelo mui baxo.  
 Pido a todos, ¡pero a todos!,  
 os que aquí tamos reunidos,  
 pral noso eximio poeta  
 moitos aplausos nutridos,

(*Alzando la voz*)

¡moitos aplausos sinceros,  
 ¡ que al darlos aquí en Tapia...  
 se oiga en Luarca ¡ Cadavedo<sup>112</sup>.

### **Brisas tapiegas<sup>113</sup>**

(*Canción con música de Don Fernando Salgado Valdés*)

I

Non sei, ¡oh Tapia!, que teis<sup>114</sup>;  
 non sei, non, lo que atesoras,  
 que donde quera que eu<sup>115</sup> tou  
 sempre me veis á memoria.

É poético el tou Orro<sup>116</sup>,  
 é poético el tou cielo  
 ¡ é<sup>117</sup> poesía ¡ encanto  
 todo lo del teu<sup>118</sup> conceo.

(*Refrán*)

---

112 Casimiro Cienfuegos dedicará “A D. Conrado Villar, gran tapiego y querido amigo” o “Díptico de sonetos en las bodas de plata del monumento a Casariego (impronto)”, publicado, coa data “Luarca, 6 de julio de 1955”, no número 5074 de *Las Riberas del Eo* (Ribadeo, 16 de xullo de 1955).

113 Publicada o 8 de marzo de 1941 no número 3428 de *Las Riberas del Eo*. Vólvese reproducir, con lixeiras variantes, en xullo de 1955 no número 5074 do mesmo xornal.

114 As formas temáticas *teis* e *veis* caracterizan as falas galegas do bloque oriental, fronte ás temáticas *tes* e *vés* do galego centrooccidental, que se usan na área de Ábres e Taramundi.

115 No orixinal aparece apóstrofo nas formas *qu'eu, d'a, qu'en e n'a*.

116 Farallón do mar de Tapia, tamén chamado *Orrío*.

117 No orixinal, *y-e*.

118 En 1955 *tou*.

Brisas tapiegas,  
cántabras brisas,  
sodes da vida  
suaves caricias.  
Cántabras brisas,  
brisas tapiegas,  
xunto a vosoutras  
non sinto penas.

II

Non sei, Tapia, lo que guardas;  
solo sei que si te quero  
i que fóra de ti sinto  
a nostalgia del meo pueblo.

¡Será ora que en ti dormen,  
baxo a túa terra querida,  
seres amados del alma,  
por os que choro na vida!

Tapia de Casariego (Asturias)

### **José Fernández García “Pepe de Muestras”**

Fernández García (Navia, 1878-1942), “Pepe de Muestras” ou “Pepe Muestras”, barbeiro, animador e director de orfeóns, caracterízase por unha poesía de carácter festivo, ás veces señoardoso, publicada sobre todo na prensa naviega, redactada no sistema lingüístico da vila, arredor de acontecementos e intereses comarcais. O emprego da toponimia local resulta particularmente expresivo nalgunhas composicións, como na dedicada “Al maestro Sama”:



Pepe na porta da súa barbería

[...]  
 Non coñecesteis vosoutros  
 nenos de Navia, Piñeira,  
 Cadavedo, San Pelaio,  
 Cartavio, Illano, La Esfreita,  
 Armental, Arbón, Anleo,  
 Serandías i Ortigueira,...  
 que máis tarde en Barcelona,  
 en Bilbao, en Compostela,  
 en Mondoñedo, en Madrid,  
 en Oviedo i onde quiera,  
 abríronse paso todos,  
 cada cual con su carrera,...  
 deixando el nombre de Sama  
 reluciente como úa estreya?  
 [...]

Para mostrar os seus extraordinarios dotes para o humor tamén lle valen ao autor acontecementos familiares coma o nacemento da súa malograda filla Teresía, motivo central da "Carta aberta al amigo Rutenio"<sup>119</sup>:

[...]  
 Con los bracios estiraus  
 i los oyiquios abertos,  
 empezou la probitía,  
 en conto saliu de dentro,  
 con úa voz de paxarín,  
 a falar que era un contento.  
 Xa sabes tu que al nacer  
 choran todos los pequenos;  
 pos esta dixo... ¡pardió!  
 "La zorra, el lobo y el perro",  
 y mentras que la vestiron,  
 que tardaron mui ben tempo,  
 non cesou de recitar  
 fábulas de Samaniego.  
 [...]

---

119 Manexamos unha edición presentada polo seu fillo Quincos, do que tamén o poeta recorda a infancia nesta "carta", facilitada por Francisco Fernández Peláez, igualmente fillo do autor.

**A la “Porta de la Villa”<sup>120</sup>**

Condo paso arrimadín  
 a ti, pa La Colorada,  
 a comer úa tayaduca  
 con Abel ou Pepe Xuana,  
 sempre me paro un pouquín  
 pa verte, veyá simpática;  
 i al contemplarte tan porca  
 i encoyida i acabada,  
 tu, que algún día nel regazo  
 yevabas<sup>121</sup> a todo Navia,  
 non sei<sup>122</sup>, mialma, que me dá:  
 non sei si é pena ou si é rabia.

¿Como perdiche tan pronto  
 el humor i la<sup>123</sup> arrogancia  
 de que, sendo iou<sup>124</sup> pequeno,  
 i sendo mozo, gozabas?

¿Quien che quitou los sentiños  
 de cantería i de pizarra  
 que, día i noite, a todas horas,  
 tanto servicio prestaban,  
 pa tar sentada la xente  
 mentras los mozos bailaban;  
 pa descansar los obreiros  
 un pouquín, tras de la xanta,  
 i pousar por las mañás  
 las del Vidural la ganza<sup>125</sup>;  
 i asta pa jugar al pote  
 los rapacíos i a la chapla<sup>126</sup>?

---

120 Temos como fonte principal o texto publicado en agosto de 1954, baixo o epígrafe “Verso nuestro”, na revista *Lar* de Navia e tamén a edición de Díaz Padilla (1990: 78-79).

121 No orixinal, *yavabas*. En Díaz Padilla, *llevabas*.

122 No orixinal *sey*.

123 Debemos ter presente que as falas do concello de Navia e as das parroquias de Arbón, Oneta e Villaión caracterízanse polo emprego das formas do artigo *el, la, los e las*.

124 Nos concellos de Navia e Villaión e na parroquia allandesa de Bustantigo emprégase a forma *iou*, característica do asturiano occidental, en lugar de *eu*.

125 Conxunto de plantas que se rozan para estrume, gancela, gancellá. Enténdese que levaban a ganza a vender á vila, para acender o lume ou para estrume.

126 Chapra, chapa. Para o xogo das chapas utilizábanse moedas, preferiblemente pesadas, que en tempos modernos foron substituídas por tapas metálicas de botellas.

¿l aquel arbolín de perlas  
redondas i coloradas,  
con que al salir de la escuela  
los rapaces se fartaban?

¿l aqueya<sup>127</sup> esvelta farola  
que tanto cuidaba Zampa  
mediante la propinía  
de doña Rosa Calzada?

¡Contas veces estudiei  
al pé deya<sup>128</sup> la Gramática  
i con que gusto nos tía  
arrimaus a las súas saias  
ou colgaus de la cintura  
ou sentaus, que era mui ancha;  
i asta había algún atrivido  
que se ye subía a las barbas!...

Las playeras que el Arango,  
sentadín en ti, entonaba  
non las volveu a cantar  
desde que se foi pa Grandas;  
i folgouye al probetín  
desde entonces la garganta;  
porque daquel gorgoleiro  
salían tan dulces tonadas,  
a la voz que Dios ye deu,  
prestándoye tu la gracia.

Tanto che foron quitando,  
que te deixaron sin nada,  
despós de ser tanto tempo  
reina i señora de Navia.  
Si souperas como tás...,  
si lo souperas..., ¡chorabas!

---

127 O autor, neste tipo de formas, rexistra graficamente o ieísmo que caracteriza a moitos falantes de Navia, Coaña e outras zonas.

128 No orixinal, *d'eya, qu'era e d'aquel*.

60

Mas, con todo, non te aflijas,  
 “Porta de la Villa” amada,  
 que con tar tan reviyeca<sup>129</sup>  
 i tar tan abandonada,  
 iou conservo las grandezas  
 i recuerdos tous nel alma,  
 i Dios me deixe yevalos<sup>130</sup>  
 conmigo, dentro la caja,  
 condo por última vez  
 (pero esta con todo Navia)  
 pase arrimadín a ti  
 camín de La Colorada.

### Armando Cotarelo Valledor

Cotarelo Valledor (A Veiga de Ribadeo, 1879-Madrid, 1950) estudou Filosofía e Letras en Madrid e en 1904 obtivo a cátedra de Lingua e Literatura Española na Universidade de Santiago de Compostela. En 1920 foi nomeado académico numerario da Real Academia Galega e en 1923 foi elixido como primeiro presidente do Seminario de Estudos Galegos (1923). En 1929, xunto con Ramón Cabanillas, ingresou na Real Academia Española en representación das letras galegas. En 1939 foi designado catedrático de Lingua e Literatura Galaico-portuguesa na Universidade de Madrid. O seu labor literario destaca sobre todo no eido teatral.




---

129 Revella, avellentada, engurrada.

130 En Díaz Padilla, *llevarlos*.

A Cotarelo, que, a dicir de Filgueira Valverde (1984: 15), presentou na súa obra “verbas e xiros que recollía das xentes nas veigas do Eo, na Montaña, en Compostela ou á beira do mar de Arousa”, dedicóuselle en 1984 o Día das Letras Galegas. O sistema literario de Cotarelo, aínda que aparezan na súa obra formas propias das terras do Eo, está pensado para todo o ámbito galego. Por esta razón, coidamos que as cántigas do *Cancioeiro da agulla* recollidas na súa comarca natal son presentadas cos trazos morfolóxicos maioritarios, coma no caso daquela (1930: 246) da que nos di “esta chuscada teño oído moitas veces de pequeno”:

Xastre, xastre, camisa rachada  
o c... che cosiron con sete puntadas.  
Xastre xastre, faime unha monteira,  
¡que o demo te arrastre por unha silveira!

Nas súas obras de teatro en prosa podemos encontrar composicións poéticas, coma a que pon en boca de Latronián, personaxe de *Hostia*:

Caprichosa unha dona de entre a senra  
un reiseñor pillou,  
e porque fose súa cántiga máis tenra  
os ollos lle picou.

Tal que a triste avesíña desollada,  
ansí cal ela estou  
pois a min, como á dona, malfadada  
a sorte se amostrou.

O galego tamén está presente en obras en castelán, como é o caso da ópera *Ultraya*<sup>131</sup>:

¡Que compañía tan galana!  
¡Que soldados tan barís!  
¡Que señor tan arrogante!  
¡Que doncela tan xentil!

---

131 Cf. Carreira 1984.

**Endechas da Tía Miñota**<sup>132</sup>

A miña Martiña,  
 Martiniña branca,...  
 Aquela añagota,  
 cordeira galana,  
 de pelica crecha,  
 de sinxelas patas;  
 a dos ollos lenes,  
 a da voce maina,  
 a máis cariñenta,  
 máis xeitosa e mansa,  
 que decote, leda,  
 ó meo pé choutaba;  
 a que herbas e grumos  
 cataba na faldra...  
 ¡alí está tendida,  
 de sangue zafada!  
 A miña Martiña,  
 Martiniña branca...

O lobo famento  
 baixou da montana<sup>133</sup>,  
 brincou no cortello,  
 trabou na coitada.  
 Erguinme de un pulo;  
 ¡arrastro a levaba,  
 e encima da neve  
 seo sangue pingaba...!  
 Berreille; parouse;  
 tireime a arrincarilla,  
 e fuxiu o lobo  
 na noite xiada.  
 Quitar eo quiteilla;  
 però<sup>134</sup>, malpocada!,  
 xa estaba ferida,  
 mortiniña xa estaba,  
 comesta do lobo,  
 do lobo engolada.  
 ¡A miña Martiña,  
 Martiniña branca!

---

132 De *Lubicán*.

133 Hipercaleguismo en lugar de *montaña*.

134 En Asturias encontramos as formas *peró*, *pro* (ou *po*) e *pero*.





### **Antolín Santos Mediante Ferrarías**

Mediante Ferrarías (Taramundi, 1880- Piantón-A Veiga, 1944) estudou no seminario de Mondoñedo pero abandonou a carreira eclesiástica e fíxose mestre. Exerceu en varios lugares da súa bisbarra natal: Sante-Trabada, Riotorto, Piantón etc.

Colaborador habitual en prensa, divulgou a súa creación literaria en verso e en prosa nas páxinas de *Las Riberas del Eo*, *La Comarca*, *Brisas del Eo*, *El Agricultor*, *Ecos Vegadenses*, *Hoja Parroquial de Vegadeo* etc.

Destacou como poeta, pero tamén publicou textos en prosa, tanto en galego coma en castelán. A súa obra estivo dispersa ata comezos do século XXI, cando Xoán Babarro<sup>135</sup> comezou a sistematizala e publicala. En 1925 recibe en Lugo o premio, no tema "á mellor poesía en galego", na Festa da Poesía Galega que organiza a Asociación de Prensa no Círculo de las Artes, polo seu poema "A un moíño desfeito":

Moíño, vello moíño,  
 moíño de Brañavara,  
 que nalgún tempo moías  
 sin sosego nin parada,  
 i agora dórme-lo sono  
 preguiceiro da folganza.  
 [...]

É, nesta área xeográfica, un dos poetas máis significativos da primeira metade do século XX. Soubo incorporar a súa variedade taramundesa ao galego común literario.

---

135 Cf. Babarro 2001 e 2023.

Iso non lle impide en circunstancias concretas utilizar determinado sistema local, como se ve nos versos compostos “nel veigueño falar”:

64 [...]   
 Nel Occidente asturiano,   
 al pé del monte Silvela,   
 que ye sirve de atalaia   
 ou mirador donde otea   
 el cercano mar Cantábrico,   
 aséntase placenteira,   
 coma unha branca paloma   
 tendida en florida veiga,   
 a villa de Vegadeo,   
 villa amable, hospitaleira.   
 [...]

O autor foi moi popular na súa época polas cántigas feitas ao estilo tradicional:

¡Ollen que avolo tan rufo!,   
 novo non hai que inda o estuxe<sup>136</sup>,   
 nos seus *verdes* ás rapazas   
 ¡correulles ben a *ferruxe*!

Por xeringar a un vecín   
 eu fun á poxa dun prado;   
 soprar soproumo dediante,   
 pero levouno ben pago.

E tamén por outro tipo de composicións de carácter paremiolóxico, publicadas baixo a denominación de “sentenzas”, “cóxegas”, “puntadas”, “perogrulladas” e outras:

Neste mundo trapalleiro,   
 se un rouba pouco, é ladrón;   
 e se muito, cabaleiro.

Á crume ascende quen luita;   
 pro de biscardo<sup>137</sup> non sal   
 o que non naceu pra truita.

---

136 Que o faga estuxar (estixar, ceax ou recuar), que o venza.

137 Cácabo, troita pequena. *Biscardo* é a cría de calquera peixe ou un peixe sen proveito ou desprezable.

### Poema do malle<sup>138</sup>

As venturas máis sinxelas  
 que<sup>139</sup> o eido nos ofrecía,  
 polos adiantos do día,  
 esquencidas hai que velas,  
 sin que por campar entre elas  
 a novidade máis valla;  
 agora xa non hai malla  
 nin aturuxos na eira,  
 que se deu noutra maneira  
 de arrincar o gran da palla.

¡Tempos que non volverán!  
 despois de facer a sega,  
 era no agro a mallega  
 o labor de máis afán;  
 e por serra, val e chan,  
 que ó sol de agosto quencían,  
 os recios malles tondían<sup>140</sup>  
 o trigo e mais o centeio,  
 que, pola<sup>141</sup> bondá do ceio,  
 a fartura nos traguían.

Como bravos luitadores,  
 despregábanse nas eiras,  
 en contrapostas ringleiras,  
 os varudos malladores,  
 e por ser os trunfadores  
 ningún forzas excusaba;  
 a *picantela*<sup>142</sup> arreciaba,  
 e cada malle era un mazo,  
 e cada rouco golpazo,  
 unha bomba que estoupaba.

---

138 Estas décimas, publicadas o 11 de setembro de 1943 no número 3556 de *Las Riberas del Eo*, son o texto definitivo dun poema de 1926 que levaba por título “Queixas d’un vello mallador” (Para as diferentes versións dos poemas, cf. Mediante 2008).

139 O autor escribe *qu’ò, d’ò, entr’elas, n’a, n’outra, mall’era* etc.

140 Tundían, mallaban.

141 No orixinal, pol-a.

142 Pique, provocación.

A compás rechos<sup>143</sup> se erguían  
 os pértegos polo aire,  
 voltexando con donaire;  
 en equilibrio se poñían,  
 o golpe logo traguían,  
 contra o chan a vez gardando  
 no zorregar cada bando;  
 i estrumándolle a barriga,  
 polas arestas da espiga,  
 o gran saía choutando.

Nos seus fédagos<sup>144</sup> fiada  
 moza nas eiras había  
 que o malle apreixar sabía  
 pra unha xeira ben sudada,  
 se a tal torneo retada  
 era por algún valente,  
 que, dela frente por frente,  
 ¡a fe tiña que apertar!,  
 pra zurrado non quedar  
 entre as chacotas da xente.

Logo na noite do ramo<sup>145</sup>,  
 cena festexeira había,  
 que francacheiro cumpría  
 cos malladores o amo;  
 e facéndolle o reclamo,  
 ó saír quentes de viño,  
 petaban sobre o camiño,  
 como se na palla fora;  
 i algún roncaba, ¡xa agora!<sup>146</sup>,  
 xunto ó malle deitadiño.

Vellos usos que arredou  
 pra sempre esa artimañada  
 que en ás da cencia chegada  
 nas nosas eiras entrou.  
 ¡Xa nin un malle quedou!,

---

143 Rexos, vigorosos.

144 Fígados, coraxe.

145 A noite que acababan, a noite que lle puñan o ramo.

146 Non faltaba máis, por suposto.

que a desgraña<sup>147</sup> fan lixeiros,  
mentras que ceiban, runfreiros,  
xordas bullas e romores,  
as máquenas i os<sup>148</sup> motores,  
do seu trunfo pregoeiros.

Os amantes do pasado,  
os namorados do enxebre,  
non eivados pola febre  
do progreso tan louvado,  
vendo por el aldraxado  
o malle airoso e prantón<sup>149</sup>  
a esa enmeigada invención  
gardámoslle xusta inquina,  
que cheirando a gasolina  
espantou a tradición.

### Federico Magadán Vidal

Magadán Vidal (A Veiga de Ribadeo 1882-1949), foi actor amateur e actuou en diferentes funcións teatrais durante a súa mocidade<sup>150</sup>, estudou para piloto da Mariña e exerceu a docencia na súa vila natal. Publicou na prensa comarcal e en copias mecanografadas e manuscritas e cultivou a sátira política e a poesía de circunstancias. Cando Mediante dá a coñecer en 1913 "A Veiga de Ribadeo", Federico dedicalle este soneto:



147 A separación do gran do resto da espiga.

148 O autor escribe y-os.

149 Ben plantado, elegante.

150 Na sección "Desde la Vega de Ribadeo" do mensual *Guau... Guau!* (Foz. Ladrado de Septiembre de 1906), aparece unha crónica dos pasados festexos da Virxe da Asunción. Entre os diferentes actos, que comezan o día 12 cunha xira campestre á Entreseca e acaban o 19 cun banquete en homenaxe "al joven e ilustrado catedrático de la Universidad de Santiago D. Armando Cotarelo", figura a escenificación, durante os días 15 e 16, de cinco pezas teatrais (*Marcha de Cádiz, La Criatura, La Caza del Oso, Dos valientes e Hija única*), levada a cabo por "distinguidos aficionados de esta localidad". Nese grupo de mozas e mozos encontramos un Federico Margatán (*sic.*), que supoñemos debe tratarse do noso escritor.

**Gratitú**

Cantache ben, poeta: se el afeuto  
 puido ispirarche tan hermoso canto,  
 non che fixo mintir nin outro tanto,  
 nin de adulón che deu triste conceuto.

Sin perderye á verdá nunca el respeito,  
 nin negarye al cariño el fuero santo,  
 de modo encantador, diciche cuanto  
 de bon se guarda aquí e leva a efeuto.

Cantache ben, poeta, e de por vida,  
 deuda de gratitú, deuda sagrada,  
 contigo ten A Veiga contraguída.

Ela cha pagará sin que eu yo pida,  
 que tanto como nobre e como honrada,  
 A Veiga sempre foi agradecida.

F. M. V.

A Veiga, Mayo de 1913<sup>151</sup>

Magadán cultiva tanto os metros cultos (soneto, redondilla, décima...) como os populares. Entre os últimos merece especial mención este romance:

**Entendinte**<sup>152</sup>

Paréceste nos amores  
 a estos<sup>153</sup> guapos días de outono,  
 nos que tan de prisa chove,  
 como fai un sol hermoso;  
 xa tá el tempo todo en calma,  
 xa sopla vendaval tolo,  
 tan axina vén bon frío  
 como un calor horroroso:  
 porque unhas [veces] parece  
 que sal el sol nos teus oyo  
 e tein mimos e caricias

151 Antolín Santos replícalle con “Correspondendo a unha fineza”, datada en “Sante 18-5-13”: “¡Estou fresco!, non dou volta / nin o compás sei gardar / i ó campo da poesía, / sácame vosté a danzar.// ¡Non tamén, vaia que ser!, / ¡Xesús me valla; que apreto!; / ¿con que lle competirei / ó seu pulido soneto? [...]”.

152 Publicado en *Ecos Vegadenses* baixo a epígrafe “Poetas de Vegadeo” (manexamos unha fotocopia que nos proporciona M.<sup>a</sup> Loreto Magadán-Pérez de Barcia, filla do autor).

153 O autor usa a forma demostrativa etimolóxica; en cambio, no posesivo *teu* opta pola analóxica.

os seus raios luminosos,  
 i outras escóndense<sup>154</sup> airados,  
 como tras nublado mouro,  
 por entre as fruncidas cexas,  
 que denotan incomodo.  
 Tópote<sup>155</sup>, ás veces, alegre  
 i alegre tamén me poño,  
 e prás palabras que eu digo  
 teís acentos gasayosos;  
 pero se acaso me vou  
 e pra cabo de ti volvo,  
 xa te encontro con rebinxe,  
 que che veu sin saber como.  
 Unhas veces, porque falo,  
 dices que parezo tolo;  
 outras, porque non gorguto,  
 dices que me "viu el lobo".  
 Se me río de gusto al verte,  
 ¡en bon apuro me poño!  
 Porque, se tás de boa luna,  
 tamén tu me fais el coro;  
 pero se sopla mal vento,  
 ¡máis me valiera tar xordo!...  
 Dícesme que faigo burla  
 ou se teís na cara monos;  
 que<sup>156</sup> de ti non se ri naide,  
 que non sou cabal del todo,  
 que non conozo a vergonza  
 nin siquiera por el forro  
 e que se solo hei de rirme,  
 xa me podo volver lougo  
 pra donde me feron gracia,  
 por el camín que me trouxo...  
 Xa ves que ben te comparo  
 con os guapos días de outono<sup>157</sup>,  
 nos que tan de prisa chove,

---

154 No orixinal, *escondeus*.

155 No orixinal, *tópete*.

156 No orixinal, *qua*.

157 No orixinal, *outouno*.

como fai un tempo hermoso.  
Por donde claro vou vendo  
-aunque tarde lo conozo-  
que pra cortejarte a ti  
-se non hei de dar en tolo-  
non preciso tar corsario  
en todos os requilorios  
que tein os namoramientos,  
como estilan outros mozos;  
nin saber falar de prisa  
ese falar tan mimoso  
que se depende nos libros  
que tan escritos prós novios;  
nin vestirme pinturero  
i estirar muito el pescozo,  
pra andar sempre al rabo teu,  
coma a mecha tras del globo;  
nin sospirar, se te vexo,  
lo mesmo que un barquín roto,  
nin falar como el que chora,  
nin poñer en blanco os oyo...  
Nada deso me fai falta,  
ou case me sobra todo,  
pra decirche que te quero  
como solo quer un tolo.  
Pra non ter que andar contigo  
como quen anda con ovos,  
pra darche sempre nel gusto  
e quitarche os incomodos,  
xa que andas tu como el tempo  
i de planeta sei pouco,  
pra cortejarte, meu ben,  
necesito un repertorio.



### Na morte de Alfonsín Vijande Velasco<sup>158</sup>

Un regueiro de lágrimas e penas  
 déixate tras de ti, subindo [a]l] cielo;  
 que se, pra ti, de gloria foi [e]l] vuelo<sup>159</sup>  
 que te elevou asta as regiois serenas,

el bárbaro estracón<sup>160</sup> foi das cadenas  
 con que el dolor amarra al home al suelo,  
 pra teus padres, que choran sin consuelo  
 al fiyo amado, que viviu apenas.

Dolo de ti non é, Fonsín dichoso,  
 que, sin probar da vida os sinsabores,  
 fuche gozar del celestial reposo;  
 pena dos teus, que, en noite de dolores,  
 quedan chorando aquí. Que Dios piadoso  
 yes mande del consuelo os resplandores.

F. M. V.

Vegadeo, 10-9-45

### [Quando en noite sosegada]

Cuando en noite sosegada  
 fendendo el aire dormido  
 sona el alegre escougido<sup>161</sup>  
 con que fina unha tonada,  
 se pola pena agobiada  
 el alma tá del que escuita,  
 non sinte pouca nin muita  
 a alegría del cantar,  
 e coas ganas de chorar  
 quizabes a solas luita...

Que son a alegría i a pena,  
 nesta miserable vida,  
 cuerdas unha al outra unida  
 cual eslabois de cadena,

---

158 Aparece o 22 de setembro de 1945 no número 3662 de *Las Riberas del Eo*.

159 No texto impreso, a penúltima palabra deste verso e a do anterior están trocadas: *el cielo / al vuelo*.

160 Tirón, sacudida violenta.

161 Aturulo, aturuxo, esgutió, grixido.

e, xa triste, xa serena,  
vai el alma nunha a dar,  
ten el outra que sonar  
con un amargo xemido  
ou coel alegre escougido  
con que se fina un cantar.

### Álvaro Aenlle Rodríguez

Aenlle Rodríguez (Santiso de Abres 1890-1966), axente de seguros, comerciante e secretario do xulgado municipal, salienta por ser fundador e director da revista mensual *La Argallada*, que mantén na súa localidade natal desde 1917 ata mediados dos anos vinte. O pseudónimo "Xancín", co que asina "¿Que farei?", temos comprobado, a través dos autógrafos de Mediante, que corresponde ao escritor de Santiso.



### ¿Que farei?

*A meu sempre amigo e celebrado poeta Don Antolín S. Mediante*

Escáchasecheme<sup>162</sup> a chola,  
se chola quer decir frente,  
ou, mellor dito, esta xente  
vólveme a cabeza tola.  
Xúroche por miña avola  
se sei como vou vivir  
pra chegar a conseguir  
que naide de min se acorde;  
porque, abofé, xa me morde,  
e muito me fai sufrir.

---

162 O autor escribe *escáchasem'a, vólvem'a, porqu'abofé, nacich'antes* etc.

Se o domingo vou á misa  
 co meu traxe domingueiro,  
 dicen que son un bambeiro,  
 i escachélanse<sup>163</sup> de risa;  
 se en cambio levo a camisa  
 que trouxen pola<sup>164</sup> semana  
 i unha chaqueta de pana  
 toda chea de farrapos,  
 chámanme *o rapaz dos trapos*.  
 ¡Ai, vállame Santa Argana!  
 Se nena rica pretendo,  
 dicen “ese vai por dote”;  
 se é probe, pró seu capote,  
 estes xuzgos van facendo:  
 “a ese *langrán* ben o entendo;  
 se<sup>165</sup> nel se chega a fiar,  
 ¡bon pago che lle ha de dar!  
 salir coa barriga farta”;  
 en fin, que mal raio os parta.  
 ¡Ben che me podó casar!

Por non resultar pesado  
 i evitar que algún burlón  
 de min diga con razón  
 que me aficiono co arado<sup>166</sup>,  
 dou esto por terminado;  
 mais como eu sei, Antolín,  
 que naciche antes que a min<sup>167</sup>  
 i es, polo tanto, máis vello,  
 non lle negues un consello  
 a teu amigo

XANCÍN<sup>168</sup>

San Tirso de Abres, marzo 1916

---

163 No orixinal, *y-escachélanse, y-unha, y-evitar* etc.

164 O autor utiliza *pol-a* e *pol-o*.

165 No orixinal, *s'è*.

166 En sentido figurado, pluma. Lémbrese a adiviña popular para a acción de escribir: “Campo branco, semente negra e cinco bois tirando da rella”.

167 A grafía *qu'a min* do orixinal tamén cabería interpretala como *ca min*.

168 Aenlle recibe contestación á súa pregunta a través dunha longa poesía impresa de Antolín Santos titulada “Un consello de encarga”: “A quen menos i a quen máis, / saios córtanchelle un cento, / e inda Dios, con ser quen é, / non trai o mundo contento. // Que marmuren o que queiran; / a min intrésame un pito, / que, cando podó, tamén, / así eu medre, me desquito. // Se por mal falar che vai / un ó Inferno, anque non queira, / xa Pedro Boteiro pode / ir alargando a caldeira”.

### Pedro García Arias

O castropolés Pedro García Arias (1892-1980), un dos protagonistas do que Fidalgo Villaveirán (1990), referíndose á de 1920, considera a “fulgurante década literaria del Eo”, con abundante obra en castelán, ten para nosoutros especial importancia por difundir a finais da década de 1950 a literatura vernácula a través da súa *Antología de poetas asturianos*, en que figuran, como xa indicamos máis atrás, Ramón García González, Conrado Villar Loza e Antolín S. Mediante.

### Carmiña<sup>169</sup>

(Poemas do ritmo ceibe)

#### PRIMEIRA PARTE

Nos teus versíños millores brila un alma galeguiña...  
 Se cantan a súa Galicia son de ternura sin fin,  
 e se baixan á mariña,  
 da<sup>170</sup> gracia do bon recordo, deixan sembrado o camín...  
 ¡Adiante coa lira ao<sup>171</sup> ombro, por ángeles afinada,  
 que prós amigos dos probes hai frores no azul xardín!...  
 Envolta vas nos *airiños* en que Galicia quedou pra<sup>172</sup> sempre inmortalizada...  
 ¡Prós que defenden aos probes toca a victoria o crarín!...  
 ¡Pelegrina trobadora, na brétema de Rosalía asocairada<sup>173</sup>!...  
 ¡Pelegrinos de moi lexos,  
 da terra máis alonxada,  
 cos ollos na lexanía...  
 famentos do pan do ceo,  
 cas mans de Dios apeneiran no bortel da Poesía:  
 as misas do rito máxico, ide a rezar fronte ao Eo!...  
 ¡Ide cando arda a alborada en espre[n]dorosa orxía!...  
 ¡Nun vos ha de pesar nada, nun vos ha de pesar miga!  
 Ca cabeza descuberta e a man posta no sombreiro,  
 marchade onde canta o mar, onde frorece o loureiro,  
 onde o río é unha corona, pola testa do paisaxe en serpentina caricia...  
 e ten as follas máis verdes e os máis groriosos reflexos...  
 e falan de se casar, en arcano bisbiseo,  
 eses montes das Esturias cas montañas de Galicia...

169 Carmen Prieto Rouco (Vilalba, 1901-1977), autora de poemarios e de obras dramáticas en galego, deu a coñecer moitas das súas composicións en *Las Riberas del Eo*. O poema de Arias aparece, baixo a epígrafe “Poetas d’a Terra”, o 5 de outubro de 1948 no número 3820 do citado xornal.

170 No orixinal, *d’a, d’os, n-o, c’as, c’os, pr’os* etc.

171 No orixinal escríbese *a o(s)*.

172 Esta preposición figura sempre coa grafía *pr’a*.

173 Resgardada.

E se non fora que o río se lles cruza polo medio,  
 asta intentan darse bicos nos seus nocturnos cortexos.  
 ¡Xeneración emproada ao mundo de Rosalía!...  
 Solo ao conxuro dun nome, a polifonía recóndeta no fondo do Universo,  
 en busca de moltitudes, pra ser do oído delicia  
 pode despertar vibrando en arpa monumentalicia...  
 Que hai<sup>174</sup> -sen odio e rencor- almas do Infinito espello...  
 e ríos, nacidos calquera día  
 pra ser morada do xenio  
 correndo, baixo unha estrela, pra inmortalizar un verso...  
 ¡Amigos de ve-lo Mundo con as estrelas por guía,  
 emigrantes anduriñas, pelegrinos de moi lexos!...  
 ¡O demo de non poder ir na vosa compañía!...

#### SEGUNDA PARTE

Ten do pudor o carmín, Carmiña,  
 o teo verso agarimoso e saltarín,  
 xa cantes -alá fuxida no ceo- a gloria dun serafín,  
 ou pases terras e mares volando cal anduriña...  
 ¡Todo chega! Os teus versos, onde hai do ben centelleo,  
 tras as nobres sensacións da poética aventura,  
 pra ver auroras mareiras, as olas en balanceo,  
 arbolada sobre o río a súa rizada escultura,  
 moitas veces se amosaron a estas RIBEIRAS DO EO...

Leva un rui señor inquieto,  
 atadiño, moi cortiño, na xaula do corazón,  
 -¡ouh Carmiña Rouco Prieto!-  
 quen solo saben cantar e desfacerse en canción...

O ben que se fai aos probes para no Eterno do sen<sup>175</sup>...  
 É tan meigo o que tu escribes e sona á ialma tan ben,  
 que abofé que sabe a pouco:  
 egoal que xamón do ceo en anxelada sartén...  
 ¡Que os<sup>176</sup> xenios do mundo ecouco<sup>177</sup>  
 te escoiten e longa fama che den...  
 poetisa de Villalba, *Carmiña Prieto Rouco!*...  
 Madrid

---

174 No orixinal *hay*.

175 Seo.

176 No orixinal *c'os*.

177 Pensamos que, por motivos de rima, utiliza esta forma en lugar de *ecoico*. *Mundo ecoico* equivale a "mundo de poesía".

### César Montaña Álvarez de Ron

76 César Montaña (A Veiga de Ribadeo, 1894- Barcelona, 1980), enxeñeiro e empresario, amante da arquitectura, gran humanista, viviu intensamente a literatura igual que os seus amigos Mediante<sup>178</sup> e Magadán. A el débémolle o salvar para a posteridade as fermosas décimas deste último “Cuando en noite sosegada”<sup>179</sup>. A súa admiración polos clásicos casteláns deixou unha evidente pegada nas liras de “¡Canta, Sabela, canta...!”<sup>180</sup>. Montaña tamén utilizaba o pseudónimo de Gustavo Lorey.



### ¡Canta, Sabela, canta...!

Iba eo<sup>181</sup> el outro día,  
 camín del meo traballo<sup>182</sup> a pouca présa,  
 e fendo que non vía,  
 topeime de sorpresa  
 con un bon xan<sup>183</sup> que vale canto<sup>184</sup> pesa.

178 Montaña foi quen recitou “Con amor de padre” de Mediante na velada organizada en Piantón o 3 de outubro de 1943 co gallo da primeira misa do fillo maior de Antolín, a quen estaba dedicado o poema.

179 En certa ocasión César pídelle un poema a Federico e este dítlle as dúas décimas, que o primeiro acabaría recitando “a diario como se fosen unha oración”, segundo as palabras de M.<sup>a</sup> Loreto, filla de Magadán. É a ela a quen agasalla César co texto do seu pai antes de marchar a vivir a Barcelona. Non debemos confundir César Montaña Álvarez de Ron co seu fillo César Montaña García, escultor.

180 Levan como antetítulo “N’el noso falar d’A Veiga”. Utilizamos como fonte o libro das festas de Seares de 1992.

181 Téñase en conta que a secuencia *eo* en *eo*, *meo*, *meteose* e *teo* debe lerse como ditongo.

182 Fronte a esta forma, con <ll>, vemos *muyer*, *consejalo*, *oyos* etc.

183 No orixinal con maiúscula.

184 No texto aparece *canto*, pero, en cambio, *cuando*.

Contábame entre tacos  
 el remolón, con muita calma e gracia,  
 os choros i<sup>185</sup> arrumacos  
 da muyer que, reacia  
 a tar folgando, nunca a fame sacia.

Taba eo xa ben disposto  
 a conseyalo<sup>186</sup>, e xa ¡así Dios me valla!  
 berrarye iba, reposto  
 de argucias<sup>187</sup> e metralla  
 cuando, en medio dos dous, ergueuse uha<sup>188</sup> valla.

Trabei a lingua, que era  
 Aurora de Axelán a que delante  
 tía, e desta maneira  
 falaba, [a]sí arrogante,  
 cos ocos mui abertos e taxante<sup>189</sup>...

- Xa sabes que el domingo,  
 amigo César, hai festa na<sup>190</sup> mía  
 porta, i hai caldo e pingo<sup>191</sup>  
 fresco, e<sup>192</sup> haberá chía<sup>193</sup>,  
 se Freixe e tu nos fedes<sup>194</sup> compañía.

¡Re...concho! ¿Pos que pasa?  
 Aí ho<sup>195</sup>, ¿non sabes que en Santa Cecilia  
 que os homes da mía casa,  
 nesta última vixilia,  
 axuntan aos amigos e á familia...?

---

185 No orixinal y, *hay* etc.

186 Quizais unha falsa segmentación, en lugar de *a conseyalo*, debido á contracción dos dous *a*.

187 No texto utilízase apóstrofo en *d'argucias*, *n'el*, *d'a*, *q'uera*, *d'Axelán*, *c'os*, *q'el*, *q'en* etc.

188 Por motivos métricos habería que contemplar a forma como monosilábica.

189 Castelanismo, pseudogaleguizado polo autor, en lugar de *tallante* ou *tayante*.

190 No orixinal, *ma*.

191 Manteiga de cocho. Entendemos que está próxima a matanza.

192 Obsévese que o texto utiliza *e* e *mais* y en posición prevocálica e só *e* ante consoante.

193 Variante de *chea*. Enchedela.

194 Facedes.

195 No orixinal, *ayó*.

I atende: de Sabela<sup>196</sup>,  
 tráigoche un recadín mui garoleiro,  
 que leves muita tela  
 que cortar<sup>197</sup>, que primeiro  
 ela ha cantar al son del seo pandeiro.

Calou a boa de Aurora,  
 meteose non sei donde a condenada.  
 I eo xurei: dende agora  
 que, así<sup>198</sup> Dios me dá vida,  
 no'hei de ser eo quen falte a esa comida.

E aquí tamos, ou vémos<sup>199</sup>,  
 os da Veiga dispostos e compridos  
 como sempre... Xantemos  
 cuando quírais<sup>200</sup>, queridos.  
 Falaremos, despois de ben bebidos.

Pero antes, ¡naide tosa!  
 Que, al trauer el magosto das castañas,  
 cante a Sabela nosa  
 cantigas destas brañas,  
 que nos fagan telergas<sup>201</sup> nas entrañas.

Que eo sei, xentil Sabela,  
 que tu sabes lo que outros non sabemos:  
 secretos dalgunha<sup>202</sup> estrela,  
 misterios que non vemos  
 dos aires e das augas que bebemos...

---

196 O poema, no programa, subordínase a un artigo titulado “Un recuerdo a Sabela”, no que se lembra a Isabel González Prieto, unha muller nacida o 19 de decembro de 1879, de excelente memoria e amante da conversa, que cultivaba as súas plantas medicinais, que cazaba raposos e porcoteixos con trebellos e que chegou a ter un corzo domesticado que a acompañaba á fonte. Este fragmento do citado artigo proporcionáanos algunhas claves da composición:

“Sabela” no era popular y apreciada sólo por el vecindario de Seares, en Vegadeo la conocían y la trataban muchos veigueños. Como muestra sacamos a estas páginas unos versos que en 1942 le dedicó el popular empresario D. César Montaña y al cual acompañaba el otro gran empresario “Juanín de Freixe”, un día de Sta. Cecilia que fueron invitados a comer un magosto de castañas a la casa de “Andrés”, en Axelán. “Sabela” muere en Vilavedelle en casa de sus sobrinos, el 30 de Julio de 1965. Pero para la memoria de muchos que la conocimos “Sabela” sigue en el recuerdo por su trabajo, por sus costumbres y de buena “searila”, que lo era.

197 Moito de que falar.

198 No orixinal, *q' a sí*.

199 Viñemos.

200 Léase grave. No Eo-Navia, ademais das formas do tipo *queira*, utilízase *quira e quera*.

201 Celigras, cóxegas, coscas.

202 No texto úsase a grafía <nh>. Por razóns métricas, debería considerarse bisílaba a palabra, o que implicaría non articular a consoante nasal.



Que eo sei que vives sola,  
 e sei que non te aburres nin te queixas...,  
 que xogas á marola<sup>203</sup>  
 coas alondras e deixas  
 os tous<sup>204</sup> males entre herbas e carqueixas.

¡Canta, Sabela, canta...!  
 E dinos que parlexan os xilgueiros,  
 cuando el Solín levanta...  
 ¡ os merlos nos silveiros,  
 ¡ os grayos nos más altos castañeiros,  
 ¡ os tordos nos nabales,  
 ¡ as calandrias nos prados e nas eiras...  
 E todos... polos vales  
 ¡ os montes ¡ as ribeiras...  
 ¿Choran?... ¿Rin...? ¡Que de<sup>205</sup> cousas tan sinceiras<sup>206</sup>!

¡Canta, Sabela, canta...!  
 Que el teo cantar sabroso alegre a vida!  
 Canta en honor da Santa!...  
 Hai xente... Boa comida...  
 Bon el viño... ¡Todo a cantar convida...!  
 Xantemos cuando quírais, compañeiros!  
 Trinquemos<sup>207</sup>... e que sonen os pandeiros.

---

203 Mariola, caramañola, patefa, truco.

204 Obsérvese que no texto se usan as formas etimolóxicas do posesivo (*tous*) e as analóxicas (*teo*).

205 No orixinal, *dee*.

206 Hipercalegismo, en lugar de *sinceras*, utilizado por motivos de rima.

207 Comamos.

## Villancico

*A mi hermana Secundina.*<sup>208</sup> *Nochebuena-1942*<sup>209</sup>

80

Por terras e mares,  
xa o vento levou,  
dos Santos Lugares,  
a nova de Amor.

Zagalas, pastores,  
albricias!<sup>210</sup> Chegou...  
O AMOR DOS AMORES,  
XESÚS, NENO DIOS.  
O AMOR DOS AMORES,  
XESÚS, NENO DIOS.

Zagalas, pastores,  
albricias! Chegou...  
O AMOR DOS AMORES,  
XESÚS, NENO DIOS.

Zagalas, pastores,  
albricias! Chegou...  
O AMOR DOS AMORES,  
XESÚS, NENO DIOS...

...

Non hai cousa máis preciosa,  
nin máis dulce resprandor...  
VIRXEN PURA! REINA NOSA!  
VIRXEN PURA! REINA NOSA!...  
que o teo<sup>211</sup> DOR:  
O REDENTOR! O REDENTOR!...  
VIRXEN PURA! REINA NOSA!  
VIRXEN PURA! REINA NOSA!  
que o teo DOR:  
O REDENTOR! O REDENTOR!...

Gustavo LOREY

---

208 Os tres últimos caracteres, no texto mecanografado do autor, figuran manuscritos para corrixir a forma *Secunda*. Secundina era na Veiga a organista da parroquia. A letra do vilancico pensouna Montaña para ser cantada durante as festas do Nadal co acompañamento da música da *Alborada Gallega* de Pascual Veiga  
209 No orixinal, *Noche-buena*.

210 Tanto nesta composición coma na seguinte, o autor unicamente utiliza os signos finais de interrogación e de exclamación. Esta opción quizais veña condicionada por non existir na máquina utilizada os iniciais correspondentes. Tampouco debe figurar no teclado a letra eñe (ñ), dado que, no texto, en lugar do seu til característico figura o signo de raia (—).

211 No orixinal *qu'a*.

### Villancicos nel campo<sup>212</sup>

X.- ANTONÍN del Campo,  
donde vas, guapín?

A.- Vou saltar á corda  
con CABANADÍN.

P.- Ai Dios, meo nenín!  
A corda toyeose<sup>213</sup>.  
Levoula MONÓN  
pra trager el herba  
que había en Piantón.

Ag.- El caso é que a corda  
aquí non chegou;  
arrenegue el demo  
a quen la levou!

Ap.- Cala, nía, cala;  
por voltas que eo din,  
non puiden topala...  
Pregunteiye a Orencio.  
Non me dixo nada...  
E con el MONÓN,  
removín nas cuadras,  
rexistrei nas tendas,  
nel molín, na fábrica...  
Ni enriba ni embaxo,  
nel forno non taba.  
Furei nas payeiras  
del herba y da casca.  
Subín á grorieta,  
baxeí á encanada,  
mirei nos volortos,

---

212 Este texto, de arredor de 1940, leva tamén como antetítulo "N'el noso falar da Veiga". El Campo é o nome que recibía o espazo ocupado pola fábrica de César Montaña e mais pola súa vivenda familiar. Antes coñeciáse por El Campo de Zabala, que lembraba os antigos donos, que venderan o negocio ao pai de César durante o século XIX. Precisamente son os obreiros dos curtidos e as persoas que servían na casa os que aparecen nesta peña que ten como personaxe central o neno Antonín, que non é outro que Antonio Montaña García, fillo do autor, quen, despois de tantos anos, acaba proporcionándonos os textos dos dous vilancicos. Velaquí a reconstrución dos nomes dos personaxes da obra: X = descoñecido, A = Antonín, P = Pepa, Ag = Amadora a Grande, Ap = Amadoría ou Amadora Pequena, Lo e L = Lola, Xi = Xicón e Cor = Coro. Non temos constancia de que o texto se representara. No seu momento, parece que foi o propio autor quen o recitou.

213 Tolleuse, botouse a perder, perdeuse.

mirei na balanza...  
Fomos ver el can  
por si alguén ya atara...  
Fun aos galiñeiros,  
mireiyes ás pitas  
nos pés e nas alas.  
Coyín os conexos,  
mireiyes as patas.  
Por mirar, mirei...  
na mesma caldada.  
Fomos entre as hortas,  
fomos á alambrada,  
mireiye al VALIELO,  
nel seo pan non taba...  
Con decirche, nía,  
que hasta fun á Aduana...  
Da boa da corda,  
naide sabe nada!

P.- Pos cordas non faltan.  
Xa las dará alguén.  
Pedímosye al MAJO  
das del almacén.

...

Lo.- Pareceo a corda.  
Tróuxola XICÓN.  
Topoula MANOLO  
dindo a Rebollón.

Xi.- Traído la hubiera,  
chica, Manolín,  
pero allá fue a Oviedo  
y por la VALIELA  
mandola a Besedo.

Ap.- Claro, claro, claro:  
PORZÚN déoya a LUCAS,  
LUCAS a RAMÓN,  
Ramón déoya al Majo  
i el Majo a Xicón.

..

A.- Xa temos a corda.  
 Vamos a saltar.  
 Chegaivos muyeres.  
 Vídenos cantar.  
 Canta Amadoría,  
 canta sin parar...,  
 que PEPA che axude  
 si non podes máis.  
 I Amadora a Grande  
 que nos toque as palmas,  
 mentras eo e LOLA,  
 rompemos as tablas...

Ap.- Salta, miña xoia<sup>214</sup>,  
 salta, perla branca,  
 salta pra<sup>215</sup>túa AVOLA  
 que ye alegre el alma.  
 Salta, mía xoiña<sup>216</sup>,  
 brinca, meo nenín,  
 mira pra túa<sup>217</sup>TÍA  
 como chora e ri...  
 Salta ben pra arriba...,  
 sube muito máis,  
 rompe el cielo raso<sup>218</sup>,  
 xa lo amañarán...  
 Salta, brinca, sube,  
 sube, engala xa...  
 que anxelín dos cielos  
 eres neste<sup>219</sup> hogar.

Lo y A.- Una y una y una.  
 Una y una, dos.  
 Una y una y una,  
 Manolín de Dios.

---

214 Sobre o *x* aparece unha diérese (˘) manuscrita.

215 Como en ningunha palabra do texto se utiliza o acento gráfico, cabe interpretarmos neste caso a contracción *prá*.

216 As formas manuscritas *mía xoiña* anulan un texto mecanografado ilexible.

217 Ou *prá túa*.

218 No orixinal, *cielo-raso*.

219 Nestes fragmentos que reproducimos aparecen con apóstrofo no orixinal as seguintes formas: *n'el, qu'había, qu'a, y'alegra, pr'arriba, qu'Anxelín e n'este*.

Cor.- Una y una y una.

Una y una, dos.

Hoi é NOITE-BUENA,  
nace el NENO-DIOS.

Lo y A.- Una y una y una.

Una y dos son tres.

Saltemos, cantemos,  
una y otra vez.

Cor.- Hoi é NOITE-BUENA,  
mañá NAVIDAD...

Quera Dios que xuntos  
volvamos a estar,  
pra dentro dun ano,  
sin máis novidade.

L - A.- Dos y dos son cuatro,

cuatro y dos son seis,

MUY FELICES PASCUAS,  
TODOS DISFRUTÉIS.

G. L.

### **José Celestino Fernández García “Pepe de Pinilla”**

“Pepe de Pinilla” (Navia, 1895- Avilés, 1978), libreiro de profesión e colaborador na prensa local, residiu na localidade natal ata 1962. Na composición que seleccionamos, a segunda persoa da técnica epistolar, anteriormente usada polo seu tío “Pepe de Muestras” e outros escritores, establece unha estreita comunicación entre autor e lector.



**Carta aberta**<sup>220</sup>

Pa Luis Junceda Fernández,  
24, calle<sup>221</sup> Alcántara,  
na<sup>222</sup> [a]cera del lau derecho,  
en la capital de España.

(Penso que la direución  
tará lo bastante clara  
pa que el cartero non cambie  
calle, número nin casa).

Queridísimo Luisín:  
Ayer chegoume la carta  
que me escribisteis, el siete,  
tu, Bazán i la compañía;  
pero non sei, ¡amigón!,  
si feirei nada que valga...

Pídesme que escriba “un algo”  
de “nuestra lengua vernácula”,  
(esta palabra non sei  
si é francesa ou italiana)  
sin ter presente que iou  
non sei “ni pun” de Gramática.

Mi padre i mi madre foron  
los que alló condo mamaba,  
me enseñaron a falar  
tal cual como ellos falaban,  
pero sin que ellos nin iou  
soupésemos nunca nada  
desa “ciencia” de falar  
por ti tan bien manejada,  
i que iou comprendo que,  
pa escribir como Dios manda,  
hai que saberla al dedillo,  
como tu la sabes, ¡mialma!<sup>223</sup>  
Esto de falar así,

---

220 Tomamos como fonte o texto que publicou o autor en agosto de 1954, baixo o epígrafe “Verso nuestro”, na revista naviega *Lar*.

221 No orixinal aparecen grafadas con apóstrofo formas como *cart'aberta*, *call'Alcántara*, *d'España*, *qu'el*, *m'escribisteis*, *saberla'l dedillo*, *s'aprend'en*, *ch'enseñou* etc.

222 No orixinal, *n-a* e *n-as*.

223 Por certo, abofé.

como falamos en Navia,  
non se aprende en ningún libro,  
esto apréndese nas casas  
como se aprende a rezar,  
a rirse, a llavar la cara,  
a coyer las cousas buenas  
i a deixar las cousas malas...

¿Quien che enseñou a querer  
a la Virgen de la Barca<sup>224</sup>?  
¿Como aprendiche a chorar  
condo tu madre che daba,  
por non fer las cousas bien,  
nas cachas dú[a]s vardascadas?

¿Como aprendiche a decir,  
sin que naide cho enseñara,  
condo che dolen las molas,  
"muero, mi madre del alma"?

¿Quien che enseñou a jugar  
a la chinita<sup>225</sup> a la chapla,  
al lirio i lario<sup>226</sup>, a la coya<sup>227</sup>  
i a los outros juegos que  
condo eras neno jugabas?

Naide che enseñou, Luisín,  
i aprendíchelos, sin falta  
de que che desen leuciois  
"entrenadores<sup>228</sup> de fama",  
con la molleira repleta  
de técnicas i de tácticas.

¿Quien che enseñou a saltar  
a las Veigas de Calzada,  
condo maduran las peras,

---

224 A Virxe da Barca é a patroa de Navia.

225 Xogo que consiste en saltar sobre o lombo dun que está co corpo dobrado e apoia os brazos e a cabeza nalgunha cousa, panda, burro, montacachurra. O pandote ou burro pode formarse tamén con varios.

226 *Lirio i lario* e *lirio* son denominacións para o xogo da billarda ou estornela. Nalgúns lugares, e estas parecen ser as acepcións do autor, *lirio* refírese ao pau pequeno ou billarda e *lario* ao pau grande ou palán. O lanzamento adoitábase acompañar do recitativo "¡(l)irio, lario, vai buscalo á casa del boticario!".

227 Á colla, a coller, á pillá.

228 No orixinal, *entrenadores*.



los nisos<sup>229</sup> i las manzanas?  
 ¿Pa que saltabas, Luisín?  
 Ben sabías pa que saltabas,  
 sin que naide che dixese  
 úa puñetera palabra...

Pos, así, sin profesores  
 i sin libros i sin cátedras,  
 aprendemos a falar  
 en "nuestra lengua vernácula".

### **José Antonio Pérez**

José Antonio Pérez publica, baixo a epígrafe "Desde la Argentina", no numero 363 do decenario *Castropol* (Castropol, 30 de abril de 1915) a poesía "Recordos", que traemos aquí por constituír unha mostra incomparable dos sentimentos do emigrante.



Ponte dos Santos e As Figueiras desde Castropol

---

229 Ameixas pequenas.

**Recordos**

Paisaxes da mía terra,  
 xa non vos verei máis.  
 ¡Cantas penas me costan!  
 ¡Que lonxe, lonxe tais<sup>230</sup>!

Berran nos meus ouguidos  
 as olas del tou mar,  
 a aroma das túas flores,  
 das aves el cantar.

Noites de branca lúa,  
 días de quente sol,  
 mañás de primavera,  
 tardes frescas de amor.

Recordos da mía terra  
 que xa non verei máis,  
 ¡cantas penas me costan!  
 ¡Que lonxe, lonxe tais!

Rosario de Serantes,  
 San Bartolo de Tol,  
 San Esteban de Barres,  
 Santiago en Castropol,

San Román das Figueiras,  
 feiras de Silvallá,  
 xa non volverei veros.  
 ¡Que lonxe, lonxe tais!

A madre que de neno  
 nel colo me arrolou  
 pra dar-me pan i roupa  
 a súa vida acabou.

¡Conta<sup>231</sup> pena me costa  
 non podela abrazar!  
 Xa non volverei verla.  
 ¡Mui lonxe de min tá!


230 Estades. A forma reducida *tar* mantense en Asturias e en áreas da Coruña, Lugo e Pontevedra. O morfema innovador *-is* (frente ao conservador *-des*) está presente nas falas galegas do bloque oriental (cf. Fernández Rei, 1990: 89, 95).

231 O autor utiliza agora esta forma comarcal, de moito uso na Mariña, fronte ao *cantas* do terceiro verso, que no Eo-Navia rexistramos na área Abres-Taramundi e noutros puntos.

#### 1.4 A xeración de 1936

Encadramos baixo esta epígrafe poetas nados na segunda década do século XX, aínda que non cheguen a participar plenamente de todos os trazos cos que Méndez Ferrín (1984: 71-90) caracteriza esta xeración galega ou daqueles que acostuman atribuírselle á coetánea da literatura castelá<sup>232</sup>. 89

As formas e os temas do Rexurdimento continúan sendo unha constante na primeira metade do XX; mais, nestes autores, que seguen mantendo o galego na década de 1940 na prensa comarcal, xa achamos claras innovacións que os arredan da estética do século anterior. O clasicismo formal, o influxo modernista e certos reflexos da Xeración de 1925 galega e da castelá de 1927 están presentes nos seus versos.



Autógrafo de Amador Fernández Mejeas. (Da serie "Venecianas", oito sonetos inéditos, do 24 de febreiro de 1941, dedicados a Mercedes, a que ía ser a súa muller)


Son representativos do grupo Amador Fernández Mejeas, relacionado coa tradición literaria do seminario mindoniense<sup>233</sup>, e Ovidio Martínez Álvarez, amigo do anterior, formado nos círculos literarios madrileños. Aínda que cun cultivo máis esporádico do

<sup>232</sup> Así 1977: 24-25.

<sup>233</sup> A antoloxía sobre autores relacionados co seminario de Mondoñedo realizada por Félix Villares Moureira (2007) recolle unha mostra da produción poética de Mejeas.

verso, pertence tamén ao grupo Francisco Fidalgo Villaveirán, moi amigo de Amador e Ovidio<sup>234</sup>. Coetáneo destes poetas é o prosista Alejandro Sela<sup>235</sup>.

90



Original de Francisco Fidalgo Villaveirán

A guerra e a situación política e social dos primeiros anos do franquismo condicionan a súa obra literaria, tanto no progresivo abandono do galego, en favor do castelán, como nos temas que algúns deles desenvolven, a miúdo de carácter laudatorio ou de aceptación da nova situación política, feito que tamén se observa en autores das anteriores xeracións. Sirva de exemplo a seguinte composición de Mejeras:

234 A permanencia de Ovidio na casa familiar de Boal e os destinos escolares de Amador e Francisco favoreceron a convivencia. Temos noticia da amizade entre os tres autores mozos e das ilusións literarias comúns a través de José Martínez Álvarez de Queipo, irmán de Ovidio. José M.<sup>a</sup> Fernández-Mejeras Méndez, o fillo maior de Amador, falounos da estreita relación que mantiveron sempre o seu pai e Paco e nese sentido tamén apuntan os recordos que gardan M.<sup>a</sup> Antonia e Nieves Fidalgo Díaz, fillas deste último. Nacen na mesma década Benjamín López e Cándido Sanjurjo, que se dan a coñecer como creadores moito máis tarde. A poesía do primeiro é de corte tradicional popular e a do segundo ten como modelos os mestres galegos do Rexurdimento, especialmente a Manuel Curros Enríquez.

235 Alejandro Ramón Sela García (Vilavedelle, Castropol, 1911 - Navia, 1982), que mantivo correspondencia con Ramón Otero Pedrayo, salienta especialmente polas súas narracións de carácter etnográfico e costumista. Durante a época da ditadura, nos seus escritos en castelán non rexeitou a utilización de formas galegas (cf. Sela 1971: 86): Y me detengo en Arbo, Sela y Salvatierra. Por allí anda “o Miño” que nos separa de Portugal. Y más tarde aparezco por Puenteareas, Porriño y Bayona. En este último lugar, ya de noche, duermo. Y muy bien. Duermo en un castillo almenado que hay “n’a veiriña d’o mar”.

## Postas do sol<sup>236</sup>

*A D. Justo Trashorras Pacios, fraternalmente*

¡Postas do sol de agosto que na terra  
de Asturias eu recordo, cando amence,  
cuya imaxen augusta non me esquence,  
cando o astro pinta co seu ouro a serra!

¡Horas de ensono, bendición, paisaxe,  
momentos cando as brisas se desmaian  
e os xilgueiros de amor seu trino ensaian  
nos seus niños, cubertos de follaxe!

No ceio azul, as nubes pequeniñas,  
lus vagorosa as raudas anduriñas;  
na aldea solo de campás repique...

Door profundo que nos rouba a calma.  
Tristezas que persiguen nosa ialma;  
algo traidor... non sei como me exprique...

Pero, escoitai... Mociños, ¿que traedes?  
"Alegría, pracer que vós non tedes".

II

Non temos, non -como anos fai- ¡sabido!  
cando por montes e por chaos, lixeiros,  
íbamos polos pobos festexeiros,  
ás romerías que xamás olvido.

Mais, dende logo, cando veu a guerra  
-o ano 36- si que perdemos  
a gracia -i asta vellos nos volvemos,  
sin selo- pero aínda a nosa terra

sabe que, si fai falta que loitemos  
e que da gaita o<sup>237</sup> doce son bailemos  
alborozados a súa muiñeira,

vellos e mutilados -foi por ela-  
fortes nos volveremos pra<sup>238</sup> vela  
victoriosa, subrime feiticeira.

Villapedre

---

236 Ve a luz o 30 de outubro de 1943 en *Las Riberas del Eo*.

237 Sería posible interpretalo tamén como *ao*.

238 A métrica esixiría a forma *para*.

### Amador Fernández Mejeras

Fernández Mejeras (Ribadeo 1913-1971), co pai de Barres (Castropol) e a nai da Roda (Tapia de Casarego), cursa Latín e Filosofía no seminario de Mondoñedo e estuda Maxisterio en Uviéu. O 28 de xullo de 1941 casa con Mercedes Méndez González, natural de El Franco. Traballa de mestre en diferentes localidades das terras que van do Baraio ao Eo, de aí que o domicilio familiar estea subordinado ao lugar onde exerce a profesión (Villapedre, A Roda, Tapia, Barres, Villalmarzo, A Caridá...). A produción de Amador, mestre do soneto, quen chegou a escribir unha historia de Asturias en oitavas reais, está espallada por *Las Riberas del Eo*, *Hoja Parroquial de Vegadeo* e outras revistas do occidente asturiano, unha terra querida que asoma con frecuencia nos seus poemas:



### Valdeparees<sup>239</sup>

¡Pueblecito admirable, Valdeparees hermoso!  
 Son ya tantos los meses que he mirado pasar  
 evocando el día triste que marché presuroso  
 de tu bello recinto, maravilla sin par.

En Guipúzcoa vivía sin poder olvidarte;  
 paraíso hechicero donde el cántabro mar  
 rima trovas sublimes, para luego ofrendarte  
 los arpegios divinos de su fiero cantar.

---

239 Tomamos o texto dun manuscrito do autor.

Cuando llegue el momento que con ansia añoramos,  
de partir para Asturias, la *tierrina* que amamos,  
nuestros puros anhelos, cumplidos se verán,  
paseando una tarde por tus campos floridos.  
A ti, nido de ensueños; a tus hijos queridos,  
os saluda el poeta, desde San Sebastián.

93

23-3-41

A pegada rubeniana queda ben patente na “Marcha nupcial” que o poeta dedica “a doña Raquel Suárez de Téifaros (Andés)”, que leva a data “3-7-48” e que fai o número LVII dos seus inéditos *Poemas nupciales*:

Salud y alegrías,  
ventura y ensueño nos brinda gentil Primavera,  
placer, ilusiones, amor, poesías...  
Las flores sencillas sus aromas exhalan doquiera;  
las rosas fragantes, los liros y dalias, claveles, violetas y nardos,  
las lilas hermosas y los crisantemos, con los tulipanes se miran formando guir-  
naldas, coronas de bardos  
que cantan las gestas heroicas de España y se inspiran  
en cuadros preciosos, paisajes sublimes que ofrenda Natura  
en dulces cariños que arroban, subyugan, febriles,  
en quedos, lejanos pensiles;  
en casta hermosura;  
en algo divino que lleva consigo,  
que, eterno, revive, perdura  
Belleza que siempre bendigo.  
[...]

### **Prá miña aldea**<sup>240</sup>

*A Ramón F. de Soto en prueba de gratitud.*

Cando<sup>241</sup> a aurora sonrosada  
aparece polo Oriente  
i os merliños na enramada  
saludan o sol nascente,

---

240 Publicada baixo a epígrafe “Poetas da terra”, escolmada por Antolín S. Mediante no seu arquivo.

241 No orixinal, *Cand'o*.

e cando entre os piñeirales  
se percibe a fresca brisa  
i os douradiños trigales  
brilan do sol coa surrisa,  
deixo a solitaria aldea  
i o meu paterno fogar,  
nos que tanto me recrea  
dos xilgueiros o cantar,  
pra ver que os traballadores  
baixan cara ós labradíos  
e que os sencillos pastores  
alindan preto dos ríos.

¡Que alegría feiticeira  
dormir baixo dos castiros  
e da brisa pracenteira  
escoitar soaves suspiros!

¡Doce vida campesina!  
¿Cando en ti descansarei  
e na fonte cristalina  
a pura auga beberei?

O teu vello camposanto  
seña a última morada  
do poeta que ansiou tanto  
de todos foses amada!

Ribadeo

### **Queixumes arpados**<sup>242</sup>

*Ó meu parente Manoliño Martínez de Lois cariñosamente.  
O Autor.*

¡Pasou un ano! ¡Que axiña! Francamente  
non se poido expricar... Porque o vemos  
e porque todos que marcharnos<sup>243</sup> temos  
de esta vida infeliz, de entre esta xente,

---

242 Publicado o 16 de marzo de 1940 no número 3379 de *Las Riberas del Eo*.

243 No orixinal, *marchamos*.



nos convencemos. E máis cando un amigo  
tan xoven coma<sup>244</sup> ti, morre tan lexos  
do seu fogar, ós pálidos refrexos  
da pobre luz nun hespital... Eu digo

que moito máis me convenceu quedarme  
sin aquel pai feliz que a consolarme  
nos meus pesares desde o Ceo vén,

aquel home tan bon e cariñoso  
que nos meus brazos se dormiu dichoso  
pra despertar no celestial Edén.

\*\*\*

Un medallón dedícache o poeta  
ó enterarse da túa mala sorte  
cando do mundo te levou a morte...  
Un medallón... perfumes de violeta.

Versos e froles que<sup>245</sup> inspiroulle a guerra  
e máis que nada, tal de irmán cariñoso<sup>246</sup>,  
ó mirar te quedabas tan soño  
lonxe, moi lonxe desta meiga terra.

Si en ti perderon seu amor sinxelo,  
aunque hoxe choren, non me admiro delo,  
tamén eu choro, teus beninos pais...

¡Adiós, Manuel! ¡Adiós! Asta que un día  
enterren, cerca da túa caixa fría,  
o teu parente, como a moitos máis.

Villarmarzo<sup>247</sup>, 7 de marzo de 1940

---

244 No orixinal, *como a*.

245 No orixinal, *q'*.

246 No orixinal *cariñoso*

247 Noutras datas o autor utiliza a forma *Vilalmarzo*.

### Moitos anos...<sup>248</sup>

*A D. Eduardo Lence Santar, caro amigo.*

96

¡Moitos anos pasaron dende o día  
cando triste marchei de Mondañedo  
craro mencer primaveiral e quedo,  
para vivir na miña Asturias fría!

Semanas fai, ás miñas mans chegaron  
unhas follas, envío dese bardo  
galego, meu insigne D. Eduardo  
Lence Santar. El e outros as mandaron

imprimir ó cumprirse o Centenario  
do nacemento en pobo lexendario  
de Mondañedo, do ilustre Pascual Veiga,

o músico xenial, autor famoso,  
que compuxo a Alborada... Foi dichoso  
e nobre fillo desa Ciudá meiga,

que o bendice piadosa e que o adora,  
cal o poeta, que, ó contalo, chora...

Villapedre (Navia)

### Villaselán<sup>249</sup>

*A su digno Párroco D. José Antonio Lodos Villarino, fraternalmente.*

¡Quen me dera de Ti hoxe encontrarme  
non tan lonxe; sinón cerca, cerquiña,  
como cando ás túas prantas, Virxenciña,  
me levaban meus pais, a arrodillarme!

Agora que eles faltan, pois morreron...,  
¿a quen hei de chamar nos meus doores,  
mais que a Ti, craro sol dos meus amores,  
a quen eles ¡meus probes! me ofreceron?

Solo me queda, de Ti separado,  
doce recordo, teu Santuario amado,  
e da túa festa seus encantos mil...,

---

248 Publicada o 16 de xaneiro de 1943 no número 3522 de *Las Riberas del Eo*.

249 Publicada o 29 de maio de 1943 no número 3541 de *Las Riberas del Eo*.

que me inspira tamén outra Capilla  
preto da miña Escola; marabilla  
da Asturias grata e fermosa: *Villaoril*.<sup>250</sup>  
Villapedre

97

### **Mariñeiras**

*Ós tapiegos, de Ribadeo, cariñosamente.*

Cando de Porcillán veño acordarme,  
tamén recordo o meu bon amigo  
*Penoucos*. Seus irmáns sempre conmigo  
como pais se portaron. Olvidarme  
dos favores non poido, mentras teña  
vida, nin dos momentos, doces horas,  
que nas súas lanchas e nas súas motoras,  
pasei, cando era un neno... ¡Ojalá seña  
este soneto meu sentido canto  
dos seus traballos e honradez que tanto  
engrandecen o pobo que os cobixa!  
¡*Tapiegos*! De loitar nunca deixedes.  
¡Dios vos garde! Confío. Ben sabedes,  
vosa memoria en min estará fixa.  
Villapedre

### **Ovidio Martínez Álvarez. “Ovidio de Queipo”**

Ovidio de Queipo (Boal, 1915-1945), gran poeta truncado pola súa prematura morte, obtivo o título de Maxisterio en Madrid, onde tamén cursou materias de Filosofía, Veterinaria e Periodismo e asistiu aos faladoiros literarios do café Gijón. Publicou en *La Comarca de Ribadeo*, *Las Riberas del Eo* e en varias revistas americanas. A través do seu “Autorretrato” (en *El Progreso de Asturias* de La Habana, 31 de agosto de 1940) podemos aproximarnos ao ser íntimo do autor:

---

250 A romaría da Nosa Señora de Villaouril, na parroquia naveiga de Piñeira, que se celebra a finais de setembro, coñécese por “Las Gallegas” ou “Festa das Galegas”, debido á cantidade de devotos que tradicionalmente acoden desde Galicia ao santuario.



Perdono al que me ofende,  
soy incapaz de la traición;  
esto lo afirma el que comprende  
la franca nobleza de mi corazón.

El nido triste de la melancolía  
tiene asiento en el fondo de mi alma;  
la pena con salpicos de alegría  
es la que turba mi sedienta calma. [...]

Soubo integrar no galego común literario trazos da fala de Boal, como ben se pode ver no descordo poliestrófico “Bágoas e tristuras” e nos demais poemas que escolmamos, e tamén introducir localismos nos poemas en castelán, coma no maxistral “Nocturno de serrana” ou no “Poema” dedicado en 1942 a José Nieto:

¡Ay! el gris en tu azotea  
goteando *rub[i]én* de tarde,  
para dar color y risa  
a la esperanza del aire...  
[...]

E mesmo utilizar formas americanas cando o tema o requiría, como en “¡Tus tangos...!”<sup>251</sup>:

---

251 Aparece o 10 de febreiro de 1940 no número 3374 de *Las Riberas del Eo*.

Quisiera con la guitarra,  
 pulsar en tus fibras tiernas  
 y decir: Chinita mía,  
 vós sós la pebeta buena  
 que en las cansiones crioyas  
 dejás toda el alma entera.  
 [...]

Na súa poesía hai abundantes elementos que nos lembran os autores da Xeración do 27:

¡Oh, luna, lunita, luna;  
 caracol de mar risueña,  
 prendida en el sortilegio  
 de un capullo de azucena!

¡¡Cómo navega la noche  
 por la costa sin mareas,  
 donde los peces del Cielo  
 quedamente guisguijean,  
 en recóndito escondrijo  
 de peñascos y arboledas...!!<sup>252</sup>  
 [...]

### **Bágoas e tristuras**<sup>253</sup>

Dicen<sup>254</sup> que a pena se marcha,  
 xunto das<sup>255</sup> bágoas discretas  
 ¡<sup>256</sup> que esas froes de escarcha  
 con que soñan os poetas,  
 son como unhas<sup>257</sup> anduriñas  
 de alas mouras e pintadas,  
 que cantan amor e riñas  
 i fuxen entre alboradas.

252 De “Reflejo”, publicado o 15/10/ 1941 no número 3464 de *Las Riberas del Eo*.

253 Publicada o 27 de abril de 1940 no número 3384 de *Las Riberas del Eo*.

254 Forma propia das falas orientais.

255 No orixinal, o apóstrofo aparece en *d'as, un'as, d'alas, qu'a, a y'alma, d'os, d'o, y'o e n'o*.

256 O poeta emprega a forma maioritaria e ao lado da local, *y*, en posición preconsonántica. A grafía <y>, ademais de na copulativa, encontrámola en *a y'alma, hay e muytas*.

257 O autor escribe *un'as e dunhos*.

Eu que a ialma atormentein<sup>258</sup>,  
con amoriños lexanos  
i chorosos:  
Direivos que equivoquein.  
¡Experiencia dos meus anos,  
mentirosos...!

Hai espiñas entre frores  
i os susurros do regato,  
son muitas veces dolores.  
Amarguras e clamores,  
cando “Ela” finxe alegato.

Vén a noite tras do día  
i o queixume que atormenta,  
é como a pasión tardía  
que a foi levando a tormenta,  
mentras que no peito ardía.

Boal (Oviedo)

### **Semblanza**<sup>259</sup>

Rapaza do pelo de ouro  
que en Chao<sup>260</sup> do Campo da Sela,  
cos ollos me falache  
de amargura e de tristeza:  
[¿]Xa non te acordas de min  
ou é que esa altiva pena  
que o día de Corpus levabas  
marchou xunto da cadencia,  
dunhos versos suaves, dulces  
que susurrando dixeras[?]  
¡Ai, que pesadumbre teño  
no máis remoto da idea,  
desde aquela tarde crara  
que, tras da Virxen Morena,  
camiñabas pensativa

---

258 No galego de Asturias conviven as formas en *-ein* coas en *-ei*.

259 Publicada o 13 de xullo de 1940 no número 3395 de *Las Riberas del Eo*.

260 No orixinal, *cháa*.

-rosario e mantilla negra,  
 deixando no corazón  
 e na ialma d[o] poeta,  
 angustias de noite branca  
 xunta<sup>261</sup> as madrugadas negras...!  
 Todo o idealismo che mando  
 desconocida gallega;  
 e si ques que a miña lira  
 cante a túa sembranza en queixas:  
 Consinte que, nas ruadas,  
 vaia con ti i as estrelas  
 navegando pola ría,  
 recitando os meus poemas  
 i facendo cos reflexos  
 que a lúa dibuxa nas penas  
 idilios interminabres  
 de añoranzas mariñeiras...  
 Rapaza do pelo de ouro  
 que en Chao do Campo da Sela,  
 cos ollos me falache<sup>262</sup>,  
 de amargura e de tristeza.  
 Boal (Oviedo)

### **Xa cho direi algún día**<sup>263</sup>

Quérote moitiño, moito  
 porque es feiticeiriña,  
 i ademais tes úos<sup>264</sup> oyos<sup>265</sup>  
 que son dúas xoias diviñas.

Quérote porque me escribes  
 con frases de sempatía  
 i porque nos labios levas  
 el azucre das<sup>266</sup> rosquillas.

261 Dado que no orixinal figura *xunt*<sup>4</sup>, podería interpretarse tamén como *xunto*.

262 De novo aquí o autor opta pola solución local *-che* fronte á maioritaria en *-ches*.

263 Versión mecanografada por Ángel Arias, que nos chega a través de Susina Pérez.

264 Non sabemos se esta grafía, de acordo coa fonética local, é do autor ou do copista.

265 A fonética ieísta aparece en formas como *oyos*, *escoyida*, *orbayeda* etc.

266 No orixinal, *de as*.

Condo<sup>267</sup> vexo nas silveiras  
 amoras i paxariñas<sup>268</sup>,  
 i cando nos prados nace  
 as rosas de campanillas,  
 entós sinto na mía alma  
 úa nostalxia<sup>269</sup> delorida.

Acórdome do teu corpo  
 que é de color dúa espiga.  
 Sono<sup>270</sup> contigo de noite  
 con visiois de fantasía.  
 Véxote no firmamento  
 al pé das sete cabrías<sup>271</sup>,  
 i... nun me atrevo a decircho.  
 ¡Xa cho direi algún día!

### **Añoranza**<sup>272</sup>

Arrimado ás columnas de granito  
 que sosteñen o peso do portal,  
 cúa<sup>273</sup> alegría que rebosa o peito enchido,  
 sinto das anduriñas o parlido  
 que úas e outras deixan al pasar.

As máis delas<sup>274</sup> son aves lexanas  
 que da quente Abisinia chegaron,  
 e os colores que levan nas alas  
 son o fogo que abrasa a dúas almas  
 que nun mes de maio queimaron.

Queimaron, si, úa tarde en que o ceo  
 parecía úa alaxa de ouro.  
 Dous golpes sonaron,

---

267 Esta forma comarcal aparece ao lado de *cando*.

268 Bolboretas.

269 No orixinal, *nostálxica*.

270 Hipergaleguismo por *soño*.

271 As sete estrelas principais das Pléiades. Obsérvese o emprego, neste mesmo poema, da terminación comarcal *-ías* e do maioritario *-iñas*.

272 O mesmo que a anterior, é unha versión mecanografada por Ángel Arias, que nos facilita Susina Pérez.

273 Podemos pensar tamén na forma *cua* (< *coa*).

274 No orixinal, *déles*.



chegou o carteiro  
 i un prego nun sobre entregoume.  
 Eu cuidei que, a carta, era todo un soño  
 al igual que un suspiro hechiceiro.

Mais o idilio que un día forxamos  
 concruirá con frores de querer,  
 porque ti, xa pra min representas  
 algo fino de amores e querencias...  
 ...es ti a escoyida e ti has de ser...

### Nocturno de serrana<sup>275</sup>

(...digan, que de Dios decían...)

Floreaban los castaños,  
 olíanse las *gancellas*  
 y yo subía ardoroso  
 con granazón de estrella  
 al alto del Penouta  
 que estaba con maicena  
 y nata de *rubién*,  
 sin brisa de luciérnaga.  
 (Asenderado el roble,  
 soñaba en la verdeda...)  
 (El *bellotín*<sup>276</sup> cantaba  
 a su lechuza escueta,  
 que con presagio y luz  
 posaba en la Trapella,  
 bañada con *lunar*  
 de escarchas de canela).  
 Hastiado por triscar  
 granito y areneda,  
 llegueme al Gumio solo  
 sediento de agua fresca,  
 para sorber después  
 jugosos y *orbayeda*,  
 con un truchar de azor,

---

275 Publicada o 4 de novembro de 1944 no número 3616 de *Las Riberas del Eo* [a cursiva é nosa].

276 Ovo, aguillón, peza do muíño que encaixa no extremo inferior do varón ou vara, sobre o que xira o rodezno ou rodicio.

requesos de vaquera  
y duro pan candeal,  
cocido por hornera  
de pizarral en cruz,  
que mano sin cansera  
caldeara al madrugar,  
con toxo y enrameda.  
Mas no torné y seguí  
hasta Rozadas, cerca<sup>277</sup>,  
pasando frío de albor  
lloviendo a la serena...;  
ya que por madrugar  
clavárame la pena,  
una llorada al Sol  
que entraba por La Vega<sup>278</sup>,  
al canto del gallar  
con ¡ay! de barcarela.  
Y no se me portó  
porque la mi moneda,  
trocárase en Penouta  
-dejando atrás Trapella-  
en lanas al azul  
de pieles de cordera.  
Y ya que no dormí  
en cama asentadera,  
de aquel enero en flor,  
perfume y acedera,  
serranas le canté  
andando sin espera,  
por entre bermellón  
que pinta juramenta,  
claror en el Cordal  
y noche de Poeta.

Boal (Asturias)

---

277 No orixinal, *terca*.

278 A Veiga de Ouria.

### Francisco Fidalgo Villaveirán

Fidalgo Villaveirán (Valdepareas, El Franco, 1913- Uviéu, 1998). Estudou o bacharelato en Ribadeo e estudou Maxisterio en Uviéu. Desde os 18 anos exerceu de mestre en varias localidades (Mántaras, Boal, Padrón) ata que accedeu ao corpo de directores de escolas anexas. Como tal, estivo destinado primeiro en Lugo (1945) e despois en Uviéu (1950) ata a súa xubilación.

Paralelamente ao seu traballo como mestre estudou Dereito en Santiago e Uviéu, cidade na que tivo despacho. Moi vinculado ás Figueiras (Castropol), foi un dos fundadores da súa biblioteca e do xornal *Atalaya*, así como biógrafo de Miguel García Teijeiro, historiador e correspondente da Real Academia Galega natural de Barres. Fidalgo actuou múltiples veces como animador cultural en diferentes lugares e foi autor de abundantes artigos sobre aspectos históricos relacionados coas terras de entre o Navia e o Eo en *Las Riberas del Eo*, *La Comarca* ou *Faro de Tapia*. Mantivo relación con algúns escritores galegos da época como Bouza Brei. Deste autor reproduce textualmente en *Las Riberas del Eo*<sup>279</sup> algunhas palabras relacionadas coas terras eonaviegas nas que o poeta di “Cuando Plinio, Galicia llegaba al río Navia y no se puede negar que esa zona occidental tiene más de gallego que de asturiano. Se habla, se come, se construye, se viste y se vive en gallego”. En galego publicou Fidalgo prosas de carácter costumista, textos folclóricos e algún poema (cf. Babarro 2014). Entre estes, o máis coñecido é a súa “Nana pra dormir os nenos”<sup>280</sup>.



279 “D. Fermín Bouza Brey”, en *Las Riberas del Eo*, nº 3962 (23/06/1951).

280 Contamos con dúas versións, unha de 1950, que conserva, en copia mecanografada con notas manuscritas do autor, a súa filla Nieves, e a publicada en xullo de 1988 no programa das “Fiestas Patronales de Santiago Apóstol de Boal”, onde o autor tamén ofrece unha serie de adiviñas e un artigo de carácter histórico titulado “Pequeñas historias de Boal: retablo dieciochesco. Linajes e hidalgos”.

Hai elementos desta composición que nos lembran a “Canzón pra que un neno non durma” de Luís Pimentel (*Triscos* aparece precisamente en 1950). Aínda que as semellanzas entre ambos os dous poemas poidan deberse a simple coincidencia, con seguridade, Fidalgo, profesor en Lugo e con familia lucense, coñecía a obra de Pimentel, poeta, por outra parte, moi amigo desde os primeiros anos de 1940 do castropolés Vicente Loriente, difusor e propagandista da súa obra (cf. Pimentel 1981: 17).

Outro autor da xeración de 1925 que tratou foi Fermín Bouza-Brey. Sabemos, por unha carta persoal que conservamos de Fidalgo, que contaba na súa biblioteca coa obra de Bouza, a quen el mesmo subministrara datos para as súas investigacións etnográficas. Os dous coinciden a comezos da década de 1950 en Uviéu. O 23 de xuño de 1951 Villaveirán dedícalle no número 3962 de *Las Riberas del Eo* un artigo a modo de entrevista titulado “D. Fermín Bouza Brey”.

A prosa poética aflora a miúdo nos seus escritos, coma no titulado “Tierras de Padrón.- Herbón, San Antonio y su convento”, que encabeza con versos de Rosalía (“Tristes campanas de Herbón/ cando vos oio partídesme / as cordas do corazón”)<sup>281</sup>:

106 [...] El sol se muere en la ría de Arosa. El crepúsculo vespertino se diluye en tonos de fantasmagórica luz. Los mozos y mozas cantan y las notas verdes y plañideras de la gaita, verdes como el campo, se alargan en el morir soñando del paisaje.

San Antoniño de Herbón,  
casamenteiro das vellas,  
¿por que nun casas as novas?  
¿Que mal che fixeron elas?

Y la voz muere en cadencia de quejumbrosidad que la campiña durmiente recoge en sus latidos para guardarlos en el fondo del alma.

Ou naquel onde recrea o mundo universitario compostelán<sup>282</sup>:

[...] El eco juega en los soportales y corre por las rúas como el aliento de una oración. Suenan las cinco y la aurora pugna por asomar en el cielo bajo y saudoso de Santiago; mas las fondas aún arrojan a la calle la luz de sus ventanas y las puertas dan salida a fantasmas que son estudiantes que, en pijama los más y en gabardina los menos, se debaten con el sueño, buscando la taza de café que avive el cerebro y permita proseguir sin descanso el estudio. [...].

De 1936 coñecémoslle esta curiosa composición:

### Un día cualquiera en Castropol. Inocentada<sup>283</sup>

Mañanita de sol  
luce en la ría el *tesón*<sup>284</sup>  
y despierta Castropol  
al dulce son de campanas y esquilón.  
*Persínanse* las devotas<sup>285</sup>,  
dejan el catre con prisas,  
quieren oír las tres misas  
y murmurar unas de otras.  
A la orilla del *tesón*

281 Publicado no número 3657 de *Las Riberas del Eo* o 18 de agosto de 1945.

282 “Santiago: Fin de curso”, publicado no número 3652 de *Las Riberas del Eo* o 14 de xullo de 1945.

283 Seguimos o texto mecanografiado polo autor que conserva a súa filla M.<sup>a</sup> Antonia.

284 Banco de area que descobre no medio da ría na baixamar [a cursiva de todas as formas é nosa].

285 Esta forma está fundida con *los devotos*. Optamos polo feminino, por ser este o único xénero que marca máis abaixo en *unas de otras*.

echa la red Fernandón.  
 Andan a los *aguiyolos*<sup>286</sup>  
*ameixolas*<sup>287</sup> y cangrejos,  
 en pandillas y solos,  
 niños y<sup>288</sup> viejos.  
 Cruza la ría en su bote  
 el "filósofo" Primote<sup>289</sup>;  
 pasa ratos muy amargos  
 olvidando los encargos.  
 Haga sol o esté nublado  
 a las diez se abre el Juzgado.  
 Van pasando los curiales  
 cargados de memoriales.  
 Ya mandaron por delante  
 al pobre del litigante.  
 Veinte veces sube y baja  
 con su más tierna amiguita,  
 una flor que no se aja,  
 la sempiterna... Amalita.  
 Desde las doce a la una  
 en el bar Pepe de Lola  
 buen vermut, buena aceituna  
 y alguna que otra bola  
 (llega hasta la plaza la cola).  
 Van desfilando las horas  
 muy lentas; muy *caladiñas*  
 desfilan las aguadoras  
 y las burras de las piñas.  
 Al llegar la del rosario,  
 si no hay *escriturinas*,  
 pasa con las sus *zoquinas*  
 el infeliz del notario  
 repartiendo... *palmadinas*.  
 Por la noche en el estanco,  
 tertulia muy concurrida,  
 se enmienda la plana a Franco

---

286 Aguilolo, longueirón

287 No orixinal *emeixolas*. Ameixas.

288 No orixinal *u*.

289 Lancheiro que comunicaba a ribeira asturiana con Ribadeo transportando persoas e mercadorías.

y se comenta la vida  
de todo bicho viviente,  
excepto la de... Lorient,  
que es cosa prohibida.  
Suena en la noche un ladrido,  
alguna que otra pisada,  
una canción, un silbido...  
luego... nada... nada.  
Un silencio sepulcral  
si no ruge el vendaval.  
Esta es si no me engaño  
de sol a sol  
la vida de todo el año  
en Castropol.

Año 1936 y 37 - 28 diciembre. Fiesta de los Santos Inocentes.

### **Nana pra dormir os<sup>290</sup> nenos**

*Duérmete, nenito,  
que viene el coco  
a llevarse a los niños  
que duermen poco<sup>291</sup>.*

Nun durmas, nenín,  
nin peches os oyos  
que el coco i as bruxas  
levan solo aos<sup>292</sup> tollos<sup>293</sup>.

Nun temas al coco,  
ás bruxas i al demo,  
que eso sonche bromas  
pra enganñar aos nenos.

Nun durmas, pequeno,  
berra canto poidas,  
espernexa i grita  
i, si queres, chora.

---

290 En 1950, *a os*.

291 Na edición de 1988 este texto popular figura en redonda, fronte á cursiva do resto do poema.

292 No orixinal aparece sempre *a os*.

293 En 1950, *tolos*. Resulta evidente que no programa están adaptadas algunhas formas á fala de Boal.

Mais, si te durmes,  
meu neno pequeno,  
pode que te lleven<sup>294</sup>  
as hadas o<sup>295</sup> el demo.

A noite<sup>296</sup> tá moura,  
Ximben<sup>297</sup> os carballos,  
el vento i a lluvia  
turran nel teyado.

Tou padre durme a cachos,  
túa madre fai que durme,  
el can ladra ás sombras,  
chuvisca no llume<sup>298</sup>.

El vento<sup>299</sup> rebinca<sup>300</sup>  
por entre el palleiro<sup>301</sup>,  
xoga con a paya,  
¡chegou el inverno!

Nun durmas con<sup>302</sup> medo,  
meu neno pequeno,  
que el demo non lleva  
aos neníos buenos<sup>303</sup>

---

294 En 1950, *leven*.

295 Figura esta forma nas dúas versións.

296 Nos dous textos aparece a forma *noita*.

297 Quizais un cruzamento entre *cimbran* "móvense" e *ximen*. Tamén se podería tratar dunha ultracorreción provocada pola oposición entre as formas castelás do tipo *lamer* e as galegas similares a *lamber*. En 1950, *ximen*.

298 En 1950 *lume*.

299 Na versión de 1950 esta palabra está mecanografiada sobre outra precedente, que parece ser *trasgo*.

300 Rebrinca, enreda.

301 No texto figura *palleiro* e *carballos*, pero, en cambio, *paya* e *teyado*.

302 Na versión de 1950 existe neste lugar a forma *por* anulada.

303 En 1950, *que el demo escapa* [corrixido sobre un texto anterior ilexible] / *dos neníos que son buenos*.

## 1.5 Os anos da Ditadura

110 A guerra civil e o réxime implantado supuxeron un corte no desenvolvemento que viña experimentando a expresión escrita. A pesar diso, na prensa comarcal e en certos programas de festas continuamos achando textos en galego máis ou menos esporadicamente, tanto dos autores das xeracións pasadas como de novos valores<sup>304</sup>.

Desde o punto de vista cultural é obrigatorio mencionar o ano 1956, que é cando Fermín Luís Fernández Penzol-Labandera, coñecido en Castropol como Fermín Labandera, entrega simbolicamente á Editorial Galaxia a súa biblioteca; formalizándose tal entrega en 1963 ao crearse a Fundación Penzol.

Acontecemento cultural digno de mención son tamén as representacións que se levan a cabo en Castropol en 1968 e 1969 d'*Os vellos non deben de namorarse* de Castelao e d'*Os chirlosmirlos*, recuperando así a obra que popularizara nos anos de preguerra o Teatro Aldeano<sup>305</sup>.

---

304 A miúdo o uso do galego ten moito que ver co feito de sentilo como lingua da proximidade. Neste contexto debemos situar a poesía "Entre nosoutros" de Facundo Proviso, publicada o 30 de xuño de 1951 no número 3963 de *Las Riberas del Eo*, na que se alude ao monumento ao mestre Lombardero en Taramundi: "Xa pasaron as festas / foi inaugurada a estatua / e toda a xente que estaba / marchouse ben encantada / agora quero deciros / unha cousa mui grata / que tá a chegar Leonardo / que xa volve da Habana / que xuro fará moitas cousas / pró ben da nosa terra amada".

Nas múltiples crónicas de Conrado Villar son abundantes os galeguismos, marcados con cursiva, coma na do 16 de xuño de 1951, número 3961 do mesmo xornal, onde describe a festa do Xuio taramundesa: "Como deixamos dicho, el programa era sugestivo y *argalleiro*; convidaba a presenciar su desarrollo, y, a ese fin, nos dirigimos a nuestro pueblo natal, pudiendo ver, una vez que a él llegamos, que aquél *xa dera o primeiro estironcín* a las 12 del día 2, siendo nuncio de ello el volteo de las grandes y famosas campanas que ostenta la torre de la iglesia parroquial y el lanzamiento de potentes morteros, que, a juzgar por *os sous estoupidos*, nos parecieron que tenían el marchamo de San Tirso".

As veces rexístranse verdadeiros textos híbridos, coma este do 24 de setembro de 1949, número 3871 do devandito periódico, onde describe a festa dos Remedios de Porcía: "y a pesar de que todo *costa un oyo d'a cara*, abundaban *as búas empanadas de pitos*, el sabroso lacón, la clásica *tortija* y *outras moitas cousas* por el estilo, *remoyadas*, como es lógico, *pra que corresen mejor con excelente viño* y no menos excelentes sidra y aromático café".

Ou, na mesma páxina, a da Nosa Señora da Portería de Salave: "Dando ya esto lugar a *qu'as nenas se puxesen en berlina buscando lo mejor del fondo del baúl, mirándose al espejo y enladriándose os labios, amén d'outras moitas cousas qu'hoy tan de moda*".

305 Para o teatro de preguerra, cf. Suárez Fernández 2006 e 2009.



## FUTBOL Y GAITA

Diálogo en bable, en el que un viejo pretende jugar al fútbol, haciéndole desistir de tal empeño su mujer

### PERSONAJES

XUACO - Moncho  
PEPA - Toñita

### CANCIONES

de siempre interpretadas a coro y acompañadas al piano por D. Vicente Loriente

### OS VELLO NON DEBEN DE NAMORARSE

Obra de Alfonso R. Castiella que nos hace ver la locura de enamorarse los viejos de jóvenes rapasas. Consta esta obra, de tres actos, los dos primeros diferentes entre si y el tercero conserva la unidad de la obra

### PERSONAJES

#### Acto I

En cuatro entenas por orden de apa orde

Lola - María Luisa  
Boticario - Juan Manuel  
Morte - Manuel Núñez  
Irma 1.ª - M.ª Angeles  
Irma 2.ª - Renata  
Irma 3.ª - M.ª Oliva  
Irma 4.ª - Clara Diaz  
Mulle 1.ª - Loli Diaz  
Mulle 2.ª - Pochota  
Mulle 3.ª - M.ª Carmen Prego  
Carabinero - Jeron Viguera

#### Acto II

En cuatro entenas por orden de apa orde

D. Ramon - Manu  
Nal - M.ª Josefina  
Pal - Ricardo  
Rapaz - José María  
Dreva - Jeron Viguera  
Porra - Rosa Viguera  
Micaela - M.ª Angeles  
Postiguera - Pepe Llorente  
Morte - Manuel Núñez

#### Acto III

En una entena

Rafanero - Juan Manuel  
Sr. Pacho - Santiago Amor  
D. Ramon - Nani

Dirección: Srs Loriente

111

En diciembre de 1968 un grupo de aficionados representa en Castropol Os vellos non deben de namorararse

## CASTROPOL

## TEATRO CASINO

LOS AFICIONADOS AL TEATRO

DOMINGO

23

febrero

presentan las obras

HORARIO

6 tarde

10<sup>30</sup> noche

### La fablilla del secreto bien guardado

ALLIANDRO CASONS

REPARTO: (TRANECO) Manuel Núñez - BRUNO) Santiago Amor - LEONELA, M.ª Luisa Varela  
ASINTA) Mariela - LISIA) Pochota - SA'VORA, M.ª Chies

### Os chirlosmirlos

(Traducida por el Teatro Aficionado de Castropol en 1955)

REPARTO: RAMON) José Manuel - MARÍA, M.ª Angeles - TIA MARICA, Nani - SAN HENRY  
D) BARRICO) Ricardo Diaz - REAS) Pepe Llorente - COMPAÑERA) Nani

### Canción asturiana

por

Pepe - Toñi - Jorge y Moncho

C A N C I O N E S

Acompañados José Viguera

Directores: Srs. Loriente

NOTA: El sábado día 22 a las 8.30' habrá representación para niños mediante especial



Coa representación d'Os chirlosmirlos en 1969 recupérase o teatro anterior á guerra civil

112

En relación coa literatura popular, debemos lembrar, entre outros, os estudos que dá a coñecer José Luis Pérez de Castro sobre diferentes xéneros (adiviñas, dialoxismos, refraneiro...) e as achegas de Manuel Álvarez Rico e de J. L. Labandera Campoamor, quen tamén cultivou esporadicamente a poesía.

En canto á creación de autor, ademais de composicións de escritores considerados xa nos apartados anteriores, destaca o boalés Benjamín López. Ao lado del encadraríanse outros que, aínda que nados a finais do século XIX, pensamos que se dan a coñecer máis a partir de mediados do XX. Entre eles figuran Ignacio Pérez González "Ignacio de Catalina" e Daniel Vargas Vidal. A eles, poderíamos engadir a produción de Ana Vior Díaz, moito máis próxima aos nosos tempos<sup>306</sup>.

### Ignacio Pérez González "Ignacio de Catalina"

De "Ignacio de Catalina" (Tapia, 1898-Candás, Carreño, 1977), mestre de profesión, coñecemos varias composicións, publicadas en programas de festas e revistas locais. A súa inspiración debíase a miúdo á señardade pola terra que o vira nacer, igualmente presente na súa produción en castelán, como ocorre neste soneto:



306 Cf. Rico Ventoso 2006.

### Tapia de Casariego<sup>307</sup>

Sobre el acantilado que el Cantábrico azota  
y las olas salpican con rociadas de espuma  
vaporosa, impalpable, que en el aire se esfuma;  
sobre una enorme roca, como blanca gaviota,

-más que apoyada en la tierra, parece que flota  
envuelta entre los grises cendales de la bruma-,  
la villa marinera aparenta quietud suma  
con los ojos clavados en lejanía ignota...

Poco a poco pasa la procesión de los días;  
un año tras otro año transcurren lentamente,  
el tiempo, inexorable, camina sin cesar...

Mas, sin verse agobiada, de grandes agonías,  
mirando al horizonte, con gesto displicente,  
Tapia de Casariego sonríe cara al mar...

Verano de 1967

En Tapia tamén desenvolve a composición costumista “Non por erguerse cedo”<sup>308</sup>:

Inda nun salira el sol  
aunque el día xa aclaraba,  
condo Ramonín de Rosa,  
el neto de Pin de Xuana,  
canturrando unha canción  
camín del muelle baxaba.

[...]

Por a mitá da caleya  
con un caldeiro a por agua  
iba pra hacia a Fonte Nova  
unha preciosa rapaza:  
Filumena de Lourenzo,  
el fiyo de Pepe el “Rana”,  
i que dicindo a verdá  
(pos non dicila é bobada)  
todos os que la conocen  
saben que é a nena más guapa

<sup>307</sup> Publicado o verán de 1967 na revista *Baja Mar*, editada polo Centro de Iniciativas y Turismo de Tapia.

<sup>308</sup> Aparece na *Baja Mar* do verán de 1972 (pode verse o texto completo tamén en Babarro 2003. Vol. II: 265).

de todas as guapas nenas  
de que tan chía tá Tapia.  
[...]

114

**¡Que tempos...!**<sup>309</sup>

Desde<sup>310</sup> el Faro<sup>311</sup> á Ponte Grande,  
desde A Reburdia al Toxal,  
nun hai tarrón nin hai pedra  
que, si podera falar,  
non<sup>312</sup> soupera decir cousas  
que nos fixeran chorar...

Que tempos, aqueles<sup>313</sup> tempos  
de que hoi<sup>314</sup> me quero acordar...!

Inda me parece a min  
que alguén por el<sup>315</sup> haberá  
que se acorde de lo que era  
Tapia treinta anos atrás.  
Inda haberá quen se acorde  
das fogueiras de San Juan  
i das trastadas<sup>316</sup> dos mozos  
pra fer a xente rabiar...

¡Carros de aldea atravesados  
polos caleyois máis  
torcidos; dentro dun bote  
un burru<sup>317</sup> en medio del mar;  
chalanas nel Campo Grandel;

---

309 Publicado, co subtítulo “Verso en bable occidental” e asinado por Ignacio de Catalina, o verán de 1950 no programa *Fiestas de Ntra. Sra. del Carmen y San Pedro Apostol de Tapia*. Volve aparecer no programa do Carme de 1965.

310 O autor escribe *desd’el, desd’a, d’as, pol’os etc.; hoy, y etc.*

311 No orixinal, todos estes topónimos figuran entre comiñas.

312 O autor emprega *nun e non*.

313 Lembremos que no Eo-Navia, xunto ás formas analóxicas *aqueles, eles, estes, eses etc.*, mantéñense as etimolóxicas *aquelos, elos, estos, esos etc.*

314 Recordemos que a forma *hoi*, por *hoxe*, é propia destas falas de Asturias e tamén dalgunhas de Lugo.

315 No orixinal, *ehi*.

316 O autor alude a un costume vinculado á noite de San Xoán. Hai localidades da provincia de Ourense onde se continúa celebrando hoxe en día, coincidindo con esa data, a chamada Noite das Trastabanadas. En lugares como Oencia (O Bierzo) esta celebración faise coincidir coa Noite Vella (cf. Rodríguez y Rodríguez 1995: 98).

317 No orixinal *burru’n*.

portas a medio pechar  
 con unha buena parede  
 pra que naide poda entrar;  
 letreiros polas fachadas  
 das casas, que sin faltar  
 -i algunhas veces faltando-  
 dicen mentira ou verdá...

¡Os bailes del Consistorio  
 polas festas de San Blas,  
 de San Pedro, dos Dolores,  
 de Antroido i San Sebastián...!

¡Aquelas festas del Carmen,  
 verbenas asta a mañá  
 nel Campo Grande, cuberto  
 de farolíos pra alumar  
 á xente que se paseaba  
 ou aos que iban a bailar,  
 mentras el cueteiro<sup>318</sup> taba  
 metido prá<sup>319</sup> escuridá  
 poñendo as “ruedas de fuego”  
 que lougo iban a queimar...!

¡No[i]tes bruxas, en que todo  
 nos convidaba a soñar;  
 condo, rompendo el silencio,  
 salía a rondalla a tocar  
 i con unha serenata  
 iba as mozas despertar...!

¡Hoi todo eso tá tan lonxe,  
 que hai quen non se acorda xa;  
 mais nun hai tarrón nin pedra  
 que nun lo poda contar  
 dende<sup>320</sup> el Faro á Ponte Grande,  
 dende A Reburdia al Toxal...!

Verano de 1950

---

318 Fogueteiro.

319 No orixinal, *pra a*.

320 Fronte aos *desde* do comezo.

### Daniel Vargas Vidal

116

Vargas Vidal (Huelva, 1894- Uviéu, 1978) viviu xa desde a súa nenez en Tapia, onde seu pai fora destinado como carabineiro. El, dirixido cara á carreira militar, era brigada do exército republicano no tempo da guerra do 36. A súa estadia na cadea e figurar condenado a morte tiveron enorme repercusión na súa vida e na súa obra<sup>321</sup>. Dominaba o francés e posuía unha inquietude especial por todos os campos da cultura. En 1967 publica *Añoranzas y recuerdos de Tapia de Casariego (De la vida en un pueblo astur-galaico a comienzos del siglo XX)*. A obra presenta unha primeira parte en que o autor lembra anécdotas, costumes e outros aspectos da cultura tradicional e unha segunda, “Evocacións líricas”, en que reúne unha serie de poesías, unhas en galego e outras en castelán. A súa unión emotiva con Tapia ben se aprecia no fermoso soneto que, aínda que non chegou a formar parte do libro, sempre Daniel o sentiu moi vinculado a el<sup>322</sup>:



---

321 Escribiu unhas “Crónicas carcelarias” e outros relatos en que conta as súas vivencias durante o conflito armado, que permanecen inéditos.

322 Vargas, cando regalaba a obra a algún amigo, introducíalle o soneto mecanografado, soneto que coñecemos grazas a Aida Tagarro Vargas, neta do autor.

### A Tapia de Casariego

(canto del cisne...)

Un pequeno que aquí despierta al alba;  
débil planta que lucha contra el río...  
asina he ido yo, querida Tapia,  
engarzando mi vida a tu Destino.

Tú sola simbolizas una patria;  
tú sola, un delicioso fértil nido;  
tu tierra misma es carne en mis entrañas  
y tu mesmo aire el alma con que vivo.

Panorama que sientas en el Orrío<sup>323</sup>,  
bellas puestas de sol, el Anguilero;  
Pedrón, do las calandrias han su emporio.

Paloma, donde trinan los jilgueros.  
Lagos, de fértil paz a nuestras mentes...  
¡Qué gran dolor no veros siempre, siempre!

Entre as “evocacións líricas” o autor recolle algúns textos tradicionais e outros de propia creación seguindo os metros populares:

Dous bicos levo nel alma  
que non se apartan de min:  
el último de mía madre  
i el primeiro que che din.

Aló por Santa Gadea,  
sinto as alondras cantar;  
¡que gusto ir de camín,  
ouguíndolas gorxear!

Eu quero servirche aquí,  
para a túa deleitía,  
estas cántigas preñadas  
de suave melancolía.

---

<sup>323</sup> Farallón ou con situado cerca de Tapia. O poeta recreábase en diferentes puntos da costa tapiega, desde El Anguileiro ata os Lagos de Salave.

**Rapacíos I**

Cantar tamén eu quero -¡i como non!  
 a la<sup>324</sup> xente pequena del meu tempo;  
 xuntos corríamos de aquí pra aló  
 cual bandada de pardillos ou xilgueros.  
 ¡ tal que era el linguaxe daquela hora<sup>325</sup>  
 farei por emplearlo nestas trobas...

¡Ah, que tempos tan craros, tan alegres!  
 Por el Señor, con solo recordarlos,  
 vístesenos de festa el corazón,  
 que é, madeus<sup>326</sup>, abondo,  
 tras tantos bofetois del mundo pardo...

Correr, correr, al "marro" por San Blas,  
 tan bon lugar para as miyores festas;  
 correr e<sup>327</sup> máis correr, dexando al vento  
 mil remendos de blusas i chaquetas...

Pra el de San Sebastián, el "pico en roma".  
 Chantar fuerte nel campo noso pico,  
 tirando al del contrario,  
 era ser campeón, i aún olímpico...

Pois, nel veyo mercado, raso entonces,  
 veíanse nos aires mil billardas,  
 manexadas con rara habilidá  
 por a tapiega fuerte muchachada.

¿! el "salto" i el "ladrón"?  
 Estos tían por campo el "Campo Grande",  
 donde tantas proezas viron siglos...  
 ¿Narrarlas? Fora obra de xigantes.

¡Campo de San Martín! El gran estadio.  
 Se honraba con carneiros al toreo,  
 i el boxeo dos cerdos, era pasmo.  
 Poñían os pollinos as súas patas  
 nas grorias de algún gol...  
 Marchaba, pois, a pasos de xigante,  
 a civilización...

---

324 O uso deste castelanismo quizais veña imposto pola harmonización do hendecasilabo.

325 No orixinal, *d'aquel' hora*.

326 Abofé, meu Deus!

327 O autor emprega *e e mais* y en posición preconsonántica.



### Benjamín López González

Benjamín López (Boal, 1918-1964) desempeñou, entre outros, o oficio de albardeiro, igual ca seu pai (de aí que fora coñecido na súa vila por “Benjamín del Albardeiro”). Tamén cultivou a pintura. A súa obra, publicada en follas soltas, foi recompilada vinte anos despois do seu falecemento polos seus fillos no volume *Montañas de la Costa Verde*, título que el dera a un libriño publicado en 1960 con poemas en galego e en castelán<sup>328</sup>. Nos seus versos encontramos abundantes elementos costumistas, así como unha identificación do poeta co medio:



[...]  
 En úa mesa del rincón  
 tán comendo úa empanada.  
 Sentado el can nel tarrén,  
 mira que non apestaña;  
 si ye tiran un pedazo,  
 xa lo coye antes que caiga.  
  
 As muyeres noutra mesa  
 tán falando da matanza  
 porque al caldo de rabizas  
 ponye a morcilla sustanza.

---

328 Os herdeiros reeditan *Montañas de la Costa Verde* en 2014 cun prólogo de Xuan Xosé Sánchez Vicente e unha biografía de Juan López, os dous responsables da edición. Ademais da parte literaria, esta terceira edición recolle a reprodución de moitos dos seus “cuadros y dibujos”. Por outra parte, o Concello de Boal, con motivo do centenario do nacemento do poeta, organizou diferentes actos.

Xa ten el pico da Bobia  
 úa pucha de neve branca  
 i nel monte de Froseira  
 arrestellan as castañas,  
 i hai esfoyois por os pueblos  
 que dan alegres noitadas<sup>329</sup>.

[...]

Teño a vaca repelúa  
 lo mesmo que un rescacheiro;  
 xa nun deo lleite esta noite,  
 por eso chorou el neno;  
 nun ye gustaron as sopas  
 que sin lleite ye fixeron.  
 Tamén eo as papas secas  
 nun mas poñan, nun las quero,  
 que me empapizan na boca,  
 tráncanme nel gorgoleiro,  
 por eso que xa me tarda  
 que sane a vaca que teño,  
 pa moyar papas torradas  
 casi con tancado i medio  
 del lleite que a nosa vaca  
 dá lo mesmo que un regueiro,  
 manteigoso como el unto,  
 como el chocolate espeso<sup>330</sup>.

[...]

### **Mañá de ganza<sup>331</sup>**

Son as cinco da mañá  
 condó subo por Morteiros,  
 llevo el gadaño<sup>332</sup> nel hombro,  
 el cabruño<sup>333</sup> i el martello,  
 i teño el corno nel cinto

---

329 Fragmento de “Celos d’aldeana”.

330 Fragmento de “A empanchada”.

331 Mañá de rozada.

332 Gadaña de folla máis curta que se emprega para rozar.

333 Cravuño, ferro para cravuñar sobre el.

con agua i a pedra<sup>334</sup> dentro,  
 i ruxindo cuas<sup>335</sup> madreñas  
 marcho pá serra contento,  
 que xa tá saliendo el sol  
 tan rubio como el pimento.  
 Hai un llago en Serandinas<sup>336</sup>  
 de blanco i tupido cerzo  
 que xa parece Busmente  
 algún pueblo marinerero.  
 A niebla por Villanova  
 chegou en chau al Caleyo,  
 outra<sup>337</sup> subío<sup>338</sup> por Merou  
 asta a Pereda de Prelo  
 i Penácaros quedou  
 un islote prisionero.

Évos un amaicer<sup>339</sup> guapo,  
 que tá colorado el cielo  
 i<sup>340</sup> nel piquín dos carbayos  
 xipran<sup>341</sup> alegres os mermos<sup>342</sup>  
 i cantan os paposrubios  
 i hai bandadas de jilgueros.  
 Xunto al puente de Muñón  
 oise cucar el cuquello;  
 hai na costa de Teixeda  
 dous azores peneireiros  
 que engalan<sup>343</sup> sin dar ás alas  
 i teinse nel aire quietos,  
 como se tein as cometas  
 condo las soltan os nenos.

---

334 A pedra que se utiliza para aguzar.

335 Coas.

336 Serandías.

337 No orixinal *outro*. Concordámolo co feminino niebla, aínda que na mente do poeta puidese estar a forma *cerzo*.

338 Subiu.

339 Ao lado desta variante encontramos nas terras do Navia *amaecer* e *ameicer*.

340 O autor escribe *y*, *hay* etc.

341 Asubían.

342 Merlos.

343 Enhalan, voan.

Como tapices de seda  
tan trenzados os toxeiros  
con muitas telas de araña  
que relucen condo é cedo  
con gotas como diamantes  
que da rosada se encheron.  
Cantan calandras nel aire  
con un “pipí” zalamero  
i andan ás escondidellas  
us charchás nos caxigueiros,  
i ruxe alló por San Luis<sup>344</sup>  
a parpayega<sup>345</sup> nel eiro,  
escondida entre el centén<sup>346</sup>  
¡cualquiera ye sabe el nieiro!  
Coel<sup>347</sup> sou parpayelín,  
parpayelín paroleiro.  
Eu xa tou chegando al alto;  
desde aquí todo lo vexo:  
a serra de Cristaleira,  
Carondio i Berducedo,  
alló mui llonxe i con neve  
as montañas de Cerredo  
i acó relucindo verde  
teño a serra del Corrello  
de unde<sup>348</sup> baxan a gancella  
Xío i Cedemonio entero,  
como la baxan aquí  
Peiriois i Carrugueiro.

Vou empezar a rozar  
aquí mesmo este peteiro  
i condo veñan as once  
teño el meu trabayo feito,  
que ha ser día de muitas moscas  
i de enxames nel meleiro,  
que xa zumban as abeyas

---

344 A forma local *San Llouguís* esixiría outra estrutura do octosílabo.

345 No orixinal, *parpayega*. Paspallás.

346 Centeo.

347 No orixinal, *co el*.

348 No orixinal, *dunde*.

por as flores dos uceiros.  
 As burras suben al alto,  
 que queren buscar el fresco;  
 as vacas pacen tranquilas  
 sin ir llonxe dos toxeiros  
 pa condo las pique a mosca  
 meterse de brión<sup>349</sup> por ellos  
 tocando el campín<sup>350</sup> a llume  
 i con el rabo dereto<sup>351</sup>  
 embestir contra os gamayos  
 pa arrancarse del peleyo  
 os carrachos i us<sup>352</sup> tabaus  
 que asta sangre yes fixeron.  
 Amorosa tá a gancella,  
 casi teño carro i medio,  
 ben lo sabe a camiseta,  
 que ben pegada la teño,  
 como si la echara en agua  
 al pasar algún rigueiro.  
 Bueno, vou irme pá casa,  
 porque rozar más nun quero,  
 que tá el tempo galbanión<sup>353</sup>,  
 eu xa tou que nun me teño  
 i aunque tou mui ben cansado  
 mirando esto me entreteño.

Vista más guapa nun hai  
 desde Coruña asta Oviedo:  
 solo San Pedro las ten  
 desde a súa porta nel cielo.

---

349 De carreira.

350 Campaín, choca.

351 Lembremos que as falas do Eo-Navia se reparten entre as que rexistran formas como *dereito*, *estreito*, *leito* etc. e as que presentan *dereto*, *estreto*, *leto*, *lleto* etc.

352 Os.

353 De galbana

### Fermín Sánchez García

Fermín Sánchez García (Boal, 1905- Lugo, 1990) cursa estudos primarios nunha escola privada dos Mazos e, máis tarde, na pública de Prelo, onde viviu durante algún tempo cuns tíos. Nos anos de mocidade desenvolve unha formación autodidacta que irá incidindo no seu gusto polas letras. Cando aínda era un neno traballou como legoeiro na construción da estrada que vai de Navia a Grandas de Salime e tamén como axudante dun avogado. En 1934 adquire na súa vila natal unha imprenta, onde se ocupa ata 1936. Iniciada a guerra, por mor dunha denuncia –disque por lle atribuíren a edición no seu obradoiro de propaganda do Partido Comunista–, lévano preso a Castropol e, de alí, a Lugo. Nesta cidade acabaría formando familia a establecéndose definitivamente. En 1989 edita en Gráficas Lar de Viveiro *Reflejos poéticos*, libro no que escolma poesías anteriores á guerra e outras de épocas posteriores. Entre as do primeiro grupo figuran as publicadas en *Vida boalense*, revista na que colaborara con diferentes pseudónimos e que lle debe a redacción de moitos dos seus números. O poemario, escrito en castelán, dedícallo a Boal, o “querido pueblín”, “rinconcín maravilloso”, “Ilugarín de mis ensueños”, que latexa decote nos seus records:



De mi Asturias, en dones tan plural,  
es el pueblín que mis recuerdos llena,  
es la villina seductora y buena  
que en cuatro letras se le nombra: Boal. [...]

\*\*\*

Hoy se acuerda de Armal mi débil estro  
para hacerle unos versos de añoranzas. [...]

\*\*\*

Río das Veigas, manso río  
de somnoliento caudal,  
que besas plácidamente  
las vegas de nuestro Boal. [...]

En galego coñecemos de Sánchez García as sete redondillas do poema “Adiós”, a través dunha copia manuscrita que nos facilita a boalesa M.<sup>a</sup> Dolores Rudeiros Martínez<sup>354</sup>, que tamén responde aos mesmos sentimentos.

125

### Adiós

Vai paxariño a voar  
i díceslle<sup>355</sup> a Maruxina  
que teño muita morriña,  
que desexo<sup>356</sup> ir pra seu val.

Pra ese val do sou<sup>357</sup> peitiño,  
tan doce, tan pudoroso,  
tan terniño i amoroso,  
que relouco por seu niño.

Si al oug[u]ir estas tristuras  
ves que empezan seus chorares,  
déixalle chorar a mares,  
que desfaiga as amarguras.

Pero nun deixes baxar  
cara abaxo as ternas bágoas;  
son queixumes das súas mágoas;  
nós, debémoslas secar.

¿Con que? Cos nosos biquiños.  
Dáye cen..., douscentos..., mil...  
Hasta que do<sup>358</sup> rostro aquíl  
queden sous ollos limpiños.

Dillo así, bon paxariño,  
que son miñas ilusións  
vivir sempre e máis dimpois  
no seu val acoitadiño<sup>359</sup>.

---

354 Para máis detalles, pódese consultar o noso artigo “Boal no corazón: A poesía de Fermín Sánchez García”, *La Comarca del Eo*, Ribadeo, 29 de marzo de 2014.

355 No orix., *discelle*.

356 No orix., *dexexo*.

357 Vemos que se usa *sou e seu, o e el (al)*, *Maruxina e Maruxiña*... Non podemos asegurar que se corresponda co orixinal do autor.

358 No orix., *de o*.

359 Quizais por *acochadiño*.

Dillo así, bon paxariño;  
corre presto a Maruxiña;  
xa te pondrá a escondidiñas  
no doce val do peitiño.

126

### Ana Vior Díaz

Ana Vior (Lantoiira, Castropol, 1920- A Veiga, 1998) cursou estudos primarios e tivo sempre entre as súas afeccións a lectura e a escritura. Os seus escritos, maioritariamente en castelán, aparecen en pregóns de festas e noutras publicacións de carácter local. Ana, desde a Asociación de Amas de Casa contribuíu a manter vivo o ciclo de Nadal na vila do Suarón.



### As festas da Veiga

¡Albricias, veigueños!  
¡Chegaron as festas!  
Hemos a<sup>360</sup> vivilas  
con gozo ¡<sup>361</sup> sin penas.

Que cada cual vista  
lo mejor que teña,  
pos a Veiga luce  
aires de verbena.

Bienvenidos todos  
los que aquí se achegan,  
ver noso folklore...  
ver a nosa festa...  
al son dunhas gaitas...  
¡bailen xunto á orquesta!

---

360 Hemos de. Na versión mecanografada, que nos proporciona Eva Rico, figura *emos*.

361 No orixinal utilízase y. Do mesmo xeito, tamén se escribe *hoy*, *hay* e *Mayor*.



Los que un día marcharon  
tristes i apenados,  
que volvan á casa  
que os<sup>362</sup> sigue esperando;

que a nosa tierría  
i todas sus xentes,  
esperan con ansia  
os fillos ausentes.

Que todos compartan  
nosa euforia i gozo,  
xa que hoi na Veiga  
hemos ter de todo:

Nun faltan gigantes...  
Nun falta gentío...  
Nin as procesiois  
co'l seo señorío.

Os coros i danzas  
que hai na nosa villa....  
muyeres lucindo  
fermosa mantilla...

I sobre os ombros<sup>363</sup>  
dunhos levadores,  
¡desfila a Patrona  
dos nosos amores!

Orquestas famosas...  
luz i colorido...  
cohetes nel aire...  
fogos de artificio<sup>364</sup>.

Nun faltará el viño  
i unha boa mesa.  
¡Chámavos<sup>365</sup> A Veiga!  
¡Vídevos prá festa!

---

362 No texto que manexamos, aparece a forma *cos* en vez de *que os*.

363 No orixinal, *hombros*.

364 No orixinal, *d'artificio*.

365 As formas *chámavos*, *vídevos* e *avola* figuran con *b*.

**Asturias**

Asturias, por sempre Asturias,  
 clavada nel corazón:  
 cuando tou lexos de ti  
 nos meos sonos a ti vou.  
 I vexo as altas montañas,  
 Covadonga, Altar Maior,  
 i a Virgen que aló na ermita,  
 brilla muito más que el sol.

**Síntome veigueña eo**

Aunque nun nacín na Veiga,  
 síntome veigueña eo,  
 pos esta terra querida  
 recibíume con amor.

Aquí vía<sup>366</sup> eo sendo moza  
 al comercio i al mercado,  
 i á<sup>367</sup> igrexa, pra ver a Dios,  
 inmolado nel sagrario.

Por si esto fora pouco  
 aquí atopei el marido,  
 aquí forjei a mía casa...  
 aquí naceron os fillos...

I aquí tamén fun avola  
 i aquí vivín todo o meo...  
 i aunque nun nacín na Veiga,  
 síntome veigueña eo.

**Viaxe a Belén**

Veño agotada i rendida  
 sin aliento al corazón,  
 nun descansei un momento  
 i veño desde Piantón<sup>368</sup>

---

366 Viña.

367 Neste caso, así como en *á casa, á orquesta e prá festa* introducimos nós o acento diacrítico.

368 A autora reproduce aquí un tópico moi presente neste tipo de composicións. Lembremos os textos de Castro e Neira “Sudando desde Argomoso / hoxe á vila veño eu...”, o atribuído a Marcos Parceros “Desde moi preto da Rocha, / sin folgo aquí vos cheguei...” ou “Da Ulla a meu cabo veño / á festa que aquí se fai...” de Melchor López, entre outros.

consumida por el ansia  
de poder chegar a tempo,  
pra ver al neno de Dios  
que dicen que é un portento.

*Diálogo entre dúas pastoras:*

M.: Déixame sentarme, Xuana.

X.: Eí teis, Marica, el asiento.

M.: Véñoche, nía<sup>369</sup>, tan rendida  
de correr por os carreiros...  
Subín al pico dos montes...  
vínme perdida nos cerros...  
i a fatiga tal me apreta,  
que nun alcanzo el alento.  
¿Nun terás un plato de caldo,  
pos siento que me esgarezco?

X.: ¡No, filla, nun fixen pote!  
¿Ques que che fría un torrezco?

M.: No, tomarei un descanso  
i collerei el Barreiro.  
Levo prisa, muita prisa;  
tá desnudín aquel Neno  
i ha de terse caridá  
si se ten corazón bueno.

X.: ¿De que neno tás falando,  
que, Marica, nun te entendo?

M.: Falo del fillo de Dios,  
que é Dios tamén en extremo;  
¡i é guapo como unha rosa!,  
¡hermoso como un lucero!,  
¡ten unha cara tan linda,  
que nun te cansas de velo!

X.: ¡Eo nun sei como escolleu,  
pra vir al mundo, este tempo!

M.: Escolleulo pos ten prisa  
de librarnos del inferno.  
El quer abrimos as portas

---

369 Aférese moi utilizada en lugar de *nenía*.

que ten cerradas nel cielo.  
Rezar, Xuana, si se reza,  
pro nun se cuida dos feitos,  
i dar á lingua nun basta;  
nel obrar ben, táche el cuento.  
Hai quen rouba, fai diabluras,  
na boca col Padre Nuestro.  
Quítalle a honra al vecín,  
i quédase tan contento.  
Por eso el fillo de Dios  
tuvo que baxar del Cielo  
pra purgar tantos pecados...  
tantas maldades i enredos.





X.: ¡Ai, Marica, as túas palabras  
son verdades como templos!  
I poime a carne de pita  
cada vez que nelas penso.  
Ganas paso de ir contigo,  
¡por ir, Marica, devezo!  
mas, como hoi nun podo ir,  
lévalle este pan i queixo,  
que, aunque nun lo coma El,  
sous padres poden comelo.

M.: Lévollo de mil amores.  
¡l que Dios cho pague, Xuana!,  
que si che hei decir verdá...  
¡tán probes como as arañas!  
I agora voume i perdona,  
que te tou entreteñendo;  
pra taparlle a desnudez  
vou levarlle este paxelo.

## 1.6 Os nosos tempos

Coa chegada da democracia e o Estado das Autonomías, sobre todo na década de 1980, unha serie de factores contribuirán á toma de conciencia en relación coa cultura e a lingua falada ao occidente del Palo, ao tempo que se irá afianzando paulatinamente a expresión literaria. 131

**LITERATURA GALEGOASTURIANA**  
**A Veiga de Ribadeo**

 Mediano	El Veigo de Ribadeo, vilo nobre, hospitaleiro, vilo frorescente, próspero, vilo sin par en espléndido, vilo rumbo, sonado ó redondo en muitos lugares. <small>(D'A Veiga de Ribadeo)</small>
 Magalán	Contache ben, poeta, e de por vida, deudo de gratido, deudo sagrado, contigo ten o Veigo contraguado. <small>(De Ourense)</small>
 Mediano	Eu si que son o obrigado (e pro que se sepa o digo) de distinción e agasame que el Veigo tuvo conmigo. <small>(De Correspondencia e unha festa)</small>
 "Ferrás"	Tocho o Veigo nas festas, esas festas que el unche, orrostrado da venganza: pasaron no dous días, nel Oriente apuntaba el terceiro... ¡ Irín un alma! <small>(D'Un asno [áltera])</small>

Antolín Santos Mediante Ferrás (Taramundi, 1880 – Plantón, 1944) publica en 1913 *A Veiga de Ribadeo*, unha das 4 vites do Susarón en 298 versos con motivo das sonadas "Festas e festas d' o Pentecostés". Este fito político, con "Aires enxebres", "Seguillitas" e outros editados o mesmo ano, marca na literatura galegoasturiana a consolidación do

**Rexurdimento**  
1913-2013 CENTENARIO

Folla escolar para conmemorar o centenario d'A Veiga de Ribadeo de Antolín S. Mediante

A finais da década de 1970 cómpre resaltar a recollida de pezas populares realizada pola musicóloga suíza Dorothe Schubarth nas áreas de Boal e Taramundi, e recompilada, xunto co filólogo buroego Antón Santamarina, no seu monumental *Cancioneiro popular galego*.

Na década de 1980 é cando se intensifica a tradición teatral de Tapia coas obras de Manuel García "Galano", que acabará reunindo no volume *Mareaxes tapiegos* (1993), ao que seguirán os sainetes de *Erguendo el Telón* (2000).

E seguindo no campo teatral, no concello da Caridá cómpre citarmos as *Alpeiradas* de Jesús Álvarez Valdés (*Alpeirada nel buchínche d'Antón*, estreada en 1988, e *Alpeirada na casa da cultura*, en 1989), autor que legou un bo retrato da cultura tradicional

nas dúas obras que levan por título *As costumes foron deste xeito* (1992 e 1996).

En 1980 é premiada, na "modalidad de bable", no Concurso Poético La Barca a composición "¡Navia!... como te vin y como te vexo" de Alejandro Antúñez Vázquez.

132 En 1981 o Estatuto de Autonomía de Galicia declara a cooficialidade do galego, feito de enorme transcendencia para a normalización do idioma nos campos do ensino e dos medios de comunicación de Galicia.

En 1982 e 1983, respectivamente, Cándido Sanjurjo publica en *La Comarca del Eo* os seus poemas de corte currosiano "Recuerdo amargo" e "Recordando a Patricio e Leonardo".

En 1984 a Real Academia Galega dedícalle o Día das Letras ao veigués Armando Cotarelo Valledor. Este mesmo ano inaugúrase o Museo Etnográfico de Grandas de Salime, cos obxectos que desde tempos atrás viñera recadando José Naveiras Escanlar "Pepe el Ferreiro".

A finais de 1986 bota a andar o Grupo Eilao Pro-Defensa da Lingua, constituído inicialmente por mestres do concello de Eilao e o médico boalés Benigno Fernández Braña, que máis tarde evolucionará na Mesa prá Defensa del Galego de Asturias e da Cultura da Comarca (MDGA), fundada en 1988 en Grandas.

En 1988 Alejandro Antúñez publica en Navia a súa obra *Mochicas del meu llar. Poemas, cantares y parzamiques*, o mesmo ano en que a narración *A Xanela do Casal* de Sanjurjo, con abundantes mostras de rimas populares, recibe unha mención polo seu valor etnográfico no II Concurso Literario Oscos-Eo.

Abórdase por primeira vez a elaboración dun código escrito común a todas as falas galegas do Principado. Deste xeito, por iniciativa da MDGA, publícanse en 1990 as *Normas ortográficas e morfolóxicas del galego de Asturias*, que veñen sendo consecuencia do I Congreso da Lingua e a Cultura galegas en Asturias, León e Zamora organizado en 1989 en Celanova polo Clube Cultural Adiante, do curso programado en 1990 pola Facultade de Filoloxía de Uviéu "Os caracteres xerais do galego de Asturias" e mais das I Xornadas da Lingua e da Cultura Galega de Asturias, celebradas en Grandas de Salime, tamén en 1990, organizadas pola MDGA. As normas tiñan como punto de partida as investigacións de José García García sobre a fala de El Franco, as de Celso Muñiz sobre a do Valledor, as de J. Carlos Alvarez Blanco sobre a de Eilao e as enquisas realizadas no Eo-Navia para o *Atlas Lingüístico Galego*. Seguiralle en 1993 a *Proposta de normas ortográficas y morfolóxicas del gal(l)ego asturiano*, promovida pola Consejería d'Educación do Principáu d'Asturies.

En 1991 a asociación cultural Xeira convoca o primeiro Premio Xeira de Narracióis Curtias e a MDGA inaugura a súa colección infantil Castelo das Letras.

En 1992 *Diario 16 de Galicia* publica *Os contos do xilgaro. Contos galegos de Asturias, León e Zamora*<sup>370</sup>. Este mesmo ano a MDGA edita en marzo o número cero d'A *Freita. Revista da MDGA* e, como suplemento desta revista, en decembro de 1995 o primeiro número d'*O Espello*.

En 1995 o Goberno do Principado modifica os Estatutos da Academia de la Llingua Asturiana e neles establécese que esta institución promoverá e velará pola variante lingüística "galego-asturiana o astur-galaica". Por esa razón, créase en 1996 a Secretaría Llingüística del Navia-Eo, que edita ese mesmo ano o número un de *Entrambasauguas. A Revista del Navia-Eo*. Nesta última data, o Centro Dramático Galego pon en escena a traxedia *Hostia* de Cotarelo Valledor.

En 1998 a Xunta Xeneral do Principado aproba a Lei de uso e promoción do bable/asturiano, en que se prevé para o galego-asturiano un tratamento similar ao asturiano. Ese mesmo ano a Academia de la Llingua Asturiana celebra en Castropol as Primeiras Sesiós d'Estudio del Occidente.

O Consello de Ministros do 25 de febreiro de 2000 derroga os Estatutos de 1906 da Real Academia Galega para aprobar outros novos, os cales establecen que se entende "por idioma galego o propio de Galicia, así como as súas variantes faladas nos territorios exteriores (Asturias, León e Zamora)". É en outubro de 2004 cando a institución nomea académicos que representen especificamente estas áreas lingüísticas exteriores. Para o Eo-Navia désígnase a Carlos Xesús Varela Aenlle, recoñecido polas súas investigacións e publicacións sobre aspectos da cultura tradicional, etnografía, léxico e toponimia desta zona xeográfica<sup>371</sup>.

No medio dos indiscutibles avances (concursos literarios, coleccións bibliográficas, introdución no sistema escolar como materia optativa do Galego-asturiano etc.), atopamos evidentes factores negativos que lastran dalgún xeito a evolución harmónica da normalización. Quizais o máis significativo sexa que o Estatuto de Autonomía de Asturias non considere a oficialización do asturiano nin do galego-asturiano e que a ALLA dese en "inventar" unha lingua nova chamada "eonaviego" para negar a filiación lingüística galega das falas do Eo-Navia.

---

370 Dos autores de Asturias aparecen "Alpeirada" de Xesús Álvarez Valdés, "Condo iou era nena" de M.<sup>a</sup> Luz Fernández González, "El tesouro dos Bauer" de Xosé Máximo Fernández López, "Furaco mouro no ozono" de Manuel García Sánchez, "A pomba de Lucas" de Cándido Sanjurjo Fernández e "El xardineiro, a princesa e el dragón" de Francisco Xavier Frías Conde.

371 Cf. Varela Aenlle 1994 e 2001.



Poema de Camiós entre versos y llouxas de 2021

Desde a nosa edición de 2010 a situación literaria galego-asturiana, e en particular a da poesía, variou sensiblemente, tanto en editoriais comprometidas coma en número de autoras e autores. Ademais, a posta en valor dun tempo a esta parte da literatura comarcal leva consigo a lembranza de creacións do século pasado a través de textos musicados, así como a celebración de aniversarios, coma o centenario d'A *Veiga de Ribadeo* de Mediante e o d'*Amarguras d'un viaxe* de García González ou o dos nacementos de Fidalgo Villaveirán e de Benjamín López, que deron orixe, no primeiro caso, á publicación e difusión do seu sainete e, no segundo, á reedición da súa obra literaria cun suplemento que recolle obras pictóricas do poeta albardeiro.

Por outra parte, a dimensión social do fenómeno poético tense manifestado a través de múltiples recitais, concursos e outras actividades variadas; consecuencia dun evidente interese por parte de asociacións culturais, concellos e organismos oficiais diversos. Basta con pensarmos no proxecto Asturias, Capital Mundial de la Poesía. Deste xeito, temos que considerar como froito significativo a edición non venal, promovida polo Goberno del Principao d'Asturias, da antoloxía *Al aveiro d'un trabatel*, con motivo da Semana das Letras Asturianas de 2021, cunha nómina de colaboradores da revista *Trabatel* que nos aproxima á situación actual do cultivo da poesía. Neste mesmo senso figurarían as seccións *Voces que falan* e *Voces y Cantares* da páxina web do Parque histórico del Navia e actividades como *Coronaversos dende*



*Entrambasaguas* da Asociación Cultural Arcángel San Miguel de El Franco, *Versos para apadrinar un sueño* da biblioteca de Ortigueira (Coaña), *Entre versos* de Tapia, *Camíos entre versos* y *llouxas* do Forum Boal 3000, *Castropol es Poesía* da Biblioteca "Menéndez Pelayo", a exposición de poemas de *Vegadeo Cultura* do concello da Veiga e outras actividades similares, nas que se implican unha chea de persoas.



Cada vez resulta máis frecuente a presenza de autores asturianos en lingua galega en centros de ensino e asociacións culturais de Galicia, así como en foros internacionais

Tamén continúan sendo frecuentes as monografía de carácter etnográfico ou xeográfico sobre áreas concretas que, ademais de léxico, recollen pezas da literatura popular tradicional (cántigas, recitativos, refráns...), como fai Marcelino Lozano (2014: 425-454) nas despoboadas terras allandesas. Encontramos incluso cultivo literario de falas fronteirizas a punto de extinguirse, como é o caso de Rosa Cunqueira<sup>372</sup> (2010: 22) co falar tixileiro:

Quixira  
 escuitar,  
 del rú as ruxideiras,  
 el xiringase dos rebochus<sup>373</sup>  
 cuando l'aire los xostrea.

372 Pseudónimo da trabadeira de Degaña Rosa Rodríguez Menéndez. Para as características desta fala de transición entre o galego de Ibias e o asturiano occidental, cf. Babarro 2021: 65.

373 Voz asturianooccidental, equivalente a *rebolos*, utilizada pola autora en lugar da local *carbachos* 'carballos'.

### Cándido Sanjurjo Fernández

Cándido Sanjurjo (Santiago de Abres, 1919-2010) participou, cando aínda era un pícaro, nas representacións de teatro galego no Pósito Marítimo-Terrestre de Abres. Sanjurjo mantivo ao longo de moitos anos unha sensibilidade particular cara ao estudo da historia e os diferentes aspectos culturais das terras do Eo, que soubo plasmar na súa obra *Entre Fonteio y el mar. Apuntes sobre el Eo y su entorno* (1996). O poeta de Abres sabe usar maxistralmente o verso en celebracións públicas, como na composición datada o “nove do mes de San Juan, 1989” que leva por título “No relevo da nosa xunta de goberno<sup>374</sup>”:



Ahí témo-la BARCA  
atracada no porto tranquilo  
con a vela aferrada, i os remos  
arranchados, ás bandas tendidos.

Cando nela embarcamos -máis novos-  
fai agora dous anos cumpridos,  
atopámola así aparelhada,  
estrobamos, ¡avante!, e salimos.

Izamos a vela,  
e collendo os bos tempos i os ruiños  
navegamos a vento i a remos  
sorteando -se os houbo- os peligros.

Porque a mau que levou o goberno<sup>375</sup>  
dirixiu o timón con tal tino,  
que nin ventos avesos nin olas  
lle torceron o rumbo debido.

374 Utilizamos unha copia mecanografada, facilitada polo poeta, desta composición que leu, a modo de discurso, ao ser elixido vogal e secretario da xunta de goberno do fogar da terceira idade Centro Social Amador Fernández de Ribadeo.

375 Felisa, a Presidenta [esta nota e as dúas seguintes figuran escritas a lapis á beira dos respectivos versos].

Avante vogando,  
 cada remo co seu zapexido  
 -o balance apadriña o mareo-  
 i houbo quen nun logrou resistilo<sup>376</sup>.

Os demais, que chegamos a porto  
 ca esperencia do viaxe rendidos,  
 pra botar unha mau, si fai falta,  
 tamos todos dispostos o mesmo.

A Barca está a flote;  
 tripulantes, cada un ó seu sitio.  
 ¡Que teñades o vento de popa!  
 Estrobade, izar vela ¡i o dito!

I o Señor Comandante do porto<sup>377</sup>  
 que ben sabe como anda o navío,  
 que se acupe de darlles abasto  
 pra que o esforzo non sea baldío.

### **Loa ôs gaiteiros.**

#### **Recordando a Patricio e a Leonardo<sup>378</sup>**

(Ó son do Gaiteiro de Penalta, de Curros Enríquez)

Por terras chás, por outeiros,  
 por vales e por montañas,  
 houbo mui buenos gaiteiros  
 e tamén tamborileiros  
 que conquistaron a fama.

Âs festas e romerías,  
 âs esfolas e ruadas,  
 âs polavilas<sup>379</sup> e fías,  
 levaron sempre alegrías  
 as gaitas ben afinadas.

---

376 O Secretario, Sr. D. Franco García.

377 Conselleiro de Cultura e Benestar, presente.

378 Tomamos o texto da versión de *Apousos que deixa o tempo. Nas veigas do Eo en Abres, do ano 1924 pr'acó*. Nunha carta persoal, o autor confésanos que lembra este poema como “recordo de aqueles tempos, dos anos escuros, sin outra música cá dos gaiteiros ya Banda de Villaméa pola festa do Santiago en Abres”.

379 Reunións de persoas nunha casa coa finalidade de divertirse.

138

Por eso en tempo pasado  
cantaba a xente do pueblo,  
recordándoo con agrado,  
a aquel que foi tan nombrado:  
O GAITEIRO DE SOUTELO.

l'estoutro<sup>380</sup> lado da ría cantaba,  
pro noutro son,  
a gran parexa bravía  
EL TAMBOR DE LA ABADÍA  
Y EL GAITERO LIBARDÓN.

Que inflaba e repinicaba,  
bebía e cantaba igual  
na Veiga, na foliada do "Quince",  
baixo a enramada  
de O Campo de Medal.

Por caenllas e carreiros  
e por calles empedradas  
cantou, ó son do punteiro,  
aquel que foi carreteiro  
que se chamou SANTA CLARA.

Ô GAITEIRO DE PENALTA  
Y AL GAITEIRO DE GIJÓN  
cantáronos en voz alta:  
CURROS ó da súa Patria,  
ô de Asturias DON RAMÓN.

Os que tocaron a gaita  
pola comarca do Eo  
nun houbo quen os cantara;  
esquenceron a súa fama  
tódal'as xentes arreo.

N'aquel tempo tan sincero,  
hasta ca luz das estrelas  
tocaba como un jilguero,  
no baile do "Apiadero",  
JESÚS DE MALACENTELLA.

---

380 Contracción equivalente a *e a estoutro*.

E marcando o son ca zoca,  
 inflando o fol c'un soplido,  
 igual tocaba unha jota  
 com'a muiñeira ou a polka  
 O XAN GRANDE DE SALCIDO.

Arante, a Virxen da Ponte,  
 Cedofeita e Couxela,  
 Sante e Villarbotote,  
 Remouelle, As Anzas, Obe,  
 San Vicente de Cubelas,

Balboa, Villafernando,  
 Santalla e outras aldeas  
 inda siguen recordando  
 o que foi grande tocando:  
 a SALVADOR DA LENCEIRA.

l'en toda a ría do Eo  
 tocando a "gaita do fol",  
 os mellores -por solfeo-,  
 TELVINO DE RIBADEO,  
 QUIROLO DE CASTROPOL.

Pero tocando de oído  
 entre roncón e punteiro,  
 sacaba o mellor sonido  
 o PATRICIO DE ABRAÍDO,  
 que foi o mellor gaiteiro.

E pra ser máis importante  
 dentro e fóra do seu pueblo,  
 tocáballe o redoblante  
 o mellor repinicante:  
 LEONARDO DO GABELO.

¡Esa si que era parexa!  
 hasta a xente máis desperta,  
 véndoos tocar xunt'a igrexa  
 por Santiago, tal destreza  
 deixáb'os ca boca aberta.

E no folión de Santana<sup>381</sup>  
bailaban mozas e vellas...  
Facíano con tal gana,  
que logo toda a semana  
tiñan a cambra nas pernas.  
l'escuitando a melodía  
da gaita e mais o tambor  
alí na veira da ría,  
xa se vislumbraba o día  
co primeiro resplandor.

E non por eso o gaiteiro  
se cansaba de tocar,  
tampouco o tamborileiro,  
que sempre andaba lixeiro  
pra acompañar un cantar.

l'ante unhas copas de caña  
da casa de XAN DE PORTO  
-"bouquet" de DOÑA JULIANA-  
viña a canción asturiana  
movel'a sangre no corpo.

¡Qué ben cantaba BOLAÑO  
"Carretera de Avilés"  
de tal par acompañado...!  
E inda era de máis agrado  
o cantar do "QUEREBÉ".

Os anos foron pasando  
levando os homes consigo  
e vivimos esperando  
que outros veñan ocupando  
o seu lugar merecido,

que en toda a cuenca do Eo  
nada mellor ten habido  
tocando en festa do pueblo  
ca LEONARDO DO GABELO  
e PATRICIO DE ABRAÍDO.

---

381 Santa Ana.

### Manuel García Sánchez “Galano”

Manuel García “Galano” (A Roda-Tapia de Casarego, 1922-Siero, 2016), funcionario do Ministerio de Traballo. Aínda que tamén compuxo poesía, é máis coñecido pola súa produción narrativa e, sobre todo, teatral. Tamén se preocupou da lingua, como se reflicte no libro *Vocabulario d’A Roda*, que publicou en colaboración con Jacinto Díaz López.


Como narrador, en 1984 publicou *Parzamiques*, nunha fermosa edición de autor, non venal. En 1993 o colectivo Xeira reeditoulla amecendo dous relatos, un deles “A terra é a terra” co que Galano gañara o 1º Premio Xeira de Narracións Curtias, polo que o volume quedou cun total de sete textos.

*Vento d’outono*, editado pola Academia de la Llingua Asturiana 2005, recolle 20 breves textos que supoñen todas as colaboracións do autor ana revista *Entrambas-aguas*. Na obra conviven escritos en que lembra tempos pasados con outros de actualidade, como poden ser as novidades nas vías de comunicación ou o cincuentenario do Instituto de Tapia.

En abril de 2006 nomeárono fillo predilecto de Tapia e en maio dese mesmo ano a ALLA nomeouno académico de honra.

Foi cofundador do grupo teatral *Ameicer* (1979), para o que entre 1979 (con *Cambian os tempos*) e 1990 (con *Quieto parado*) escribiu once sainetes que máis tarde reuniu no volume *Mareaxes tapiegos* (1993), ao que seguirán os sainetes reunidos en *Erguendo el Telón* (2000). Aos propios orixinais de seu habería que amecer as traducións que realizou de Tomás Niembro, *Toluras de veyos* (1983) e *A herencia de Xan* (1986).

“Galano” cultivou a poesía para celebracións familiares e festas de amigos. Igual que ocorre no resto da súa obra, nos poemas é un bo observador das propias vivencias e da realidade que o rodea.



### **Resignación**

Pouco a pouco van morrendo na mía mente  
as lapas das ideas. Son os anos.  
De vez en condo surxe del braseiro  
úa chispa tan pouco duradeira  
como a luz dúa cerilla:  
aluma un bocadín y lougo morre.  
Trato de buscar outra, pra riscala,  
y vexo, resignado, a realidá:  
nun hai voltas que darye,  
tou acabando a caixa.

### **Volta amarga**

Anduvo muitos anos por el mundo.  
A terra unde nacéu  
nun daba pra manter a tanto fiyo,  
y foise lonxe, como tantos outros,  
buscando aló el qu'aquí nun tía.

A vida ensañárase con él,  
branquiáraye a cabeza  
y enchérase d'engurrias a súa cara;  
enveyecera, pero veyo y todo,  
quixo volver  
pra nun morrer sin ver de novo  
a terra en que nacera.

Chegóu al sou lugar, ilusionado,  
buscóu parentes,  
buscóu a xente que tía na súa memoria;  
déronye pouco asenso,  
pasara muito tempo  
y os artos tapáranye el carreiro.

### **Guinaldo**

Penso que se perdéu aquel costume  
de pidir el guinaldo polas casas;  
con que ilusión contábamos os días  
hasta qu'el cinco de xeneiro nos chegaba.

As cántigas, dúas a lo menos,  
xa tíamos os nenos ensayadas



y esperábamnos que vése<sup>382</sup> a noitiquía  
pra ir de porta en porta a cantalas.

Pra chegar os primeiros  
íbamos sempre lamar d'acarreirados  
antias de que nas casas acabasen  
os perróis que tían pra eso destinados.

Y volvíamos triyados, pero alegres  
y felices col quiñón<sup>383</sup> que nos tocara.  
Nun poñíamos el zapato na ventá,  
nun s'estilaba,  
os reis nun sabían inda el camín  
pra vir ás nosas casas.

### **As présas**

Pasámonos a vida ás carreiras,  
a vida, qué de vento úa bufarada.  
Ás veces penso si merece a pena  
volverse tolo  
por chegar, nomáis,  
un bocadín primeiro.

### **Enterro probe**<sup>384</sup>

Tocan as campás, moríu daquén.  
Naide sabe quén foi,  
nun se fala, nun se corréu a voz.  
Soupen despóis que fora  
úa probe muyer que vivía sola.  
Íráye pouca xente al enterro,  
nun tía a naide de sou, nun tía parentes,  
y xa se sabe que muitas veces vamos,  
máis que pra despedir al morto,  
pra qu'os vivos nos vexan.

---

382 Viñese.

383 Parte que corresponde nun reparto.

384 As composicións "As présas" e "Enterro probe" foron publicadas en 2007 no n° 95 de *Lletres Asturianas*. As restantes enviounas o autor para esta obra. De "As présas" fíxose unha edición autónoma de 50 exemplares en 2007. Forma parte dunha carpeta, baixo a autoría de Miguel Galano e Manolo del Galano, na que ademais do poema de García Sánchez, figura unha augaforte do seu fillo. Ofrece, con respecto á que reproducimos, algunha variación: *qu'è > que é, por > pra*.

### Adelina Fernández López

Adelina Fernández López (Boal, 1925-2016), dedicada durante moito tempo ao ensino na súa vila natal, opositou ao Corpo de Auxiliares da Administración de Xustiza, onde traballou durante dezasete anos antes de xubilarse. Ademais de cultivar a poesía, é autora, xunto con Susina Pérez Sánchez, da obra *Cousas de Boal*, na que recollen un vocabulario, ditos e outros aspectos da cultura tradicional boalesa. Adelina versa, ao estilo popular, sobre diversos acontecementos locais:

[...]

Todo el Conceyo de Boal  
é rico nestas materias,  
pos ten flores muy distintas  
nas que libar as abeyas.

Haila nel Gumio y na Ronda,  
en Froseira y Castrillón,  
Merou, Doiras, Villanova,  
Senrandías y Miñagón<sup>385</sup>.

[...]

[...]

As muyeres de BOAL,  
son listas, as condenadas,  
reúnense muitas veces  
a comer as empanadas.

Ellas moveron el Pueblo,  
xa se vío por Carnaval,  
y uníronse aos Hosteleros  
pa poder sacar un real<sup>386</sup>.

[...]

[...]

Pero con gran tesón y trabajo  
os naturales de Boal  
xuntáronse alló na Bana  
empezando a trabayar  
pa poder fer tanta escola  
como n'el Conceyo hay.

385 Corresponde este fragmento ao texto titulado “II Feria da Mel - Boal 1988”, que a autora dedica ás Amas de Casa, asociación que ela mesma fundou. Leva a data do 30 de outubro de 1988.

386 Duns versos de decembro de 1993, tamén dedicado ás “Amas de Casa de Boal”.

Nun quedou un solo pueblo  
que ua escola nun tuvera  
con todos os elementos  
qu'eran necesarios n'ella.

Todos pensaban volver  
condo fixesen fortuna  
pa visitar el pueblín  
n'el que pensaban en Cuba<sup>387</sup>.  
[...]

### **Corrida de caballos**<sup>388</sup>

Nestas festas de Santiago  
volveuse a recuperar  
a corrida de caballos  
qu'era tan famosa en Boal.

Desto xa fai muitos anos  
que na Plaza de Boal  
celebrábanse as corridas  
con os miyores jinetes  
¡qué eran ua maravilla!

¡Qué xentío tan inmenso  
presenciaba estas corridas!,  
nun había en todo Occidente  
ua atración más concurrida.

Caballos negros, castaños,  
bayos, alazais y tordos  
y todos ellos montados  
por corredores famosos.

As mocías de Boal  
colocábanyes as cintas  
a todos os ganadores  
sempre con ua sonrisa  
qu'ellos yes agradecían  
dándoyes a cambio d'ello  
el chucho que merecían.

---

387 Fragmento de "A os naturais de Boal en Cuba", escrito en maio de 1998.

388 Utilizamos, igual que para os anteriores, os manuscritos da autora.

Aquellas cintas pintadas  
por Jesusa de Calceiro  
lucíanlas os ganadores  
paseándose por el Pueblo.

Hoy tamén pintan as cintas  
uas mueres muy sencillas,  
éstas son «Amas de Casa»  
de ua gran Asociación  
que todo lo que se propoin  
fainlo a la perfección.

Santiago 1995

### **Ángel Arias Fernández**

Arias Fernández (Navia, 1932-2010), asentado na vila de Boal, onde exerce primeiro como funcionario de Correos e máis tarde como empregado de banca, é autor de *Retazos, Añoranzas...*, unha obra que recolle textos en verso e en prosa, maioritariamente en castelán. Entre aqueles figura un grupo de "Poesías en bable local", que teñen certo interese para o coñecemento dos costumes e da evolución das formas de vida. Aquí presentamos un título, que non figura na citada obra e que tomamos dunha relación que nos proporciona a familia do autor en soporte magnético.

### **¡Cómo cambiaron os tempos!**

¡Cómo cambiaron os tempos!  
Condo me poño a pensar  
en os que eu conocín  
nun son fácil de olvidar.

Hoy vive con más decencia  
un obreiro ou funcionario  
que antes cualquier burgués  
fose médico ou notario.

[...]

Xa van desaparecendo  
os zancos y as madreñas  
que eran antes tan precisas  
y hoy nin se ven apenas,  
  
pa ir por aquellos camíos  
chíos de llama y de pedras  
y poder andar enxuito  
al pasar por as caleyas.

Tamén xa pasóu á Historia  
ir á gancella y al toxo;  
aquella pa mullir a cuadra  
y éste pa roxar el forno,

unde se cocía el pan  
cada doce ou quince días,  
de trigo, meiz y centén  
y que tan rico sabía.

Pa eso tían antes que ir  
a volver el grao farina  
con el burro hasta el molín  
casi sempre de maquila.

¡Condo me acordo daquellas  
pescadeiras de Ortigueira  
que vían por el Cordal  
llevando aquela gran xeira  
pa vender pescado a Boal!

Merecían ua estatua,  
que a outros yes fáin por menos,  
por chegar todas sudando  
cargadas con os barreños.

Y a pesar da caminata  
que nun era moco de pavo  
inda iban por as casas  
ofrecendo aquel pescado.

Sei que muitos pensarán  
que soy algo exagerado,  
pero podeades creello;  
eran os tempos muy malos.

Muitas casas nas aldeas  
nun tían eletricidá  
nin tampouco agua corrente,  
téndola que ir a sacar

con ua roldana hasta el pozo  
que fian dalgús al llado  
pal consumo da sua casa  
y pa beber el ganado,  
botándola nel barcal  
que tían alló amañado.

Era el candil de carburo  
o que antes más se usaba  
pa allumar en a casa  
condo a noite chegaba.

[...]

Así eran aquellos tempos  
que nun deberían volver,  
pos os probes que os viviron  
valíayes más nun nacer.

### **Alejandro Antúñez Vázquez**

Alejandro Antúñez Vázquez (Navia, 1933), tipógrafo de profesión, premio Xeira de Narracións Curtias (edición IV) con "El martellazo", recollido en 1996 na súa obra *Papadíos de Navia*, destaca por conservar aceso o facho da tradición e ser un dos cultivos da fala naviega. En 1988 publica *Mochicas del meu llar*, onde están agrupadas composicións de diferentes épocas, entre elas a titulada "¡Navia!... como te vin y como te vexo":

¡Escuita, pueblo de Navia!  
Vóu a contarche úa historia:  
la historia que yóu vivín  
y tamén outras historias,  
de xentes que conocín  
y que guardo na memoria.

Teño más de medio siglo  
encima de las costellas  
y, muitas cousas que vín,  
quisera nun volver vellas;  
¡que se m'esqueiza lo ruín,  
pa que lo bon resplandeza!

Igual que ferven las papas  
del pote, na gamayeira,  
xa dende muy rapacín,  
rebúyenme, na moyeira,  
cousas que palpéi y oín  
de grandes xentes naviegas.  
[...]

## Chalaneira de Porto

*A las Ribeireñas del Navia.*

Chalaneira de Porto,  
de l'arribada<sup>389</sup>,  
púrreme al outra beira  
del río Navia.

Chalaneira de Porto,  
tray la chalana,  
que me esperan tres mozas  
pa cortexarlas.

Son las tres ribeireñas,  
muy ben plantadas,  
y a las tres yóu las quero  
con toda el alma.

*Rema, chalaneira, rema,  
y nun deixes de remar;  
mira q'el augua me lleva  
y nun podo cortexar.*

Púrreme, chalaneira,  
que corre el augua,  
y nun quero afogame  
nel río Navia.

Las tres mozas que teño  
tan esperando,  
dime tú, chalaneira,  
con cual me caso.

Chalaneira de Porto,  
con cual me caso,  
que teño tres amores  
y el tóu son cuatro.

*Rema, chalaneira, rema,  
y nun deixes de remar;  
mira q'el augua me lleva  
y nun podo cortexar.*

---

389 Terra que linda co río, ribada, ribazo, noiro.

### Adela Conde Valledor

De Adela Conde (San Salvador del Valledor, Allande, 1925), autora das narracións infantís *Contos á tardiquía* (2000), coñecemos un conxunto de poemas, publicados baixo o título "Brisas", no nº 3 d'*O Espello* (1998), do que tomamos esta composición:

150

#### Asturias

Nesta Asturias del alma  
 un recantín atopei,  
 xacuando<sup>390</sup> indiferente,  
 case que el<sup>391</sup> destestei.  
 Meu entorno era solitario,  
 desprazada me atopei,  
 camiós equivocados  
 uha e mil veces pensei.  
 Chega á fin un novo día  
 resplandecente de sol,  
 deixando atrás mil vivencias,  
 camiós andados xa,  
 cual se fosen frutos maduros  
 nel época esencial.  
 Todo chega,  
 todo pasa  
 en diferente color.  
 Camiñemos con firmeza,  
 sempre mirando a Dios,  
 que alume os camiós,  
 que teñamos novo sol.  
 Non é esencial longa vida,  
 senón sabela vivir cada hora,  
 cada instante con reinante alegría,  
 sen fumos nin mal querer,  
 retiremos as espías que cheguen al noso pé.  
 Ten Asturias un duende  
 onde poder contemplar,  
 os sous recantos son belezas,  
 mil colores á par, ríos e maceiros  
 a obsequiaren el sou manxar,

---

390 Xacando, noutro tempo.

391 Lembremos que, ademais das fornas pronominais *o*, *lo* e *no*, na área Ozcos-Grandas-A Fonsagrada-Ibias, aparecen tamén *(e)le ol*.



pisando os sous verdes prados  
 é un pracer camiñar  
 máis aló entre os sous bosques  
 ramilletes de cores  
 todos coallados están.  
 Como deixar os ruxidos destas ondas  
 del mar ás veces embravecidas,  
 outras remanso de paz  
 queren traer uha mensaxe  
 das profundidades dese mar.

### **Ana María Rodríguez Fernández “Rebollada”**

Ana María “Rebollada”, natural de A Rebollada de San Xoán de Prendonés (El Franco), técnica especialista en radiodiagnóstico, tamén cultiva a pintura. Na súa obra *Ua voz nel ocidente* (1991) reúne unha serie de prosas e un conxunto de poesías, de onde tomamos o fragmento que segue.

#### **El molín del olvido**

Parárons'os molíos da mía Asturias  
 como ye pasa'l corazón sin sangre,  
 despacio, un por un foron morindo,  
 escondidos nel valle y chíos<sup>392</sup> d'olvido.  
 Na mía casa había un molín;  
 era guapo y piquinín;  
 iba con meu bolo<sup>393</sup> cuasi al ameicer  
 encima del caballo y da molenda,  
 llevábamos trigo y meiz.  
 Tíamos qu'andar un bon cacho  
 pa chegar al río de Seixas,  
 el llugar taba sosmeiro<sup>394</sup> ...  
 El vento atanigaba despacín  
 as foyas dos carbayos,  
 pos nun quería despertallos  
 y el auga ruxía con fuerza  
 al meterse nel molín.  
 Cantaban as pegas, os grayos

---

392 Variante de *cheos*.

393 Avolo, avó.

394 Someiro, silencioso, apracible.

y as carrizas,  
 anunciando sorpresas d'amoríos,  
 y buscaban afanosas nas herbías  
 pa fer os níos.  
 [...]

### **Aurora García Rivas**

Aurora García Rivas (A Antigua, Santiso de Abres, 1948), galardoada con varios premios literarios, é coordinadora da antoloxía *Na boca de todos. Retrato poético actual del Occidente Asturiano* (2006), na que recolle textos de escritores galegoasturianos e tamén asturianooccidentais, e autora dos poemarios *O viaxeiro na noite* (2004) e *Trinquilintainas* (2008), dos que escolmamos os textos que seguen:



### **O viaxeiro da noite**

Volvéu o viaxeiro da noite  
 nun cabalo  
 coas alas despregadas e nun daba  
 galopada ó esquencemento. Traío<sup>395</sup>  
 ferrado co ouro  
                   dos luceiros  
 e paróuno na mesma porta de miña casa.  
 Era guapo abondo o viaxeiro. Tiña  
 mouros os ollos, mouro o pelo, brancas as maos  
 y o manto marelo...  
 ...e deixéino irse. Pola ribeira que soño  
 nun é tempo aínda  
                   d'abrazalo. Regaléille  
 un páxaro pequeno: unha calandria da mañá  
 y un bico no vento.

---

395 Traíao.

Y él deixóume  
unha chombeira no tempo e ferruxe nos ósos  
embeleñados ás portas  
d'outro inverno.

153

### **O mensaxeiro**

*O mors, quam amara est memoria tua...*  
Ecclesiasticus

Nun mates ó mensaxeiro, nin o cegues.  
Se trai pombas dalles trigo. Siascaso  
él tén fame tamén,  
deixo na maseira  
algunhas espigas, garápanos<sup>396</sup> frescos  
y as rosas que todas as primaveras  
cortéi por se volvía.  
E queda algo  
de viño sacro no noso cáliz d'ouro.

Nun fai falta que lle contes muitas cousas, él  
ben sabe qu'ha facer pr'atoparme.

### **Mal sono**

*Un grand sommeil noir  
tombe sur ma vie.*  
Verlaine

Qué se vayan os morcegos, qué se vayan.  
Uñas como alfanjes escárbanme as entrañas.  
Inquietantes alas.  
Y a ese neno  
que se tira á miña gorxa, que lle nacian<sup>397</sup>  
alas d'arcánxel en vez  
de dentes d'alacrán.

Qué se vayan os morcegos,  
qué se vayan.

---

<sup>396</sup> Froitos do erbedeiro, érbedos, morogos.

<sup>397</sup> Nazan.





Álvarez de Ponticella é autor do poemario *Al son das zalanceiras* (2003), ao que pertence a composición que segue:

### **Nosoutros**

Por mui esquecidos os avíos<sup>400</sup>  
 col bon d'outras sementes,  
 por muito qu'os toxedos  
 tornaran os cabeiros caldellos<sup>401</sup>  
 ás rondas toupeiras<sup>402</sup>  
 quedamos inda xente  
 -y quedar é ser nosotros-  
 mentras estruñemos<sup>403</sup> a palabra  
 posta a moyo nel barcal  
 da memoria d'un llargo  
 silencio qu'afale un tempo claro.

### **María Teresa López García**

María Teresa López García (Boal, 1950), amante da cerámica, é autora de *Vocabulariu de Bual y algúa cousa máis* (2001), no que encontramos unha boa colección de "Ditos, frases feitas y refrais populares". Na súa obra *Cousas d'entointe pa pasado mañá y sentimentos* (2001), ademais de describir diferentes manifestacións da cultura tradicional, inclúe nove poesías da súa autoría, de onde seleccionamos a que segue:

---

400 Ferramentas.

401 As últimas calores do sol.

402 Redondas toupeiras.

403 Estrullemos, espremamos.

**A uceira**

Condo paso pol monte  
y te vexo tan ufana,  
que tú lo impregnas todo  
con el aroma que lanzas,  
cambias el colorido  
de todas estas montañas,  
alimentas as abeyas  
y fais calentar as fraguas,  
col carbón que sacaron  
de dentro das túas entrañas,  
fendo qu'el ferro más duro  
como a cera se abrandara,  
y barres a suciedad  
en calles, cabañas y prazas  
con escobas que fixeron  
as xentes de estas montañas  
que además de barrer,  
trouxeron el pan pas casas,  
pos con carbón, escobas,  
con mel, con cabras ou vacas,  
foron sobrevivindo  
as xentes d'estas comarcas.

Inda se oin muitos cuentos,  
calentándose nas túas brasas,  
nesas noites casi eternas,  
das terribles invernadas.

Al chegar a primavera,  
alégрасnos a mirada,  
que parecía el monte morto  
y que tú lo resucitaras.

Vense abeyas nas froes  
y páxaros nas túas ramas,  
buscando el sitio apropiado  
pa criar a súa niada,  
que síntense protegidos  
téndote a ti por casa.

Condo fun eo núa ocasión  
 andando por a montaña,  
 pa cumprir con úa promesa  
 que fixen tando na cama,  
 col corpo dolorido  
 y el alma atormentada,  
 de chegar hasta Pastur  
 andando por A Escomulgada,  
 al chegar a "A Rabuqueira",  
 ¡eo xa taba raventada!  
 Pero atopéi un carrocho  
 d'úa reiz túa toda enroscada,  
 maltratada pol tempo,  
 retorcida y arrugada.  
 ¡Guardéite como un tesoro!  
 ¡Inda te teño na casa!  
 Pos aquel esforzo meo  
 soupen que nun era nada  
 comparado coas tormentas,  
 tempestades y nevadas,  
 que cayeron sobre ti  
 y tú, como si nada,  
 aguantáchelo todo  
 y seguiche tan lozana,  
 dando frores a muntóis,  
 alegrando al que pasaba.

Condo solo eras un palo roto,  
 a mín, dícheme esperanza  
 pa chegar hasta el final  
 aunque as fuerzas me faltaran,  
 pos cheguéi hasta Pastur  
 sin sentirme mui cansada,  
 solo choréi de alegría,  
 al chucharye<sup>404</sup> el manto á Santa  
 que soupen que fora Ella  
 a que nel meo camín te cruzara,  
 pa darme as energías,  
 que eo xa pensaba acabadas.

Hoi, cada vez que te miro,  
inda me das esperanza.  
El día que té como tú,  
retorcida y arrugada,  
si como tú, axudo a outros,  
sentiréime ben pagada.

Con posterioridade á data sinalada, María Teresa ten dado a coñecer outros poemas, entre os que figura este que seleccionamos (2017: 37)

### **Pasan os anos**

Cumpro anos,  
nin m'entero.  
Véxolo nas caras  
dos que condo  
eu naceron.  
Tán arrugados,  
veyos, acabados.  
Ellos venme  
igual a min.  
Ayer éramos nenos.  
Hoi somos bolos  
rodiados de netos.  
Todos andamos  
el mesmo camín.

### **Alberto Calvín Corredoira**

Alberto Calvín Corredoira (Pardiñas de Riba, Taramundi, 1950), home polifacético, labrego, con cursos de debuxo, experto no traballo da madeira, cultivador da tira cómica, é un fistor dos nosos tempos, continuador da liña popular dos cantares de cego e da tradición xograresca. Colaborou nos boletíns do sindicato UCA, na taramundesca *El Yunque*, en *Trabatel* etc.





Versificador de calquera acontecemento, celebraba en 2007 a primeira edición da presente antoloxía poética coa composición "Despois de ler o libro":

Que ben pintou Benjamín,  
como si fora nun cuadro,  
aquele bonito amencer,  
aquele amencer tan guapo,  
que el un día puido ver  
cando iba pró traballo.  
E logo, logo aló arriba,  
mentras estivo rozando,  
compuxo esa poesía  
que eu de ler non me canso.

O poeta boalés  
escribiu con tanta gracia,  
que cando os seus versos les,  
chéganche ó fondo da alma.

[...]

Tres poetas do meu pueblo  
veñen no libro citados:  
Alí vén "Pepe de Mingó",  
que se chamaba Conrado,  
en Taramundi nacido  
e tapiego renombrado.  
E, como non, Antolín,  
o meu poeta admirado.  
E logo Alberto Calvín,  
alí estou, mais ¿que fago?  
Ó lado de estos poetas,  
solo tapar un furado,  
porque son os meus poemas  
os de un simple aficionado,  
os de un home de aldea  
que quere cantarlle ó agro,  
porque hai que ser poeta  
cando se vive no campo.  
Cando ves que a poesía  
hasta ó pueblo lle arrancaron,  
has de buscar cada día  
a pouca que nos deixaron.  
E eu busco na memoria

os recordos do pasado,  
recordos que son historia  
que en versos vou contando.  
Ojalá que eu o fixera  
como Antolín e Conrado,  
pero son como poeta  
solo un simple aficionado. [...]

En 2011 a súa obra *Flores de abruñeiro* foi galardoada cun accésit no Premio Arume de Poesía da Fundación Xosé Neira Vilas e aparecerá publicada en 2022 no seu volume *Taramundi, mil versos*.

Gústame de vez en cando  
pegar unha camiñada  
polos camiños do gado,  
ir andando hasta A Pasada.

E se non vou mui cansado,  
subo arriba hasta Cerredo,  
e alí me quedo mirando  
cantos puebliños eu vexo.

Todo me parece guapo  
alí desde o alto do cerro,  
todo me parece guapo  
igual que cando era neno.

A escrita para nenos e nenas tamén a cultiva en obras como *Tiroliro* (2013) e *O canto do carro* (2014). A continuación reproducimos o primeiro premio outorgado no XV Premio Antonio Raymundo Ibáñez "Marqués de Sargadelos", certame onde o poeta de Pardiñas foi premiado en varias edicións:

### **A Nogueira do demo**

Un secreto a voces  
recorréu o pueblo.  
¡Non comáis desas nocas,  
porque tein o demo!  
Cando eu era neno,  
ó<sup>405</sup> pasar Cabaniñas  
e coller pró Pasatempo,  
había unhas casiñas

---

405 A acentuación en *ó, pró, dálle, É e tododiós* é nosa.

que foron caendo.  
A última que quedaba  
xa era mui vella  
e quedóu deshabitada  
polos anos sesenta.  
Hoi non queda nada  
da casiña aquela,  
pois morréu sepultada,  
servíu de escombrera  
pra unha montaña  
de pedras e terra.  
Alí foron a tirar  
o escombros da carretera  
pra plantar un pinar  
que hai que ver como medra.  
O Chusco foi pueblo  
pero fai moitos anos  
conociábase aquilo  
como O Bao dos Carros.  
Alí houbo unha Nogueira  
chamada do demo,  
da que quedóu esta lenda  
que me contou un vello:  
Cada noite chegaba  
xunto dela o demo  
e empezaba a cortala  
dálle que te pego,  
quizá pra levala  
pra leña pró inferno.  
Toda a xente sentía  
un montón de medo  
porque sempre caía  
armando un estruendo.  
E pró outro día  
cando iban a vela  
por alí non había  
nin podas nin leña,  
a Nogueira seguía  
como sempre tivera.  
E como naide tiña  
explicación pra aquilo

tododiós decía:  
¡É cousa do demo!  
E seguindo unha idea  
que lles dera o crego  
clavaron na Nogueira  
unha Cruz de ferro.  
Unha vez co<sup>406</sup> fixeron  
pois santo remedio  
nunca máis volveron  
sentir aquel medo.  
Aquel demo burlón  
ó sentirse burlado,  
ca súa diversión  
marchóu pra outro lado.  
E así vos foi o conto  
da Nogueira do demo;  
porque foi un conto  
según dixo o vello;  
un invento do amo  
que si que era o demo.  
E como aquel condenado  
era home de inxenio  
pra que naide lle collera  
as noces polo suelo  
inventóu esta lenda  
da nogueira do demo;  
e como sempre a contaba  
poñéndose serio  
muita xente tragaba  
de que fora certo.  
Pro foi un conto  
como dixo o vello  
un conto tan solo  
que surtíu efecto.

### **César López Méndez**

López Méndez (Pelorde, Pezós, 1955), profesor, pintor, con obra tamén en castelán, deu á luz algunhas narracións nos volumes que recollen as diferentes edicións do Premio Antonio Raymundo Ibáñez "Marqués de Sargadelos" e varios poemas n'A

---

406 Que o.

*Freita*, entre os que se contan os seleccionados, publicados nos números 2 e 4 da citada revista. César viviu desde neno, como tantos poetas desta antoloxía, a cultura tradicional das “casas de pedra e louxas mouras, as patacas y as cacholas”<sup>407</sup>, coa que se sente identificado:

Aló no extremo de Asturias  
aséntase a Nosa Terra  
que amamantou aos sous fillos  
desde as edades primeiras  
e que escuitou as súas falas  
resoando nas lareiras... [...] <sup>408</sup>

### **Mira que é inverno**

¡Mira que as follías  
levoulas el vento,  
que tán os arbolíos  
como esqueletos...!

¡Mira que choven, choven,  
augas del celo  
que nos mollan as roupas  
e empozan el suelo...!

¡Se viras como vén  
el Río Grande  
cos choros que os montes  
lle foron vertendo...!

¡Se viras a Carondio  
vestido de inverno  
coa súa testa branca  
como os vellos...!

¡Se viras paxaríos  
piando de medo  
desde as peladas ramas  
ou fríos suelos...!

---

407 Tiramos a cita da sección “Cartas al Director” de *La Nueva España* (sábado, 17 de xuño de 2006), dunha asinada por López Méndez baixo o título “En busca del coso de los lobos o ‘couso dos lobos’ en Pesoz”.

408 Cf. o artigo do autor “Acerca da ‘Terra Navia-Eo’, ‘A Nosa Terra’” n’*A Freita*, número 15 (decembro de 2000). Eilaó: MDGA.

¡Se sentiras de noite  
ruxir el vento  
e romper as greizas<sup>409</sup>  
contra os penedos...!

¡Non virías agora,  
neno pequeno,  
senón na primavera  
de tibio alento  
que desperta as frores  
polos carreiros  
e telergas de amor  
[n]os nosos peitos...!

¡Mira que as follías  
as leva el vento!

¡Mira que tá Carondio  
vestido de vello!

### **Cantarei... ¡¡Sempre cantarei!!...**

Teño ganas de escribir,  
de cantar ás cousas guapas da vida;  
de cantar ao sol,  
ao orballo que cubre as herbas,  
de cantar á inocencia  
dos animais e dos nenos,  
ao verdor dos campos,  
ao testigo das vellas pedras,  
ao correr rumoroso das augas,  
ao murmullo das follas batidas pola brisa,  
á sonrisa dun neno,  
aos labios dúa virxe,  
e á súa mirada chea de ilusión  
e de esperanza;  
peró tamén cantarei ao dolor,  
á postración ante a enfermidade devoradora,  
á tristeza que chega á alma,  
ás lágrimas que caen dos ollos  
surcando as meixelas

---

409 Bólas de sarabia, saraganas, pedrazo.

nun xesto de tristura infinita...  
 Cantarei á xuventud puxante,  
 vigorosa e rebelde;  
 pero tamén á velleira engurrada  
 cos regos do tempo  
 e á neve do inverno,  
 tenebroso e frío, cubrindo  
 as ideas teñidas de desenganos...

Naide me fará calar,  
 nin a burla,  
 nin a risa,  
 nin a censura,  
 porque sí,  
 porque me gusta...  
 porque me sinto mensaxeiro  
 entre o que me rodea  
 e meos hirmaos os homes.

Cantarei inda que naide me uzca,  
 inda que, sola, a mía voz se erga  
 sobre un mundo apegado á materia,  
 unde a inxusticia, a cobardía,  
 o afán de triunfar  
 pisando sobre os outros  
 rexa a vida da maioría...,  
 xordos a todos os cánticos,  
 xordos a toda poesía,  
 atentos ao goce do metal,  
 arrastrando vidas cómodas  
 e sen afán...

### **A nosa terra, a nosa xente, a nosa cultura**<sup>410</sup>

Aíquí tamos...,  
 aíquí vimos...,  
 os fillos d'úa mesma  
 cultura,  
 os que falamos  
 a lingua poética

---

410 Poema composto para a presentación da primeira edición de *Évos un amaicer guapo* na Casa da Cultura de Santiso de Abres o 24 de novembro de 2007, organizada pola Asociación Cultural San Tirso del Eo.

das Cantigas,  
os que sentimos  
ese apego  
sin remedio  
da Nosa Terra...

Somos os que vibramos  
ante o verdor  
dos sous bosques  
e praderas,  
os que sentimos  
como nosa a esencia  
do olor  
das candelas,  
os que notamos  
e amamos  
as flores marelas  
do toxo e as xestas  
cubriendo as cumbres  
e as ladeiras  
das nosas serras...

Os que auguimos  
rubar  
entre as florestas  
as nosas afanosas  
abellas...

Os que moramos  
entre as vellas pedras  
e louxados  
das nosas aldeas...  
os que vemos  
muitas veces  
xunto a elas  
os ben emparedados  
castros o[u] castelas  
dos nosos antepasados,  
das nosas xentes vellas  
que, no alto dos cerros,  
cantaban ao sol  
e nas noites con est[r]elas  
ás lúas cheas...



Somos descendentes  
de eles, de elas,  
dos vellos albiois  
que moraban  
n'estas terras...

Somos descendentes  
d'estas tribus célticas  
que, desde as orellas  
do Navia  
se desparramaban  
por as terras galegas...

Os restos dos sous poblados  
inda s'asentan  
nas nosas terras...

Elos nos enseñaron  
a amarla,  
a quererla,  
a enraiza[r]nos  
n'ela...  
A sentirla  
tan nosa  
como a sangre  
das nosas venas...

Aíquí s'asentaron,  
aíquí viviron,  
e aíquí empezóu  
a fala,  
úa nova lingua  
que, con axuda do latín,  
supo interpretar  
o mensaxe da terra,  
a savia do paisaxe,  
das xentes,  
do ambiente,  
e que alentaban  
como amantes  
das súas rocas,  
das súas florestas,  
dos sous montes  
e das súas herbas  
e praderas...

¡Que nun se vayan,  
que nunca morran  
nos tempos veñideiros  
a nosa raza,  
a nosa cultura  
ni a nosa lingua...!

¡Xóvenes  
da nosa terra!  
Pensai que é úa fermosa  
herencia  
que, a través de centenas d'anos,  
nos chegan  
desde as ennegrecidas  
lareiras...

¡Que nun desaparezca...!  
Pos ese día  
tamén desaparecerán  
as historias vellas  
que nos contaban  
o que éramos  
de onde víamos  
e como pensaban  
esas xentes  
que nos transmitiron  
a fala melega  
que, cando la auguimos,  
pei qu'ó noso corazón  
máis forte peta...

Esta terra, onde tan  
enterradas  
as xeneraciois  
que nos deron  
a existencia  
e que nos enraizaron  
con ta[n] fortes raíces  
a ela...

Esa é,  
e sempre será,  
¡a Nosa Terra!

### Babel de Cal Cadete

José Manuel Gayol Suárez “Babel de Cal Cadete” (Ortigueira, Coaña, 1955) fixo estudos de Náutica, pero acabou traballando como comercial. A pesar de vivir en Xixón, continuou coas raíces chantadas na súa terra de nacemento. A súa produción literaria está espallada por diversas obras de carácter colectivo. Na nosa edición anterior xa salientabamos que o léxico da beiramar impregna os seus versos. Daquela publicabamos dúas composicións, “A festa”:



Al morrón<sup>411</sup> fitos nel porto  
col cabo teso<sup>412</sup> á gateira<sup>413</sup>,  
al costao y todos xuntos  
nun fragoiro de defensas.  
[...]

E unha versión do canto á súa vila natal, “Ortigueira”<sup>414</sup>:

Emprondada, chantada al penedo.  
Arrechada<sup>415</sup> y sola nas arrabulladas<sup>416</sup>.  
Un oyo al mar, el outro al celo<sup>417</sup>,  
y el corazón surdindo marexadas.  
[...]

En datas posteriores coñecemos, a través da revista *Trabatel*, outras creacións de Babel (2018):

---

411 De morros.

412 Tensado.

413 Tope de madeira ou metal colocado no cairel das embarcacións, na proa e na popa, para que non se corra o cabo cando están amarradas.

414 Seguimos unha versión mecanografada polo autor, que ofrecía variantes en relación coa que dera a coñecer en 2001 no programa de festas de Ortigueira.

415 Arrichada, intrépida.

416 Acantilados.

417 Ceo.

[...] Augua que chanta cuitellos,  
qu'esgaza dando broscadas,  
desfái ribeiras y eiros,  
desfái llugares y brañas.

E, neste mesmo momento, temos que celebrar a publicación do seu primeiro poemario, *El mar que m'enchumaza* (2022), que tanto nos di da integración do poeta no medio. A continuación, seis poemas que nos facilita o propio autor e que figuraban inéditos ata este momento:

### **Os chuchos**

Soi a solombra dos chuchos  
que se foron núa noitada,  
fuxindo envoltos nel vento  
como se foran pantasma.  
De sutaque, como un trono  
estoupáronme na boca,  
pa engalar a nun sei unde  
como os rellustros qu'asoman.  
Déixáronme as sabas brancas  
coloniadas de tristeza  
y un agrín sabor nos labios  
con un vafo que me queima.  
Déixanme a pena nel alma,  
nel corazón úa ferida  
y sobordao nel almohada  
el dolo d'úa despedida.  
Vago al debalo, sin sito,  
a escuras, así nun lluzo,  
nun quero ver a solombra  
que me renembra esos chuchos.

### **Vaga entre lluces**

Muitas lluces,  
mar de prata.  
Se é revoltito  
ferve el augua.  
Hai espuma,  
cuase nata,  
pol muelle  
unde atraca.

Nos morróis  
 xa naide amarra,  
 nun hai botes  
 nin hai lanchas.  
 As escaleiras  
 engatan,  
 se puderan  
 escapaban.  
 Ruxe el vento,  
 hai resaca,  
 ningúna pedra  
 ten parada.  
 Todo pousa  
 pola praya,  
 el ouca  
 y a carrochada<sup>418</sup>.  
 Alluma el muelle,  
 nun hai nada,  
 solo ta el porto  
 y a vaga.  
 Por fóra,  
 noite pechada,  
 inda medra  
 más a vaga.

### **Nesta terra**

Nesta terra vive el mar,  
 ben sei que ta ben agusto,  
 pero se ten un disgusto  
 nun che deixa navegar  
 entre andainas y rellustros.  
 Nesta terra vive el sol,  
 que sempre s'anda escondendo  
 nas nubres que nos tán vendo.  
 El sol nun trairá el calor  
 mentras que siga chovendo.  
 Nesta terra vive el vento  
 acarrexando tormentas,  
 vén con feixes de galernas

---

418 Ramaxe, restos leñosos, desperdicios.

y se é nordés fervendo  
 vólveche tolla a cabeza.  
 Nesta terra vive a terra  
 llucindo todos os verdes,  
 verdes que te quero verde  
 pol chao y pola serra,  
 verde é todo lo que vedes.  
 Nesta terra vive el toxo,  
 el folet<sup>419</sup> y el salgueiro,  
 mira el célo el castañeiro  
 mentras engalan os corvos  
 vendo fruitos polos eiros.  
 Nesta terra vive el llobo,  
 engatan as donicellas,  
 nel inverno hai zaconellas<sup>420</sup>,  
 y as canías del mar más covo  
 ven nas noites as estrelas.  
 Nesta terra viven homes  
 y as más xótigas<sup>421</sup> mueres,  
 aquí nacen os quererres  
 qu' enxendrarán novos nomes  
 pa que todo naza y medre.

### El viaxe

Val más viaxar soñando que chegar,  
 pos pode qu'a chegada sía el fracaso.  
 Muias veces é miyor cambiar el paso  
 esqueicendo ese fragoiro por andar.  
 El esperanza dáche alas pa engalar,  
 é a forza que t'ergue en cualquier caso.  
 Se despós del destino ta el ocaso,  
 é miyor fer del camín el noso llar.  
 Anduven coa ilusión d'un arribada,  
 pensando que xa taba todo feito,  
 pero vin que chegar nun val pa nada  
 se todo lo qu'atopo ta desfeito.  
 Miyor cambiar de rumbo y fer parada  
 pa volver a empezar con outro xeito.

---

419 Felgo, folgueira, fento, ficito.

420 Avefrías, galos cristados, galos monteiros, pegas frías, pitos de neve.

421 Bravas, animosas, vigorosas.

### Noite de praya

A llúa taba medrando  
 xunto al lluceiro del alba,  
 lluces encesas nel mar  
 allumaban dende úa lancha.  
 Qué noite aquela, qué noite,  
 qué noite aquela estrellada,  
 naquel verao por setembre  
 xugando os dous pola praya.  
 Revoltos entre el arena,  
 encoiros en corpo y alma,  
 el mar durmía como un neno  
 envolto en ouca y en calma.  
 Solo fía ruido algún chucho  
 condo a pasión s'enronchaba  
 y algún suspiro mui tenro  
 condo el fougo xa queimaba.  
 Però despós del verao  
 veu el outono qu'apaga  
 el fougo d'un gran amor  
 botando augua ás concadas.  
 Ella foise pa outras terras  
 y eu tuven outras andanzas,  
 xa nun hubo más veraos  
 como el da noite estrellada.  
 Da fogueira d'esa noite  
 quedóu encesa algúa brasa,  
 inda hoi despós dos anos  
 sinto a calor d'esa praya.

### Muyer misteriosa

Espida sei que se baña  
 nas noites de llúa chía,  
 mirando as arrabuyadas  
 por se daquén la talía<sup>422</sup>.  
 Zapica el augua da barra  
 anque tía caliente ou fría,  
 nadando nel mar de prata  
 despós de fello na ría.  
 Envolta nun onda branca  
 os sous ocos relúcían

---

422 Atalaia, observa.

pola ribeira estrellada  
nadando como úa toulía.  
Todas as noites que pasa  
chumbiando dende as puntías,  
rebinca nel mar qu'abracá<sup>423</sup>  
someñando úa rapacía.  
Téndese despós na praya  
hasta que xa ameice el día,  
y a serena sobordada  
vola como un avelía.  
Que pousa como se nada  
nesa fonte unde bebía  
llavando nel augua clara  
os gadeyos que llucía.  
Col misterio d'un encanta  
camín del escaleiría,  
deixa a fonte arramada  
y tristes al mar y a ría.  
Sube polas arribadas  
hasta chegar á Capía,  
y al pé dos faros abraza  
al home que la talía.  
Volvéula muyer el alba  
y del embruxo salía,  
peró haberá madrugadas  
con noites de llúa chía.

### Xesús Trashorras Nogueira

Xesús Trashorras Nogueira (Castroverde, Lugo, 1956) estudou Maxisterio e Ciencias da Educación. Exerceu como mestre en diferentes localidades, sobre todo, na asturiana da Veiga. El mesmo afirma que "a morte do seu pai, dun xeito repentino, cando tiña nove anos marcou a súa vida, nun tempo no que o loito duraba anos, polo que un dos meus refuxios foi a lectura de escritores coma Enid Blyton, Xulio Verne, Stevenson...". Xesús é autor de tres poemarios *O silencio do orballo* (2017), *A chamada de Brigid. Cincuenta poemas de pedra e néboa* (2018) e *Xeometrías asimétricas*. Ademais, ten textos en diferentes volumes colectivos, entre os que tamén se conta algunha composición en portugués (cf. Abeledo et al. 2019: 291).

---

423 Brama, brúa.





A súa integración nas falas e nas paisaxes do occidente asturiano quedan patentes nas composición que reproducimos a continuación:

### **Penarronda**

Dourada y fina concha  
 aos pés de Santa Gadea.  
 El Corno y A Robaleira,  
 por ti velan noite y día.  
 El esfoutado Cantábrico,  
 brinca nel tou arenal  
 al son del vento mareiro.  
 El Dola, calmoso admira.  
 Nel centro, Pedra Castelo,  
 esfuracada y redonda,  
 de quen el tou nome tomas:  
 arenal de Penarronda.  
 Alelís de mar adornan,  
 a túa pel delicada.  
 "Ostreros", anían ledos,  
 no tou amoroso peito.  
 Penarronda, fina concha,  
 aos pés de Santa Gadea.  
 Para El Cantábrico miras  
 desde estas fecundas terras.

### **A Puntía**

Como quen fuxe del Chao da Veiga,  
 ladeira arriba vas engatando.  
 Chuchar ben quixeras a lúa meiga  
 e na súa cara morrer soñando.

176

Ás costas al bravo mar vas deixando  
que es de terra forte como el caxigo.  
De ti El Monjardín entusiasmado  
aos tous pés recita unha cantiga.

De labregos e ferreiros fogar,  
da túa rexa estirpe orgullosa  
que endexamais dela has renegar.

Coa túa fala en verbas poderosa  
aos tous fillos con agallo<sup>424</sup> aleitas,  
protectora madre, mai amorosa.

Puntía, da Veiga esencia e cerno  
a rentes de Silvela, leda moras.

### **Mañás de orbayo pingón**

Mañás d'orbayo pingón  
de nordés que nos aventa,  
de xeladas espeyadas  
nas casas del Acerón.  
Mañás algunhas con sol  
pero por riba de todo  
mañás de nebla que queima,  
que nas entrañas penetra  
hasta rañarnos os ósos.  
Sempre mañás morriñosas  
polas cayes de A Veiga.  
Todos os días lo mesmo  
camín cara A Galea.  
Gaviotas madrugadoras  
por riba del Monjardín  
pra topar faraguyías  
qu'á boca poder levar.  
El Medal adormentado  
coas pescantinas al quite  
pra vender pescao del día  
mentres toman un café  
na barra da Bilbaina.  
Despós a veyá ponte espera  
pra cruzar El Suarón

e xa os pés nel outra veira  
 atopamos a pensión  
 de Tomasa y Angelita  
 dispostas a cociñar  
 buena carne e miyor pescao.  
 Y al cabo Casa Cuervo,  
 Jovellanos é un remolín  
 de nenos e nenas xogando.  
 Lougo vai empezar a clase,  
 enteros con ecuacióis,  
 redaccióis, formulacióis.  
 A xornada rematada  
 toca volver prá casa  
 pr'asina al outro día  
 a ruta volver andar.

### **Barquías de Castrillón**

Esperar é el sou sino,  
 barquías de Castrillón,  
 nacidas para surcar  
 pol mar dulce de Arbón.  
 Esperar é el sou sino,  
 barquías de Castrillón,  
 ser el patrón de úa delas,  
 quen pudiera, meu amor!

### **Castrillón**

Castrillón, un soño  
 en terras del Navia.  
 Paisaxe asturiana,  
 de fala gallega.  
 Prados e zarrados  
 son el sou emblema  
 el Navia a bandeira.  
 Hurros mais cabazos,  
 seculares pedras.  
 Casas de llabranza,  
 de xentes afables,  
 que a terra traballan,  
 apreciada manda.  
 Castrillón, un soño,  
 terras fronteirizas,  
 Asturias na alma.

### Begoña Martín Acero

Begoña Martín Acero (Uviéu, 1957), licenciada en Floloxía hispánica e Filloxía galego-portuguesa, profesora de Lingua e literatura galega en Galicia, pasou a infancia e a adolescencia en Boal, vila á que continúa unida afectivamente. É coautora, xunto con Edita Nogueira Tallón e Quique Roxíos, do libro fotográfico-textual *Ei tán... as portas de Boal* (2021). Begoña considérase “bilingüe (castelán e galego normativo)” e di: “agora tamén son neofalante do galego de Asturias, algo que creo que lle debía a esta variedade nosa da lingua galega, pola que sempre sentín un profundo afecto e respecto”. Escrito nesta variedade está o poema co que participou na edición de *Camíós entre versos e llouzas* de 2021 e que estivo colocado nun castiñeiro do camiño da Verrugueira:



#### Úa pregunta

Si daquén me preguntase  
por úa montaña soñada,  
abriría a ventá  
e miraría de llonxe.

Quedaría emocionada  
coa alfombra de cores:  
Ericas, brezos de suaves maxenta,  
uces mourales,  
toxos e xestas dourados,  
folgueiras esmeralda.  
Bañadas de azul,  
as tollemerendas dos camíós.  
De algodón,  
as zanahorias silvestres.  
Violetas -armas de muller-,  
os crocus, estallos  
e lirios de augua.

Asombraríanme polos carreiros  
 as pedras culobra,  
 llouzas, cuarzos, micas,  
 rolling stones.  
 E os tímidos rascacheiros.  
 Castañeiros e carballos,  
 copas al vento,  
 trazando sendeiros.

Ei enriba,  
 nel crumen del celo,  
 azores e confiados paporrubios.  
 E as nubes -telas bordadas de Yeats-:  
 cúmulos, mammatus, cirros e irisadas,  
 espumas de mar  
 deslizando suavemente.

Pero... non hai quen me pregunte,  
 e a montaña quedará  
 nos meus pensamentos,  
 nos recordos doutros tempos,  
 nos soños  
 e na maxia que creou el sou misterio.

A autora, que se sente dentro da poética do franciscanismo, cultiva tamén o haiku con sentida temática boalesa:

---

Nas arañeiras,  
 el rocío en perlas  
 por el Calello.

A Carballeira:  
 raposas, follas, setas...  
 E cullaríos.

Por Villanova  
 subo a Penácaros.  
 Toco el celo.

---

A continuación, o texto dunha canción súa:

### **Camino**

*(Canción para a miña filla)*

*Música 1*

Ti es camiño,  
 senda laberíntica,  
 travesía pacífica,  
 vereda natural,  
 alameda urbana e vexetal.

*Ponte*

Es alma de canción,  
notas de saxofón,  
alegría multicolor,  
lúa e sol.

Ás veces cardo, ás veces flor.

*Música 2*

Papoulas, melisa e algazul  
gardas no teu baúl.  
Fas do lixo, aventura;  
da pedra pómez, rosacaracolas  
e -cando queres- dos picos, ondas.

*Ponte*

Es alma...

*Música 1*

Es estrela fugaz,  
un relustro sutil;  
ás veces, remanso de paz;  
outras, revolucionario pasquín  
de letras vermello-carmín.

*Ponte*

Es alma...

### **Crisanto Veiguela Martíns**

Crisanto Veiguela Martins (A Veiga, 1959), enxeñeiro agrónomo que exerce a docencia en Pontevedra. Crisanto Veiguela é defensor da normativa reintegracionista e membro numerario da Academia Galega da Língua Portuguesa. En Madrid formou parte do grupo Bilbao de poetas en galego, a carón doutros autores galegos e asturianos. Ten dado a coñecer os seus poemas en diferentes revistas, entre as que se contan *Agália* e o suplemento "O Espello" da revista *A Freita*. É autor do poemario *A vida sempre e sobretudo* (2001) e coautor (con Adela Conde e Xavier Frías) de *Carreiros. Mostra de poesía da Terra Eo-Navia en lingua galega* (1998). O texto que reproducimos tomámolo da versión que nos facilitou o propio poeta para a primeira edición deste capítulo.



### Se hai que cantar

Como todas as Terras,  
 como todas as pátrias,  
 como todas as gentes<sup>425</sup>,  
 como em todas as casas,  
 a mia Terra tem cousas  
 dignas de ser chufadas;

que as cantem os poetas  
 se quixerem cantá-las;

elos verám que história  
 faim com as suas palabras  
 com que palabras dizem  
 com que palabras falam  
 qual música lhe<sup>426</sup> poim à cançom  
 coa que cantam;

que eu quero que a mia voz  
 se expresse nesta fala  
 que arrolou el meu bécio<sup>427</sup>  
 que me deixou a marca  
 de ser pequeno um dia  
 quando el leite se mama;

a fala mais sentida, a mais nossa, a mais fala  
 a que ainda se despreza, se ignora e se avassala  
 por nosoutros  
 os mesmos que la temos por fala;

que outros vistan sous versos  
 com sotaque de mázcara  
 que rimem un tras doutro  
 os tópicos de gala  
 e deixem outra vez a língua condenada  
 a lírica chorosa e morrinhenta laia;

que cantem os que queiram às verdes alvoradas,  
 al orvalho e aos homes  
 que lavouram e calam,  
 à céltica paisage e às ánimas penadas...

---

425 Lémbrese que formas como *gentes*, *quixerem* e *paisage* lense o mesmo que *xentes*, *quixeren* e *paisaxe*.

426 Teñamos en conta que os grafemas <lh> e <nh> equivalen a <ll> e <n̄>, respectivamente.

427 No galego de Asturias rexistramos esta forma ao lado de *berzo*.

Se hai que cantar  
eu canto a aqueles que nom cambiam  
de idioma quando salem por a manhã da casa [...].

182

### María Eugenia Castro Ferrer

María Eugenia Castro Ferrer (Uviéu, 1959), mestra e licenciada en Bioloxía, está afin-cada desde 1980 na Caridá, onde, moi consciente da contorna, desenvolveu a súa actividade profesional nunha escola do medio rural. Firme defensora do patrimonio natural, cultural e lingüístico do occidente asturiano, militou durante máis de vinte anos na asociación cultural e ecoloxista Xeira, de cuxa directiva formou parte. Como escritora, deuse a coñecer no campo da literatura infantil co seu *Poemario solidario...*

[...] Se pasea Nube Verde  
por los bosques y se pierde.  
Nube Azul ya la ha encontrado,  
vuelven juntas al poblado.

De los indios aprendimos  
que es importante cuidar  
el sitio donde vivimos,  
a admirar al animal,  
a amar la naturaleza,  
respetar a los demás  
y terminar las peleas  
con la pipa de la paz.



A inspiración vernácula de María Eugenia fíxose pública co poema “Señardá” en *Camíños entre versos y llouxas* (2022). Agora rescatamos aquela composición e mais outra coa que ela nos agasalla para esta obra:



### Señardá

Señardá das maos da bola  
 que calecían as mías,  
 del pan con mel del domingo,  
 condo volvía de misa.  
 Señardá del pano mouro,  
 dos chourizos na cocía,  
 del olor del sou mandil,  
 unde a veces me dormía,  
 que nun había refuxio  
 como el collo de bolita,  
 unde os medos se escapaban,  
 unde as penas se esqueicían.  
 Señardá da sua<sup>428</sup> sonrisa,  
 da sua mirada callada  
 condo pensaba nel fiyo  
 que nun volveu de La Habana.  
 Señardá de tempos veyos  
 de amaiceres na Cabana,  
 condo por ter, nada tíamos,  
 pero nada nos faltaba.

### El caleiro<sup>429</sup>

Bolito faime un caleiro  
 nel fondo del Canedo  
 Como aqueles que nos fías  
 todos os vraos con Lorenzo.  
 Bolito faime un caleiro  
 nel fondo del Canedo.  
 Tráigoche eu as pedrías  
 que nos quede ben al xeito  
 con un brazadín de poxa<sup>430</sup>,  
 pra prendella col chisqueiro.  
 Bolito faime un caleiro  
 nel fondo del Canedo,  
 que llougo vou allindar

---

428 Non utilizamos til para favorecer a lectura das vogais como ditongo e así, con esta sinérese, respectar o verso oitosílabo. Do mesmo xeito, no poema seguinte, en *duas vacas, ua carrada e mia madre*.

429 Foxo onde se queima o cal vivo con auga. Por extensión, lugar acoutado para queimar algo.

430 Puxa, esca, isca, materia vexetal que arde con facilidade.

as duas vacas pol suqueiro<sup>431</sup>.  
Y nun ye contes á bola  
que á tardequía nel pueblo  
galopamos como tollos  
en el caballo marello.  
Bolito faime un caleiro  
nel fondo del Canedo,  
vamos a queimar as penas  
d'estos allouriados tempos.  
Si tu ques tráigoche as pedras,  
que fun na vida coyendo.  
Tráigoche ua carrada d'anos  
y la esperencia del tempo,  
os abrazos dos meus fijos,  
a sonrisa d'un pequeno,  
os consejos de mia madre,  
que nunca mal me fixeron,  
os mil colores da tarde  
y os secretos del vento.  
Bolito faime un caleiro  
nel fondo del Canedo,  
vamos a queimar as guerras,  
vamos a queimar os medos,  
a tollura dos que mandan  
y esa avaricia sin xeito.  
Tu dálle llume sin dolo,  
vamos a queimar de a feito.  
Bolito faime un caleiro  
nel fondo del Canedo.  
¡Tanta présa por medrar  
y quen volvera a ser neno!

### **Belén Rico Prieto**

Belén Rico Prieto (A Veiga, 1959), amante do violín, estudou Maxisterio, carreira que empeza a exercer en 1982. Asidua cultivadora da poesía, da música e das viaxes, ten participado en múltiples recitais e publicado nas revistas *Lletres Asturianas*, *Lliteratura* e *Trabatel*, así como noutras obras de carácter colectivo. A súa composición "A fala escuita" foi musicada polo grupo Darbukka. Entre os seus poemarios figuran *Algunhas maos* (2012), do que escolmamos as seguintes pezas:

---

431 Carreiro ou vereira ao lado dos sucos cultivados, arredor, arroleiro, beiral, colado, comareiro.



### El Cuco<sup>432</sup>

Xa chegou marzo marzán,  
cantou el cuco á tardía.  
Avisou a zaconela al papo rubio  
qu'el cuco ladrón outía<sup>433</sup>.

Quince níos,  
quince ovos,  
quince cuquíos.

En abril pola mañá,  
capóume el cuco<sup>434</sup>.  
Cuco rei,  
¿Cuántos anos viviréi?

Un cucú largo  
apousou nel silencio.

Inda queda libértá,  
inda hai bocas,  
inda hai gorxas...

Y el cuco  
vaise  
en San Xuan.

---

432 “El Cuco” e “Carta a Generosa”, entre outras da autora, apareceron en 2006 na revista *Silvallana*, da 43ª Fería de Muestras de Vegadeo.

433 Outea, vixía, espía.

434 Burlouse de min o cuco, oín o primeiro canto do cuco. En moitos lugares existe a crenza de que quen sinta cantar o cuco á mañá antes de tomar alimentos ou bebidas terá preguiza durante todo o ano. Noutros, en cambio, crese que dará sorte e que quen o escoite vivirá aínda moito tempo.

**Carta a Generosa**<sup>435</sup>

Traime unhos escarpíos<sup>436</sup> de la,  
 aquí hai un neno. Dezaséis anos  
 ten. Ten papel e lápiz, escribe.  
 Pro ten frío, fame, medo. Traime  
 tamén pan, vale de meiz, qu'el trigo  
 xa sei eo que ta detrás dos montes.  
 Cuando veñas, nun chores, ri ben.  
 Trainos as túas xógaras brancas  
 pra entre os mares d'estas penas nosas.  
 Traime a túa boca colorada  
 como as cereixas, como el sangue  
 del compañeiro que se foi ayer.  
 Nas alxabas trainos tamén  
 botóis ou fabas, pra poder xogar  
 xuntos al alduño<sup>437</sup>. Acoquinaos  
 en parexas. Nesta cárcel nun se  
 pode falar d'outro xeito. Que nun  
 ch'esqueizan el pan, nin os chapíos,  
 nun ch'esqueiza rirte. El neno espera.  
 Anda lixeira, vente lougo, que  
 mañá el neno pode ser outro  
 dos que leven de paseo. Ningún  
 volveo. Tampouco ha volver él.  
 Nun ha fer falta qu'as campás toquen  
 a festa. El rapaz, anxelín,  
 vai tar cos outros. Xogando libre  
 al alingole<sup>438</sup>, entre más mortos.

---

435 Este poema ta composto en acordanza dos meus abolos, especialmente da mía abola Generosa, que foi estrobo e remo da casa. Generosa iba visitar al sou home, Celso, nel ano trenta e sete cuando taba preso en Castripol e levábaye cousas qu'él ye pedía a través de cartas. Meu abolo, que morreu daquela, coincidiu na cadea col neno que "ten papel e lápiz"; trátase del noso poeta bualés Benjamín López, que daquela inda era un mocín. [Nota da autora].

436 Escarpíns. O plural dos nomes en -ín do galego común, no occidente de Asturias e en falas do oriente de Lugo, soen acomodarse ó sistema maioritario do tipo *nenín – neníos / neníños*.

437 Xogo para adiviñar en que man está escondido un obxecto.

438 Xogo de nenos consistente en que dous balancean a un terceiro agarrándoo por onda os pés e por onda as mans.

**As tres**<sup>439</sup>

As tres da tarde,  
 hora cansada.  
 Nun hai hedras onde apousarse  
 ás tres,  
 hora da astiada.

Ás tres, ven,  
 inda me queda asenso  
 eu nun durmo,  
 ábreñeme os ocos  
 col clarién  
 y nun son quen a pechalos.  
 Ven ás tres,  
 que morro.

As tres da tarde,  
 hora dos testamentos máis sinceros.  
 Nin el barruzo s'atreve  
 a asañar a sesta.

**A noite**

A noite como cadela  
 mírame cos ocos abertos.  
 Os relustros que la encenden  
 prenden charamuzas  
 na mía cama.

Boto os pés fora,  
 esperando algún camín  
 entre tanta estrela.

Y atopo  
 a friaxe del tarrén.

---

439 "As tres", "A noite" e "El alfonil" publicáronse en 2007 no número 95 de *Lletres Asturianas*.

### El alfonil

Esfarelo palabras,  
aneino<sup>440</sup> ilusióis,  
xonzo<sup>441</sup> choros,  
acaraviyo acordanzas,  
acougo costeladas,  
acalento esfoladuras,  
afalo cántigas.  
Brego.

Embruxo el vento  
que zumba coa verdá,  
abro el ventano del alfonil<sup>442</sup>,  
y a xistra fai el resto,  
axenega<sup>443</sup> a quincayada  
que s'amurgueira<sup>444</sup>.  
Escribo.

En 2017 publicou *Algún son... tres*, con ilustracións de José M. Legazpi. Velaquí unha mostra deste poemario:

### Abril

Abre abril  
a porta da flor  
que promete el fruto.

Volvéu el cuco,  
peró á noitía mesmo  
xa chegaba unha andolía.

Abre abril  
a porta da luz  
que promete el alimento.

Abril aberto  
deixa ouguir  
polas regandixas

---

440 Anaino, arrolo.

441 Xungo, axugo.

442 Pequeno cuarto utilizado como almacén con cousas postas en calquera lugar.

443 Sacude.

444 Medio adormece.

de noso  
 el canto del malvís  
 y el buligar das alas  
 das pegas paroleiras  
 qu'engalan  
 hacia a luz.

### Quique De Roxíos

Enrique González Álvarez, "Quique de Roxíos" (Roxíos, Boal 1964) é licenciado en Dereito e funcionario da administración de xustiza en Euskadi. Foi socio fundador da *Mesa prá Defensa del Galego de Asturias* e desde moi novo sempre estivo moi activo en todo tipo de iniciativas a prol do galego de Asturias. Nesta liña, publicou xa na década de 1980 diversos artigos na prensa asturiana e colaborou no suplemento cultural de *La Voz de Asturias*.

Pertence ó colectivo *Axuntar* e mantén na rede espazos con contidos diversos relacionados co galego de Asturias e, en xeral, coa cultura do occidente do Principado: *Espazo Quique Roxíos*<sup>445</sup>, *Gallego-asturiano.com*<sup>446</sup> etc.

Como poeta, publicou *Teño dolo da túa risa*<sup>447</sup> n'*O Espello*, suplemento literario de *A Freita*, e o libro *Personaxe desconocido* (2018). Ademais, colaborou noutras publicacións colectivas e participa con frecuencia en recitais poéticos e noutras iniciativas culturais. Textos seus foron premiados no I Concurso de poesía Miguel G. Teixeiro, de As Figueiras e no XVII Certame de Poesía "Andoriña Voandeira", convocado pola Irmandade de Centros Galegos de Euskadi.

No poemario *Personaxe desconocido* inclúe tres obras de épocas diferentes. Así, baixo o título "Teño dolo da túa risa" agrupa as composicións que dera a coñecer no suplemento da revista *A Freita* "O Espello" (1999), con pequenas variacións con respecto á primeira versión:



445 Espacio de Quique Roxíos | El orgullo de falar gallego asturiano (wordpress.com)

446 Gallego asturiano/ Gallego de Asturias/ A nosa fala (gallego-asturiano.com)

447 Tamén se pode ler no seu blogue: <http://quiqueroxios.spaces.live.com/>

**Díxenlle al ameicer**

Díxenlle al ameicer  
 que se esqueicese  
 un día de vir.  
 Que por úa mañá,  
 namais por úa,  
 non se deixase chegar.  
 Respondeume sen falar.  
 Contestoume sen dicir.  
 Que el non podía,  
 quixese ou non,  
 vir nin deixar de vir.  
 Que el non vía, que lo trían<sup>448</sup>.  
 Que el non se iba, que lo botaban.

Respondeume, contestoume  
 que el non podía nin... nin falar  
 que el non sabía nin... nin dicir.

Algo similar fai en “Cántigas del Augüeira”, que reúne textos que conformaban a obra con este mesmo título, tamén con pequenos retoques lingüísticos. Entre eses poemas, encóntranse esta cantiga de amigo<sup>449</sup>:

**Cántiga del teixo de Pastur**

Rosada del despertar, llévame contigo  
 á igrexa de Pastur unde el teixo ofrecido.  
 Suspiraremos el sou aroma.

Rosada del despertar, llévame al tou lado  
 á igrexa de Pastur unde el teixo perfumado.  
 Suspiraremos el sou aroma.

Á igrexa de Pastur unde el teixo querido;  
 que a adivía me día novas del meu amigo.  
 Suspiraremos el sou aroma.

Á igrexa de Pastur unde el teixo sagrado;  
 que a adivía me día novas del meu amado.  
 Suspiraremos el sou aroma.

---

448 Formada sobre a variante reducida *trer*, utilizada en Asturias ao lado de *traer* e *trager*.

449 Sabemos polo autor que esta composición foi musicada e reproducida no disco *Cultura sem fronteiras* na voz da poeta lusa Graça Amiguiño e gravado nos Estúdios Quarta Vaga do fadista portugués Lino Lobão.



E en “Personaxe desconocido”, que lle dá título ao volume, edita os poemas cos que o autor foi galardoado en 2017 co Premio “Anduriña Voandeira”. De entre eles, escolmamos o que segue:

### **Atardecer**

Féxose tarde nas Ramblas de Barcelona.  
 Úa brisa púrpura,  
 un claror fendido entre as árbores,  
 úa pousada quietú incómoda, querendo ser.  
 Volvín evocar un instante vendo pasar almas acinzadas.  
 Aclareou, pero non, tu non tabas.

Por outra parte, Quique de Roxíos, que foi un dos premiados en 2021 no V Certame de Vilariñas de Guitiriz, posúe abundante produción editada en volumes colectivos como *Poetas do reencontro* (cf. Abeledo et al. 2019: 269-272) ou *Raia Luso Española. Colectânea Literatura e Artes* (cf. Barros et al. 2020: 108-112):

### **Acordanza**

Vou escuitarte,  
 idioma das pedras mortas,  
 atender el tou laricar silencioso  
 calando avergonzado  
 por a obrigación que che debo  
 e non desaparecer eu  
 no tou esquecemento.  
 Vou fer as paces contigo,  
 dolerme dos tous males  
 que sangran nas túas feridas  
 e inventar úa historia  
 non acontecida  
 que acougue el azougue que respiro  
 del que me sinto responsable.  
 Vou saborear as voces que  
 te saben pronunciar,  
 negar que eu non sei amarte  
 erguerme simbolicamente, mentirche  
 inventarme virtualmente, mancarte  
 xustificarme novamente, converterte  
 e converterme eu  
 en desmemoria dos tous chuchos. [...]

A través do seu blog, <https://quiqueroxios.wordpress.com>, unha ventá aberta cara á cultura galegoasturiana, podemos participar da súa poesía. É desta páxina de onde tomamos os “Haikus entrelazados” que seguen. Pola súa parte, os de “Ausencias”, antes de agora inéditos, facilítanolos o autor para esta obra.

192

### **Haikus entrelazados**

*Das túas maos,  
gotas das acordanzas  
esqueice a noite*

e nos tous beizos  
señardades encoiras<sup>450</sup>  
arroia a llúa.

Desacougado  
recuperar intento  
a túa memoria  
xa esmorecida.

El meu chorar revive  
molladas penas.

Tantía el vento  
tou nome roubarme,  
desfello en cerzo.

Arrouparanme  
pingaratadas dulces  
del tendedeiro.

Son faragullas,  
ocultas acordanzas,  
da dita aromas.

Das túas maos,  
gotas das acordanzas  
esqueice a noite.

---

450 Espidas, núas, en coiros.

### Ausencias

Sombra dun teixo,  
inocentes chorares,  
froles na lápida.

Mira el espello  
pentagramas nas nubes.  
Soños nos ollos.

Ignora el río  
que a casúa<sup>451</sup> pechou.  
Pasou a vida.

Xelo pesado.  
Acullú<sup>452</sup> del silencio,  
un cobertor.

Bufa el nordés,  
mentir da primavera.  
Tróuxonos froes.

Na terra, brasas,  
fumo dúa barrueira<sup>453</sup>.  
Lluz na cocía.

### Pepe Suárez Jardón

José Suárez Jardón (Matafollada, Tapia, 1965), coñecido por “Pepe de Matafollada”, é un bo representante da literatura actual na emigración. O autor, despois de realizar diferentes traballos en Ponferrada, A Caridá e Navia, acabou establecéndose na cidade arxentina de Mendoza. En 2021 dá a coñecer *Por el camín de Nayundes. Poesía en fala eo-naviega na variante das ribeiras del Porcía*. Como di Enrique González Álvarez no prólogo, a súa poesía “ten rebiliscoques de *señardá*, a *saudade* eonaveiga, i é un botar de menos as carballeiras, as calellas, os rigueiros i un estrañar el pasar compasado dos ciclos das cosechas”. A lembranza desa xeografía familiar podemos observala nas cinco décimas que escolmamos dun dos seus poemas.

---

451 Uso do sufixo aumentativo (-oa > -úa) cun valor afectivo positivo.

452 Máis aló, acolá.

453 Barroeira, borrea, toleira.

## Del Eo al Navia

[...]

Barres deixo nas ribeiras  
y vou camín de Serantes,  
pueblo dos mais elegantes  
entre prados y meiceiras  
con cunetas de roseiras  
que me chegan ben axeito  
unde el mundo ta ben feito  
y de beleza ben farto,  
ben falo de Rapalcuarto,  
falo, ademais, con dereito.

Mántaras, terra ben chía  
unde medra cualquier planta,  
excelencia que abrillanta  
tanto de noite ou de día;  
sigo pra Tapia, tan mía,  
unde el edén foi descrito,  
un pueblo de señoritos  
como dice el dito aquel.  
Con sua praya y con hotel  
y unde xantar bon bonito.

Salo ben chen y xantado  
xa amín del Cortaficio,  
tanta guapura é de vicio  
que vou sentarme nel prado  
a admirar ben abobado  
el llibre volar del ave,  
séi que me espera Sallave  
con igresia y campanario  
y, eu, poeta llibertario  
nun entro por nun ter chave.

De Sallave a Campos vou  
que nunca soupén el llinde,  
pro como el camín me rinde  
nun penso nin unde tou,  
séi que el pelegrino sou  
entre a feroz nordesía  
veixo de Ilonxe a Porcía,  
el berzo unde el río abraza

como marina baraza  
 a llingua que sinto mía.  
 [...]
   
 Axeito, pro, sen resabio  
 anduven toda a tardía,  
 xa se me acababa el día  
 inda nun chego a Cartavio,  
 anque mais tolo que sabio  
 y con bóchigas nos pés  
 paséi por Xarrio a través  
 con ganas de ver el fin  
 chegando axina al Espín  
 pra dar a volta al rovés.

### Fredo de Carbexé

González Fernández, "Fredo de Carbexé", (Carbexé, El Franco, 1967) estudou Maxis-terio e Xeografía e é un bo coñecedor da sociedade e do territorio eonaviego, ademais de autor de varias publicacións en castelán e en galego sobre asuntos xeográficos, estes últimos na revista *Entrambasaugas*.

Como poeta, achamos composicións súas, baixo o título "El tempo nel barruzo" na revista *Trabatel* (2013: 7):

[...] Namáis miro  
 pasiar á lluz  
 gris nel barruzo,  
 axeito.

Pero o groso do seu corpus poético transmítenolo Fredo de Carbexé através de tres poemarios: *Mourén dos fondos* (1996), *Soños de peregrín* (2006) e *Fruxes da nebra* (2007). É do primeiro do que seleccionamos o texto seguinte:



### Fondales

Vólvese a tar solo  
coas paredes mudas,  
nun mar de dudas,  
nun furao sin fondo.

Vein as sensacióis  
d'angustia, d'ansiedá,  
condo el acabo del amistá  
ch'enseña os fondales  
unde xurde a soledá.

Nun ves cousas pra falar,  
desconfíase dafeito,  
nun ves a naide,  
pasa el tempo, miras al aire;  
a mente nun fai senón amolar  
mentras s'allouría ún mesmo.

### María Concepción Álvarez Lebreo

Conchita Álvarez Lebreo (Vigo, 1970), licenciada en Filoloxía Hispánica pola USC, é profesora de Lingua Castelá no ensino secundario. A súa familia materna é de Tapia de Casarego, vila coa que sempre mantivo unha estreita relación afectiva e de aí arranca o seu interese pola lingua e a cultura galegoasturianas

En internet mantén o blog *A salvadeira*<sup>454</sup>, co que pretende colaborar a salvar palabras do galego que están en risco de desaparecer e que non estean xa recollidas noutros vocabularios do galego de Asturias.

Moitos poemas seus figuran en publicacións colectivas de Galicia e do Principado. Conta con varios galardóns literarios entre os que se conta o Premio Victoriano Taibo de Poesía, do Instituto de Estudos Miñoranos, que recibe en 2012 polo libro *DistanCIAS e Simetrías*:



---

454 <http://asalvadeira.blogspot.com/>

Onte á noite non estaban.  
 Dúas fendas verticais ameazantes  
 a ambos os dous lados do leito  
 mesmamente nos recantos.  
 A casa repisou. Iso din os entendidos.  
 (É de lei tras certos anos).  
 Mais non pensan na vontade esquiva da vivenda  
 e no poder teimudo dos cuartos,  
 dos muros, dos chanzos, as fiestras, as portas, os ladrillos, as tellas.  
 Unha casa: xerarquía de intencións non sempre claras  
 diverxentes decote dos seus amos.  
 Acubillando unha cousa cada día.  
 Incubando desexos impensábeis.

Que queres hoxe, parede do cuarto de folga  
 rachada e ferida?  
 Ficas connosco? Ou déitaste no patio do veciño?  
 Cal e a túa vontade nesta hora precisa?  
 Podes comungar na nosa festa  
 ou esgallarte coma póla vencida polo peso  
 das confidencias, dos desafíos, das pelexas, dos saloucos, dos risos,  
 da vergonza, da indiferenza, dos xemidos, dos caprichos, da vida.

Mentres eu me escorno coas paredes  
 nin contestas nin marchas.  
 E, imperceptibelmente, as fendas avanzan cara arriba  
 co desexo patente de lembrarnos  
 que ata as cousas que semellan máis sólidas  
 non son para sempre.

Fronte á obra anterior, escrita en galego normativo, a poeta recupera o seu tapiego familiar en *Na palma da túa mao* (2020):

4.  
 Cheguén<sup>455</sup> a esa edá  
 (quén lo diría)  
 que xa nun espera  
 correspondencias.

---

455 Forma verbal que a miúdo convive con *cheguein*. Lembremos aquel “padrenuestro” pequeniño da área fiesterrá: [...] *Alá fun, alá cheghén, / tres Mariás encontrén / preghuntando por Jesús / e Jesús taba na crus / e na crus e no altar / cos peñños a sangrar* [...].

198

Recibir,  
ter,  
ser amao  
nun tein miga d'importancia.  
(Crédeme, nun la tein,  
nun la tuveron nunca).

Dar, ser, amar de baldre  
é lo único qu'importa.  
Ese é el argumento, señor poeta,  
a trama da vida.  
Non a veyura y a morte,  
senón ese amor puro  
que namáis a presbicia  
permite topar agachapao  
entre as linias del guion.

13.  
Construín a barca na sala y agora  
nun sale pola porta.  
Mentres, el horizonte mouría y nun sabe  
se aguardar a qu'a esperanza  
navegue sola.

Hei a esperar que morran todos y tirar  
as paredes cua brosa, però entoncias  
ha a ser un día claro y el horizonte  
ha a tar disfrazao de mar y de nubres traicioneiras  
y el meu chalano, sin meta, ha a querer volver  
y, entoncias, nun me decido  
y, entoncias, nun sei qué faga  
y, entoncias,

deixo a barca na casa y mía madre  
aparta el remo del sofá  
pra poder sentar  
y seguir cua súa calceta.

31.  
El tou amor entróume en horas mortas, de revelaxe,  
afurancando as regandixas  
que foron abrindo sin precatarnos  
nel muro fortificao da mía desgana.



Aspirénlo sin querer  
 como un fumador pasivo na marquesina del autobús.  
 Como quen coye unha desviadeira por equivoco.  
 Como as faladurías nel tempo invernos. Asina entróu.  
 Trespasando a corteya del desencanto  
 y as paredes, reforzadas,  
 da mía renuncia.

A continuación, un poema publicado en 2014 na revista *Trabatel*.

### **Tarde te decatache**

(*A Conchita Lebrede, in memoriam*)<sup>456</sup>

Sempre tuviche orguyosa  
 del arrecendo dulce y mesto  
 da túa fiya máis nova.

Cómo chufabas  
 el olor suave a herba segada,  
 el aroma de vainilla y de canela,  
 y ás veces un bocadín  
 de mel y d'azucro mouro;  
 pero sobre todo olor  
 a herba fresca y acordanza  
 das horas lentas da nenez,  
 d'aquelas horas  
 que pasabas sempre en compañía  
 de xente veyá.

Y tu nun te decatache.

Sempre alabando a pequena,  
 nunca chufando nas outras.  
 Dicías, por exemplo, fachendosa:  
 Qué olorín, qué gustín que m'alegra el alma  
 y m'esperta a vida.  
 Outras veces:  
 Qué delicia este aire qu'entra  
 polas narices pero enche  
 el corpo entero de campo,  
 de terra enchumazada

---

456 Esta dedicatoria é posterior á publicación na mencionada revista.

pola pruya persistente.

Dicíasyo sempre a túa madre:

Qué ben ule esta mía fiya,

¡peró qué ben ule!, ¡vaya gozo!

Dios ma conserve, gracias ye dou  
todos os días.

Y túa madre ríache, ou minto,  
nun che ría sequera, fruncía un pouco  
a comisura del labio dibuxando  
unha media sonrisa como muito,  
encoyendo os ombros, secudindo a cara  
nun xesto suave repetido  
que vía decir: tu, fiya, nun teis romedio.

Y tu nun te decatache.

Tu sempre tabas chufando,  
sempre coa nariz apegada  
al pelo rizado da pequena:  
¿D'únde ye virá? Nun ulen asina as irmás,  
nin sou padre, nin eu, nin máis naide.

Peró, fiya,

¿qué dulceiro che deu tal agasayo?

Si,

ules miyor que tuas irmás, que todas  
as irmás da contornada;  
digo máis, que todas as irmás  
del universo.

Y se por ti fose

nun arredarías nunca os focicos  
del pelo arrecendente da crianza,  
del sou pescozo azucrao, del peleyo  
engaramao de regaliz que che fía  
engalar polos mundos ceibes  
y felices  
del pensamento.

Y tu nun te decatache d'únde vía,  
hasta que fuche aquel día á casa de túa madre y la topache  
tranquilamente deitada,  
adormigada, pensache, y nun movía  
os ombros nin tampouco  
atanigaba a súa cara feita a brosa.

Namáis ría, ou, nin sequera:  
 dibuxaba esa sonrisa súa  
 retranqueira. Y tu nun te decatache  
 del sou olor a ouca, a vainilla, a regaliz,  
 a herba cortada de pouco,  
 a arroz acabao de cocer,  
 a rustrido de cebola,  
 a azucre y canela amesturaos  
 preparaos pr'amañar os fereixolos,  
 y sempre sempre olor a terra,  
 a nubres baxas  
 y a orbayo. Y tu nun te decatache  
 hasta qu'anagada en lágrimas  
 la chucache unha volta  
 y outra:  
 Nos sous papos engurriaos.  
 Nel pescozo aveyentao.  
 Nel pelo xa abrancazaos.  
 Y, condo pudiche al cabo  
 erguer axeito a cabeza,  
 aloumiñácheye os párpagos  
 agora zarraos pra sempre  
 y chorache por ela manseiría  
 a primeira vez y el última. ¡Y tu nun te decataras  
 del olor testo da bola!

### **Ugia Pedreira**

Ugia Pedreira (Vilaronte, Foz, 1971), escritora, cantante e compositora, cunha dimensión artística internacional, é creadora de programas de radio, de coros, de bandas sonoras para diferentes espazos, do Conservatorio de Música Tradicional e Folque de Lalín e dunha infinidade de proxectos musicais.

Ademais de ter publicado en obras colectivas, deu a coñecer en 2010 o poemario *Noente Paradise*. Afincada no concello de Castropol e integrada plenamente no vivir diario mariño, ten dado á luz creacións estreitamente relacionadas con esta área xeográfica, entre as que se encontra o álbum *A Comuna del Barruzo*, onde encontramos musicados temas de diferentes autores e tamén da propia Ugia, coma este que presenta en colaboración con Pierrot Rougier:



### **Nayundes Paradise**

Escesos de plástico  
qu'envolven todos os recantos del planeta,  
escesos que nos cheiran,  
cotra que s'estragaya.

Podo facer pequenas cousas que afectarán a un futuro,  
vivir aventuras salvaxes, rime dos meus absurdos.  
Xogar con monecas de trapo e con palíos al lego,  
ter mao dos meus animalíos como os meus compañeiros.

Escesos de plástico  
qu'envolven todos os recantos del planeta,  
escesos que nos cheiran,  
cotra que s'estragaya.

Podo tamén debuyar as fabas e enrestrar as cebolas,  
Pañar mazás en cestos de bringas na casa da abola.  
Ter úa amiga imaxinaria que vén del Este d'Europa,  
Qu'el aburrimiento seña un tempo pa mirarme dende fóra.

Escesos de plástico  
qu'envolven todos os recantos del planeta,  
escesos que nos cheiran,  
cotra que s'estragaya.

Nayundes Paradise!

O espazo galegoasturiano tamén está presente en *Segmento Cantábrico*. A autora considéao como "unha proposta de arquitectura sonora feita poema, spoken e canción. Vai adicado a todos os pobos, tribus, clans de Ortegal (Galicia) a Ouessant (Bretagne), que tiveron e teñen como via marítima de relacionamento o Mar Cantábrico. Especialmente ao pobo galego, asturiano e bretón, tres Casas que nos acollen desde onde miramos de fronte o vendaval". Neste traballo, achamos musicados poemas de Xela Arias, Rosalía de Castro, Ricardo Carvalho Calero, Manuel Curros Enríquez, Enrique Gavilanes, Marina Oural e cantos populares tradicionais:

En toda a quinta nun hai quen beile.  
 Que morreu a rapaza meyor del baile.  
 Meyor del baile. Ai! Si, non.  
 En toda a quinta nun queda naide.  
 Solo polvo e area que leva el aire.  
 Que leva el aire. Ai! Si, non.

Así mesmo, a autora achéganos tamén os seus propios textos cantados:

### **Ser 1 ser +**

Vivir con poucas cousas,  
 mirarse para dentro.  
 Pousarse nunhos ollos,  
 pasar o día enteiro.  
 Pasar o día enteiro,  
 mirando para xanela.  
 Bailando nos pasillos,  
 rolando na madeira.  
 Rolando na madeira  
 atopo novos bichos.  
 Atopo outra fibra,  
 deste meu corpo b-v-ello.  
 E así, a cámara lenta.  
 Sentar na sala de espera.  
 Da nosa propia consciencia.  
 Renderse á nosa debilidade  
 é o paso do virus ó amor.  
 Ser un ser máis planetariamente humán.

### **Orgánico é viaxar**

Dáme da tua boca, non ves que morro de frío.  
 Douche esta historia sentida no teu abrigo.  
 Orgánico é viaxar, viaxar orgánico.  
 Posíbel calma é viaxar na tua pel.  
 Dáme dos teus mimos  
 que fan o camiño máis fácil.  
 Logo xa veremos as formas máis elegantes.

### Ribeiras del Eo

Nas ribeiras del Eo  
eu canto este cantar.  
Canto pa aliviar as penas nacidas,  
canto pa enganar el ansia,  
canto por aventar ideas que salen de min,  
canto á lixeireza del alma.  
Eu son filla del Cantábrico,  
veño das tribus del mar.  
Xa nun teño muito mais que contarvos  
senón a mia vida extrema  
e que canto pa ter salú,  
e darvos a que me queda.

### Irma García Fernández

Irma García Fernández (Boal, 1976), diplomada en Turismo, guía turística e cultural e traballadora no ámbito social nas terras do Navia-Eo, participou desde os dezaseis anos no movemento asociativo. Na súa vila natal formou parte do grupo de teatro Penedo Aballón, que interpretou durante máis de vinte anos numerosas obras de carácter costumista en galego-asturiano. Ten colaborado na radio e na prensa local. Algunhas das poesías que reproducimos difundiunas a autora polas redes sociais. Outras, permanecían inéditas antes da edición desta obra.



### Decepciois (I)

Decepciois que chegan,  
que se fraguan na tormenta,  
que se alexan  
por peteneras,  
que dolen sin vacaciois.

Medos escondidos  
que salen al frío,  
que volven del olvido  
enchéndose de ruido.

Bullir de amaicerer  
 que pesan nos oyo  
 y volven á noite  
 con a llúa prendida.

Chorar sin parar,  
 como si a tempestá  
 nun fose a escampar.  
 Tar nel fondo del pozo,  
 esperando el caldeiro,  
 que é como úa lluz  
 que se arrima  
 y alluma alló enriba.

A ver si me amaño,  
 pa ser agua de caldeiro  
 y subir aos cielos,  
 y nun verquer,  
 ou verquer y volver a nacer.

### **Decepciois (II)**

É posible  
 que nun nos entendamos.  
 É posible  
 que nun nos falemos.  
 É posible  
 que nun volvamos a vernos.  
 É posible  
 que naufraguemos.  
 É posible  
 que escoremos  
 y se rompan  
 as trabas del chalano.  
 É posible  
 que nun volvamos a querernos.

### **Estraviada**

Toparse outra vez  
 con os oyo estraviaos,  
 perdíos dalgún llao.

Mirar al horizonte  
 y nun atisbar nada,  
 ver un sinfín infinito

de fines, finales finitos.  
Retales cosíos,  
enganchaos por un filo,  
por puntadas indecentes,  
que se asemeñan  
a un desastre circense,  
únde úa é el home forzado,  
y el outra a malabarista.  
Tamén tá a trapecista,  
que sube y baixa  
y nun se escaraxa,  
puntadas úas apretadas  
outras soltas,  
desgarbadas, floxías, desganadas.

Retales cosíos,  
finales finitos,  
os oyo estravíaos.

A primavera que chega  
Teño un velo  
na mirada,  
nun me deixa ver nada.

Teño un dolor nos oyo,  
choran a montois,  
porque conectanse al alma.

Teño úa sensación extraña,  
cómo si fose úa tenaza.

Cayéu el velo,  
foise el dolor,  
desapareceu a sensación,  
y véxolo todo muito miyor.

É a primavera tempranera,  
que con el sou piar  
enchéolo todo de outro color.

### **Desde a mía ventá**

Desde a mía ventá  
vexo el mundo  
inda coas llangañas na cara  
por a mañá.  
Volcais en erupción na Palma,



furacos pal tren en Payares,  
 molíños de vento nel Occidente,  
 Tempo revoltó.  
 Soluciois parcheadas,  
 momentos de espera,  
 lluitas y resistencia,  
 otoño que chega.

### **Eva Rico Ventoso**

Eva Rico Ventoso (A Veiga, 1976), docente no campo da música e autora de cancións, musicou o poema "O zoqueiro de Louside" de Antolín S. Mediante. Formou parte de grupos musicais como *Darbukka* e, a través das súas actuacións, contribuíu a divulgar creacións doutros poetas en galego-asturiano.

### **Quixera ser...**

Quixera ser marineiro  
 pra ir surcando el mar,  
 nel meo pequeno veleiro  
 entre espumas de cristal.

Oír cantar as sirenas  
 y oír del mar el bramar,  
 y oír el ruido del vento  
 que vai y vén sin parar.

Y ver nas noites a lúa  
 y nos días ver el sol,  
 y aló, entre os meos soños,  
 topar os regalos de Dios.

### **A lo mellor**

A lo mellor nun puido el tempo  
 borrar a huella que deixache,  
 a lo mellor foi el destino  
 el que fixo este desastre;  
 xa sabes que nesta vida  
 xúzgannos con mal talante.  
 A lo mellor foi a tolura...  
 A lo mellor a ignorancia...  
 A lo mellor a impaciencia...  
 A lo mellor...

A lo mellor nun foi nada...  
Tu nun te preocupes  
que por min nun saberán  
si tu me deixache ou eo te deixei...  
si tu me quixiche ou eo che fixen mal...  
É máis, nunca naide saberá que existiche  
porque esto foi un soño...  
¡y nun penso soñar!

### **Chorando el meo dolor**

Unha noite de estrelas y de luz  
cuando todo era oscuridá,  
construiche un palacio de papel  
pra unha princesa de cristal.  
Que era eo, sin amor,  
perdida nun abismo,  
negro el corazón;  
que era eo, sin amor,  
nunha noite clara  
chorando el meo dolor.  
Cuando todo era negra oscuridá,  
encontreime con el meo amor,  
encantada quixen chegar al sol  
pro axina todo se acabou,  
y aquí tou outra vez  
sola porque tu,  
tu fúchete ayer,  
y esta é a mía canción;  
hoy choro con a lúa de pena este dolor.

### **Ana Vega**

Ana Vega (Uviéu, 1977), colaboradora en varias publicacións nacionais e internacionais e cunha amplísima produción en castelán, conta con varios galardóns literarios, entre os que figura o Premio de la Crítica de las Letras Asturianas 2011. O seu labor como xornalista compléao coa docencia en cursos e talleres de creación e creatividade. A autora sempre mantivo un recuncho interior para gardar as súas vivencias na casa dos antepasados, como xa empezamos a albiscar, unha vez que recupera a lingua dos afectos como ferramenta literaria, nos tres poemas que publica en 2011 na revista *Trabatel*...

[...] Eu hei a recordar sempre a fortaleza con qu'as reices  
da naranxeira da mía casa s'agarraban á terra,  
úa llección que nun hei a esquecer nunca.

En 2012 Ana e a súa poesía son as protagonistas do documental *Eu soi quen fun*, 209  
realizado por Malania Fraga, coa colaboración de varios investigadores e creadores  
do occidente asturiano. E en 2013 soubemos que aquelas tres composicións men-  
cionadas eran a primicia do seu poemario *Al xeito del tambor*, onde o lirismo da  
autora florece coa lembranza da familia e os amigos, tal como podemos observar  
nestas tres pezas:

*A mía prima*

Eu sei que tu sabes  
y recordas  
ese furaco qu'había  
na cama que tíamos  
na casa dos bolos.  
A cama que taba xunto á ventá,  
y qu'eu sempre quería  
pra min,  
porque al espertar na mañá  
vía os árboles na costa  
moverse y danzar  
d'un xeito qu'inda hoi  
recordo cos pelos de punta.  
Y non sólo por eso que vía cada mañá,  
senón pol furaco que m'atopaba  
sempre al esconderme na cama  
y que como úa especie de collo  
sabía acoyerme dentro  
como se volvese á barriga  
de mía madre.  
Eu sei que tu sabes y conoces  
lo que naide sabe,  
eu sei y recordo  
cómo me deixabas sempre  
cada brao, condo chegaba rota da ciudá,  
y tu deixábasme sempre, sempre,  
enroscarme nel furaco  
d'aquella cama  
que tanto boto en falta.



*A mía bola*

A mía bola  
gustábaye cantar.  
Cantaba de día y de noite.  
Eu escuitábala cantar  
sentada na porta da casa  
mentres aparaba as patacas  
y me chamaba pol segundo nome, Belén.  
Naide me chamóu nunca así.  
Condo s'erguía  
queixábase dos ósos,  
pro, al pouco,  
volvía a sentilla cantar na casa.  
Eu nunca aprendín a cantar al xeito,  
nun cheguén a atopar inda  
esa sabiduría que tía ella nos oyos  
namás espertar.

*A Manuel García Galano*

Cómo podo agradecerche  
esa axuda que me diche  
dende el principio,  
eu teño aquí as túas faraguyas guardadas  
como un tesouro  
y sálvanme non sólo na llingüística y en xeneral  
na palabra,  
senón que me dan forzas pra seguir  
pescudando nesa parte de min  
da que más orgullosa tou,  
esa llibertá que namás gozan na zona  
qu'us contos conocemos.  
Sírveme as túas palabras, polo tanto,  
non sólo como diccionario habitual  
senón como guía ou camín  
marcao que me lleva  
al centro  
del meu corazón  
cravao na terra  
del occidente.  
Faraguyas que deixache  
pra tantos  
nel camín  
qu'agora seguimos.  
Pra nun perdernos.

Agora, mentres esperamos a súa seguinte obra, podemos encontra-la en publicacións colectivas coma *Lliteratura* (2016), da ALLA, ou *Trabatel* (2017: 15), de onde tomamos as dúas composicións seguintes:

Nun sei lo que ten a terra  
 pro algo hai que me volve al orixe.  
 Nun sei se queda inda algo de min  
 neste corpo y nesta voz  
 y esta mirada  
 pro ben sei qu'inda podo salvarme  
 se podo volver  
 úa noite namás  
 a ver as estrelas  
 y ouguir a curuxa  
 dende a ventá da casa dos meus bolos.  
 Namás eso queda de min.

\*\*\*

Nun podo recordar ben  
 a voz de meu bolo  
 pro sinto al recordallo  
 un dolor pequeno  
 que me fai despertar del todo.  
 Al recordallo  
 eu teño  
 qu'enfrentarme  
 a min...

### **Lucía Iglesias Gómez**

Lucía Iglesias Gómez (Teixeira, San Martín de Ozcos, 1979) é licenciada en Ciencias do Traballo, e traballa como técnica de igualdade no concello de Castrillón.

Deuse a coñecer no Concurso de Relatos de Culturalcampo, en que foi premiada na III edición co texto "Historia d'úa raposa", que se publicou en 1990 en volume colectivo. Tamén participou en premios convocados no Instituto da Veiga ou no seu concello, con motivo da semana cultural. Na súa etapa universitaria, en abril de 2003 encontrámola colaborando na revista *Versativa*, do Campus de Humanidades ovetense:



Decora las tardes de lluvia de otoño,  
la calle muestra al cielo  
su tez más violenta y oscura,  
los ahogados charcos se extienden  
al paso de tus pies de charol [...].

A súa musa vernácula chegaría un pouco máis tarde. En 2011, no número tres de *Trabatel*, daba a coñecer catro poemas, encabezados polo titulado “Hedra”,

[...] envolta malcuriosa pero firme,  
lambendo as paredes  
e voltando as louxas,  
é igual noite que mañá,  
é igual moyado qu’estén<sup>457</sup>,  
é igual un palmo  
qu’úa cuarta,  
a hedra, se la rompen,  
bautízase de novo [...].

Na Semana de les Lletres Asturianas de 2017, participa na antoloxía *Escritores asturianas*, editada polo Gobiernu del Principáu d’Asturies, co poema “As súas maos”, dedicado en particular a súa madre:

Lo que máis recuerdo d’ela son as maos.  
Agora mira pas mías,  
que tantas veces quixeron escribir esto e nun poderon. [...]

Ese mesmo ano publicaba “Ferramentas” no número 8 de *Trabatel*, serie que continuará tres anos despois na mesma revista, de onde tomamos a titulada “A incre” (cf. Iglesias 2020: 52). A este poema engadimos “El sello”, que a poeta do ferro humanizado tiña sen publicar e que nos facilita para esta antoloxía:

---

457 Esteo, estiño, seco, escampado.

### **A incre**

Escuita e cala,  
el ferro cede nel sou colo. A incre.

Nun entorna nin fuxe,  
amecida al cepo de cerna cariñosa. A incre.

Así se volvera el poder noso,  
calmado, duro, firme.

Así nos encontrase el ameicer,  
como chantos que tornan del nordés.

Así te sentira cuando t'esqueizo,  
col eco na incre del cuco cantando.

Ela chora a escondidas  
lágrimas enxuitas. A incre.

A increíble forma na que te veño querendo.

### **El sello**

Troquel

Troquelar

Troquelado

Troqueladamente

Déixase el ferro perder gordura  
col golpe seco del martelo  
das verdades a medias.

“Ponlo nel sello”,  
dicen seguido se preguntan por qué.

As tenazas apertan  
mentras arden os corazois sin trempar.

### **Victoria Veiguela Pellitero**

Viqui Veiguela (San Andrés de Rabanedo, León, 1979) dunha familia da Veiga, é licenciada en Filoloxía Eslava pola UCM. En Madrid formou parte do grupo Bilbao, a carón de autores como Crisanto Veiguela, Frías Conde, Vicente Araguas, Fermín Bouza ou Pereira Valcárcel. Actualmente é profesora de castelán no Instituto de Lingüística Aplicada da Universidade de Varsovia e na Universidade de Humanidades de Varsovia.

Como tradutora verteu ao polaco varias cantigas medievais galego-portuguesas e traduciu ao galego composicións de Leopold Staff e de Poświętowska.

214 Viqui Veiguela é unha poeta de verso exquisito, con importante presenza, sobre todo nos primeiros tempos, do erotismo e a sensualidade, como sucedeu con outras autoras galegas de finais da década de 1990 e comezos do século actual coma Yolanda Castaño, Elvira Ribeiro ou Olga Novo. Publicou “Velaiveñen”<sup>458</sup>, incluído posteriormente en *Simbiose* (2000), caderno da colección *O Roibén*, promovida polo Grupo Bilbao de poetas en Madrid, onde tamén se editou *O ouvido e o calado*<sup>459</sup> (2002), que foi o seu primeiro poemario en solitario. Posteriormente publicou *Vendo pasar o mundo* (Lastura ed., 2013).

Outros poemas seus poden atoparse en edicións virtuais e en distintas antoloxías: *En tránsito. Poesía galega en Madrid* (Ed. do Castro, 2001), *Proyecto Cantábrico* (Ed. Venguerén, 2017), *Fisterras* (Lastura edicións, 2015) etc. De “Velaiveñen”, escolmamos esta composición:

### Á marxe do nome

Non é doado  
percorrer aínda  
as rúas de Katowice  
nin o teu xogo de pasos  
polos sendeiros do lombo gatún  
dos Cárpatos azuis.

E eu quero  
Xa estou cansa de esperar os autobuses roibos  
que non te traen dentro  
(é quizais que esqueciches onde vivo).

Xa estou cansa de dar o teu nome ao ar  
e que prefira encadearse nas árbores  
que traerte xunto de min.

O teu nome é leite e ponte  
e balalaika que só acouga para bicar  
a leda cor branca das mozas eslavas.

O seu poemario *Lentamente* pode lerse na Biblioteca Virtual Eonaviega. A continuación, o poema que a autora nos facilitou para a primeira edición deste capítulo:

458 “Velaiveñen” publicouse primeiro en *O Espello* e posteriormente recolleuse no volume colectivo *Simbiose* 2000.

459 Victoria Veiguela Pellitero (2002): *O ouvido e o calado*. Madrid: Arte Tripharia.



I

Vou encher todo o espacio que queda  
 entre ti e mais eu tan só co meu corpo,  
 coa sustancia aciaga de tódalas noites,  
 de tódolos insomnios, redimida  
 a golpes de pulso  
 coa gorxa pingando mera<sup>460</sup>.

Deixarei caer todo o peso  
 dos meus ósos  
 sobre a túa páxina en branco,  
 sobre as sabas ,  
 sobre o pentagrama de ferro  
 ao paso do tranvía (26 para máis señas)  
 deixarei caer  
 todo o peso dos meus ósos sobre os teus ósos.  
 Como si .como si. como si.  
 (as cousas sonche como son  
 e non como si)

mais  
 hoxe o universo gotexa dun carballo  
 aberto a tormenta.  
 Non teño outro teito  
 que as túas mans abertas,  
 que as súas follas como alfinetes de ouro,  
 como docemente son talladas  
 as follas da miña carne  
 entre os teus dedos.

II

O teu nome sabe a sombra  
 a tarde esmorecida  
 na cidade mítica das 12 pontes.  
 A túa boca  
 son dous longos ríos atecidos de silencios,  
 o lugar segredo  
 onde a besta primeira ofrece  
 planos do labirinto  
 chaves do ceo.

---

460 Néboa mesta que desprende barruzo.

216

O teu lombo ten feituradas  
 pomba agrisallada  
 de tarde ceifeira<sup>461</sup> de estocadas de cine  
 de brincadeira rota por mor da novidade.  
 O teu nome ouvea  
 dende as escaleiras de lousa  
 dende tódalas fiestras  
 dende a terra arregoada  
 E chámame.

### Eva Moreda Rodríguez

Moreda (A Veiga, 1981), musicóloga e escritora, licenciouse en Filoloxía Clásica na Universidade de Santiago de Compostela, realizou un máster en xornalismo e completou a súa formación con estadias en varios países do estranxeiro. Durante dous anos simultaneou o seu traballo na empresa privada en Erfurt (Alemaña) coa Licenciatura en Musicoloxía pola Universidade da Rioxa. Despois realizou o doutoramento na Universidade de Londres cunha tese sobre a crítica musical na primeira fase do réxime de Franco. Actualmente é profesora de musicoloxía na Universidade de Glasgow (Escocia).

Poeta e narradora premiada en diversos certames poéticos e narrativos, ten publicado na revista poética *Dorna* e en volumes colectivos. En 2008 escribía para a súa páxina da Biblioteca Virtual Galega: “Para min, a literatura é un camiño de experimentación cos materiais que nos poñen diante a imaxinación e a vida e, seguindo as palabras de Stravinsky, considérome máis artesá que artista”. A esta páxina pertencen estes tres haikus mentres que o outros poemas pertencen a *Poucas cousas concretas*.




---

Derrota  
 Trala derrota,  
 sacáronme da boca  
 cada palabra.

Saraiba  
 Saraiba en marzo,  
 música do frío  
 dentro da pel.

Barro  
 Rénxeme a pel  
 mentres, tumbada, oio  
 cocer o barro.

---



---

461 Tarde de sega.

Por que facer unha vez máis filosofías  
 sobre cousas das que nada sabemos.  
 Non me sinto hoxe manancial de aforismos,  
 vaguedades que son carne  
 de calquera compilación de citas célebres.  
 Pero ás veces cremos que somos os primeiros,  
 que ninguén sub sole sentiu xamais  
 como se lle desfai o corazón  
 ou o fígado ou as tripas.  
 Se soubésemos cantas veces máis sobre o papel  
 nos imos desangrar coma un can nos camiños.  
 Hoxe non é o primeiro nin será o único  
 día en que me sinta unha crisálida baleira,  
 abandonada polo aborto de bolboreta  
 do que semellan fuxir os últimos restos de saúde  
 armados con maletas de pel viva.  
 Pero, ¿quen morre de amor ou de tristura  
 cando o corazón -groseira máquina-  
 non entende de metáforas?

## **Inglesa, Inglesa**

### ***Saint Albans***

En Saint Albans hai centos de anos falábase francés  
 e o inglés era só o idioma do pobo e das bestas.  
 Iso foi todo o que puiden pensar, de pé no adro,  
 mentres unha francesa de Calais daba voltas e voltas ao Minster de Saint Albans  
 chamando ao seu marido coma unha tola na súa lingua ridícula: tal é a mudable  
 fortuna  
 dos homes, das cousas e das linguas deste mundo.

### ***As augas de Inglaterra***

Podo ter os ollos pechados moito tempo e saber exactamente onde estou  
 pasando a man polo cabelo despois de lavallo.  
 Quédanme entre os dedos restos de auga lisa ou enguedellada ou clara ou escura.  
 Creme se che digo que son experta en mesurar e ponderar as propiedades de  
 toda as augas do mundo.

### ***A neta inglesa***

Foi un mércores de marzo, a unha das moitas horas  
 en que para conseguir asento no tren

unha ten que exercer o seu coñecemento enciclopédico  
da idiosincrasia inglesa.

Excuse me miss, may I sit here?

E non ía poder, e sentou

e non lle cheguei a verlle a cara pero axiña me decatei de que  
o pasaxeiro tan cortés que sentara canda min  
non era outro ca meu avó.

Eu nunca soubera de que el falase inglés en vida, pero non importaba,  
porque se eu podo ser inglesa nalgún momento, nalgún lugar  
meu avó tamén pode falar idiomas que nunca aprendeu.

Non quixen volver a cara, miralo de fronte, ver claramente quen era  
porque en Londres facer iso é maleducado, pero non fixo falta  
porque polo menos deume para ver que, da fiestra para fóra, o túnel de Richmond  
estaba a converterse por momentos no túnel de Porto,  
(o que un día todo o mundo abandonara).

E Isleworth floreceu ata ser Reme

e Feltham levantouse ata estar tan alto  
como está o Barrio da Puntía

e cando chegamos a Hounslow decateime de que, en realidade,  
acabábamos de chegar ao Fondrigo.

Eu sempre coa vista á fronte, e el tamén, e eu non sabía se el o sabía  
e quixen berrarlle

pero temín que el negase e dixese:

Equivócase vostede, miss, eu teño netas,  
netas fermosas, listas, netas que escriben, netas que cantan;  
netas que falan idiomas e bordan.

Todas son as miñas netas

e a todas lles quero moito,

pero entre as miñas netas non teño  
ningunha neta

que sexa inglesa, miss,

I'm so sorry!

Baixou en Staines e aí souben que non era el, porque  
Staines non era a Veiga, Staines cando el baixou só era  
Staines,

e Staines, como todo o mundo sabe,

é a cidade máis fea de Inglaterra.

25 de outubro, 2009

Inglaterra é a partir de hoxe, e oficialmente,  
o país das dezaseis horas de noite cada día.

### **Raquel López Murias**

Raquel López Murias (Boal, 1981), diplomada en Maxisterio, máster en Comunicación, exerceu durante máis de quince anos como xornalista no diario ovetense *La Nueva España* e conta co Premio Periodístico “Eva Canel”. Ademais de cultivar a poesía, confesa que lle gusta rescatar voces que caeron en desuso. 219



#### **Bolita**

Anidaron andolías nel tou regazo,  
depressa aprendín a ferme nío,  
unde todo acouga y nada ruxe.  
Unde tabas tu. Bolita.

Aniar contigo, medrar nel tou suqueiro.  
Saber mirar a morte condo gruma<sup>462</sup>,  
sin guerriar, sin espaventos.  
Saber tar y saber irse.

Elegante fuche, muyer que nun esmole<sup>463</sup>  
que nun se esqueice.  
¿Marchache, foi verdá?  
Dolente fura a nosa señardá.

El tou cuarto é gadeya das nosas tardes,  
del tou remanso que foi milindro<sup>464</sup>.  
Marchache y aquí quedaron... todas,  
as nosas frebas.

Os meos acordos marmuran nesta testa,  
y volves condo chove,  
tamén si ta de sol.  
Si fai tormenta...

---

462 Agroma, aparece.

463 Impacienta, desespera.

464 Melindre, meiro, bioco, cariño.

Volves, unde nun quiximos despedirte.  
 Unde inda hueles,  
 unde sempre se che respira.  
 Inda tas, bolita.

Es lleira nosa.  
 A llúa que nos guía na casarada<sup>465</sup>.  
 El nío que acouga, agora máis vacío,  
 nun esqueice nunca as túas ramas.

### **Abril**

Chegou abril  
 y amolleceunos por dentro,  
 y desfixo a nosas montueiras.

Volveron florecer os binteiros<sup>466</sup>  
 y el inverno foise,  
 a moucuadas.

Desde tamos aquí,  
 desde sabemos que veis y marchas,  
 agora, deveceamos.

Aprendímoslo fai pouco,  
 y desfarrapóunos sabeyo<sup>467</sup>.  
 Quedou aprendido.

Ahora rumiamos as tardes,  
 y mullimos<sup>468</sup> con gancellas  
 os abrazos.

Abrimos as portas,  
 garabatiamos todos os amores,  
 y esfoyamos regazos.

Chegou abril,  
 outra vez,  
 y volveron a prender os tous geranios.

Escamamos os medos,

---

465 Familia.

466 Biciteiros, sabugueiros.

467 Sabello, sabelo.

468 Mullimos, estramos.

erguemos todas as señardades  
y abrazámonos.

Volviche olindo a flores,  
envolto en reices<sup>469</sup>.  
Desurdindo al noso animal dolente.

Abrindo as toupeiras,  
esas que muitas veces nun nos deixan...  
que ergamos as cabezas.

### **Inda somos**

Somos cinza que ferve,  
mochicas feitas y desfeitas.

Somos noites, tarrén y páxaros,  
somos vento que ruxe,  
llouxa que aballa.  
Inda somos.

Somos lleña verde,  
medo y valor.

Somos dolo, outono y tempestá,  
somos nel mesmo sito,  
nel mesmo camín,  
na mesma maneira de mirar.

Inda somos. Na mesma cana.  
El noso árbol é bidureira.

Nas mesmas reices medramos,  
y acougamos.  
Inda somos,  
porque ser... era verdá.

### **Derriba suena daquén**

Unde?

Dicen que vas sin os apareyos,  
que chegas caltrido de tanto llamber.

Es solo úa cádava<sup>470</sup>.  
 Unde?  
 Foi hoy condo cortache el cadiyo<sup>471</sup>.  
 Toyido y trembando fuche.  
 ¿Qué te espera alló?  
 Naide sabe del traveseiro.  
 Suena daquén embaxo.  
 Encamiache pero nun se traga.  
 Empapizan as almas  
 al verte enalar.  
 Traba<sup>472</sup> que touza<sup>473</sup>,  
 tempo botado a perder.  
 Suena daquén,  
 enriba... embaxo... ¿Unde?

### Por si volveras

Aballan nel desván os tous acordos,  
 como abrespas que aburan n'estas pernas.  
 Sentado n'el tayolo, afalo a nena.  
 Y achega contra min como un adoito.  
 A pena nun se mata con manteiga.  
 Aferventada fuche p'al banzado<sup>474</sup>.  
 Y ruxen estas tripas n'el barullo,  
 el ruido que deixou a túa presenza.  
 Barruzo soy y bouza d'os tous oyos  
 daquí a que ruxa a noite que aparella,  
 que rumia y nun acouga chía de argullo.  
 Argute<sup>475</sup> veu a morte y sin dar pista,  
 marchóu contigo a rentes d'esta terra.  
 Feita faraguyas, fendeute lleña.  
 N'el tayolo sigo, por si volveras.

---

470 Cádavo, chamiza, pau seco.

471 Cadillo, cordón umbilical.

472 Táboa.

473 Atouza, ladra.

474 Remanso.

475 Astuta.



### Soledá

Arrastro n'as zapatillas,  
llevantando polvo mouro  
son mochicas de a cocía  
que llanxen al verme solo.

Soy tarrén de muitos pousos,  
soy medo por todo'l corpo,  
fun nun tempo; nun sou nada.  
Solo úa sombra na corrada<sup>476</sup>.

Ergo y déitome conmigo,  
y si as pernas nun me andan  
quedo metido na cama.  
Nadie me bota de falta.

Houbo un tempo n'esta casa  
que nos faltaban os sitios,  
ahora sóbrame el silencio  
que dole n'estos ougüidos.

Condo a soledá te chama  
a vida nun val pa nada.  
Ferse veyo é lo de menos,  
pero avéntame esta calma.

Nun ruxe nadie na sala.  
Y aunque escorne contra a porta,  
ou ter que llamberme solo,  
é herida que nadie chora.

Sentado n'este suqueiro  
unde tanto llabor vin,  
quero que a morte me lleve,  
xa nun pinto nada aquí.

Llonxe marcharon os nenos,  
pa sempre foise Teresa,  
caltrido tou d'esta pena  
é llouxa que muito pesa.

El rigueiro que me escorre  
debaxo d'estas madreñas  
que me lleve, que me arrastre,  
p'al eiro unde nada pesa.

---

476 Currada, curral.

Non sempre dole el morrer,  
d'as veces é pior vivir.  
Nun morre solo el que falta,  
tamén el que queda aquí.

224

### Moisés Cima Fernández

Moisés Cima Fernández (Uviéu, 1983), aínda que nacido na capital asturiana, criouse no concello de Coaña, primeiro en Orbeie e máis tarde en Mougúas, de onde era unha das súas avoas. Militou desde os dezasete anos en organizacións de reivindicación lingüística e hoxe preside *Axuntar. Asociación prá normalización del galego de Asturias*: "Recoñecer que falamos gallego é un xeito de recoñecer que somos asturianos y que non temos que ter ningúa vergonza respecto a outros asturianos", declara.

Escrebe indistintamente en galego de Asturias e en asturiano e textos seus xa foron premiados en diversos certames. Fixo estudos de Historia e de Mediación Comunicativa e tamén se implicou na defensa da lingua de signos española. Neste momento conta con títulos inéditos como *De homes e deusas* e *Poemas pra noites de media lúa*, versión galega da obra en asturiano gañadora do Premio de Poesía Fernán Coronas de 2015. Ten produción espallada polas revistas *Trabatel* e *Entrambasaugas* e o fanzine *El Espinete*. Cima tamén está presente en publicacións colectivas como *Poetas do Reencontro* (cf. Abeledo 2019: 73-75):



[...]

A ti,  
fillo,  
déixoches a mía palabra,  
quixera que firme.  
Déixoches el meu silencio  
para que escuites  
máis que el que falas.  
A ti,

filla,  
 déixоче el meu silencio,  
 para que medres.  
 Déixоче a mía palabra  
 para que non la apague  
 ningún fillo.

[...]

e *Raia Luso-Espanhola* (cf. Barros 2020: 221-224):

Atopar  
 nas voces dos silencios tous  
 as palabras que reconfortan  
 as dolores del meu ser.

Atopar  
 nas túas maos  
 palabras dixitales,  
 silencios maxistrais.

Atopar estrelas mouras,  
 chuchos de chicolate,  
 abrazos que rompen espaldas  
 e amañan corazois.

Atopar  
 al fin,  
 a túa xorda voz,  
 as túas palabras,  
 tou cariño.

Ofrecemos a continuación tres poemas que nos facilita o autor:

### **Islla dos Pataricos**

*(Al meu pai, á súa memoria)*

Islla dos Pataricos,  
 del outro llado del mar,  
 onde Polifemo cego quedou  
 e Ulises aos sous homes perdeu.  
 Islla dos Pataricos,  
 del outro llado del mar,  
 onde as almas dos nosos  
 van descansar.

226

Chórate as ondas  
 con berridas e bramidas,  
 chórate el mar,  
 como non te vai chorar!  
 Islla dos Pataricos,  
 del outro llado del mar,  
 onde Polifemo rompeu a chorar,  
 sen poder a Naide<sup>477</sup> culpar.  
 Islla dos Pataricos,  
 del outro llado del mar,  
 dende onde miras pra nós  
 neste el noso naufragar.  
 Has comernos as coradas<sup>478</sup> todas,  
 Islla dos Pataricos,  
 has vernos chorar,  
 del outro llado del mar.  
 Has vernos escondidos  
 tras as pellellas das ovellas,  
 has vernos tremar,  
 del outro llado del mar.  
 Has vernos maldecir a Polifemo,  
 máis imos maldecir a Posidón,  
 que coas súas ondas tollas  
 llevanos al tou atolón.  
 Islla dos Pataricos,  
 del outro llado del mar,  
 has vernos chorar,  
 mais nunca naufragar.

### Vendaval

“Y vimos como al final  
 solo nos quedó el recuerdo  
 de un mástil desarbolado  
 y unos girones de tela  
 rotos por el vendaval”.  
 (Labordeta, “Banderas Rotas”)

---

477 Transunto de Ulises.

478 Boches, alegrías, bofes, pulmóns dos animais.

Por sorpresa  
chegou el vendaval.  
Chegou el vendaval

rompéndonos as bandeiras,  
deixando namais  
un mástil desarbolado.

Todo lo rompeu el vendaval,  
vendaval vendavaleiro  
que hostile sopla,  
que asasin sopla,  
que soplando queima.

Todo lo rompeu el vendaval  
deixando namais  
xirois  
    trapos  
        tripas  
abertas e sangrando.

Con todo arramplou el vendaval  
acabando coas bandeiras  
    coas coradas  
        coas vidas,  
esas vidas nosas  
xa revoltas como as vellas  
nos días de vendaval.

Aire Airón  
que todo lo lleva,  
Aire Airón  
que todo lo rouba.  
Aire Airón  
que nada deixa.

Vaite  
Aire Airón.  
Vaite!

Qué máis ques llevarme?

## El día del fin del mundo

*A Lucía, a mía compañeira de vida.*

228

El día que chegue el fin del mundo,  
que el caos veña despacín,  
sen despertarnos.

El día que chegue el fin del mundo,  
que el Apocalipse me pille deitado  
xunta ti.

Que non te desparten os xinetes  
mentres embobado acaricio as túas costas  
e me baño nel mar dos tous ollos pechados.

Que non monten maraballo<sup>479</sup>,  
que deixen que a pel túa  
funda coa pel mía.

El día que chegue el fin del mundo,  
que non cambie nada,  
que nos deixe enzarrados pra sempre  
entre as nosas sabas confinados.

El día que chegue el fin del mundo,  
que seña tou corpo  
el único fougo que me consuma.

### Héctor Acebo Bello

Naceu en Santiso de Abres en 1987. Licenciado en xornalismo pola Universidade Complutense de Madrid e doutor en comunicación (cum laude) coa tese "La metáfora en la poesía de A. Martínez Sarrión". Como xornalista ten colaborado en *El Progreso*, *La Vanguardia*, *La Nueva España*, *Diario de Ávila* etc.

Actualmente é docente de Comunicación e Medios Dixitais na Universidade de El Valle (Cochabamba, Bolivia), onde, entre outras iniciativas, promoveu e levou a cabo co seu alumnado a serie "Alma desnuda", que obtivo un grande éxito na televisión do país andino e pode verse integramente en internet.

Como poeta en castelán publicou *Camas de hierba* (Vitrubio, 2011) e outros textos seus figuran en diversas antoloxías.

Desde 2006 mantén en internet o blog *La llave de los Campos*, onde publica artigos de contido diverso e tamén textos literarios en castelán e en galego. No 2014 escribía

---

479 Barullo.

no seu blog: "Cada vez atópome máis a gusto escribindo poesía na miña lingua vernácula; si, sinto a necesidade de facer pronto un poemario en galego"<sup>480</sup>.

A literatura, a música e o cine son temas constantes tanto nos seus artigos en publicacións diversas coma nas entradas do blog. Xunto con Abel Pérez, tamén compuxo 229 letras para grupos que cantan en galego de Asturias, coma *Os Folkgazais* ou *Foxnola*.

Por xentileza do autor, reproducimos o poema "Paco de Robaín", do seu libro inédito en galego *Fuxitiva*, poema dedicado á memoria do avó do poeta.



### **Paco De Robaín**

*In memoriam*

Nunca saíches do pobo,  
nunca tiveches a cobiza  
de *coñecer mundo*,  
mais fuches dono dun mundo  
ó que nunca terá acceso  
a caterva de modernos.

Nunca.

Ti ensináchesme  
o que ninguén me ensinara:  
os pulos do monte Sartán,  
o camiño a Trasdacorda,  
o vello carballo da Granda...  
Ti ensináchesme a botar en falta  
ós que aínda non emigraron.  
Ti ensináchesme a dicir  
*a i-auga, a i-alma*, e xamais  
esquecerei de que maneira:  
co merlo na mirada.

---

480 <http://llavedeloscampos.blogspot.com/2014/10/en-galego.html>

Avó, fagamos un pacto  
—xa é hora de podar  
o alpendre do inverno—;  
avó, se ti soñas comigo  
e eu soño contigo,  
hemos de atoparnos  
no mesmo soño:  
ti falando  
de vellos albeites  
e asistindo á miña festa  
de bicos e brincas...  
E cando alguén me pregunte  
onde queda Robaín,  
dille que se lle dá a volta ó mapa,  
atopará o casarío  
no centro do mundo.

### **Mónica Pérez Llenderrosos**

Mónica Pérez Llenderrosos (Uviéu, 1983), aínda que nada na capital asturiana, criou-se ata os dezaseis anos en Ventoso (Santalla de Ozcos). De personalidade polifacética, titulouse en arquitectura interior e escaparatismo, especializouse en criminoloxía e intelixencia emocional e, ademais, é mediadora concursal, mercantil e familiar. Ao lado de tan variados estudos, tamén se formou con cursos específicos de gandería profesional. Deste xeito, apostando sempre polo equilibrio ecolóxico, rexenta unha explotación gandeira na súa querida terra santalleira.

De Mónica coñecemos o lirismo, tan persoal, da súa obra en castelán *Alrededor de mí...*

E, agora, podemos degustar o seu mesmo sentir nas nosas voces familiares:





E apareces tu,  
 que sempre tuveche,  
 entre niebla,  
 entre sombras...  
 E clareas as penas,  
 enches os días  
 e acortas as horas.

\*\*\*

Xa nun quero atoparte.  
 Doblas os puntales que me tein de pé,  
 e os que non doblan, parten.  
 Falo pra min y convénzome.  
 Restrego as penas en tinta,  
 en choroas follas secas, apiladas.  
 Pro escúitote.  
 Cerca ou lonxe, eso, tanto dá.  
 Tolea a cordura,  
 Cérranseme os puños  
 e cústame tragar...  
 Fais de min úa criada,  
 ama y señora de nada,  
 porque tu, nin veis, nin vas.  
 Fuxiche de todo, sin saber,  
 cuanto te levo admirado  
 y sigues sin entender.  
 Nun é abolengo nin fachada,  
 nin cuartos, nin terras, nin palabras,  
 é muito aló da razón.  
 Anque viva n'el frío eterno,  
 quero seguir sendo, como son;  
 y si tás tu nun podo.  
 Son un trabizo<sup>481</sup> de apoio,  
 un carambo que se pule al sol.  
 Vou convencerme de que nun te quero,  
 rirme sin dolo y morrer sin permiso  
 (del corazón).

\*\*\*

---

481 Tallo, banquetta, mesoco.

Esta mañá, despertei asustada  
 tían úa discusión as andolías;  
 debía ser grave, moito reñían.  
 A noite foi peor.  
 As curuxas debatían tamén,  
 nun sei se no avesú<sup>482</sup> ou no naciente,  
 ¡¡quen sabe que tempo vai facer...!!  
 Os días aquí, son toditos iguais,  
 a niebla siempre baxa hasta unde quer,  
 a tronar, siempre empeza por Grandas,  
 miro a Seimeira e séntome,  
 cara a mía Galicia amada,  
 pra ver el sol morrer.  
 Esto, que dixen que nun cambiaba por nada,  
 cambio si, todo,  
 por agrandar este pedacín perfecto de mundo  
 e traer a él, a quen o sepa querer.

### Marta Ledo Jardón

Marta Ledo Jardón (Miñagón, Boal, 1989), criada entre Miñagón e Avilés, estudou Xeoloxía. Apasionada da lectura, sempre estivo moi unida ao mundo rural e ao entorno natural da súa familia, que traballaba no campo. A natureza, a paisaxe humanizada, as tradicións, a familia e a sociedade na que vivimos latexan nos seus versos.



|

### Raigaños<sup>483</sup>

Camíos, eiros, noiros,  
 raigaños,  
 pedras, carqueixas.

Castañeiros, bidurerias,  
 regueiros

---

482 Avesío, avesedo, (sombras do) poñente.

483 Sabemos pola autora que este poema, tamén publicado na páxina web de *Axuntar, Asociación pró Normalización del Galego de Asturias*, foi colocado na ruta Pencia-Penácaros na edición *Camíos de versos y llouzas* de 2022, actividade organizada pola Asociación Forum Boal 3000.

e carballeiras.  
 Trobos, hurrios, cabazos,  
 molíos, cortes, llareiras.

Casas de llouxa gris  
 adornadas  
 con traballo.

Eixadas, ganchos, gadañas,  
 descansan nel granito branco.

Praderías verdes abondo,  
 rosados montes  
 de gancellas.

Imaxes que nun esqueizo  
 vades conmigo todo el tempo.

Anougadas al meu eixe,  
 recordádesme de unde veño.

Cada vez que tou llonxe,  
 servídesme como abeiro.

II

Vei perdéndose xa a vista  
 del llabrador e da súa terra.  
 Sepultados cantos e lluitas  
 a paisaxe nun é paisaxe.  
 Pero todo lo que se enterra  
 nace e con forza medra  
 coa axuda del augua  
 que veigas e ribeiras anega.  
 Mentras haxa llabranza  
 poderei xermollar nella.

III

*(A ellas, as lencas, que ás costas cargan a historia dun poble)*<sup>484</sup>

Correntes que arrastran susurros de xente  
 como mantos de abrigo pra quen los comprende.

---

484 Este poema (homenaxe á mulleres da etnia lenca, madres, traballadoras del campo e preservadoras das tradicións rurales), que figura na web da asociación Axuntar, colocado na ruta Pendia-Penácaros dentro da iniciativa *Camios de versos y llouzas 2022*, publicouse en castellano nel libro *Lenca. Una cultura tejida por manos de mujer*, dun programa de axuda al desenvolvemento de Honduras cofinanciado por a Axencia Asturiana de Cooperación al Desarrollo del Principado de Asturias (2019) nel que a autora foi cooperante voluntaria da ONG Xeólogos del Mundu (Asturias). [Nota da autora].

234

Cada pinga un soño, cada marca un prezo.  
A augua flúe ruidosa e sofre en silencio.

Colores que anagan a vasta paisaxe,  
carreiros de lluita, amor, sufrimento.  
Trincados de esperanza, de amor cego,  
cocidos en barro, resisten con tento.

Arrecendo a frijoles<sup>485</sup>, a papa, a lleña ardendo.  
Paisaxes de tela, de milpa<sup>486</sup> e de soños,  
que viven e temen el esquecemento seco.

Cada enruga un cravo nel verde inmenso.  
Cada palabra afogada, nun ancho proscenio  
sen banda que llance notas al azul firmamento.

Que transite a alma, que asonague os miolos,  
que texa sorrisos e enmazcare el lluito .  
Serpean nel horizonte a humildá e el esforzo,  
trazando nun llenzo el paso del tempo.

IV

Os cantos que medran adentro  
tambalían el tarrén.

Asustan aos que moven  
o mundo coa alma de ferro.  
Retumban nas súas cabezas,  
meten ruído como tronos.  
Como si rellustros fosen  
alluman el mouro celo.

Vosoutros sodes, vosoutros!  
Vosoutros os verdadeiros.

Os que con vida, sudor e alma  
vades pintando o firmamento.  
coloriandolo coa vosa lluita,  
chía de amor e de xeito.

Vosoutros sodes, vosoutros!  
Os que al meu llado quero.

---

485 Voz castelá equivalente a feixós, feixóns, fabas, chichos...

486 Voz de orixe náhuatl tomada polo castelán para designar a terra labrada onde se cultiva o millo e outras plantas.

Vosoutros sodes, vosoutros!  
 Eternos de afecto eterno.  
 Afecto prá vida,  
 afecto prá terra,  
 afecto pra os ventos  
 que acougan al pobo.

V

“Lleña verde, todo fumo”  
 dicía meu volo na casa  
 mentras botaba guebas<sup>487</sup>  
 na cocía pra calentalla.  
 “Lleña verde todo fumo,  
 mía nenía del alma”.

VI

### **Paisaxe de inverno**

Entendín naquel momento  
 que a vida nun é como a natureza  
 que aunque tía<sup>488</sup> xelada, vístese de harmonía  
 con cada detalle pequeno que la compón.  
 Decidín entonces intentar darlle  
 á mía vida forma de paisaxe.

VII

Vivir sin ter sido,  
 ser sin ter vivido.  
 Aí de min, si fose o escollido!

### **Miguel Rodríguez Monteavaro**

Miguel Rodríguez Monteavaro (Boal, 1990), filólogo, escritor e profesor da Universidad de Uviéu, forma parte do equipo que elaborou o *Estudiu de la transición llingüística na zona Eo-Navia, Asturias, ETLEN. Atlas llingüístico. Dialectográfico - Horiométrico - Dialectométrico* (cf. Andrés 2017). Conta con varios galardóns literarios, entre os que figuran o I Premio Ría del Eo de Poesía (2021) e o XIX Premio de Poesía Fernán Coronas “Padre Galo”; este último, pola versión ao asturiano de *Todos os tristes de mayo* (2013):

---

487 Achas, estelas, cavacos, rachos, anacos de madeira de feitío irregular para queimar.

488 (Es)tea.



El que nun quero é ver el mundo asina:  
 chen d'antigo y d'escuro,  
 nubrao d'ideas, de música...  
 Falar d'agás y de nayundes<sup>489</sup>,  
 morder os beizos  
 pra nun perder nin un segundo de lluz,  
 anque sía moura ou visoña col clarén. [...]

Outros poemarios seus son *Trenta razóns pra nun medrar* (2010) e *Poemas pr'aman-tes y paquidermos* (2014). En 2019 foi merecente do Premio Asturias Joven de Poesía polo libro en asturiano *superpoderes*<sup>490</sup>, do que escolmamos os seguintes poemas da súa versión en galego, facilitados polo propio autor:

I

nunca escuiteme a mía vola  
 dicir  
 as palabras  
 estados unidos,  
 ciudadano,  
 crisis.

tampouco la escuiteme nunca  
 queixar.

II

seguramente agora teas pensando en marchar pra úa  
 nova zelandia,  
 de douscentos sesenta e nove mil quilómetros cuadrados,  
 e ovellas e igual que asturias, al cabo, pensas,  
 solo que coa casa de frodo por ei.

489 Nominalizacións da preposición *agás* e mais do adverbio *nayundes* 'ningures', antónimo de *xalundes*.

490 Téñase en conta que, nesta obra, o autor prescinde de maiúsculas.

a lo mellor esa  
 nova zelandia  
 tamén ten un occidente unde a xente vei  
 al villaronta de christchurch e  
 un viño acedo e gordo que nun gusta aos  
 australianos.  
 posiblemente xa tomaras a decisión hai muito,  
 pro as cousas dos nosos palacios  
 van féndose  
 de seiscentos en seiscentos euros  
 e os billetes  
 de avión costan  
 mil.

III

í've never wrote well english e nun souben nunca  
 como puer ben jhon. tampouco calco  
 axeito as lletras del móbil e exaxero  
 sempre nas historias.

calzo ás veces calcetos diferentes, mudo os calzois cada dous días e  
 algúa vez nin los poño.  
 tamén acelero condo nun hai radares e insisto condo quero que daquén veña.  
 canso dos llamentos e teño medo.

pro cada día que pasa tou máis seguro de que el falar de navallas  
 e el pensar en prantar úa viña faime ser  
 el home máis digno da terra.

nunca quixen un postín nel principado, nunca quixen ter  
 úa empresa ou úa xestora,  
 nunca quixen balleirar as llibreirías!

e aprendéronme ben e sei que podó rirme  
 dos máis chulos da escola, que podó  
 andar con madreñas pol planeta e  
 que podó falar axeito se lo teño ben pensado.  
 esas son as cousas que marcan e morden,  
 as que nos fain humanos.

así se foi fendo el mundo:  
 cos defectos máis comuis dos  
 superhéroes.

**IV**

eu,  
 que me namoro sobre dúas veces al ano,  
 tamén  
 teño sentimentos e necesito esparcer  
 a mente cada dellos meses.

nunca quixen que naide  
 reconocera os meus trunfos e  
 sempre intentei que as mías  
 neuronas  
 pasaran  
 desapercibidas ante as situacións  
 irremediáveis  
 que de ralo en ralo  
 nos impón el acto  
 sexual.

nunca fun un depredador, pro tampouco  
 me cortei moitas veces  
 al hora de entrarlle a daquén;  
 tirei ben noites da mía intelectualidá  
 rural  
 e entrei en casas que  
 nun tía pensado conocer.

con todo,  
 eu,  
 que me namoro sobre dúas veces al ano, tamén  
 necesito esparcer da mía propia mente  
 e  
 nun ferlle caso en todas as  
 ocasións.

**V**

por que todo el mundo toca a guitarra, ho? todo el mundo é gaiteiro.  
 todo el mundo foi nembro fundador  
 da ilustradísima e irreal (como a vida mesma)  
 academia  
 da lingua  
 eonaviega.  
 todos correron delante dos grises ou tiveron nel 15m



e todos traballaron  
 muito máis que eu na súa mocedad.  
 case toda a xente da terra conoce a ambás e a gayoso  
 e a maior parte de asturias  
 nunca votou al psoe.  
 que eu sepa,  
 fiándome dos testimonios, a naide lo roubou un español e  
 a naide lo confundiron con outra persona.  
 tampouco creo que haxa ningún que lle guste el sou traballo.  
 todos me recordan conde eu era neno e conde tía el pelo llargo.  
 todos saben fer úa O cun canuto, todos na súa vida beberon  
 muito máis que eu, pero agora tán desentrenados,  
 e todos llevan el ritmo perfectamente, como un metrónomo, afirman,  
 como tamén se afirma  
 que a todo el mundo lle gustan os nenos.  
 todo filologuín lleu el quixote e a naide lle gusta tar solo, porque  
 todo el mundo en asturias é rural e os asturianos, xa sabedes,  
 somos mui abertos.  
 nun hai a quen lo amargue un dulce,  
 non?  
 llibertá e dereto de decisión.  
 así se fai,  
 carallo.

## VI

*ás personas que viven núa festa de prado perpetua.*

«cumbia e destrucción», dice el gaitero vello aquel  
 que calca pra dentro dous ou tres cubalibres antias de mollar a palleta.  
 é el retrato máxico dúa folixada con precedentes. al outro llado da barra,  
 úa pelella de peisano berra burredas a úas mozas de trece anos.  
 toda a situación é el sinónimo de dantesco: lo tremendamente asturiano.  
 algún dos que van pedir algo ás camareiras que veron esta noite dun llugar da  
 marina  
 confunde os cuartos da farlopa con lo destinado de mao  
 pra gastar nun pincho da cafetería la santina ou nel model's.  
 cerca deste cuadro de robert crumb vive úa familia de probes votantes  
 del pp de galicia. cruzaron el eo pra ver que tal se vivía  
 debaixo dun goberno del psoe.  
 nel cuarto de riba da súa casa hai un rapaz universitario

que anuncia cameos nas estadísticas coa súa sonrisa de satisfacción curricular.  
 a festa empeza e todos odian e admiran  
 por igual  
 al cantante da orquesta, que, según dicen, estampou dous foritos  
 a semana pasada e conta pillar hoxe cúa das rapazas que siguen al grupo.  
 a comisión traballou muito, dicen todos,  
 pero este ano a festa nun é tan boa como antias.  
 al final da noite todos buscan aveiro con alguén  
 que lles entre pol allo e que tea, mellor que de bon ano,  
 de bon carácter.  
 cantamos a da chica de azul, a do vals del obrèro e a de ya ha llegao la hora.  
 al fin, pra casía, que pral ano que vén volve pasar  
 a marmota por aquí.

**VII**

cada vez que sale ese gafías na tele  
 mía vola méxase de risa.  
 nun sei se é porque lle parece gracioso el que dice  
 ou  
 porque nun lle entende nada.

**VIII**

nel café de la habana nun hai mulatos que dancen el son,  
 pro si hai dúas adolescentes  
 guayaquileñas  
 que nun deixan de mirar pral móbil.  
 el xefe del bar lleva bigote, como nun podía ser doutra forma,  
 e fala entre dente e dente  
 pra perguntarche se ques sacarina  
 ou  
 azucre.  
 solo hai dous peisanos núa das mesas que,  
 presumiblemente, esperan  
 por outra desas parexas homoe -tute-sexuales que anagan cada día  
 ás tres da tarde os tapetes verdes dos cafés de homes.  
 entra el personaxe (que vei de) gracioso. outro bigote. gafas de sol de paracaidista  
 e pantalón que nun sube máis  
 porque a panza lo impide. «un cortadín, que me voy a la capi  
 a

ver al oviedo». naide lle contesta. el camareiro obedece mentres se completa a mesa de tute. as guayaquileñas siguen mirando el móbil, alleas, se cuadra, a toda a decadencia, sen pensar que forman parte della. 241

### **Pablo Trabadelo Vilabril**

Trabadelo (A Veiga, 1991), naceu nun ambiente lingüístico que afincaba raíces na montaña entre Taramundi e A Fonsagrada. Escribe en todos os xéneros en castelán e en galego. Na nosa lingua deuse a coñecer co libro *Navalla* (2020, do que escolmamos este primeiro poema:



Os cruces de camiós entenden de sangue,  
de cruces de navallas e cruceiros de pedra.  
Nos camiós entre Tebas e Corinto  
paséase o mirar infranqueable daqueles  
que sentan a brindar con ambrosía no Monte Parnaso.

Outro poemario seu é *Jaloffeim* (2021):

Oda á apertura de camiños  
Co focín, eu veño unirme  
a esta assemblea. Con pés que pisanpesan  
sete fanegas, cas<sup>491</sup> maos que podanpoden  
arrancar os toxos (firmar un pacto  
de sabiasavia), con dedosdentes que mordenmolen celulosa  
e co olfato e o gusto enamorados da terra  
e da clorofila. Expansivo, eu veño unirme

a esta assemblea. Eu veño a ser  
 eu rizomático, eu con dez mil  
 brazos,  
 eu con cinco mil fouciños. [...]

242

A continuación, dous textos que permanecían inéditos, proporcionados polo autor:

### Á mai da anterior

Libre estea de criar os meus fillos pra seren millores ca min.  
 Libre estea de protexelos desta lingua de labregos, desta lingua [nociva.  
 Se non: no meu pecado a penitencia súa e a miña ira  
 da incomunicación. ¿Cómo entenderse  
 cas pequenas deidades, cos seres superiores  
 ós que levas falando toda a vida  
 a lingua da conquista,  
 a lingua do triunfo? ¿Cómo entenderse  
 se os estás obrigando  
 a buscárense os mitos  
*in New York or London or even  
 Madrid o Barcelona o La Coruña?*  
 ¿Cómo queres entenderte ca túa princesiña estranxeira?  
 ...  
 Criacha<sup>492</sup> pra destronarte.  
 Libre estea de criar os meus fillos pra seren millores ca min.

### Poema sobre a luita kurda

Que alguén se prenda lume  
 non é xustificable, dá igual  
 o que te achegue á utopía.

Cando o relato vólvese dañino  
 (pingan as grasas dun  
 corpo comprometidísimo:  
 según o texto cantan  
 os himnos da nación –que non coinciden  
 cas demarcacións territoriais e polo tanto  
 tampouco cas trancas das ventás e as cancelas  
 e tampouco ¡ollo! cas voces de mando–  
 pingan as grasas e lemos unha escena bucólica  
 e chégannos ós ollos os ecos de armónicos cantos de unísonas voces,

---

492 Criáchela.

non nos di nada o texto das grasas que pingan  
 de corpos licuándose, corpos que braman  
 sen contención posible, sen decoro,  
 sen gloria nin heroísmo,  
 sen ollos, que estouparon,  
 sen cordas vocais, que se lles derretiron e foron cuspidas entre nota e nota  
 dun canto fraternal e melodioso  
 que vén anotado no texto  
 ¡e traducido e todo!)

### Outras autoras e outros autores

Nesta visión panorámica da poesía en lingua galega de Asturias, somos conscientes do desequilibrio que se podería apreciar entre unhas e outras entradas e tamén o somos de que a nómina resulta incompleta. Por diferentes razóns, aínda quedan poetas en espera de que lles poidamos adicar libremente un apartado específico. Entre outros moitos nomes, velaquí unha pequena relación:

Toño Núñez (Navia de Suarna, 1959), mestre e narrador especializado en literatura infantil, estreouse como poeta co libro *Poemas de Amor en Outono* (2014). Participa da literatura galegoasturiana.

As augas del Navia ledas,  
 musicales, bullangueiras,  
 na procura del pai mar  
 chuchan teixos e llameiras. [...]

María José Fraga Suárez (El Franco, 1964), profesora e escritora en asturiano e en galego de Asturias. Como poeta deu a lume *Terra de pataricos* (2007), *Han a ser cinza* (2010) e *Equipaxe de mao* (2020). Do primeiro deles reproducimos estes tres versos:

Nun teño trato, eu, con cucarachas,  
 pero dende a cocía, condo m'ergo,  
 dame os busdías un coro de fornigas [...]

Aurora Bermúdez Nava (A Caridá, 1965), autora de literatura infantil, en 2019 publicou o poemario *Col corazón na boca* (2019):

[...] Un motivo  
 pra esquecer un día mouro,  
 pra qu'as noites se volvan  
 noites de llúa chía [...]

Francisco Xavier Frías Conde (Béjar, 1965), filólogo, romanista, tradutor e escritor, autor dunha trintena de poemarios, libros de contos e microrrelatos en galego, astu-

riano e castelán. Foi director do suplemento literario "O Espello" d'A Freita, da colección Castelo das Letras de MDGA, da Biblioteca Virtual Eonaviega e de tantas outras empresas literarias, do que en anteriores edicións ofrecemos textos do *Canto de Nedara* (2001):

[...] Sei que ti, Nedara, es  
 esencia de Mediterráneo á deriva,  
 brava  
 como unha lenda remota que ás veces pousa calada na lingua.

Xosé Miguel Suárez Fernández (Mántaras-Tapia, 1965), mestre e filólogo, tradutor e investigador cunha infinidade de estudos sobre a lingua e a literatura, promotor de múltiples iniciativas, coordinador da revista literaria *Trabatel* e autor de *Unde letras falan. Antoloxía da poesía en galego-asturiano (1891-2006)* e de poemarios como *Bidureiras d'inverno* (1990), *Nas Arribadas* (1994) ou *Augua mansa* (2009).

Xaviel Vilareyo Villamil (Mieres, 1967- Uviéu, 2015), profesor e escritor en asturiano e galego de Asturias. Poeta premiado en asturiano e en galego, co Premio Vila de Sarria de Poesía en 1997, convocado pola Asociación Cultural Meigas e Trasgos e mais o concello lucense de Sarria, por *Os novos poemas* (1999: 25):

¿Ques un poema?  
 Sólo un par de cereixas  
 na mía boca.

Marisa López Diz (Xixón, 1970), poeta, narradora, cantante, compositora e cineasta en asturiano, profesora de asturiano, autora do poemario *A terra esquecida* (2007), do que reproducimos uns versos:

[...] ¿Quién pode ouguir  
 el palpitar cincento  
 d'aquelos corazóis  
 qu'algúa vez sintiron  
 relustros de lúa  
 y sabores de moreira? [...]

Abel Pérez Méndez, emprendedor, activista político e cultural e alma de variados proxectos musicais como *Os Folkgazais* ou *A Comuna del Barruzo* (cf. *Conjunto* 2012: 9). En 2016, como concelleiro na Veiga, conseguiu que o pleno declarase a cooficialidade municipal do galego-asturiano. Preside a asociación de Amigos da Veiga i del sou concello. Compuxo letras para as cancións dos grupos musicais nos que participou:

Eo quero bailar  
 eo quero cantar  
 eo quero gozar

hasta reventar.

Eo quero danzar

eo quero chifrar

eo quero gozar

hasta reventar.

Eo quero ter algo tanto muito swing

eo quero ter algo tanto muito glam

eo quero ter algo tanto muito jazz

eo quero ter algo tanto muito dance. [...]





## Capítulo 02

# A herdade que nós temos. Historia e escolma da prosa en galego do Eo-Navia

247

Neste traballo tentamos facer un achegamento á presenza do galego na prosa no occidente de Asturias ó longo da historia. O noso labor de clasificación, contextualización e escolma non se limita á prosa literaria, senón que inclúe tamén artigos xornalísticos, prosa documental etc. Na exposición, por motivos prácticos, seguimos unha orde cronolóxica acorde co que foron tradicionalmente os distintos períodos históricos que incidiron significativamente na nosa cultura: Idade Media (XIII-XV), Séculos Escuros (XVI-XVIII), Rexurdimento e preguerra (XIX e comezos do XX), os anos da guerra civil e a Ditadura (1936-1975) e, por último, os nosos tempos (1975-actualidade).

En calquera caso, cómpre facermos constar que os cortes cronolóxicos que establecemos non teñen correlación exacta coa dinámica creadora das autoras e autores. Non é raro que algúns deles publiquen en períodos distintos, nalgún caso con bastantes anos polo medio. Como tampouco é posible falar de xeracións, nin tan sequera de grupos ben definidos, para incluírmos cada persoa dentro de cada etapa temos en conta a súa época de maior produción e dentro de cada período, como norma, organizámoslos tendo en conta a súa data de nacemento.

No referente ó modelo de escrita, actualmente adoptan diversas posturas normativas. Non pretendemos xulgalas, senón respectar a escolla que cada un fai. Só nos textos máis antigos introducimos algunhas adaptacións por coherencia co que se vén facendo en publicacións divulgativas da prosa galega da época –non ten esta escolma pretensións filolóxicas que aconsellen o contrario. En calquera caso, estas modificacións afectan mínima e unicamente ós seguintes elementos: uso do apóstrofo, acentuación e erros ortográficos notorios.

Queremos resaltar o carácter de escolma desta publicación. Resultaría complicado realizar un traballo exhaustivo, debido, por unha banda, á imposibilidade de consultar todas as fontes, especialmente as publicacións periódicas da zona, que nalgún caso non se conservan íntegras ou non son de acceso público, e, por outra, á ampla nómi-

na de persoas, aínda que sexa con obra exigua, que publicaron nos últimos anos. O que procuramos é que haxa mostras diversas, desde xente con obra independente ata outra que se deu a coñecer en revistas ou volumes colectivos. Este traballo non sería posible sen a axuda de moitas persoas que, en maior ou menor medida, colaboraron facilitándonos datos e datas, contactos e xeitos de chegar a eles, textos e contextos, consellos e mesmo afectos necesarios. Todos foron imprescindibles para redactar esta pequena achega á historia da literatura eonaviega, seguramente chea de eivas pero tamén de bos desexos. Vaia para toda esta xente a nosa gratitude.

## 2.1 Época Medieval

### Prosa medieval no Eo-Navia

Considérase que arredor do século IX en moitas terras de Europa as derivacións do antigo latín vulgar xa deran lugar ás diversas linguas románicas ou neolatinas. De feito, en moitos documentos latinos dos séculos IX-XI comezan a aparecer numerosas formas que xa non son puramente latinas, senón romances ou arromanzadas.

Todo se redactaba en latín, pero a maioría da xente xa non o entendía, agás unha minoría ilustrada. Por iso se fixo necesario escribir a documentación na variedade lingüística de cada zona. Así, durante os séculos XII e XIII aparecen as diversas escritas romances que tenderán a consolidarse a partir de 1250.

Os primeiros textos prosísticos que conservamos en galego son de comezos do século XIII. O galego, romance nacido na antiga provincia da Gallaecia, comezouse a escribir en Galicia, norte de Portugal (Gallaecia bracarense) e nas zonas limítrofes coa actual Galicia que seguen a ser hoxe en día de lingua galega: occidente asturiano, Bierzo leonés e noroeste zamorano. En todas estas zonas o galego é a lingua romance que substitúe (parcialmente) o latín nos documentos, porque o galego era a lingua dos seus habitantes.

A lingua coñecida como portugués é galego do sur, bracarense, nacido na metade sur da Gallaecia, non na Lusitania. Na lingua literaria interdialectal galego-portuguesa redactouse un corpus poético impresionante nesta época: as cantigas de amigo, de amor, de escarnio e maldicir e de Santa María. Xoán Babarro<sup>493</sup> sitúa na zona eonaviega o trobador Fernán do Lago (século XIII), de quen conservamos unha fermosa cantiga de amigo ambientada na ermida de Santa María do Lago.

Na segunda metade do século XIV comeza o declive da escrita medieval en galego, tamén no Eo-Navia, cando o romance que empeza a aparecer ó lado do latín é o

---

493 Xoán Babarro (2007: 19).

castelán, impulsado pola coroa de Castela e os seus resortes administrativos, eclesiásticos, xudiciais e militares. De feito, no século XV xa temos poucos documentos en galego.

No Eo-Navia o maior fondo documental conservado son os pergameos do mosteiro de Vilanova de Ozcos, depositados no Arquivo Histórico Nacional de Madrid. Desde mediados do século XIII e ata mediados do XIV a produción escrita en romance neste mosteiro foi totalmente en galego.

Desde mediados do XIV comezan a aparecer, cada vez con máis profusión, documentos en castelán que acabarán por desprazar totalmente o galego como lingua romance acompañante do latín nos documentos. Exactamente igual ó sucedido noutras terras de lingua galega.

Vexamos tres exemplos de documentos<sup>494</sup> de Vilanova dos anos 1275, 1281 e 1298:

1.- *Doazón de Pedro Díaz ao mosteiro de Santa María de Vilanova de Ozcos*. 1275.

Conoçuda cousa seja a quantos esta carta viren e oíren como eu Pero Díaz de Abres fillo que fui de Diego Moniez desa vila ja dita, en senbra cum outurgamento de mía muller Gontroí Martiz e de meus fillos e de mías fillas e sendo en meu siso e en toda mía memoria compridamente, dou por Deus e por Santa María e por mía alma e de meu padre e de meus avoos quanta herdade eu hagio en Viladonga de Abres a Santa María da Vilanova de Oscos e ao abade Don Migael e ao moesteiro e ao convento dese mesmo lugar e aos outros suscesores que despós eles veeren por jur de herdamento por jamais esta herdade de suso dita e é de saber quanta da oitava de Viladonga a serna con sous vilares e cum sous jures e cum todas suas pertencenzas e con todo sou quiñón do río.

Et por quanto eu teño i hei tuda por cinco taegas de paínzo pela taega do burgo de Ribadeu mando ao moesteiro de suso dito que a tiren destas V talegas de suso ditas e que hagian e sea por ventura non poder desembargar mándolles o meo daquel casal de outeiro e que o tiren de XXX sueldos de alfonsiz e o meo do meu quiñón domido e a quarta da pumarega que eu hei cum fillo de Lope Traveso e se esta herdade de Viladonga houber o moesteiro fora meu casal e mía pumarega e meu quiñón domido que fique a mis fillos. (...)

Feita a carta na vila de Abres martes VIII días por andar del mes de febreiro in era de mil e CCC e XXI ano reinava el rei don Alfonso e sou fillo el infante don Sancho no reino de Leon e de Castela e en tódolos outros sous lugares e reinos. Don Mu-

---

494 Estes documentos alteráronse un pouco na representación gráfica para lles facilitar a lectura aos non especialistas: e construíronse abreviaturas, soluciónáronse diversas representacións da nasalización, regularizáronse usos de -l- e -ll- (un *villa* orixinal transcribese como *vila* porque se le vila e non *villa*), regularizáronse os usos de h/, v/b etc., todo para que un lector non acostumado a tratar con textos medievais poida lelos con comodidade e sen dificultades, sen perderen por iso a fasquía arcaica.

nio bispo na see de Mondoñedo. Diego Lopes tenente a ribeira do Sor<sup>495</sup>. Ruí Martiz juíz. Os que foron ts: Domingo García, Domingo Johanes, clérigos de Abres, ts. Fernán Johanes de Lousada, ts. Johan Marnoto, ts. Pero Migez de Abres, ts. García Martiz de Veiga, ts. Pero Axenxo e sous irmaos e outros muitos que viron e ouíron e eu Pero González hei na ribeira de Sor por mandado do bispo don Munio escribí esta carta por mandado de ámbalas partes e fiz in illa meu sinal in testimoño de verdade.

2.- *Doazón de María Núñez ao mosteiro de Santa María de Vilanova de Ozcos. 1281.*

In dei nomine amen. Conuzuda cousa seja a quantos esta carta viren e oíren como eu, María Núñez e Martín Núñez, fillos que fumos de Nuno Sánchez de Toria e de Marina Johanes, sendo en todo noso siso e en nosa memoria cumprida, en remiimento de nossas almas e por alma da nosa madre e de nossos avoos: damos ao abbade don Migaél do moesterio de Vilanova de Oscos e a todo o convento desse miismo lugar e a todos sous sucesores, quanta herdade nós habemos e debemos a haber in Montouto, cum todos sous dereitos e por todos sous terminos antigos jaz su el sino de Santo Estevão de Piantón.

Convén a saber quanto quiñón é dessa vila de suso dita de quaraenta e VIII<sup>o</sup> quiñoes a quinta del IIII. Damos a vós essa herdade por jur de herdamento por senpre que vós la hajades e a pesuades e fazades dela vós, e quen in vossa voz vier, toda vossa vontade in tanto como el mundo durar.

(...)

Os que foron presentes: Pero Rodríguez e Pero Pérez de Santa Marina de Toria Ts. Afonso Pérez de Santa Marina de Toria, Ts. Pero Rodríguez de Santa Eufema, Ts. Meen Rodríguez e Johán García de Braña Toria, Ts. Pero Vela de San Cristovo, Ts. Johán González de Santa Eufemia, Ts. Domingo Johanes de Velvís, ts. e outros muitos que o viron e que o oíron. E eu Johan Eanes, notario público ena Ribeira de Miranda, escribí esta carta e fiz in ela este sinal. E fiz in ela este sinal en testimoño de verdade.

3.- *Doazón de María Peláez ao mosteiro de Santa María de Vilanova de Ozcos. 1298.*

In dei nomine amen. Conuçada cousa seja a quantos esta carta viren como eu María Peláez e cum outorgamento de meu marido Pero Martínez moradores nos Hedrados, cum todo noso siso e cum toda nosa memoria cumprida ambos ensempra.

---

495 O río Sor fai fronteira entre as provincias da Coruña e Lugo, en plena diocese de Mondoñedo. Supoñemos que se trata do mesmo río que figura no documento.

Damos en oferta e en doaçon a vós don Miguel, abbade do moesteiro de Santa María de Vilanova de Oscos, e ao convento desse mesmo moesteiro, a aqueles que agora i sodes e a todos vosos sucesores que depós vós veeren, quanta herdade e quanta voz nós habemos e habemos por haber en toda a vila de Vilar Aldeguer<sup>496</sup> e en todos sous terminos, también de compras como de gaanças, como avolenga como a escambia que feçemos cum Andrés Johans de Santaalla de Petelos e cum sua muller Maior Miguélez filla que foi de Gontroi Martínez e de Miguel Calvín; e quanta habemos por compra que fecemos a Johán Pérez fillo que foi de Pero Peláez de Prado, que jaçem estas herdades en Vilar Aldeguer e en todos sous terminos salvo a que eu Pero Martínez i hajo por voz de mña madre María García que vai fora desta doaçon.

E outrossí eu Maria Peláez e cum outorgamento deste meu marido Pero Martínez sobredito vos dou e outorgo a meatade de quanta erdade e de quanta voz eu aio ena vila de Vileimir<sup>497</sup> e en todos sous terminos dela Riba de Nabedo<sup>498</sup> a jur contra a vila convén a saber por quaes terminos pola ponte dos Vaos de San Pedro<sup>499</sup> e de parte que por Sebe Longa<sup>500</sup> e ven firir na Riba de Nabedo ja dita e como de parte de por Silva Maior e entra no río de Teixeira<sup>501</sup> e esta herdade e a meatade de quanta eu hajo e hajo por haber por voz de mña madre María Peláez dita de Prado<sup>502</sup> que foi. E estas herdades dámosvolas cum todos sous jures e pertenenças, labradas e por labrar e chantadas e por chantar e bravas e mansas e cum montes e cum fontes e cum todos sous dereitos e aboamentos e estas herdades des hoje este día sejan fora de nosso jure de nosso poder e metudas en mao e en poder do abbade e do convento libremente para sempre jamais e que façades delas toda vossa voluntade a todo tempo que vos mester for.

E nós sobreditos Pero Martiez e Maria Peláez outorgamos sempre por todas nosas boas fazervos estas herdades e esta doaçon de paz a todo tempo e quen volas quisser embargar, quer da nossa parte quer da outra estraia, haja a ira de Deus e aa voz del Rei C mrs. peite e dóbrevos quanto vós demandar, e a carta e a doaçon seja valioosa por sempre e estábil.

Feita a carta II días por andar do mes de maio, era de mil e CCC e XXXVI anos. Ts Mi-

---

496 Hoxe simplemente Aldeguer, lugar da parroquia de San Xulián de Vilaboa, concello da Pontenova.

497 Lugar da parroquia de San Xulián de Vilaboa, concello da Pontenova.

498 Río que atravesa o concello da Veiga

499 Probablemente se refira ó río dos Vaos, en Santiso de Abres.

500 En Xestoso-Vilanova de Ozcos está o lugar de Regodesebes, pero non podemos asegurar que se trate do mesmo sitio.

501 Lugares chamados Teixeira hainos en San Martín e Santalla de Ozcos.

502 Lugar da parroquia e concello de Santiso de Abres.

guel Johanes clérigo de Vilaboa<sup>503</sup> e Gonzalo Fernández e Johán do Vao<sup>504</sup> moradores en Vilaboa, ts. e Pero Díaz de Ginzo<sup>505</sup> e Pero Pérez do Rego Seco<sup>506</sup> e Meen Galo fillo de Gonçalvo Méndez de Vileimir, ts. E eu Pero Martínez e eu Maria Peláez esta carta desta doaçón mandamos fazer e oímola leer e roborámola e confirmamos por nossas maos propias. E eu Domingo Peláez notario dado do bispo nas ribeiras de Miranda presente fui e esta carta por mia mao propia escribí e puge en ela meu sinal en testemoio de verdade que é tal que jaçen estas herdades su signo de San Jullão de Vilaboa.

### Referencias a Asturias na prosa medieval galega

Na prosa histórica medieval (*Crónica de Santa María de Iria*, *Crónica Xeral*) hai referencias ós reis asturianos e á súa relación co culto ó Apóstolo. Ofrecemos un texto da *Crónica Xeral* en que se alude á construción de Santa María do Naranco, con referencias ós reis cuxa corte real estaba en "Ovedo".

Andados quatro anos do reynado del rey dom Rramiro, começou a fazer ua jgleia de pedra marmor abouedada cõ arcos, aa onra de Santa Maria, eno monte Naurãcio, que é a vna legoa de Ovedo. Et fezo outra jgleia aa onrra de Sam Miguel arcãgel, outrosi mui nobre et de mui grãde obra. Et fez açerca uus paaços para si, outrossy de mui grãde obra et mui bõa.

Et do quinto ano do rreynado deste rey dom Rramiro, que reynou segundo del rrey don Affonso, o Casto, nõ achamos nehua cousa que a estoria perteesca. Et aquel quinto ano que habemos dito do rreynado del rey dom Rramiro en aquestas cousas que habemos ditas passou, segundo o fallamos pellas estorias

[...]

Et enpos isto esse rrey don Affonso, poendo seu coydado en obras de peedença santa, mandou fazer sobrelo corpo de Sanctiago ua capela de mui fremosa obra, et deulle grandes herdades aa jgleia et fremosoua et onroua de muytas bõas doonas de ouro et de prata et de campãas et de vistementas de seda et de pedras preciosas. Et fezo outrosi sobrelos corpos de San Fabundo et de San Primitiuo, ena ribeyra de Carrõ, ua jgleia de grande lauor et onroua de totalas coussas que eram mester. Mays depouys a tempo destroyron os mouros essas jgleias ena sazõ que chegarõ ata Santiago.

Outro si fezo este rrey don Affonso, para defendemento da jgleia de Sam Saluador de Ovedo et de toda essa terra, o castelo a que dize Gazom, enas marinas d'As-

503 Parroquia de San Xulián de Vilaboa, concello da Pontenova.

504 Non sabemos se se refire ó lugar do Vao, parroquia e concello de Santiso de Abres, ou ó lugar do Vao Vello en Vilanova de Ozcos. Tamén existe o río do Vao dos Cardos en Vilanova.

505 É posible que sexa o actual lugar de Xinzo, parroquia e concello de Tapia de Casarego.

506 Río do concello de Taramundi.

turas, ca se temíã que veessem pela ventura daquela parte nauios de mouros et que destroyriã estes santuarios.

Et fezo outrosi en esse castelo de Gazõ, a seruiço de Deus, ua jgleia de grande obra cõ piãres et arcos de pedra marmor et poslle nume San Saluador. Depoys enviou por tres bispos que a sagrassem. Et forõ estes: don Sisnãdo, arcebispo de Santiago; Naustro, obispo de Coímbra; et Ricardo, obispo de Lugo. Et deu ele y mui bõas doõas. Et ontre totalas mellores doõas foy ua crux muy grande toda de ouro puro, chea de pedras preciosas, que el mandara fazer. Et en esse ãno aqui dito morreu Adriam, o papa, et foi posto en seu lugar Joham, o sétimo.

253

## 2.2 A idade moderna

Debido a unha serie de motivos de carácter político abondo coñecidos, durante o período que tradicionalmente se denominou Séculos Escuros (XV a XVIII) prodúcese un proceso de castelanización do territorio de fala galega que afectou de xeito especial a escrita. Nos usos literarios cultos, imponse o castelán en todo o Estado de xeito case exclusivo, pero o galego mantense na transmisión oral e nas súas manifestacións literarias.

A finais do XVIII, os autores da Ilustración comezan a interesarse por recompilar e poñer por escrito este tipo de literatura. O Padre Sarmiento, de orixe berciana, non se limitou a este labor recompilatorio, senón que foi un dos primeiros en defender con firmeza a dignidade do galego e a necesidade de que estivese presente no ensino, na Administración, na Igrexa e na sociedade en xeral.

Co paso do tempo, o interese por estas mostras da cultura popular foi a máis, e aínda na actualidade se continúan publicando novas recompilacións, sexa en breves escolmas ou en publicacións máis exhaustivas.

Resulta imposible datar a orixe de cada unha destas manifestacións, pero baseándonos no contido, na sociedade que reflicten etc., podemos dicir que nas escolmas actuais conviven contos e lendas antigos con outros de orixe máis recente. O acervo da literatura popular, especialmente os contos, vai medrando e non entende de periodizacións.

É frecuente que un mesmo conto, coas variantes lóxicas nun texto de transmisión oral, apareza en lugares e tempos distintos, e que de aí pase a diferentes escolmas. Sucede, por exemplo, coa historia do rato que afogaba en viño e consegue salvarse grazas a un gato<sup>507</sup>, ou coa do animal que quere saber se pode vencer a un home<sup>508</sup>

---

507 Aparece en *Contos populares da terra Navia-Eo* (1992) e tamén en López Valledor (1999).

508 Na escolma da Mesa prá Defensa del Galego de Asturias (MDGA) trátase dun oso e na de López Valledor dun lobo.

e atopa cun ferreiro duro de roer. Outros contos que se repiten con frecuencia son os relacionados coa Santa Compañía, cos mouros, o do demo con forma de año que consegue que unhas mozas o quenten, ou o do pastor que engana un raposo méndoo onda un can dicíndolle que alí hai pitos, e que remata sempre coa coñecida afirmación: –“Pitos serán, pero ólenme a can”.

Como dicíamos, son moitas as publicacións que escolman manifestacións populares da zona. Unhas veces trátase de artigos en revistas ou noutro tipo de publicacións colectivas e outras de volumes monográficos máis ou menos amplos. Tamén é frecuente que estes textos compartan espazo con outros de carácter etnográfico, folclórico ou costumista: remedios caseiros para as enfermidades, como se levan a cabo determinados labores tradicionais etc.

En distintos artigos recóllense ou analízanse aspectos das manifestacións populares de Villaión<sup>509</sup>, Rozadas<sup>510</sup> (Boal), Santiso de Abres<sup>511</sup>, Castro<sup>512</sup> (Grandas de Salime) etc. Tamén hai volumes monográficos sobre lugares concretos, de autoría individual ou colectiva, como son os seguintes:

En 1999 Fanny López Valledor (París, 1973, con familia en Ibias) publica *Literatura de tradición oral nos Coutos (Ibias)*, unha completa recollida de mostras populares da zona, con predominio dos contos, rigorosamente clasificados.

En 2000 Francisco Xavier Frías Conde publica *Contos e cantigas eonaviegas*, unha das súas moitas achegas á cultura da zona.

M.<sup>a</sup> del Carmen García García (A Veiga dos Molíos, Presno, Castropol, 1975) publicou en 2006 *Literatura de tradición oral en Presno (Castropol)*. Trátase dun volume que recolle mitos, lendas, contos, romances, cancións, adiviñas, refráns, conxuros, oracións e responsos conservados aínda nesta parroquia. O libro inclúe un estudo introdutorio no cal a autora demostra ter un bo coñecemento deste tipo de manifestacións culturais desde o punto de vista da análise literaria.

En 1992 a MDGA (Mesa prá Defensa del Galego de Asturias) publicou *Contos populares da terra Navia-Eo*. Trátase dunha antoloxía que inclúe 18 textos da tradición oral, publicada na colección Castelo das letras, dirixida por Frías Conde. Nas historias recompiladas aparecen varios dos protagonistas típicos dos contos populares: ofi-

---

509 L. Castro Menéndez e X. A. González Riaño (1984): “Dellos aspectos máxicos nel folclor de Villayon”. En: *Lletres Asturianas* (13: 55-56).

510 X. M. Suárez Fernández (1991): “Contos tradicionais e outras narracións de Rozadas (Bual)”, En: *Lletres Asturianas* (46: 99-114).

511 A. M. Gutiérrez Margaride (1993): “Refráns, ditos e cancións da terra de Santiso de Abres”. En: *A Freita* (3: 25-29).

512 A. Álvarez Peña (1997): “Hestorias y liendas de Castro (Grandas de Salime)”. En: *Entrambasauguas* (4: 10-12).



cios (xastres, zapateiros...), o demo, Xesucristo e os santos, tolos e cordos, animais (raposos, lobos, burros, gatos, ratos...), curas, bruxas etc.

Tamén en 2007 o Ceder (Centro de Desarrollo Rural) Ozcos-Eo, Cajastur e o Concello da Veiga publicaron *Agora que m'acordo*, un pequeno caderno que inclúe un conxunto de textos variados, en prosa e verso (refráns, cantares, ditos, "cousilías", anécdotas, contos etc.), entre os que podemos atopar algúns tradicionais e outros de creación máis recente. Nalgúns mestúrase o galego e o castelán, como sucede con frecuencia neste tipo de manifestacións.

Máis recentemente, cómpre destacar as recompilacións de contos populares levadas a cabo por Martín de Villar, ás que nos referiremos noutro apartado.

Os cambios sociais que se produciron nas últimas décadas fan que cada vez sexa máis difícil atopar e transmitir este tipo de mostras culturais e que, cando as atopamos, estean bastante desprovistas do carácter educativo e de entretemento que tiñan antano. Con todo, incluso os rapaces máis novos reviven esta herdanza dos seus entregos, como podemos comprobar nos textos publicados nos distintos volumes que recollen os premios do certame Antonio Raymundo Ibáñez, Marqués de Sargadelos ou nalgunha publicación escolar.

Como adoita acontecer, moitos destes contos repítense noutros lugares, como demostra con rigor a catedrática da Universidade de Vigo María Camiño Noia Campos en *Contos galegos de tradición oral* (2002) e *Catálogo tipolóxico do conto galego de tradición oral* (2010)<sup>513</sup>, nos que tamén aparecen mostras de contos de Galicia e das zonas de fala galega de Asturias, León, Zamora e Cáceres. Da zona asturiana recóllense contos do libro de Fanny López Valledor, como por exemplo "O macho e a viúda", apañado por esta autora no seu magnífico traballo sobre a literatura de tradición oral nos Coutos-Ibias; o relato é unha versión simplificada do *Conto gallego* que Rosalía de Castro escribiu baseándose tamén na tradición oral<sup>514</sup>. O mesmo ocorre con "Entrilla-lo leite"<sup>515</sup>, que lembra o "Esporretar" do autor lugués Ánxel Fole.

Das obras anteriormente citadas ofrecemos a continuación unha pequena escolma de textos, séndomos conscientes, por unha banda, da imposibilidade de amosar a gran diversidade de contidos que hai e, por outra, de probarmos a súa pertenza ós Séculos Escuros. En calquera caso, valen para ilustrar o tipo de literatura que existía na zona naqueles tempos e que chegou ata os nosos días, aínda que hogano haxa serio perigo de que rompa a cadea de transmisión.

513 Tamén consultable na recente versión inglesa *Catalogue of Galician Folktales* (Helsinki, 2021).

514 Outra variante deste conto, co título de "Xogar a mula por unha viúda", recóllese en *Escolma de literatura popular galega*, de Domingo Blanco (1996), Vigo: AS-PG, pp. 181-182.

515 López Valledor (1999: 39).

O primeiro texto é o conto ó que nos referiamos anteriormente:

256

**O macho e a viúda**<sup>516</sup>

Era unha muller e morreulle o home, e deu en chorar, choraba, choraba, quen sabe o que choraba. Ye era cuando andaban, xa hai ben tempo que foi, era cuando andaban, non había coches, andaban todo con machos, chamábanlles arrieiros, había algunhos que tiñan un fatado de machos ye andaban arreando así.

E iba ún con unhos machos e pasóu por cerca d'aquela casa e iba outro cuando él, non sei se sería vecín, e dixo ún:

–Ai Dios mío, ¡cuánto chora esa muller! ¿Que lle pasa?

Dixo o dos machos:

–Morreulle o marido e ten unha pena que la Virgen Santísima.

E dícelle o outro:

–Ela non ten tanta pena, cómo se fai...

E dixo o dos machos:

–Ten, ten, ten muchísima pena.

E dícelle o outro:

–¡Cuánto m'apostas a que durmo esta noite co ela, con toda a pena que ten!

E díxolle:

–Apostamos o mellor macho que teño.

Dixo:

–Bueno, apostámolo.

Foise pre onde ela ye ela tiña muita pena e él non al convencía; e foise facendo qu'era un pariente lejano, que cuadroulle de chegar elí e que tiña esto e que tuvera esto outro, e despóis díxolle:

–Bueno, mira, é mellor que nos deitemos, porque mira, eu véñolle cansado e agora o que morréu xa morréu. E foron e deitáronse xuntos, e despois o dos machos taba debaixo da cama, e despóis ela, non sei o que lles pasóu, dixo:

–Ai meu homín querido, qué pronto t'ofendo.

E dixo o dos machos:

–Ai grandísima zorra, ¡que macho que eu perdo!

O seguinte conto, cun rato como protagonista, repítese con variacións mínimas en diversas escolmas:

---

516 López Valledor (1999: 81-82).

### O rato que caeu na tina<sup>517</sup>

A primeiros do outono, cando o viño está a ferver nas bodegas, un rato caeu nunha tina. Salir non podía, pois esvaraba polas paredes.

O gato da casa subiu hasta a beira da tina a ver que demo era aquel eslapuceo, e viu o rato alí.

–Se me sacas, déixoche que me comas– propuxo o rato.

O gato non o pensou: espurriu a pata e sacouno.

–Agora espera –continuou o rato– que me vou sacudir pra que che saiba mellor. E empezou a sacudirse, pero cun ollo nun furado da parede e o outro no gato, e nun descuido deste, meteuse no furado.

Entón díxolle o gato:

–¡Vaia palabra que teis!

E contestoulle o rato:

–¡Ai ho!, nunca lle fagas caso a un borracho.

As lendas de damas encantadas de longa cabeleira abundan na literatura popular, coma esta que reproduce Emma Blanco Fernández:

### A dama del avellaneira<sup>518</sup>

Esta é a historia d'un paisano que viviu en Sarriou, un barrio mui pequeno de Cuaña, onde el día de San Xuán xuntábanse todos os vecíos pa fer úa festa. Esta festa empezaba un día antes, condo as muyeres iban adornar a fonte con flores. El día seguinte pola mañá cedo, a primeira muyer que fora buscar augua a la fonte, casábase al seguinte ano. Pola tarde bailaban, fían úa merenda con comidas que se fían en cada casa, falaban. Pero al anoitecer toda a xente ía pá súa casa porque aparecía úa muyer nova debaixo d'úa avellaneira que ta xunto al río, peinando as súas gadeyas, a chamada xana en outros poblos y en Sarriou a dama del avellaneira.

Este paisano nun fixo caso y foi a veyra porque ouguira qu'era muy hermosa. Condo chegou á veira del río, escondeuse detrás d'us fuletos y viu á muyer.

Él quedou apasmao vendo lo guapa qu'era, tía el pelo llargo y d'ouro y iba vestida con un traxe llargo. Mentras se peinaba, cantaba úa canción mui rara.

De repente el home movéu un pouco us fuletos y a dama enterouse y a partir d'ese momento el paisano nun s'enterou de nada.

Al día seguinte, apareceu na súa cama y foi preguntarlle á súa muyer que lo trouxera pa casa y díxoye: “Encontrámoste na veira del río tirao con muita fiebre”.

517 *Contos populares da terra Navia-Eo* (2007: 56-58).

518 *V Premio Antonio Raymundo Ibáñez, Marqués de Sargadelos* (2003: 188-189).

El home taba todo angustiao y intranquilo, porque nun s'acordaba de nada. Así pasaba todos os anos, os homes desaparecían y aparecían sin saber que fian.

258 Alexis Bermúdez recolle de súa bisavoa esta vella historia ambientada en Santalla de Ozcos:

### **El esconxuro**<sup>519</sup>

[...]

Durante un vrao de muita calor, por todos os campos, hortos e cultivos de Santalla, empezaron a aparecer uns bichos grandes como puños, que se chamaban "langostas". Nun principio parecía que era pouca cousa e que era máis unha cousa estraña que todos iban ver, que un peligro real; pro todo foi cambiando. Cada vez eran máis, e non morrían, utilizaran el método que utilizaran.

Arrasaban todo y'era peligroso poñerse ante elas, e provocaban tanto horror e miseria que todos se deron cuenta de que aquela plaga era obra del mesmo demo.

Pensaron marchar e deixar Santalla como un pueblo maldito, pro alguén acordouse dos "esconxuros" que tían os curas da época. Rogáronlle a un sacerdote que lo fixera, ye esperaron a ver que pasaba.

El esconxuro durou un día e unha noite ye ouíronse grandes aulidos, caeron reluscos e as langostas parecía que marchaban; pro cuando iba ameicer, todos viron asustados que non marcharan, retorcíanse enfurecidas, como se tuveran queimando.

Cunta mía bisabola que nunha parede de Santalla, inda nun fai muitos anos, notábase as huellas que estos bichos deixaran.

No mesmo volume có anterior, Silvia Braña cóntanos unha lenda que fala de tesouros:

### **A pedra del tesouro**<sup>520</sup>

Hai muitos anos, nun monte entre a Ruxía e Cotarelo, vivía un home mui probe que vivía del sou rabaño de cabras, e un día alindándo'as por cerca dun despeñadeiro, resbalou nel barro e caéu polo despeñadeiro. Al cayer cayeulle un bon peneo encima da cabeza ye pasou muito tempo alí hasta qu'el corpo desapareceu ye quedóu a marca fonda na pedra.

---

519 *I Premio Antonio Raymundo Ibáñez, Marqués de Sargadelos* (2003: 61-62).

520 *Op. cit.* 71.

Desde esa, muita xente vai vela. Cuntan qu'unde ta a pedra, enfrente d'ua montaña, se te deitas na pedra encima da figura e zarras el ollo esquerdo, ves na montaña un tesouro.

Nos contos populares non poden faltar os lobos. Velaquí unha mostra, da autoría de Gabriel Arruñada Alonso: 259

### **Úa noite de lobos**<sup>521</sup>

Fai muitos anos núa noite oscura na que non había lúa, viña un home de polavila, e de camín a súa casa tía que pasar por un monte mui oscuro.

Nel monte había úa seara cuando empezou a oír un ruído polo outro lado do cierre da seara. Mirou hacia alí e viu que iba un lobo fregando o rabo contra os palos do cierre.

Cuando puido o home, do medo que levaba, engancho o lobo polo rabo e tuvo toda a noite tendo mao del.

Al outro día, pola mañá, pasou por alí un vecín que iba a traballar e al velo colleu un palo e deulle con el al lobo hasta que o matou. E por fin, o home puido seguir o camín prá súa casa.

## **2.3 O Rexurdimento e o tempo das Irmandades**

O feito de que no territorio asturiano de fala galega non haxa no século XIX autores nin obras en prosa especialmente destacables non debe interpretarse como unha anormalidade; en realidade, tampouco no resto do territorio de fala galega, tanto dentro coma fóra da Galicia administrativa, houbo figuras que acadasen o nivel ó que chegou a poesía.

Pola contra, danse en relación coa zona unha serie de feitos que cómpre mencionar, pola singularidade cultural que se enxergaba:

Ademais da publicación en Madrid de *La Ilustración Gallega y Asturiana* (1879-1881) con algunhas referencias á zona, Bernardo Acevedo y Huelves e Marcelino Fernández y Fernández recompilan literatura tradicional ou léxico do Eo-Navia nas súas obras, como máis adiante indicaremos.

Nos Xogos Florais de Tui (1891) existe tamén un recoñecemento explícito ó galego de Asturias:

---

521 *V Premio Antonio Raymundo Ibáñez, Marqués de Sargadelos* (2003: 233).

Tódolos traballos han de ser rigurosamente inéditos e escritos en galego antigo ou moderno, berciano ou dialecto do país asturiano comprendido entre o Eo e o Navia<sup>522</sup>.

- 260 Se cadra foi isto o que provocou esta intervención da autoridade na Asemblea e Exposición Escolar de Pontevedra, en 1893:

Perdonadme, señores representantes de Asturias y Galicia, que conservais en vuestro bello país la dulce, melancólica y graciosa lengua de vuestros padres, perdonadme, repito, el que asegure que el dialecto es cosa grave que se opone grandemente al armonioso, rico, inimitable y melodioso idioma de nuestra España.

A finais do século XIX xurdiron en toda a zona do occidente asturiano e da Mariña lucense varias publicacións de carácter local ou comarcal. Ribadeo foi pioneiro, coa aparición en 1866 de *La Cuenca del Eo*. Posteriormente cabeceiras coma *El Eo* (1879)<sup>523</sup>, *Las Riberas del Eo* (1881), *El Occidente de Asturias* (1882), *Faro de Tapia* (1898) etc. acollen colaboracións de diversos autores da zona, pero a presenza do galego nos textos que podemos consultar é mínima. Ás veces tampouco resulta doado saber se se trataba de autores dunha banda ou da outra das ribeiras do Eo, xa que era frecuente que asinasen con iniciais ou con pseudónimos. Os escasos artigos relacionados coa comarca ou as alusións á zona que podemos ver en *Revista de Asturias* (1877), en *La Ilustración de Galicia y Asturias* (1878) e en *La Ilustración Gallega y Asturiana* (1879) están redactados en castelán.

Desta época (1887) é tamén o primeiro estudo que adscribe ó galego a fala do Eo-Navia. O seu autor foi o dialectólogo sueco Munthe<sup>524</sup>.

En 1906 Menéndez Pidal insiste na mesma idea na súa obra *El dialecto leonés* e diferencia entre "galego" (área de *lobo* e *ela*) e "galego oriental" (zonas de *llobo* e *ella*).

O primeiro terzo do século XX foi unha época de bastante actividade cultural en Galicia. Pasada a primeira década, en que se foi fraguando o dinamismo posterior, colectivos como as Irmandades da Fala<sup>525</sup>, o Seminario de Estudos Galegos, o Grupo Nós ou o Partido Galeguista implicaron moreas de persoas no proceso de recuperación da nosa identidade cultural e tamén política. A intelectualidade galega non esquecía a terra e a cultura de entre o Eo e o Navia, como demostran textos de autores coma Vilar Ponte<sup>526</sup>:

522 Francisco Fernández Rei (1991).

523 Indicamos, igual que nas publicacións que citamos algo máis adiante, o ano no cal comezaron a súa andaina.

524 Tomamos o dato do *Informe lingüístico sobre a nosa terra* Eo-Navia (2007: 29, 30).

525 Que se saiba, non se constituíu Irmandade ningunha no Eo-Navia, pero o seu labor tivo repercusións nesta parte de Asturias: representacións teatrais, participación en certames de Galicia por parte de autores da zona, algún deles premiado, como é o caso de Santos Mediante etc.

526 A. Vilar Ponte (1971): *Pensamento e sementeira*. Ed. Galicia. Centro Galego de Buenos Aires.

...Astra o Navia e astra Ponferrada, por outras bandas, ten que esculca-lo xeógrafo que estude o noso chan...

De xeito similar ó labor cultural que nalgúns sitios de Galicia desempeñaron as Irmandades, alén do Eo destaca a vizosa actividade que agromou en Castropol en torno á Biblioteca Popular Circulante<sup>527</sup>, unha iniciativa sen precedentes na zona que dá pé a un dinamismo cultural envexable, tanto na vila coma nas parroquias, como se pode comprobar a través da prensa da época e dalgúns artigos que analizan este fenómeno. 261

Continuando co proceso que se iniciara a finais do século anterior, nas primeiras décadas do século XX as publicacións comarcais proliferaron aínda máis debido, principalmente, ós movementos agraristas e ás rivalidades políticas do momento. Así, seguindo o ronsel de *Las Riberas del Eo*, agromaron *El Porvenir Asturiano* (1903), *Castropol* (1905), *El Eco de Navia* (1906), *El Agricultor* (1907), *El Ribadense* (1909), *El Avance Asturiano* (1911), *La Juventud* (1912), *El Río Navia* (1913), *El Eco de Navia* (1906), *Tío Pepe* (1913), *La Semana Naviense* (1913), *Brisas del Eo* (1916), *La Comarca del Eo* (1919), *Ecós Vegadenses* (1924), *Vida Boalense* (1925), *El Aldeano* (1929), *El Franco* (1931), *El Radical del Eo* (1932), *Atalaya* (1933) etc. Incluso na emigración xurdiron publicacións relacionadas coa zona, como *El Progreso de Asturias* (1919), fundada en Cuba polo boalense Celestino Álvarez.

A duración destas foi moi desigual: dunhas apenas saíron á luz uns cantos números, mentres que outras aínda se manteñen actualmente, como é o caso de *La Comarca del Eo*.

Estas publicacións acentuaron o que algún estudoso ten denominado "articulismo", da man de numerosos autores que participaron, con máis ou menos intensidade, no xornalismo local do momento.

Como sucedía no século anterior, nos primeiros tempos usábase sobre todo o castelán, pero pouco a pouco foron aparecendo colaboracións integramente en galego ou fragmentos en galego dentro de textos en castelán.

Mención á parte, polo carácter da publicación e polo contido dos textos, merecen as colaboracións de Armando Cotarelo Valledor na *Revista Nós* (1920), cun alcance que superaba o interese local. Don Armando Cotarelo, natural da Veiga, foi unha figura de primeiro nivel na época, absolutamente integrado na dinámica cultural da Galicia do momento, na que desempeñou cargos destacables.

---

527 En 1922 botou a andar esta iniciativa xurdida no concello de Castropol. Tratábase dunha rede de bibliotecas espalladas polas parroquias para que a xente do rural non estivese en inferioridade de condicións para acceder á cultura. Chegou a haber once en Castropol, tres na Veiga, unha en Tapia e outra en El Franco. En 1936 os militares disolveron a xunta directiva e puxeron fin a este brillante proxecto.

Tamén cómpre destacar o papel de Fermín Penzol, que, aínda que non destacou polas súas publicacións, levou a cabo un inxente labor como bibliófilo e activista político.

- 262 Ademais dos textos publicados, os autores deixaron inéditos outros que, nalgúns casos, acabaron editándose grazas á xenerosidade dos herdeiros. Un exemplo disto é a obra de teatro *El trato*, de Francisco Fernández Arias Campoamor, rescatada e publicada por Xoán Babarro<sup>528</sup> na súa tese e posteriormente pola Asociación Rapalacois das Figueiras, en edición de Suárez Fernández (2005). Outros textos seguramente se perderon ou agardan mellores tempos en arquivos e caixóns familiares.

No relativo ós nomes que cómpre citar en relación con todo o anterior, xa a finais do século XIX destaca o labor de Bernardo Acevedo y Huelves e Marcelino Fernández y Fernández. Despois van xurdindo outros coma Ramón García González, que asina frecuentemente con pseudónimos coma Ormán<sup>529</sup> ou Farruco, Herminio García Allande, Alejandro Sela, Franco Vior, María Ramona Penzol, Victoriano García de Paredes, Antolín Santos Mediante Ferraría, Armando Cotarelo Valledor etc. Cada un destes autores escribe intuitivamente, manténdose polo xeral á marxe das tendencias protoestandarizadoras que se dan na maior parte dos autores que viven en Galicia.

Algúns deles asinan co seu nome, mentres que outros o fan con pseudónimos, sen que sexa sempre posible saber quen está detrás destes, como sucede con X.<sup>530</sup>, Sarasqueta, Fulano de tal ou Ambrosio.

### Bernardo Acevedo Huelves



Naceu en Boal en 1849 e faleceu en 1920 en Uviéu. Cursou os primeiros estudos en Coaña, o bacharelato en Tapia e comezou Medicina en Madrid, aínda que non

528 Xoán Babarro (2003, II: 247-262).

529 Tomamos esta información de Babarro (2007: 52), que á súa vez a recolle de Suárez Fernández.

530 Xavier Coronado (2003) atribúelle esta sinatura a Francisco Manuel Fueyo, das Campas (Castropol), que publica unha colaboración en verso en *El Aldeano*. Non sabemos se é o mesmo X. que asina un artigo en prosa en *Río Navia*, n.º 61 (10 de outubro de 1914).



rematou a licenciatura. Desempeñou varios cargos burocráticos cos que pagou os estudos de Dereito. En 1889 pasou a exercer como avogado do Estado con destino en Uviéu.

Como autor literario escribiu poesía en castelán e asturiano e recibiu algúns premios. Tamén se preocupou polo folclore e a investigación, e colaborou na prensa madrileña, en *El Anunciador* de Uviéu e noutros xornais asturianos. Chegou a ser correspondente da Academia de Historia e da Real Academia Española.

En castelán publicou *Los vaqueiros de alzada en Asturias* (1893), *Boal y su concejo* (1898) e, en colaboración con Marcelino Fernández Fernández, publicou *Vocabulario del bable de occidente* en 1932, que, en realidade, recolle léxico desde Valdés ó Eo, pero principalmente dos concellos de Boal e El Franco, de onde eran orixinarios, respectivamente, os autores.

### **Marcelino Fernández Fernández**

Naceu en El Franco en 1866 e faleceu en 1932. De orixe moi humilde, desempeñou varios oficios ó mesmo tempo que custeaba os seus estudos de bacharelato e de Filosofía e Letras.

Exerceu como profesor de latín no instituto de Tapia e, posteriormente, no de Uviéu, destacando como renovador pedagóxico. Colaborou asiduamente na prensa asturiana e na de Madrid. Tamén desempeñou tarefas políticas: alcalde de Uviéu en 1915 e gobernador de Cáceres despois.

En 1898 publicou *El Franco y su concejo*, que se reeditou en facsímile en 1984. Nesta obra, aínda que está toda en castelán, reproduce en galego algúns exemplos de composicións rimadas (refrásns, ditos...).

En 1932, en coautoría con Acevedo Huelves, publicou *Vocabulario del bable de occidente*. A obra vai introducida por un texto de Menéndez Pidal e outro asinado por Marcelino Fernández, redactado en castelán, pero que remata cun fragmento en galego:

Para terminar esta introducción, pondremos una muestra de la conversación en este bable (sic.): “Por a mañá fun á fonte a buscar na canada d’auga. Despois trouxen del eiro un feixe d’herba, puxen el pote al llume na gamayeira pra fer a xanta, axudein a mi madre a enfornar y deitein el neno n’el berzo, porque xa había muito tempo que taba erguido. Ei teis el meu llabor, dito de présa na mía fala”.

MARCELINO FERNÁNDEZ  
Oviedo, octubre 1928

Á parte disto, a obra vén ser un dicionario similar a outros da época, con entrada en galego e tradución ou explicación do significado en castelán, pero inclúe con frecuen-

cia exemplos do uso da palabra en ditos, refráns ou frases feitas, como sucede nos casos que engadimos a continuación:

264

**Esgayar:** Hender, no del todo, una cosa. Se aplica principalmente a los puntos de la pluma de escribir: “Non podo escribir con esta pluma porque está esgayada”; “Esgayóuseme a pluma”. Us. del Navia al Eo, pero en los concejos de Vegadeo, San Tirso y Taramundi se dice esgallar y esgallada.

**Fuso:** [...] “En cada roca el sou fuso, y en cada terra el sou uso”.

**Pega:** [...] “Una pega, pegarada, puxo un ovo núa arada —puxo un— apegarou —puxo dous— apegarou... puxo... y acabou (Coaña y Boal).

**Vento:** [...] “Cando chove e fai vento non se pode andar”.

**Volo, -a:** [...] “Alábome sola porque non teño vola”. Us. de Valdés a los concejos de la montaña de la ribera del Eo, donde se dice *abó, aboa*, como en gallego.

### Victoriano García de Paredes

Avogado de Castropol nacido en 1878 e falecido en 1931. Participou na política do momento como concelleiro e deputado provincial.

Colaborou con textos de boa calidade no xornal *Castropol* e foi redactor de *El Aldeano*. Un ano despois da súa morte, neste último xornal anúnciase a publicación dunha recompilación dos seus artigos por subscrición popular; nos números seguintes á publicación desta iniciativa fanse constar cantidades concretas destinadas para este fin, pero non temos constancia de que se chegase a editar.

Nos seus textos usa o castelán, pero por veces intercala fragmentos en galego de certa extensión, como sucede neste exemplo<sup>531</sup>:

[...]

La gitana desapareció en un recodo de la Poceira; yo seguí de prisa mi camino por si algo podía ver de la feria de Silvallana, que nunca mucho sería, pues la tarde iba muy avanzada. Sin embargo llegué al soto de la carretera con tiempo suficiente para oír este parlamento entre Antón de Robleda y el Baxelo:

—*Cuanto qués por el burro?*

—*Veintitrés pesos.*

—*Veintitrés mil demos carguen contigo, animal. ¿Quen che vai dar veintitrés pesos por eso?*

—*¿Pois que ten?*

—*¿Pois tu non ves que ta desentabliyao?*

531 Castropol (18: 3-5), 10 de xaneiro de 1905.

–*A ver si che desentabliyo eu a cabeza dunha piña. ¿Onde ta el desentabliyamento?*

–*¿Que che parez? Mira que pernas ten; parecen dous fueiros.*

–*Siempre fuche muy rocín, pero nunca cuidei que foras tanto. Esta feitura de pernas, pra que lo sepas, é conformación dél.*

–*Bueno, pois de todas maneras, guarda el burro ou vai a que lle levanten a espiñilla.*

–*Tu, ¿cuanto dás?*

–*Dareiche once pesos.*

–*Me caso en mi cara, hay que partir esa diferencia; –terció a este punto Sidrón da Boucel– tú, Antón, daye dez e oito pesos, que el burro é bon, y acabade dunha picotera vez, que xa me tedes amocando con tanto falar.*

–*Mi alma, mi alma, é muito baxar!*

–*Y eu creo que é subir de máis, pero vamos a tomar unha copa y falaremos.*

Y allá se fueron los tres.

Varios aldeanos y algun señorito galopan arriba y abajo en desmendradas jacas del país...

### **Franco Vior Prieto**

Natural de Castropol, vila onde tamén faleceu o 13 de xaneiro de 1931, cando era alcalde deste concello.

Cursou os primeiros estudos na vila natal, despois en Tapia no colexio dos agostiños e posteriormente doutorouse en Dereito en Uviéu. Exerceu a súa profesión na súa vila natal e foi un dos membros do padroado fundacional da Biblioteca Popular Circulante. Colaborou en publicacións da época como *Castropol*, *La Comarca del Eo* e *El Aldeano*, do que foi redactor. Neste último xornal, segundo Xabier F. Coronado<sup>532</sup>, é o autor dunha serie de editoriais que, baixo o título “Aldeanadas”, inicia con este fragmento<sup>533</sup>:

El primeiro día que me presentei en público, casi toda a xente quedou bastante satisfeita de min, pero non así del meu nome, al que muitos fixeron reparos de consideración. Unhas nenas amigas mías, que por certo me queren ben, dixéronme en confianza: “Non debías chamarte así, por que cuando nunha reunión de señoritas aparece un rapaz con ademanes toscos, todas decimos que é muy aldeano”: Unhos señores que tamén me aprecian, dixéronme, abundando na mesma idea, que el meu nome era pouco poético. Por fin, nunha oficina pública enfadáronse conmigo, por causa del nome, porque, al decir daquela xente, el

532 F. Coronado Xabier (2003).

533 *El Aldeano*, n.º 2, 31 de outubro de 1929.

aldeano, salvo honrosas escepciois, é un ser rutinario, mal ensinado y máis mal intencionado, que pensa que sempre lo van roubar aunque non teña que roubar, y que, pertencendo a unha das clases que hoy vive máis a gusto, cree que el solo é el que trabaya y el que paga as contribuciois, as cuales, por non saber pra que sirven, nin darse cuenta del beneficio que por elas ye devolve el Estado, considera como un latrocinio que este ye fai abusando da súa forza... pior eínda: como un latrocinio que ye fai el recaudador amparado por la fuerza del Estado.

A todas estas personas quero contestar, non pretendendo convencelas de que el meu nome sexa el mejor que puido poñérseme —que pra gustos se fixeron cores y todo é según el cristal con que se mira— sinón pra que conozan as razóns que tuvo meu padrín pra bautizarme como me bautizou.

A aquelas nenas heiyas de decir, tamén en confianza, que si ben eu quero ser cortés y tratable y servicial pra con todo el mundo, non teño sin embargo por misión a de cortejar con as señoritas, nin pretendo, nin quero, ser elemento indispensable nos bailes de sociedade.

Dígoyes esto, algo fuerte, por que vexo por donde van: xa vexo que dan á palabra aldeano unha significación que non ten, de mal ensinado, poñéndola en contraposición con outra palabra, a palabra señor, á que tamén, non sei por qué, me parece que ye dan unha significación de ben ensinado, na práctica al menos, lamentablemente extensiva. ¡Y queren que eu pague as súas faltas de gramática! y eu non quero. (...)

### María Ramona Penzol

Trátase dunha figura de excepción no abundante movemento cultural do Castropol de comezos de século, dominado por personalidades masculinas. Valémonos de novo de Xavier F. Coronado (2003), que indica que María Ramona Penzol, ademais de encargarse co seu esposo D. Vicente Lorient Cancio de coordinar as actividades da Biblioteca Popular Circulante<sup>534</sup>, formaba parte do consello de redacción de *El Aldeano*, xornal en que publicou tres “cuentíus” baixo o pseudónimo El Aldeano d’a praza. Neles ofrece unha visión irónica pero contundente de temas tan transcendentales como a república ou o divorcio, algo que seguramente sorprendería na pluma dunha muller na sociedade da época. De feito, polo que lemos no xornal, deu que falar a súa primeira colaboración, da que reproducimos un fragmento<sup>535</sup>:

534 Véxase EyB\_133-138/133\_0103//EB15\_N133\_P59-98.pdf (usal.es) sobre a BPC.

535 *El Aldeano* (39: 2), 15 de maio de 1931.

Taba el outro día sentado neste meu penedo lendo como tou el periódico, cando ouguín unhas cantas señoritas na acera xunta da mía ventá falar desta república que nos vén agora. Tantas cousas decían dela que creín que estaba de risa. ¡Que non me erga aquí si non foi verdá! pero pra deixaryes falar el que quixesen fixen canto puiden por calar. ¡Demo de rapazas, que cousas se yes ocurren! Y todo é el non tar enterado das cousas. Vou contar algo d'as cousas que yes ouguín.

Decía unha delas: "A mi es una cosa que no me gusta nada la República; la encuentro ordinaria, es mucho más distinguida la monarquía".

Decía outra que como a primeira que falou yas demás, tía algo de acento de por aló y que non sei de donde yes vén: "A mí, además de eso, es por que no sé que podremos hacer ahora con unos papeles viejos que encontraron el otro día papá y mamá en el desván y que estaban buscando. No recuerdo el nombre que les dieron, pero creo que dijeron que eran pergaminos, y también un escudo o dos. Y claro, esto dicen que ahora no se va a llevar". Pensei eu pra min si e aínda había escudos y pergaminos nestos tempos, pero debía de habelos, agora que eu non tou enterado.

Despós de ouguir esto, creín que xa se foran, pero non; e inda faltaba el meyor. Outra señorita decía muy apurada: "Lo malo es que con todas estas cosas los labradores y todos los aldeanos —aquí botoume unha mirada que temblou el penedo. ¡Como si eu que tou aquí tan tranquilo tuvese a culpa de todo esto que pasa!— se están poniendo tremendos ¡como si ellos fuesen los amos!" Que señoritas estas! ¿como se fairán pra discurrir axino? ¡Cata que xente! Pero inda non acaben, outra dice: "Y luego a gente que metieron, fijaros que está de ministro Nicolau el que mató a Dato y es un anarquista tremendo" aquí dicen todas xuntas: "¡Que horror!" ¡Que tolas tan! elas que queren saber tanto ¿como non saberán que hay un señor dese mesmo apellido que é catedrático y unha persona tan honrada como a que máis? Eitá el que yes enseñan. Non entenden, y despós xa se ve el que dicen.

Eu que ouguira tanta tolura seguida, non quixen escuitar más y púxenme a ler. Pero taba de Dios que non había de poder, porque al pouco tempo pasou un rapacín berrando unha cántiga. Pero esto, ¡mi alma si que me gustou! Tanto foi que lo copiei: Decía:

¿Ya te vas Alfonso XIII

Ya te vas triste de tí?

—No me voy es que me echaron

del palacio de Madrid.

Despois desto non puiden seguir escoitando porque sentín cohetes, música y berros y baxar muita xente por aquí embaxo cunhas bandeiras y pendois muy guapús y el rapacín que cantaba se foi con elos berrando. ¡Dios ye dé salú pra que poda cantar muitos anos como hoy!

“Escuchad —dice unha das mas señoritas— van tocando el Himno de Riego ¡que barbaridad!” Pos claro señorita ¿non sabe que hay República y é lo que se toca en vez da Marcha Real? Y esa bandeira será a que poñan agora pra todo y terán que aguantalo vostedes queiran que non.

Ha de perdonarme, señor director, a molestia y que ye mande esto tan mal amañado, pero é a primeira vez que escribo. Agora que xa ye irei contando mas cuentús y quezaves me salan meyor.

EL ALDEANO D'A PRAZA

### Ramón García González<sup>536</sup>

Colaborou na prensa, con máis habitualidade en verso ca en prosa, e utilizou pseudónimos coma Farruco ou Ormán. Deste xeito asina o primeiro texto<sup>537</sup> que escolmamos e que nos presenta un episodio relacionado coa emigración, cargado de tristeza, fronte ó costumismo, moitas veces adobiado con humorismo que predomina na maioría dos artigos da época. O texto está redactado en castelán, pero intercálase unha boa parte en galego para reproducir fielmente as intervencións dos personaxes.

[...]

En un principio no habla, gotéanle las lágrimas sobre el seno y mira de soslayo al hijo; al fin se queda contemplándole con ternura infinita y cogiéndole la cabeza y estrechándosela contra el pecho, le besa ardientemente; pasado este acceso de cariño, le habla así, mientras pretende enjugar el llanto:

—¿Non xogas con tous ermanius?

—Non, señora— le responde el chico lloroso también.

—Pois ¿non teis ganas?

—Non, madre.

—Ben, meu fiyo, ben. Has de ser sempre formal, meu menín; nunca desobedezas a tous amos, y has de separarte das malas compañías: mira que vos fain desgraciados. Lo que ganes, xúntalo, non lo malgastes, que aquí, xa ves, trabáyase muito y non se chega a un can grande. Repara, sinón, en nosoutros, trabayando como unhos negros y sempre probes. Si, meu fiyo, si; fai por lo que ganes.

En esto aparece el padre; viene de la Villa y trae en la mano unos papeles: son los documentos para embarcar al niño, que marcha a las Américas. Le llama y ambos desaparecen dentro de casa.

[...]

536 Para máis información biográfica véxase a páxina 45.

537 *Castropol* (25: 3), 20 de marzo de 1906.

### Eustaquio Lago Galán

Naceu na Veiga o 20 de xaneiro de 1897 e faleceu na mesma vila e o mesmo día de 1992. Reloxeiro e xoieiro de profesión, pero artista de vocación, dedicouse sobre todo á pintura e á escritura. En marzo de 1924 fundou con Álvaro Fernández Suárez o quincenario *Ecos Vegadenses*, pero axiña quedou el como único responsable. Con moito esforzo e non poucos contratemplos, mantívoo ata a segunda quincena de xaneiro de 1938. Foron, en total, 285 números do que José Luís Pérez de Castro cualifica como "el mejor periódico vegadense y el de más larga vida, merced al entusiasmo de su propietario, director y mecenas"<sup>538</sup>.

Eustaquio Lago colaborou nesta publicación con artigos en castelán e con outros en galego que asinaba como *Un home de la caye del sur*.

Reproducimos un destes fragmentos grazas á xenerosidade da súa filla Amparo, que custodiou a publicación e que nos facilitou a súa consulta:

#### **Carta a un home de la caye del sur que tá en Ouria**<sup>539</sup>

[...]

El outro día cheguei á casa despois de trabayar, y oigo unhos ruídos extraños. Non fixen caso; solo dixen pra min: Vaya, temos visita; hay meigas...

A cousa arreciaba e xa non puiden contenerme. Boto al segundo piso, miro para os cristales da porta e vexo a mía Esperanza con un zorro na mau e nel outra úa siya, maza que te mazarás; lougo mazou na cómoda, na máquina de coser, os cuadros, as paredes; todo esto facíalo con unha ira tremenda. Falaba sola; mais que falar vociferaba.

Esto foi lo que mas me asustou. ¡Cuidei (non lo tomes a chacota) que me dera en tola a mía muyer. De úa vez tirou con todo lo que tía nas maos; arremangouse, pechou os puños, e como si falara con alguén y con cara de fiera decía:

–¡Esas sinverguenzas que se presentan espidas entre os homes! ¡Esas canallas que non vein sinón a desarreglar vidas! ¡Y esos homes que tein menos vergonza que os cais na misa!... ¡Ay! Y el meo...

Cuando decía esto a mía muyer pataleaba como si fora a cupletista bailando a rumba.

¡A cousa, así Dios me salve, subía de tono!

Calei a pucha que se me escapaba. Suspendín os calzois que parecía se alargaran naquel momento de angustia; corrín dous furados el cinto...

538 *Gran Enciclopedia Asturiana* (6: 65).

539 *Ecos Vegadenses*, 1.<sup>a</sup> quincena de maio de 1932.

Feita esta operación, que durou poucos segundos, pareceume que xa me topara a min mesmo. ¡Antes engalábame todo!...

Faendo de tripas corazón, empuxei a porta con forza. Verme a mía Esperanza e lanzar un berro que inda hoy me ta resonando nos oídos, foi todo un. Si non ye boto a mau rómpese a cabeza nel marco da porta. A forza de cuidados e de mimos volvinla en si.

¿Que pasara? Que unhas amigas véronye con el cuento de que eo y outros tales foramos a ver a esa al café. Por un pouco amañamos un tris. Non queras saber.

¡Foi che verdade que fun! Por curiosidad a primeira vez... (non son solamente mueres as que tein esa virtú). Total fun tres veces; non son muitas.

Un día, indo por el Cantón déronme unhos papeles donde anunciaban a función del Nemesio. Decían:

“Gran debut de la señorita Purita Wilde (mira que chamarse Purita). -Hermoso vestuario. -Éxito grandioso. -Espectáculo culto y moral, exclusivo para familias.

Nota: Se reserva el derecho de admisión, y como algunos no saben lo que es, cuando levanten la voz o molesten, serán expulsados del local”.

¡Con razón dicen que Nemesio é mui grande!

El timbre sonaba desesperadamente. Parecía chamarme a min solo; pois na caye non había naide.

Entreí despacín. Iba escamado como si me ardera a roupa.

Tirei unha oyada rápida a todo el local, y alcancei a ver algo de sitio nun rincón cerca del escenario. Senteime. Petei con as maos y al punto veu Nemesio.

–Buenas... ¿Que deseaba, señor? –me dice–.

–Unha copa de anís Merquiades.

–¿Con artista ou sin artista?

–A min bástame vela...

–Se conoce que usted no me ha comprendido... Bueno. Hasta ahora...

Fun pasando revista a xente. Pareceume que había mais casados que solteiros.

Aló pra delante –soupen despois que era el sitio dos señores e donde a cupletista iba a descansar– vexo que me chaman unhos amigos, entre eles Elías e Venancio. ¡Aló vou!... Chocoume que non se extrañasen de verme alí.

Ahí teis a Rojas –me dice un dos amigos–. Mentres hay artista está en paro forzoso. Desde as dúas da tarde hasta que se vai a fulana, (dúas, tres da mañá) tá ahí donde lo ves sin moverse.



Tando nesto sonou a música e lougo as castañolas. De repente asomou ela con un traxe de moitos velos, bailando e cantando. Non me chocou. Nos seos tempos cantaba meyor a Reca.

Volveu salir outra vez y outra e inda máis. Cada vez alixeiraba de roupa. Al final vía casi vestida de desnudo; traía unha especie de taparrabos y unhas cousas como cascabeles muy brillantes, parecían de prata. 271

Cuando máis entretenido taba, sentín que me coyía por a solapa dicéndome al ouguido, al tempo que soltaba unha gran carcaxada:

“¡Así é como ye gustan al Elías!”

–Xa te ouguín, Venancio –ye dixo el outro–. De vez en cuando, xa sabes, hay que endulzar a vida.

Al Elías con a conversación parecía alegrarse a cara que ten de neno con vioco.

Non sei por qué chocoume ver entre a xente al fiyo de D<sup>a</sup>. Adelaida. É un gran neno. Sábenlo ben elas. ¡Hay Dios, non me extraño, tá na edad! ¿Non se che parece al San Luís que hay na iglesia da Veiga?

Pois ye el traxe de monaguio que parece ten el santo y unha corona de lata, mismamente él pintado y cuspid.

Si vas aprovechar algo de esto pra el ECOS, non poñas lo máis gordo. Ademais, fai a carta ciniscos, non la vexa Beatriz.

UN HOME DA CAYE DEL SUR

### **Herminio García Allande**

Naceu na Veiga en 1874 e faleceu en 1937<sup>540</sup>. Estivo emigrado en Uruguai e, de regreso, colaborou na prensa local, habitualmente en castelán, segundo puidemos comprobar en *Ecos Vegadenses*. Tamén publicou algún artigo en galego, coma este do cal reproducimos un fragmento<sup>541</sup>:

A nia: e agora, xa que se ofrecen á conversación, que é como se eu che tuvera falando por medio del “pediórico”, vouche decir unha cousa. ¿Tu non sabes que cuando nosoutros semos rapacius semos lo mismo cos gatos “fóra del alma”?

Se tu teis un gato na túa casa, e se non lo teis morto de fame, xa lo verás retozando solo; e se teis algún ouvelo de filo pra zurcir as túas medias, poño por unha comparante, en cuanto te descuides con el gato, xa verás como se che poña el ouvelo de filo asina cho pon embeleñado de tal xeito, que despois pra zurcir as

---

540 Tomamos estes datos de *Entrambasaguas* (15: 26).

541 *Ecos Vegadenses*, 2.<sup>a</sup> quincena de outubro de 1934.

medias teis que ir buscar máis filo; e ben ves tu cos gatos son us animalíus dos máis guapos que fixo Dios.

272

¿Tu non te fijache aínda que cuando el señor cura ta predicando nel púlpito da igrexa que a cada bocadín ten que tar reprendéndelos aos rapacíus del catecismo porque tan retozando nos bancos coma se foran gatos “fóra del alma”? Érgame el demo que se tuveran fame ou non tuveran el vicio que tía eu cuando era rapacín, non retozaban, al menos dentro da igrexa.

Os rapacíus dagora sonche lo mismo cós de antes. Eu inda me recordo de cuando era rapazacín, (e como a min han de acordarse os que señan del meu tempo e máis veyos), que cuando había novenas, e os rapacíus poñíanse a retozar nas escaleiras del altar mayor, baxaba D. Manuel del púlpito, caladín, e repartíayes unhos cuantos moquetes a todos pra apaciguarlos. Eu deso acórdocheme ben. Pero tu non vayas a pensar que me tocara a min algún de aqueles moquetes; porque anque eu era máis ruín que Caín según el dictamen das mueres da Galea de “Riba”, eu tía quen me reprendera, antes que tuvera que reprenderme el cura.

### Armando Cotarelo Valledor<sup>542</sup>

Malia sobrancear fundamentalmente como autor teatral, non debemos esquecer os seus artigos en prosa, tanto en galego coma en castelán, nin a súa novela *El pazo*<sup>543</sup>, que é case bilingüe porque os aldeáns falan sempre en galego. Tamén é autor dunha recollida de contos de Nadal<sup>544</sup>.

Na prosa científica, cómpre destacar o seu labor como filólogo, etnógrafo e erudito, con varios artigos en revistas da época. Nos anos 1919 e 1920 foi membro do consello editorial da revista *Utreya*, que el mesmo impulsara, na que publicou varios artigos en castelán. Despois de 1925 publicou na revista *Nós*, xa en galego, trece colaboracións de distinto contido e extensión. Son as seguintes: “Un romance galego”<sup>545</sup>, “Un arcebispo de Santiago descoñecido”<sup>546</sup>, “Un vilancico galego no 1818”<sup>547</sup>, “Etimoloxías populares”<sup>548</sup>, “Unha panxoliña”<sup>549</sup>, “Un galego na Florida”<sup>550</sup>, “Tres por

---

542 Ver §1.3.6

543 Armando Cotarelo Valledor (1923): *El pazo/Novela por Armando Cotarelo Valledor*. Tipografía “El eco de Santiago”.

544 Armando Cotarelo Valledor (1927): “Contos de Nadal colleitos do pobo e relatados por Armando Cotarelo Valledor”. En *Lar*, n.º 39, A Coruña.

545 *Nós* (21: 2).

546 *Nós* (26: 3).

547 *Nós* (31: 8).

548 *Nós* (48: 8).

549 *Nós* (59: 212).

550 *Nós* (59: 216).

qués sabidos do pobo”<sup>551</sup>, “A mocidade do P. Feixoo (1676-1709)”<sup>552</sup>, “Cancioeiro da agulla”<sup>553</sup>, “Mourenza (lance dramático)”<sup>554</sup>, “Encol do nome de Martín Codax”<sup>555</sup>. Nalgúns casos trátase de breves notas eruditas dirixidas ó Seminario de Estudos Galegos ou de apuntamentos que el recolle da tradición popular, como sucede con este fragmento:

### **Etimoloxías populares**

Boimil e Boyido son lugares da parroquia de Boimorto, concello de idem, partido xudicial de Arzúa.

O orixe de tales nomes está pra os veciños de Boimorto en que vindo certa vez por estas terras un ganadeiro con moita recua (Boi-mil) desmandóuselle unha das cabezas (Boy-ido) que fuxiu perseguido polos mozos hastra que o mataron (Boi-morto).

Outras veces trátase de textos máis longos, algúns deles editados posteriormente por separado, como é o caso de *Mourenza* ou o *Cancioeiro da agulla*. O primeiro é unha peza de teatro; o *Cancioeiro da agulla* é unha recompilación de 101 cantigas populares sobre xastres e costureiras que vai precedida dun interesante limiar en prosa do propio Cotarelo, do que escolmamos estes fragmentos:

[...]

O xastre resulta de muito interés pró labrego escitando a súa curiosidade e así corren tantos contos deles, non pouco curiosos.

As bulras do alfayate fanse en muitos sitios: Bretaña, Gales, Escocia, Irlanda, todos países de alcuña celta como Galicia. En Alemaña teñen tamén rica literatura popular xa na Edá Media. Prumas esgrevias escriben deles entre nós, tales que Lamas Carvajal, Picadillo, Rodríguez López, Vicente Risco e outros.

No folklore galego o xastre aparece mariquileiro e medrán. Amostra sempre algo de femenino, según cómpre á súa labor de agullas e de tesoura. Son como homes entre home e muller, dándoselles, en xeneral, mui pouco aprecio.

---

551 *Nós* (67: 129).

552 *Nós* (81: 172).

553 *Nós* (82: 192, 84: 241, 85: 12).

554 *Nós* (94: 179).

555 *Nós* (109: 2).

Conoscín unha vella que ó preguntarlle que era o seu home, respondeume:

–Xastre, señor, con perdón de vostede.

O mesmo parés que se di (*sauf votre respect*) na Bretaña.

[...]

Simpática figura a costureira aldeán, que na miña terra chaman “señoritas de media tiseira”. Elas, na sinxeleza da campía, son a rayola de arte e de elegancia que ilumina as carballeiras.

“Costureiras repinicadas, desas que teñen moita fantasía de agulla, que conocen os novelos de fío negro pola fiza e que saben enredar a madeixa no tocante a parolas de amores; desas que se gaban de non turrar do sacho nin de luxarse na cocíña cos potes; desas señoriteiras con riberetes de sabidas, que por cortexos escollen os mellores mozos da alcaldía, que teñen a moita honra que as conezan nas festas polo dedal de prata que levan cirimoniosamente na man” (LAMAS CARVAJAL, *As mulleres de Calvelo*; Galicia Moderna, nº 8).

Máis traballar, tamén traballan no seu oficio. De sol a sol, por un real e a mantenza, que vén a ser de xanta unicamente, pois a parva fanna nas súas casas e pra cear úsase en moitos sitios darllés un ovo e un codelo que levan ó largare do traballo.

De mozas, arrayan os lugares e recrean as romeirías; de casadas, atenden o gabexo da casa e a crianza dos rapaces; de vellas, percuran polos netos e alegran cos seus cantos esbrugas e fiadas, axudando sempre co xornal mesquiño. Celmoso toque de gracia e fermosura no vivir campizán, a costureiriña cosendo á fiestra ou sentada no pendello a turrar pola agulla; levando xentil na cabeza a pequena máquina de beo –mercada a prazos– por carreiros e corredoiras, á mañán, madrugueira, no sol abrente, á serán, no sol poente, en volta serodia que as veces... tarda os inquirios en chegar o sarego.

Certo que hai algunhas que traballan bravamente no labramio cando non hai costura; outras que non se recean de botar unha man ás faenas máis rehas en casos de apuro; pero as máis son, cal amosan os cantares, mixiriqueiras, festeiras, aseñoritadas, condidiñas e namoradizas.

As máis son das que nin “sachan no campo nin mallan na eira”, nin gustan de “lavar no río nin apañar toxiños secos” nin ir á herba nin co gando. Por favor van catar unha selliña de auga á fonte ou unha presiña de berzas ó orto.

[...]

Tolean polos mocións e por parolar con eles e por eles se deixan “roubar o dedal da faltriqueira” ¡E si fora eso solo!...

### **Antolín Santos Mediante Ferraría**<sup>556</sup>

Nos seus textos en prosa, unhas veces dá cabida a historias de sabor popular, mentres que outras valora de xeito crítico diversos acontecementos do seu tempo.

Recollemos a continuación un fragmento de cada unha destas tendencias. O primeiro é un conto de xastres, tan frecuentes na literatura popular, e data de 1925. Conta as mañas dun xastre para comer a tona do leite das casas onde cosía: 275

#### **Maraña descuberta**

[...] Cando se estrenaba a coser na casa dalgún novo parroquiano, o pirmeiro que facía era reparar con desemulo unde se gardaban as cuncas da nata; e con tal esculca xa tiña el muito adiantado pra ben do seu choio, pois en canto a iama saía a calquer trafego de fóra, o xastre valéndose de aloumiños e caricias levaba tras si o can ou o gato astra a chegar coel ó escondrite da nata e logo bulía a sorber nela con tal aperto, que nin tempo lle daba de tomar folgo.

Dende que xa non lle cabía máis no fole, coas sobras dela untáballe ben untado-los morros ó probe animal, que quedaba por ladrón e mal farto, chovéndolle no lombo a somanta de paus que

merecía o larpeiro do xastre.

As cuncas de nata que o moi tuno larpou con tal artimañada non son pra darlles conta; mais unha vez caieu polo seu mal nun tamaño descuido, que con canto soupo non puido encubrir unha das súas nateiradas, e foi do xeito que agora vos direi:

Certa mañán estaba Lucas xastreando na casa dun rico vinculeiro, i a dona, que andaba no labor da cociña, saíu á horta pra depenar unhas follas de verza con que mesturar o potaxe. O xastre, que tal ollou, guíndase na cociña e, botándolle mau a unha cazola chea de nata, tanta foi a que larpou que case lle chegaba á noz da gorxa. Esta vez era o can o que lle servía de pandote, e Lucas..., meténdolle a cunca polos morros apurríndolle as sobras, coas que se puxo o bon do animal tan enfouzado, que astra lle pingaban as orellas. Renxeu neste a porta, i o xastre, ganando en dous pulos a escaleira do sobrado, tornou a seguir dando puntadas.

–¡Ai, señora Antoña! –berrou o xastre de alí a un credo pra reparar de que fuciñeira estaba a iama–, chéguese por aquí cando poida e tráigame outro nubelo de fío, pois o que me dera vai de remate.

Acudiu a señora Antoña e, dándolle ó xastre o fío con aire fosco e certo retintín, así lle dixo:

–Xa vexo que vosté se coida pouco de me garda-la casa, señor Lucas; que se non ben me puido excusar o desmedro que nela tuven.

–¿E logo que pasou, señora Antoña?

–O que pasou foi unha boa inchente de nata pola gorxa dalgún larpeiro, pois mentras fun á horta polo puño cheo de verdura, unha gran cunca dela que tiña nun hucho debaixo do escano quedou enxuita e limpa coma unha patena.

–¡Pérdame o deño –dixo o xastre dando unha palmada na testa– se xa non me decato de quen foi o ladrón da nata!

–Solimán se lle volva nas tripas e coela estoupe coma o raposo coa tallada, que a perda que me trouxo non é paga con vinte reiás.

–Cale, señora, cale, que non é morte de boi, e caer inda puido en parte máis avesa, que o ladrón é da casa, e non lle anda en dous pés, senón en catro.

–¡Gana que ten de leria! ¿E vosté como pode aseguralo?

–Agora lle contarei, e logo xa me dirá se levo camiño de acertar; hai un instante erguíme á ventana pra me espalecer un pouquiño, que en toda a miñán non quitara ollo da costura, e vin na eira o can estragallado ó sol e os morros untados dunha cousa branca i espesa como se mesmo fora nata.

Mentras o xastre iba espallando a súa mentira, nos beizos da señora Antoña, muller moi astuta, debuxábase unha picareira sursisa; i adiviñando por certas sinais o que había de certo no caso, reprecoulle con sorna:

–Eso ben puido ser; mais o que tamén a vosté lle recomendo é que pra outra vez non se entreteña en andar a bicos coel, pois é cousa que desdice dun xastre que sempre foi tan curiosoiro.

–¡Vosté sei que tolea! ¿E por que me fai tal reparo, ai, miña ama?

–Por esas pingotas de nata que lle desporondan nas beiras do bigote.

O xastre levou a man ós beizos i, apercibíndose do seu maldito descuido, quedou medio pampo, i a tal punto mellor quixera que a terra o tragase. Non acertando a saír do seu aturrullamento de pronto, arredou de si a costura, colleu as talladoiras e demais axudas do seu oficio e, sin decir esta boca é miña, botouse fóra corrido coma un antroido.

A maraña do xastre i o redículo en que por ela se viu sópouse logo por undequera, e dende entoncias todos lle adecuñaban “O Nateiro”.

Esto vos é o meu conto, no que se demostra unha vez máis que o deño ten manta e choca<sup>557</sup>; i así, o máis cordo é obrar sempre limpamente pola comenencia allea e mais pola propia.

O segundo é un fragmento dun texto publicado nun tempo político ben distinto, en 1941, no que o autor critica os labregos por estraperlistas: 277

### **A praga do estraperlo**<sup>558</sup>

Outra condición moi arraigada no gremio labrego i en certo sentido dina de louvanza se fora dirixida a mellor fin é tamén a que vou expoñer: Mentras as demais xentes pra conformar en algo de intrés común teñen xuntanzas, promoven discusións e palabras e, tras de muito latrificar, ó mellor non logran entenderse e quedan entre si como cás e gatos, a cras labrega, polo contrario, sin necesidá de reunións, lérias, nin acordos previos garda entre si unión tan estreita coma a uña i a carne, ou, mellor dito, coma as ovelas que por unde unha vai van tamén as outras todas.

Naide aprendeu tan ben coma eles as leucións do estraperlismo. Non hai senón reparar como se puxeron de acordo na custión dos abastos pra nos alixeirar o bandullo e mais o peto a cantos non somos do seu gremio. Como se obedeceran a unha consina, un si, outro tamén, e todos de a feito deron na condenada iñorma de querer apetuñar o diñeiro de todos, i encima poñernos a dieta cotidiana.

Se queredes saber por boca dos mesmos porque tanto gardan o trigo, o centeio, as fabas i os demais froitos, e non abastecen os mercados como tiñan por costume, tapai os ouvidos pra non escuitar tantas mentiras e desatinos como excusas. Argüíranvos que veñen ruñíos anos (eles nunca os acordaron mellores), que as anadas son cativas, que o gran que recollen precísano pra eles, i algo, se lles sobra, é pra cebar becerros, porcos i outros animais caseiros, pois resulta millor empregalo neles que levalo ás prazas pra consumo da xente.

Dito sea sin ánemo de confundir a xente co gado, non parece senón que as reses i os porcos son algo así como amigos, parentes ou irmáns dos labregos pra deles merecer tal preferenza.

Con todo i así, se un home coa carteira ban forrada de billetes se vai arraposadamente por as casas dos labregos pra recadar o que necesita na súa, eles facéndose moito de rogar ó fin condescenden con lle vender ás furtadas e por favor algo do que lles sobre. ¡Agora si!, que se garde de andar con regateos. Se non quer perder o tempo i o viaxe, xa sabe que lle costará: A fanega de trigo, o que noutro

---

557 Ten manta para taparse e facer o mal ás escondidas, pero ó mesmo tempo unha choca que o vai descubrindo.

558 Este texto publicouse en *Las Riberas del Eo*, n.º 3466, 29 de novembro de 1941.

tempo lle costaría unha boa meda; a de maíz, tanto como leva de dote unha nena medio probe; o quintal de patacas, como se xa viñeran fritidas con ovos e torrezmos; a coarta de fabas rapada, o que nunca deixou un ferrado ás cheas; a ducia de ovos, ducia e media de pesetas; a botella de leite bautizado, como se fora bon viño de misar, i así por este andar as demais cousas que gardan a bon recaudo en espera do próximo pagano que lles caia na rede da súa cobicia coma o pito nas uñas dun azor.

O mal é xa tan grave que se prantea este dilema: Ou nosoutros acabamos co estraperlo ou o estraperlo acaba con nosoutros, pois, tal como a vida se vai poñendo, logo non poden comer senón os milloeiros.

Ora xornaleiros, empregados e xentes de ganancias cativas xa fai tempos que non ganamos senón pra parvas, e pra nosoutros é todo o ano tempo de austinencia i aiuno.

### Conrado Villar Loza<sup>559</sup>

Colaborou con asiduidade e durante décadas na prensa da época, en xornais coma *El Aldeano*, *Castropol* ou *Las Riberas del Eo*.

En galego escribiu principalmente poesía e algunhas cancións, mentres que para a prosa se decantou con máis frecuencia polo castelán, aínda que ás veces os seus textos están inzados de galeguismos, como sucede neste fragmento dunha crónica sobre a festa de Porcía<sup>560</sup>:

A continuación, y después de que las *charangas*<sup>561</sup> llamadas a animar los festejos lanzaron *unhas contas* notas *al sou xeito*, se pasó a los festejos profanos, empezando éstos por lo *meyor* del caso: por las *opíparas xantas*, quedando al poco tiempo el gran campo de Porcía convertido en un inmenso y alegre comedor en el que, al igual que siempre y a pesar de que todo *costa un oyo da cara*, abundaban as *búas* empanadas de *pitos*, el sabroso lacón, la clásica *tortiya* y *outras mui-tas cousas* por el estilo, *remoyadas*, como es lógico, *pra que corresen meyor* con excelente *viño* y no menos excelente sidra y aromático café.

Cargado xa el carro, los comensales se entregaron al canto y el baile, *cousas* estas que duraron hasta ya entrada la noche en que *empezou* el desfile, *féndolo unhos* con *enfile y-outros* sin él, pero sin que se apreciase *unha* sola disonante, que *x'i é algo, y mais se se ten* en cuenta la *muita xente que alí había*.

559 Para máis información biográfica véxase a páxina 49.

560 *Las Riberas del Eo*, n.º 387, 24 de setembro de 1949.

561 Mantemos as cursivas como están no orixinal.



## Fermín Fernández Penzol-Labandera



279

Coñecido como “Fermín Penzol” (1901-1981), fillo dun xuíz berciano e dunha eonavega de Castropol, debido á profesión do pai, pasou a infancia en Mondoñedo, a adolescencia en Pontevedra e cursou a carreira de Dereito en Madrid. Penzol foi toda a vida un galeguista constante e entregado, e destacou nas facetas de activista político-cultural e bibliófilo. Contribuíu á organización da Mocidade Céltiga para en 1922 constituír a Irmandade Nazonalista Galega en Madrid e máis tarde afiliarse ó Partido Galeguista e continuar militando nel na clandestinidade durante a Ditadura.

Foi rexistrador da propiedade e frecuentou as tertulias galeguistas con Castelao, Otero Pedrayo e Vilar Ponte.

En Madrid comezou tamén a súa paixón como bibliófilo. Foi adquirindo todo tipo de publicacións periódicas, libros, exemplares dedicados, documentos vellos e novos, folletos, papeis manuscritos, álbums fotográficos, mapas e planos sobre todo o que tivese relación con Galicia, por temática, por autoría ou por lugar de publicación. Penzol queríalle dar á cultura galega “un instrumento bibliográfico no que poder estudar o noso pasado histórico, a evolución das nosas letras, os problemas da realidade e da vida de Galicia que foron atopando reflexo no libro, no folleto, no artigo”.

En 1963 entregoulle toda esta inxente cantidade de materiais bibliográficos á editorial Galaxia, que el axudara a fundar en 1950, para que establecese a Biblioteca da Fundación Penzol, actualmente na Casa da Cultura Galega en Vigo, a mellor biblioteca e hemeroteca do mundo sobre temas galegos. “Axunteino pra Galicia e a Galicia llo entrego”, afirmou Penzol.


Faleceu en Santiago de Compostela en 1981 e os seus restos descansan no seu materno Castropol, onde era coñecido como Fermín Labandera.

Como exemplo da súa actividade política vexamos un fragmento de prosa epistolar datado en 1925:

Querido amigo Leuter: Eí che mando a nosa resposta á vosa nota. Ademáis da nosa iniciativa hai outras dúas, a do grupo de Viveiro que ten os ollos postos na antiga "I.N.G." e a da Irmandade da Fala que quer xuntar a tódolos nacionalistas, non sei como, pois a única noticia que temos é de que onte tiña lugar na Cruña unha xuntanza pra tratar delo.

Ningunha delas aseméllase á nosa. Nós traballamos por organizar unha mocidade independentista, que non teña capacidade de xefes senón de mestres, que traballe pra se capacitar e poder pór o día de mañán o seu grao de area na creación dunha cultura arredidamente galega (...).

### Alejandro Sela, "El Tío Pepe"



Naceu en Vilavedelle (Castropol) en 1911<sup>562</sup> e faleceu en Navia en 1982. Despois de cursar o bacharelato en Ribadeo e Uviéu, estudou para perito agrícola en Madrid e posteriormente, de novo en Uviéu, estudou leis. Exerceu a xudicatura en Castropol, onde desenvolveu un importante labor cultural.

Foi un dos precursores da tradición prosística en galego no Eo-Navia. Formou parte do movemento cultural que se xerou en Castropol a comezos do século XIX ó redor da Biblioteca Popular Circulante. Nese ambiente efervescente xurdiu tamén o interese polo estudo e cultivo da fala popular da zona, igual que sucedía na Galicia administrativa. Alejandro Sela, co pseudónimo de El Tío Pepe, publicou unha serie de artigos no xornal *El Aldeano* de Castropol, que foron recompilados e publicados por Suárez Fernández (2000) baixo o título *El tío Pepe. Colaboracións periodísticas en gallego-asturiano (1931-1948)*. Durante a ditadura, continuou colaborando na prensa, principalmente en castelán.

<sup>562</sup> Unhas fontes dan como data de nacemento o 3 de marzo e outras o 14 de febreiro.

Reproducimos un fragmento dun dos seus contos, tomado directamente de *El Aldeano*<sup>563</sup>:

281

### Cuento

Poucas había que ye competisen en vestidos y en medias de seda, lo mesmo que en cualquiera outra cousa que fora de novedá y que chamase a atención. Cando veu a moda de cortar el pelo, ela foi a primeira que, nel sou pueblo, cortou a trenza, cousa que ye valeu a crítica y'el díxome díxome das vecías y de case todas as súas amigas; pero bueno, isto nun tía importancia, muito máis sabendo que as que antes falaban máis pouco tempo tardaron en cortalo. Nel vrau, sobre todo, taba sempre pendiente da modista, pois poucas festas había en que nun houbese estrena dun crespón, cando menos. Esta era Josefa Méndez, máis conecida por el nombre de Pepía del Peneireiro.

Todo esto se explica sabendo que Pepía era fiya única del labrador máis fuerte del lugar, Manuel de Peneireiro y da muyer, Perpetua, muyer con a que casara porque ya encamiñara un parente que tía en Taramunde, pueblo nativo dela. Estos, máis dous criados que tían, criado y criada, eran os que ocupaban a casa dos Peneireiros, antes muy conocida en todos os contornos pola muita influencia política que tía, y que seguiría tendo hoy se non cambiaran as circunstancias. El caserío era todo propio, y'eínda cobraban algunha renta, de foros máis que nada.

Como a labranza era grande, ademais dos dous criados que tían, nun faltaban muitas veces xornaleiros pra trabayos que, na casa dun labrador, nunca faltan. Foi<sup>564</sup> comida nestas condiciois, era trabayo abondo pra unha sola persona; pero nun teñades medo que esta persoa fora Pepía. Nada deso. Faguía, si, algunha cousa que se ye antoxaba y que aprendía nos libros: franes, moñoelos, y destas cousías así; algún día, cando había muito apuro, tamén yes levaba a merenda al eiro; y el resto del tempo pasábalo vendo revistas de modas y cuidando os vestidos pra que nun y'os picara a poliya. Veinte y dous días de aradura a cada mau y unhos miles de reales nel banco, permitían estos lujos y comodidades.

Con estos procedentes nun tía nada de particular que cuando se presentaba nunha festa chamara a atención dunhos y doutros, y, xa ora, como eran muitos os rapaces que yes gustaba, víase muy favorecida por tanto devoto, con avellanas, refrescos y mil zarapayadas máis; pero pasábaye como con os vestidos, gustábaye variar.

---

<sup>563</sup> *El Aldeano* (50: 1), 30 de outubro de 1931.

<sup>564</sup> *Sic.* Posible erro de imprenta en lugar da forma local *feir*.

Por fin houbo un que, por razóns que nun sei explicar y todo el mundo comprende, enreizou máis ca os outros. Era dun pueblo de non muy lonxe, dunha boa casa, que é tanto como decir rico y de buena familia, y reunía todas as condicións que fain falta pra decir “igualan ben”.

Antes que elos, os pueblos dun y doutro encargáronse de dar a noticia da boda, pois destas cousas entéranse antes os veciños que os interesados; chegouse a falar da dote dela, de que xa houbera regalos, y nun faltou quen se anoxase porque nun lo invitaran pra voda, cuando ben é que, si houbo algo, nun pasou da porta pra fóra. Pero a xente é así.

Todo el que se case ten que pasar por estas ou sinón non casarse. Muy ben. Pasó el tempo, y con él nun pararon de abalarse as linguas, as linguas que fain culto a si mismas. José Zarrado —que así era el nombre del rapaz— seguía indo e vindo na súa besta, que comprara en Mondañedo, fai tres anos pra San Lucas, que nun tía máis defeutos que el darse dun pé.

El demo nun dorme. Cuando taba el pueblo calmado del bule bule que os amores de Pepía motivaron, chega d'Habana don Apapurcio Méndez Carvajales, tío de Pepía, por parte del padre, quen, despois de pasar unha temporada al lado dos seus, emprende un viaxe por algunas poblaciones<sup>565</sup> de España.

Pouco tempo despois, el cura da parroquia lee “primera y última”. Algún tempo máis tarde lemos del periódico local: “Han salido para la Habana el rico propietario D. Apapurcio Méndez Carvajales y su distinguida y bella esposa D<sup>a</sup> Josefa Méndez. Lleven buen viaje”.

EL TÍO PEPE

### Ramón Martínez

Naceu en 1912 en Piñeira (Castropol)<sup>566</sup> e faleceu en 1999 en Vigo, onde viviu e traballou como médico. Estudou bacharelato en Ribadeo e Medicina en Santiago. Era coñecido co nome de Valín, por ser ese o lugar da parroquia onde nacera.

Asinando co pseudónimo Xuanín de Xonte, colaborou en *Las Riberas del Eo* cunha serie de artigos titulados “Laborías” e tamén no xornal *El Aldeano*, en que ademais de articulista foi correspondente e administrador. Reproducimos un dos dous textos que publicou neste xornal.

---

<sup>565</sup> Sic.

<sup>566</sup> Tomamos os datos de *Entrambasaguas* (12: 22).

### El outono<sup>567</sup>

Anque se empezan a poñer os didos un pouco enguruñados cos condajeros “gabuíos”, vou a ver se calentándolos na lareira del lume me deixan coyer a pruma pra escribir unhos contos rengoncíos, referentes a este resprandecente outono.

Eo, Xuanín de Xonte, como todos ben me conocedes y como el meu nombre xa indica, vivo aquí neste pequeno lugarín escondido por as escarpadas montañas del “Campo dos ventos”, de “Polayo” y “das pedras brancas da Tormentosa”; os bocados de tempo que me sobran empréolos en subirme ás montañas que citein agora mesmo, y poñerme a contemplar toda esa marina tan bonita y tan alegre de que desfrutais os daló embaxo.

Condo fai bon tempo, poño pés al camín y súbome al Pico del Polayo, busco unha pedría pra semolir algo as cachas, séntome tranquilo y lo más depresia que podo, comenzo a escuitar el ronquido tan agradabre que fain as auguas del río de Seixas, mezcándose coas pedras longuieiras y alisadas que, arrastrándose por el regueiro abaxo, dan pracer aos meus ouguidos. Y condo se vai metendo el sol aló por cerca del Mondigo, solta unhas rayolas por entre medio dos pinos que hai al redor de min que yes parece ous<sup>568</sup> meus oyo ver un xardín tan ameno, nunca na vida por elos aculumbado; son estos momentos de muyta emoción pral adentro dun home que aprecia<sup>569</sup> todas estas xirigonzas.

Diredes vosoutros queridos leutores: y condo chove y fai vento? ¡Ay! Condo chove y ventía voume pral “Campo dos ventos” y alí me paso un cacho da tarde, agachado detrás dun noiro, ouservando tamén el soprido y silbido que fain el vento y’el augua refolgando por entre os robres y os aveyanos. Bueno, y con estas panxollías acabo este pequeno parzamique, decíndovos que as noites de lúa, aló pasiando por “As pedras brancas da Tomentosa”, e pra acabar de poñer un espírito atolondrado de melancolía.

Xuanín de Xonte

---

567 *El Aldeano* (99: 3), 15 de febreiro de 1933.

568 Produciuse a evolución *aos>aus>ous*.

569 No orixinal *qu’iaprecia*.

## 2.4 A guerra civil e a ditadura

O pulo cultural das primeiras décadas viuse tronzado en 1936 co inicio da guerra civil, aínda que xa antes houbera decisións políticas que afectaran negativamente, como foi o peche do semanario *Castropol* e outros durante a ditadura de Primo de Rivera, ou a prohibición da Biblioteca Popular Circulante por relacionala co espírito da Revolución de Outubro. Non obstante, algunhas das publicacións antes mencionadas mantivéronse e mesmo atopamos textos en galego durante a contenda<sup>570</sup>, pero non de autores do Eo-Navia.

Incluso xurdiron novas publicacións, como *El Cabanón* en Navia (1939), da man de Luis Junceda García, que tamén sería o fundador de *Lar* (1954), da que extraemos algúns dos textos que escolmamos neste apartado.

En calquera caso, durante todo este período a prosa en galego do occidente de Asturias é escasa. Con todo, atopamos algúns artigos relacionados coa zona en diversas publicacións periódicas de temática folclórica, etnográfica ou costumista.

Algúns dos autores xa publicaran antes da guerra, como é o caso de Antolín Santos Mediante, Alejandro Sela, Conrado Villar Loza etc., mentres que outros se dan a coñecer neste período.

### Daniel Vargas Vidal

Naceu en Huelva en 1894, pero residiu desde moi cativo en Tapia, onde destinaran a seu pai. A súa militancia republicana levouno á cadea e foi condenado a morte, pero a sentenza non se executou. Faleceu en Uviéu en 1978.

Tiña unha boa formación cultural e escribía tanto en galego coma en castelán. En 1967 publicou *Añoranzas y recuerdos de Tapia de Casariego (De la vida de un pueblo astur-galaico a comienzos del siglo XX)*<sup>571</sup>, un voluminoso libro que recolle a maioría da súa produción. Consta de dúas partes: na primeira inclúe textos en prosa con numerosas lembranzas da súa vida en Tapia e na segunda unha serie de composicións poéticas. A primeira, correspondente á prosa, está redactada en castelán, pero podemos atopar diálogos en galego, coma este<sup>572</sup> que reproducimos:

---

570 En *Las Riberas del Eo* Lence Santar publica unha colaboración en galego en agosto de 1938, Díaz Jácome un poema en xaneiro de 1939 e Daniel Pernas Nieto outro en novembro do mesmo ano.

571 A obra reeditouna en 2003 a Asociación de Vecinos y Cultural Virgen del Carmen de Tapia de Casariego.

572 Vargas Vidal (1967, 2003: 74-75).

[...]

Al fin el campesino, convencido de que aquello duraría hasta el día del Juicio, se dispuso a intervenir decisivamente. Echó mano al pescador y lo arrastró por el brazo hacia la calle, al propio tiempo que le decía:

–Ai ho! Tú –¡así Dios me salve!–, ¿invitáchenos a comer unha comida ou a ver unha comedia?...

El campesino no dio tiempo a que su amigo le contestase. Le arrastró más por el brazo hacia el centro de la calle a la vez que le aconsejaba:

–Mira ben lo que che digo: As casas son pr’as muyeres y as tabernas son pr’os homes. Agora mesmo vamos pr’a taberna da Ribeira, tomamos alí unhas copas y xa verás como se arregla ben todo... Quéixaste de que a tua muyer queira poñer a mesa aquí ou aculá. ¡Xa non ye dera per ir con ela al teyado, porque entós nin el demo nos libraba de facer a festa na compañía dos gorriois!

El pescador, que se avenía mal con estas u otras razones de su amigo, le preguntó:

–¿Viche dacundo unha muyer tan necia y testaruda como lo é esta mía?

El campesino soltó una gran risotada. Después:

–Anda, home, anda... Dígoche y asegúroche que como esa túa, hailas, así Dios me salve, por centos e inda por miles. Pero vou decirche outra cousa: Tan veyo ¿y non deprendiche inda que non hay máis que un modo de levarse ben con todas as muyeres?

El pescador abrió mucho los ojos esperando que su amigo, el campesino, le fuera a hacer algún sensacional descubrimiento, o recomendarle alguna eficaz “mele-cía” por la que tanto tiempo había estado esperando...

–Si, ho, si. –continuó el del campo– Desde a nosa madre Eva pra acá non hay máis que un modo de levarse ben con as muyeres: deixar que fagan sempre lo que yes dea a gana...

[...]

### **Luis Junceda García**

Naceu en Muñás (Valdés) en 1923, pero pasou a infancia e a adolescencia en Navia, de onde procedía a súa familia.

Antes de trasladarse a Madrid, colaborou na prensa local e fundou *El Cabanón* (1939), unha publicación á que seguiu *Lar* (1954). Nesta revista publicou textos principalmente en castelán, pero non de xeito exclusivo.

No número de agosto de 1954 aparecen tres textos dialogados, de carácter costumista, en galego, asinados por L. J. Tendo en conta a nómina de colaboradores que figura ó comezo da revista, estas iniciais só cadran con el, polo que coidamos que é o autor.

- 286 O artigo leva como título “La familia X va a misa” e consta de tres partes: “Preparativos”, “En el campo de la iglesia” e “En la antetribuna”, que é o fragmento dialogado que reproducimos.

### **En la antetribuna**<sup>573</sup>

–Sabes que tardan abondo, neno del alma. Nin que fora esto la escaleira de Milán.

–Pode que teña you la culpa tamén.

–Déixate de jaranas y non te me movas d’esa ventana, que debe tar Monolito a punto de fer la señal.

–¡Que ha-tar! A cal y canto ten pechada la ventana.

–Pos tu tat’ehí, que xa non pode tardar... Mira: xa sube ehí Pacita Bastián con los papeles...

–Y Varisto Villarimea, detrás. Menos mal.

–¡Oh, Virgen! ¿Canta tamén ese rapaz del Fornel?

–¡Que vai cantar! Ese ven amañar los chirimbolos del arradio.

–Lo que es, por reportorios...

–Pos mire quen ye ven ehí. Ese si que y’espollilla de firme t’ol santo día.

–¡Parroncín! ¡Meu probe! É verdad que si. Xa podías tu mirarte un algo en ese espejo, que nunca soupiche nin xiplar maldito la cosa.

–¡Xa salío aquello! ¿Tuven you la culpa de nacer sin oído?

–¡Anda, anda! Con que teñas vista, ahora basta que sobra. ¿Ves algo?

–Como non sen los de «Patria Chica», que tan baxándose del coche allímbaxo...

–Pos sigue mirando, que, por lo que vexo, nuistante vei impicipiar la misa. Escuita: xa toca la campanilla.

–¡Mamaaaaá...!

–¿Que che dole ahora?

–¡Veña! ¡Mire!... ¡Hay fougo en casa!

---

573 *Lar*, agosto de 1954.



- ¿En casa? ¡Oh, los nacidos!
- ¡Mire, mire! Manolita ta-gritos locos na ventana.
- ¡Ay, el demonio que l'alce! ¡¡Queimarme la casa!!
- A lo mejor...
- ¡Déixate de monsergas! You vou allò a'scape. Tu súbeme al campanario y toca a fougo hasta que rebentes. ¡Ay, Santa Bárbara bendita!
- ¡Esta porta ta cerrada de chave!
- ¡Pos túmbala!
- ¿Con que?
- ¡Con las narices, amangarao, xirón!
- ¡Vei matarnos Benito!
- ¡Mala polilla ch'entre, vamos! You si que che vou matar; hasta el aliento. ¡Solta esa caravilla che digo!
- ¡Calle...! ¡Mire...! ¡Xa non sal fougo. ¡Apagáronlo, apagáronlo!...
- A ver... Pos é verdá... ¡Bendito sea el Señor de cielos y terra! ¡Bendito sea su santo nombre, que tal fixo!...
- ¿Unde vei agora...?
- Apagar lo que falta.
- Non falta nada. ¿Non lo ve? Xa non sale nin gota de fumo.
- ¡Falta, falta! Inda falta apagarye ben o oyo a la tu hermá. ¡Eso como que me chamo Rosenda!L. J.

### **Francisco Fidalgo Villaveirán**<sup>574</sup>

Foi un gran dinamizador cultural e asemade autor de abundantes artigos sobre diversos aspectos das terras eonaviegas en *Las Riberas del Eo*, *La Comarca* ou *Faro de Tapia*. Tamén atopamos textos en prosa del en libros das festas e noutras publicacións ocasionais como o editado co gallo do V aniversario da Banda Municipal de Ribadeo, en 1997, onde recorda anécdotas de personaxes das dúas ribeiras da ría relacionados coa música. O texto que reproducimos publicouse no libro das festas das Figueiras en 1998:

---

574 Para máis información bibliográfica véxase §1.4.3.

### Pequenas historias dos mariñeiros del Eo

Ricardo andaba al barcaxe y pasaba el día levando y traendo a xente nel bote desde as Figueiras a Ribadeo y volta outra vez. Bueno ésto é un decir, porque os viaxes eran poucos y a competencia muita y además el amo del bote y él iban a medias y os dous reales que cobraban por persona daba pouco pra repartir.

Por, eso tía que esperar que se xuntasen dous ou tres viaxeiros. Ua mañá chegou ua veyá con muito remango pedindo que la levase a Ribadeo, que tía muita prisa.

– Ay señora, ten que esperar a que veña algúa persona máis, porque si la levo a Vd. sola teño que cobrarme como si foran dúas ou tres, posto que por dous reales nun podo fer el viaxe.

– ¿Pois tu sabes quen son eu? –replicó a veyá, con muito retintín.

– Non señora, nun sei que e Vd.

– Pois son a madre del cura de Barres.

Ricardo calou us segundos, mas aquela soberbia da veyá atragantóuseye de tal maneira que nun podendo mais díxoye:

– ¿Y Ud. sabe quen son eu?

– Pos non nin me fai falta.

– Pois pra que lo sepa, soy fiyo de Don Sabino el cura de Tapia.

Ricardo quedou agusto como si soltara un sapo del gorgoleiro y botouye úa sonrisa de satisfacción mirando pra a veyá, a que con cara de pasmada nun ye quitaba oyo sin atreverse a gurgutar chegando así a Ribadeo sin falar ua palabra. Detrás de Ricardo chegou al pouco tempo, noutro bote el compañeiro de oficio Leonardo traendo dous viaxeiros mas. Había un pouco de mar de fondo xunto a un nordeste que fai bailar a os botes. Nel muelle el mar budía y baxaba mas da cuenta y Ricardo mas delgado y ágil axudou a desembarcar a los viaxeiros dos dous botes, dándoyes a mau desde el muelle.

– Veña, salta, vamos tomar us chaqueiros –invitou Ricardo.

Leonardo gordo y torpe tuvo un tempo esperando que el mar subise pra saltar a terra; amagaba y nun daba y as olas subían y baxaban. Cando por fin lo fixo xa era tarde y quedou agarrado colgando del cabo del risón.

El mar moyábaye as pernas y as maus nun aguantaban el peso del corpo. Entrouye el medo de cayer al fondo y chorando aterrado berraba:

– ¡Ay Ricardín, bórame por Dios úa maol! ¡Axúdame que me afogo!

Ricardo posto en cucliyas nel borde del muelle nun fía mas que rirse, fendo que ye daba a maol.

– Teis que cantarme el “nun me mates con tomates...”

Leonardo entre sollozos y lágrimas púxose a cantar mientras as olas moyábanye as pernas y el cul:

–“nun... nun... me... mates, con... con... con... to... mates...

¡Axúdame, que nun podo mas!”

As carcajadas dos mariñeiros del muelle oíanse en San Román. Por fin Ricardo coyéndoye os brazos axudoye a subir a terra y tomaron os chanqueiros de viño que nunca meyor ye souperon.

Pero a festa y as bromas de este día trouxo cola. Dous meses de esto foi Ricardo a Tapia y oío que lo chamaban. Era Dn. Sabino el cura.

– Tía ganas de verte. Xa sei que andas dicindo por ahí que eres fiyo meu, pois mira, nin ye fais ningun favor a túa madre nin tampouco a min, ¿entendiche?

### Dámaso Alonso



Naceu e morreu en Madrid (1898-1990) no seo dunha familia eonaviega, pois o pai era de Ribadeo e a nai dos Ozcós, terras estas onde pasou moitos veráns da súa vida. Poeta, filólogo e académico da RAE, nos últimos anos da Ditadura rexorde o interese pola lingua galega desde o punto de vista filolóxico e, entre outras iniciativas, comezan a realizarse traballos de campo encamiñados ó estudo das distintas variantes dialectais. O territorio eonaviego non queda alleo a esta tendencia e entre os primeiros estudosos que se preocuparon pola fala da zona está Dámaso Alonso, quen xa publicara traballos sobre o “galego-asturiano” (etiqueta que el acuñou para se referir a “unha variedade do galego de Lugo que penetra en territorio asturiano”) en 1957 e 1969<sup>575</sup>.

575 Dámaso Alonso (1969): “Narraciones orales gallego-asturianas. San Martín de Ozcós”. En *Cuadernos de Estudios Gallegos*, XXIV. Pp. 140-153. Tamén en *Obras Completas*, vol. I (1972), pp. 495-521.

Deste último traballo escollemos un pequeno fragmento mantendo a versión transcrita polo propio autor en 1972, salvo as indicacións da abertura das vogais medias en posición tónica e algunha outra indicación fonética que nós omitimos para facilitar a lectura.

O texto pertence a un veciño de San Martín de Ozcos e, segundo Dámaso Alonso, “son aventuras que le han ocurrido. A él le hacen mucha gracia, y las ríe abundantemente. Hay en ellas una mezcla de brutalidad y de inocencia que me resulta conmovedora”. Despois de ler o texto, entendemos ben as apreciacións de D. Dámaso:

Eramos cinco irmaus y a mía madre pegábame búas tulenás.

Peró nun conformaba eu cueso porque xa tía dez ou doci anos; xa me gustaban as nenas mais qu’as ovellas.

Despois n’o calellá’i de Balías, qu’é estreta (nun cabe máis qu’un carro cargado prabaxo —nin parriba—) quedábam’atrás das ovellas, y apañaba oas pedras redondas del camín, e despois tirábalas polo camín abaxo como se fora xugar aos bolos, e metíanse pur entr’as ovellas abaxo as pedras. Despois cuando chegaba a fonte de Balías eu, iban tres ou cuatro cuas pernas rotas.

E despois pararon de chamarme, porqu’acababa cuas ovellas.

Cuando iba cuas ovellas había un carneiro que xa era marón. (Xacando había muitos carneiros, que nunus capaban com’us capan aora: aora deixan un pra padre.) Aquel era meirande e podía cos outros, dando turniscadas aus outros carneiros y as ovellas pra xebralas das outras, cuando andaban al marón (qu’elos xebran y qu’andan al marón). E nun deixaba cuase cumer ás ovellas y aus outros carneiros. ¿Y eu, que facía?: acurrullába’s ovellas, e despois pillaba’l marón meirande, qu’era’l máis fastidioso, e pois tumbábalo polo tarrén. E despois mazáball’us collois con dúas pedras, porque nun anduvese máis tras das ovellas. Poñíansell’us collois mui inchados que nun lle cabían cuas’entr’as pernas. Había delos que dicían pra sanar.

E despois us amos nun sabían el qu’era aquilo dus carneiros. Dicían us amos que sería o culobra que lles trabara.

## 2.5 O Período democrático

Despois dos anos da transición, escasamente produtivos desde o punto de vista editorial, na década de 1980 producíronse unha serie de feitos que provocaron cambios importantes. Globalmente, podemos falar de dous polos de atracción: por unha banda, a nova situación de cooficialidade lingüística en Galicia, co pulo que iso supuxo para o idioma, e, por outra, un certo dinamismo cultural en Uviéu, cara a onde miran preferente ou exclusivamente algunhas autoras e autores eonaviegos.

A literatura en galego no Eo-Navia acada cotas nunca logradas con anterioridade, con maior diversidade formal e temática. Non obstante, malia os esforzos por modernizar a prosa por parte dalgúns autores e autoras con formación cultural e coñecedores doutros contextos literarios non se cultivan de xeito significativo algunhas parcelas que significarían unha maior normalidade literaria. A modernización dáse máis no estilo e na técnica ca nos contidos, nos que seguen predominando os espazos rurais, con frecuencia tinguidos de costumismo. Sen dúbida, a ausencia da lingua no ensino de xeito regular, a falta de lexislación apropiada e, en definitiva, a escasa atención que se lle ten prestado á cultura da zona favorecen unha excesiva folclorización na prosa.

Paralelamente ós textos literarios xurdiron algunhas producións ensaísticas ou paraensaísticas de xeito independente, en revistas diversas, en volumes colectivos ou en actas de xornadas e congresos relacionados coa zona. Incluso se convocou algún certame específico para impulsar este xénero, como o Premio d'Ensayo Xuvenil A Nosa Terra, no que resultaron premiados Fredo de Carbexe, Lucía Iglesias Gómez, etc. Con todo, non resulta doado establecer un corpus ensaístico da zona, xa que os lindeiros dos xéneros en xeral, e deste en particular, son cada vez máis difusos.

Á parte dalgunhas coleccións e recompilacións que logo citaremos, moita xente válese de novas revistas para dar a coñecer os seus textos, e tamén de publicacións soltas e incluso de libros das festas. Xavier Frías Conde, bo coñecedor da literatura da zona, fala da existencia "dunha paraliteratura que vén da tradición xornalística de comezos de século"<sup>576</sup>. Inclúese nesta liña unha ampla variedade de colaboracións: anécdotas locais, homenaxes a amigos etc.

En outubro de 1988 créase a MDGA (Mesa prá Defensa del Galego de Asturias) con precedentes no grupo de Eilao e na asociación Antola de Ibias, como reacción a uns movementos asturcentralizadores que se detectan na zona. Durante varios anos, presidida polo médico Benigno Fernández Braña, a MDGA impulsou un importante dinamismo cultural nos concellos da zona. Ademais de moitas outras actividades, promoveu varias publicacións, como a revista *A Freita* ou a colección de literatura Castelo das Letras, iniciada en 1991 con *El xabaril que quería engalar e outros relatos*, dirixida por Frías Conde.

*A Freita*, que comezou a publicarse en abril de 1992 e durou ata o ano 2000, acolleu contidos de distinto tipo: investigación filolóxica, etnográfica, recompilacións de literatura popular, creación literaria, documentos e imaxes antigas, hemeroteca etc.

Foron moitas as persoas que colaboraron con esta revista, unhas con máis asiduidade, como foi o caso de Alberto Mediavilla, Antón Meilán, Benigno Fernández Braña, Salvador Rodríguez Ambres, Xabier Barcia López, Xabier Frías Conde, Xoán Baba-

---

576 Frías Conde, X. (2002: 131).

rro, Xosé Máximo Fernández López e Xosé Rico, e outras máis esporadicamente, coma Ana M.<sup>a</sup> Gutiérrez Margaride, Ana M.<sup>a</sup> Méndez Castrillón, Araceli Fernández Niño, Carlos Xesús Varela Aenlle, Celso Martínez Fernández, Francisco Fernández Rei, José Luís Carnota Fernández, Julio Fernández Rodríguez, Marta Fernández Díaz, Maruxa Monteserín, Maximiliano Fernández Arias, Nina Fernández García, Santiago Somoza, Serafín Martínez, Susa Argul Muñiz, Xan Castañeira, Xosé A. Fernández Riesgo ou Xosé Antonio Ron.

Esta revista foi tamén o xerme de dúas novas cabeceiras de contido máis específico: *O Espello* e *Britonia*.

*O Espello* empezou como suplemento literario de *A Freita* no número 8-9, de decembro de 1995. A partir de 1998 camiñou de xeito independente, con novo formato e máis contidos. Aquí publicaron nomes da zona e de fóra, algúns deles asentados en Madrid, igual có seu coordinador, Xavier Frías Conde. Da elaboración encargábanse Benigno Fernández Braña, Crisanto Veiguela e Xan Castañeira.

*Britonia*, da que saíron dous números, apareceu pouco despois, en xaneiro de 1996, e centrouse en traballos de investigación máis extensos cós que vían a luz en *A Freita*. Nela publicaron contribucións investigadores coma Francisco Fernández Rei, Xoán Babarro, Antón Meilán, Carlos Varela Aenlle etc.

En relación máis ou menos directa coa MDGA estiveron outros autores e filólogos galegos que realizaron estudos sobre a fala da zona, publicados como monográficos ou en volumes colectivos, en revistas, actas de congresos etc. É o caso, ademais dos xa citados, de Antón Santamarina, Xosé Henrique Costas, Xosé Luís Méndez Ferrín etc. Cómpre destacar, pola súa exhaustividade, a obra *Galego de Asturias. Delimitación, caracterización e situación sociolingüística*, de Xoán Babarro. Trátase da súa tese de doutoramento, valorada coa máxima cualificación por un tribunal do que formaban parte destacados filólogos galegos e asturianos<sup>577</sup>.

Uns anos despois da aparición da MDGA, desde posicións próximas, creouse o colectivo Cotarelo Valledor, centrado en iniciativas exclusivamente literarias, que se evidenciaron principalmente en internet, con escolmas de autores e autoras da zona.

Cunha perspectiva totalmente distinta xurdiu en 1989 na Caridá a Asociación Cultural Xeira. Apoiada polas institucións públicas asturianas, esta agrupación encetou un interesante labor editorial que segue medrando. En 1990 convocou o I Premio Xeira de Narracións Curtas, no que recibiu galardóns xente xa coñecida por colaboracións anteriores e outra nova que foi xurdindo. No ano 2000 publicaron *Lletras novas*, que recolle os once relatos premiados na década<sup>578</sup>. Neste volume conviven autoras e

577 2. A obra publicouse en 2003. Vid. bibl.

578 En 1996 o premio concedeuse ex aequo.

autores máis novos coma Fredo de Carbexa con outros xa veteranos coma Jacinto Díaz López, Manuel García-Galano ou Alejandro Antúñez. Tamén hai diferenza de estilos: algúns botan man de temas e formas tradicionais, próximas ós relatos costumistas de transmisión oral, mentres que noutros se nota unha clara vontade anovadora. En 2011 publicaron *Máis Letras Novas*, onde se incluíron os textos premiados na década seguinte.

Paralelamente, xurdiron investigacións sobre varios aspectos da zona: toponimia, música, folclore etc., que van vendo a luz en publicacións diversas. Algúns destes traballos son exclusivamente descritivos, mentres que outros inclúen valoracións subxectivas con pretensións ensaísticas non sempre ben logradas.

En 1996, case dez anos despois de que a MDGA impulsara a defensa da lingua da zona, a Academia de la Llingua Asturiana crea a Secretaría Llingüística del Navia-Eo e, a través dela, comeza a publicar a revista *Entrambasaguas*. A revista del Navia-Eo, en que colabora moita xente con artigos de contido variado, moitas veces apartados de intencións propiamente literarias. Trátase máis ben de textos de carácter local dominados polo costumismo. Nomes coma Aurora García Rivas, Benxamín Méndez, Cándido Sanjurjo, Everardo Fernández González, Félix Martín Martínez, Fidalgo Villaveirán, Fredo de Carbexa, Jacinto Díaz López, Jesús González Gayol, José María Bedia, José Manuel Martínez Castro, Juan Carlos Quintana, María José García, Manuel García-Galano, Rafael Cascudo, Xurde Gayol etc. aparecen con máis ou menos continuidade nesta publicación.

A comezos do milenio, a Asociación Amigos de Antonio Raymundo Ibáñez de Santalla de Ozcos convocou o Premio de Relato Costumbrista, que se mantivo durante varias edicións. Como acontecera co certame de Xeira, aquí resultan premiadas persoas xa coñecidas a carón doutras novos. Inclúe tamén unha interesantísima categoría escolar, sementeira de autores e autoras, dirixida ó alumnado matriculado en calquera dos centros da comarca. Os traballos premiados editáronse en distintos volumes, correspondentes con cada edición.

O primeiro deles leva un texto introdutorio de Isaac Díaz Pardo titulado "Homenaxe a Santalla de Ozcos<sup>579</sup>", do que reproducimos este fragmento:

[...] os povos de Asturias e de Galiza non os separan as fronteiras administrativas senón que están fundidos nunha liña de continuidade só alterada pola realidade da terra.

O excepcional catedrático da Universidade compostelana, D. Armando Cotarelo Valledor, nacido na Veiga (hoxe Vegadeo) dixo que el era galego e que non tiña por que aceptar que un conflito de bispos lle cambiara a súa identidade provin-

---

579 I. Díaz Pardo (2004): "Homenaxe a Santalla de Ozcos". En *II Premio Antonio Raymundo Ibáñez, Marqués de Sargadelos*. Asociación de Amigos de Antonio Raymundo Ibáñez. Pp. 11, 12.

ciana. Trátase de que no século XII xurdiu un conflito entre o bispo de Oviedo e o de Mondoñedo por unha muller, que se resolveu quedándose o de Mondoñedo coa femia, máis perdendo o galego a xurisdicción ou diócese das terras comprendidas entre o Eo e o Navia, e así ficou recollido na división provincial da Constitución de Bayona, de Bonaparte, e non modificada na Constitución de Cádiz de 1812.

Como indicabamos antes, tamén xorden iniciativas illadas, sen moita continuidade, en que se dan a coñecer algúns textos en galego de Asturias. É o caso de *Cultural-campo*, tres volumes que se comezan a publicar en xuño de 1990, coa colaboración económica da Caja de Ahorros de Asturias. O primeiro libro recolle os traballos premiados nas tres primeiras edicións dun concurso literario co mesmo nome, que forma parte dun programa de promoción cultural para a zona Ozcos-Eo, como consecuencia dun convenio entre o Ministerio de Cultura e o Principado de Asturias. Posteriormente publicáronse dous volumes máis, correspondentes á IV e V edicións.

Segundo as bases da convocatoria, admítense textos tanto en castelán coma en galego de Asturias. No primeiro volume, que consta de nove relatos, só un deles está escrito en galego: "Historia d'úa raposa", de Lucía Iglesias Gómez, autora premiada posteriormente noutros certames.

Na primeira década do século tamén encetou o seu labor a asociación Abertal, presidida por Carlos Varela Aenlle, que loita pola normalización lingüística do occidente de Asturias en condicións non pouco adversas. O colectivo destaca máis polo seu traballo en ámbitos sociais e legais ca polo labor editorial en si, pero aínda así deu xa a luz algunha publicación fundamental, como é o *Informe lingüístico sobre a nosa terra Eo-Navia* (2007), un rigoroso estudo que analiza a adscrición ó galego das variantes lingüísticas da zona.

Á marxe destes colectivos cómpre mencionar unha serie de autoras e autores que publicaron as súas obras por outras vías: grazas ó financiamento dos concellos ou asociacións diversas, como é o caso de Jesús Álvarez Valdés ou Adelina Fernández e Susina Pérez; por iniciativa propia, como sucede con *Mar de cores* de Begoña Martín Acero e Paloma García Méndez ou *Úa voz nel occidente* de Ana M.<sup>a</sup> Rodríguez Fernández, ou por estaren absolutamente inseridos no sistema literario galego, como sucede con Eva Moreda. Quedan aínda publicacións esporádicas de agrupacións culturais, en libros das festas etc.

Se nos centramos no ámbito escolar, cómpre destacar as seguintes iniciativas:

O Certame Antonio Raymundo Ibáñez, Marqués de Sargadelos, establece unha categoría infantil, tanto en galego coma en castelán, e publica nas súas recompilacións os textos destes cativos. Por esta vía foise dando a coñecer moita rapazada en idade escolar e é de supoñer que de aí saíran novas achegas á literatura da zona.

A revista *Entrambasaguas* recolle na maioría dos seus números unhas páxinas enviadas por alumnos dos centros eonavegos.



En *A Freita* tamén apareceu algunha colaboración de xente moi nova, aínda que excepcionalmente.

En 2002 a Secretaría Llingüística del Navia-Eo comezou a convocar o Concurso de Contos na Nosa Fala, dirixido ós centros do occidente de Asturias. Os relatos gañadores recolléronse, en edicións ben cuidadas, nos volumes *Renguileiras*, *Charamuzas dos nenos* e *Cousas de xente pequena*. Ademais dos textos, inclúen fermosas ilustracións dos propios nenos.

Tamén algunhas publicacións xurdidas no ámbito escolar dan cabida a escritos en galego, aínda que predomina o castelán. É o caso da revista *Modus uiuendi* do IES Elisa y Luís Villamil, da Veiga, onde atopamos algunhas colaboracións en galego. Hai textos de creación propiamente dita, mentres que outros recollen mostras da literatura popular (contos, refráns...) ou costumes (a matanza, o entroido etc.).

Tendo en conta todas as propostas, a nómina de autores e autoras que abrangue desde os últimos anos do século pasado ata a actualidade é moi ampla. Existen tamén moitas diferenzas no relativo á continuidade, cantidade e calidade de obra publicada. O seu posicionamento ante a consideración da súa variante lingüística tamén é moi distinto e ten certa correlación nas escollos normativas.

Por unha banda, hai quen opta por escollos dialectais e decántase pola variante local, ignorando calquera proposta estandarizadora. É o caso de Manuel García-Galano, Jesús Álvarez Valdés ou Cándido Sanjurjo. Para estes, a liberdade e a espontaneidade da linguaxe, aínda que conteña evidentes castelanismos ou vulgarismos, prima sobre os principios filolóxicos. A súa opción lingüística está ó servizo do texto, dándolle máis realismo. Esta postura non é nova, xa que aparece desde comezos de século XX na maioría dos autores.

Por outra banda, atópanse outra xente que, probablemente con máis conciencia filolóxica, busca opcións estandarizantes sacrificando solucións locais. Dentro destes, podemos distinguir dúas liñas: quen admite que a fala do Eo-Navia é unha variante do galego e quen mantén que se trata dunha lingua distinta e opta por escollos intencionadamente diverxentes, próximas ó asturiano.

Entre os primeiros danse tamén posturas distintas: autores coma Xavier Frías Conde<sup>580</sup> ou Carlos Varela Aenlle toman como referencia as *Normas ortográficas e morfolóxicas del galego de Asturias*, elaboradas pola MDGA<sup>581</sup>, ou solucións moi próximas a elas; outras, coma Viqui Veiguela, Eva Moreda, Begoña Martín Acero ou

580 Este autor ten publicacións en diferentes modelos normativos, desde as propostas da MDGA ata o portugués, pasando polo galego estándar.

581 A elaboración destas normas correu a cargo de Xosé Carlos Álvarez Blanco, Xoán Babarro González, Francisco Fernández Reí, Celso Martínez Fernández, Antón Meilán García e o fonsagrado Antón Santamarina Fernández.

Paloma García Méndez optan por escribir en galego estándar, seguindo as *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*<sup>582</sup> da Real Academia Galega e o Instituto da Lingua Galega. Crisanto Veiguela, autor comprometido coa lusofonía, escribe seguindo as normas reintegracionistas da AGAL (Associaçom Galega da Língua).

Da segunda opción forma parte unha serie de persoas, algunhas delas inicialmente ligadas á MDGA, que actualmente publican sobre todo nas coleccións da Asociación Cultural Xeira e nas publicacións da Secretaría Llingüística del Navia-Eo. Como xa dixemos, hai quen considera que a súa fala non é unha variante do galego e quen, pola contra, recoñece esta pertenza, pero séntese máis a gusto escribindo segundo a ortografía do asturiano central da ALLA. Tamén se achegaron a estas normas algúns artigos e edicións ou reedicións de textos doutros autores que na versión orixinal usaban solucións dialectais.

Incluímos a continuación unha escolma de autoras e autores desta etapa.

### Jacinto Díaz López

Naceu na Roda (Tapia de Casarego) en 1908 e faleceu en Uviéu o día de San Pedro<sup>583</sup> do ano 2005. Estudou Maxisterio e exerceu a súa profesión en Tapia, Boal e Uviéu. Colaborou en investigacións sobre a fala da zona con Rodríguez Castellano e con Manuel García-Galano.

En 1993 publicou *Ditos, refrais y outras cousas na fala d'A Roda*, que, ademais dun vocabulario e dunha recompilación de ditos e refráns da zona, inclúe 15 breves historias con sabor popular nas que trata con frecuencia as relacións familiares, especialmente o papel da muller no matrimonio. A esta obra pertence o relato que escolmamos.

En 1994, en coautoría con Manuel García-Galano, publica *Vocabulario d'A Roda*, que se reedita, corrixido e aumentado, en 1996. En 2000 o seu relato "Recordos d'outros tempos", co que foi premiado no IX Premio Xeira de Narracións Curtias, publícase no volume colectivo *Lletras novas*.

### Taban en xunrio

Al pouco tempo de xoncérense nel altar, Antón deuse conta de que pra poder vivir cúa muyer, sin dar que falar a os vecíos (malas llinguas que la gozan condo topan un motivo, anque sía pequeno, pra poder marmurar), tía que deixarse levar polla corrente. El fexo as súas contas y salíronye ben; porque enreyar úa vida entera

---

582 Real Academia Galega-Instituto da Lingua Galega (2004, 19.<sup>a</sup> ed.): *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*. Xunta de Galicia.

583 Así nolo di o seu bo amigo Manuel García-Galano.

lluitiando sempre, é muita lluita; y si a corrente é tan forte como a que tia el delante, pos pior. Y a corrente neste caso chamábase Petra, que resultóu úa muyer d'armas tomar, quero decir mala de ferrar...

Antón vío axina que llevaba as de perder, y tomóu a decisión d'aguantar y encorse d'hombros; nun fer frente, y en conto vía qu'a cousa iba a poñer mal focín, el home callaba, convencido de que nun podía ser d'outro xeito, y asina acabóu decindo amén a todo, lo mesmo nas cousas grandes que nas pequenas, y hasta nas máis íntimas. ¡Pos nun faltara máis! ¡Probe Antón! A verdá é qu'él chegóu a avezarse a todo.

Un día, ou meyor dito, úa noite, al acabarse abril, díxoye ella con el mismo remango de sempre: –Antón, desde agora, nada máis.

Nada de nada hasta outro mes que teña erre. ¿Ougüiche? Antón ougüiu y callóu, como sempre, y inda máis condo, como nesta ocasion, podía armarse un rifirrafe de mil demos, y craro, había qu'evitallo.

Y polla mañá, en conto s'erguéu, cedo como sempre, piyóu el Reportorio Gallego, aquel que na tapa decía véndese a dous cans y, repasándolo con muito cuidadín nun encontróu lo que buscaba hasta que topóu con setembre. Despóis de contar por os didos dúas veces, ¡Cónto tempo! (dixo) –¡Cónto tempo! y movendo a cabeza un pedacín, repetíu: ¡¡Cónto tempo!! Y el home nun dixo máis y resinóuse. ¡Qué iba a fer, el probe!

Y chegou mayo, qué un mes llarguísimo... y a primavera chega pra todos. Y, esto, mira tú por unde, veu a aliviar al amaxinado; porque úa noite, despóis que s'acabou mayo, y despóis que se deitaron, Petra matou el candil d'un soprido, y condo quedóu todo as escuras y pasóu un pedacín, dixo: –Ah, Antón. –Qué, contestou él. –Que s'acabóu mayo. –Xa lo sei, xa lo sei, ¿y qué? –Pos home, que xa tamos en xunrio.

¡Antón suspiróu! Y nun se pode decir cómo agradecéu el aviso...

### **Cándido Sanjurjo Fernández**<sup>584</sup>

Sanjurjo colaborou asiduamente en *La Comarca del Eo* e, máis esporadicamente, noutras publicacións da zona como *La Vega*, *Entrambasaguas* etc. Nos seus textos, unhas veces en galego e outras en castelán, céntrase con gran sensibilidade e lirismo en distintos aspectos da cultura da zona, frecuentemente de carácter costumista, pero non exentos de crítica, como sucede no texto que reproducimos.

---

584 Para máis información biográfica véxase § 1.6.1.

O fragmento que reproducimos corresponde ó artigo “As voltas que o mundo dá...!”, que se publicou con algunhas modificacións ortográficas sobre o orixinal na revista *Entrambasauguas*<sup>585</sup>. Por expreso desexo do autor, nós reproducimos a versión orixinal, que el nos cedeu.

[...]

Aquel xeito de vida, aqueles usos e costumbres que xa viñan de mais atrás de nosos tatarabolos e chegaron hasta a nosa juventú sendo verdadeiras señas da nosa identidá e da nosa cultura, perdéronse, substituídos por outros mais cómodos e mais universales. ¿Perdeuse con eles a nosa identidá individual ou colectiva...?

Préstame ver nos museos as cousas que nos dan a saber como foi o pasado, mais remoto ou mais recente, e opino que todos debemos colaborar pra que se conserve memoria de canto foi acontecendo nun lado e noutro, que todo o pasado colaborou pra que chegásemos a conseguir a abundancia de todo canto agora pode disfrutar —a xente que pode—. Préstame incluso reler de cando en cando, libros vellos, con outra ortografía e outros léxicos que se usaron en lugares e tempos idos. Préstame lelos, anque o que dicen non teña agora ningún proveito: Pode que o tuvesen no seu momento, na súa circunstancia. Ahora son piezas, muy valiosas pra min, pro piezas de museo.

O que me parece mais que nada unha soberana farsa, e a proposición daqueles que, co pretexto de recuperar “a nosa identidá” e crear puestos de traballo, queren que se obligue a cantos hai, pequenos e grandes, que anden calzados en zocas e chapiños de lá da casa; pro non nas galochas que se usaban en cada lugar, senón todos co modelo mais tosco, aquelas picudas e de dous talóis, que usaban na montaña, que lles chamábamos “de sete brinques”, que muy pouca xente coñeceu, nin tan siquiera na antigüedad, nun sendo os montañeses.

Outros, ou os mesmos, queren que se amañen e se poñan a andar todos os molinos de auga que houbo. Eu contei censados no Catastro de Ensenada, feito na Casa da Pena de Piantón en Abril de 1.753, no territorio que colle agora o municipio de Vegadeo, que son as parroquias de Meredo, Piantón, A Veiga, Paramios, Abres e Guiar, xa digo, contei sesenta e dous molinos. En Abres quedan dous que aínda molen (se hay qué); os de aquí, das Aceas, no riu EO ios da Ferraría, no riu de Ouria. Estes aínda poden moler porque tan en riu grandes que nun secan. Os outros, os molinos de rego quedaron secos os mais deles porque o arbolado sorbe a auga da terra, fai muita capa de mantillo que a retén, e chove muito menos ca ten chovido antes.

---

585 *Entrambasauguas* (11: 23).

Hay muitas pamemas e muitas toluras. Nun se pensa mais ca en acabar de prisa e que coste pouco e nun dea traballo, sea o que sea.

Se os tuvera, medraríanme os dentes cada vez que vexo unha máquina, grande ou pequena, fumigando herbicidas, sea nas leiras, sea nas carreteras. Xa nun bou decir nas leiras, que cada un no seu faga o que lle pareza; pro no común, no que é de disfrute de todos por igual, como son os balados e as beiras das carreteras e camiños vecinales, nin se debía de botar beleno, que o mesmo mata a mala herba como a boa.

Hay muita xente apuntada no paro que ben podía ganar o xornal cortando a maleza co fougín, cuidando de deixar as plantas de airú que son ornamento e encanto de cada lugar: as madreseivas, as uñas de gato, os loureiros, os abruñeiros, os acebros, e aínda as silvas unde nun estorben, que dan amoras no brau, e os “caracoles” de estoupar (*digitalis lanata*), e hasta as mesmas edras, que tanto engalanan o contorno cos seus contrastes de verdes, azules e colorados...

E sobre todo nun causan ningún mal, e dan abrigo e alimento os páxaros que cantan o rayar o día...

Mais acorde co ambiente natural agrario, era a figura do home —ou de muller— sachando co gadaño ou ca eixada, arrancando as carbés, as nocellas, os fariñentos, os polegos e outras malas herbas, movendo o espiñazo e os músculos todos do corpo, que favorecían a firmeza da columna vertebral, pra poder andar cos feixes as costas e as sellas cheas de auga da fonte a cabeza, e as cestadas de fruto, de cuito, de terra... e as tinadas de roupa pra lavar no ríu...

O botar beleno pras herbas é mais cómodo ca arrancalas sachando. Cando chove a auga encárgase de levalo pro ríu io ríu pro mar. Dalí nun se vay.

Ta visto, que tanto queren recuperar o pasado algunhos, que xa a maioría cree, que igual ca en tempos idos, o TRABALLO MANUAL ENVILECE, DESHONRA, PRIVA DA NOBLEZA.

Algunhos, aínda ben deles, fomos e seremos villanos toda a vida.

### **Manuel García Galano**<sup>586</sup>

Como narrador, en 1984 publicou *Parzamiques*, nunha fermosa edición de autor, non venal. En 1993 o colectivo Xeira reeditoulle a obra, engadindo o relato “A terra é a terra” co que Galano gañara o 1º Premio Xeira de Narracióis Curtias, e outro relato máis, polo que o volume quedou cun total de sete textos.

---

586 Para máis información biográfica véxase §1.6.2.

*Vento d'outono*, editado pola Academia de la Llingua Asturiana en 2005, recolle vinte breves textos que supoñen todas as colaboracións do autor ata o momento na revista *Entrambasaguas*. Na obra conviven escritos en que lembra tempos pasados con outros de actualidade, como poden ser as novidades nas vías de comunicación ou o cincuentenario do Instituto de Tapia.

Incluimos dous fragmentos inéditos que nos facilitou o propio autor:

### Os roxois

Nun sei agora, pro condo eu era neno, había nos pueblos el costume de dar a proba del cocho condo se mataba, alló nel inverno, aos veciús máis achegados y tamén a xente probe, que vivía sola. Eran, por lo xeneral, muyeres as que se yes chamaba bodegueiras, quizáis porque vivían nua casía pequena que, máis que casa, era úa pequena bodega. Acórdome inda dos nomes de tres ou cuatro d'aquellas muyeres que, a dicir verdá, nun sei como fían para manterse, pos os xornaliús que podían ganar de vez en condo, pra pouco daban. Y daquela, as axudas del Estado taban inda serodas.

A cousa é que un día topéime por el camín con ua d'as muyeres á que me refiero, y fijéime que tría na mau un envoltorio feito con papel de periódico que, pollas manchas de grasa que trasparentaban nel papel, taba craro pra min que tían que ser roxoís, pois era era ua das cousas que se solían dar y tábamos nel época da matanza.

Al cruzáremonos os dous, por todo saludo, cua mía inocencia de neno, díxenye sonriendo:

–Á Marica, llevas un bon papelado de roxoís, ¿eh?

Ella, que nun tía a pebida na llingua para contestar, díxome al momento:

–Llevo, nenín, llevo; muito papel y pouco cocho.

Toda ua leución de qu'as cousas nun son sempre el que pintan por fora, pois el que pra min era "un bon papelado", a ella parecíayé úa miudanza, y tería búa razón. Nunca me esqueicéu a

aguda contestación d'aquella muyer y a frase empléula a miudo pra enxuiciar as carayadías qu'eu escribo de vez en condo.

### A forza das palabras

Xa hai muitos anos desto. Nun m'acordo contos, sei qu'era por a Coresma. Naquel entonces habia neste tempo, us actos religiosos nas parroquias que yes chamábamos "as minsióis", y ouguíase dicir: "esta semana hai minsióis en Tol", ou en

Serantes, ou unde fose. A cousa era que n'aquella semana tocaba habellas na mía parroquia.

Pois as "minsióis", pra os que nun lo sepan, diréi que consistían nua pedricación que, durante úa semana, daba un fraire, qu'el noso cura tría de fora adrede, y tían a finalidá reavivar a fe da xente y preparar os parroquianos pra "cumprir con Pascua", ou seña, confesar y comulgar. Os sarmóis, como se yes chamaba, eran á noitía, pra que podese asistir a xente desque acabase de trabayar. 301

Algús pedricadores, ademáis del sarmón del anoitecer, daban tamén úa charla a outra hora, un día pras muyeres y outro pra os homes. Era ua pedricación menos seria na forma y nel contenido, pos solían entremezclar daqué que chamase el atención, pra axudar a espertar a atención del auditorio. Había fraires que se manexaban muito ben nestas habilidades dialécticas, ya xente escuitábalos de bua gana. Por outro llado inda nun chegara a televisión y tiamos poucas ocasióis d'escuitar falar a daquéen.

Sería máis ou menos a media tarde, y eu iba camín del igrlesia pra escuitar ua daquellas charlas pra homes. Taba cuase chegando condo me topéi con un vecín y bon amigo. Xa sabía qu'el nun llevaba el mismo camín qu'eu, pero como al perguntaye pra unde iba me contestóu que pra nayundes, pois mancárase nua mau y nun podía cuase fer nada, propúxenye, —e verdá qu'un un pouco de garipola—, que vese comigo escuitar el parzamique del fraire.

A contestación foi a qu'eu esperaba: "Home, pídemme outra cousa, ben sabes qu'el igrlesia e un sito que nun me tira miga; nun teño nada en contra dos curas, pero nun vou; hasta a os enterros mando á muyer".

Nun taba d'acordo, vaya, eso xa lo sabía eu, pero nun me din por vencido y insistín decíndoye que nun íbamos rezar nin tíamos que arrodíarnos, nin tampouco escuitar ua pedricanzaina que nun ye interesaba nin pouco nin muito; díxenye qu'eran uas charlas dun fraire como podían ser dun maestro ou dun arquitecto: qu'el home falaba muito ben, que nun eran ningún rollo, y que nun íbamos a ouguir úa homilía como as d'os domingos na misa, vaya, que se trataba d'outra cousa.

Y convencinlo. Eu ben sabía que m'acompañaba por nun decirme que non redondamente, máis que por outra cousa, pero, como nun perdía xeira, véuse comigo.

Sentámonos xunta a outros corenta homes máis ou menos que taban xa allí y pouco tuvemos qu'esperar para que aparecese el fraire, que nos deu as "buenas tardes para todos" y, sin subirse al púlpito, sinón dereto nel tarrén frente a nosoutros, empezóu a falarnos das maravillas del universo..., dos astros..., de cómo se movían nel espacio, nel milagro que parecía todo aquello..., y sempre axudándose cos movimientos de brazos y maus, tíanos mui pendientes de conto dicía. As caras dos homes eran búa demostración de que el tema gustaba. Eu miraba,

d'esgueira, de vez en condo pral meu amigo, y a verdá e que nun pestañaba escuitando al pedricador que, condo ye parecéu que xa tábamos ben dispostos, dixo aquilo de qu'el universo era como un gran reló, un reló que funcionaba con toda perfeución. ¡Home ben!, pero despóis amecéu axina que nun podía haber un reló que funcionase tan ben, sin que houbese antias un relojero que lo fixese. Y siguiú por ese camín remachando muito ben el cravo del sóu parzamique. Taba craro qu'el relojero era Dios.

E verdá que nun foi pesado na última parte del discurso, acabóu axina y despidíunos, despóis d'invitamos a sua próxima charla, da que nos anuncióu el tema.

Taba eu babando por chegar a porta del igresia y inda ben lo fixéramos, preguntéiye al amigo agnóstico: "¿Qué che parecéu, gustóuche?"

Contestóume muy serio y hasta me pintóu qu'un daqué pensativo: "¿podes crer que cuase me convencéu?" Con duas sesiós máis hasta pode qu'acabase "cumprindo con Pascua". ¡Conto poden as palabras!

### **Adela Conde Valledor**<sup>587</sup>

En 2000 editouse *Contos á tardiquíu*, na colección Castelo das Letras da MDGA. Tamén se publicou algún conto infantil da súa autoría no blog *O reino dos contos*<sup>588</sup>, mantido por Xavier Frías Conde.

*Contos á tardiquíu* é un conxunto de oito relatos de ambientación rural e gran sensibilidade nos cales, moitas veces presididos pola soidade ou a vellez, conviven trasnos e pantasmas con xente labrega e cos animais de sempre: lobos, ovellas, paxaros, a raposa, o burro etc. A tradición rómpese unicamente coa presenza do helicóptero no primeiro conto<sup>589</sup> e da cegoña no magnífico relato "A cegoña solitaria" do que tiramos este fragmento<sup>590</sup>:

### **A cegoña solitaria**

[...]

E lougo, xa camín do outono, ¿haberedes marchar? Seino, seino, recoñézolo con pena.

Será o momento de vos reunirdes todas, de baixardes das árbores e dos campariños e das chemineas; até a vecía máis remota acudirá ese día puntual. Será

587 Para máis información véxase § 1.6.6.

588 <http://oreinodoscontos.blogspot.com/>

589 "El campesín solitario".

590 Conde Valledor (2000: 36-37).



esgotador. Volos longos, volos intensos, espallaraste desde o ceo en lagos e ríos, as árbores e os picos das montañas faranche coxegas no ventre.

Ás veces penso no día que señas vella, que señas a maior das cegoñas, condo sintas todo o peso do tou corpo; quizais che caían as alas, quizais che venza a distancia, quizais non chegues ao destino...Haberías quedar lougo sóla no alto dunha árbore sen xotas e sen follas, unha árbore inda firme e lealmente suxeita ao terrén. Espero que non haxas improvisar un nío nunha árbore espida...

E dícesme:

–Desde enriba contemplarei mellor a lúa. O sou reflexo penetrará sobre os garbullos do nío. Iluminará as noites polas que estou sóla...

Unha gran mañá de sol alzarás o volo. Embaixo de ti quedará a campina; haste sentir chea de forza, de enerxía incomparable. Para o camín comerás uns insectos, algúns desos que se acubillan embaixo del terrén. Encherás o tou enrugado estómago, mollarás as túas zancudas patas na agua e volverás ao tou nío de sempre condo se presinta a primavera.

Enhalarás alto, mui alto, sobre o infinito, porque tu por min, enxamais serás a última cegoña.

### **Adelina Fernández López**<sup>591</sup>

Ademais de escribir poesía, en colaboración con Susina Pérez Sánchez publicou *Cousas de Boal*, un volume con contido moi diverso sobre este concello. Inclúe un vocabulario, ditos, refráns, adiviñas, romances, xogos e cancións infantís, remedios de antano, un inventario de capelas, e tamén unha serie de textos narrativos con lembranzas de costumes antigos do lugar.

Deste apartado escolmamos este texto<sup>592</sup>, relacionado coa crenza na Santa Compañía:

#### **A Santa Compañía**

[...] Eran dúas hermas, saliron denoite de Prelo pra ir a Navia. Eu supoño que irían con algo que vender pr'al mercado. Como n'aquello tempore inda nun había carreteras, tían qu'ir por el Cordal, andando. Y é el caso que saliron da casa denoite y condo chegaron a Boal inda nun ameicera. Trían el medo metido nel corpo; en conto sentían un ruído por pequeno que fose, ben porque se movía úa pedría, ou porque se yes atravesaba un sapo, xa saltaban y escapábaseyes un ¡Ay!. Pero este medo aumentou condo chegaron a Boal. Dende el Consistorio, sentiron un

591 Para máis información biográfica véxase § 1.6.3.

592 Fernández López e Pérez Sánchez (2000: 111-112).

ruído muy grande, y viron como se abría el Portón da Igrexia de par en par, y al mismo tempo que as campás empezaron a tocar, saliu úa gran porcesión. Apuraron el paso y como el medo iba en aumento, metéronse nos Cabildros. Falar en Boal dos Cabildros xa se sabía qu'eran os que había entre a Casa de Marcelo el Zapeteiro y a Casa de Nuxo; que se tumbaron fai pouco, al comprallos Valeriano el Carniceiro. N'aquellos tempos os Cabildros taban abertos y muitos probes pasaban allí a noite, según teño ougüido, porque eu d'eso nun m'acordo. Pero con esto vou salíndome da carrileira. Decía que se esconderon nos cabildros; taban allí escuruxadas y condo a porcesión pasaba por delante d'ellas asomaron un pouco a cabeza pa poder ver lo que pasaba; ellas anque tían muito medo querían enterarse de todo. Nunca úa risa igual viran. Todos os da porcesión iban con un sayón branco que los tapaba da cabeza a os pés, con úa vela grande na mau y iban dicindo: "Andar de día que la noche es mía". "Andar de día que la noche es mía", al mismo tempo que as campás nun paraban de tocar. Ellas nun souperon el tempo que tuveran allí escondidas.

Condo a porcesión desapareceu, cerráronse as portas da igrexa, y pararon as campás. Ellas nun s'atrevían a salir, pero pasado un pedacín botaron andar y con el pánico que llevaban metido nel corpo chegaron a Navia nun abrir y cerrar d'oyos.

Esto contouyo úa d'ellas a mía madre y díxoye que nunca se atreveron de contallo a naide por mor de que se risen d'ella y dixesen que viran visiois. Pero ella xuraba y perxuraba que era tal y como lo contaba: Viron a "Santa Compañía".

Eu nin lo creo, nin lo deixo de creer.

### **Alejandro Antúñez Vázquez**

Naceu en Navia en 1933. Durante décadas traballou como tipógrafo na imprenta da súa localidade, e aí tivo relación directa co mundo dos libros e da cultura en xeral. Participou en numerosas actividades culturais da súa vila natal e de toda a zona, especialmente nas relacionadas coa poesía, e actuou como recitador en varias ocasións.

Escribiu a letra da obra coral "Canto al río Navia" e da canción "Al Puente de los Santos", que canta os amores dunha moza galega cun mariñeiro asturiano. En 1988 publicou o poemario *Mochicas del meu llar*, e en 1996 a obra en prosa *Papadios de Navia*, que inclúe catro narracións curtas: "Poliche", finalista en 1993 do Premio Xeira de Narracións Curtas, "El Martellazo", gañadora do mesmo premio ó ano seguinte, "El piñeiro toriador" e "La lleción de la moza vaqueira".

As historias destes relatos, cheos de tenrura e sensibilidade, sitúanse no ambiente semiurbano de Navia hai unhas cantas décadas, con personaxes reais ou imaxinarios pero que moi ben puideron existir, coma Poliche, o protagonista do primeiro relato, do que tiramos o seguinte fragmento:

## Poliche

[...]

Úa cousa mui chocante era el hora de vender los cochos. El axuste sempre era entre Xelmo y el cocheiro de turno. Aquella cerimonia supoñía todo un ritual. Poliche nun se metía en nada pero, de seguido, el padre enrolábalo nel ren y gozaba lo sou participando nel trato:

–¡Tenen bon material! –diciá el cocheiro–. ¿A cómo pides pa cargar mañá?

Xelmo, mui temprao, poñíayle la mao nel hombro a Poliche, pafello parte na operación, y diciáyese:

–Menos d’ochenta nun los damos, ¿eh, neno?

Poliche movía la cabeza pa los llaos, ríndose, aseguando la palabra del padre, mentras el chalán replicaba:

–¡Nun trabayo por ese camín! ¡Tas mal, Xelmo...!, ¡nun lo valen!

–¡Pos déjalos!, que tán medrando y a Poliche nun ye gusta la facenda valleira.

El cocheiro íbase amenazante y sentencieiro, dicindo:

–¡Nun tas nas cabales!, has seguir mantendo pal diantre, qu’asina nun tán pa min, y outro vendrá que bon me fairá.

Pero al chegar al rechao de la escaleira daba la volta cola mao estirada, como fendo que s’escagayaba d’arrogante:

–¡Trai esa mao!, quitas dúas pesetas, ¡a setenta y oito!, y pagas la convidada.

Xelmo nun perdía el xeito y, ensin aspaventos, reafirmábase nel dito:

–La convidada vei sempre de conta de la casa pero los cochos valen lo que dixer ou nun hai trato.

–¡Pos tán por min, me cago en mi manto! ¡Trai p’acó esa mao!

–La mao dáya primeiro a Poliche, qué el amo de los cochos.

El tratante purríayle la mao al neno, que todo él era nervio y músculo, y éste apretábaya de tal xeito que ye fía queixar:

–¡Para, cabrón...! que me baldas la mao.

Poliche gozaba como un merlo esmerucando nas terras. Iban todos a convidase; los veyos con bon vino y el rapaz con poca cola, como él diciá.

### Jesús Álvarez Valdés

Naceu en San Xoán de Prendonés (El Franco) en 1935 e faleceu na Caridá en 1997. Durante boa parte da súa vida impartiu clase no seu concello natal, do que tamén foi alcalde. Como homenaxe ó seu labor, o colexio da Caridá, no que exerceu a docencia nos anos previos á xubilación, leva o seu nome.

Colaborou en varias revistas e xornais. En 1992 o Concello de El Franco editoulle *As costumbres foron deste xeito (Occidente de Asturias)*, unha recompilación de textos narrativos sobre tradicións locais. En 1996 editouse unha nova escolma co título *As costumbres foron deste xeito (2ª parte) (Occidente de Asturias)*, da que escolmamos o texto que incluimos. Tamén é autor de breves pezas de teatro de carácter costumista, que el denominou *alpeiradas*.

Nos seus escritos o autor usa a variante dialectal da súa zona, conscientemente alleo a calquera tipo de proposta normativa. Boa parte da súa obra mantense inédita, tanto as pezas teatrais coma moitos dos seus textos narrativos.

O seguinte texto<sup>593</sup> é un fragmento do relato "A brosa de Ramón da Peneira". O protagonista é un deses personaxes populares, algo cunqueiriano, que un día decide o seu futuro para cando se xubile, porque se atopa rexo e con ganas de ser útil. Despois de darlle voltas á cabeza decide aprender a facer pequenos amaños deses que sempre son necesarios nas casas...

### A Brosa de Ramón da Peneira

[...]

Por eso, antes de que ye desen el retiro, foi féndose Ramón con dalgúa ferramenta, que, pouco a pouco, foi comprando condo ye parecía que taban baratas. Así tuvo Ramón da Peneira outiando pollas ferreterías y comercios, preguntando precios y amansuñando trinchas, serrois, martellos y lumas.

Chegouy'el retiro a Ramón y determinóu de poñers'a enxoriar, sin pérdida de tempo. Vío qu'el miyor sito pra establecer a empresa era un caseto que tían a cen metros da casa metido entre úa verdeña, unde tuvera, fía anos, el sogro úa ferreiría de mala morte. El caseto era pequeno y nun tía más qu'a porta, un ventanuco y úa chaminía; as paredes taban mouras y esbarrigadas. Dende que morrera el sogro, fía anos, deixou d'usarse, salvo qu'en determinadas ocasióis, según as malas llinguas, iba a sogra qu'enviudara nova, a recordar al home acompañada d'algún vecín, que pra eso sémpre los hai dispostos a nun deixar el favor sin fer. Púxose Ramón da Peneira a llimpar y amañar nel caseto. Llevouye muitas horas, xa que tía cotra a'sgaya sarrio, níos de ratos y rebre a montón. Condo ye pareceo

---

593 Álvarez Valdés (1996: 35-37).

que taba abondo llimpio pintoulo con cal, pero como as paredes taban sin encamar, ocorreu que quedaron chías de manchas brancas y mouras, parecéndos'al peleyo d'úa vaca holandesa ou a un d'esos cuadros desa pintura que ye chaman moderna ou algo así, que nun los entende nin a madre que los... pintou. Clavou úa traba grandía na parede y chantoye puntas a embute pra colocar a ferramenta y tella ordenada y a mao. Desta manera foi Ramón colocando aquelas ferramentas que fora comprando con outras que ye regalaron, de xeito que se vío amo da coleución más desaxeitada que naide se pode imaxinar, pos como nun entendía nada d'aquello, cualquier ferramenta ye valía y emparexábalas de forma más rara qu'imaxinarnos podemos, deixando verse na traba-esposición un martello de crabuñar de compañeiro d'úa llegra que ye regalóu un primo que tivera un tío galocheiro. Con todo aquilo taba Ramón da Peneira tan contento que nun cabía nus calzóis: hasta parecía que remocicara.

Condo tuvo ordenado, mirou y remirou el obra feita, unde tía pensado fer trabayos en madeira y férro; conto más miraba, más ye gustaba, de xeito que Ramón taba la mar de recachao y agayoso hasta que, núa d'estas, deuse cuenta que nun tía brosa, cousa que lo acobardóu y esmoleo. ¡Nun había que ferye! Botou el xuramento que decía en ocasiois mui especiais: "*Mecago na puta que pare caballos*". Nun era Ramón persona mal falada, entre outras cousas, porque apenas falaba. Dispúxosa mirar us precios das brosas y comprobóu que podía comprar brosas mangadas y desmangadas, comprando, visto ta, el mango aparte. Miróu precios na Caridá, en Navia y na Veiga. Despós de muito alxapiar, preguntar y calcular chegou a conclusión de que comprando a brosa na Caridá y el mango en Navia salía miyor de precio. Nun lo pensóu más, así lo fixo. Baxou a Caridá y comprou a brosa, al outro día envereda pra Navia y mercou el mango. Chega a casa col mango de Navia, intenta metello na brosa, y, ¡el arte de démo, nun ye cabía! Como a situación lo requería, dixo: "*Mecago na puta que pare caballos*". Despós del xuramento de rigor, propio de Ramón, púxos'a cavilar pr'amañar a cousa que tía entre maos. Sentouse, ergueose, paseou, parecía que y'entrara daqué nel corpo que lo allouriera. Así de golpe, vese que y'asomóu a idea, cóy'a brosa núa mao y el mango nel outra y envereda camín del ferreiro. Chegou a fragua, contouy'el trexelán que tría entre maos y pedíoye que y'agrandas'el óyo da brosa. Refutay'el ferreiro: Mira Ramón, é miyor que vayas al carpinteiro y che rebaxe el mango.

### **Susina Pérez Sánchez**

Naceu en Boal en 1945, onde atende desde moi nova o negocio familiar. Foi alumna de Adelina Fernández López, con quen publicou no ano 2000 o volume *Cousas de Boal*, do que tiramos o seguinte texto<sup>594</sup>, neste caso relacionado cos xogos populares:

---

594 *Op. cit.*, p. 130.

### **El arrincanabos**

Sentábase un dos del grupo na cera, ou núa parede y encima d'el iban puéndose todos os que fosen xugar coyéndose por a cintura. Tamén se podía fer tando deretos, pero d'esta maneira entornábase máis fácil y cayían todos. Entre todos había un que ye tocaba arrincar os nabos, y condo xa taban todos preparados empezaba el xuego.

El que ye tocaba arrincar coyía al primeiro por as maos y empezaba a tirar, y claro, si taban ben agarrados por a cintura, como estos eran muitos, costábaye un gran trabayo poder arrincayo. Condo, por fin, conseguían arrincar outro, este pasaba coyerse detrás del segundo y entonces eran tres os que tiraban y así hasta que los arrincaban todos.

Dalgúas veces en vez de salir un solo, salían dous ou tres porque nun se daban conta de soltarse, y estos todos pasaban pra fila dos que arrincaban.

Tamén había veces que tanto axanegaban us y outros que a lo miyor cayían patas parriba, y esto era lo miyor del xuego. Erguíanse y volta tirar hasta que xa nun quedaba ningún sin arrincar.

### **Benigno Fernández Braña**

Naceu en 1945 en Boal, onde pasou a súa infancia e cursou o bacharelato. Licenciouse en Medicina en Salamanca e, despois dunha estancia en Escocia, comezou a exercer a súa profesión no ano 1974 en Grandas de Salime; posteriormente estivo en Llangreo e, desde 1983, en Eilao ata a súa xubilación.

Foi unha das primeiras persoas sensibilizadas coa situación do galego no occidente de Asturias e co perigo de transculturalización que padecía. En consonancia con esa preocupación impulsou a finais da década de 1980 o nacemento da MDGA, que presidiu desde a súa fundación. Durante anos dedicouse con empeño a loitar contra a marxinação que sufría o galego no occidente de Asturias participando en numerosas xornadas, reclamando medidas normalizadoras por parte do poder político e facendo visibles as súas reivindicacións nos medios de comunicación. Publicou artigos en revistas e volumes colectivos en Asturias e en Galicia, como *A Freita*, *A Trabe de Ouro* etc.

Reproducimos o comezo dun dos seus artigos, no que o autor fai unha análise pormenorizada das decisións políticas do momento con respecto á lingua do Eo-Navia. A pesar dos anos transcorridos, a esencia do contido segue de actualidade:

## ¿TRANSCULTURIZACIÓN E GLOTICIDIO NA ASTURIAS DE FALA GALEGA?<sup>595</sup>

Hai xa cinco meses que o Principado de Asturias sancionou coa súa firma un documento no que textualmente, ó referirse á nosa lingua, aparece a palabra GALLEGO ASTURIANO.

309

É a primeira vez na historia de Asturias que se recoñece oficialmente que na parte máis occidental do Principado se fala unha variante do galego. É tamén a primeira vez na nosa historia que Galicia e Asturias asinan un acordo no que se comprometen á máxima cooperación en materia de educación.

Prá MDGA, Mesa prá Defensa del Galego de Asturias e da Cultura da Comarca, a reunión de Taramundi do 30 do pasado mes de xuño, da que saíu o referido acordo asinado entre a Xunta de Galicia e o Principado de Asturias, constitúe un fito histórico pra A NOSA TERRA. A partir desa data a realidade sociolingüística desta parte de Asturias debería cambiar sensiblemente. As autoridades administrativas xa poden chamarlle á nosa lingua galego asturiano ou galego de Asturias, sen medo a que ninguén os califique de antiasturianos ou de galeguistas. E dicimos que a realidade lingüística da nosa bisbarra debería cambiar a sabendas de que non vai ser así, pois no pouco tempo que pasou dende a xuntanza de Taramundi, os feitos demostran que unha cousa son os acordos e outra os trasacordos.

Inda que se nos poida tachar de pouco humildes, temos ben seguro que a luta constante da MDGA ten muito que ver na consecución deste acordo. Case que dous anos de insultos e ataques continuos procedentes de moi distintos estratos sociopolíticos de Oviedo, e nalgún caso mesmo de Galicia, non conseguiron facernos desistir do noso empeño; e agora o tempo, a Xunta e o Principado vein darnos a razón.

Pero aínda que recoñecemos o grandísimo avance que representa a firma do referido documento, sentimos o deber de dicirmos o que pensamos e, polo tanto, vémonos na obriga de sometérmolo a unha pormenorizada crítica.

### **Xosé Máximo Fernández López**

Naceu en Campos (Tapia) en 1947. Despois de estar emigrado en Suíza varios anos, regresou á terra. Traballou como maquetador da revista *A Freita*, da cal foi colaborador habitual e da que chegou a ser director. Ademais de varios artigos de contido moi diverso, é autor de relatos nos que a fantasía é un elemento frecuente:

“El tesouro dos Bauer” apareceu por primeira vez no volume *Os contos do xílgaro*, editado por *Diario 16* de Galicia. En *O Espello* publicou “Alto segredo de mal estado”

---

595 *A Trabe de Ouro* (4: 573-574), outubro, novembro, decembro de 1990.

e “Cultivos de humanos en Arret”; este último publicouse tamén no volume colectivo dixital *Enterríos*<sup>596</sup>.

310 En 2002 publicou en castelán *Apuntes de andar por Campos*<sup>597</sup>, un volume que recolle información histórica sobre este lugar do concello de Tapia á que o autor tivo acceso grazas a documentación facilitada por familiares e amigos.

Sobre a mesma parroquia mantén inéditos en galego *Campos paso a paso* e *Campos sen ir máis lonxe*. A esta última obra pertence “Os carreiros”, que reproducimos segundo a versión facilitada polo propio autor, ademais de “El tesouro dos Bauer”<sup>598</sup>, ó que nos referiamos antes.

### Os carreiros

Asta os anos 1960, Campos, como outros poblos de Tapia, tía úa rede de carreiros que fían falta prá comunicación rápida dos vecíos; era naquel tempo nel que non había nestea e nas outras aldeas teléfonos de ningúna clase, nin coches, nin motos, nin muito menos internet, que inda non se inventara. E bicicleta non la tía todo el mundo.

Algún destes carreiros comunicábase con fontes e pozos e indo por ellos acarrexábase a auga prás casas, e inda máis cando había seca, porque tíamos que ir en busca de auga unde la houbese, que esa era outra. Ou eran atallos pra que os rapacíos chegásemos antes á escola. Ou valían pra llevar e traer búas ou malas novas –e ás veces contos– dúa casa a outra, fendo deste xeito as veces de lo que hoy son as redes sociales.

Sendo así, en Campos había un carreiro que lle chamábase carreirón, pos iba por Os Pradois desde a fonte del Penedo asta el alto del Picón, esto é tanto como decir que iba desde debaixo de Campos asta enriba. Outo desde a carretera xeneral asta el mar, pasando por el alto del Cotapo, con ramales por toda a serra. Por outros subíamos a os caseiríos das Folgueiras e da Rebollada.

As carreteras, el máis dellas non tían alquitrán e os arcenes eran un luxo que taba por chegar. Tían, eso si, un carreiro por cada mau que aproveitaban algús labradores pra llevar pacer polas cunetas el pouco gado que tían.

El carreiro máis importante que se conserva en Campos é el que vai desde el barrio de El Cilleiro, cerca del Palacio, asta el mar, pasando por El Vallín, unde agora hai casas.

---

596 [http://www.terra.es/personal/cvalledor/biblioteca\\_virtual\\_eonaviega.htm#narrativa](http://www.terra.es/personal/cvalledor/biblioteca_virtual_eonaviega.htm#narrativa)

597 Fernández López, José Máximo (2002): *Apuntes de andar por Campos*. Ed. Asociación de Vecinos y Cultural Virgen del Carmen.

598 En *Os contos do xilgato* (1992: 36-40).



Con as necesarias concentrac[i]o[n]s parcelarias feitas nos anos 1960 e 1990, moitos destes carreiros foron borrados da terra, mais non da m[eu]a memoria.

### **El tesouro dos Bauer**

311

Eu, amigos meus, anque pareza mentira, ch[ame]mome Ulpiano Bauer. Veño de Santa Tecla, el sitio onde eu nacín, unha aldea, máis ben un caserío medio perdido al abrigo dunha carballeira desas que se dan nas se[ñ]ardosas montañas del extremo occidental de Asturias. Pode que resulte chamadeiro el apelido Bauer. Pois precede de Alemania de onde era natural meu avolo, un pastor evanxélico que veu andando dende aquel país a finales del século XIX.

Antes de Santa Tecla chamábase Sofreiral dos Trobos. Alí conoceu a que despois sería m[eu]a avola, unha moza que se dedicaba a alindar ovellas e cabras. Con ela tuvo unha ducia de fillos, que moitos tiveron que emigrar ás Américas. Criáranlos pral Celo, pero algúns non pasaron de Buenos Aires.

Meu padre, que foi el oitavo dos fillos, pasou us contos anos en Río de Xaneiro, que daquela era a capital de Brasil, e foille abondo ben naquel inmenso país. Adquiriu unha grande fortuna cos negocios que tuvo, principalmente na zona dos cafetales, desde onde fretaba algún que outro barco pra España. Aínda en plena xuventude, regresou al pobo, dedicando el resto da súa longa vida a cuidar da grandísima horta e pumarega que tía al redor da casa, onde plantara árbores de todas as clases, a maior parte delos, frutales.

Certamente, Estanislao Bauer Salgueiro, que era el nome completo del meu padre, da casa del Protestón de Santa Tecla, ademais de home de xigantesca fortuna material era un profundo espírito namorado del campo, da terra e das súas laborías. Dábase maña pra facer inxertos e pra ter os mellores trobos e colmeas. Criaba aves de moitas especies, anque fosen exóticas, como faisáns de Calcuta, parpallegas de Camerún, rolas de San Pedro e que sei eu... Curiosamente "bauer" en alemán significa "home del campo"; e meu padre era un labrego coma a copa dun pino. Eso non quitaba para que entendese de música, pois chegou a ser director da banda de Boal.

De meu avolo, el pastor de almas, que non de carneiros, contan os máis vellos infinidad de anécdotas, cousas de moito mérito e ditos curiosísimos. Nunca esqueirei a meu avolo, coas súas barbas de patriarca bíblico, case sempre sentado debaixo da parra na soleira da casa, según se entra, algunhas veces lendo un libro mui gordo de tapas de coiro. Outras, debullando meiz del país, e ás veces falando solo ou apigazando nos galbanosos días de asouria. Non esqueizo el consello que me deu antes de morrer:

– ¡Ah, neno!, nunca se che ocurra por nada del mundo andar con mulleres ruías, que las hai boas; porque habéndolas boas, ¿pra que se vai andar coas ruías?; sería unha fatada, digo eu.

312 Pois aí tedes unha boa mostra del inxenio e da capacidade intelectual e agudeza filosófica de aquel preclaro e ilustrísimo inmigrante pelegrín que foi meu avolo.

[...]

Foron aqueles anos que pasei en Santa Tecla os mellores, nun ambiente cargado de emocións, vivindo solamente en presente, vendo pasar os días que me parecían interminables, os anos que eran eternidades, enredando cos outros nenos por entre as árbores da horta.

Tía especial cariño cara a un maceiro que daba us repinaldos a mar de grandes. Todos os anos en setembro enchíamonos como burros de comer mazás. Había tamén ameixeiras, claudias e xaponesas, fatoeiros, cereixeiras, noceiras..., figueiras de San Xoán e de San Miguel, arandeiras...

Mui cerca, no piñeiral, aprendín a engarabitar por el pino máis alto, asta chegar a un nío de corvo ou de pega.

[...]

Da mía mocidade lo que mellor recordo son as festas e romerías. Fóra destas celebracións trascurría a vida monótona e rutinaria, parecía que el tempo se taba quedo, e a falta de sucesos relevantes semellábase al remanso de un río.

Eu, despois de estudar Náutica en Donosti, vivín algún ano máis en Santa Tecla, onde xa á última hora a xente vía dedicándose a nacer, medrar, reproducirse e morrer, cousas que a min me parecían demasiado vulgares. Entonce, pensando en qué se podería facer pra non vivir coma as plantas, cheguei á conclusión de que lo mellor que se podía fer era trasladarse, e así lo fixen.

Trasladeime al norte de Escocia, onde lle comprei un castelo al barón de Glasgow. Os sotos e as covas taban ocupados por bodegas de whisky. Eu reformeinas e agora fabrico augardente cantábrica con uva de importación que compro sempre na conca del Navia. Vaime ben neste país, aínda que boto muito de menos a mía aldea de Santa Tecla, onde teño as ruinas da casa, chea de artos, hedras e binteiros. Pero dentro de mui pouco poderei cumprir o soño de volver a ela e restaurala; e todo gracias ó suceso milagroso que vos vou contar.

Condo me instalei no castelo levei un cuadro cunha vista da mía aldea e hai cousa de tres meses deume por abrir a ventá onde tía el cuadro colgado, xusto debaixo dunha das ameas do castelo. Sen saber como, el cuadro caeume al tarrén e rompeulle el marco. Pero entre a foto e el respaldo de cartón apareceu un documento

que resultou ser el testamento de meu avolo, otorgado ante el notario de Castropol no ano 1930, onde dice que deixa al sou neto Ulpiano Bauer, que son eu, todos os lingotes de ouro que ten no soto da torre de Pisa, en Italia. Dice que son tres mil lingotes que pesan tres quilos cada un. E esto vén sendo nove toneladas. Tamén aparecen os planos dos subterráneos da cidade que conducen ó soto da torre inclinada. Con este documento vense desvelar el misterio da súa inclinación, debida al peso del tesouro que ten mesmo debaixo.

Tan pronto como poda, recollerei a parte del tesouro que me deixe el estado italiano e regresarei con toda a fortuna á mía querida aldea e amañarei a casía de pedra e volverei a plantar a horta.

### **Aurora García Rivas**<sup>599</sup>

En prosa, iniciouse co relato breve "O restaurador de muñecas" (2001), que foi premiado nas Xustas Literarias de Xixón; nese mesmo certame premiáronlle en 2002 "Paca" e "Fillo da lúa", mentres que con "O arcón" gañou o Premio Antonio Reimundo Ibáñez, de Santalla de Ozcos. En 2003 repetiu galardón nese certame co relato "Virutas" e, nese mesmo ano, recibiu o Premio Xeira de Narracióis Curtias polo relato "As cereixas". En 2004 premiáronlle de novo un relato no certame Antonio Reimundo Ibáñez. Outros textos seus publicáronse en revistas como *Entrambasaugas*, *Literatura* ou *Trabatel*. Tamén colaborou cun microrrelato no volume colectivo *Que non se perda n'el aire*. Ademais, é autora de contos infantís como *Cinco contos pra xogar coa música* (2007) e outros, algúns deles en colaboración con outra xente.

A temática dos contos é variada e predomina a ambientación rural, pero sen caer no costumismo tradicional. Temas como a vellez ou a morte teñen presenza frecuente nas súas historias, que en ocasións están presididas polo lirismo. Nótase unha exquisita sensibilidade por parte da autora á hora de artellar as relacións entre os personaxes, relacións que ás veces se materializan en obxectos: un paraugas, cereixas, unha boneca...

En 2010 publicou *As razóns d'Anxélica*, que foi a súa primeira novela en galego. Despois viñeron outras en castelán: *La madriguera* (2013), *Vía muerta* (2014), *Catalina de Santiso* (2015) e *Cambio de agujas* (2017).

Algúns dos seus contos editáronse en 2007 co título *Contos, ducia e media d'eles*, de onde collemos o relato que escolmamos nesta antoloxía. O volume inclúe en total 19 textos, un deles recollido da tradición oral da zona.

---

599 Para máis información véxase § 1.6.8.

### A outra metá da noite

TABA TAN farta d'ela, de Rosario, qu'acabéi por nun contestar ó teléfono. Despóis de todo, nunca lle escuitara máis que queixarse, lariadas que m'acababan coa paciencia. Chamaba sempre á mesma hora, como un conxuro, e debullaba unha retafila infernal de choricadas, que se o home, que se os fillos, que se aquel traballo de merda, que se era a única amiga que tiña..., que se iba facer unha burrada. Y eu pensando que por qué nun a facía e me deixaba en paz.

Cando deixéi de coller o teléfono, nun sei con qué desculpa, viña á miña casa, todas as tardes, puntual como unha migraña. A probe nunca tiña tempo pra ningunha cousa, pro tomaba tres ou catro cafés, e ventilaba media caxetilla, das miñas, xahora, mentres m'apedraba a alfombra coas lamas que levaba nos zapatos.

Desairéina muitas veces, sin remordementos, pro parecía que nun iba con ela. Chegóu un día no que nun puider aguantar máis as súas layas, así que nun lle abríñ a porta. Nun volvíñ ás tendas do barrio, nin ás calles polas qu'ela iba, nun volvíñ máis á tertulia y hasta quitéi o meu nome do buzón.

Pasóu tempo abondo hasta que se deu por enterada, pro, por fin, nun a volvíñ ver e, teño que confesalo, sentín tanto alivio e quedéi tan a gusto, que nun m'acordéi máis d'ela.

Unha noite, ás tres en punto da mañá, soóu o teléfono. Tardéi algunhos segundos en despertarme de todo, prendín a luz e descolguéi.

– ¿Quén é?

– Son Rosario.

Nin sequera penséi que fora unha equivocación. Colguéi xeadada d'espanto coas maos sudadas y os pelos de punta. Nun puider nin volver a zarrar os ollos. As sete levantéime e fun comprar o periódico. Busquéi a páxina de sucesos; alí taba e, máis pra diante, a esquila.

Foi a partir d'aquela mesma noite. De maneira intermitente soaban o teléfono y o timbre. No primeiro dicían: «Son Rosario». Na porta nunca había naide.

Acabéi por quitar o timbre e din de baixa o teléfono, pro ás tres en punto da mañá, soan; primeiro a porta, despóis, como vido de mui lonxe, o teléfono. Alguén que dice qu'é Rosario. Desperto e xa nun podo dormir a outra metá da noite.

### José Luís Díaz Álvarez

Naceu en Ferreirela de Abaixo (Santalla de Ozcos) en 1948 e faleceu en 2016. Foi director do Museo Casa Natal de Antonio Raymundo Ibáñez, Marqués de Sargadelos, e presidiu a asociación do mesmo nome que durante anos desempeñou un destacado papel cultural na zona.

Entre os obxectivos da asociación figura a recuperación do patrimonio, incluído o patrimonio oral, e de aí a convocatoria do premio de relatos costumistas, a través do cal se vén recompilando desde hai anos unha ampla mostra de contos, lendas e outras manifestacións populares.

Colaborou na revista *Entrambasaugas* e publicou relatos nos volumes que recollen os textos presentados ó certame convocado pola Asociación Antonio Raymundo Ibáñez.

O fragmento que escolmamos pertence ó relato "Buenos Aires<sup>600</sup>", un texto epistolar incluído na primeira edición.

Nun me recordo se che cuntei el caso de Armesto pro inda así, volvo aló. É el tal Armesto un home daló pras Galicias, d'us sesenta anos, tieso como un birlo, curtido como un coiro. Avezaba a tar días en Ferreirela de Riba, facéndolle carbón a D. Paco (el médico, xa sabes). E por esa confianza, ás veces traidora que da el trato, achegouse a consultar c'ol doutor. Traía en compañía a muller, que era de Marentes. Tía, al parecer un mal no cu por poucos visto. "Abúranme el dolor e el comezón pro nin sarna nin pollos son" —bromiou Armesto de mala gana—. Rexistrouno ben D. Paco e volveu aló. Lavou as maus, pensou un pouco e volveu a rexistralo (ou eso dicen; eu nun taba alí, que taba na corte de Baxo). Nun poñía boa cara el galeno. Mandoulle á muller que se achegase e, con muita cerimonia díxolle: "As curas han de ser como che eu digo. Pono de cu pra riba e bótalle pólvora abonda hasta encherlle ben a regandixa. Bota ben dela, nun che pese por ela. Despois achégalle un pouco de lume, pouco. Xa verás como teis home novo". Nun se sabe se fixeron ben as curas ou non, pro el remedio non foi del agrado. Sóupose porque a os dous días volveu a muller desesperada a Ferreirela. Nun vía con ela Armesto e eu xa me maliciei. Nun foron pral despacho; quedáronse na sala porque taba tan desesperada a muller que alí mesmo se puxo a chorar e a esmilagrar. Decíalle a D. Paco que Armesto nun milloraba, iba pior, que el mal xa lle inciara po las cachas e po los cuadrís, inda que fixera a cura tal como mandara. "Botache abonda pólvora?" —preguntou Lombardero—. Si, Señor, tanta que penso foi demáis —respondeulle a muller—. "¿E lume pouco?" —volvéu él—. Nestos, xemendo a muller: "Lume, en cuanto D. Paco, en cuanto". Mira tú, Farruco, qué fogueira se debeu amañar. ¡Madéus!

---

600 *I Premio Antonio Raymundo Ibáñez* (2003: 51-53).

**Alberto Calvín Corredoira**<sup>601</sup>

316

En narrativa foi galardoado varias veces no concurso de relatos Antonio Raymundo Ibáñez “Marqués de Sargadelos”. Unha delas, polo conto “A pobre da pobre”<sup>602</sup>, texto que reproducimos completo na anterior edición. Na súa prosa, por riba do costumismo e do humor que os caracterizan, planea a figura do pai, sempre na memoria. Iso sucede no fragmento que reproducimos, que pertence a “O soldado que marcaba fuerte o paso”<sup>603</sup>, premiado na cuarta edición do mencionado certame.

[...]

As cousas que lle pasaron con aquel cura cascarrabias daban pra escribir un libro, pró vou contar solo unha: a méu padre rompéranse as botas. Levounas ó zapateiro e foi peor o remedio ca enfermidade, pois os remendos encetéronlle os pés. A solución foi calzar unhas alparagatas. O cura preguntoulle porque taba así calzado:

–Sencillamente por non ter botas, dixo meu padre.

–Púes al primer rojo que caiga prisionero le saca usted los zapatos.

Meu padre escribiu á casa pedindo que lle mandasen algo de calzar, e méu abolo que tiña a idea de que o mellor calzado que había eran as zocas que facía, fíxolle unhas o máis curiosas que soupo pois como zoqueiro tampouco era dos boos. Despois de teñilas e ferralas ben, mandóullas prá lo. Nada máis recibilas meu padre levounas a instrucción e cando pasaba desfilando por diante do Capitán este mandou parar a compañía e que salise o soldado que tan fuerte marcaba o paso. Meu padre salíu, cuadróuse diante do Capitán dando un taconazo cunha zoca contra outra que soou coma un disparo. O Capitán mandoulle repetir non unha senón dúas ou tres veces e meu padre facía cada vez con máis enerxía a ver se rompía as condanadas das zocas. Por fin o Capitán déuse por vencido e díxolle:

–¿Me puede explicar como lo hace?

–Es muy sencillo, mi Capitán, e quedouse descalzo e entregoulle as zocas. O Capitán non solo nunca unhas zocas vira, senón que ignoraba que existise semejante calzado. E ordenou que lle trouxeran inmediatamente unhas botas a este soldado.

Así foi como meu padre se viu con botas novas. As zocas regalóullas a un mozo que lle pasaba o mesmo có Capitán: nunca vira un calzado que non dobraba por ningún lado.

601 Ver nota biográfica en § 1.6.11.

602 Seguimos a versión manuscrita que nos facilita o autor, contrastándoa co texto impreso que aparece no volume *Relatos hiperbreves. IV Premio Antonio Raymundo Ibáñez “Marqués de Sargadelos”* (2006).

603 *IV Premio Antonio Raymundo Ibáñez* (2006: 29, 30).

### **Santiago Somoza Pardo**

Naceu na Veiga en 1951. Estudou Maxisterio e Filoloxía en Uviéu. Foi docente durante anos e actualmente está xubilado. É autor de colaboracións en revistas, coma *A Freita* ou *Entrambasaguas*, e de textos en prosa e verso en libros colectivos, en galego, asturiano e castelán.

Nesta escolma incluimos un fragmento dun relato inédito facilitado polo autor, que presenta unha mensaxe ben clara.

#### **De volta**

Había trinta e pico anos que deixaran a terra paterna pra sempre. Trinta e pico anos de silencio nos que romperan adrede toda relación coel seu pasado: non volveran ver a ningún dos antigos vecíos, nin falar coma eles, nin pisar os queridos carreiros daquel mundo onde el disfrutara dos mellores anos da súa vida. Non volveran. Nin seu pai, morto aos poucos meses de chegaren a Madrid, quen sabe se de tristeza; nin súa mai, calada, misteriosa e pechada na casa desdaquela; nin el mesmo, que nunca se atrevera a preguntarlles polas razóns daquel exilio forzoso, e menos agora.

Porque tampouco nunca lle importaran demasiado. O que lle vía preocupando a Suso, desde había muito, era vivir apartado dunha forma de vida (xentes, voces, lugares) que lo marcara pra sempre de neno, que levaba gravada no máis fondo. Era a ausencia de tantos anos, a sensación aquela de baleiro, de que algo esencial lle faltaba. A chamada da terra, aló lonxe, que lo consumía por dentro e non lle daba folgo. E esa preocupación era cada vez maior. Abandonar el paraíso nunca é gratuito. Non é fácil pechar as portas del pasado, borrar a memoria, sempre alerta pra xogarcha cuando menos o esperas. Que foi o que lle pasou a el aquela tarde. Xa non podía máis. Tumbouse na súa poltrona preferida, na que ás veces, despois de xantar, botaba un sono breve e reparador que lle sabía a gloria. Pero esta vez non puido durmir: el vermo da morriña furaba e furaba, insistente, como nunca lo sentira. Suso deixouse levar, foi perdendo a consciencia pouco a pouco e deu en soñar desperto. Ante aqueles ollos abertos como pratos, vai pasando toda a película dos seus primeiros anos, tan fresca e familiar como se la tivera vivindo.

Na mía casa, hai ben de anos. Nin dios atende pra min, con tanto barullo. As mulleres andan atareadas dun lado pra outro nun bule-bule incesante; os homes afilan os cuitelos e preparan a cerimonia; el desgraciado protagonista, que husmia algo malo, anda coa mosca detrás da orella, nervioso e gruñón. Quere xistrar un vento xelón que anuncia a neve. É tempo de matanza: á entrada del cortello, van afeitar con augua fervendo el cocho sentenciado, lugo que el matachín lo sacrifique con destreza demostrada, entre berridos de morte e desesperación porcina, pra levalo despois á cura del aire e del sal. Rito anual da carne: raxo, xamón, toucín,

solá, cachola, orella, rabo, roxois, zorza. E chourizos conservados na manteiga derritida. Esa grasa branca e pastosa é el sabor da mía nenez; azucarada e untada nel pan, foi a merenda salvadora dos que non podíamos chegar al chocolate, luxo dunhos poucos. ¿Como se chamaba? Téñolo na punta da lingua, pero non son quen a acordarme.

Fóra, en pleno inverno. Tou debaixo dun paraugas: augua e galochas, poceiras e lama. Chove e vai frío. Leva chovendo muitos días, tantos que parece chover desde sempre. E pra sempre. Chove a modo, pero sen parar, día e noite. Escuridá de nube moura. Chóveme por fóra e por dentro. Molla nas casas e nos campos, nos corpos e nas almas. Os vellos miran al río, mortos de medo. Chove nel mundo e na xente. Chuvia eterna, que non vai parar nunca. Recordo táctil dun tempo ido: a pel sempre humidecida por un fino diluvio permanente, un chover sen fin, suave mais impertinente, ese insistente pinguenexar, ese orballo continuo que nosoutros lle chamábamos cunha palabra mui nosa que tampouco recordo. ¡Leva tanto tempo sen choverme tanto!

Nun solar recién rebado, al pé da vella casa familiar. Hai un peteirín de nenos que xogan coa terra. Eu son un deles: calzón corto, cara fañada e os mocos pingando, como me colga dun dos bolsos el tirabalas de fabricación caseira; feliz e despreocupado, cun baloco húmedo nas maos. Enchendo a escena, aquel olor que todo lo envolvía. Silvas, boxes, toxos, cardos, ortigas e outras plantas medraban ceibes nos noiros daquel cacho de terra recién escavado. Pero sobre todas reinaba ela, esa herba aromática, alta e verdosa coa que os antigos gregos celebraban a victoria, ou eso contan, de pequenas flores marelas e inconfundible fragancia de anís que afoga cualquier outra e que invade el aire. Nin máis nin menos que el olor da mía infancia, nítido e inolvidable, que me ta chegando, nesta primavera onírica, máis familiar que nunca. O que non me chega, por voltas que lle dou, é el nome da querida planta, ¡cuánto hai que non sei dela!

Na casa grande. Agosto. Ai, aqueles vraos de luz e vacaciois e festa, temporada alta das labores agrícolas. Hoi hai xuntanza veciñal. Alí, na Casoa, homes e mulleres traballan e berran sen acougo nunha atmósfera de sudor e polvo irrespirable, mentras unha máquina atronadora debulla nas espigas e vai divorciando os graos da palla. Aí á tardía, correrá el viño, acabarase a empanada e un gaitero, al escurecerín, chamará al baile. Cos meus amigos, brinco nunha montaña de palla. Andamos ás trasnadas asta que un pague por todos: unha boa zapuada ou unhas moucuadas oportunas, e volta al rego. El incansable motor, banda sonora dos meus primeiros anos, sigue dalle que dalle, depenando nel maduro cereal e anunciando un ritual que axina desaparecería.

Como desapareceu de min esa palabra que agora busco pra chamalo e non atopo, quen me dera.



Na escola. Un feixe de nenos (daquela nenas non, por suposto) en mandilón branco, sentados en cadaseu pupitre de madeira gastada, enchen un aula grande, estartelada e fea coas súas cántigas e rezos e as ferramentas de rigor: lápiz, tinteiro e pluma que se esgalla ás primeiras de cambio. Eu aparezo sentado na última fila. Volvo a vista á ventá atraído por un outono frío pero soleado que pinta el monte vecín de todos os matices imaxinables, que marabilla. É entoncias cuando la vexo: a deteriorada parede que dá al patio ta raxada por unha regañadura larga e estreta que chega a furala, símbolo visual dunha época cincenta e miserable. Por un instante, non podo quitar os ollos dela, da greta despintada e sucia que me atrae como se fora a boca dunha cova, el cráter dun volcán ou el centro da Terra. Pero que nun é máis que unha pequena... Outra palabra esquecida nos fondos laberintos da memoria. E van cinco.

Suso despertou de golpe, todo sudado, aturdido e cunha certa sensación de mareo. En poucos minutos, soñara cun ano enteiro. Pero xa non era el mesmo, algo mui importante iba cambiar dentro del a partir daquel soño. Fora recuperando as palabras sagradas, pero resistíranselle algunhas, as que lle traían (con outras poucas máis) as sensaciois máis vivas. Cinco palabras, cinco sentidos, cinco olvidos. Xa taba decidido, éralle imposible seguir así, con aquel desasosiego que non lle daba tregua: por primeira vez lougo de tantos anos, pasaría a fin de semana na querida terra dos seus pais, que tan cedo e extrañamente abandonara. Dito e feito.

Cuando cruzou a vella ponte raiana, coa baxamar vestida de xuncos e lameira, aquela angustia coa que tanto sufrira foille subindo das tripas á gorxa, como unha opresión que lo afogaba e que, por fin, lle estoupou nos ollos cunha explosión líquida imparabile e liberadora. Dentro del coche, solo e emocionado, aquel home xa entrado en canas chorou como un neno. Aliviado, entrou na vila repostado e satisfeito, coa alegría de quen ven de quitarse un gran peso de encima. El sol taba poñéndose.

[...]

### **Rafael Cascudo Noceda**

Naceu en El Viso (Tapia) en 1952. Foi o primeiro mestre que impartiu galego-asturiano como materia en Tapia.

É autor das obras *Xelín y Toxo* (1995), en colaboración con outros docentes da localidade, e de *Xunta de mitos* (2000), obra en que nos presenta unha reunión de mitos na praia da Ribeiría de Tapia, cansos de que os ignoren, para buscaren unha solución á súa situación de abandono. Con este relato gañou o VIII Premio Xeira de Narracións Curtias. O relato editouse de xeito independente, con ilustracións de Alberto Álvarez

Peña, na colección Xeira Garatusa. Con anterioridade xa resultara premiado na VI edición do mesmo certame co relato “Basilisa”

320 Na revista *Entrambasaguas* colabora frecuentemente con artigos diversos (mitoloxía, rutas pola zona etc.) nos que demostra ser un bo coñecedor da comarca.

O fragmento que reproducimos pertence a *Xunta de mitos*<sup>604</sup>:

Y podo aseguravros que puxeron toda a súa alma máxica na xeira y que nunca na súa vida os habitantes da contornada viviron horas tan tenebrosas y terribles: tronos, relustros, xistras de todo tipo, ventos que refolgaban por prazas y camiños, vaga de mar, ventos que parecían vir de todas partes, úa terrible galerna centrada na zona encargada, úa xuntura de vendaval, norte, nordés que parecía qu’iba tirar todas as casas da vila y dos poblos achegaos a ela. Os relustros alumaban un firmamento escuro de nubes mouras, fendo como latigazos y ruxidos tenebrosos que non deixaban achegarse a os miradores ou ás ventás y xa nun digamos el salir fora das casas. Os tronos retumbaban entrecruzándose os trompazos y chovía ás concadas, como nunca se vira chover igual, petando as gotas escontra os cristales de todas as ventás, estrellándose coas contras y persianas de todas as casas. Era imposible que naide s’atrevese a salir da súa casa ou del aveiro nel que se meteran al empezo de toda a torbuada. Os nubreiros fixeron el trabayo encomendado á perfección y como tían que tar os primeiros pra preparar a seguridá, de condo en vez baxaban hasta a praya pra barrumar ufanos y ferse ver, y pra elo humanizábanse recuperando el corpo d’un xigantón de brazos largos, peleyo mouro y pernas tortas y dalgadas. Os sous oyoos inda relumaban máis que de costume, mentres qu’as orelyúas colgaban da cabeza, pingando enriba del sou típico traxe de peleya de carneiro, asomando por debaxo del sombreiro mouro das alas anchas.

### **César López Méndez**<sup>605</sup>

Colaborou na revista *A Freita* e nos distintos volumes que recollen os textos do Certame Antonio Raymundo Ibáñez, Marqués de Sargadelos. O volume correspondente á quinta edición inclúe dous textos do autor, un en verso e outro en prosa, relacionados co mesmo motivo: un vello castiñeiro e os recordos e sensacións que provoca no autor. A narración en prosa está en castelán, pero nós reproducimos un fragmento da versión en galego, que nos facilitou o propio autor.

---

604 Cascudo Noceda (2000: 14-16).

605 Para máis información bibliográfica véxase § 1.6.12.

## O noso vello castañeirón

[...]

IV

Pasou o vrao e chegou o otono, con os días máis cortíos e máis frescos, e con os ventos e brisas fortes que soplaban e facían caer as manzás maduras, as noces e ablanas no tarrén.

Al pasar por as carreteras rurais, tamén se veían cantidade de castañas e erizos aplastaos contra o tarrén.

Nosoutros, xa recién casaos, chegamos un d'esos días a o poble e, seguindo úa costume ya invencible pa mín, pareime, nos paramos, dentro do coche, baxo o castañeirón.

Taba xa anohecendo e soplaba o vento a rachas que había tirao muitas das suas castañas e erizos sobre o asfalto.

–*¿Por qué paras aquí?, díxome a mía muller, inquisitiva pero sonriente.*

–*Espera un pouco...*

Nun tardó en volver a soplar úa nova ventarada e, entonces, empezaron a repiquetear, sobre o teito do noso coche, como si hubiera caído, de repente, úa breve granizada.

–*¿Por qué va a ser, amor meu?, díxenlle eo sonriente e dándolle un cálido abrazo chen de cariño. As castañas que nos regala o noso vello castañeirón...*

E, dito esto, sonriente e alegre, arranquei e, atravesando o poble, fuimos en busca do noso nido de amor...

V

E pasaron muitos meses e pasaron muitas cousas no mundo e, a nosoutros, úas das máis grandes e felices que nos podía ocorrer: ¡nacéu o noso fillo!

E, un día, volvemos a aldea no noso coche. Eo delante, conducindo, e elos, a mía dulce mullería e o meu adorado fillo, detrás.

E chegamos xunto a capilla pero..., ¡¡ahí nun taba o noso castañeirón...!! ¡¡Había desapareció o sou erguido e gordo tronco...!! ¡¡Xa nun había sombra umbría baxo él porque xa nun taba...!! Sólo se veía, tendido, tumbao e troceao, úa parte do grueso tronco, descansando, deitado sobre o tarrén e mostrándonos os centenaes de anillos que pregonaban a sua vida secular.

Aquelo era distinto, xa nun era o mesmo paisaxe de sempre, que había desapareció xunto con as estorias de tantos personaxes a través dos tempos, e xunto con úa parte das nosas propias vidas...

Sentía que un enfado e úa dolorosa tristeza me enchían e, con o dorso da mao, tuve que limpiar as lágrimas que inundaban os meos ollos e que luitaban por deslizarse sobre o meu rostro...

322 Miréi de reollo a mía muller e víla, con a cabeza baixa e triste, que miraba sin decir nada, o trozo de tronco abatido no tarrén, serraio a motoserra, inerte e sin vida, sobre as virutas que o habían acompañado na morte e sobre as que agora descansaba.

–*Ímonos..., hoy nun quedamos no poblo..., ímonos á tua casa.*

¡Habíannos quitado úa fermosa herencia a tóos; a nosoutros e, sobre tóo, a noso fillo e as xeneraciois futuras!

Úa herencia nun sólo d'un asombroso, bello e benéfico árbol, si non tamén úa colección de vellas e hermosas estorias, que se había levado pa sempre o vento a causa das brosas e as serras dús cantos homes ignorantes e sin sentimentos.

### **Ana María Rodríguez Fernández, “Rebollada”<sup>606</sup>**

En *Ua voz nel ocidente* (1991), en prosa e verso, a ecoloxía e o amor pola súa terra son constantes, como se pode ver neste fragmento que reproducimos:

#### **El Valle Feliz<sup>607</sup>**

El Valle Feliz ta nel medio d'un montequín escondido, autótono y salvaxe, preservao a través dos tempos da invasión del pino y el eucalito, tan abundante na zona.

Atópas'a siete Kms. da Caridá, al pé del pueblín d'Andía, al que pertenece. Xunto a él, podemos contemplar os restos d'un castro romano da Era Cristiana.

El Valle Feliz t'atravesao por a famosa “ruta del oro”, qu'empieza nos popularmente conocidos llagos de Salave, y acaba'n Galicia.

Llugar paradisíaco, qu'inspira alegría y poesía, è xustamente el santuario ideal, p'atopar a paz interior y el amor da Naturaleza.

Existen covas naturales con ventás que dan al bosqu'encantao, y a la vez escavaciois en busca del oro. Dice úa tradición, qu'hay un tesoro'nterraio con un toro ou un cabrito de oro, tal vez un ídolo d'aquellas xentes.

Outra leyenda cuenta que, al pasar por un camín estreito y difícil, desaparecen todas as penas y síntese un feliz. A ello se debe'l sou nombre.

606 Para máis información véxase § 1.6.7.

607 Rodríguez Fernández, *Rebollada* (1991: 6).

Un precioso regato transparente y llimpio cruza'l valle, conservando'l sou verdor.

...Avellanos bravos, teixos sagrados, carbayos, castañeiros, borrachíos, bidueiras y un varioo zarzal de moras, arándanos, toxo, menta, hinox, brezo... y animales en llibertá, ofrecen al viaxeiro úa das muestras más maravillosas del interior del Conceyo del Franco. 323

### **Pablo Quintana López**

Naceu en Vilanova de Ozcos en 1956. Desde 1982 reside na Coruña. Estudoso e divulgador da cultura popular, especialmente do occidente de Asturias, onde realizou importantes investigacións sobre patrimonio material e inmaterial.

É autor *La labranza y transformación artesanal del hierro en Taramundi y los Oscos. Siglo XVI-XXI. Aportación a su conocimiento* (Asociación Cultural Os Castros, 2005), un rigoroso traballo en que estuda todo o relacionado coa produción artesanal de obxectos de ferro e aceiro na zona. En 2005 publicou *Amadeo Goyanes e as zanfoneiras de Monforte*, unha ampla biografía sobre este divulgador e construtor de instrumentos.

Ademais, publicou numerosos artigos en diversos medios escritos (*La Voz de Galicia, El Ideal Gallego*, etc.) e tamén en formatos audiovisuais. Neste sentido, coordinou a serie etnográfica *Recolleita* (Ruada, 1981), onde se publicaron as gravacións que lle fixo ó cego cantor de coplas Florencio da Fontaneira e á pandeireteira Eva Castiñeira. Ó ano seguinte gravou o seu propio LP co título *O cego andante* (Ruada, 1982). Entre 1972 e 1985 ofreceu numerosos recitais de música folk por toda Galicia, outros lugares do estado, varios países europeos e Norteamérica e colaborou co grupo "Muxicas" nalgúns dos seus discos.

Tamén participou como guionista ou director en varios documentais: *Tocar pechado na gaita* (1984), *Bombos e bombeiros* (1986), *Alfarería de Gundivós* (1998), *Alfarería de Niñodagua* (1998) e *Platería e azabachería en Compostela* (1998), *Cocedura tradicional do barro de Buño* (2010), etc.

Así mesmo, divulgou as súas investigacións en diversas emisoras de radio de ámbito galego e estatal e, por encargo da Unión Europea de Radiodifusión, realizou programas de intercambio con emisoras de Francia, Polonia, República Checa e Alemaña.

Como editor, coordinou numerosas publicacións, entre as que destacamos *Os foxos do lobo. A caza do lobo na cultura popular* (Canela, 2010), *Desiderio Sampayo Rico, Siderio de Vilarmide* (Canela, 2015), *Aldeas sen voz* (Canela, 2016), *Antón Corral. A alborada dun soño* (Canela, 2016), *Terra e Alma* (Canela, 2017), *Personaxe desconocido* (Canela, 2018), *A Idade do Ferro* (Canela, 2018), *Carlos Valcárcel. Fotografía etnográfica 1960-1980* (Canela, 2019), *Xosé Seivane. A gaita con maiúscula* (Canela, 2019), *Os Rosales. O son da festa* (Canela, 2020), *Manuel Enríquez Fernández,*

*Nela de Bres* (Canela, 2012), *Un ano no Carballal. Dende a vida tradicional aos novos tempos no Courel* (Canela, 2021), *Manuel Fernández Díaz. Manuel do Juano* (2021) *O eco das estrelas* (2021).

- 324 Algunhas destas publicacións tamén inclúen textos seus e doutros autores e autoras do Eo-Navia. Así, en *Manuel Enríquez Fernández, Nela de Bres* inclúense tres poemas de Alberto Calvín: “Non chores gaitiña”, “Ca gaita prá gloria” e “Cunha gaita basta!; e en *Aldeas sen voz*, a carón das conmovedoras imaxes de Vicente Ansola aparece “A Terra” de Alberto Calvín, “Sin más títulos” de Belén Rico e “A derradeira polavila” do propio Pablo Quintana, que consideramos oportuno reproducir:

Aínda lembro a última vez que nos xuntamos na casa de Balbina para falar de tantas cousas... para escoitar tantos contos...

A aldea foi quedando sen veciños, e sen voz. Aquela fora a derradeira polavila. O mesmo que acontecería en Coirío, Pipín ou Río de Campos, onde Vicente Ansola retratou aos últimos habitantes. Algúns deles xa non se encontran entre nós, pero quedan para sempre nas imaxes e nos recordos dun tempo que se foi.

O seu continuado labor ó longo de tantos anos foi recoñecido en 2019 como Mestre da Memoria pola Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega.

A continuación reproducimos un texto de carácter etnográfico pertencente ó libro *Manuel Fernández Díaz. Manuel do Juano*:

A esfolada do millo

En San Martín de Suarna, igual que noutras zonas próximas, labrábase moito millo ata pouco antes do último cuarto do século XX, momento no que comezaron a decaer as plantacións, desaparecendo tamén outra reunión colectiva de traballo que se daba en todas as casas que o plantaban.

Unha vez recollido e case seco, no outono esfolábase o millo. Á noite, despois de cear, xuntábanse uns cantos veciños en cada casa para facer a esfolada, arrincando as follas de arredor e deixando unhas poucas para logo ir facendo “restres”, como din en Samartín, “enrestrar o maíz”, ou “restras”, como nos contou Paradiñas, fonte imprescindible de información sobre un amplo territorio arredor da capital municipal, ao falarnos do val de Burón:

Maíz agora non se planta casi nada, antes si. Cuando lle quitaban a folla... oi, había polavilas pra... chamámoslle esfolar, esfolo-lo maíz, quitarlle a folla e spois deixábaselle tres follas, as de dentro, pra enrestralo, facer unha restra, unha trenza con el, e facíase... nós chamabamoslle unha restra de maíz, colgábase por aí ó aire, no horro alre redor aquí do... Eso era no outono, a finais do outono, así por outubro máis ou menos. Xuntábase e íbamos esfolar por exemplo aí catro ou cinco, ou máis, a unha casa, xuntábamosen e a cantar na polavila e ás veces

se cuadra iba algún que tocaba... Aquí sempre houbo algún músico, eu acordo ese Antón da Fonte dos Bois, morreu xa hai bastantes anos, Villardongo, outro que tamén tocaba, tocaba pouquiñas pezas pero era mui segurín tocando, aquel tocaba ó pechado, aproveitaba moi ben as notas, e despois tuvo Hermenegildo. Un sobriñ de Hermenegildo tamén tocaba mui ben o clarinete, buf!, tocaba muchísimo ben o clarín, e spois na Casa do Cabo xa ben de viejos, viña d'atrás de tocar a flauta traveseira, pero eu de gaitas na Casa do Cabo hasta Jaime non acordo, non me acordei nunca. (...) Nel esfollón a xente iba porque despois devolvíanse os jornales, sabes? se a min víñanme tres ou cuatro ou cinco esfollar eu volvía ás casas deses que me víñeran tamén, eran jornales prestados. Eso era todo de noite, despois de cenar é cuando se facía eso, algúas veces se coincidía o domingo tamén se facía pola tarde un pedazo e... Se cuadra non se acababa na noite, unha noite, había que ir dúas ou... dependía do maíz qu'houbera. (...) Non se daba de comer, eso polo regular a xente iba cenada case sempre, salvo que houbera un día pola tarde que se fose... secuadra un domingo, secuadra facíase e se cuadra cenábase ou facían unhas empanadas caseras que tamén sabían moi ben e repartiábase á xente que taba traballando alí, a mitá de traballo máis ou menos.

Nesa xuntanza, pequena pero divertida, metade festa metade traballo, en Samartín, á parte das bromas e de comer noces, podía haber algo de música, segundo relata Manuel:

Cando viña o asunto do maíz, a esfollada do maíz, eso era outra festa e había unha polavila que despois comíanse as noces e cantábase, tocábase algún instrumento e solía formarse un baile e mandábase algunha espiga unhos ós outros, había broma e había... e se había algún gaiteiro ou algún músico botábanse unhas pezas, home, tanto!

Ou Paradiñas na Proba:

Ohhh! había bromas, e contos! eso era toda unha historia, moitos chistes e moito... era unha cousa similar á polavila, solo que traballando; como naide suda pra facer eso, porque naide manda apurar, ir quitando as follas, as que cain fácil e deixar tres ou catro folliñas de dentro pra facer a restra despois, que son fáciles de dominar... e os músicos tocaban igual mentres se traballaba, se cuadra, traballando i escutiando a gaita.

Despois de esfollar, as restras pendurábanse nos ganchos dos hórreos para que rematase de secar ben a espiga, curar ao sol, como recorda Antón Santamarina en Samartín, onde aínda se poden ver estas construcións con fermosas ventilacións talladas no peche:

O horro ten un beiril mui grande, e pola parte do mediodía ten unhos ganchos e entonces alí colgaban as restres todos e había puff!, restres... Aquí non se cura

o millo como no resto de Galicia no hórreo, non, enrestrábase, e secaba ó aire, secaba ó aire, si, pero facían unhas restres moi longas.

E Paradiñas no val de Burón:

326

Aquí no horro había unhos ganchos por fóra no corredor do horro, a abeiro, si, i algunhos se taba bon tempo poñían unha estaca se cuadra á porta e poñíanas por... unha lata atravesada, chámolle eu unha lata, un madeirín de nada, e poñíanas ao sol se cuadra un día ou dous i ala, así que chovía abeirábanas e botábanas nun pajar ou... a abeiro, pero aquí dase mui ben eh!, que había unhas mazorcas gordas e grandes...

Despois, xa curadas e debulladas as espigas, aproveitaríase o gran para a alimentación das persoas e dos animais. Co millo facíanse as papas, unha base alimentaria tamén moi importante e case cotiá na zona, como nos contou Antón Santamarina nas páxinas anteriores. Despois de cocer o pan, e co forno aínda quente, botábase a espiga no interior para darlle un tostado, logo levábase dentro dun saco nunha besta a moer ao "muín" e con aquela fariña, "un pouco máis gorda que a do trigo ou do centeo", elaborábase unha comida da que nos deu a súa receita persoal Laura do Blanco:

Siiii, aquí facíamos papas de maíz, eso cómese cando se queira, fainse pra... pa desaiuno, fainse pá cena ou... bueno, cada un... eso; comíanse con leite, e facíanse polo menos en mitá leite, e búas que son. (...) Na pota que vas face-las papas botas leite i auga e alí fainse... Cuando ferve o leite i a auga na que se van facer pois bótaselles a fariña, vaise botando pouco a pouco e remexendo, e van cocendo, pero pouco a pouco eh! E despois cómense con leite, hai quen as come con mel, hai quen as come con azúcar e bueno... agora xa non se fan. (...) Leva fariña, auga, leite, un pouco de sal... Comíanse por exemplo de vrao, anque ten frías, con leite, facendo calor..., son buenísemas, bueno, sabe moi ben esa comida. O que ten maíz faias cuando quere, pero agora non se sembra ningún neste pueblo non, o que sembran é forrajero, é pra os cochos. Antes todos labraban un pedazo [de maíz], pero agora non... agora non se sembra centeo nin trigo nin maíz nin nada. (...) As papas podían ser unha comida de diario, si, había que secar ben o maíz, que cuando se cocía o pan despois botábase o maíz no forno e secalo ben e despois sacalo e límpialo e levalo ó muín, había que moelo tamén, claro, a eses muíños que hai por aí abaxo pero agora eses muíños nada, tan arruinados, non se moi nada porque non se sembra cereal ningún.

Neste punto permítome incluír aquí un pequeno relato sobre a elaboración de dous tipos de papas de millo en Vilanova de Oscos, moi cerca de San Martín de Suarna:

As papas eran úa comida que se facía mais ben pra cenar. Poñíase auga a ferver, e cuando ferve vaise botando a puñados a faría hasta que teña el corpo que



se queira (mole ou duro, según os gustos) e vaise revolvendo ben col cazapelo. Cuanto máis cocidas mellores son. Hai que revolvelas sin parar. Se salen pouco espesas bótaselles outro pouco de faría. Cuando tan cocidas abondo (pra sabelo pódense ir probando con cuidado de non queimarse, sacándolas cúa culler das papas, que é de madeira), cuando tán, bótanse nun plato (hai quen as quer calentes e quen lles deixa trempar un pouquín). Desque taban nel plato ben calentes, facíaselles un furado nel medio e botábase úa cucharada de manteiga fresca, que se derretía e empapaba todas as papas por riba i al corta-las papas coa cuchara íbase metendo por el medio. Tamén se podían comer doutro xeito: tíase el platado i úa tazada de leite al lado, e collíase úa cucharada de papas e mollábase nel leite. Outros verquían el leite nel plato (el leite frío). Se sobran papas, os rapaces da casa que vían da polavila tarde, atopaban as papas na artesa e cuando vían comían aquelas papas frías. Al saca-las papas del cazo pral plato, quedaban pegadas nel cazo as raspas (tamén lles chamaban rapas), que había a quen lle gustaban moito e que pra comelas raspaba cúa culler de madeira e xa as comía así. As papas mentras se tan facendo, al ferver, botan ús gases al salirlles el aire que tein pola parte baxa del cazo; ai que ter cuidado non salte pra fóra porque queima!, pra eso tápase a cazola cúa tapadeira al tempo que se revolve. Había quen al coce-las papas botáballes un chorro de leite, pero as papas tal fainse en augua. Esto das papas vai nel gusto de cada un, hai quen las quer duras i hai quen las quer moles. Prás papas, a faría ten que ser algo gorda, a delgadía é pral pan. Se se tosta el maíz antias nel forno saben mellor as papas, ou se se acaba de secar a faría nel forno, tein outro gusto. El maíz había que debullalo, despois peneiralo, pra quitar as cascas que quedaban del corozo, molelo nel molín (antias, que agora xa non mole), peneiralo cúa peneira das papas, que non é a fina del todo, podíase acabar de secar nel forno, e xa taba preparada pra coce-las papas.

El grosor da faría variaba según os gustos, igual que a forma de toma-las papas ou de cocelas, por eso, pra algús "a faría ten que ser mui delgadía, máis que pra facer pan, hai que molela doutro xeito" e pra outros "non ten que ser tan fina como a del pan". Lo de moler máis fino ou máis gordo pra papas eso iba en gustos, el que fose moler pedía mais gordo ou mais delgado. Despós xa houbo quen empezou a mezclarlles algo de arroz, ás papas, eran ás noites, de inverno, e facían... vamos... daban mellor gusto con un pouco de arroz. Cocía todo xunto, el maíz i el arroz, eran comidas con leite, despós botábaselles leite. Había tamén quen lles botaba mel con del azúcar, del azúcar por riba. Querían mellor el azúcar ca leite. Eso era a cena aquí del aldeano corriente, de inverno.

Estas eran as papas sin torrar, lo que chamaban simplemente as papas, pero tamén se facía outro tipo, as papas torradas, aquelas tían un sabor menos seco que estas últimas que describimos deseguido, eran diferentes. As papas torradas son as que se fain con maíz torrado (tostado). Pra torrar el maíz, era corriente nas

casas el meter a espiga nel forno despois de sacar el pan cuando se facía a fornada; traguíase úa cestada de espigas llíbanse botando nel forno, unde aproveitaban el calor que quedaba despois de cocer. Estendíanse polo forno e vígilábase pra que non queimasen. E así, cuando taban torradas sacábanse. Máis tarde debullábanse e peneirábase el grao pra quitarlle os pedazos de corozo que podese levar, el polvo e todo aquilo que non fose el grao limpio. Despois había que levar el grao a moler al molín; nun saco ás costas ou na bestia. Cuando se chegaba al molín, molíase máis fino ou máis gordo; eso dependía del gusto de cada un, del gusto de cada casa: había quen lle gustaban as papas máis gordas, como facendo algo de grumo, e había a quen lle gustaban máis finías. Por eso molían máis fino ou máis esparzado. De volta na casa, tamén se podía volver peneirar a faría si era que lles gustaban as papas finas, ou pra quitarlle el salvado. Agora xa taba lista a faría pra facer as papas torradas.

### **Xesús Trashorras Nogueira**<sup>608</sup>

É autor do libro de relatos *Paseando canguros* (2021). Reproducimos a continuación un relato que nos facilitou o propio autor:

#### **Carzana**

Inocencio Álvarez, popularmente coñecido coel alcuño de Carzana, foi un curandeiro, sanador ou compostor, cualquera desos nomes lle casaba ben, máis populares del occidente asturiano, tanto da Mariña lucense como da Marina asturiana. Fama que mesmo traspasaba os lindes desta contorniada.

Natural de Paramios, nel concello de A Veiga, lugar que se atopa a 12 quilómetros da capital del mesmo, na carretera que conduce al Alto da Garganta, e polo tanto á comarca dos Ozcos, Carzana, foi un home mui querido e mui respectado en todas estas terras. A súa grande especialidade era la de compoñer ósos, de tal xeito que muitas veces el propio médico del centro de salud, ante algún caso de estorcedura ou dolenza semellante, mandaba al paciente á súa consulta.

Esta, a consulta, tía lugar no bar Parra, na Veiga, a carón del río Suarón, enfrente del que durante muitos anos foi el cine da vila. Alí, nun pequeno cuarto nel primeiro andar, atendía aos pacientes.

Habería muito que contar del. Xa digo, foi un personaxe mui popular, en cuxas maos, quen máis ou quen menos, caíeu algunha vez. E coma muchos outros, que exercían este oficio, tamén atendía todo tipo de animales, principalmente gado vacún. Era muita a fe a que a xente tía nel.

---

608 Para máis información véxase § 1.6.14.

Eu vou contar a mía experiencia. A parte de arrancharme unha vez un paraugas, pois era outra das cousas que facía, amañar obxectos estropiados, unha vez levei el fillo maior a que lo vira por un problema nun pé.

Resulta que xogando na praia, féxose unha ferida na planta del mesmo. Houbo que levalo al médico e féxolle as curas. Nada de importancia. Pasados us días xa taba curada, pero el seguía coxicando, e cada día que pasaba a coxeira iba a máis. Volvemos al médico e díxonos que non era nada, que probablemente colle-ra medo e eso fíalle non querer apoiar ben el pé. El caso é que seguía coxicando. Daquén nos dixo: E por que non lo levades a Carzana?" E aló fomos.

Chegamos al bar Parra. Alí taba na barra tomando un viño e mandounos subir. Miroulle el pé, coel puro na boca, como era habitual nel, caendo as cinzas por riba del neno, e segundo lo apalpou, dixo: " É manía. Non lle fagades caso" mentres escribía algo nunha folla de cuaderno e continuaba dicindo, "mercade este spray e botádello dúas ou tres veces al día, mal non lle vai facer. Pero non vos ten nada."

Pasaban os días e el neno continuaba igual. Xa preocupados decidimos levalo a un especialista al POLUSA, a Lugo. Na sala de espera, había outros pacientes aguardando. Ua señora, preguntounos, que era entón lo que tía el neno. Maruxa, a mía muller, explicoulle lo que lle pasaba, e pra darnos ánimos, xa íbamos preocupados abondo, contounos el caso dunha vecía, que tía un fillo que empezara dese xeito e que despois lle diagnosticaran un tumor cerebral. Quedamos de pedra, e claro coel medo nel corpo.

Entramos na consulta, atemorizados. Sacáronlle unhas placas e despois de mirarlle el pé e mandarlle facer us exercicios, el médico dixo:

—Non ten absolutamente nada. Táchevos tomando el pelo. Así que rapacín, xa sabes, a partir de agora podes coxiar el que queiras, que non che van facer caso.

El alivio, foi tan grande que nos botamos a rir a papo chen.

— Condenado de neno! —Pensamos—. Lo que nos leva facendo sufrir desde hai máis dun mes!

Salíu da consulta andando normalmente, acabouse el conto, ata hoi.

Que ben diagnosticara Carzana, coas súas palabras. "É manía". E así era. El por que non lle fixo caso, e ao médico si, non sei. A que el bon de Inocencio non tía bata branca e por riba aquela consulta nun cuarto medio lúgubre dunha tasca de toda a vida, non parecía asunto serio? Pode que fora eso. Outra cousa era unha sala de consulta, cun médico como debe ser, e con todos aqueles aparellos pra miralo en condiciois.

**Begoña Martín Acero**<sup>609</sup>

Ten algúns libros publicados: uns como coautora (*Mar de cores*, con Paloma García Méndez, agora traducido ao galego de Asturias e á espera da súa publicación); *Técnicas de Expresión escrita*, con Isabel Arcay Veira; *Ei tán... as portas de Boal*, un libro fotográfico-textual bilingüe realizado con Edita Nogueira Tallón e Quique Roxíos; e dúas publicacións individuais: *Termodonte e outros contos* e *Taller de escritura creativa*. Reproducimos un texto e mais un microrrelato inéditos facilitados pola propia autora, xunto con dous fragmentos doutras obras súas:

**Soño de peixe**

A vida del salmón iníciase nel río. Condo os alevines medran, baxan al mar e e viven ei durante un tempo. Pero sempre intentan volver al lugar nel que naceron, e así, nel enorme océano, buscan a desembocadura del sou río materno e poínse a escalar as auguas fluviales asta atopalo.

-Nicolae, Nicolae! -berra Irina. -Nicolaeeeee!

El pequeno Nicolae asómase á ventá.

-Que pasa? -pregunta.

-Vén xogar. Tamos na plaza.

Nicolae pecha a libreta na que fai os deberes, colle a súa pequena gorra de ovella e, colocándola na súa cabecía, baxa correndo as escaleiras. Mamá tá fendo a cía. Papá chegará máis tarde, cansado de cargar coel material da obra. A súa ermá xa non vive con elos. Foise hai anos a Europa. A traballar. Nun bar, dice el sou padre, condo os vecíos preguntan por ela. A súa madre xa non contesta. Sólo chora. Nicolae non sabe por qué tá sempre tan triste. Hoi tará cociando patacas. Outra vez patacas! Puaj!

Condo chega á plaza, ve que hai un novo furaco, xusto onde antes taba a casa verde del señor Ivard. Sentados nel roto muro da parede traseira, Irina e os demais esperan a súa chegada.

-Trouxeche lo que che diximos?- Pregunta un chaval chen de pecas.

-Sí.

E Nicolae saca úa pequena pistola, casi rota xa e algo oxidada.

-Hoi tócame a min xogar con ela, -dice Rotko.

E todos se esconden entre os muros destrozados por a guerra. Suben e baxan polos escombros, buscando un lugar nel que non seren atopados. E Rotko persíguelos, disparando:

---

609 Vid. § 1.6.15.

-Ratatataataataaaaa! -imita el sonido del arma, coa súa suave voz de adolescente.

Todos os días xogan á guerra.

E de sopetón... BOOMMMMM!!! Úa bomba estoupa con toda a súa forza mui cerca da plaza. Os nenos asústanse e miran con medo el lume que sal dos edificios cercanos. Nicolae corre asustado. Chega á súa casa e... Xa... non... tá... Nel sou lugar hai un enorme furaco como nel que taban xogando hai us minutos. Busca al sou padre. E á súa madre. Berra. Sube por entre os escombros. Non hai naide. Acabou el xogo. Nicolae chora, sentado sobre un pedazo de madeira queimada, nel que reconece a flor tallada que tían os sous padres nel cabezal da cama.

Pasan os anos.

Nicolae tá noutro país. Lonxe, mui lonxe. Hai tempo que vive allí, despós de atravesar fronteiras...

Pero sempre, sempre, soña con regresar a casa... Como os salmois.

### **#aguerradetroia**

-Cincuenta pavos a que gaño eu. Pasaban os días apostando. Coa Nintendo; xogando ao mus; cando adiviñaban as palabras do xogo de moda esa temporada, o WORDLE; ata xogando ao parchís e ao xadrez. Mesmo cando se guasapeaban, acababan apostando sobre calquera cousa que lles dese pé na conversación.  
-Trato feito.

Así comezaron a nova contenda.

E cando xa levaban un par de días de retos, gañando un, perdendo o outro e viceversa, a nai díxolles:

-Héctor, Aquiles, deixádevos de tanta liorta, de tanto xogo e tanta trangallada que aínda ides acabar mal!

### **Violeta uz moural**<sup>610</sup>

Chegábamos con aqueles pequenos animais metidos nel peto. Un día, úa ra; outro día, úa sapagueira; algún día de sorte, un escolancio. Pra nosoutros eran pequenos tesouros que conseguíamos despós das horas de escola, naquelas longas tardes del mes de maio en que os campos se cubrían de margaritas brancas e daquelas herbas prohibidas con sabor a vinagre que comíamos sen el consentimento dos nosos padres porque eran causantes de terribles dores de bandullo, de

---

610 Este relato está incluído no libro *Mar de cores*, escrito na variedade do galego de Asturias -a partir da versión orixinal *Mar de cores*, en galego normativo-:

cólicos espantosos, decían... Pero nosoutros devorábamolas e qué ricas taban coel sou aquel de acidez que nos facía chiscar os ollos!

332

E nesos días alegres de primavera era tamén condo Edita empezaba a traernos, metidos naqueles frascos de cristal que nosoutros esperábamos nerviosos pra ver qué contían, lo que atopaba nel sou largo e bulicioso camín desde el crumen del pobo asta a nosa casa. Foi gracias a ela que vimos por primeira vez a temible mantis; que fomos amos das negras e poderosas vacalouras e daquelas carricantas que tanto nos atraían con aquel sou tono verde, verde; que observamos ben de preto os dourados escaravellos e os tenros rinchíos con aqueles vestidos flamencos que sempre lucían.

Condo a calor chegaba, tamén íbamos aos grilos. Por aquel entós xa non había escola e tíamos todo el tempo del mundo: éramos os amos del universo e da naturaleza. Condo víamos que os montes que rodeaban el noso pobo se vestían de violeta coas uces mourales que os cubrían, sabíamos que chegara el momento. Salíamos despós de comer e íbamos al prado da Colmía, un paraíso chen de todo tipo de insectos, réptiles e algún que outro anfibio que paseaba por el pequeno regato que lo atravesaba. Alí, Juan botaba úa mexada rápida na cova e de sopetón, como por arte de maxia, aparecía úa diminuta cabeza negra correndín. Outras veces, se ese sistema non funcionaba, inda que case sempre era infalible, intentábamos sacalos das súas covas cúa pallía. E condo tíamos xa a parella (tres rabos, a fema; dous rabíos, el macho) metida naquela caxa de zapatos da tenda de Conradín, enchíamola de herba, non fora ser que morresen de fame despós de tanto traballo! E á noite colocábamos, por turnos, el trofeo na ventá da habitación pra escuítar felices el cri-cri que producía el frote das súas translúcidas alas.

Mentras duraba el bon tempo, os días de festa baixábamos á costa, metidos naquel vello autobús que facía tanto ruído que todos lle chamaban el "roncón". A min gustábame el mar, sobre todo el sou olor, e era tan grande! Pra Juan, el único interés que tían as auguas era el de poder conseguir un ariego, encher os caldeiros con mexillois, lapas e minchas e tamén con algún pequeno peixe. El colmo dos colmos era topar úa caracola viva ou un cangrexo ermitaño, úa estrela de mar... Eran, al mar, lo que el escolancio á terra: xoias. Á volta, cansos e con sono, non soltábamos os nosos caldeiros e el augua salgada derramábase nas curvas por os asentos e por el corredor mentras Armando, el condutor, nos miraba por el espello retrovisor con cara de poucos amigos. Pero nunca chegaba el sangue al río. Na primeira parada que fiamos achegábase a nosoutros e ollando os caldeiros preguntaba: "Ides fer un arroz, nenos?" Nosoutros mirabámoslo horrorizados porque pensábamos devolverllos al mar, despois de mostralos a amigos, padres e vecíos. Eran trofeos de ida e volta.

E chegaba el outono, mui a modo. Primeiro cambiaba a luz dos días. E un vento morno arrincaba e fía danzar as follas, xa douradas, das árbores da Carballeira.

Os malvas del monte que víamos desde a ventá, aqueles que noutrora nos daban el sinal de saída cara ás aventuras, indicábanos agora, coa súa apagada cor, que chegaba el momento del sosego. Entós pasábanos máis tempo na casa. E foi nesa época condo se meteron en min aqueles olores que me acompañaron toda a vida: el poderoso cheiro del alcanfor que, en redondas e perfectas bólas brancas, se guardaba núa caxa debaixo del mostrador; el olor dulce, chocolateado, que contían dentro aqueles tarros de cristal que Juan e eu abríamos, ás escondidelas, pra comer lo que contían: úa especie de macarrois alargados, pequenos e retortos, que se usaban contra el estreñimento; a fragancia dos xabois e cremas que aparecía de sopetón con solo abrir a porta de cristal; e aquel penetrante e profundo recendo, entre ácido e acre, a substancias medicinales, a herbas e a esencias, que lo impregnaba todo. Ese olor...! Ese olor que permaneceu en min sempre unido á mía madre e á mía querida, paciente e protectora To.

El inverno cubría xa a terra coa súa camisola branca e baixo ela desaparecía a vida. Esos días, na casa colocábanos un pasamontañas e salíamos xogar naquelas brevísimas tardes. Fíamos bonecos, inventábanos aparellos de todo tipo pra esvarar por a neve e axudábanos a abrir pequenos camiós diante das casas. Pero, pasados us contos días, todos ansiábanos que el tépido sol derretise el manto branco –agora xa non tan branco–, especialmente condo meu padre contaba que en Teixido apareceran cabalos comidos por famentos lobos. Nese momento, Juan abría os sous brillantes ollos de chinés e, deixando todo lo que taba a fer, achegábase a min pra contarme a xeitín e mui cerca da mía orella, que úa vez el vira un enorme lobo escondido entre as xotas dos vellos castañeiros dos Chaos. Contas noites teño soñado con aquela aparición!

Así transcurrían aqueles días da infancia. Pisadas profundas, eternas e venturosas.

Asta que un día ... Juan desapareceu. El sou padre atopara traballo noutra parte.

Marchaba el meu compañeiro de xogos. El meu mestre en bioloxía. El especialista en collaríos.

E desde el mesmo día da súa partida soupen que as cousas xa nunca serían igual e creo que, de repente, me fixen maior.

[...] <sup>611</sup>

No femoso val das terras norteñas hai unha pedra con poderes máxicos que garda, agochada no seu centro, unha cruz. Arxila e carbono, amalgamados en compacta e equilibrada unión, forman o seu corazón pétreo.

---

611 Fragmento de *Termodonte e outros contos*, cuxo espacio está situado na nosa terra conaviega. Nel fálese das quisatolitas (unha variedade de andalucita), as “pedras de Boal”.

Hoxe, no val, todos saben que cura as picaduras das venenosas serpes, espanta os inquedos trasnos, fai fuxir o mal de ollo, achega a sorte a quen a leva e sanda certas enfermidades dos animais. Pero quizais ninguén recorde xa de qué modo e maneira se manifestaron por vez primeira os seus poderes e quedaron impresos nela para sempre.

Amnatí e Morgaden saíran de paseo cos seus bravos cabalos: un deles, Tar, un nervioso poldro alazán, fillo da egua preferida do seu pai, corría ledo surcando o breixo que tinguía de violeta os montes rasos do val; o outro, Potor, era un apracible macho, un animal que cubría a case todas as eguas das vellas cortes, intelixente e maduro. O sensato Amnatí escollíao cada vez que o seu impetuoso irmán menor o impulsaba a pasear lonxe da casa, cara á montaña.

### **Xosé Rico Martínez**

Naceu en Boal o 14 de agosto de 1958. cursou estudos de Filoloxía na Sorbona, pero deixounos para fixar a súa residencia en Avilés e dedicarse intensamente ó mundo do teatro. Formou parte, como actor, de varias compañías asturianas; dirixiu Bacanal Teatro, coa que puxo en escena máis dunha ducia de montaxes, e impartiu numerosos cursos relacionados con este ámbito.

Como autor, ademais de escribir case vinte obras, adaptou para a escena textos narrativos como *A metamorfose* de Kafka, *Crime e castigo* de Dostoievski, *Freedom Spik* de Santiago Jaureguizar etc.

Tamén escribiu relatos curtos en castelán e outros en galego de Asturias, coma "El ano que veo B", "De Navia a Xío en sete horas" ou "A propósito da improvisación".

Colaborou en galego na revista *A Freita*, e en castelán noutras publicacións relacionadas co teatro, como *La ratonera*, da cal foi cofundador.

Reproducimos un fragmento, revisado para esta escolma polo propio autor, do relato "El ano que veo B.", co que gañou en 1995 o Premio Narraciones Fantásticas y de Terror de Corvera. Cunha estrutura a xeito de bonecas rusas, no relato vanse abrindo varias historias que logo se pechan unha a unha:

Al ameicer topou madría un día a nena erguida; taba encuruxada na sala arrancando os pelos da cabeza y meténdolos na boca, que xa la tía chía. Chamounos pa que lo visemos y dixo: "Hay que levala a que Don Costante ye lea os Evangelios".

Quixo ir éla sola, nun deixou que naide fose y eso que a nena xa nun andaba de fraque que taba. Marchóu zopiando cuela nos brazos y un saco encapelado na cabeza porque barruzaba ben aquel dia. Inda tuvo que dar a volta desde a Hortúa porque ye esqueizeo el rosario. Era pa baxo, pero sei eu que chegou a Lixóu morta dos brazos.



El cura taba na bodega; foi chamalo a irmá. Cosechaba muito viño; entrébanye na bodega a bebery e comerye os chorizos. Condo piyóu ún dentro tuvo ua bua degresca coel, déronse ua bua mayega. Inda outra vez puxo os ferros, y anduvo ún ua bua temporada con un brazo vendado, escondéndolo el que podía da xenté. Ese mesmo era el que entraba nas casas. Había fame abonda. A nosoutros nun nos entróu na casa pero nel obra revolveolo todo; abríoye el baúl a meu padre y andúvoye coas corbatas que trera de Buenos Aires. Nun sei que pensaba encontrara nel obra como nun fose grao ou patacas.

Os Evangelios tein que lerse tres días; despós del primeiro díxoye Don Constanta. "Hoy xa comerá algo, pode darye café con leite y si la ten, ua galletía". Pa baxo nun dera un paso a nena, pero pa subir xa anduvo algún bocadín. Tomóu el café con leite y fexoye madría uas papias blancas de farina de trigo con azúcar amasada en leite, y nun comeo muitas, pero por lo menos proboulas y nun las cuspío. A os tres días xa taba meyor y díxoye el cura a mia madría: "si quere ver a quén ye fai mal aparézoye nel louxado". Madría dixo: "no, que nun quero terye mala voluntá a nadie". Pero ela culpaba a aquela muyer de embruxarnos a nena.

"Tía que haberye dito al cura que la aparecese pa ver si podía fello".

Si yo dixo é que podía; pero nun tía gana de ver ua aparición. Acórdome condo meo papá iba a misa dos difuntos de Pezós, que fían tres aquel día y pensaba ofrecer a primeira por mia mamá que morira aquel ano y al pasar El Pontingón vío a una mujer, andando delante del, que ye parecía ela, apuróu pa apiyala y chamábala, pero nun ye fia caso. Condo se fexo costo éla andaba mal porque coxiaba dua perna y xa la iba a piyar condo desapareceo nua volta del camín y por más que buscóu nun atopóu a naide. Esas cousas acotoran muito; meo papá anduvo tres días raro, casi nun falaba, pero nun nos dixo que la vira hasta que pasóu tempo. Y nun te acordas conde che contéi lo de M., aquel día que vía de ver lavadoras; y n'ascaleira vin alguén subindo delante de min que coxiaba dua perna como noso primo, coa coxeira que ye quedara de condo prenderan a hormigonera cuel dentro, y al chegar a enriba nun vin a naide, nun sentín ningúa porta, nin hay unde meterse. Aquel día chamounos G. por teléfono pa decirnos que morira. Vera despedirse de nosoutros; siempre nos quixo muito. El alma dos difuntos nel momento de morir pode ir a despedirse da familia y da xenté que quere.

Xa sei que nun crees nestas cousas nin na relixión. És un descastado, nun sei a quén saliche. De pequeno nun eras así, nun sei como podiche cambiar tanto; será por culpa de tou padre que é un descreído, y sempre ta xurando.

Inda volvéu outra vez aquela muyer a buscar tres medidas de grao pero entonces tábamos avisados y escondémosye os nenos y pechamos ben pechado na corte el ganado.

Así me contou mia madre que fora y así lo transcribo eu, sin quitarye nin puerye nada que lo desfigure nin lo cambie.

336

### Belén Rico Prieto<sup>612</sup>

En prosa é autora de contos e relatos curtos. O seu conto infantil *Domingo y os animales* (2008) é “unha cántiga a todos os nenos que viven al pé de xente veyá, aqueles qu’inda poden ir á escola rural, sin presas e sin medo a nada, porque nesos sitios naide yes poe fer miga de mal”, segundo palabras da propia autora. En castelán publicou *La arquitectura en la pintura asturiana*.

Na VI edición do certame *Marqués de Sargadelos* acadou o segundo premio co relato “El cuspe das sapagueiras”. En 2016 publicou o microrrelato “A saya del pan” en *Que non se perda n’el aire*, un libro colectivo que inclúe microrrelatos de varios autores e autoras da zona.

O texto que incluímos é un fragmento de “Un rosario de mueres (Tres misterios y unha letanía” publicado en *Lletres Asturianas*<sup>613</sup>

Un rosario de mueres

(Tres misterios y unha letanía)

[...]

III

A historia d’aquela muer tía que ver cos amores y os *quesitos*.

Y así foi como contou que conocéu el desengaño da mao d’unha amiga, a primeira persona que quixo fora das da casa y que nacera nel mesmo ano qu’ela y el mesmo día.

Se cuadra foi por eso que sendo as dúas nenas, fixéronse amigas na escola. Unha escola unde solo había mueres, as monxas mueres eran sin pernas, nin tetas, parecía cuase sin corazón y que las separaron en cuanto que viron que fían un bon xuntoiro.

A contadora díxoye á rapaza que soupo polas monxas qu’os homes y as mueres naceron pa tar xuntos , pero qu’as mueres sólo poden tar unhas al pé das outras pa rezar, parir ou falar de cousas tan pouco importantes como da fama d’outras mueres que nun la tuvesen boa.

As mueres nun poden xuntarse pa rirse da risa ou pa engalar de felicidadá por sa-

612 Para máis información biográfica véxase § 1.6.18.

613 *Lletres Asturianas* (89: 127-128).

ber que viven y levan en sí el secreto da vida; cuando dúas mueres s'atopan ben xuntas sin falar muito é porque entenden ese misterio, dixo a contadora.

A nena nova da escola, vía de lonxe y trouxo os *quesitos* y a veyá que contaba, daquela nova, proboulas na casa da súa amiga. Os *quesitos* eran como a nena nova, tían el color da tona del leite como el peleyo da súa amiga; cuando sentíu aquel queixo pequeno derretirse na boca, pensóu que, se puidera darye un chucho na cara a aquela nena, os seus papos tían que saber igual qu'aquela merenda rara que vía d'outros sitios unde hasta as vacas daban outro leite, leite con mel.

Pouco duraron as merendas, porque as monxas botaban a unha por un camín y al outra por outro al salir da escola. Os amores contrariosos son os que más nos empeñamos en querer as mueres, díxoye a veyá á rapaza y ela entendéula ben.

As dúas amigas fían todo el que podían pa tar xuntas, os meyores días eran os de vendaval, cara al vento abrían os brazos y pechaban os oños esperando qu'unha golforada las levase lonxe.

[...]

### **Crisanto Veiguela Martíns<sup>614</sup>**

Aínda que destaca como poeta, tamén publicou textos en prosa, algún de título tan significativo coma "Ventá aberta al Oeste<sup>615</sup>" en que reflexiona sobre a lingua do Eo-Navia e a necesaria relación con Galicia e co mundo da lusofonía.

Incluimos un texto inédito que o autor nos cedeu para esta escolma:

### **Piquinim, piquinim...!**

Ei-los eí, el par de velhios, dous velhios diminutos e arrugados, malvestidos e pode que mal alimentados. Ante os meus oños de neno aparecen agora já desdebuxados, el' cuberto cumha pucha negra e ela cum pano dos que as mulheres avezavam levar na cabeza; os dous apoiados em cada sou cajado. Einda los recordo (ou creo recordá-los) sem vestirem de negro; alfinal si, nembro-me delos de mouro, alguém de sou lhes morrería porque el luito nom los abandonou mais.

Eram Periquim e Periquia p'ra todos. El nome de pila dela, el autêntico, foi-se-me da memória; el del' quedou, suponho que por el caso que louto hei relatar. Chamava-se, pois, Evaristo. El dela nom lo tenho esquecido, nom del todo, tenho-lo assim, como se dixésemos, "na punta da língua"; pró na mia vila einda ha haver gentes a acordarem del'.

614 Vid. § 1.6.16.

615 Publicado no libro das festas da Veiga, 2004.

Os Periquios, tal assim a parelha era tamém conecida, tariam casados seguramente, naqueles tempos nom era fácil furtar-se al mandamento eclesiástico e coabitar al alvedrio. Pode-se suponha que teriam vido (ou "baxado" como é aló costume dizir) de algunha parte del concelho mais apartada e decerto mais montanhosa, deí que se diga "baxar" a todo el que sea trasladar-se à Veiga, el nome da localidade já lo diz todo. Enfim, que fossem del nosso município ou de algum outro vezim, Periquim e Periquia nom deviam ser nados nel lugar al que foram morir.

El que sabiam os demais delos nunca soubem. El que eu sabia era que me atraiam por el que tiam de misterioso, el misterio que aos olhos dos nenos tem el que vive à marge da sociedade. Bem mirado, este era el sou caso; el mais del tempo pareciam passá-lo na rua, pois que viviam del amparo del próximo, eram pedintes, pediam lemosna. Despois, a gente falava, havia quem diziam que se tiam tal ou qual, que nom eram tam probes.

Os rapazios, coa crueldade própia da nossa idade, afixemo-nos a meter-nos com elos, solo por ver como el home erguia el sou bastom e fia por nos alcançar coel. Colhim-lhes medo. Na casa diziam que nom me achegasse a elos, que eram muitas as barbaridades que me podiam fér; e crim-lo.

Era sabido que el', quando se enfilava, passava el bastom por el lombo da probe da velha. Tia mal génio como muitos dos que se embriagam a miúdo.

Puidera ser que durmissem nalgumha casa del passeio d'El Palácio, desde a ventá viá-los muitas vezes ali por a "esquina de Vinha", ou "el estanco de Arturito". Os dias de feira e mercado, que era aos Sábados, podia um topar com elos em qualquer lugar dos mais frequentados por a gente, por a praça "del Ayuntamiento", baxo os arcos del comenzo da "Calle Arriba" ou por onde el comércio "d'Os Americanos". Eí tavam, formando parte de umha paisage humana na que todas e todos participávamos, pró na que elos se uniam a outras personagens singulares e populares, como "a Celsa", aquela mulher gorda por demais, pendente da cadeira de rodas del sou filho inválido, home feito já, ou el conecido como "Naina", ainda nom hai muito homenageado na vila que nos arrolou a todos.

Periquim, é dizir, Evaristo, foi-se um dia deste mundo. Sua companheira nom haveria tardar em segui-lo. Contava-se que, tando ela já sola, numha ocasiom algum averiguador quijo saber da vida d'Os Periquios e foi e preguntou-lhe à mulher que como fora que nom tiveram filhos. Periquia oulhou-lo com tristeza e laiou-se pra el': "Ai, é que el meu Varistim tia um pirulim piquinim, piquinim...!"

Se certo ou falso, nom o seim, como lo ouguim relatar entoncos contei-vo-lo eu ora.

### **Xosé Carlos Álvarez Blanco**

Naceu en Pezós en 1960, pero viviu infancia e xuventude en Zadamoño (Eilao). É licenciado en Filoloxía Románica pola Universidade de Uviéu e realizou a memoria de licenciatura sobre a fala de Eilao<sup>616</sup>. Reside desde hai anos na comunidade valencíá, dedicándose á docencia no ensino secundario.

En 1995 publicou *El serzo no louxado*, obra formada por sete breves relatos precedidos dun limiar e pechados cunha parábola. A ambientación é rural, pero o autor foxe do tradicional costumismo descritivo e déixanos textos en que, por veces, a paisaxe adquire importancia de personaxe. Ó redor dos personaxes habitan sensacións coma o fracaso, a morte, a soidade e a tolemia, como sucede no relato que escolmamos:

#### **Un tolo**<sup>617</sup>

Al cabo vas erguéndote da cama pra empezar el día, inda poendo os últimos argumentos pra non dar un paso, pra non ter que alentar outra xornada máis. Arrastrando os pés, achégaste á cocía e miras apallolado el que acabas de descubrir: polo que se ve, tamén el leite se pode cuallar na noite de todos os Santos. Queres untar manteiga rancia, pero el pan ta máis magorento que onte: ¡outro día, Manuel, que quedas sen a parva! Estusiñando, apuras úa copa de país. Sintes laparadas no botelo, no peito, por todo el corpo, que debullan estertores de cova, mais xa tu os sofocas con dous papados fríos de café de borras, mentres pensas: ¡é ben triste tar tan probe!

Andas pola corrada cuase encoiro buscando a guillada. ¿Pra que a queres, ouh, se xa non teis bois? Coa camisa mal sometida aos calzois de pana, en galochas e sen escarpíos, vas baxando os pasos de louxa que dan á horta. Aluado, empezas a condenar que el aire da noite tirou as sebes, que arrevolcou el centén e que a palla brillada non hai Dios que a malle. E a xente volve a salmodiar monotonamente que é ben triste tar tan tolo.

Volves pra a casa aneciando, arrenegando de todas as virxes e santos, maliciando en novo idioma delirante: xestos incomprensibles, ditos disparatados, miradas desorbitadas e fulminantes de raio iracundo. ¡Anda prá casa, chambrón, asustavellas, divirtenenos! Péchate dentro con cinco chaves e sete caravillas. Que non te vexan: ¡elos non saben qué duro é vivir tan solo!

---

616 29. X. C. Álvarez Blanco (1983): *El habla del concejo de Illano (margen occidental del río Navia)*, Uviéu: Universidade de Uviéu (iné dita).

617 Álvarez Blanco (1995: 15-17).

### Paloma García Méndez

Naceu en Serantes, Tapia en 1963, nunha familia dedicada á labranza, sendo a máis vella de catro irmáns. Como ela mesma di, “a mía primeira lingua foi el galego eonaviego que falaban todos al redor meu. Pero enseguida as persoas máis achegadas empezaron a dirixirse a min en castelán, corrixíndome pra que non falara galego. Esa expulsión da lingua materna, que naquel tempo era aínda mui rara nas nosas aldeas rurais -e que por suposto se fía coas mellores intencións- iba ter moita trascendencia pra min”.

Cursou os primeiros estudos na escola de nenas de Serantes e despois continuou no colexio e no instituto de Tapia. Estudou na Universidade de Uviéu e na de Santiago, onde se licenciou en Económicas.

Paralelamente ó seu traballo como empregada pública na Administración autonómica asturiana, participou en asociacións e iniciativas culturais no Eo-Navia, especialmente na MDGA e na asociación *Veña, Veña!* de Serantes, mantendo “sempre fortes e fondas raíces na nosa comarca, tratando de aportar el meu pequeno grao de área naquelo que entendo que pode favorecer el sou progreso e dignificación. Neste sentido, actualmente colaboro coa asociación *Axuntar*, constituída en 2021”.

É autora de relatos en galego e castelán, na súa maioría inéditos, e coautora con Begoña Martín Acero de libro de relatos *Mar de cores* (2004), que está previsto que se reedite proximamente en galego de Asturias. En 2021 publicou a súa primeira novela, *Mientras haya días*.

Reproducimos tres microrrelatos e dous textos publicados en *Mar de Cores*, que neste caso aparecen na versión en galego de Asturias, de próxima aparición.

#### Abisal

Busquei a súa boca.  
Mergullei nela devecendo,  
arrastrada por a luz da súa sonrisa.  
Fun devorada.  
Agora devalo  
na máis fonda escuridade.

#### Pino solitario<sup>618</sup>

Eu chamáballe *Derradeiro*, porque era el último da súa casta. Medraba casi nel valado, a us pasos da arribada, frente al mar bravío. Tía moitos anos pero pouca altura, por tar exposto a todos os ventos. Así lo atestigaban el sou forte tronco, a súa copa inclinada e as súas ramas retorcidas que, feridas ás veces por as acometidas del nordés, destilaban longas lágrimas de olorosa resina. Chegado

---

618 <https://axuntar.wordpress.com/temos-escritores-as/>

el tempo, *Derradeiro* sacudía al aire os gromos anaranxados que engalanaban os extremos das súas ramas, como decindo orgulloso: "Mirádeme: sigo aquí. E florezo".

### **Manuel e os lumes**<sup>619</sup>

*Dedicado a Javier García Herrero*

Sempre ouguín falar mui ben das navallas que fía Antón Ledo. Os entendidos, que non eran poucos nesta terra de ferreiros, decían que el secreto taba nel trempado. Pero non se conócían testigos daquel xeito sou tan particular de afogar el ferro. Contábase que esa parte del traballo unicamente la fía condo taba solo na bodega.

A pesar da súa mestría como artesano –ou talvez por causa dela- non tivera Antón, chegado el tempo, naide que lo sucedera nel oficio. E non por falta de ganas. Contaba Manuel, el sou neto, cómo devecía por aprender ben el arte da forxa, e como sou padre lo apartou sempre daquela vocación que nacera nel desde ben axina.

A aldea de entonces empezaba a baleirarse de mozos, que xa non emigraban a Buenos Aires ou La Habana, senón a cidades menos lonxanas, pra traballar alí nas minas ou na siderurxia. Un delos iba ser Manuel, que cambiaba así el caseo por a barriada e a pequena forxa por a fábrica de enormes chemineas erguidas sobre lumes insondables, nos altos fornos que vomitaban sen descanso ardentes e cegadoras coladas de ferro fundido.

Nas cortas vacaciois, de volta á casa patrucia, vía Manuel a bodega pechada. Pasaba por delante dela úa e outra vez condo levaba el gado beber ou carretaba estrume. Procuraba cortar os artos que teimaban en trepar por riba das pedras e outeaba os rosados liques del louxado mentras axudaba a fer a palleira calcando el herba seca, dourado alimento que mantería nel inverno ás vacas de súa irmá. E, como sempre, levaba nel peto aquela navalla pequena e perfecta que, sendo el un neno, lle fixera el sou avolo.

Van pasando os anos e un día Manuel xubíbase e volve coa súa muller á vella casa, agora baleira. Dispoín con calma a equipaxe. Compran algúa galía, sementes, plantas e del de carbón. Él ten xa da súa mao madeira escollida e certas ferramentas miúdas. E al anoitecer dun día preciso, sinalado muito tempo atrás, dice por fin:

–Vou fer úa navalla.

E vai prá bodega.

---

619 Texto inédito.

E fácil imaxinar a súa emoción ai ir caldeando el ferro con esmero. Al renembrarse, repetíndolo, del delicado ritual de trempar, revenir e recortar. Talvez lle trembou algo a mao nel momento de gravar el uña na folla caliente. Pregúntome se poñería ou non a marca del sou avolo nela. Pero podo velo afilar, triunfante, úa espléndida navalla. Comprobar cómo a aguda lingua de prata esvara entre os cálidos labios da uz. E vexo, entonces, a gran sonrisa que ilumina a cara de Manuel, expresando a felicidade sinxela dun neno que soupo levarse ben coel lume e coel tempo.

### **Azul noitía**

Era un luminoso día de setembro. Retornados os turistas ás súas cidades, a praia taba baleira, enorme na baxamar.

Entrou nel auga. Con ledicia sentiu as telergas del ouca nos pés. Respirou profundamente, aspirando el recendo a iodo e salitre, feliz de atoparse outra vez nel paisaxe máis ensoñado.

Andando sen présa por a area, foi tropezando con bolsas, botes, pedazos de plástico. Concluída a temporada, xa non se limpiaba a praia. Acordouse das cousas que traguía el mar condo elos eran nenos: brillantes boias de vidro que se soltaran das redes; troncos de madeiras escuras; enormes reices, estrañamente lixeiras de tan lavadas; misteriosas botellas de cristal tallado, que acabarían nalgúa casa da aldea, chías de anís con guindas.

Virou as costas al mar. Alí taba a inmensa plantación de eucaliptos que cubría agora toda a franxa da costa. Non tía ante si máis que miles desas árbores que non dan sombra, nin deixan medrar el herba aos sous pés, nin son quén de acubillar un nío. Esas ladrúas das estaciois.

Noutra época, houbera alí verdes prados que al chegar el outono se cubrían de tollemerendas, pra despois acoller nos sous recantos máis húmidos os enigmáticos e vistosos rebentabois. Algús invernos, bandadas de zaconelas fuxitivas del Norte escolían pra pousarse aquel mollado tapiz. Pero a maior das marabillas ocorría condo os espíos se vestían de branco e os loureiros empezaban a lucir as súas borliás marelas. Chegaba por fin a primavera, poñendo outra vez el mundo a bulir.

Pero, andando el tempo, foise impoñendo el monocultivo nas terras e nas mentes. E fíxose máis urxente que nunca saber distinguir, entre tantísimas cousas, as cousas importantes.

Despois de ter pasado muitos anos lonxe, comprendeu que precisamente aquel era el sou lugar nel mundo. Un lugar onde poder amasar el propio pan, onde poder contemplar el firmamento solo con erguer a cabeza, onde aprender dos que



morreron, dos que quedaron e dos que van chegando. Aprender a ter paciencia e resistir, enchendo cada día de vida, mantendo acesa a lucecía da esperanza. E así de primavera en primavera. Porque cada primavera trae consigo úa confirmación e úa promesa. *Paloma García Méndez\_Textos en galego de Asturias*

343

### **Púrpura irisado**

E un bon día chega Fran coel cesto chen de ourizos de mar. Os primeiros da temporada, inda empapados, coa súa brillante color púrpura irisada en verde como el ouca que traen engadellada nas púas.

Sácanse a mesa pequena e as banquetas, pra xuntármonos debaixo del vello mazueiro, agora espido. Dúas collarías pra cada un, vasos pra todos. Daquén serve viño branco, mentras sale del lume a pota fumegante. El sou arrecendo, que concentra as esencias todas del mar, xa encheu a casa e persigue agora á cocieira de tan sinxelo e delicioso manxar, asta quedar nel medio da mesa.

Brindamos coel viño dourado, fresco, gorentando el sou puntín ácido, que nos fai chascar a lingua. Delicadamente, coas puntas dos dedos afinçadas a penas sobre as agudas púas, botamos mao dos ourizos. El sou humilde corpo acoirazado sucumbe ante el empuxe das nosas inocentes collarías e deixa ver por fin as esponxosas, húmidas ovas de intensa cor laranxa, que nos traen á boca el sabor del océano. Entonces, el poder evocador da nosa memoria máis atávica lévanos inconscientemente, por un instante, al mundo acuático del que remotamente procedemos.

É mediodía, brilla fugazmente el sol entre as nubes. El sou resplandor deslúmbra e acaríciános á vez; por eso pechamos galbanosamente os ollos. A brisa tráenos el aroma das mimosas. A conversa, recordos doutras reunións como esta.

Longo foi el inverno, e inda non rematou. Pero que bon acordo tuvo Fran, chegándose á ribeira pra traguernos con que poñer esta amozcadura feliz nel calendario.

### **Enrique González Álvarez<sup>620</sup>**

Coñecido como “Quique de Roxíos”, este poeta boalés tamén publicou en prosa o libro *Debaxo de nabis, sapis*, (2002), unha colección de breves relatos protagonizados principalmente por xente labrega e animais que falan, coma nos contos tradicionais. A esa obra pertencen os dous relatos que reproducimos nesta escolma.

---

620 Vid. § 1.6.19.

**El maiorazgo**<sup>621</sup>

Había úa vez un llabrador que tía dous fillos. Como xa tía muitos anos pensou que tía que amañar el asunto del caserío e falou coel fillo máis vello.

344 - Mira neno. Eu xa teño muchos anos. Se tu queres eu nómbrote maiorazgo e pasas a ser tu el amo del caserío.

Deste xeito pai e fillo puxéronse dacordo. El neno pediu que llo deixara todo a él menos úa pequena parte pral sou irmau.

Al día seguinte foron al notario. El pai iba subido na mula e el fillo llevábalo del ramal.

- ¿Vas ben pai?

- Vou ben, neno, vou ben.

- ¿Queres que paremos un pedazo a descansar, pai?

- Non, neno. Vou ben.

El notario amañou os papeis e al voltar xunta a mula el fillo subiuse nella e díxolle a sou pai que agora tocáballe a el ir andando.

E desta vez xa non lle preguntou se iba ben ou non.

- Agora tira vostede del ramal, pai.

Al outro día el pai ergueuse ben cedo, aparellou a mula.

- ¿A unde vai, pai?

- A ti que máis che dá.

E volveu al notario a cambiar de maiorazgo.

**El toupo**<sup>622</sup>

Había uha vez un toupo que saltupiaba baxo a terra por longas e embolortadas galerías que a súa familia esfuracara en muchos anos de traballo. Tan pronto engataba para os pisos de riba como baxaba ás bodegas e para ello cuase non lle fía falta ver. En realidade vía mui pouco pois os toupos tein os ollos cativos e con muita miopía.

Un día enfilou un corredor descoñecido e seguiu viradando sen fer caso a un compañeiro que lle berraba:

–Alto! Para! Ese corredor vei pra fóra e é perigoso!

Sen fer caso nengún, el toupo seguiu el sou camín atá que se atopou dentro dun montón de terra e cuito inda quente. Ergueu el focico pral alto e a lluz del sol que rellumaba como se foran rellustros féxolle pechar os sous pequenos ollos.

621 Roxíos, Quique de (2000:15-16).

622 Roxíos, Quique de (2000:17-18).

Condo os abriu outra vez, nada máis un pouquín para que el sol non llos queimase viu como úa cousa forte e grandúa se lle vía enriba.

El llabrador deulle dúas ou tres cotuadas cúa eixada e dixo mentres lo remataba:

–¡Toupos! Sempre estarabouzándome entre el cebollo.

### **Carlos Xesús Varela Aenlle**

Naceu en Miranda (Castroverde, Lugo) en 1965, onde estaba de mestre o pai, pero as súas raíces proceden e espállanse polos concellos da Pontenova, Riotorto, Taramundi e a comarca dos Ozcos. De novo residiu en Castropol, onde seu pai foi mestre dez anos na parroquia de San Xoán de Moldes e na propia vila.

Xeógrafo, experto en desenvolvemento local e en etnografía, foi investigador na Universidade d' Uviéu e conta con estudos de Filoloxía Hispánica, un máster en desenvolvemento local e outros cursos complementarios. Participou ademais nun bo número de proxectos en Asturias e Galicia.

Investigador incansable, foi membro da MDGA e levou a cabo diversos traballos relacionados coa comarca, nos que abordou múltiples aspectos como a xeografía, a etnografía, a toponimia ou a lingüística. Publicou artigos en revistas como *Grial*, *Britonia*, *A Freita*, *Raigame* etc., e en xornais dixitais como *Vieiros*.

No ámbito literario, ten un relato publicado no II Certame Antonio Raymundo Ibáñez, Marqués de Sargadelos, da Asociación de Amigos del Museo Casa Natal del Marqués de Sargadelos de Santalla de Ozcos.

Ademais, é autor de obras como *Toponimia del Eo-Navia, O hórreo de tipo asturiano na montaña oriental de Galiza* (2001) ou *Riotorto: guía do concello* (2003).

En 2014 doutorouse cunha tese titulada “Contribución ao dicionario galego: O léxico do galego de Asturias”, dirixida polo catedrático Xosé-Henrique Costas. En 2021 publicou un *Dicionario do galego de Asturias* de 30.000 entradas editado pola Universidade de Vigo, o primeiro dicionario específico sobre o galego eonaviego.



Desde 2003 preside a asociación Abertal, que publicou en febreiro de 2007 o *Informe lingüístico sobre a nosa terra Eo-Navia (Occidente de Asturias)*. Tamén mantén espazos na rede coma o blog *Libros del Eo-Navia*<sup>623</sup> e *Adhesivos del Eo-Navia*<sup>624</sup>.

- 346 Debido ó seu continuado labor a prol do galego do Eo-Navia, en 2004 foi nomeado académico correspondente da Real Academia Galega e tomou posesión cun discurso titulado "A inocencia da lingua", que se recolle no volume *A herdanza da lingua: o galego de Asturias, León, Zamora e Cáceres*<sup>625</sup>.

### A inocencia da lingua

A maioría das veces é a Terra onde naces ou onde viviche a que forma parte dun xeito especial da túa propia vida, é esa Terra que el envolve todo. Desde neno mamei el leste lugués, un tempo muito diferente al de agora e que sei que nunca volverá. Nacín nuha aldea na que non había cabazos, senón horros asturianos, nos primeiros tempos era imposible que lle dese importancia a aquel feito. Pouquín a pouquín fun medrando, a relación coa familia materna fízose cada vez máis intensa e eran os avolos os que marcaban el xeito de vivir nuha sociedade fortemente tradicional.

A mía curiosidade por saber facíase cada vez maior, sempre me prestou saber das mías orixes, preguntaba e preguntaba e aparecían apelidos que compartían uha raia entre terras que non separaba nada, eran os Ron dos Ozcós, os Rocha, os Aenlle, os Sierra de Santiso e tantos outros. Daquela e inda hoi non existía tal raia, os vales continuaban e as familias relacionábanse luitando contra os montes e as fragas. Pra eso valían os camiós que rodeaban as veigas dos ríos ou cruzaban as serras polos cordais. Eran tempos de andar a cabalo ou a pé, que podían durar máis dun día pero sempre se chegaba al destino.

As feiras de Taramundi, onde meu tío nos acollía, representaban pra un pícaro uha xeira nova, así vin facer desde a primeira inocencia as navallas e os cuitelos e ver funcionar os mazos e os molíos. Enchíame de paisaxe, de serras bravas onde a uz reinaba, das ozcas entre montañas, de regueiros a montois, dun ceo muitas ocasións gris, de leiras en abertal, de cortíos con abellas, de seimeiras caendo desde os penedos, de teitos de palla de centén, de abanigar el vento as árbores, de tantas e tantas cousas.

Daquela el mundo interior dos homes e mulleres era máis rico, contábanse contos, lendas, bulía a xente e con ela tamén os nenos. Comencei a conocer os ani-

---

623 <http://librosdeleonavia.blogspot.com/>

624 <http://adhesivosdeleonavia.blogspot.com/>

625 Real Academia Galega (2004): *A herdanza da lingua: o galego de Asturias, León, Zamora e Cáceres*. A Coruña.

mais, as árbores e as plantas. A mía Terra, cavilaba eu que era mui rica, que non existía outra que tivese tantos carballos, acivros, ameneiros, binteiros ou especialmente sofreiras ou érbidos. Tería na vida que ser forte como un boxe.

Peró el destino xoga de xeito distinto, despós de encherme de lama, augua e vento, este levaríame a outras terras na rodeada. Eran terras de mar, de ría, de lanchías, de botes, de mariñeiros, doutros olores, doutras xentes...

Xa non era a aldea del interior, xa era uha vila mariñeira, de casas feitas na pedra que se adentraba no mar, unde a igrexa coel sou lousado azul negro cofaba el ceo gris, era el Castropol das familias distinguidas pero tamén das humildes que ganaban el pan salindo todos os días cos barquíos fóra da ría, eran as mariscadoras de aguillolos e carneiros, de redeiras.

Inda así conseguía desde a casa ver a ría, os barcos pasar, pero tamén as vacas pacer nos prados. A xornada diaria pasábase practicamente na escola, nesas escolas unde os pupitres eran de madeira, con tinteiro de louzo, con nenios que viñan de lonxe, de zonas que eu escribía na mía libreta pero que non sabía nin situar nun mapa. Sabía que muitos delos cerca das súas casas iban a caballo ou a pé varios quilómetros, eu víalos como parte dun mundo desprotexido e inocente.

Al ameicer sabía que elos estaban alí, sempre me acordarei como me ataban os amallolos dos zapatos cuando choraba ou cuando poíamos figurías na terra cubertas con cristais. Se cuadra os veraos eran a estación máis leda pra un neno ou un rapaz, había outros olores, a escola tía outro aspecto, as corredoiras enchíanse de silvas e el sol brillaba sobre as moreiras del patio. Eran inlatres de praia, de area, de castelos que se desfacían, de augua salgada del Cantábrico, de paseos á Veiga á beira del Suarón.

Sabía que fóra daquela vila que me facía enreizar, había outros mundos, uha lingua que unía, que non xebraba nada e que servía pra que a xente expresase nela os sous sentimentos, el sou amor e tamén el sou odio.

Eran tempos de montes guardados, de ríos con truitas, de terras de laboría, de traballo forte, de leiras semadas de centén e meiz, de recolletas de ouca nos ribeiros del mar.

Casas con teito de palla, carros con rodas cantareiras, mulleres enlutadas de negro, de labradores, mariñeiros, ferreiros, arrieiros, costureiras, xastres... Muchos emigrarían, us mui lonxe, prás Américas, outros a Europa e os máis delos ás minas e fábricas da Asturias central, a Barcelona ou a Euskadi.

A mía familia non foi tampouco uha excepción, a emigración pra outros lares produciuse nuha das etapas máis sensibles, na adolescencia. Sendo xa rapaz decatábame que meus pais falaban uha lingua e fóra ouguía outra, e así comen-

zaba a amar uha lingua que traspasaba fundamente el río Eo, que sabía que cruzaba mesmo el Navia e que uhas serras facían fronteira con outra xa distinta, que desde tempos vellos el galego non era solo patrimonio de Galicia senón da Nosa Terra, da comarca máis occidental das Asturias, del Eo-Navia.

Sorprendíame muito como estando noutras terras podía ter a mesma lingua, falar cun amigo de Ibias e sentirme como se fose da mía familia de sempre. Era a consciencia xa da importancia duha afinidade cultural, duha lingua, dus sentimentos expresados en común.

Sabía tamén que muita xente en Galicia non o sabía, que desconocía que os galegos del vello Conventus Lucensis sentían nuha lingua común que iba desde el Frexulfe al Miño.

Máis cuidaba que tía que haber xente coma min e así era, axina soupen que outros eonaviegos luitaban pola súa conservación e presenza, que existían valedores da lingua galega no Eo-Navia que con todo en contra decidiran recoller el lume acendido doutras figuras de tempos pasados como Armando Cotarelo Valledor, Antolín Santos Mediante ou Conrado Villar Loza.

Formaron uha asociación, a Mesa prá Defensa del Galego de Asturias e da Cultura da Comarca (MDGA) e Benigno Braña púxose al frente. Foron tempos duros pero os logros pagaron a pena. El galego xa tía un sito en Asturias e estaba ben representado, gozaba e goza dun número bon de falantes e é uha lingua de arreo usada polo pobo a pesar da incomprensión de tantas instituciois e dalgus sectores aos que a historia non absolverá.

Seguiron anos de luita, de reconocementos parciais, de pequenas batallas ganadas, de acertos e desacertos, pero eí quedou toda uha obra cultural que hoi outros seguimos e que gracias al reconocimiento que neste día me fai a Real Academia Galega, vai ter presenza con todos os deretos, pero sen dexar de constar que inda que el meu nomeamento seña individual, considérome agradecido e parte duha colectividade que luita e vive coas mesmas palabras da lingua de Rosalía e en especial pra esos neníos que inda hoi siguen mamando a lingua galega entre a Serra del Rañadoiro e el río Frexulfe camín del Mar Cantábrico.

### **Fredo de Carbex**<sup>626</sup>

Como narrador presentou textos a varias convocatorias do Certame Antonio Raymundo Ibáñez, Marqués de Sargadelos, e foi premiado nalgunha das edicións. Tamén recibiu en 1996 o V Premio Xeira de Narracións Curtias co relato "Llaboría de brao".

---

626 Vid. § 1.6.21.

Co seu artigo "Notas sobre úa estratexa agroindustrial pral occidente asturiano" gañou o primeiro Premio d'Ensayo Xuvenil A Nosa Terra.

As tradicións populares, a maxia de datas coma a noite de San Xoán, as lendas da zona, a tradición xacobeá etc. están presentes con frecuencia nos seus textos. Pero o autor non se limita a facer un relato costumista sen máis, a partir destes elementos, senón que os usa para recrealos literariamente, cun bo dominio das técnicas narrativas.

Unha viaxe soñada por un tramo da ruta norte do Camiño de Santiago dá pé ó texto que reproducimos, tomado do relato "Camín interior"<sup>627</sup>.

[...]

Desde el cuarto ás escuras reparo na noite pensando qu'ei andar por carreiros escuros de llama asomándoyes reices y arrchechos<sup>628</sup> d'augua, por baxo das llastras da nebra. Úa vara d'avellaneira ha ferme compañía pral fondal al escuro, nel despertar arrentes na mañá. El frío d'úa llastra de pedra ponme nos pes, de súpeto, el llatir frío del eigrlesia de Penafonte, y el recordo del hospital antigo dos pellegríos. Escuito nel ruxir fondo da noite, na que xemen inda os montes al escuro y pandían pol metá del lloombo erguendo col alento nas frebas da nebra.

Esconsonao de vez, imaxino eigrlesias antigas, hospitales de pellegríos y pacios que fixeron d'aspiazo a un reino antigo, y véxome andar entre xente vidas de llonxe, buscando nos recordos. Véxome indo pra un fondal de reigaños y bolortos fitos nas penas, entre penedos veyos y romos col aire y col augua; chego a verme adormer derriba d'un seixo brancal, como nel qu'enredara sendo neno. Al través da ventá, úa lluz cimbrec faime atesar en salir fora, arentes na mañá; pouco despois empeza a espurrirse ás mías costas a rubiénd de lluces marellas.

Ando al escuita por carreiros roxos de foyas y escuros de terra al llaio del Augüeira, entre el herba briza y moyada, xunta cepos mouros y molles, mentres me sinto un neno nun berzo al escuro cua solombra á mía veira. Teño a compañía llucia del augua qu'esbara axeito das canas y caltre con pacencia nas parazas abertas, apalpo nos reyes de frebas nel cerno mesmo dos cepos y a brisa fría y moyada llambe y acariña en min al andar. Cain ralos os fillos d'augua y cofan mestos os peños de nebra, entornando as herbas pra terra. Vou outiando con medo hasta salir, al cabo, da mourén del carreiro á xuntura del alto cua serra, unde nun pinta trembar el aire col barruzo y nun se desfigura el camín, nin as casas, y endurece el pisar molle na llama.

<sup>627</sup> En *IV Premio Antonio Raymundo Ibáñez* (2006: 69-74).

<sup>628</sup> *Sic.*

Sinto a lluz del día nel Bexuste, unde baxan del monte fillos d'augua nas sésigas, y tiro pral corume da serra, mentres m'acariña xa úa brisa na qu'a lluz escapa del cerzo al través dos carbayos y el augua esqueira prás xanzas. Al meu pé os requeiros train al camín dalgús claros d'herba, bidureiras, freisnos, humeiros y pés de carbayos envoltos en hedras. Subo na vaguada, engarabito entre peteiros mestos de xestra, aparte nel berxón, acariño amenteiras; el carreiro nun tira namáis que pra enriba y sin ser quén a ver el sou acabo tento de buscar, dalgo apurao, úa cáscara pellegría, úa seña, úa flecha marella.

### Concepción Álvarez Lebreo<sup>629</sup>

Textos seus en prosa recóllense na revista *Trabatel*. Colaborou en volumes colectivos como *Que non se perda n'el aire* (2016), unha colección de microrrelatos publicada na celebración da semana das letras asturianas.

Recollemos o microrrelato "A promesa" e mais un texto sen título que se publicou no número 9 da revista *Trabatel* (2018). Tanto nun caso coma no outro, reproducimos os textos segundo nolos facilitou a autora.

#### A promesa

Tían fama aquelas festas. Os banquetes que daba na casa debían ser un milagro y él devecía por tan sentao á súa mesa. Ben pensao, él nunca fora a festa ningunha. Levara unha vida tan dura... Sempre escondido, sempre fuxindo. Unha vida dura que lo fixera duro como os penedos entre os que pasaba as noites para escapar dos guardias del gobernador, ou como el tronco da oliveira furada na que metía el saco coas dúas ou tres galías que gazapara, ou cos bolíos de pan que roubara nel forno al ameicer mentres os cais oulaban y él deixaba un rastro de sudor, de rabia, de fame. Era duro y nun se layaba. Porque el tempo que ún perde en queixidos é menos tempo pra discurrir, pra correr, pra comer, pra vivir. Por eso, condo el fiyo, ¡el fiyo en persona!, lo invitou á casa de sou padre, á festa espléndida pola que todos bababan, nun puido evitar lanxir y berrar, pero non pol dolor terrible qu'atorraba os sous membros aporondaos naquel madero, senón pola congoxa de que quizáis a promesa se perdese, como muitas outras, nel aire frío y as solombras daquela tarde escura nel Gólgota.

#### Sen título

Todos os días aguardo al meu amigo sentada nel isla. Teño as rodiyas negras de sentar cara al nordés, mirando pral cabo Sebes. Fágolo asina pra nun velo chegar.

---

629 Para máis información biográfica véxase § 1.6.22.



Veña nadando ou camine polas penas, eu espero de costas cantando pol baxo y espernexando.

Ás veces chega mui cedo y nun teño tempo de pensar. Outras chega á tardiquíu, pero eu sei que vai parecer. Nun levamos móvil pra nun moyalo, perdelo ou esca-chalo contra as pedras. Se nun pode vir, chíframe de lonxe, con un código sacreto que fomos amañando col paso dos anos y que nun ta inspirao nas modulacióis da voz, senón nel linguaxe das miradas, el noso regalar y encoyer de oyo en con-nivencia, pra entendéremonos nosoutros solos condo tamos na multitud.

El meu amigo senta sempre al meu pé, pero non sempre fala. En ocasióis namáis mira na mesma direición dos meus oyo miopes. Hai días en que fala como un tolo: sucédense as anécdotas, as risas, os versos, as renembranzas de cousas antigas que xa naide recorda, y é miyor asina. Condo él cala, podoo acompañalo nel sou silencio ou encher el aire de palabras, chancias, citas cultas ou incultas. As risadas d'él estámpanse contra a Punta del Cuitelo y volven a min, que m'esca-gayo, atacada das súas carxadas. Pero outras veces, as súas risas repenicán como a campá dunha igrexa veyá, que tuvese fundida neste mar que nos envolve, chamándonos a unha misa triste y estraña. Entoncias eu quedoo ronceira y señar-dosa.

Pero hoi xa me tarda. ¡Muito me tarda el meu amigo! Se chega, aunque seña á noi-tía, vou calar. Nun quero toyelo col meu amor escesivo. Nun quero que pase como ayer. Por eso nun traigo ningún verso pra él.

Cáseque sempre traemos un verso tatuado con boli bic nunha parte del corpo: na perna, nel ombro, na cacha, na palma da mao. Un verso en inglés, en portu-gués, en alemán, en francés, en galego-asturiano. Cadaldía, nel verao, despós de nadar ou tomar el sol un bocadín, ofrecémonos os versos ún al outro. Primeiro hai qu'atopalo, luego adiviar quén lo escribiu. Escribo, por exemplo, nel antebrazo: "Todo mo trais, despós haste volver", ou él trai na sufraxa: "und dich lieb ich, ewig Schöne". Condo é difícil, axudamos con opcióis. "¿É de Conchita Lebreo, Xosé Miguel Suárez ou María José Fraga?". Y él a min: "¿Quén lo fixo? ¿Heine, Rilke ou Hölderlin?".

Ayer paséime y, nunha arrotada, trouxen el poema "Ítaca" de Daniel Faria, escri-to enteiro nel lombo. Enfurruñóuse, nun sei por qué. Quedóu amourao el meu amigo. Marmuróu qu'él nun se vía como Ulises y luego roñóu outras cousas que nun entendín, pero suaban como se mazcara sílabas arrincadas d'insultos d'outro tempo. Axina falou alto, cáseque berróu qu'él nun era Ulises, nin el xuglar Geoffroi. Nin eu Penélope, nin Calipso, nin Melisande, nin Lorelei. Y este sito, por se nun me precatara, nun era Ítaca, nin Ogigia, nin sequera el isla de San Simón. Era un penedo furao, grande y malamañao a dez brazas de terra. Nun lo cubría el tapiz de Blaye, senón un campo chen de malas herbas. "¿Quén sou eu?", acabóu por

estrombeirar. Y eu, acongoxada: “El meu amigo...”. Xa algo máis calmo: “Eso. Un amigo. Un amigo”. Y poñía el acento nel “un” con toda intención, a voz trebandando.

352

Eu espero. Anque dixo que nun viría, sigo aguardando al amigo. Al meu amigo. Xa se ule el ameicerín, pero sei que vai vir. Nun chifrou y nun me movo d'aquí. Traigo pintada unha frecha nel papo esquerdo. Vouya ofrecer condo veña, pero calada, pra nun aburalo máis col meu amor desaparexo. Xa lo sinto gabiar. Vai rezando mui axeitín, mezcrando versos en galego y alemán. Y eu, de costas. El meu alemán nun dá pra tanto, pero sí sinto, con abonda claridá, “Aquelos outros ríos”, de Cunqueiro”, y, anque nun entendo ben, sei que pronuncia nas dúas linguas el mesmo nome de muyer, acariñador y melodioso. Quero dar volta, pero sigo de costas. Senta al meu pé, como sempre, y queda calao. Eu tampouco digo nada y, por fin, miro namáis d'esgueira, lo xusto pra ver que trai tres círculos concéntricos pintaos nel papo dereto.

### Martín de Villar

Martín de Villar é o nome co que asina os seus traballos literarios o fisioterapeuta, enfermeiro e osteópata Martín Pérez Álvarez, nacido en Villar (El Franco) en 1975. Desde hai máis de vinte anos desenvolve o seu labor profesional na súa zona de orixe, convivindo con pacientes que son tamén veciños.

Á marxe da súa profesión, levou a cabo estudos relacionados coa cultura da bisbarra e, froito dese labor, publicou numerosos artigos e algunhas obras individuais.

O seu primeiro libro foi *El Cancioneiro d'Alonso* (2009), onde recolle a tradición musical do concello de El Franco, centrándose en catro xeracións de músicos da familia Alonso, de Miúdes, especialmente de Francisco Alonso, compositor de máis de mil obras de música popular.

En 2015 publicou *Curandeiros, compostores y outros sanadores*, centrándose nos coñecementos de medicina popular e nos métodos sanadores que usaban antano. Por esta obra concedéranlle o premio «Fierro Botas» de ensaio en 2014.

Posteriormente publicou dous libros de contos populares, lendas e ditos antigos. O primeiro *Había úa vez...* (2018) inclúe 101 contos recollidos no condello de El Franco e o segundo *¡Cóntos contos!* (2021) amplía o ámbito territorial a outros concellos do noroccidente de Asturias.

Ademais é autor de varios artigos, entre os que podemos destacar “Curandeiros dos Ozcos, compostores d'osos” (2011), “Historia da Orquesta Alonso” (2009), “A melecía popular nel conceyo del Franco” (2015), “Haberlas, húbolas” (2016), “Alicornios y piedras de la culiebra n'Asturies” (2017), “Chalgas d'Entrambasaguas” (2020), “Paco Migas, el último comepecados” (2020), “Lobos de pantalón” (2022) etc.

Nesta escolma reproducimos “Paco Migas, el último comepecaos”, un relato literario baseado nun personaxe real dos anos 70, que encarnaba el mito dos antigos comepecaos.

### **Paco Migas, el último comepecaos**

É todo conto me podo acordar. Eu inda era un neno, fraque de más, pequeno como un abázcaro, y que d’aquella empezaba a ter conocemento. Xa había tempo que me cayeran os primeiros dentes de lleite y al rirme enseñaba os dous paletos de riba. Al llao dereto da crisma tía úa revinxha que se vía dende llonxe. Era lo primeiro que se vía de min. Dicía mía bola que todos os nenos que tían tamaño revinxha salían atravesados. Nun sei si tía razón, pero tampouco ye faltaba toda, teño que reconocello.

Eran tempos d’abrir mundo, de ver cousas novas y conocer a outros como ún. Os amigos que fais a esas edades nunca s’olvidan. Son amigos pra sempre, pase lo que pase. Por moitos defectos que teñan, queslos igual. Por moitas tachas que teña ún, quérente igual.

N’aquella cuadriya éramos tres morrales. Chus, que tía dous anos más qu’eu, y que fía as veces de xefe. Condo ye preguntaban por qué sempre mandaba él, dicía que porque era moito, moito, más grande y que xa tía bigote, entendendo como tal úa pelusa amourazada que tía nel beizo de riba. Él sempre tía a ocorrencia más tollapa y os demás fíamos por llevalla a cabo. El cabo moitas veces salía mal y pañábbanos nel renuncio. Discurría Chus, castigábbanos a os tres, pero era igual. Xico, qu’en paz descanse, taba nel medio dos tres... pra todo. Todo ye valía y con todo achantaba. Dicían por allí que ye faltaba un verao. Eu nunca nada ye notéi. Era dos que van contigo al inferno si fai falta. Y despós tía aquela risa que nun era quen a parar. Era macanudo. Eu era el más novo y el más encrenque. Pra que nun se notase moito andaba a paso llargo afincando nas punteiras, a lo disimulao. Y fíame el valente, nunca dicía que non a nada, y eso qu’agora podo dicir que teño pasado ben medo con algúa d’aquellas albeiradas nas que nos metíamos.

Corría el ano setenta. Inda cheiraba el fumo das fogueiras de San Xuan de fía poucos días y suaron as campás del igresia. Aquella vez nun fóramos nosoutros, y eso que nos prestaba ir tocallas condo nun debíamos.

- Tocan a morto, rapaciós. Ídevos pa casa, andai.- nos dixo úa muyer qu’iba zanqueando costa arriba.

Fixemos como que sí, pero en conto desaparecéu cambiamos de parecer. Dixo Chus qu’había que saber quen fora el que la guiñara; palabras testuales. Anduvemos os tres poñendo as oreyas undequera qu’atopábbamos xente apeteirada, sobre todo si falaban baxo y poñían cara tesa. Anduvemos media tarde sabichan-

do y acabamos enterándonos de que morira el Tío Xan del Souto. Nun sabíamos quén era. Ouguimos dicir qu'era más veyo qu'un tal Matusalén, que tampouco sabíamos quén era. Escuitamos relatar qu'aquel home xa lo deran por morto condo a guerra, y que tamén lo deran por morto na Residencia fía dous anos. Eu nun entendía cómo podera morrer tres veces aquel paisano.

Algús dicían que nun había morrer nunca, outros que pensaban que xa taba morto. Dúas mayeres acaloradas dicían qu'aquello era cantado. Úa, que si llevaba cinco meses sin moverse da cama, que tía as espaldas llagadas, podridas. Outra que si xa se ye aparecera a ella mentres durmía, señal de que ye quedaba pouco de vida. Eu tampouco entendía cómo aparecera el home na cama da mayer si llevaba casi un ano sin moverse da súa. Nun entendía nada.

Al pé del parque outras dúas falaban sin fer tanto ruido:

- ¿Haberá mazaricón?
- Nun che creo...nun tía a naide de sou.
- Pos algo ye haberá que llevar.
- ¿Chegaríayel el Viático?
- Penso que non.
- Pos así nun pode ir...

Aquellas mayeres falaban en código secreto. Eu nun me enteraba de nada y preguntéyie a Chus, que sempre sabía:

- ¿Qué será el mazaricón?
- Nun lo sei... però imos sabello.

Al parecer, el velorio era as oito. Os nenos nun tíamos entrada, taba visto. Chus dixo qu'había qu'ir un bon pedazo antias prá casa del Tío Xan, qu'había un porteyo que daba á bodega y si nun tía a tranca botada, podíamos entrar y subir sin que nos visen pola escaleira del desván. Alló fomos. A tranca nun taba botada, y anque tuvera, el portello tía más furados que trabas. Houbéramos pasado igual.

- ¿Pasaréi eu pol porteyo?.- preguntóu Xico, consciente del sou volume.
- Nun teis duda.- ye dixo Chus. Si cabes, entras...y si non, quedas fora.

Chus ...¡qué listo era! Tía salida pa todo, era tremendo. Eu nun tía mui claro lo qu'era un velorio, parecíame qu'era algo pra rezar a os mortos, però con muitas velas. Algo de razón, non muita, però xa tía. Puxamos el porteyo y sin más, os tres llacazáis xa tábamos dentro. Enveredamos pola escaleira arriba como el que pisa brasas. Había que nun fer ruido. Nas trabas del desván xa nun foi posible, rinchaban como si fose ir todo embaxo. Algúas taban separadas outro tanto como un dido méu.

Chegamos enriba da sala y botámonos de prancha. Eu asoméi un oyo pola grecha entre dúas maderas y allí taba. Eu nunca vira un morto, aquel era el primeiro. Nun-

ca se me ha olvidar. Taba serio, cos ocos pechaos y as maos enriba da barriga cos didos cruzaos. Tábamos ben enriba pero inda así nos chegaban as tufaradas a morto. ¡Cóntas noites teño soñado con aquel momento! ¡Y nel soño abría os ocos!

Chus y Xico nun gurgutaban. Eu nun podía nin moverme, quedéi como ua pedra. Tábamos os tres como tres pedras. A caixa esperaba sola, nun había naide velando. Núa repisa queimaban cera media docía de velas postas de cualquier xeito. Ramos nin coronas como se ven agora nos velorios, allí nun se vían. Inda hoi me acordo de todo aquilo como me cheira a vela queimada.

Tuvemos allí sin movernos un bon pedazo. Nun sei cómo porque ningúa das tres pedras tíamos reloj. Al pouco, empezou a chegar xente, pouca, y pouco a pouco. Chus dixo que lo taban chamando. Mentira. Xico que tía muito que fer. Más mentira inda. Os dous marcharon rinchando con más medo qu'outra cousa. Eu tamén lo tía, muito, pero inda tía muita más curiosidá que medo. Así que quedéi allí solo, fendo a pedra y col oco asomando pola regandixa.

A un banco da sala foron pousarse as dúas muires que tuvéramos escuitando pola tarde, as que falaban del mazaricón. Sentáronse en perfecta sincronía. Aquello tíanlo ensayao, nun me cabe duda. Trían úa espuerta con daqué dentro, pero nun puiden adiviar qué era. Falaban con gran seguridá úa con outra, víase que taban al mando d'aquello. Úa d'ellas dixo al outra úa frase que nunca se me ha esqueicer:-

- Mira, xa tá ei el comepecaos...

Regalléi el oco conto puiden, hasta xa me dolía. Nunca tanto me tardou esperar por daqué como me tardou el espera pol comepecaos. ¿Qué sería aquilo? Nunca tal ouguira, nin volvín ouguir.

Sintíaseye pisar pol pasillo del Tío Xan. ¡Qué nervios! Eu nun podía chegar a ver lo qu'era, tardábame. El oco nun me reviraba más. Dende a regaña del piso vinyes chegar a un par de zancos al quicio. Allí se quedaron. Taba escuro y da mitá das perneiras pr'arriba nun se presumía qué era aquel misterio. Úa das muires, estendéu a mao hacia un tayolo qu'había al pé da caixa y dixo:-

- Pasa, Paco, senta ei.

Desde se puxo nel sentoiro xa vin quén era el que ye chamaban comepecaos. Paco Migas ye chamábamnos os nenos de Veiga. Sempre lo víamos por allí, pero era como si nun tuviera. Era un home que casi nun falaba con naide, mui reservao, con úa vocecía pequena que poucas veces la ouguías. Á tardequía taban os homes xugando a partida nos bares y él andaba por allí al redor mirando, outiando as cartas porriba dos hombros, pero sin participar en nada. Él nunca xugaba. Xa nun era novo, sesenta anos nun yos quitaba naide. Era fraque, miudo, branco de

tez y con barba llarga canosa. Era pequenín y aquel traxe gris que sempre llevaba éraye algo abundante, con lo qu'inda lo fía parecer más froxo. Porriba poñía casi sempre úa gabardina gris, veyá, probe, que fía juego con todo lo gris, veyo y probe qu'era Paco Migas. Andaba sempre coas maos nos bolsos. Era mui tímido, nunca te miraba de frente. Parece que lo tou vendo...

D'aquella fíanse en Veiga sardinadas de cote a cada pouco. Trían xardías pra carnada pra llevar nas lanchas y sempre había cantidá d'ella. Como sobra fíanse varias comilonas al cabo del ano. Entre a xente, esquinado pra que naide reparase nél, taba sempre Paco comendo que parecía que llevaba pra toda a semana. Y sempre solo, sin falar con naide. Lo de Migas era el apellido que ye puxéramos os rapaces del pobo porque aproveitaba tanto lo que comía que nun deixaba nada. Al final inda arrapañaba as faraguyas y metíalas d'un puñado na boca. Daba gusto vello comer con aquelas ganas. Paco Migas era cousa nosa, nunca yo dixemos a naide. Era un mote que ye puxemos sin ánimo de querer faltarye. Naide más lo conocía por ese alcuño. Despós, condo moría daquén nun pobo así pequeno, al velatorio y al enterro iban todos. Y Paco Migas nun faltaba, claro.

Volvendo a lo que taba. Allí tíamos a Paco Migas sentado al pé del cadavre, a cada cual más teso. De sutaque paróu d'escuitarse el murmullo da xente y úa voz grave empezóu a falar nel nome del Padre, del Fiyó y del Espiritu Santo. Namás empezóu el rosario úa das mueres directivas metéu a mao na espuerta, sacóu un bocadiyo grande como el meu brazo y déuyo a Paco Migas porriba da caixa del difunto. Paco coyéulo sin dicir nada, como si xa lo esperase. Xa sabía lo que tía que fer. Parecía ser que nun era a primeira vez. El comepecaos púxose a rañar nel pan sin fer miga de ruido. Cinco misterios tardóu en acabar el que ye deran y quedóu na mesma postura que tía al empezar, como si allí nun pasara nada.

Con un amén empezóu a irse a mayor parte da xente. Outros, os menos, foron achegándose. Entre ellos, el cura. As mueres sacaron da bolsa dúas botellas de Sansón y outras tantas caxas de pastas. D'úa mesía qu'había na esquina coyeron copas y úa botella de coñac. El cura estiróu a mao pra coyer a primeira. Á segunda Paco Migas nun ye dixo que non. Al pouco foi volvendo el ruido y acabándose as copas llibres. Ún baxóuye a tapa al morto y a caixa acabóu valindo pra pousallas. Eu primeiro nun entendía qué fía Paco comendo al pé del morto. Tampoco entendía despós qué fían todos bebendo enriba del difunto. Nun entendía nada, a verdá sea dita. ¡Nunca tal viral!

Fun salindo d'aquel desván pensando en todo aquello que vira, sin cuidado ningún de lo que rinchaban as trabas porque xa falaban tan forte que nun me ouguían. Aquella noite nun durmín cousa. Cada vez que pechaba os oyo, abríalos el morto.

Al outro día atopéi a os meos secuaces, nel Campo La Atalaya, como sempre. Eu llevaba muito que contaryes y ellos tamén trían. Chus tría un bon coscorrón y Xico

dúas soureyadas. Coyéranlos salindo del velatorio. Costóuyes crer todo conto yes contéi y tuveron que pasar varios anos hasta que nos fixemos mozos y nos deixaron ir a velatorios sin sufrir represalias domésticas. Foi condo eso que poderon comprobar que lo que yes contara era verdá.

- Mira, mira, ta ei el comepecaos- diciámos cada vez que lo víamos.

Durante anos íbamos a todos os velatorios con tal de vello. El último que fomos foi el d'él, el de Paco Migas, y allí naide coméu pecaos. Nel velorio de Paco Migas naide llevóu galletas nin coñac. Naide llevóu flores nin puxo velas. ¡Hasta fomos poucos os que rezamos aquel rosario! Tampouco naide coyéu el relevo nel oficio de comepecaos y, dende aquello, pra nosoutros velar difuntos perdéu toda a gracia. Entre nosoutros nunca más volvemos falar del comepecaos, nin volvemos falar de Paco nin de Migas. Eu, el última vez que lo noméi foi al volver del sou velorio. Agarréi a mao de mía madre y un pouco de valor y preguntéiye:

- Mamá, ¿por qué a este home ye chamaban comepecaos?

- Eso nun son cousas que teñan que saber os nenos.

- Si che pregunto esto...será porque xa nun soi tan neno.

- Mira. Condo úa persona muere, a lo miyor ye quedóu algún pecao sin confesar, que se ye olvidase ou que nun ye dese tempo a dicirlo al cura. Pos el comepecaos quitayos, cómelos él pra qu'el alma vaya llimpia pral Cielo...el comepecaos quédase cos pecaos del difunto pra sí.

Lo que me enseñaron os curas nun tía nada que ver con lo que me taba dicindo mía madre. Mía madre taba cuntándome qu'había un atayo pra ir al Cielo. Nun fía falta ser bon toda a vida. Nel último momento el comepecaos quitaba todas as faltas pra ir al Cielo. Nun entendía nada. Llevóume ben anos entender todo aquello. Xa casi lo tía olvidado, pero, lo que son as cousas.

Pasaron cincuenta anos das andanzas con Paco Migas y tía eu todo aquello nel caxón del olvido. Pero resulta qu'ayer petóume na porta un rapaz que dixo tar investigando as costumes veyas nos enterros d'antano. Falamos de muitas cousas, falamos de todo conto había condo eu era neno. Nun me véu á cabeza el comepecaos hasta que xa s'iba ir. Cuntéiye lo de Paco Migas y apretóu el focico. Díxome que yo volvese a cuntar con detalle, notéiye que tía interés. Cuntéiyo todo ce por be, tardéi un bon cacho, y condo acabéi, empezóu él.

Empezóu cuntando qu'aquello de comer os pecaos era úa tradición tan veyas que se remontaba al empezo del mal na humanidá. Existen os comepecaos dende qu'existen pecaos. Aquel rapaz que me preguntaba y quería saber, sabía más qu'eu. Cuntóume qu'aquello era un hábito pagano, desconocido por aquí pero que fora costume en Inglaterra, en Escocia y en Gales hasta finales del siglo XIX y

principios del XX. Allí, mediante rituales, úa persona coyía os pecaos del recién fallecido por medio de comida y bebida, símbolos dos pecaos sin purgar del morto, absolvéndoye con eso el alma y descansándoye el corpo. Aquello taba desaprobado pola Igrexia, pero consentido d'algún xeito. Na mía cabeza todo empezou a ter sentido.

Al parecer, naquellos países, un parente ponye úa fogaza nel peto al difunto y pásaye úa xarra de cerveza al comepecaos porriba del cadavre. Despós de rezar, el comepecaos come y bebe el que ye dan, coyendo así as faltas sin perdonar. Condo había úa morte de sutaque y nun dese tempo a qu'el cura fose confesar y dar a Estrema Unción considerábase qu'esa persona morira en pecado y era entós condo a familia botaba mao dos servicios del comepecaos.

El pecao pasaba á comida y con ella entraba al comepecaos, deixando llimpio al difunto pra pasar a miyor vida. De nun ser así, había medo de qu'el ánima fose al purgatorio y quedase vagando neste mundo, presentándose a os vivos y atormentando á familia que quedaba. Al acabar a cerimonia, queimaban el prato y el vaso qu'usara el comepecaos. El de comepecaos era oficio de probes ou desesperados, de xente que nun tía nada que perder, de personas que sacrificaban a súa alma en beneficio dos vecíos. Daban alivio ás familias. De paso mataban a fame y si cuadra ganaban algún cuarto.

Según me dixo este rapaz, os comepecaos eran xente inmunda, despreciada, apartados del resto, nun fían vida cos demás. Y según me cuntaba todo esto, a min parecíame el retrato calcao de Paco Migas. Muito me prestou escuitallo porque por fin entendín. Prestóume saber qu'aquello que pasou fai cincuenta anos nun foi cousa de Paco nin invención d'un neno medoso. Aquello foi real. Tamén dixo qu'el comepecaos das terras galesas foi visto por última vez na primeira década del siglo XX, pero despós d'escuitar todo aquello, podu dicir qu'eu vin un comepecaos en Veiga muitos anos despós d'aquél. Agora teño ben claro qu'el último comepecaos foi el noso Paco Migas.

### **Cristóbal Rutiña Testa**

Naceu en Cangas de Narcea en 1977, pero a familia é orixinaria de Penafonte, en Grandas de Salime.

É licenciado en Xornalismo pola Universidade Autónoma de Barcelona e doutorando en Historia Contemporánea pola de Uviéu.

Iniciouse profesionalmente en medios cataláns, para trasladarse despois á súa vila natal, onde ocupou o posto de xefe do gabinete de prensa do concello. Colaborou no xornal *Les Noticias* e noutros medios asturianos. Actualmente combina o labor de xornalismo coa docencia universitaria. Polo seu labor como xornalista recibiu o Premio Enriqueta González Rubín.



O seu relato "Os homes quebrados" recibiu unha mención especial no II Premio Antonio Raymundo Ibáñez, Marqués de Sargadelos. Despois, en *Un lustro de relatos curtos*, editado pola Asociación Cultural El Carpio, de Grandas de Salime, publicouse "As truitas", o único texto en galego dos dezaioito que compoñen o volume.

O seu microrrelato "Deva" publicouse no libro colectivo *Que non se perda n'el aire*. En 2015 editou a novela *El batallón Galicia*, que trata sobre o intento de fuxida a través do porto do Acevo do Comandante Moreno e os seus milicianos, en 1937, tras a caída da Fronte Norte en Asturias.

En 2019 publicou a novela gráfica infantil *Os albióis pequenos*, con ilustracións de Luís Navazo e en 2020, *Rececho*, novela en castelán coa que obtivo o premio "Bellvei Negro".

O fragmento que escolmamos pertence ó relato "As truitas".



### As truitas

[...] Pero pa armarlles ás truitas nel río había que andar listos. Non había prohibición ninguna, acaraba sin que nosoutros lle tuvéramos preguntado nada, non é como agora. Pero roubában os úos a os outros. Sí, concluía pa perderse ela soa na lembranza dun tempo e un espacio que as máis das veces nos parecía inventado. ¡Eran cabrois!, e soltaba úa risadísema excesiva e que sorprendía aos meus irmaos mentras xugaban cos coches en miniatura polos camiós imposibles que trazaban nel mueble del comedor. Por eso había que andar listos e por eso sorprendera ela úa noite moi cedo, máis cedo del normal, al sou irmao Aureliano, el truiteiro, collendo el camín del embalse coa lúa encesa ás costas. El ano antes roubáranlle a rede con todo el peixe dentro e al final soubera quen. Si lle tuveran marchado coas truitas nadamáis, pronunciaba disculpándolo, pero tuveron que levarlle el aparello. Foi por fodelo, porque armaba muito mellor que elos. E tamén soubo que foran amigos dél un día que el convidaran á casa Lumeiro e víu que colgaba na cocía vella a rede que el mismo ficera e que reconocera por úos nudos que lle houbera de facer por non darlle chegado el breimante a onde él quería. Pero gardoulles a cabronada e agardou el outro ano pa ir onde armaban elos.

Sorprendido por el exceso de lume que viña daquel ceo sen estrelas, naquela noite que elixira consciente de que outra non iba poder ser, descolgouse por onde a ponte que cruza el río antes de ir a dar coel que forma embalse máis pa abaixo e mirando de non arrastrar as pedras delatorias nel sou descenso chegou a onde úas uceiras tralas que deixaran armado os de Lumeiro. Con movimientos pacientes foi desmontando el aparello con todo el peixe dentro e cuando xa daba en desandalo camín monte arriba, sintíu xente que chegaba xunta él dando grandes voces de parranda. Dende detrás das uceiras, víu como os propietarios da maseira, que bien se vía que viñan en polavila, pasaban xunta dél sin velo e despois tiraban pa onde tiñan armado. E as voces que alí deron en cuanto se decataron del que pasaba pareceulle que as sentiran en Grandas, xurando e perxurando matar al autor del roubo, cúa vilencia verbal amasada nel alcohol consumido núa daquelas bodegas cercanas. Aureliano pasou medo pero non se moveu hasta que foi día e xa víu movemento polas siaras cercanas. Él non lles quería mal. ¡Fora úa vengación! ¡Fora úa vengación!, repetía insistentemente apelando á justicia. ¡Fora una vengación!, mentras os meus irmaos, indiferentes, miraban de buscar nuevos circuitos pa as súas carreiras.

Por eso anos despois cuando volví a sentir aquelas palabras definitivas e agónicas, souben que non andaba a desvariar como lle pasara al meu pa e como xa decían por ahí que nos había de pasar a todos de xeito irremediable. Daquela taba eu sólo na casa. Pelaba úa mandarina cos dentes e miraba pá tele con desgana, como facía ela de manera invariable todos os días. No televisor sucedíanse as imaxes dúa revolea na República Arxentina.

### **Lucía Iglesias**<sup>630</sup>

Ten participado en numerosos actos literarios da comarca e o seu nome aparece con frecuencia entre as persoas premiadas no Concurso de Relatos Costumistas Marqués de Sargadelos: recibiu o segundo premio na IV e na V edición, e o primeiro na VI, polo relato "El soldado Ramón". Tamén recibiu un accésit no I Premio d'Ensayo Xuvenil A Nosa Terra co traballo "Satélite de ida y vuelta". O seu relato "Madera e ferro" publicouse no volume colectivo *Que non se perda n'el aire*. Tamén colaborou na revista *Trabatel* e noutras publicacións colectivas.

### **A primeira fornada de Rosario**

Era ua muyer como as d'antes. Vía de nun tar quieta, acostumbrada a trabayar na casa e fora, na cucía aunque máis na labranza, nas mallegas propias e d'os vecíos; gustáballe bailar, era moza rexaldeira, salerosa, amiga de divertirse de buena

---

630 Para máis información biográfica consúltese § 1.6.27.

manera, sin faltar nunca ás suas obrigacións. Nun sabía porqué aquel día de inverno, frío, húmedo, largo, escuro, sous padres tardaban tanto en chegar, e cuando abriron a porta sua madre traía os ocos chorosos. “Qué ye pasa, mama. Parece que trae mala cara”. “Sólo parece, fiya, sólo parece”.

Despós de cenar contáronlle que todo salira ben; había que facer un esforzo entre todos pa responder á dote pero merecía a pena, era bua casa, el rapaz nun tía mal xeito. Xeito? Pouco ye importaba a María el xeito de nadie más qu’el d’ela, qué desazón! Foron p’a cama; al día seguinte madrugábase, e muito. Nun puido decir palabra en dous ou tres días, nin comer n’ua semana po lo menos. E cada vez que adormecía soñaba con escapar sola e verse pedindo como aquela Rosana que la asustaba de pequena berrando po las caleyas sin un triste bocado, sola e perdida; despertaba afogada, nun era capaz a tragar saliva.

Faltaba pouco, decíanlle na casa que como ela máis ou menos sabía facer de todo, habían recibila c’os brazos abertos; pero María sabía cómo eran esas cousas, sua madre contárallo tantas veces... marchar da casa. Veríase en segundo plano detrás del ama, María de Armestón, que además de roubarlle el nombre quedaríase tamén con a sua ilusión e con el brillo dos sous ocos. E que dormiría con un home al que nun conocía nin había visto más que da lonxe, e sobre todo que a familia xa nun sería a súa. De repente tería home, sogros e cuñados. De repente.

Empezaron por cambiarlle el nombre. Lo más sou que tía; toda a vida ye chamaran María, pero el casarse e chegar a ua casa unde xa había outra así chamada, provocou que desde aquel día pasase a ser Rosario. “Marías son todas, así cambias un pouco”, ye decía sua madre pa consolala, pero nun había consuelo posible; bautizáranla como María Rosario e agora sólo pedía al cielo que nun derivara en Rosana, como aquela veyá que vía pedindo e la asustaba tanto cuando era pequena.

El pueblo era extraña, a casa era extraña, a xente era extraña, e pensaba pa sí que menos mal que a fala nun era diferente porque senon acabaría muda. Sabía facer casi todo pero nun ye iba valir pa casi nada. Alí as cousas tían outro ser, dícese que as sopas nun saben igual en todas as casas e eso non sólo pasa con lo que se come. Tuvo que aprender a vivir outra vez.

Pasaban os anos, chegaban os fijos, nun baxaba el trabayo, pouco miyoraba el alma. Pero si algo é verdá, é que os anos pasan pa todos, e sua sogra María de Armestón empezaba a nun poder con a maseira dos chorizos. Decía ela que a carne dos cochos pesaba máis que nunca, pero era claro que el corpo nun pode igual toda a vida.

E pouco a pouco el gadaño de sacar patacas faise enemigo, e pesa como un batán con mango. E conforme a veyá iba baxando, (María) Rosario asentábase nel outrora terreno extraño. Os nenos medraban.

362

Os cuñados foran marchando. C'os sous brazos fuertes levaba a casa e lo que facía falta de fora; cada vez máis iba coyendo tarefas que facía a veyá, e sin embargo trembaba pensando nel día que tovese que amasar. Nunca facera pan e apenas vira facelo; María de Armestón sólo la chamaba pa sacar as fogazas. "Sácalas tú que parece que tan nel infierno". Aquel forno quente con el pan xa feito era lo único que ye deixaba ver. D'el forno hasta á artesa e tirar el baxase cuando xa nun valía pa outra fornada.

Celebraban el San Juan n'aquela parroquia. As tardes de junio son largas e Rosario aproveitábalas todo lo que podía pa adelantar tarefas e quedar algo máis libre pa os días da festa. Libre era un decir, porque dáballe tanto ou máis trabayo que nunca, pero era diferente. Xuntábanse muitos pa comer e facíanse esforzos por ter de todo como se fose p'á mallega. Lavaba todas as colchas e alfombras, poñíanse as miyores sábanas, ventilaban ven a casa. A noite antes queimaban na fogueira os trastos máis veyos. Ese día poñían ua mesa alargada n'el corral e alí compartían el banquete á salud del santo entre toda a familia.

Aquel ano era especial; ademáis de sous padres e hermaos, vía tamén un tío que emigrara de novo a Argentina e volvía de visita. Oíra de pequena tantos cuentos del tío Pedro...

Rosario tía os planes da festa na sua cabeza desde facía días, cuando María de Armestón empezóu a queixarse cada día mais e pedir todas as mañás que ye chamasen al cura. "Teño que pasar San Juan, don Francisco", ye decía el ama, "teño que pasar San Juan que senon quén coce, quén coce". Rosario sentíase dolida pensando que nun confiaba n'ela, aunque nel fondo tamén ela pedía que pa San Juan a veyá tovese como nova. Pero María de Armestón nun tía fuerzas pa tanto.

A noite máis corta del ano foi pa Rosario a máis larga; nun podía pegar oyo pensando na fornada, en amasar, en roxar...

A miyor faría que tía; el miyor baxase que puido pillar; el formento máis observado; a miyor leña; pañuelo na cabeza e que ningún neno la desconcentrase.

Non sólo era pan lo que facía; taba coyendo muito máis que a paira aquel día. María de Armestón era famosa por facer un pan buenísimo, que salía d'artesa todos os días como el primeiro.

Santiguouse.  
 El pan cocendo.  
 Cómo subía.  
 Xa taba pa sacar.  
 Menuda fornada.

Ningún d'os comensales preguntou na mesa quén cocera; todos comentaron que'l ama María seguía tendo uas maos como naide. A Rosario os nervios esbolicábanlle inda nel estómago.

Sabía que lo facera ben, e sabía que aquela, a súa primeira fornada, marcaría moitas cousas. Aquela noite bailou e ríose como cuando era moza.

### **Victoria Veiguela**<sup>631</sup>

Como narradora, a súa produción é menor que como poeta. Con todo, é autora do conto titulado "Roque", incluído na antoloxía *O canto da coruja*<sup>632</sup> (lanua editora, 2019), dirixida por Francisco Xavier Frías Conde para fin solidarios; e tamén de *Vai chover... As meigas voan baixiño*, publicado no blog *O reino dos contos*, que tamén se pode ler integramente en internet<sup>633</sup>, do que seleccionamos este fragmento:

### **Vai chover... As meigas voan baixiño**

—Vai chover —pensou a vaca—. As meigas voan baixiño este serán. E efectivamente, iso fan as bruxas moitas tardes de verán, cando lles fai falla algún ingrediente segredo para as súas beberaxes. E é que as bruxas non só utilizan barbas de sapo ou pegadas de sombra, non ho, iso non son máis que faladoiros de vellas como todo o mundo sabe, ou debería saber, un dos ingredientes máis importantes das apócemas de bruxas son os raios e as puvisas. E xa me diredes onde carallo (con perdón) van atopar as pobres un bo raio fresco e brillante precisamente cando e necesario. E por iso, que moitas veces se miramos para o ceo a esa hora entre lusco e fusco, vemos unhas manchiñas negras que van dando voltas arredor das nubes. Eu sei ben que desde lonxe poden parecer pegas ou grallas, ou que sei eu, pero non debemos permitir que os sentidos nos leven a engano. Ai, ho, iso e o que elas máis queren e por iso fanse pequeniñas, pequeniñas, para que a xente que aínda ten tempo de mirar para o ceo non saiba que son elas, as meigas. E ese é o motivo por que toman aparencia de paxaro, para pasar desapercibidas,

---

631 Vid. § 1.6.28.

632 Trátase dunha antoloxía de autoría diversa que se publicou en galego-portugués e en castelán, neste caso co título *El canto del búho*, para apoiar a Casa Búho, un proxecto cultural ecuatoriano encamiñado a promover programas de lectura para nenos e nenas.

633 *Vai chover, as meigas voan baixo* by Lastura Ediciones - Issuu

unha especie de camuflaxe, como nas guerrillas, como os maquis ou nas pelis de Vietnam.

364

Máis nós, as vacas, aí, onde nos vedes, tan mansiñas e pintas ou rubias, non somos tan fatas como puidera parecervos. Non, o que pasa, e que nós pensamos.

Estamos todo o día dándolle a moleira.

Por iso as meigas non nos deron trabucadas.

Elas seranche moi ledas, eu iso non volo discuto, pero a cousa é que elas tampouco se molestaron moito en ocultarse de nós. Así que sabemos ben que, cando as meigas voan baixo, é que se achega unha boa, boísima treboada.

E non é que a chamen, mirade vós, é que non tedes nin idea, e estariades moito mellor caladiños, porque se non queredes que volo conte, pois non o fago, e aquí non pasa nada.

Non, o que fan é moito máis sinxelo. Poñen as súas medias a raias, enchen a pel cunha boa crema hidratante e flops! Na vasoira... e voan, iso si, moi atentas ás normas de circulación aérea, porque non sería a primeira vez que unha delas morre atropelada por un avión.

Cando por fin se achegan dabondo á nube elixida, comezan a dar voltas ao seu redor, e a facerlle cóxegas no nariz coas barbas da vasoira. E así ata que a desventurada nube empeza a chorar de riso (entón e cando comeza a chover) e, por fin, esbirra.

Ese é o punto culminante da operación, porque hai que mete-los raios nun bote canto antes para que non perdan calidade e forza en contacto co ar e ese negocio non é tan fácil como podería parecer porque os raios teñen ganas de darlle ao rabo por aí e non de enfurruñarse nunha botella, e a saber ata cando.

Chegados a este punto cada meiga utiliza a súa técnica secretísima, que por (case) nada do mundo rebelaría a (case) ninguén. Unhas perseguen ao raio ata que o pillan pola cola, pero é este un método perigoso, porque non é fácil manter o equilibrio na vasoira.

A outras, máis ben gústalles enganar as puvisas ensinándolles un pao seco ou ata un pararraios, si, home, deses que teñen forma de galo, coas ás e todo.

Suponse que entón os raios van detrás do obxecto en cuestión, e cando están a piques de collelo, zas! Vai a meiga e cázaos co bote.

Non sei, tampouco quero eu quedar aquí de experta, pero paréceme que o mellor é botarlle a lingua e facerlle moita burla para que se pique, veña a por nós e xusto nese momento, cun xesto elegante metelo no bote. Supoño que a expresión ter a

alguén no bote ven de aí, o que pasa e que as meigas botáronvos teas de araña nos ollos para facervos crer que é outra cousa.

Como, queredes saber para que concretamente queren as condenadas bruxas os raios; pois moi fácil, para darlle maior potencia aos seus meigallos... e en tardiñas coma esta, véspera de San Martiño, quérenos claramente para gañar a competición de feitizos que se celebra todos os anos nestas datas.

Ai... recordo eu ben a do ano pasado... si, demasiado ben, porque foi entón cando, eu —permítide que me presente: D. Gustavo Brzoza, único herdeiro do reino de máis aló da mar— tiven a desdicha de cruzarme no camiño dunha desas malísimas, felonas e perfidísimas bruxas.

A historia e a que segue, si me permitides narrala, a historia de D. Gustavo, o príncipe-vaca...

[...]

### Ángel Prieto Souto



Naceu en Santiso de Abres en 1979. Técnico forestal de profesión, exerce distintas actividades relacionadas co ámbito agrario e medioambiental.

Á marxe diso, desde 2002 preside a Asociación Cultural San Tirso del Eo e promove múltiples actividades culturais relacionadas co seu concello e coa zona en xeral, especialmente en todo o que ten que ver coas vellas tradicións, os oficios antigos e coa memoria.

Ten colaborado como conferenciante en varios congresos e xornadas e publicou artigos en *Entrambasaguas* e noutros medios. Asemade, mantén o blog *Cuaderno de Ángel Prieto Souto*<sup>634</sup>, onde inclúe colaboracións en castelán e galego. Dese espazo escollemos o artigo que reproducimos a continuación.

---

634 Cuaderno de Ángel Prieto Souto: ATENEO EGOBARRA

### Pequenas laborías tradicionais<sup>635</sup>

Pra entender o perfil antropológico das comunidades veciñais serán de axuda tódolos detalles da vida de subsistencia, na que se rodeaban os pueblos do baixo Eo hasta mediados do século pasado.

Así n' este espazo repasamos pequenas laborías, que en ocasións pasan desapistadas, por considerarse secundarias, pro que son tan importantes como se falásemos dos oficios máis relevantes da nosa comarca.

Entendendo como oficio tradicional, aquela labor que proporcionaba un xornal fixo e completo a persoa que o desempeñaba con maestría, e que taría incluído dentro de una sociedade gremial; e n' outro lote as costumbres tradicionais, aquelas labores que se usaron repetidas veces de forma habitual e d' afeito, tódolos días. Estas laborías que pretendemos rescatar n' este espazo, non se poden considerar costumbres, pero tampouco encaixan na clasificación de oficios.

Na secuencia da vida dos pueblos a colaboración veciñal foi fundamental, se non fose así, non houvese sido posible un desenvolvemento social en moitas comunidades, así é como estas laborías son tan importantes na vida diaria.

Con este relato preténdese traer a memoria do lector, e así dignificar, aquelas funcións de xente discreta e humilde que facían a súa labor no conxunto da comunidade.

*Levar augua* da fonte a casa era unha labor que en moitos casos non o facía a xente da propia casa, se non que se encargaba a algún veciño que se dedicaba a eso; n' outros casos por ser casa pudiente, e n' outros casos por ser unha persoa impedida pra ese esforzo. Así, entre a necesidade de un veciño e a axuda de outro, había un acordo –por suposto verbal– en donde se suministraba de augua a casa pro consumo de cada día. Era esta unha labor que facían principalmente as mulleres, que levaba un caldeiro na cabeza e outro na man. Rara vez se pagaba en cartos, aunque algunha vez sí, o máis habitual era pagar en produtos da horta ou da casa, e tamen as veces en servizos, como coser a roupa de quen facía o servizo.

*Fiar e calcetar* foi unha labor sempre presente nas casas rurais. Aunque na comarca do baixo Eo o máis común foi facer prendas de lá de ovella, tamén se usaba o lín. En moitas familias cada casa facía o seo proceso de transformación da lá e lín en prendas; pero había quen encargaba o traballo a outras mulleres que se dispoñían pra eo. Recibían os encargos e tamen a materia prima, xa algo procesada; elas aproveitaban os pedazos de tempo suelto para facer todo o proceso de cardar, fiar, torcer, calcetar e tejer. Así entregaban os encargos os clientes; rara vez cobraban en cartos, o máis común era cobrar en produtos da horta, en grao de trigo, ou en pan xa cocido.

---

635 Publicado no libro das festas da Veiga, 2017



A falta de medios rápidos de transporte facía máis habitual a necesidá de acumular necesidades de cada día; así aparece a labor dos *recadeiros*, que desempeñaban homes ou mulleres. As familias xuntaban a lista de cusas que lles facía falta e chamaban a un *recadeiro* que todas as semanas iba os mercados con encargos de unhos e outros. Casí sempre traer algo que faltaba na casa; pero tamen levaban, sobre todo paquetes pra facturar en algún transporte. Este servicios as veces podía cobrarse en cartos ou en pan, ben fose grao ou fogaza.

*Lavar a roupa no río*, foi outra laboría que se encargou muitas veces a mulleres que se dedicaban a ofrecer o servicio. Algo que toda-las mulleres sabían facer, pero por non poder, ou por ser de familia pudiente, muitas veces se encargaba. O habitual era intercambiar servicios, unha familia humilde non tiña forma de pagar a unha costureira, pero si iba lavar a roupa de unha casa pudiente cosialles a roupa toda xunta.

Os coñecementos de *enxertar árboles frutales* taban limitados a personas entendidas e –por suposto- curiosas e mañosas. Quen se dedicaba a enxertar e podar árboles iba ás casas donde o chamaban, e normalmente levaba a ferramenta que lle fixese falta, tamen levaba o pez xa listo e gárcios de variedades distintas. Esta era unha labor que se fose analizada por o coñecemento técnico, ben podía considerarse un oficio, pero nunca chegou a ser sustento único dún xornal, por ser puntual; tampouco era una labor que se cobrase en cartos.

No trascorrir dos tempos, houvo labores secundarias e puntuales, que foron desempeñadas pro xente con certos coñecementos e que poucas veces se tein en conta pra definir e investigar a vida rural de subsistencia; como por exemplo os *cordeleiros*. Homes que sabían facer cordas de esparto, concían a forma de intrincar e conseguir un adibal ou relló da medida que fixese falta. E de paso facían outros aparellos necesarios pro manejo dos animais, como cabezadas pra un burro ou doblas pra xoncer os bois.

En outro bloque pódese descifrar labores agrarias que axudababan ó desarrollo dos pueblos. Situados nunha vida agrícola e ganadera de subsistencia, calquer producto que se poidese vender sería muy apreciado, pra xuntar unhos cartiños, que sempre facía falta pra pagar algo. Así se fixo común ir as pinas o monte e vendelas nos mercados. Ir o loureiro pra vender a algún camión que pasaba unha vez por semana; esta labor era sencilla, había que cortar ramas de loureiro, despóis na casa sacar as follas das ramas, lavar un pouco e entregalo no camión en sacos cosidos. Nunha semana calquer familia sacaba de loureiro tantos cartos como lle facían falta pra comprar productos básicos de alimentación.

Houbo familias humildes que viviron compaginando pequenas labores secundarias, sin un oficio concreto, pero que xuntando os coñecementos de varias técnicas sacaban pra comer e xuntaban cartos pra ir vivindo sin facerse ricos. Un home mañoso de paso que iba enxertar unhos frutales, tamen arreglaba unha

corda ou sellaba unha pota, porque sabía tamen algo de cerralleiro, e se cadraba ben, estañaba algún metal roto. Unha muller tal vez carretase augua por as mañás, facía algún recado a medio día e fiaba mentras vigilaba o almorzo ou cuidaba os cativos.

A diferenza entre cobrar en cartos, cobrar en produtos da horta, ou cambiar servizos, non taba establecida por norma; simplemente se cambiaba ou cobraba según mellor acordasen ambas partes. Ás veces en cartos, por poucos que fosen, pero outras veces por unha onza de chocolate que se non a daban nunha casa rica, non se vía nun pueblo en toda a roda do ano.

### **Eva Moreda Rodríguez**<sup>636</sup>

A súa primeira publicación individual foi *Breogán de Guisamonde, o cabaleiro da gaviota* (1997), unha novela de tema artúrico coa que a autora gañou, con só dezaseis anos, o Certame Rúa Nova de Narracións Xuvenís. Ó ano seguinte gañou de novo este premio, desta vez en castelán, con *Mitología contemporánea* (1999), un conxunto de relatos en que deixa ver a súa fascinación pola música, o cine e a arte en xeral.

En 2002 publicou *O demo e o profundo mar azul*, unha novela breve onde homenaxea moitas figuras do jazz. En 2004 editouse *Singularis Domitilla*, obra coa que gañou o III Premio de Narrativa Historias na Universidade, convocado pola USC. En 2009 publicou *O país das bestas* e en 2010, a novela erótica *Organoloxía*, que fora premiada no certame Narrativas Quentes, de Edicións Positivas.

En *A Veiga é coma un tempo distinto* (2011) aborda o tema da emigración a Londres e como ese cambio de espazo inflúe nas vidas de personaxes que se coñeceran previamente nas beiras do Eo. Esta obra publicouse en castelán, *Veiga es como un tiempo distinto* (2013) e en inglés, *Home is like a different time* (2019). Esta versión, a cargo do hispanista Craig Patterson, foi premiada polo English Pen.

Despois dalgúns anos sen publicar obras en galego, a autora engadiu dous novos títulos á súa xa dilatada carreira: *Para toda a vida* (2020) e *Rapazas de Polar* (2021). Unha primeira versión desta última novela publicárase anteriormente por entregas no blog literario Biosbardia<sup>637</sup>, onde a autora colabora frecuentemente con textos de crítica literaria. Ademais do seu labor literario, Eva Moreda é autora de numerosas publicacións de ámbito académico relacionadas coa musicoloxía.

Na primeira edición do noso traballo publicamos o texto inédito *Materlingua*, ó que agora engadimos un fragmento de *A Veiga é como un tempo distinto*.

---

636 Vid. § 1.6.29.

637 *Rapazas de Polar*. Capítulo 1 | BiosBardia (wordpress.com)

## Materlingua

[...]

Non creas. Pensei moito nesa frase nos seguintes días; fora coma un cravo na parede no que prendera un fío de min, e que fora tirando del ata dar co meu xenio investigador, aquel que se interesaba por todo dunha lingua, por todas as linguas e que estaba un pouco soterrado naqueles días. E prometinme que me fixaría mellor a próxima vez que falase con Arturo Babel. Entón descubríno. En realidade recibira

369

pistas durante moito tempo, durante os meus anos con Arturo no *college*, porque cando lle preguntaban en que lingua se sentía máis cómodo, el limitábase a encollerse de ombros, e esta era unha pregunta moi frecuente, era unha das primeiras que lle facía toda persoa que descubría a súa fabulosa habilidade babélica.

Arturo Babel podería pasar por un nativo. Pero só podería. A súa lingua non era perfecta, ou mellor: si o era, pero demasiado. Había unha pequena porción que se lle escapaba, un terreo cheo de idiomatismos,

de pequenos segredos de familia no que el se movía con inseguridade ou, máis ben, con total ignorancia, con torpeza. E era dificilísimo, incluso para un falante nativo, localizar cando Arturo Babel se

arrastraba por ese terreo: eu mesmo tivera que fixarme para descubri-lo, e é posible que a un oínte pouco atento e escasamente acostumado a fixarse nos contornos da lingua se lle escapase por completo. Arturo Babel non tiña como lingua natal nin o galego nin o castelán: iso podía certificarlo eu mesmo, despois de facerlle dar moitas voltas, despois de furgar na súa lingua ata case o obsceno. Logrei que falase con algúns colegas meus que descartaron asemade preto dunha ducia de linguas. Todos eran expertos que lograron acosalo, coma se fose unha peza de caza, ata aquela rexión da lingua pola que Arturo Babel a penas podía ir trampeando. E, aínda que para que o meu traballo resultase verdadeiramente científico debería ter consultado a moitas persoas máis, na miña cabeza comezou a abrirse paso unha conclusión cando menos estarecedora: Arturo Babel non tiña lingua nai.

[...] <sup>638</sup>

-Son eu. Elisa. Elisa dos Barreses –a última palabra díxoa apresuradamente, coma se todas aquelas vellas filiacións, os alcumes, os nomes da familia da Veiga, en Londres non fosen máis que palabras sen senso nas que non conviña demorarse-. Non me coñeciches, verdade? E como me ías coñecer co cabelo cortado onda as nixerianas, pero era o único sitio para o que nos chegaban os cartos.

Falabas e falabas, e non puiden evitar, no medio da sorpresa, amagar uns sorriso polos tempos pasados antes de interromperte.

- Lidia? Non será Lidia...?

370

Si. Lidia a de Piantón. Mira, mira. Aí a vén.

Outra rapariga de cabelo curto, esta con minisaia e suéter cinguido, apareceu por detrás de ti, apoiouche o queixo no ombreiro e rodeouche festivamente a cintura coas mans. A ela tamén lembraba vela nalgún outro momento da noite, bailando na pista con algún mozo que semellaba bastante menos proclive ca ela a tolear polas modas londinenses. Tampouco a ela a recoñecera. A Lidia eu lembrábaa como unha ratiña gris, fraquiña fraquiña –e, grazas a iso, en Londres o estilo Twiggy acaíalle perfectamente, mellor que a ti, se me é permitido dicircho-, sempre coa cabeza baixa para que ninguén se fixase nela, sempre ao teu rabo. Lembrei que nun dos veráns que estivera na Veiga de vacacións, nos meus anos de Lugo, oíra accidentalmente que Nela e Celestino, os pais de Lidia, marcharan para o estranxeiro. A Nela coñecía ben: nos anos máis difíciles, tíñannos deixado a miña nai e mais a min medias ducias de ovos na porta da casa a cambio de nada, cando baixaba desde Piantón para vender a mercadoría nas poucas casas da Veiga que ficaran ricas. Pero non volvera acordarme dela ata ter en fronte a Lidia, a súa filla, na pista do bar de Portobello Road.

### Moisés Cima Fernández<sup>639</sup>

É autor fundamentalmente de poesía, pero tamén publicou textos en prosa en *Entrambasaguas*, *Trabatel* e no volume colectivo *Que non se perda n'el aire*, conxunto de microrrelatos editado en 2016 co gallo da celebración da semana das letras asturianas.

Desde 2009 xestiona o blog *Paporrubio*<sup>640</sup>, con abundante e interesante contido literario, lingüístico, político, etc.

Engadimos a continuación dous relatos, que nos enviou o propio autor:



639 Para máis información biográfica véxase § 1.6.31.

640 paporrubio

### Cua vista nubrada<sup>641</sup>.

Falín chegou á casa e puxo a televisión. Nela un homón grande e outro delgado turnánanse pra martelar cun mazo núa muria, al tempo que un feixe de xente emocionada berraba tola de alegría, dous rapaces saltaban enriba da parede e úa moza roxa choraba e ría al tempo. Nesto, el home delgado deu en fer un furaco na parece e el homón meteu as maos nél e púxose a tirar hasta que de aquel furaco fexo un boquete enorme. Detrás da parede había moita máis xente furando nela! El neno vía todo esto na tele cúa emoción que non era quen a explicar de ónde lle salía. Entós el home del parte dixo "*El Muro de Berlín acaba de ser derrumbado, Alemania se reunifica*" e a alegría chegaba a todo el mundo. En todo el mundo se falaba da reunificación, da Perestroika, del fin da Guerra Fría... Pasou el tempo e parece que aquelas boas intencións quedarán en ben pouco. Tras a caída del comunismo as antigas repúblicas soviéticas pouco conoceron de aquelas bondades del capitalismo. Quizabes, quen sabe, os políticos non souberon estar al altura das circunstancias; quen sabe se foi que el bloque occidental non quería compartir el pastel coel antiguo enemigo. Lougo chegou el apertura del mercado chinés e a gran potencia comunista foi tamén a potencia dos productos Disney *made in China* e da roupa a precio baxo.

Á xente da xeración de Falín, os nacidos nas décadas dos 80 e os 90, enseñáranlles que todo el que quixeran estaba na súa mao. Féranlles crer que verán al mundo pra mercar minicadeas e ligar coas rapazas de minifaldas imposibles que taban nel fondo del bar, das que entre el escuridá se adiviaban as máis guapas. Però Falín non tía cuartos prá minicadea y as nenas guapas da minifalda metíanlle a lingua na gorxa a outros que non eran él, a los que Falín odiaba e admiraba a un tempo, e a los que, sobre todo, envidiaba.

Pasaron os anos e aínda cuando Falo non tuvo nunca a minicadea nin a moza da minifalda --nin a da minifalda nin el outra--, siguiron contándolle que el mundo estaba a un paso, que el futuro era de sou. Lougo dixéronlle aquilo de que na súa terra "¡claro que hai traballo!" e ben cedo sóubose a sí mesmo feito toda úa *lenda urbana*, sóubose a sí mesmo marchando da súa terra a traballar de daqué que non tía que ver colo que estudiara.

---

Falín chegou á casa --vaia, *casa* é un dicir, porque estaba mui lonxe da súa casa-- e puxo a televisión. Nela un grupo de mozos franceses e inmigrantes queimaban un autobús porque parece ser que non estaban mui contentos cos prais de emprego que el sou Gobierno tía pra elos. Un mozo árabe tiróu úa pedra a un Mercedes y úa rapacía berraba cabreada mentres enseñaba el dido del medio á cámara.

---

641 Publicado en "*Entrambasauguas*", n° 24, Primavera 2007. Adaptado á norma da MDGA para esta publicación polo propio autor.

Daquelas palabras en francés Falín sólo soubo descifrar us poucos nomes --"Villepain", "Chirac"-- y parece que falaba del Contrato del Primeiro Empleo condo dicía "*merde, merde*". Falín nun podía entender el que dicía aquela nena, pero de dalgún xeito sintíu que lo convencía. Daqué nél dicíalle que tía dalgo en común que lo unía irremediabilmente con aqueles mozos franceses.

-Chegóu úa carta de Asturias -dixo el sou compañeiro de piso, condo lo víu entrar pola porta.

Case como un poseso, Falo abríu el sobre pra ler as letras de súa madre, que lle escribía pra dicirlle máis ou menos lo de sempre, que todos están ben, que el sobríu medra que é un primor, que el outro día tuvo por aí Mengana pra convidala á boda del fillo, que vai ser en maio, que non sabe ela se en maio atopará igrexa, que claro, a esas alturas tarían xa collidas, anque nunca se sabe, como agora casa menos xente, que agora lo que se leva é irse a vivir xuntos, y qué qué que che diga, fain ben, que lo outro é todo pra gastos, que mira coa boda del neno de Manolo, a boda mui guapa, pera pra lo que duraron mellor aforraban os cuartos... En fin, cuntáballe esas cousas que cuntan as madres. E a Falo, a verdá, a boda deste ou del outro importáballe máis ben pouco, pero aquelas letras sabíanye a gloria.

Contaban naquel chigre nel que paraban ben de veces un peteirín de asturianos, que houbera dalgúa mobilización en Asturias pol tema del peche dos astilleiros, pero Falo nun se enteróu muito ben del que pasara, porque na tele xugaba el Barça y, claro, eso naquel barrio madrileño abondaba pra que a taberna se encheira de xente que mostraba efusivamente as súas pasiois fuboleiras.

Al chegar al portal, Anna, aquela mocía rusa de ollos enormes que vivía nel terceiro dereta miraba delante del buzón el correo.

-Hola, qué tal? Parece que vei quedar bon día, eh? Cómo vei todo?

-Hola, ¿qué tal? -chapurriaba en castellano a moza con certo esforzo--, estoy mirando el buzón, no llega nada de papeles.

E se quen espera desespera, aquela moza tía úa paciencia digna de admirar, porque todos os días abría el buzón coa mesma ilusión; al final subía as escaleiras canturriando cousas da súa terra. Aquela moza sempre contaba cousas de Rusia, de cuando caera a URSS, de cuando tuvo que vir a España a traballar, e con aquelas cousas Falo quesaba sempre empavolado como un neno pequeno.

Na soledá da cama axuntábanse os pensamentos, a moza francesa que berraba a súa indignación, os compañeiros de chigre que falaran daqué de novos xalés adosados nel cou concello, as letras da súa madre dicíndolle que Bastián fora pra Xixón pra fer non sei qué de ordenadores, e Xuaco marchara pra Bilbao a úa fábrica. Anna, a súa voz canturriando cousas daquela terra tan lonxe metíáselle na cabeza hasta que dormía con aqueles sois.

Un día chegou a policía á porta da nena rusa. Sabicheiro, Falo mirou pola mira como lle apricaban a lei de estranxeiría a aquela moza que cantaba sempre aquelas cancións de lonxe que pola noite aneinaban al asturiano e os lúis alegrábanlle as mañás nos que a xelada –nel sur tamén xela–lle apegaban as sabas al corpo. Detrás da porta el rapaz chorou en silencio. Pasou el tempo e nunca puido superar aquela sensación de baleiro cada vez que subía as escaleiras silenciosas.

---

Falín chegou á casa –desque levaran a Anna era menos casa que nunca– e puxo a televisión. Nela un homón grande e outro delgado turnábanse pra martelar cun mazo núa muria, al tempo que un feixe de xente emocionada berraba tola de alegría, dous rapaces saltaban enriba da parece e úa moza roxa choraba e ría a un tempo (conto se lle parecía a aquela outra moza que conocera e que úa lei e us homes de uniforme lle quitaran!). Úa voz en off dicía *“con la caída del Muro de Berlín, miles de alemanes recobraron su libertad para pasar la frontera entre la RDA y la RFA...”*. El documental sobre a caída da Muria recordoulle a Falo aquel día que, sendo neno, vira na tele aquelas mesmas imaxes, aqueles días ondea quela alegría lle nubrra a vista a toda úa xeración que creu que el mundo estaba al alcance da mao. A voz en off seguía falando con aquel ritmo monótono *“poco después, con la unificación de Alema...”*.

Falín apagou a televisión e salíu da casa. Tía que despear a cabeza.

### **Wellcome to Spain**<sup>642</sup>

Cuando Modu chegou a España dende Senegal el primeiro que ouguíu foi un «bienvenido a España» que un guardia mui sorrinte lle dixo. Despois colleu un tren que lo levou a Almería, onde se puxo a coller fresa. El xefe era bon paisano e féxolle axina el contrato, asina que despois das súas seis horas de traballo (porque el sou xefe estaba polas 35 horas semanais) volvía á súa casa, que pronto compartiría con María Isabel Torre de las Mercedes, filla dun empresario murciano que se namorara de Modu, y nun había diferencia, nin cultural nin de clases, que impedirá ese casamento.

Eeehh... Perdón, que se me vai a pelota, é que me gustan muito as historias con final feliz. Teño úa amiga que sempre mo diz: «Moi, as historias que acaban bemn sonche mui guapas, pero non son creíbles». Eu dígolle que se nun tén ningún sentido del romanticismo, del idealismo, de poder crear un mundo mellor. Dígolle que se todos puxéramos a nosa imaxinación y os nosos esforzos pra ter ese mundo, ese mundo sería el que teríamos, que querer é poder...

---

642 Publicado en *Trabatel*, n° 2, Novembre 2008. Adaptado polo autor á norma da MDGA pra esta publicación.

A verdá é que cuando Modu chegou a España dende Senegal el primeiro que ouguiu foi «*negro, quieto ahí me cago en tu puta madre, quieto te digo cabrón*», pero, claro, cuando daquén corre detrás dun negro cun fusil e os ollos en branco, como núa peli de medo, a nadie lle quedan ganas de quedar parado. Asina foi que Modu correu, correu como un tolo por toda a Bahía de Alxeciras, e tanto correu que chegou a Madrid.

En Madrid conoeu pronto a solidaridá española. Esa solidaridá que sempre dicen na tele que temos nesta pelella de boi. Cuatro agresiois nazis e úa acusación infundada dúa vella coa que tropezara, que pensou que el *negrito* (que é como a xente políticamente correcta chama aos negros) quería roubarlle el sou bolso, coas súas preciadísimas posesiois, entre as que se incluía un valiosísimo vale descontó pral Caprabo. Esto fexo que el noso *negrito* tivera que correr delante da policía, e non sería el última vez. As máis das veces coel que tropezaba era cúa moza mui amañada de traxe mouro que lle quería cobrar non sei qué imposto por vender cedés.

A vida en Madrid era dura, e cruzarse con xente que aseguraba mui ufana «*yo soy español, español, español*» e vistía *bombers*, xente de ben, sen duda, que paga os sous impostos e polas mañás almorzan de seguro coel sou honrado padre avogado ou xuíz del xulgado de primeira instancia polo penal, e coa súa madre, eterna ama de casa que tía que estar pendente todo el día de lo que fía *Paquita* (que en realidade era rusa, ou ucraína, ou rumana, ou dun desos países comunistas que tein esos nomes tan raros, asina que la chamamos *Paquita*). En definitiva, que a vida naquela ciudá non era mui agradable. Mui to había que correr delante delos. Un día tuvo que correr tanto, tanto, que chegou a Asturias.

E, aí amigo! Asturias xa é outra cousa. En Asturias, como todo el mundo sabe, acolleemos ben a todo el mundo, somos abertos, campechanos, coime, que es de fóra?, ven, ho, e toma un culín, que está mui rico. Ois, proba este augardente, que é de Taramunde. Que? Tratámoste ben en Asturias, eh? Aquí non hai que escapar dos nazis, claro que non! Aquí está a policía municipal. Dúas agresiois da municipal de certa ciudá, que non imos mencionar porque os da capital son mui mal tomados, e a moza de traxe mouro que, como en Madrid, molestáballe que venderas cedés.

Cuando chegache á casa, el piso que compartías con cinco senegaleses, dous marroquíos e un caboverdiano, estaba tomado pola policía, que los desaloxara a todos. Tuveche sorte de non estar na casa nesos momentos. Diche a volta como se non tivera nada que ver contigo e, con lágrimas nos ollos, fuche almorzar onde sempre. Na tele da cafetería falaban dos asturianos emigrados a América, cuando a fame tía color branco. Un asturiano con acento uruguaio ufanábase de que agora os inmigrantes eran ben recibidos na súa España natal, que quería volver, agora que se volveran as tornas.



Cuando Modu chegou a España, dende Senegal, el primeiro que pensou é que xa alcanzara a terra dos soños, que xa quedaran atrás as penurias de patera, fame, andar pol deserto hasta el esgotamento, as persecuciois da policía marroquí, a persecución da miseria que era como úa plaga, un animal que se alimentaba da xente e que collera aquel home, trabándolle na súa carne moura, e xa non quería soltalo, fora onde fora a súa presa. Cuando Modu chegou a España dende Senegal descubriu que el soño de prosperidá de Europa era como esas discotecas con dereto e admisión, ás que non podes entrar con tenis. Nesta Europa con dereto de admisión non podes entrar con pel moura nin con fame nel estómago.

Xa cho dixen cuando empecei a cuntarche a historia de Modu, que a min préstame as historias con final feliz, aunque non haxa quen las crea. Asina que imos fer un esforzo mental por crer que Modu chegou a España entre sonrisas, que deu en casar con María Isabel Torre de las Mercedes y que cuando volvía de traballar as súas seis horas diarias (porque el xefe , como todos os xefes en España, estaba polas 35 horas semanales) deixase caer nel sofá a ver a tele e sonríe pensando que, despois de tantas penurias, xa alcanzou el soño europeo.

Podemos pensalo, ou, se resulta un esforzo de imaxinación demasiado grande, se como me diz a mía amiga, non é creíble, podo ofertar un final alternativo.

María Isabel Torre de las Mercedes casou cun tal Borja María, que non era bon pra nada, pero levaba el xersé atado porriba dos ombros e non daba muita guerra. Despois meteuse en Gran Hermano e gañou el concurso, féndose tremendamente famosa, e é que ser famosa era el soño da súa vida.

- E Modu?

- E ese quén é?

- Modu, el prota da historia, el senegalés.

- Quen ho? De que senegalés falas? Cala home, que Milá está falando con María Isabel e non oigo nada.

### **Héctor Acebo Bello**<sup>643</sup>

Do poeta e xornalista santiseiro reproducimos un artigo publicado en *El Progreso* o 4/09/2017 e no seu blog o 6/ 11/2017<sup>644</sup>.

643 Para máis información biográfica véxase § 1.6.32.

644 <http://llavedeloscampos.blogspot.com/2017/10/o-galego-do-co-navia.html>

### O galego do Eo-Navia<sup>645</sup>

HAI UNHAS semanas, nun coloquio ribadense organizado pola agrupación Francisco Lanza, o poeta boalés Quique de Roxíos e eu queixámonos do desprotexido que se atopa en Asturias o galego, lingua natural do Eo-Navia, a nosa comarca. Existe a Lei 1/1998 de 23 de marzo, a través da cal un concello pode permitirlle á veciñanza empregar o correspondente idioma propio (o galego —oficialmente, «gallego-asturiano»— ou o asturiano) en igualdade de condicións co castelán; pero, para gozarmos dun dereito tan esencial, os falantes dependemos, xaora, do compromiso lingüístico das nosas autoridades, o cal no Eo-Navia é baixísimo: ata agora só A Veiga regulou a utilización do galego. Dende que o Principado lle outorgou á Academia de la Llingua Asturiana as competencias sobre o idioma eonaviego, asistimos á seguinte situación ridícula, única no mundo: unha academia tutela dúas linguas, a súa e outra veciña; isto tradúcese na transculturización, pois a ALLA sostén que as falas da nosa bisbarra son unha mestura de trazos do galego e do asturiano, negando así algo recoñecido por toda a romanística e a hispanística: estamos ante unha serie de variantes do galego oriental. No ensino do Eo-Navia, queda patente a condición subalterna do noso idioma, que só ten presenza —deturpado— nalgúns centros, mentres que noutros ocupa o seu lugar o asturiano normativo, tamén como materia optativa. É vergoñoso que os cativos de Santiso (o meu pobo) non teñan a obriga de estudar a lingua vernácula —moi ligada á identidade—, ó contrario do que sucede nas escolas dos concellos lucenses limítrofes, Trabada e A Pontenova. Nunha Asturias orgullosa do patrimonio de seu, o asturiano e o galego serían cooficiais nos territorios onde se falan; e quen mellor que a RAG, seguindo os modelos do catalán nas Baleares e do éuscaro en Navarra, para tutelar a lingua autóctona do Eo-Navia? Isto semella hoxe unha utopía, pois as institucións do Principado aínda están na pueril fase de confundir as fronteiras administrativas coas lingüísticas. O galego ten que lucir un traxe que resalte as súas sinuosas formas, a súa tersura, pero algúns (cheos de prexuízos) vísteno de espantallo.

### Inés Fernández Fernández

Coñecida como “Inés de Lavandera”, naceu en Campos (El Franco) en 1983. Despois de rematar un ciclo de Técnico Superior en Educación Infantil graduouse en Maxis-terio.


Foi mestra de infantil e, asemade, titulouse como docente de galego-asturiano. En 2010 comezou a exercer esta especialidade en Ibias e despois en Boal e Xarrio. Na actualidade imparte aulas nun colexio da Veiga.

---

645 [https://www.elprogreso.es/gl/opinion/galiciae/o-galego-do-eo-navia/2017\\_0904\\_154350753733.html](https://www.elprogreso.es/gl/opinion/galiciae/o-galego-do-eo-navia/2017_0904_154350753733.html)

É autora de *As tres xarolas*, publicado en 2015 pola Asociación de Veciños "La Unión", de Campos. Ela mesmo confesa que este libro naceu en Ibias e que as historias que conta son a propia realidade, aínda que axeitada á rapazada. Con este mesmo título, a autora realizou unha adaptación teatral para nenos.

Reproducimos un dos capítulos de *As tres xarolas*:



### ¿De quién é el cumpleaños?

Era inverno y fía muito frío. Xa taba empezando a xelar y Lola y Fina nun sabían mui ben qué fer toda a tarde.

- ¡Ah nía! –Dixo Lola mirando de esgueira.

El outra, qu'era argute a montón, nun ye fexo falta máis; xa se deu conta de qu'a tarde iba ser zambayuda.

-¿Que che dole? – Contestouye ríndose pollo baxo.

-A min... A min... A min apetéceme cantar, ¿y a ti?

A Fina empezáronye a subir úas cellergas pollas pernas enriba que pensaba que se mexaba da emoción.

-A min apetéceme tanto como a ti, hemos de diciryo a Xusta, a ver qué ye parece. Y pr'alló foron, prá casa de Xusta, que durmía á patachá. Metíase cada sesta que clamaba el cielo.

Peró pouco ye duróu el sosego á probe Xusta, porque as outras dúas empezaron a berrar por ella d'un xeito que penso qu'e s'enteraron todos os vecíos.

Condo xa taba ben espabilada, contáronye a súa idea y asina foy que yes faltóu tempo pra poñerse a cantar (si se ye podera chamar cantar).

¡Fíanlo a cuál das tres miyor!... ¡Úas voces... Y us alaridos houbo nesa casa, que mialma case duraron hasta as once da noite!

Cantaron de todo, dende David Bisbal col “Ave María” hasta Manolo Escobar col “Solo te pido”.

Polla mañá nun se falaba d’outra cousa entre os vecíos y os rapacíos.

378

A sorpresa foi que, condo chegaron á escola, os compañeiros preguntáronyes:

-¿Pos de quén era el cumpreanos ayer, que tánto cantábades?.

Y Xusta, mui remangada, contestouyes:

- Pos fai falta celebrar daqué pra poñerse a cantar?

Y agora dígovos eu ¿nun vos parece que Xusta tía razón?

### **Pablo Trabadelo**<sup>646</sup>

Presentamos dous relatos inéditos que nos facilitou o propio autor:

#### **Caxa**

*Despós del sexo:*

- Nun pododo crer qu’esteamos fendo esto...

- ¡Nía! Aborreces de primeiras, é normal, pero... ¡Monxas nun somos que nun las hai! E van ben aló. Aquí se nun s’aveza ún... Ademáis, xa está feito, eso tía que ser antes... Xa encargamos a caxa...

-Cala ca caxa, cala...

- ¡Ois! Xa lo tíamos falao, ¿ou non? ¿Nun nos explicamos ou nun nos entendemos? A cousa está como está, pasóu o que pasóu, temos os anos que temos, eso todo non ha a cambiar porque nos poñamos tu y eu... éticos. Morríamos de fame, ¿ou non? ¡De fame! Os tres, aló que íbamos os tres. ¿Morríamos ou non? ¡Di!

- Morríamos, morríamos... Xaora que morríamos.

- ¿Y nun protestéi eu cando da empresa? ¿Y nun fun despós al paro y fixen os cursos y todo? ¿Y qué? Han a contratarme, si, de ofimático, ou de primer auxiliar, ou de peón de carpintería, e acabo de desfer os cadriles. ¿Ou te contratan a ti, que nun teis por aquí nin unde mandar os currículos, que hasta os vellos cando quedan inútiles marchan todos prá residencia? E coche nun temos, que nun temos con que terlo. ¿Qué facemos? ¡Morrer de fame, que xa morríamos d’aquela! E dá igual, que a caxa xa la encargamos fai un cuarto d’hora.

---

646 Para máis información biográfica véxase § 1.6.36.

- Cálame xa ca caixa, ¡cala xa, que parece que nin d'él t'acordas!
- Acordo, cona, acordo...
- Pos que nun lo botas de menos pinta.
- ¡E que lle hei a botar? ¿Nun ta ben mellor así que como taba? Iba acabar igual, y nosoutros con él.
- Tas ben seguro...
- ¡É mellor estar ahí ñañañaña como estás tu!

### **Na cocía**

- ¿Comemos?
- Comeremos, que hai con qué.
- Eu creo que pros nove mese danos.
- Nove meses namáis... Esperarémoslle algo...
- Muito non, que entre máis novo máis choran.
- Chorar han chorar ho, "o pouco de nacer", han a decir...
- Si... ¡Nía! ¡Acouga! Chegará con media latiña, que o bonito sale caro...
- É verdá, e pra min ten que quedar, que agora como por dous e necesito sustancia.
- Neso tes razón, bota todo pral teu plato. Aparte, tes que te poñer resistente, que de aquí a que che pare a regla inda tes que comer por unhos cuantos.
- Ay, non fales así, que me torgo.
- ¿Pos? ¿Nun ha a ter que ser así? Mellor ir téndolo clarito.
- ¿Y tu debes de pensar que os vecíos son todos apayolaos, que van estar enchéndonos a caixa tódolos anos?
- ¡Cona! Eso... Temos este e despós mudámonos, malo será que nun nos dea, entre o que aforremos d'esta máis o que saquemos da outra.
- Eu nun sei, eu nun sei... Con Filbertín tes razón, foi mellor así, el neno xa veu mal de primeiras, claro eu agobiéime porque a mai é a mai, xaora, pero é verdá que xa nacera medio averdosao, caíalle a cabeza, nun mamaba, nin choraba, nin se movía siquiera, ¡queixarse da fame o único! Pero el negocio este nun sei...
- Nun sabes, nun sabes, pos espera a ver qué comemos dentro d'un ano e sendo tres. Chamas a Madrid que nos manden d'el goberno, ou da empresa, mellor

chamas á empresa, tu que falas alemán tan ben, fálalles en alemán ou en bangladeso, pra que te entendan, e que nos manden elos de comer, que fagan unhos filetes de empresa, ou que metan empresa nunha empanada, eso taría rico, e que nos manden tres pedazos, ún pra min, ún pra ti, y outro pr'al neno, e comemos empanada de empresa ¡que é a empanada que máis presta comer!

- Cómache el demo a cabeza.

- Non, cona, é que debes de pensar que a min préstame el negocio... Pero é o que temos, unde traballar nun hai, aquilo eran outros tempos, e inda que houbera tein un cento de novos que foron a universidá y que nun tan reventaos como tamos nosoutros. Pior sería roubar, nía...

*Sentados á porta, estrelas e grilos:*

- ¿Y cómo lo habemos fer?

- Pos... Hostia, nun sei...

- Eu casi digo que... como el outro... como Filbertín...

- Pffff... ¿Y hemos a ter buche pra tanto? Quero decir, cona, el outro foi él, quero decir, nun fomos... ¡Cona! ¡Que foi un accidente!

- Pos entón xa me dirás home, ¿é mellor afogarlo? ¿Ou lle metemos os dedos na corrente?

- Pos nun sei qué decirche, se cadra algo d'eso é máis limpio...

- Será, pro aquilo sabemos que funciona... Se cadra por nun ser tan "limpio", qué sei eu, pero a comida esta ben que nos presta, haberá que asegurar, ¿ou qué?

- Debéu ser por eso, si... A verdá que muito nos dixeron o de "eche búa pena, co guapín qu'era el neno"... "E que fora desfigurarse así, ca cariña saladiña que tía"... Eu acordo unha muller que me dixo: "co guapíos que quedan os bebés nas caxas, que parecen ánxeles, pro el voso neno nun quedóu pr'escaparates, non".

...

- Si ho, eu nun sei, pero el caso é que a caxa foi ben chea, pagóu ben el enterro.

-Pagóu, cona, pagóu. -Tócalle o bandullo grávido. Sorrín muito. Grilos y estrelas.— Come, come, que a caxa esta inda ta por encher.

### **Noite de festa na Veiga** (relato costumbrista).

Andy e Lucas cunha chea de raposas no palco tocando a de amores que matan. Un é un puto gordo, el outro un chulo. Bum. Y estas aquí berrándolles guapos. Guapíos, sí. Bum.

*(sobre o rebúmbio)* – ¡Acabarán xá éstos mérdas?!

*(ollos de burro cansado)* – Hostia neno, pra estar así millor nun viñeras...

– ¡Buéno! ¡Tú vén mexár é cála á bóca!

*(e van e vein, e han ser a causa do desdén)*

Bum bum bum bum.

*(aspira fondo e forte, os ollos grandes)*

Bum bum bum bum.

*(bufa feroz e volve aló, os ollos coloraos)*

Canto cosco. Vou pisar todo. Virxen. Bum bum bum. Xa acaban. Andy e Lucas. Raposas. Coscos. Bum bum. Menos mal. Qué esperan. Teño sede. Teño sede. Bum bum. Teño sede.

*(liberándose)* – ¡Téño séde!

*(estarabouzo, estampida)*

Cago en dios. Qué tocas. Coscos. Raposas. Piso todo. Bum bum. Gaviotas. Limacos. Bum bum. Morcegos. Formigas. Morden. Bum bum. Sede. Teño a boca seca. Formigas nos brazos. Formigas nas pernas.

– ¡Bacardí cóla! ¡¿Qué querédes?! ¡Éu invíto! Bum. Teño sede. A ver se o traen d'unha puta vez.

*(peta na mesa, pum pum pum pum)*

– ¡¿Vén eso óu qué?!

– Calma neno.

Bum bum. Solta me cago en dios. Calmao tou nun me descalmes tu. Bum bum.

– ¡Sólta nún mé tóques éh!

– ¡Hála ho! Acouga, que tein apuro abondo.

– ¡Buéno! ¡Vóu mexár!

*(e vai e vén, e ha ser a causa do desdén)*

Bum bum bum bum.

*(aspira fondo e forte, os ollos mui calentes)*

Bum bum bum bum.

*(bufa e sacúdesse canino, os ollos crestas de galo)*

Coscos. Raposas. Morcegos. Piso todo. Mato todo. Bum bum bum bum. Sede.  
Bum bum.

(pum pum)

Bum bum.

(pum pum)

– ¡Vén ou qué?! ¡Cágó én díós!

– ¡Acouga hostia!

bum bum bum bum bum bum cago na raposa da virxen bum bum bum bum bum bum  
bum mato todo bum bum bum bum bum bum qué me tocas subnormal bum bum  
bum bum bum bum grádoche a mao me cago en dios bum bum bum bum bum bum  
bum bum pápocha chántoche os dentes hasta el alma bum bum bum bum bum bum  
bum berra que non solto bum bum raposa do carayo bum bum bum bum bum bum  
bum

*(cando as raposas osman a sangre, igual qu'os marraxos y as caneas y as dumi-  
celas y as xinetas e todos os bichos que comen pitas, perden o sentido e vólvense  
dúas raposas, oito raposas, medio millón de raposas, e poden de súpeto safarse  
dos tarbellos qu'as prenden y esmigallarles a queixada y os beizos y os papos  
que bufan y as costelas que bufan e bufan y os ollos que estalan nebras y as per-  
nas que volan aspaventadas como pitas, esplumándose y chilando)*

bum bum bum bum bum bum bum bum bum bum bum bum bum bum bum bum bum bum  
bum bum

*(pensa de turbón, todo latido de sangres todas revoltas e salíndose por unde nun  
deben)*

bum bum bum bum bum bum bum bum bum bum bum bum bum bum bum bum bum bum  
bum bum búm búm búm búm búm búm búm búm búm búm búm búm búm búm búm  
búm búm búm búm

.....  
*Basado nunha hestoria verdadeira.*

### Helena Frías Viana

Nada en 1992, continúa a tradición literaria da súa familia e ten publicados contos infantís en varios sitios web. Ós dez anos escribiu “O Talitis”, “Vampiros do mediodía”, que escollemos para esta escolma, e “O capitán Penadura”, publicados no blog *O reino dos contos*.



En *Abracadabra*, *Biblioteca Virtual Infantil Galega*, atopamos “Quen é o ceo?” e, de novo, “O capitán Penadura”; e na *Biblioteca Virtual Eonaviega* publicou “Ensalada de contos”, versión galega de varios relatos escritos orixinariamente en castelán.

### **Vampiros do mediodía**

Toda a xente sabe que os vampiros (se é que existen) dormen pendurados do teito mentres haxa luz solar e se erguen á medianoite para asistir a importantes xuntanzas organizadas polo Consello de Tiranos do Inframundo (CTI) ou para tomaren un chisco de sangue fresco.

En todo isto hai unha gralla (por non dicirmos que nada do anteriormente mencionado é certo). Neste interesante documental hei explicar que eses costumes se remontan á época do Conde Drácula (que en paz descanse o tan admirado señor).

Para comezar, son moitas as mudanzas nos costumes dos vampiros.

#### **ALIMENTACIÓN:**

Arestora, os vampiros sentaron a cabeza e refusan sugar sangue de inocentes, que era o tema principal das discusións do CTI, que nestes momentos se dedica a fundar hospitais.

Por esa razón, basearon a súa alimentación no zume de tomate, que é máis san que o sangue, e mais os ovos bulidos, que lles recordan os ollos que tanto adoraban na Idade Media.

#### **HORARIOS:**

Canto aos seus horarios, eles érguense ao mediodía, non para faceren un contraste coa medianoite, senón porque adoran bailar na discoteca e deitarse moi tarde á noite. Por iso, precisan durmir un mínimo de dez horas ao día, aínda que iso supoña erguerse á unha do mediodía.

#### **VESTIMENTA**

Os vampiros mudaron as capas pretas por roupa deportiva e camisetas do seu equipo de fútbol favorito.

#### **MASCOTAS:**

Enantes non había un retrato dun vampiro completo sen que aparecese ao menos un morcego, ora pendurado do teito, ora do seu ombreiro. Asemade, fartos de que estas “simpáticas” mascotas chupasen máis sangue ca eles, dedidiron substituílos por hámsteres, que non dan tanta guerra, non enchen o teito de excrementos e, o máis importante, non lles fan a concorrência coma chupasangues.

## CONCLUSIÓN:

O que podemos salientar deste folleto informativo é que os vampiros se encontraron en franca minoría perante o resto dos mortais comúns de carne e óso e...  
mmm, sangue, polo que chegaron á conclusión de que prefiren unirse ao inimigo antes de se veren vencidos por el.

Así e todo, heiche advertir que se algún día ves un individuo con lentes de sol á noite, lisca! Aínda que ti poidas ver o sol, a eles aféctanlles as radiacións e, malia os máis deles seren pacíficos, algúns aínda conservan o seu ancestral instinto asasino...

## 2.6. Outros nomes, outros sitios

Como era de esperar, desde que rematamos a redacción da edición anterior do noso traballo, a prosa en galego de Asturias seguiu desenvolvéndose. Lamentamos o falecemento de xente moi relevante na recuperación do uso do galego na escrita entre o Eo e o Navia e queremos mencionar de xeito especial a Manuel García “Galano” e a Cándido Sanjurjo, que nos atenderan con especial agarimo quince anos atrás, cando andabamos nestas mesmas angueiras. Celebramos, pola contra, o asentamento literario de persoas que daquela empezaban a darse a coñecer e a aparición de novos nomes que se engaden á xa considerable nómina de autores e autoras que por nación, adopción ou corazón teñen relación co occidente do Principado. Os nomes que poderíamos incluír nesta escolma son moitos máis e, polo tanto, a nosa selección resulta incompleta, por motivos diversos.

Tamén cómpre salientar a edición de títulos de literatura infantil e xuvenil, entre os que podemos citar *Como el can y el gato* (2009) e *Un regalo máximo para Irene* (2011) de Aurora Bermúdez; *Os secretos del molín veyo* (2019) de Emma Méndez; *Roger, el neno que chegou de Ilonxe* (2018), de Ángeles Rodríguez Montañés; sen esquecer a inmensa obra de Francisco Xavier Frías Conde, figura ben relevante na recuperación do galego de Asturias, que publica tamén noutros idiomas.

Algúns autores e autoras teñen obra individual, mentres que outros participaron unicamente en volumes colectivos, como son a abondosa colección de microrrelatos *Que non se perda n'el aire*<sup>647</sup>, editada en 2016 co gallo da celebración da semana das letras asturianas; a revista *Trabate!*<sup>648</sup>, da que xa saíron once números; os volumes que recollen os textos galardoados no Premio Xeira de narracións curtias; as *Actas das sesións d'estudio el Eo-Navia*; algunhas publicacións da Fundación Parque Histórico del Eo Navia: *Noite d'hestorias: augua, terra y llume nel Navia-Porcía* (2010),

647 8397be5f-be8f-4235-b02c-fbe76a0616be (jgpa.es)

648 Política Llingüística - Publicacións (asturias.es)

*Memoria das maos: úa mostra d'oficios tradicionais del Navia-Porcía* (2011), *Nosoutras, en feminino y singular. 9 vidas. Múyeres nel Navia-Porcía* (2011); etc.

Coa seguridade de que nos esquecemos de xente que tamén debería figurar, referiremos algúns dos nomes con presenza nestas publicacións, sen mencionar os xa citados anteriormente: Laura Amor Fernández, Alberto Castro Gión, Ágata Castro, Alejandro Fernández García “Jandro de Quietano”, Javier Fernández Catuxo, Teresa Fernández Martínez, José Manuel Gayol Suárez “Babel de Cal Cadete”, Alba González Fernández, Iván de Cazarón, Andrea González González, Christian Lanza Galán, José Manuel Martínez Castro, Moncho Martínez Castro, Benxamín Méndez, Andrés Rodríguez Monteavaro, Miguel Rodríguez Monteavaro etc.

Tamén hai labor colectivo en volumes de esmerada edición que recollen textos e imaxes, como é o caso de *Manuel Enríquez Fernández. Nela de Bres* (2012), *Aldeas sen voz* (2016) e outros similares.

Por último, non queremos esquecer que os novos medios –xa non tan novos– son tamén un espazo para a difusión da cultura en xeral e da literatura en particular. Na nosa edición anterior xa nos referiamos a algúns espazos web relacionados coa lingua e a literatura da zona. Engadimos agora algúns outros<sup>649</sup> con actualizacións de contido moi desiguais:

*A Salvadeira*<sup>650</sup>: blog de vocabulario do galego de Asturias, xestionado por Conchita Álvarez Lebrede.

*Axuntar*<sup>651</sup>: é o espazo web do colectivo do mesmo nome. Ademais doutras seccións de grande interese, contén unha sección denominada “Temos escritores-as<sup>652</sup>” onde se van engadindo textos de varios autores e autoras da zona.

*Cazarónadas*<sup>653</sup>: blog de Iván de Cazarón, que recolle algúns textos en prosa deste autor.

*Espacio de Quique de Roxíos*<sup>654</sup>: blog persoal deste autor, loitador incansable polo galego de Asturias desde a súa xuventude. Recolle moitos textos literarios, novidades, imaxes, recursos audiovisuais etc.

*Fala Viva*<sup>655</sup>: espazo de información cultural mantido por Moncho M. Castro.

---

649 Rescatadas o 20/04/2022.

650 <http://asalvadeira.blogspot.com/>

651 <https://axuntar.wordpress.com>.

652 Temos escritores-as – Axuntar (wordpress.com)

653 Iván de Cazarón (cazaronadas.blogspot.com)

654 Espacio de Quique Roxíos | El orgullo de falar gallego asturiano (wordpress.com)

655 FalaVIVA

*La llave de los campos*<sup>656</sup>: blog De Héctor Acebo. Ten moitos contidos en castelán pero nalgúns períodos inclúe fermosos textos en galego.

*Libros del Eo-Navia*<sup>657</sup>: espazo mantido por Carlos Xesús Varela Aenlle con referencias bibliográficas da zona.

*O reino dos contos*<sup>658</sup>: blog de literatura infantil en galego e portugués. Trátase dun dos moitos espazos xestionado por Francisco Xavier Frías Conde, que inclúe numerosos textos seus e doutros autores. O autor foi pioneiro no aproveitamento da rede para a divulgación de textos literarios. Este blog en concreto botou a andar en 2006.

*Paporrubio*<sup>659</sup>: blog de Moisés Cima, con textos de contido literario, lingüístico, político etc. Iniciou a súa andaina en 2009 e mantense con actualizacións frecuentes.

*Un cabás máxico*<sup>660</sup>: blog de Alberto Castro Gión con moito material relacionado co ensino. Inclúe contos e outros apartados relacionados coa tradición oral.

*Voces que falan*<sup>661</sup>: sección da web da Fundación Parque Histórico del Navia, onde se inclúen textos de varios autores e autoras da zona lidos por eles mesmos e tamén enlaces a recursos audiovisuais emitidos en diversos medios.

## 2.7 Remate

Durante un longo período, que abrangue desde os inicios ata hai unhas décadas, a prosa en galego do Eo-Navia foi evolucionando de xeito similar á do resto dos territorios de lingua galega: hai presenza abonda nos documentos medievais, “desaparece” durante os séculos XV-XVIII, nótase un certo interese contra finais do século XIX<sup>662</sup>, aínda que moitas veces se vehicule a súa reivindicación en castelán<sup>663</sup>, entra con bastante forza nas publicacións periódicas da zona nas primeiras décadas do século XX con autores destacados coma Antolín Santos Mediante ou Cotarelo Valledor, e sofre decadencia durante o franquismo.

Contrariamente á recuperación da escrita en galego que se produce á esquerda do Eo nas últimas décadas da Ditadura e, sobre todo, unha vez instaurados o período

---

656 La Llave de los Campos

657 Libros del Eo-Navia (librosdeleonavia.blogspot.com)

658 O reino dos contos

659 paporrubio

660 Un cabás máxico (uncabasmáxico.blogspot.com)

661 <http://www.parquehistorico.org/ocl/vocesquefalan.php>

662 Non debemos esquecer que no século XIX tampouco no territorio administrativamente galego a prosa logrou o nivel da poesía.

663 Tamén isto sucedía en Galicia: autores coma Murguía e moitos outros vehiculizaron o seu galeguismo en castelán.

democrático e o réxime autonómico, na banda asturiana a produción escrita apenas se recuperou nin normalizou, debido á desigual situación legal e social da lingua.

En Galicia, a oficialización estatutaria e a cooficialización do galego, coa súa conseguinte presenza obrigatoria en todos os niveis de ensino e noutros ámbitos como o administrativo ou o dos medios de comunicación, fortaleceron o sistema literario dando lugar a novidades (máis premios, novos autores, novas editoriais, interrelación co audiovisual etc.) que acabaron dándolle un pulo importante a todo tipo de prosa, e non só á literaria. Isto provocou que se foran buscando novas técnicas e novos temas, especialmente desde a década de 1980: novela negra, erótica, ciencia-ficción, guión, ensaio... Así mesmo, sen abandonar o cultivo do conto e do relato curto, tan arraigados na nosa tradición popular e literaria, editáronse novelas longas, algunhas de extensión considerable e calidade indiscutible. En xeral, podemos dicir que a narrativa se diversificou, urbanizou e modernizou, sen perder por iso as súas raíces rurais e populares.

Na literatura eonaviega de Asturias nótase un excesivo peso da tradición costumista próxima ó conto popular ou á lenda de tradición oral. Trátase dunha literatura de ambientación predominantemente rural e cultívase, sobre todo, o relato de máis ou menos extensión. Con todo, hai tamén propostas anovadoras que seguramente continuarán evolucionando e enriquecerán máis aínda unha prosa que por veces xa ten gañados méritos de abondo<sup>664</sup>, especialmente se temos en conta as difíciles circunstancias en que subsiste.

Cómpre destacar, tamén como novidade con respecto a épocas pasadas, a aparición de obras destinadas ó público infantil, algo de importancia considerable desde o punto de vista da transmisión da tradición literaria, e tamén certa presenza nos novos medios, que poden ser un bo xeito para a divulgación de textos.

O papel do ensino neste proceso podería ser importante, pero a ausencia xeneralizada do galego de Asturias no sistema escolar, administrativo e comunicacional, xunto coa falta de oficialidade legal e efectiva, a súa práctica dialectalización normativa e o afastamento da literatura que se fai en galego en Galicia e noutros territorios de lingua galega supoñen un lastre difícil de compensar: nin se leva de xeito xeneralizado á escola a literatura na lingua da zona nin se crea hábito lector fóra do castelán.

Con este traballo queremos tender pontes, contribuír a que se coñeza e se ame a historia prosística eonaviega, a que aumente o orgullo por ela, a que se manteña e se dea a coñecer ó mundo. Queremos sementar ó vento palabras que entrelacen coma sempre pobos irmáns que viven historicamente arredor dun río que rega unha herdade que non pode esmorecer.

---

664 A pesar disto, parécenos demasiado optimista a afirmación de Saavedra (2007: 131) ó afirmar: “A pesar da falta de perspectiva hestórica, parece, por tanto, qu’el proceso de normalización da narrativa en llingua eonaviega xa ta cuase completo”.



## Capítulo 03

# TEATRO

### 3.1 O teatro eonaviego desde finais do XIX ata a guerra civil

A finais do século XIX e comezos do XX déronse unha serie de factores que propiciaron a aparición do teatro eonaviego. Á incipiente actividade cultural de finais do século XIX tamén contribuíu o Rexurdimento galego, que non lles foi alleo aos intelectuais do Eo-Navia. Porén, ata as primeiras décadas do século XX non aparece unha literatura dramática autónoma e persistente en galego eonaviego.

Froito deste período de gran produción e actividade, tanto cultural como literaria, é a publicación en 1922 da primeira obra de teatro escrita en galego: *Un feixe de tapiegadas*, de Conrado Villar Loza.

O nacemento, a finais do XIX e principios do XX, de diversos xornais locais na Mariña lucense e na Mariña eonaviega, como *La Cuenca del Eo* (1866), *El Eo* (1879), *Las Riberas del Eo* (1881), *El Occidente de Asturias* (1882), *El Faro de Tapia* (1898) etc., tamén axudou na popularización da cultura. Autores dunha e doutra ribeiras do Eo colaboraban nestas publicacións en que reflectían as súas inxerencias culturais, aínda que a maior parte das contribucións son pequenas composicións poéticas que maioritariamente estaban escritas en castelán.

Podemos atribuír esta nova situación do benestar para a literatura en galego eonaviego a varios factores: ó incipiente acceso da xente á cultura a través dos diferentes xornais; ás numerosas actividades culturais realizadas nas vilas, desde representacións teatrais ata conferencias de todo tipo; e, por último, á busca por parte dos autores de se achegaren ós lectores, cousa que era máis difícil de conseguir se o facían en castelán ou en asturiano. Alén diso, a instauración da República fixo que o ambiente político favorecese esta expansión e popularización da cultura.

No caso concreto do teatro temos que amecer aínda outro factor: o gusto polo teatro foráneo, que orixina unha afección dramática que fai agromar as primeiras obras e representacións en galego eonaviego. O Eo-Navia non quedara excluído dos per-

corridos das compañías ambulantes castelás. Isto orixinou un gusto polos temas castizos que se reflicte no feito de que moitos autores da zona escribían pezas con características semellantes ás representadas por estas compañías, polo que tamén estaban escritas en castelán. Exemplo disto son Eugenio Lebreo, do que se coñecen varias obras, e Conrado Villar Loza, quen tamén cultivou este tipo de teatro.

A finais do século XIX e comezos do XX, arredor dos diferentes xornais locais de Castropol, Tapia e Navia creáronse importantes focos culturais nos cales o teatro tivo un papel importante. Así por exemplo, en Tapia, ó abeiro do xornal *El Faro de Tapia*, créase o Instituto e Círculo Católico de Obreros, que levou a cabo diferentes actos e funcións en que moitas veces se mesturaba o teatro con actividades musicais.

Axiña se aprecia un cambio na temática das pezas, que se afastan da temática castiza das representacións castelás. A necesidade de se achegar ó espectador fai que as escenas e os ambientes describan situacións da vida cotiá da comarca. Un exemplo desta viraxe é a obra de Eulogio Serdán *Tapia por dentro* -aínda en castelán- onde a acción se centra nunha vila mariñeira.

En 1899 (Suárez Fernández 2006) represéntase a obra de temática costumista *Un esfoyo en Casarego*, de Sabino Fernández, director de *El Faro de Tapia*. Grazas á afección deste xornal por criticar as representacións teatrais, tanto as ambulantes coma as representadas por grupos locais, sabemos que esta obra estaba escrita na variedade tapiega e que representaba os costumes de finais do XVIII.

En Castropol a actividade intelectual e cultural artéllase ó redor do xornal *Castropol*. Vencellado a este medio estaba Ramón García González, autor do primeiro libro publicado en galego do Eo-Navia, o poemario *Amarguas d'un viaxe* (1922).

Mais, se houbo un instrumento fundamental na popularización da cultura, ese foi a Biblioteca Popular Circulante (BPC), que naceu en 1921 como froito das inxerencias dos mozos da vila para achegaren a cultura ó pobo. Para o lograren organizaron unha rede de bibliotecas rurais e sucursais en vilas como As Figueiras, Seares ou Balmonte, para potenciaren o préstamo de libros entre unha poboación da que o 17 % non sabía ler.

Ademais, en paralelo, a BPC realizou diversas actividades de divulgación cultural como conferencias, lecturas comentadas, cursos de historia, concertos, funcións teatrais, sesións de contos, audicións de música e proxeccións de cinema educativo.

Grazas á subscripción pública e á xenerosidade dos emigrantes conseguiu subsistir ata que a guerra civil paralizou a súa actividade, xa que moitos dos seus promotores e directivos foron perseguidos e asesinados. Despois de moitos cambios de residencia durante os anos de Ditadura, hoxe a BPC está radicada en Castropol e coñécese co nome de Biblioteca Menéndez Pelayo.



### Teatro aldeano<sup>665</sup>

Unha das actividades realizadas pola BPC foi a representación de obras teatrais, o que orixinou unha liña dramática chamada *teatro aldeano*. O inicio deste modelo está nun espectáculo de agosto de 1929 denominado *Noche aldeana* en que se representaron pequenas escenas dialogadas ambientadas a maioría delas en esfolas de millo. Aínda que o título do acto estaba en castelán, os diálogos e as anotacións estaban en galego eonaviego.

As pezas, de marcado estilo popular, reivindicaban o espírito aldeán, o valor do propio fronte ao urbano, alleo e sen identidade. Este foi o primeiro intento de buscar unha liña de teatro autóctona que espallase a cultura popular e a esencia aldeá e se afastase da temática castiza das compañías ambulantes castelás. O único que se conserva deste tipo de espectáculos é un manuscrito de Vicente Lorient e unhas cuartetos escritas por Alejandro Sela.

Podemos considerar *Os Chirlomirlos* como a primeira obra de *teatro aldeano*. Os irmáns Manolo e Pepe Marinero escribiron esta obra que estaba concibida en principio para ser representada por monicreques. Baseada en dous contos tradicionais, foi orixinalmente escrita en castelán e logo traducida por Vicente Lorient e Román Penzol. Outra obra que podemos destacar foi *A empanada y a tarta*, unha adaptación dun conto francés que fixeron Vicente Lorient e M.<sup>a</sup> Ramona Penzol.

A partir destes espectáculos nacen outras iniciativas entre as que destacamos os “currillos”, nome co que se coñeceu o teatro de monicreques. No desenvolvemento deste tipo de teatro quizais influíra o espectáculo ambulante denominado “Retablo de fantoches” organizado polo Padroado de Misións Pedagóxicas da República. O Padroado viu neste subxénero unha ferramenta eficaz para chegar a un público máis amplo, pola necesidade dunha menor infraestrutura que facilitaba un mellor e máis doado desprazamento. O encargado de dirixir este espectáculo foi Rafael Dieste, quen ademais compuxo algunhas pezas breves. Probablemente, tamén a influencia das vangardas europeas, que vían neste tipo de manifestacións teatrais unha liberdade expresiva da que carecían os actores, axudaría á gran difusión deste tipo de escenografías.

Ademais de querer culturizar un maior número de xente, co teatro de monicreques buscábase transmitirles o folclore ós máis novos para os facer partícipes das tradicións obxectivo claro do *teatro aldeano*. Deste xeito, nas numerosas veladas que se organizaron, as obras que se representaban eran de marcado carácter folclórico.

O 7 de xaneiro de 1933 organizouse un festival no Casino de Castropol con cinema, lectura de contos e a estrea de dúas obras de monicreques. Manolo Marinero encargouse dos traballos para poñer en marcha este innovador espectáculo para o que contou coa axuda de Federico García Lorca, que actuaba en Ribadeo coa súa com-

665 Vid. a reportaxe <https://www.youtube.com/watch?v=ujNQfDmORIQ>

pañía La Barraca e se achegou ata Castropol para dar consellos e axudar na posta en escena. A primeira das obras foi unha versión do *Auto de los Reyes Magos*. Os personaxes pintounos Manolo Marinero e a posta en escena contou coas voces de Vicente Lorient e Claudio Penzol entre outros. A outra obra estreada foi *Xan da Xata*, da autoría de Manolo e Pepe Marinero. Os dous irmáns escribiron a obra, manexaron os monicreques e puxéronlles voz.

Nos anos anteriores á guerra civil continuáronse a representar sesións teatrais, tanto con actores coma con monicreques. As novas obras vanse cargando de contido social (antimilitarismo, republicanismo, feminismo) o que provocou a oposición das forzas conservadoras da vila. A actividade teatral incrementouse nos anos 1934 e 1935 grazas á implicación de intelectuais como Vicente Lorient, M.<sup>a</sup> Ramona Penzol ou Alejandro Sela. Algunhas destas obras, escritas en galego, quedaron sen rematar ou só se conservaron fragmentariamente.

Neste ambiente xornalístico, político e cultural tamén se move o escritor e dramaturgo Conrado Villar Loza, taramundés residente en Tapia de Casarego.

### **Conrado Villar Loza<sup>666</sup>**

É o autor do sainete *Un feixe de tapiogadas* (1922) a primeira obra dramática escrita en galego eonaviego, estreada en Tapia o 3 de febreiro de 1921. A obra, costumista, segue as pautas deste tipo de teatro, ó que lle engadiu en 1927 unha habanera titulada "Tierra asturiana". Destacan as partes cantadas que o autor introduciu a xeito de zarzuela con música composta por Etelvino Vázquez, mestre e clarinetista do grupo *Os Quirotelvos*, un conxunto moi coñecido na época. A trama da obra consiste nos amoríos de Pachín, un dos compoñentes do cuarteto, con Sabela, filla dun campesiño rico. Por este motivo a obra levou o nome de *A Quirotelvada*, pois os membros do grupo tamén fixeron de actores nas primeiras representacións.

Temos noticias tamén doutra obra de temática caciquil en galego eonaviego, *El alcalde de Villacarneros* (1936), pero o orixinal perdeuse durante a guerra civil.

Reproducimos un fragmento do facsímile da primeira edición de *Un feixe de tapiogadas* publicada en Castropol en 1922<sup>667</sup>.

---

666 Para máis información biográfica véxase § 1.3.4 e § 2.3.11.

667 Da meirande parte destas obras reproducimos apenas uns fragmentos como mostra. Os textos completos pódense consultar no volume de Rita Bugallo González (2010): *Textos teatrais en galego do Eo-Navia*, tanto en libro coma incluído no libro-CD de Xosé-Henrique Costas (dir.): *A xente que soña desperta. Recolla de achegas á lingua e literatura galegas de Asturias* (2010).

### Escena primera

*Tío Xan, y dentro, cuando el diálogo lo indique, Pachín y Telvo.*

*Al levantarse el telón, la escena estará sola, oyéndose a lo lejos, durante unos momentos, una gaita y otros instrumentos, que tocan aires asturianos, y una vez que cese la música, el Tío Xan sale de casa y se dirige a la cancela, desde donde mira a derecha e izquierda con curiosidad, con el objeto de enterarse de quienes puedan ser los que componen aquella alegre caravana musical.*

TÍO XAN (*Después de pequeña pausa.*) ¿Que demo de ruído é ese? Pareceume que ouguira algo así como uha gaita ¿Equivocaríame ora? ¿Cantaríanme ora os ouguidos?

PACHÍN (*Dentro.*) Vide por aquí, que se atalla.

TÍO XAN (*Mirando hacia el sitio de donde salió la voz.*) Xa me parecía a min que non taba eu tan xordo.

TELVO (*Dentro, pero más cerca.*) ¡Ala, rapaces, que pouco falta pra chegar! (*Cantando.*)

El día que eu me muera,  
pois xa sei que ei de morir,  
quixera que me enterrasen  
na aldea donde nacín.  
E de Asturias un rincón,  
pra min máis guapo que as flores,  
porque alí tamén naceron  
os meus primeiros amores.

TÍO XAN (*Volviendo a mirar.*) ¿Quen dengorrio serán? E vein camín de aquí. (*Moviendo la cabeza y manifestando asombro.*) ¡Léveme, non, xúcaras, se non son esos músicos de Castripol que se chaman "Os Quirotoleiros"!

### Escena segunda

*Dicho y Telvo, Pachín, Quiro y Xuaco que salen por el fondo, derecha, en el orden que quedan nombrados, trayendo, respectivamente, un clarinete, un bombo, una gaita y un redoblante. Los cuatro músicos, al llegar a la cancela, observan que el Tío Xan los mira con avidez, como aquel que quiere decir algo y no se atreve.*

TELVO (*Al Tío Xan.*) Buenas tardes teña, bon home.

TÍO XAN Buenas y felices las teñan todos. (*Abriendo la cancela.*) Véñanse pra aquí, amigos que igual lles costa dentro que fóra.

QUIRO Eso é verdá. (*Entran todos.*)

TÍO XAN ¿E pra unde demonio van por estos camiós e a estas horas, se é que se pode saber?

TELVO Vámoslle camín de Tapia e metémonos por estos carreiros porque dice ese (*señalando a Pachín*) que se atalla por aquí.

PACHÍN Claro que se atalla. (*Aparte.*) ¿*Donde* andará Sabela que non la vexo?

TÍO XAN ¿Pois que hai en Tapia de novo, ho?

TELVO E que hoi é a festa de San Blas.

TÍO XAN Eso xa lo sei, pero como xa é case de noite... estráñame que vaian a estas horas pra alí.

PACHÍN Élle que nosoutros vamos pra cantar na función de teatro.

TÍO XAN ¿E que é lo que van a cantar, ho, se non tein ningún de aquel en decilo?

PACHÍN Uhas cantigas que amañou Pepe de Mingo, que se chaman *Un feixe de tapiogadas*.

TÍO XAN Se é que las amañou ese, deben ser un feixe de anapismos feitos con fermento e cebola; ¡deben de levantar ben el peullo, mialma!

TELVO Ten de todo a cousa.

TÍO XAN Pois sinto muito, madeos, non poder ir a ouguir eso, porque...

¿pra que ei negalo?, todo conto fai ese condanadín, ten el sou intringulis. E eso que a min, condo era *concejal*, tenme ventilado abondo. ¡Con decirlles a vostedes que me chamou, dúas ou tres veces, Gurgullo, basta!

PACHÍN (*Aparte a Quiro.*) E eu a todo esto, sen saber *donde* ta Sabela.

TELVO Se vosté ten tanto interese en ouguir esas cántigas, non lle fai falta ir al teatro.

TÍO XAN Estoncias, ¿*donde* las podo ouguir, meu ben?

TELVO Aquí mesmo lle podemos cantalas.

TÍO XAN Eso... aló vostedes; si lo queren fer agradeceréillelo.

TELVO Escuite, pois, que aló van...

## Música

*(El tío Xan se sienta en el banco, escuchando con marcado interés, y expresando con el gesto y mímica, el efecto que le produce lo que Telvo canta.)*

TELVO Chufa Xixón a súa praia.

Santander a súa bahía,  
e, con razón, chufa Tapia  
a plalla da Ribeiría.

Esto que dictado vou,  
¡mialma si non é verdá!  
mais se algún lo pon en duda,  
a min lo mesmo me dá.

PACHÍN Esto que dicindo vai,  
Quiro Xuaco ¡mialma se non é verdá!  
mais se algún lo pon en duda,  
a el lo mesmo lle dá.

TELVO Quero as truitas de Porcía;  
El salmón que seña de Abres,  
e as mozas de cualquier sitio,  
porque todas son iguais.  
Esto que dicindo vou, etc.

TODOS Esto que dicindo vai, etc.

TELVO Desde Tapia a Rapalcuarto,  
sempre pasean as tapiegas, solazándose entre os pinos,  
e oíndo graznar as pegas.  
Esto que dicindo vou, etc.

TODOS Esto que dicindo vai, etc.

TELVO Condo me casei con Xuana  
déronme con ela sous padres,  
uha xata e uha burra,  
ou seña, tres animais.  
Esto que dicindo vou, etc.

TODOS Esto que dicindo vai, etc.

TELVO Cortexeinte muito tempo,  
e salteinche un día na horta,  
donde me enchín de manzás  
porque non tías outra cousa.  
Esto que dicindo vou, etc.

TODOS Esto que decindo vai, etc.

TELVO Vin el Nalón, vin el Sella,  
vin el río que vaxa a Sueiro;  
¡pero non vin ningún río  
que se iguale al Anguileiro!  
Esto que decindo vou, etc.

TODOS Esto que decindo vai, etc.

### Hablado

TELVO ¿Que lle pareceu, tío Xan?

TÍO XAN ¡Que ese feixe ten de todo!

QUIRO Xa ora que ten.

TÍO XAN Pero eu xa llo presumía, porque enfeixéndolo quen lo enfeixo, non podía ser outra cousa.

PACHÍN Vosté, tío Xan, debía ir al teatro esta noite.

XUACO ¡Ande; véñase con nosoutros!

TÍO XAN Non; non pode ser, que tou solo, e teño que tar al cuidado da casa.

QUIRO ¿Como que ta solo?

TELVO ¿Pois *donde* lle van a muller e as fillas?

TÍO XAN Pepa vai aló na montaña, na casa dun parente, e Sabela, que é a filla que me quedou, porque as demais fóronse pra Buenos Aires, ta éi na casa desa vecía que lle chaman Marica da Faba.

SABELA (*Llamando desde dentro.*) ¡A... ipaaaa...!

TÍO XAN Ei ta. Condo se fala del rei de Roma, pronto asoma.

[...]

### Armando Cotarelo Valledor<sup>668</sup>

Aínda que o seu ambiente cultural estaba vinculado ó galego, nas súas obras teatrais fai constantes referencias á súa terra natal mariñá. As súas pezas destacan por iniciar un novo camiño dentro dos teatros eonaviego e galego ó abranguer novas liñas dramáticas. Así, con *Sinxebra* mergúllase na comedia sentimental, con *Hostia* adéntrase na traxedia histórica e en *Beiramar* e *Mourenza* lémbra-nos as vilas mari-

---

668 Para máis información biográfica véxase § 1.3.6. e § 2.3.9.

ñeiras e os personaxes típicos do Eo-Navia. A maioría das súas obras estreáronse en Santiago, agás *Hostia* e *Mourenza*, que se estrearon en Madrid. Aquí escolmamos un fragmento de *Mourenza*.

[...]

397

*(Ábrese pouco a pouco a porta do fondo deixando escorrer a Breixo, pavorido. Vén impante, en penecho, mirando atrás con ollos relampados. Así que entra, vólvese e pecha, correndo o ferrollo. Logo abre a lacea, saca botella e copa, bebe un chisco e séntase. Pousa. En silencio chega Lumia por detrás, poñéndolle uha man no hombro.)*

BREIXO *(Brinca espantado.)* ¡¿Quen?!...

LUMIA Tes pouco rexo. ¿Que houbo?

BREIXO ¡Uha estrangueira!...

LUMIA *(Ollando ó redor.)* E ¿que traes?

BREIXO *(Sentándose de novo.)* ¡Nada!

LUMIA *(Estranada.)* ¿Entón?...

BREIXO *(Arredándo.)* Déixeme. Cale. Estou abrallado... ¡Teño medo!

LUMIA Ben noto. *(Ouservando nel.)* ¿Nos vos collerían?

BREIXO ¿Que sei eu?... Non, non nos colleron. ¡Ogallá nos colleran!

LUMIA ¿Estás enmeigado? Conta que pasou.

BREIXO *(Esterrexendo.)* Pasou de abondo.

LUMIA Fala, díaño.

BREIXO *(De mal aire.)* Esnaquizou se nos penedos... Laiaba coma un cristián...

LUMIA Ben sentimos a serea.

BREIXO ¡Laiaba!... Escomenzaron a saír... As lanchas de abordo batían nas penas e anagábanse... Saían máis. Algún bulindo aínda. ¡Que espantosidade! *(Quédase suspenso como ollando una horrible visión.)*

LUMIA Segue.

BREIXO Deme xugos. *(Volve a beber.)* Eu estaba estantío, abobado... ¡Que espantosidade!... Veu o "Lulo" arrastrando un así como habanero... Relocíalle a cadea do relós... Deixoulo cabo min, varado no xabre. Rapeta encirroume... Entre a salguía das escumas púxenme a rexistralo. Estaba morto...

LUMIA Mellor.

BREIXO De súpeto, o morto engarrou en min... Botoume as mas. Apertaba no pescozo, esganábame... e non podía zafarme daquelas mas; eran poutas... Saquei o coitelo que vosté me dou e chanteillo... ¡Matei o morto! (*Colle a cabeza entre as mas, marmuxando outra vez.*) ¡Matei o morto!...

LUMIA (*Alentándoo.*) Bueno, ¿e que? Un entre tantos. O mar cobre moito.

BREIXO Fuxín. Fuxín sen ver terra; pavorido...

LUMIA Hai que ter azo, Breixo.

(*Chaman quedíño á porta; Lumia chégase a ela.*)

BREIXO (*Erguéndose espeluzado.*) ¡Non! ¡Non abra, madre, non abra!

LUMIA ¿Que temes?

BREIXO Calquer cousa. (*Rapeta asubía polo pecho.*)

LUMIA Acouga. É Rapeta. (*Abre a xeito.*)

BREIXO Tanto monta. Rapeta é uha fera; un locumón do mar ¡Rapeta é o urco! (*Volve a sentarse apouvigado.*)

(*Entra Rapeta sen o can. Trae un gran saco cheo ó lombo e a pucha mais o truel de Breixo na man.*)

RAPETA (*Guindando o saco.*) Garde eso, tía Lumiña. ¡Mamola! Ben lle dixen que habería escamallo. (*Rindo.*) Eí ten xebra e marlota a rever. (*A Breixo.*) Es páparo. Algún día nos botarás a pique. Toma a túa güina; apañouna "Lulo". Velaiquí o relós, a cadea e a carteira. (*Pousándoos na mesa.*) Ter todo esto na man e deixalo, ¡véigate a mona!

LUMIA Aprende, Breixo. Este ensínavos a todos.

RAPETA ¡Bah! ¿Ibámolo perder? ¡Mamola! E eso que teño un peso diario.

(*Pola xoroba.*) Mais pra algo son Rapeta.

BREIXO E... ¿o morto

RAPETA ¿Quen? ¿Teu ché? Ben morto queda. (*Rindo.*) Estes coitelos de solla son barudos. (*Sacándoo do bulso e dándollo.*) Garda pra outra vez.

BREIXO ¿Estrevíchete a quitarllo?

RAPETA Non que llo iba a deixar. ¡Mamola! Por el darían con nós decontado.

LUMIA Moito vales, Rapeta; estás en todo. ¿E Espadarte?

RAPETA Tamén pescou súa bicada. Agora queda carretando náugrados na buce-ta. Poida que lle den uha cruz de salvamento.



BREIXO (*Xordamente.*) ¡Matei o morto!...

RAPETA (*A Lumia.*) Este galán está trafugado. Vale máis que o leve fóra, despa-llará co vento.

LUMIA Ben dis. Ven connigo, Breixo.

*(Breixo segue á súa nai como anganido e ambos saen polo foro. Rapeta, con gran calma, cerra a porta, recolle as alaxas da mesa, méteas no saco e esconde éste entre os abarrotos. De pronto, ponse a escoitar e escóndese el tamén. Pola porta dereita, entra Madanela, máis vestida que denantes, cuha palmatoria na man. Olla a escea, e véndoa soa, vaise a retirar.)*

RAPETA (*Mostrándose.*) Boas noites, Mada.

MADANELA (*Dando un berro.*) ¡Ai!!... (*Tranquil.*) ¡Asús! que susto me deches.

Cuidei que ninguén había.

RAPETA Cuasi, cuasi.

MADANELA Falaban aquí.

RAPETA Breixo connigo.

MADANELA Logo xa viñestes do mar. Gracias á Virxe, que está a noite brava. ¿Cobrastes peixe?

RAPETA Sempre saca algo a Rapeta.

MADANELA Dixo madre que íbades ó endeño.

RAPETA (*Correxindo.*) Tamén, mais indo eu non falta Rapeta.

MADANELA O caso é que, loubado *Dios*, xa voltastes. (*Pausa.*)

RAPETA Mada, pois estamos a tergo, quería decirche... Tempos hai que te atopo revirada.

MADANELA Nin siquera.

RAPETA (*Tenro.*) ¿Onde van as túas cores de rosa, Mada; os teus risos estalantes coma axouxeres; aquelas cantigas que rebulían nos piñeirales? Nin volves á frábica, nin ese limiar traspasas. ¿Por que andas triste, Mada?

MADANELA (*Rindo.*) ¿Eu triste? Ti tresleache.

RAPETA A xente repara...

MADANELA Por vicio.

RAPETA Moitos marmulan...

MADANELA Por maldade.

RAPETA E eu ben vexo...

MADANELA (*Anoxada.*) ¿Que é o que ti ves, caramuxo?

RAPETA Mada, falemos craro. Nin sei como nin con quen, pero o lance foi e...xa me entendes. Din que embarcou e está na América; pois eu dígoche que ese non volta. Ben sabes, gusto comprido...

MADANELA Pero ¿que gusto nin que sécolas, berberecho?

RAPETA Eu sempre te quixen, Mada.

MADANELA (*Estranada.*) Ora o demo dorme... ¿Ti? ¡Asús! ¿Ti me quixeches?

RAPETA Sempre; pero decatábame e agardaba. Eu...

MADANELA (*Congoxosa.*) ¡Asús! ¡Asús, mil veces! Sei que sigo soñando...

RAPETA Ti eres uha fror, un paxaro, uha estrelia; eu, son Rapeta. Xa comprendes. Rapeta, calaba. Mais agora...

MADANELA (*Arritándose.*) Agora, ¿que?

RAPETA O tempo corre, o choio adianta, as linguas rexouban, a conduta abanea; pois denantes que o caso chegue...

MADANELA ¿Que lareta este cangarexo?

RAPETA Mada, a cereixa picada dos melros, logo cae no chan. Eu non podía subir ata ti; fuches ti quen ata min baixaches... Mada, á froita caída dáselles co pé; pero eu son Rapeta e fago o meu oficio: eu recollo a cereixa. Para min sempre serás Mada. Nada sei, nada pergunto... Mada, agora non podes escolleitar (*apurríndolle a man*). Ves aquí a man dun home.

MADANELA (*Estalando.*) ¡Un home! ¿Ti es un home? Ti es un escáncer, uha píntiga, uha cobra...

RAPETA (*Rindo.*) Mada, a cereixa caída, no chan podrece.

MADANELA (*Marchando.*) ¿Casar contigo? *Dios* me defenda.

RAPETA Mada, xa non podes escoller.

MADANELA (*Furente.*) Antes meto a cabeza na corda dun pandullo e me chimpoo con el no mar (*sáindo*). ¡Asús! ¡Asús mil veces!

RAPETA Seguirei agardando, Mada.

[...]

### **Francisco F. Arias Campoamor**

Naceu en 1900 nas Figueiras-Castropol e morreu no ano 1928 en Madrid.

Logo de estudar en Castropol e Tapia comezou os estudos de Farmacia en Santiago de Compostela para rematar a carreira en Madrid, onde ademais fixo Odontoloxía.

Colaborou en xornais locais como *Las Riberas del Eo* e da emigración como *El Herald de Asturias* de Bos Aires con artigos de costumes, biografías e crítica literaria.

Formou parte do elenco de actores que representou *Un feixe de tapiogadas* e en 1925 escribiu *El trato*, estreado o 6 de xaneiro de 1926 nas Figueiras, en cuxa representación tamén tomou parte. Nesta obra costumista trátanse os amores entre Quico e Joaquina, aínda que en realidade esteamos ante unha crítica social que defende os dereitos da muller ao censurar os casamentos amañados. A obra foi rescatada por Xoán Babarro (2003).

[...]

#### **Acto segundo**

*La misma escena anterior. Está anocheciendo. La escena aparece vacía al levantarse el telón. Se oye cantar a una pandilla que se acerca calleja adelante la cancioneta siguiente:*

Ya se marcha el Italiano. ya le están desamarrando. Las muchachas del molino  
¡como quedarán llorando! etc.

*Harán mucho ruido, música de acordeón y gritos desacordes.*

#### **Escena primera**

*Quico y Joaquina.*

*Entrará primeramente Joaquina, que vendrá vestida de asturiana. Inmediatamente aparecerá en la cancilla Quico, que vestirá éste pantalón negro y corto, medias de color, zapatos, faja encarnada y colgando un extremo de la faja; camisola blanca, almidonada, con manchas de sangre en la pechera, la chaqueta colgada al brazo y una boina adornada en una mano; sobre las ropas confeti. Simulan ambos separarse del grupo que pasa por la calleja y se vuelven para contestar a las voces de despedida.*

*(Fuera.) ¡Adiós, Quico!*

*(Fuera.) Xa te viremos buscar pral baile, Joaquina.*

*JOAQUINA Bueno. (Fuera, a Quico.) ¿Vas tu al salón despois de cenar?*

QUICO Vou, ¡cenade axina, eh!

*(Fuera.) Bueno, adiós. (Los dos.) Adiós.*

*Ella avanza, y Quico la detiene con lo siguiente que dirá desde la cancilla, sin entrar; ella estará dentro ya.*

QUICO Escuita, nía, teño que falarche.

JOAQUINA Teño prisa pra pararme *(avanza)*.

QUICO É un momento, muller.

JOAQUINA *(Despectiva.)* Non será cousa mallor, xa mo dirás nel baile se vas.

QUICO Non, ha ser agora.

*Ella vuelve entonces unos pasos.*

JOAQUINA Pois ándame axina, que non teño ganas de lerias.

QUICO *(Con alma.)* ¿Por que tas conmigo así, Juaquina?

JOAQUINA ¿Pois, que che fixen?

QUICO Faer non me faíche nada, pero parece que eu cho fixen. Tas recelosa. Condo che falo parece que el tarrón che queima os pés, que de contao escapas de min, comigo tas seria, non lo negues, Juaquina, di, ¿que che fixen?

JOAQUINA Nada, non me faíches nada *(sin mirarle)*.

QUICO Pois entonces non lo entendo; escuita e dime se non é verdá; hoi de tarde condo lle cortei a cabeza al galo e cho fun regalar, despreciácheme; condo ibas despois bailando con Pepe el del Gudigun e te fun pedir, puxiche mala cara, e non sei que lle deciche polo baxo.

JOAQUINA Son figuraciois túas, Quico; non dixen nada e el galo non lo quixen por non dar que murmurar, pois lougo dicen...

QUICO Parece mentira, nía, non debía importarche lo que dixeran. *(Ella se sienta en la pared baja que rodea el tronco del árbol situado en el lateral izquierda, hacia delante. Dará frente al público y de espaldas a Quico. Este se aproximará y continuará diciendo lo que sigue inclinado hacia ella con el pie puesto sobre la pared baja.)* ¡Ai, Juaquina, se souberas...!

JOAQUINA ¿Que hei saber...? ¡Non quero saber nada!

QUICO Pero Juaquina, non señas así; dime lo que che pasa, que tu non eras así; comigo sempre te levache ben, tu ben sabes que somos amigos desde pequenos porque sempre fomos vecius, e sabes tamén que sempre che quixen ben... ¡non sei, non me explico a túa conduta de agora! ¿Dixéronche algo de min?

JOAQUINA Non home, non, non te mates que nada me dixeron, nin hai nada de lo que tu supois, tu segues sendo el mesmo pra min; xa che dixen, son figuracóis túas.

QUICO Serán, serán, ¡peró se viras lo que me tas faendo sufrir!

JOAQUINA Non será tanto.

*(Tía Antonia asoma por la puerta con un candil encendido en la mano y al ver la pareja, se esconde de nuevo a escuchar.)*

QUICO Non lo sabes ben, Juaquina. Non sei... parece que uha bruxa nos ta embruxando. Dígoche a verdá: aunque nada che dixerá, hai muito tempo que penso en ti. Á volta deste viaxe pensaba en poñerme en relacóis contigo... íbache escribir, pero despois penseilo millor e dícenme: "é millor de palabra" e fun deixándolo en espera destes carnavales e, mira, créeme, nunca tan contento vine, ata el auto parecíame que corría pouco, condo cheguei al pueblo parecíume máis guapo que nunca e, condo te vin... parecíame tamén máis guapa que condo me fun... lougo... non sei, Juaquina, non sei que hai por medio de nosoutros; tu non me mirache conforme me mirabas, dícheme a mau e tabas seria, como anoxada conmigo... di, ¿que che fixen? ¿Que che dixeron?

JOAQUINA Nada, home, nada ¡que cargante tas!

*Pausa en la que ella mira al suelo y él da muestras de desesperación. Tía Antonia, con el candil en la mano se asoma un poco ata hacerse ver del público, y dice en tono de aparte.*

TÍA ANTONIA ¡Santo Eciomo bendito, ofrézoches uha velía! Se va.

QUICO Xa ves: agora mesmo non me miras á cara. *(Con sentimento.)* ¡Tu non es a mesma, Juaquina!

JOAQUINA Nin tu tampouco es quen pintas.

QUICO ¿Por que lo dices?

JOAQUINA Mira, xa te teven oíndo por oírte. Tu pensas que todas somos iguais e equivocáste, Quico, que pra min perdeulo todo un home que ten el conceto que tu teís das mulleres *(se levanta y se va poco a poco)*. Non home, non, que en algo nos hemos de distinguir duha vaca ou dun cocheo *(él la mira asombrado)*. Busca outra que che crea esas palabras que decides del corazón... *(Desde la puerta.)* ¡Valiente corazón! *(Desaparece. Quico avanza para detenerla.)*

QUICO ¿Pero que dices...? Escuita, nía, escuita *(se vuelve hacia el público)*. ¿Pero que dice esta muller? ¡Mala centella me coma se la entendo! *(Pensativo se va andando ata el pie del árbol, y se sienta, apoyando la cabeza entre las manos, dice:)* ¿E pra esto pasei tantas noites agarrao al timón dun barco pensando nela, e pra

esto pasei tantos años esperando este día mentras ela se iba faendo moza, desde pequeno pensando nela pra esto... ¡Agora, agora que vía contento como nunca...!, (se levanta con brío) pero non, non pode ser, eu teño que saber lo que aquí pasou, eu non debo deixarme morrer de ánseas, eu teño que obligala a que me fale claro. (Va con presteza hacia la casa. Tío Miguel, desde la cancilla.)

### Escena segunda

*Tío Miguel y Quico.*

TÍO MIGUEL ¿Pois que fais ei, ho?

QUICO (*Se detiene sorprendido e un poco desconcertado.*) Nada, iba prá casa.

TÍO MIGUEL ¿Prá casa e, ibas chamar en cas tía Antonia?

QUICO É que lle iba preguntar a Juaquina se iba al baile lougo.

TÍO MIGUEL (*Se ha dado cuenta de lo que pasa por dentro de Quico, pone el gesto compasivo, y colocando sus manos sobre los hombros de Quico le dice:*) Quico, deixa a Juaquina en paz e vente a cenar, que Juaquina non é pra ti.

QUICO (*Sorprendido.*) ¿Que Juaquina non é pra min? ¿Por que me dice eso? ¿É que vostede sabe...?

TÍO MIGUEL (*Le coge por el brazo y le va llevando.*) Sei; anda, vente, que xa che irei contando camín da casa.

QUICO (*Dejándose ir.*) ¡Pero escuite, papá...!

TÍO MIGUEL Anda, ho, anda (*vanse*). (*Queda unos momentos la escena vacía.*)

### Escena tercera

*Tía Antonia y Joaquina.*

*Tía Antonia vendrá vestida como las mujeres de Figueras en día de fiesta. Traje negro y liso, sin nada a la cabeza, peinada con raya al medio. Calzará zapatos.*

TÍA ANTONIA (*Asoma la cabeza, mira a ambos lados y se vuelve para contestar a Joaquina.*) Si, xa se foi, baxa.

JOAQUINA (*Vestirá como antes; se seca los ojos con el pañuelo y en la otra mano traerá una taza de leche entrillada. Se sienta en el banco rústico a comer. Cuando sale, dice:*) Xa vou, pero por Dios lle pido que non me volva a decir nada dél que xa me ten loca, e pra min ese home acabou; ta dito.

TÍA ANTONIA (*Sentada junto al árbol y entre cucharada de leche entrillada.*) Pois mira, mía filla, condo che falaba hai un pedacín parecía que che decía verdá, aquel acento érache sincero, eu non entendo destas cousas.

JOAQUINA ¡Quite, quite, que ha entender!... Nel sou tempo non sei como eran as mulleres, pois sempre lle oigo falar a vostede que se houbo casar con tío Miguel, pero que os seus padres non trataron, ¡a min esas vodas dánlleme noxo!

TÍA ANTONIA *Bueno, bueno, cálmate xa.* Despois de todo, Quico non ten a culpa, que foi el padre quen me falou deso.

JOAQUINA (*Entre crédula e incrédula, pero con interés en el rostro.*) Pero el padre non falaba se él non lle mandase.

TÍA ANTONIA ¡Ai non, Juaquina, que eu oín dos propios labios de tío Miguel, condo me veu falar, que Quico non sabía nada!

JOAQUINA (*Con alegría deja la taza sobre el banco y se va hacia su madre.*) ¿Non me engañas, mamá?

[...]

### Outros focos culturais

En Navia e Boal tamén existiu unha actividade xornalística importante dinamizadora da actividade cultural nesas vilas. En Boal teñen especial relevancia os americanos retornados, pois fomentaron un certo movemento cultural. Así, no Nadal de 1932 estreouse no Teatro Helenias a obra *Un esfolón* de Ángel Bueres Rodríguez, da que pouco máis sabemos que estaba escrita en galego de Asturias. En 1936 o mestre Félix Bousoño escribiu *Cousas d'outro tempo. Condo el cariño é verdá*, obra que se chegou a representar polo menos en dúas ocasións polo grupo de teatro local. Na Roda tamén existiu unha intensa actividade dramática ata o ano 1933, con representacións frecuentes durante os entroidos.

### 3.2 A Ditadura

A guerra civil e a Ditadura eliminaron toda actividade teatral nas vilas do Eo-Navia. Ademais, a política represiva e de unificación cultural e lingüística do réxime franquista impediu calquera actividade cultural en linguas diferentes do castelán.

A intelectualidade cultural marchou ó exilio. No Eo-Navia a única posibilidade de expresión cultural eran as escasas manifestacións folclóricas, sempre desprovistas de calquera contido social ou identitario como o que emerxera nos anos da II República.

Neste escuro período temos que salientar o labor realizado polos libros de festas das diversas vilas e concellos do Eo-Navia, porque neles algúns veciños colaboraban con textos en galego. Ademais, un feito que condicionou a literatura eonaviega destes anos foi que a única referencia que tiveron os autores eonaviegos foi a literatura asturiana, pois as relacións culturais con Galicia foron mínimas ou inexistentes.

Malia este clima político e cultural refractario, o teatro seguirá presente durante este período, aínda que se trate dun teatro costumista que abandone os contidos sociais e comprometidos.

- 406 En 1946 en Tapia estreouse *Consejo de amigo*, de Melquiades Pérez Castro, que ademais escribe con Ramón Santamarina Maseda *A Festa da Paloma*. Na Roda a actividade teatral continuou baixo mínimos na época da Ditadura debido á grande afección teatral da zona e ó labor realizado desde a súa escola con actividades de teatro infantil. En 1955 creouse na Roda a primeira compañía teatral, que estivo activa ata 1962.

Nestes tempos sobrancea a figura de Manuel García “Galano”, un dos escritores asturianos máis prolíficos e completos da literatura galega de Asturias. Desde 1940 Galano participou como actor en diferentes grupos de teatro, e en 1950 iniciou a súa produción como dramaturgo.

### 3.3 Os anos da democracia

Coa fin do franquismo político e a aprobación da Constitución Española houbo un rexurdir legal das linguas nos territorios onde se recoñeceu a cooficialidade das linguas autóctonas. Derivado da oficialidade lingüística, en Galicia iniciouse un período de normalización e normativización, mentres que en Asturias as linguas propias non accederon aínda -40 anos despois- a ese estatus legal. Así e todo, na década de 1980 emerxerá unha literatura en asturiano.

Os escritores do Eo-Navia non son alleos a estes dous focos culturais, o que orixina dous grupos encontrados no que atinxe á lingua: os que defenden a galegitude lingüística das falas eonaviegas e pretenden un achegamento cultural a Galicia sen perder un ápice de asturianidade, e os que levados desa mesma asturianidade defenden que o galego de Asturias é xa unha nova lingua diferente da galega, pero asturiana a todos os efectos e dependente por iso da Academia de la Llingua Asturiana.

A pesar desa situación conflitiva, manifestada nas escollas ortográficas dos diferentes autores, máis “á galega” ou máis “á asturiana”, a recuperación da lingua e da literatura maniféstase nun gran número de obras publicadas e nunha renovación literaria que deixa de ter xa un carácter basicamente folclórico e costumista para ter unha maior diversidade formal e temática. Así e todo, o avance tamén é lingüístico xa que saen á luz diferentes estudos filolóxicos que posibilitan un mellor coñecemento do idioma<sup>669</sup>.

---

669 Neste sentido é moito de salientar o ciclópeo traballo de Carlos Xesús Varela Aenlle (2021): *Diccionario do galego de Asturias* (DGA), obra que achega 35.000 voces do galego eonaviego, editado e reeditado pola Universidade de Vigo e agora dispoñible en Amazon.



Aínda que a produción teatral se incrementou durante estes primeiros anos da democracia e continuou co labor realizado durante o franquismo, existe en xeral unha evidente ausencia de modernización neste xénero, tanto estética coma tematicamente. É dicir, a maioría dos autores continúan coa liña costumista de finais do XIX e comezos do XX. E mentres na prosa e na poesía a produción editorial comezou a ser relevante, os textos dramáticos publicados foron moi poucos, ao igual que os estudos e traballos sobre este xénero.

Sen dúbida, a falta de afondamento en novas liñas dramáticas é debida á ausencia de normalidade social da lingua (sen lexislación, sen institución propia, sen gramática, sen presenza regrada na escola e na universidade, sen visibilidade na administración e nos medios públicos etc.) e á falta dunha xeración de novos dramaturgos que se achegue ás modernas tendencias teatrais.

Con todo, non lles podemos restar importancia ás iniciativas desenvolvidas nos últimos anos: ademais dos novos grupos de teatro, non deixan de ser relevantes nomes como Galano, Tomás Niembro, Jesús Álvarez Valdés, José María Bedia, autores costumistas cuxas obras non están exentas de humor, retranca, inxenuidade e picardía ou, máis recentemente, Inés Fernández, Pablo Trabadelo e Irma García Fernández, que experimentan con monólogos, teatro vangardista ou teatro de monicreques.

### **Manuel García “Galano”** <sup>670</sup>

Desde moi novo participou como actor en diferentes grupos teatrais, como Pico de Faro, da Roda, pero ata 1950 non eclosiona como autor teatral ao preparar con dous autores tapiegos, Joaquín Pérez Núñez e Ramón Santamarina, dúas obras para representar: *El casado casa quer* e *El americano del pote*.

As súas obras inspíranse no teatro de comezos do XX, concretamente en *Un feixe de tapiogadas* de Villar Loza. A partir de 1979 dirixe o grupo *Ameicer* e escribe o sainete “Cambian os tempos”, obra que será incluída, xunto con outras pezas breves, no volume compilatorio teatral *Mareaxes tapiegos* (1993). En 2000 publica *Erguendo el telón*, libro que recolle toda a súa produción teatral durante a década de 1990.

O seu estilo e a súa linguaxe como dramaturgo son sinxelos porque neles prima a intención comunicativa que pretende acadar coas súas obras, o achegamento ós veciños ós que quere entreter. A linguaxe empregada é un espello da fala popular local afastada de criterios cultistas.

O teatro seu é de cerna costumista retrata tipos e situacións familiares para o espectador, cun dominio do humor que ás veces tamén busca a mágoa do público. Os

---

670 Para máis información biográfica véxase § 1.6.2. e § 2.5.3.

seus personaxes son mariñeiros e lagregos envolveitos en conflitos familiares cos que o espectador se sente identificado.

408 Recollemos aquí dous anacos dos seus sainetes “Mareaxes tapiegos” -incluído no libro do mesmo título- e “El diñeiro bo compañeiro” -incluído en *Erguendo el telón*.

### Acto primeiro

*(La escena representa una salita sencilla de una casa de pescadores del barrio de la Atalaya de Tapia de Casariego. Puertas laterales que comunican, la de la derecha, con el interior de la vivienda y la de la izquierda con el vestíbulo de entrada a la casa. Al foro un ventanal y a ambos lados del mismo un aparador y un televisor. Una mesa camilla en el centro, sillas, cuadros de ambiente marineru y un título de licenciado enmarcado y colgado en la pared.)*

*(Derecha e izquierda, las del actor.)*

### Escena primera

*(Ruperta, luego, Sinforosa.)*

RUPERTA *(Que hace la limpieza de la sala, asomándose a la puerta interior, llamando.)* ¡¡Juanín!!, pero ¿contas veces che teño que decir que te ergas, ho?

¡Levo uha hora chamándote, e como se nada! *(Volviéndose.)* ¡Vai boa que se foi tou padre pra el mar e é un vello! ¡Claro, con tanta discoteca... deitaisvos ás tantas, e despois non podedes cos calzois! ¡Ai, Dios, me vala!

SINFOROSA *(Desde afuera.)* ¡A Ruperta!

RUPERTA ¡Pasa, Sinforosa, pasa! *(Entra Sinforosa.)* Touche berrando por Juanín pra que se erga, e non hai xeito. Eu non sei, mialma, que ten agora nel corpo a *juventú*, Sinforosa, non sei que ten; tan emperezados... adormigados...

SINFOROSA ¡Oi...!, pásacheme a min igual con Anita; pra deitarse, nunca ten présa, pero pra erguerse... hai ferro e fariña, ¡claro, como condo chegan á casa topan sempre a mesa posta...! Non, e inda se queixan os condenados, ¡inda ás veces rebixen el pico! ¿Non me decía el outro día que a *juventú* non tía medios pra realizarse?, ¡realizarse, nía!, ¿non te amola?; realizoche me eu abondo de riba pra baxo todo el día, que non paro un faragullo, ¡madeus!

RUPERTA ¡Teische boa razón!

SINFOROSA Avezámoslos mal, Ruperta, avezámoslos mal; démoslles muito esfou e agora cóstanos enderezalos. *Bueno*, anda, que despois de maio vén San Xoán, e a todo cocho lle chega el sou San Martín, como diz el meu Miguel. ¡Xa lles chegará a ellos tamén a súa!

RUPERTA ¡Si, se *Dios* quere! A verdá é que eu ás veces enfádome con Juanín porque teño este genio que *Dios* me deu, pero desde que acabou os estudos e ve que non encontra colocación, ta mui desorientado el *probe*. Ta aburrido xa de buscar aquí e alí e ata ás veces sei eu que lle dá vergonza andar por ei de barba dereta vivindo a costa nosa. ¡Un home con carrera!, ¡quen lo diría hai uns anos!, ¡que che parece, Sinforosa!

SINFOROSA ¿Que queres que me pareza, Ruperta?, que teis razón, que cho creo ben, pero ta el mundo así, ¿que queres? E Juanín que é un mozo tan formal e tan asentado! Antes un home con carrera, era el amo del mundo, e agora... ¡xa ves!

RUPERTA Vexo, vexo. El caso é que mirando como tan as cousas... ten poucas trazas de millorar. Haberá que ter pacencia, que boa falta fai, ¡a ver se algún día se amaña esto!

SINFOROSA ¡Pacencia si, é lo que nos queda!

RUPERTA ¡A nía!, ¿baxarás pola mañá á Ribeira?

SINFOROSA Vouche pra aló agora mesmo a ver se pillo uhas poucas de rabizas na tienda de Ovidín, porque el meu Miguel xa sabes que non me pasa sen el caldo; ¡come cada batelada...!

RUPERTA Pois aquí el caldo non che lles gusta aos homes, así que non che lo fago agá pouco. Se quixeses entonces trerme uha bolsa de fideo e outra de gavanzos...

SINFOROSA Si, muller, si. ¿Queres máis daqué?

RUPERTA ¿Vas ir á carnicería?

SINFOROSA ¡Á carnicería! Na mía casa non se ve máis carne que a de galía que se me pon a min condo a nena me chega á casa ás cuatro da mañá, pero si queres chégome e tráigoche lo que quiras, e así de paso pillo un osín pral meu caldo.

RUPERTA Pois agradázocho, mira, porque che ando estos días algo amalada, cun dolor nas costas... que ata me costa caro doblarme. Vou ter que ir al consultorio.

SINFOROSA Débeche ser andaina, porque tamén se queixa el meu Miguel, que non fai máis que mandarme á botica por aspirinas; xa lles preguntei condo las ponían de oferta.

RUPERTA ¿Dices andaina?, ¡andaina, si!, ¡quen che dera fe; ¡a vellez, Sinforosa, a vellez, que nos avisa de que vén ei. Toma, anda (*le da dinero*) e traime entonces un filetín pra Celesto; eu vou a ver si sigo limpiando un pouco a casa porque un destes días chéganme os veraneantes, ¿non sabes?

SINFOROSA ¡É verdá!, ¿condo che vein, nía?

RUPERTA Pois débenche tar al chegar dun día pra outro, e touche la mar de celer-gosa porque é el primeiro ano que alquilamos, e madeus se non fora porque fain muita falta os cuartos, déldamo se metía a naide na casa, e menos a extranxeiros desconocidos, pero, ¡que lle vamos a fer!; como decía Paco Santamarina, en paz esté, *a la fuerza ahorcan*.

SINFOROSA Cala, nía cala, que a lo millor quedas ben contenta delos. Ademais, sendo solo pra dormir, han pararche pouco na casa e non che han a dar tanto labor. Os franceses xa sabes que son mui amigos de andar por fóra todo el día, e al fin e al cabo, un mes pasa axina, anda.

RUPERTA Xa veremos, xa veremos.

SINFOROSA ¡E alégrate, que este ano quedou muito de xullo baleiro!

RUPERTA Eso é verdá.

SINFOROSA Dican que amolou muito eso del imposto da renda, nía, que deixou a xente sen cuartos, polo visto.

SINFOROSA Sería, sería.

Escena segunda

*(Ruperta, Sinforosa y Celesto.)*

CELESTO *(Que entra, con atuendo de pescador.)* ¡Ola, Sinforosa!

SINFOROSA ¡Ola, Celesto!, ¿que tal vos foi?, ¿que trouxestes?

CELESTO Nada, nenía, nada; onte inda demos cuha barría de *calamares* ei frenta á Ribeiría, pero hoi, ¡nin tirón!

SINFOROSA ¡Vaia, ho!

CELESTO A ver se mañá millora. A nosa vida é así, Sinforosa, ben lo sabes; nunca sabemos se vamos a algo ou non; pero hai que salir un día si e outro tamén, sempre coa esperanza de que el de mañá ha ser millor que el de hoi, ¡que queres!

SINFOROSA *Bueno*, home; probe porfiado, saca mendrugo, xa lo sabes.

CELESTO Sei, sei; non tu teis refrais pra todo, xuradez, pero ás veces, fallan.

RUPERTA Anda, Celesto, cambia a roupa que ben sei que veis mollado.

SINFOROSA Si, si, múdate, Modesto, non pilles friu, vai mudarte. E eu tamén me vou porque non fago máis que pararme. Xa me dice el meu Miguel que son uha paroleira. Ei volver a traerche todo, Ruperta. *Adiós aos dous. (Sale rápidamente.)*

RUPERTA, CELESTO *Adiós*, Sinforosa.

### Escena terceira

(Ruperta y Celesto, que va despojándose, lentamente, de la ropa de aguas y del calzado.)

RUPERTA ¡A Celesto!, ¿sabes lo que teven eu pensando?

411

CELESTO ¿Como, coño, lo vou saber?

RUPERTA Pois é que tou algo celergosa con esto dos veraneantes. Teño muito medo a que non nos sala ben a cousa.

CELESTO Però *bueno*, Ruperta, ¿como, coño, non lo pensas primeiro?, ¿como me veis agora con estas caralladas? Fuche tu a que te decidiche a metelos na casa coa cobicia de sacar uns cuartos, que xa sei que non nos vein miga mal, pero que tamén nos amañáramos sen elos, ¡como nos amañamos ata agora!

RUPERTA ¡Non foi por cobicia, Celesto, foi por necesidá, que non é lo mesmo! El tou susidio xa sabes pra lo que nos chega, e se non fora por lo que lle vamos arrimando con algo que sacas nel bote... ¡xa me dirás! E mentras el neno non se coloque é uha boca máis a manter e a gastar, ¿que querías que fixese?

CELESTO (*Rotundo.*) *Bueno*, pois agora xa ta. Non é cousa de volverse atrás. Demos a palabra, e ta dada; e a mía palabra é uha firma, ¡xa lo sabes!

RUPERTA Però se non é que quira volverme atrás, home, ¡*Dios* me libre!, é que como é a primeira vez que *alquilamos*..., ¿que sei eu?, e ademais son franceses... ¡Teño un bule-bule por el corpo...!

CELESTO Però ven acá; que coño máis nos dá a nosoutros que sían franceses que españoles, que sían altos ou baxos, nin que sían guapos ou feos, ¡vamos a ver! É un matrimonio, e case *fijo* que un ou el outro, senón os dous, han saber falar castellano, e se non lo saben, lo mesmo nos dá. Total, pra decirlles unde tein el cuarto tamén nos vamos a entender por señas. Ademais eu inda me acordo dalguha palabra que lle aprendera al difunto Vixé. E senón ta Juanín que estudiou francés nel *bachiller*, así que non te apures por eso.

RUPERTA ¡Ai ho!, teven eu pensando: ¿os matrimonios franceses dormirán xuntos ou separados?

CELESTO ¡Anda, *carajo*!, ¡agora si que foi!, dormirán como todo el mundo!

RUPERTA Escuita, verás; é que como el cuarto de folga ten dúas camas, quizais quixesen millor uha grande de matrimonio como a nosa, e podíamos cambialas, ¡digo eu!

CELESTO ¡Deso nada!, que las xunten, se queren. E non me maríes nin te esmoles máis por caralladas como esas; ta todo limpio como é debido, ¿ou non?

RUPERTA ¡Ta, ho!

412

CELESTO Pois entonces non lle dás máis voltas á cabeza e tate tranquila. Lo que teis é que non berran muito condo fales con elos, porque os franceses non berran como nosoutros, que por unde quera que andamos imos decindo de unde somos. *(Pausa.)* ¿Veu a “folla del Mar”?

RUPERTA Veu, teisla ei derriba da mesa. Vou a ver si se ergueu Juanín.

*(Se va Ruperta levándose consigo el cesto y la ropa de aguas de Celesto. Este se sentará a la mesa, tomando la Hoja del Mar, que lee.)*

[...]

### **El diñeiro bon compañeiro**

[...]

MÉDICO *Bueno*, ya está visto el enfermo, Manuela.

MANUELA *(Mui interesada.)* ¡E que, don Benino!, ¿como lo topa, como lo topa?

MÉDICO Pues en este momento tiene una arritmia bastante acusada.

MANUELA ¿E unde la ten, don Benino, na cabeza?

MÉDICO *(Sonrindo.)* Usted no sabe lo que es la arritmia, ¿verdad?

MANUELA Pois non, mire vostede, non lo sei. Xustamente acabo de chamar a nena grande, que teño casada fóra, pra que vese acó e se me enterase ben de como ten que tomar as melecías Antón, porque eu enzarabéllome e non me vai chegar a tempo, mire. A ver como me amaño.

MÉDICO No se apure usted, no se apure, porque ya le dejaré yo todo bien anotado para que no se equivoque, ¿eh!? *(Séntase á mesa, saca el talonario de recetas e dispónse a escribir.)* ¿Hace mucho que no mueve el vientre?

MANUELA ¿Quen, el ou eu?

MÉDICO El enfermo, Manuela, el enfermo.

MANUELA Pois non lle me acordo. Espere un bocadín que lle vou perguntar. *(Vaise correndo pola porta dereta, mentras que el médico segue cubrindo recetas. Volve e diríxese al médico.)* Diz que lougo hai oito días; sempre andou mui apartado.

MÉDICO *(Sen erguer a cabeza.)* Habrá que ponerle un enema.

MANUELA ¿E unde se lle pon?

MÉDICO *(Deixando de escribir al tempo que sonrí comprensivo.)* Tampoco sabe usted lo que es un enema, por lo que veo.

MANUELA Pois tampouco, mire vostede, tampouco. ¡Túvenlle tan pouca escola, don Benino...! ¡Se vostede soubera!

MÉDICO Pero sí sabrá vostede lo que es una lavativa, ¿o no?

MANUELA ¡Que cousas ten! ¡Como non vou saber lo que é uha lavativa; claro que lo sei!

MÉDICO Pues mire, en vez de un enema, le ponemos lavativa y ya está. ¿Le parece bien?

MANUELA ¡Vaia, tamén...! A cousa é que hai tanto tempo que non usamos el couso de poñelas... que xa debe tar a goma picada e el cazolo ferruxento.

¡Eso se lo topo, porque temos el desván tan chen de tarecos... ¡que non lle digo eu!

MÉDICO No se apure usted, estese tranquila porque todo le va a venir dispuesto ya de la farmacia. No necesita usted cazuelo... ni goma... ni cánula... ni nada. Ya verá.

MANUELA ¡Ai, Dios llo pague, don Benino! ¡Conto llo estimo! ¿Quere un cafetín? Póñoello en seguidía se lo quere, que lo teño inda caliente, feito de hai un bocadín. ¿Tráigollo?

MÉDICO No, señora, no; muchas gracias.

MANUELA Se quere millor outra cousa... De lo que temos, gracias a *Dios*, non falta nada, e non lle teño dolo, mialma que non.

MÉDICO No, Manuela, no se preocupe, ande. Vamos a ver, ¿tendrá por ahí a mano los últimos análisis que se le hicieron a su marido?

MANUELA Si, si señor; téñoelos aquí nel mesmo sobre nel que mos deu, mire. (*Pillando un sobre de derriba, da cómoda.*)

MÉDICO Pues haga el favor de dárme los, que no recuerdo ahora el Rh que tiene.

MANUELA ¡Non ten un Rh, don Benino, agora ten un R-5, que lo cambiou hai pouco porque el 127 que tía xa taba mui vello!

MÉDICO (*Sorrindo outra vez.*) Bueno, bueno, no importa. Deme el sobre, ande.

MANUELA Tome, tome. Ei ta todo segundo mo deu vostede, porque eu outra cousa non terei, pero a cuidado non me gana naide; ¡ai, non!

MÉDICO (*Despois dun vistacín aos papeles.*) Bueno, está bien. Aquí le quedan tres recetas, ¿eh? Mire. (*Dándollas.*) Una de ellas es para la lavativa que, como ya le dije, viene lista para aplicar; no tiene más que seguir las instrucciones que trae.

MANUELA ¿E se non obra, don Benino?

MÉDICO Obrará, obrará seguro, ya lo verá; y si no, me llama por teléfono a la consulta. Esta otra es para tomar a cucharadas soperas: una cada seis horas, no se equivoque. Y esta tercera son unas gotas para la arritmia. Todo queda bien anotado en el respaldo de las copias para que no se equivoque, ¿eh? (*Ponse de pé.*)

MANUELA Non me dixo vostede lo que era a rimia esa.

MÉDICO Pues mire, la arritmia es un problema del corazón, ¿sabe? Viene a ser una alteración del ritmo cardíaco que debe ser regular, ¿me entiende?, un ritmo regular.

MANUELA ¡Ai, el meu Antón, aunque me teña mal el dicilo, sempre lle teve un gran corazón, si señor, un gran corazón! Non regular, como vostede dice, non, sinón dos bos, dos millores, ¡Díos llo defenda!

MÉDICO Me alegro, señora, me alegro. Y lo seguirá teniendo, ya verá. Bueno, pues me voy. No se olvide de consultar bien las notas para que no se equivoque en las dosis y en la frecuencia de las tomas, ¿eh?

MANUELA Non, non, descuide, xa amañaremos, porque lougo me volve a nena e ela sabe ben.

MÉDICO Pues nada, hasta otro día. Y si hai alguna novedad llaman ustedes al Centro de Salud.

MANUELA Escuite, don Benino, fíalle eu de boa gana uha pregunta, se non lle pinta mal.

MÉDICO No, mujer; hágala, hágala.

MANUELA Pois verá: hai la mar de tempo, ¡anos!, que me dolen mui a miúdo os cadriles e as pernas; condo por aquí, condo por alí (*vai señalando coa mao*), condo esta perna, condo estoutra... De lo demais tou muito ben, gracias a Díos, os dolos meus sempre los teven da cintura pra baxo, mire vostede.

MÉDICO (*Sonriendo.*) ¡Como mucha gente, Manuela, como mucha gente. Los problemas de la cintura para abajo traen de cabeza a media humanidad!

MANUELA (*Que non pilla a contestación.*) ¡Cata, cata! ¿E non haberá daqué pra que me pase, don Benino?

MÉDICO Mire, lo mejor es que, cuando le duela, aplique usted un poco de calor en el punto doloroso y, si acaso, se toma una aspirina. Si no le pasase pronto, vaya a verme, pero no creo que deba usted preocuparse, ¿eh? (*Dálle uhas palmadías nel hombro.*) Es más delicado lo de su marido.

MANUELA Bueno, don Benino, bueno, pois Díos llo pague. ¿E sanará axina Antón?

MÉDICO Yo espero que sí, espero que sí. Bueno, adiós, Manuela, adiós, hasta otro día. (*Sale pola porta esquerda.*)



MANUELA *Adiós, don Benino, adiós. (Xa dende a porta.) ¡E Dios quira que non teña que volver! (Pecha a porta e xa sola.) E a todo esto, Conchía sen vir... ¡Esta moxedá!... Todo lles dá igual; non pensan máis que nas súas cousas, os outros que se amolen. (Pasía pola sala.) ¡E eu aquí sola, sen saber a quen vou mandar buscar as melecías...! ¡Dios me día pacencia, que falta me fai!*

*(Ábrese a porta esquerda e entra Conchía, que trai uha maleta que se nota baleira.)*

[...]

### **José María Bedia Bedia**

As Figueiras-Castropol, 1933 – Uviéu, 2016. Coñecido popularmente como “Motorín” ou “El cura de Valdeparés”, foi un recoñecido autor teatral e articulista na revista *Entrambasaguas*. Persoa moi querida popularmente, en 2018 foi nomeado fillo adoptivo do concello de El Franco a título póstumo.

As súas obras non se publicaron pero si se representaron, de feito é un dos autores preferidos polos grupos locais, entre os que destacan Pico de Faro, da Roda, Selene da Caridá ou o Grupo Juan Manuel Méndez, tamén da Caridá.

O seu teatro continúa coa liña costumista e nas súas obras recolle estampas populares propias da súa zona introducíndolles anécdotas verídicas para lles conferir maior realismo. Entre as súas pezas destacamos *El que estudia algo aprende*, *Extraño viaxe* e *Para el amor nunca é tarde*, obra esta da que tiramos un fragmento para reproducir neste volume.

[...]

### **Tercer acto**

#### **Escena primeira**

*(Teodoro, Loli, Juanito, Juan, Jaime y Paulina.)*

*El lugar de este tercer acto es el mismo del principio, es decir, en la sala de estar de casa de Juan.*

TEODORO Pois el motivo da mía visita é que Loli, a mía filla aquí presente, ta medrando.

JUAN Eso é uha cousa buena.

TEODORO Quero decir, engordando *(hace señas con la mano derecha de que le aumenta la barriga).*

PAULINA Eso xa non é tan bo, pero a unde hai que ir entonces é al consultorio médico, a ver se lle dá alguha vitamina ou algo.

TEODORO Todo se andará. Pero antes hai que vir aquí, porque de momento as “vitaminas” deullas Juanito.

JUAN y PAULINA (*Mirando a Juanito.*) ¡Juanito! (*Juanito mete la cara entre las manos.*)

JUAN Juanito, atende a lo que che dice túa madre.

JAIME (*Aparte.*) (Vaia, outro que tamén lle gusta esquiar.) (*Juanito levanta la vista hacia sus padres y vuelve a ponerse igual que antes.*)

PAULINA Juanito, responde. ¿É verdá eso?

JUANITO (*Quitando las manos de la cara, con la cabeza baja.*) Si, mamá.

PAULINA ¿E como foi eso?

JUANITO Pois tu ¿non sabes como é eso?

PAULINA Quero decir que non debíades adelantarvos tanto.

JUANITO Xa lo sei. Pero xa levamos muito tempo de relacións; eu querendo decirlo na casa, pero nada. Nunca había forma. “Juanito pra aquí”, “Juanito pra alí”. ¡Que Juanito ni que niño muerto! Juanitos son os nenos pequenos, e eu xa medrei máis.

PAULINA Si, máis da cuenta. E Loli tamén.

LOLI Pois, por lo que me contou papá, non son eu a primeira. Porque vostede tampouco se quedou corta.

TEODORO (*Cortando la conversación.*) Hala, hala, deixade eso, que as mulleres sempre tedes que discutir cousas sen importancia. Esas son cousas que pasan; agora hai que amañar el presente. A ver que se fai con estos dous... e medio.

PAULINA Pois, haberá que concretar *fechas*. ¿A ti que che parece, Juan?

JUAN (*Mirando detenidamente a Loli.*) Paréceme mui guapa.

PAULINA (*Contrariada.*) Non digo a nena, home, senón a voda.

JUAN Eu penso que é una boa idea. Pero eso será mellor concretarlo noutra ocasión.

TEODORO A nosoutros lo mesmo nos dá, con tal que a cousa non quede en agua de *borrajas*.

JUAN Non, home, non. Como dicen os galegos: “A lo feito, peito”.

TEODORO (*Levantándose él y Loli.*) Bueno, pois entonces vámonos e xa concretaremos. (*Hacen mutis.*)

PAULINA (*A Juanito.*) ¡Ah Juanito! Fíame falta que me axudases a colgar os chorizos na bodega. (*Con retintín.*) Como agora xa es un home..¿Veis?

417

JUANITO Si, mamá. (*Hacen mutis.*)

## **Escena segunda**

(*Jaime y Juan.*)

JUAN Però *bueno*, Jaime. ¿Tu non me entendiche condo che dixen que Susi é túa hermé?

JAIME Si, papá.

JUAN Entonces, ¿como é que segues as relacións como se nada?

JAIME ¿Que queres, que *riña* con ela?

JUAN Home, eso non. Però falar de petición de man tampouco.

JAIME E que tu non sabes as cousas a medias.

JUAN A medias, non, rediez. ¡Pois non che me quedei pouco cortao condo me deo a noticia Susi!

JAIME Sigues regando fóra de testo.

JUAN ¿Non “patinarías” tu tamén, como tou hermao?

JAIME Non por certo. Però é que hai algo máis.

JUAN ¿Algo máis? E ¿que é, si pode saberse?

JAIME Vou poñerche un exemplo. Condo uha pita choca saca uha docena de pitos, ¿tu cres que serán hermaos?

JUAN Depende se os ovos son da mesma pita ou non.

JAIME E de se hai máis dun galo.

JUAN (*Abre los ojos desmesuradamente y mira a Jaime, dando a entender que empieza a comprender.*) ¿Queres decir que túa madre...?

JAIME Vaia, vexo que vas entendendo.

JUAN Non pode ser. Túa madre non é desas.

JAIME Mía madre ten certo parecido con meo padre.

JUAN Entonces ¿quieres decir que tu non es fillo meo?

JAIME ¡Ajá!

JUAN E ¿como te atreves a levantarlle uha cousa así a túa madre?

JAIME Eu non lle levantei nada. Foi ela mesma a que lo cantou na casa de Pepita.

JUAN ¡Aja! Agora me explico el *jolgorio*.

JAIME Non che era pra menos. Así non hai ningún impedimento.

JUAN E ¿quen é tou padre, entonces?

JAIME Teodoro, el de Loli.

JUAN ¡Mira el... cornudo ese!

JAIME Neste caso, es máis bien tu.

JUAN ¿Sabes uha cousa? Que el *jolgorio* inda ta empezando, porque túa madre vai oírme. Que así me fixo ela a min. Xa verás. (*Llamándola.*) Paulina, ven acá.

PAULINA (*Desde dentro.*) Vou ei.

JAIME Eu tamén me vou, que esto non lo aguanto. El que la fai que la pague.

(*Hace mutis.*)

### **Escena tercera**

(*Juan y Paulina.*)

PAULINA (*Entrando.*) ¿Que me querías?

JUAN Quería aclarar ciertos puntos. De modo que me chamas a min a atención por lo de Susi e teis tu a desfachatez de entenderte con Teodoro tamén. ¿É esa a túa fidelidad?

PAULINA E ¿que querías? ¿Ser tu só el que la rompese? Pois ladrón que rouba a ladrón, ten cen anos de perdón.

JUAN Pero un home ten máis disculpa que uha muller.

PAULINA Eso ¿que lo sacache? ¿Del *derecho* internacional?

JUAN Non. Pero é de sentido común.

PAULINA Si, oh. De modo que a muller é a criada pra todo del señor (*le hace una gran inclinación, con una reverencia a estilo indio*), según se lle apeteza, ¿non? Ai, taste mui confundido, se pensas así.

JUAN Na casa mando eu, que pra eso sou el home.

PAULINA Tas listo. Non mandas nin nos calzois, que chos quita cualquera pendanga que pasa por ei.

JUAN Eso de pendanga, ¿que lo dices? ¿Por ti?

PAULINA ¿Por min? (*Casi metiéndose por encima de él.*) Has a saber que eu sempre fun uha boa muller.

JUAN Ahí está. E senón, que lle pregunten a Teodoro.

PAULINA *Bueno*, eso foi uha vez.

JUAN ...Que se sepa.

PAULINA Que se sepa ou non, foi uha soa vez.

JUAN Sería, inda que me estraña.

PAULINA E ademais foi porque me deo pena dél.

JUAN Agora sólo falta que me digas que foi uha obra de caridad e que teño que agradecercha.

PAULINA Lo que pasa é que tas celoso, porque vale máis que tu.

JUAN E tu tas como uha cabra. (*Cada vez riñen más fuerte.*)

PAULINA Pois tu como el meo marido...

JUAN Non me gurgutes, que che dou uha lafazada. (*Hace ademán de dársela.*)

PAULINA ¿Que pensas, que che teño medo, calzonazos?

JUAN Tampouco eu a ti.

PAULINA Fanfarrón, bocazas.

JUAN Pelella, badana.

[...]

### **Tomás Niembro González**

Natural de Cabrales e tapiego de adopción, estivo sempre vencellado ao grupo Pico de Faro, para o que escribiu diferentes obras entre as que destacamos *Habendo salú* (1983), *Toluras de veyos* (1983) ou *A herencia de Xan* (1986), obras que aínda contiñan a representarse.

A maioría das súas pezas escribiunas en castelán e foi Manuel "Galano" quen llas traduciú ao galego eonaviego. Todas estas obras foron estreadas e representadas

en galego, aínda que non chegaron a publicarse. Reproducimos dous fragmentos de *Toluras de veyos* e *A herencia de Xan*.

[...]

420

## Acto segundo

### Escena primeira

*Misma decoración. En escena Rosa. Entra Colás de la calle con un periódico en la mano.*

ROSA Axiña diche a volta.

COLÁS Si, é que me topei con Manolín del Terín que vai a Oviedo e vou a ver se podo irme con él e así aforro os cuartos del auto de línea.

ROSA Papá, vamos a ver se falamos claro duha vez: ¿quere decirme se ten ou non ten que ir de verdá a Oviedo?

COLÁS ¡Que cousas teis! Se non tevera que ir non iba.

ROSA Quero decir se ten que fer tanta revisión ou é un paripé.

COLÁS Non te entendo; un paripé, ¿pra que?

ROSA Papá, non me disimule máis, por *Dios*, non me faga estalar, que levamos uns días a nena e eu que nin dormimos, nin comemos, nin asosegamos.

COLÁS ¡Pois e que tais empeñadas en que teño que ter algo e que non volo digo!

ROSA E temos razón: ten algo que non nos lo dice.

COLÁS Pois tais equivocadas. Tou como un coral. Non teño nada.

ROSA (*Mostrándole una carta.*) Papá, ¿e esta carta?

COLÁS ¡Que ten esa carta?, ¿de quen é?

ROSA Pois remite un tal U. Gutiérrez; vostede saberá.

COLÁS ¡Ai, si, é dun amigo meu de Oviedo! Trae pra acá. ¿Condo chegou?

ROSA Papá non me tome el pelo, ¡por *Dios*! Esta carta tía-la vostede nel bolso e encontroulla a nena, así que non disimule máis e falemos claro duha vez.

COLÁS ¿E quen sois vosoutras pra andar nos bolsos dos demais e ler lo que non vos importa?

AMALIA (*Entrando.*) Fun eu, volo. Taba limpiándolle a chaqueta el outro día, e caeu a carta del bolso. Perdone. E como as mulleres somos tan sabicheiras...

COLÁS *Bueno*, pois agora xa ta. Tía que habérvoslo dito, pero non lle encontraba el xeito.

ROSA Así que se botou uha pelandusca por Oviedo. ¿Non lle dá vergonza?

COLÁS ¡De pelandusca, nada, que e tan honrada como tu e como eu, que pensas!

ROSA (*Echándose a llorar.*) ¡E nosoutras tan preocupadas pensando en que tía algo malo e non se atrevía a dicírnolo...!

AMALIA ¡E algo malo era, así *Dios* me salve!

COLÁS *Bueno*, pois agora xa foi; si, é verdá, xa lo sabedes todo: teño moza, ¡que pasa!

ROSA E dícenolo tan fresco, ¡á súa edá!, ¿non lle dá vergonza?

AMALIA ¿Como é, volo, ¿é mui vella?

COLÁS É como túa madre, máis ou menos.

ROSA Ou sea, que podía ser filla túa. ¡É uha engatusadora, eso é lo que é! E ademais, cursi; mira que chamarlle “¡cielito mío...!” ¡Cielito, si!

COLÁS É que é mui romántica.

ROSA Seguro que todo este tempo tiveron vivindo en pecado mortal, ¡*Dios* mo perdone!

COLÁS ¡Muller... como salir, salín ben da operación, pero non pra tanto!

AMALIA Entonces, ¿que é lo que pensan fer, volo?

COLÁS Pois, de momento, seguir as nosas relaciois e lougo, casarnos, ¿ou que pensades?, inda teño dereito á vida.

ROSA (*Sollozando.*) ¡Ai mía madre del alma, este home volveuse tolo! Però, ¿tan mal lle vai nesta casa?, ¿tan mal te tratamos nosoutras, que botas de menos outro cariño?

COLÁS Non, non é eso. Tratar trataisme ben, como a un rei, pero un...

ROSA ¿E pensou de que vamos a vivir nosoutras condo vostede se case e se vaia a vivir con esa..., *bueno*, con esa como se chame?

COLÁS Ubalda, chámase Ubalda, e non penso irme a vivir con ela, senón que vai ser ela quen veña a vivir con nosoutros.

ROSA (*Saltando.*) ¿Con nosoutros? ¡Ai, non, eso de ninguha maneira! Nin se lle pase siquiera pola cabeza. Antes voume da casa e levo comigo a nena. ¡Con nosoutras, que naide teve que decir nunca nada, ¡e agora vamos a dar a campanada!

COLÁS ¿Que é eso da campanada? Campanada son outras cousas. ¿Que ten de malo que un viúvo se case? É normal; ata pasou de moda tocar as cenzarradas.

ROSA Non sei, non sei; se a lo menos trouxese a súa pensión, ¿ou non cobra pensión?

COLÁS Cóbrala, cóbrala, e boa, que tamén ela é viúva dun mineiro e os mineiros ganan un diñeiral.

AMALIA ¿E que máis lle dá a vostede que la cobre? ¿Non sabe que as viúvas perden a pensión se volven a casarse?

COLÁS ¡Que perden a pensión? Pois non había eu pensado neso. ¿Tu tas segura, nena?

AMALIA Segurísima.

COLÁS Pois Ubalda non me falou nada deso.

ROSA Será que quere amontuarse pra non perdela. ¡E eso si que non lo vou a consentir!, ¡pois non faltaría máis!

COLÁS ¡Muller, todo se pode amañar!

ROSA ¿Amañar? Non sei como. Ou vos casa el cura, e entonces temos que escoller entre vivir con ela ou irnos da casa ou...

AMALIA Ou acetar que volo viva "con su pareja", sen casar, que agora é moda.

COLÁS (*Tratando de evadir la cuestión.*) Bueno, pois vamos a deixalo, que xa lo pensarei, que hai tempo abondo.

AMALIA Tempo abondo... Mui novo se sinte, volo.

COLÁS *Bueno*, novo ou non, deixemos esto agora e vosoutras volvede á cocía que é onde tedes que tar... mentras eu non dispoña outra cousa, ¡hala! (*machista*).

(*Rosa y Amalia obedecen la orden. Rosa marcha sollozando y Colás, pensativo, relee la carta.*)

COLÁS A ver que coño resolvo eu agora. Deixar que a filla e a neta se vaian, non vou a felo, ¡non faltaría máis!, pero xuntarme con Ubalda así polas buenas... tanpouco me parece ben dar que falar á xente. ¡Vaia telar que amañei!

(*Llaman a la puerta. Se levanta Colás para abrir, y aparece Chinto.*)

[...]

A herencia de Xan

[...]



## Acto segundo

### Escena primera

*Rufa y Josefa.*

JOSEFA Polo que se ve, fun a primeira en chegar.

RUFA Fuche. (*Mira el reloj.*) Inda falta un bocadín prás doce. ¿Unde quedou Quico?

JOSEFA Tomando un vasín, pero xa vén. ¡Ai, tou máis nerviosa!, ¡mira que se meu padre nos deseredou!...

RUFA A min polo menos, non, seguro.

JOSEFA ¿Como lo sabes?, ¿ou é que abriche el testamento?

RUFA Tas tola, Josefa, ¿como iba a atreverme? Ademais, pechóuchelo ben Xuaco con chave, mira (*se acerca a la mesa y tienta el cajón*).

JOSEFA ¡Ai, *bueno*, é que de ti non me fío un pelo!

RUFA Tu nunca te fiache de min nin de naide. Menuda *pájara* tas feita.

JOSEFA Eso de *pájara*...

RUFA A ver, ¿por que nunca se che ocurriu levar a tou padre a vivir contigo, xa que tanto dices que lo querías?

JOSEFA Xa sabes lo apretados que tamos de sito na casa.

RUFA Non me digas que tades apretados cos que sodes, e ademais *alquilais* nel verau.

JOSEFA Si, *alquilamos*, pero índonos nosoutros prá bodega del forno; e eso polo mal que andamos de cuartos.

RUFA De cuartos andamos mal todos, pero a min nunca naide me preguntou como me amañaba mentras tou padre viviu con nosoutros, e a costa nosa.

JOSEFA Non me digas que a costa vosa porque él cobraba un bon susidio.

RUFA Tampouco pensarás que íbamos a mantelo gratis sen que aportase nada. ¿Por que non te fixiche tu cargo del, con susidio e todo xa que es máis do seu sangue que eu, que al fin e al cabo eu solo era a nora?

JOSEFA Pero a casa na que vives era del e ta sen partir.

RUFA Tamén era del a rúa, non te amola.

JOSEFA Non vaias a comparar esta de Tapia coa mía del Cortaficio que é un cubilín, como quen dice.

RUFA Con horto, cabanois e cabazo, non che esqueiza, así que non teis que botarme nada na cara. Al contrario, teño eu que botarcho a ti. ¡Vaia uha filla que lle saliu al *probe* de Xan!

424 JOSEFA (*Enfadada.*) Muito *probe* Xan agora que moriu, pero condo taba vivo, ben que lo botache da casa.

RUFA Deso xa falamos abondo, así que corta el rollo.

JOSEFA Será mellor, falemos doutra cousa: ¿tu pensas que papá tería os cuartos que dicen que tía?

RUFA Eu penso que condo lo dicen... Ademais a Xuaco contáronllo as monxas en *Madri* e as monxas non minten. Lo que pasa é que non lle dixeron conto, pero dixéronme ben claro que lle tocara un bon pico en non sei que cousa.

JOSEFA Pois a ver como lo repartiu nel testamento.

RUFA A partes iguais, penso eu, porque todos somos fillos de *Dios*. Anque a lo mellor a min, en particular, déixame mellorada xa que mellor ou peor, fun a única que lo cuidou en vida.

JOSEFA Vai tu a saber. (*Pausa.*) Mira que ir morirse aos dous meses de irse da casa... Se tu aguantas un pouco máis, muere nela.

RUFA ¿E por que non lo levache tu prá tía e che se muere alí? A lo menos non era a ti a quen daba a tabarra coas súas manías, senón a min.

JOSEFA ¡Dálle, coño! En fin... (*Suspira.*) ¡Aaaiii...! ¡Que en paz descanse!

RUFA Eso digo eu, que *Dios* lo teña na gloria.

JOSEFA Amén. (*Llaman a la puerta.*) ¿Abro eu, Rufa?

RUFA *Bueno*, abre, que será daquén da familia. (*Abre Josefa y entra Quico, su marido.*)

## Escena segunda

*Josefa, Rufa y Quico.*

QUICO Buenos días, ¿non veu inda naide máis?

JOSEFA Non, pero tan al caer porque axina van a dar as doce. Anda, séntate.

RUFA ¿Non viche por ei a ningún?

QUICO Non, ¿unde anda Xuaco?

RUFA Saliu hai xa un bon pedazo. Taba algo nervioso e dixo que iba a dar un paseo pra estirar un pouco as pernas e calmar os nervios. Non tardará porque el é mui puntual, xa lo sabes.

QUICO ¿E Josefina?

RUFA Fina foi á clase de francés, pero tampouco tardará porque *hoi* sale ás doce e xa case las son. (*Mira el reloj.*) Faltan uns minutus.

(*Se abre la puerta y entra Fina.*)

### Escena terceira

*Josefa, Rufa, Quico y Fina.*

FINA Buenos días. ¿Chego a tempo? Salín un pouco primeiro da clase pra tar a hora nel acontecemento.

RUFA Chegas, chegas a tempo, pero inda falta tou padre, e xa ves que non veron tampouco el cura e as dúas monxas. Non las verías por ei, ¿eh?

FINA Non, houbéranme chamado a atención porque dúas monxas en Tapia non se ven todos os días.

RUFA ¿E el cura? ¿Non viche tampouco a ningún cura forastero?

FINA Vin solo al de Valdepareas, pero ese vén muito por aquí. Case é tapiego.

JOSEFA Pois non tardarán. (*Vuelve a sonar la cerradura y entra Xuaco.*) ¿Ves? Xa van chegando.

### Escena cuarta

*Josefa, Rufa, Quico, Fina y Xuaco.*

XUACO: ¡Ola a todos!

RUFA, QUICO, JOSEFA ¡Ola!

FINA (*Que se le acerca, mimosa.*) ¡Ola, papi!

XUACO Por lo visto, solo faltan os de *Madri*.

RUFA A ver se non veron e nos xoroban a tomateira.

XUACO Virán, virán, que esta xente é mui formal. Inda falta un pouco prás doce. (*Mirando el reloj.*) ¿Que hora tedes vosoutros?

QUICO (*Que mira el suyo.*) Faltan algo menos de tres *menutos* prás doce.

XUACO *Bueno*, pois tu, Rufa, vai preparando uha botella de anís e uhas galletías pra que tomen un aperitivo se lles parece, que as monxas son mui lambiuas e aficionadas a estos pequenos detalles. (*Rufa saca del armario una botella, una caja de galletas y tres copas pequeñitas.*)

RUFA Xa pensara eu neso. Aquí tan.

XUACO ¿E prós demais, que?

426

RUFA Os demais mirar e escuitar, que esto non é uha festa. Al final, digo eu, se todo sale ben, como eu quero, incluso comprarei uha docena de pasteles e uha botella de moscatel pra celebralo en familia, pero mentras tanto e non...

XUACO ¡Pois si que tamos amañados!

*(Hay una breve pausa en la que todos miran a la puerta. Al fin, llaman.)*

RUFA ¡Ei tan, ei tan!

*(Sale a abrir y aparece un cura con sotana y dos chicas jóvenes vestidas de seglar, sin ningún signo externo de que sean religiosas. Todos se levantan respetuosamente.)*

### **Jesús Álvarez Valdés**<sup>671</sup>

As súas obras teatrais estreáronse e representáronse pero non se chegaron a publicar. Entre elas destacamos as súas "alpeiradas": *Alpeirada na casa da cultura* e *Alpeirada del buchinche d'Antón*, ademais das pezas *Malio* e *Mador tan que bufan* e *Tono que non sabe crabuñar*. Incluímos neste volume pequenos anacos das catro.

#### *Alpeirada nel buchinche de Antón*

##### **Acto primeiro**

*(La escena representa el local de un taller de relojería y joyería de pueblo. Hay una mesa llena de relojes, piezas de relojería, martillos, tornillos etc. A la parte izquierda del escenario hay otra mesita, unas sillas. Algunos anuncios, almanaques etc. en las paredes. Al levantarse el telón están Antón, el relojero y Paco, un agricultor próximo a jubilarse, hablando.)*

ANTÓN ¿Fuches al médico, Paco?

PACO ¡Fun e non fun, que son dúas cousas!

ANTÓN ¿Como se come eso?

PACO ¡Muito ben! ¡Xa verás! Enveredei camín del médico e cheguei á consulta, así que fun; pero había tanta xente nel médico que din a volta, así que non fun.

ANTÓN ¡Mete medo a xente que se xunta nel médico! ¡Parece aquilo un mercao!

---

671 Para máis información biográfica consúltese § 2.5.7.

PACO Si, ho, ¡mialma non hai quen pare alí! Riñen uns cos outros porque se quitan a vez. Outros critican. Outros queixan de tal xeito que se non tas malo, pointe... ¿Dis ho? (*Sacando un reloj del bolsillo.*) Tráigoche este *reló* pra que lle botes el ollo, ¡non sei que lle pasa que atrasa un milagre!

ANTÓN ¡Eso non ta mal! Así tardes máis en envellecer.

PACO Non, mialma imos pra tras aunque pare el *reló*; cada día tou máis impedido, sálenme dolores por todos os lados e ata durmo pouco e dou máis voltas que un molín de vento!

ANTÓN Deberas comprar uha pulsera desas que se poin na muñeca...

PACO ¡Tas tolo! ¿Como vou poñer uha pulsera? ¡Lo que me fía falta, *juradios!*

ANTÓN Non cho digo en broma. ¡Pártame un raio se non hai pulseras prós dolores! Non che son desas que poin as mulleres de adorno, sonche uhas pulseras que venden nas farmacias e que mangas na *muñeca* e quedes novo. ¿Non teis visto a homes con elas?

PACO Téñolos visto, pero como tamén hai homes que poin pendentes, que inda, dicen que los usan con eso das drogas ou non sei que, ¡penseiche pra min que sería pra lo mesmo!

ANTÓN ¡Non, ho! Os *pendientes* é verdá que dalgúns los poin, pero el asunto da pulsera é diferente. Esas pulseras non pechan del todo, quéroche decir que non forman aro, ¿entendes?, e entonces levan uhas bolas na abertura, ¿daste cuenta?, e teis que poñela nuha muñeca ou nel outra, según manquexes de aquí ou de aló.

PACO ¡Bo, borobó!, e quen che dera ¿eh, Antón! Se pensas sanar coa pulsera, é que a treixuada non era de morte.

ANTÓN ¡Déixate de enralladas! Hai muita xente que sanou col rallo de pulsera. Ei teis al tou vecín, Pepe de Aniceto, que taba derrengao e desde que puxo a pulsera ande dereto como un cambón.

PACO ¡Quita pra aló, Antón, quita pra aló! Meo vecín sanou desde que morreo a vella e lle deixou un bon feixe de cuartos e non lle fai falta traballar. ¡Esa é a pulsera del meo vecín!

(*Entra Delia. Es una chica de ciudad, joven y que habla castellano. No entiende el bable.*)

DELIA ¡Buenos días, relojero! ¿Me arregló la *sortija*?

ANTÓN ¿De que *sortija* me fala?

DELIA De una *sortija* que trajo mi tío para que le pegara una circonita.

ANTÓN ¡¿Uha que?!

DELIA Una circonita.

ANTÓN ¿E que demonios é eso da circonita?

DELIA Es una piedrecita.

ANTÓN ¡Vaia! Non sabía que ás pedras pequenas lles chamaban así. ¡Ah nía!, se ás pedras pequenas lles chamais circonitas, ¿como lles chamais ás grandes?

DELIA (*Un poco confusa.*) No sé...

PACO (*Con cierta ironía.*) ¡Nun lle fagas caso! Quere ferche coloriar. Dille que se chaman gouños.

ANTÓN (*A Delia.*) Bueno, rapaza, ¿quen é tou tío?

DELIA Ramón, el que vende recipientes de cerámica.

ANTÓN Mire, señorita, non lle sei de que Ramón me fala.

DELIA ¡No conoce a Ramón! ¡Pues es de aquí! Mi tío anda por las ferias vendiendo vasijas...

PACO (*Dándose cuenta.*) Si, ho, polo que vexo esta nena é sobría de Ramón el cazoleiro.

ANTÓN ¡Pois acabaremos, coño! ¡Se me dixeras Ramón el cazoleiro houbérate entendido á primeira!... ¡Como me dixiche que vendía non sei que...!, ¡quedei pa-piando! Pois mira, nena, a *sortija* non che teven tempo de amañala. Volves outro día por ei pra ver se ta.

DELIA ¡Es que no le entiendo! No sé lo que me dice.

PACO (*A Delia.*) Díceche que inda non lle chegou el hora, que volvas outro día, e... se ta, ta, e se non ta, non ta, ¿daste cuenta nía?

DELIA (*Desesperada y sin entender.*) Ustedes no sé lo que me dicen, dudo si hablan en serio o en broma, ¿me da la *sortija* que trajo mi tío?

ANTÓN ¡Xa lle dixen que taba sen amañar... (*mostrándole la sortija*)... ¿non la ve? ¡Se quere levela, tal e como veo!

DELIA ¡Ay *Dios* mío! ¡No la arregló! ¿No le dijo mi tío que la necesitaba para hoy que hai atracción en el Pub y tengo que ir?

ANTÓN Tou tío non me dixo tal cousa. ¡Peró non teven tempo! Teño al demo de traballo; ademais vas abondo guapa sen *sortija*.

PACO (*Fijándose en las pulseras que lleva Delia y con sorna.*) Con esas pulseras chamas abondo atención; ademais se vas botar de mozo, pra lo menos que che vai mirar vai ser prá *sortija*. Ois nía, ¿esas pulseras non serán desas que quitan os dolores?

ANTÓN A estes anos non tein dolores, e, se los tein non lles curan con esas pulse-  
ras, penso eu, ¿verdá pequena?

DELIA (*Muy impaciente.*) ¿No podría arreglarla hoy? ¡No es más que pegarle esa  
pieza...!

ANTÓN (*Con cierto enfado.*) Xa lle dixen que tou mui atrasao col traballo; ademais  
non vaia pensar que con botarlle pegamento xa queda. ¡Hai que poerlle un gancho  
pra que non se ceibe!

DELIA ¡Si le entiendo palabra que me piquen! (*Insistiendo.*) Solo tiene que echarle  
pegamento y eso le lleva poco tiempo.

ANTÓN (*Firme.*) Non queda máis remedio que mangarlle uha pieza aquí e despós  
meter a bola pra que quede atazada, senón condo vaias na *acera* xa perdiche a  
circonita. ¡As cousas ou se fain ben ou se deixan!

DELIA ¡Está bien! ¿Quién le mandaría a mi tío traer aquí la sortija? Pudo haberla  
llevado a otra relojería *donde* tuvieran más en cuenta los derechos del cliente!

ANTÓN Tou tío sabe ben lo que fai. ¡Tróxola á millor *relojería* del *pueblo*!

PACO ¡Ten razón Antón. Esta é a millor. Tamén é verdá que non hai outro.

DELIA (*Sale muy enfadada.*) ¡Adiós. Buenas tardes!

[...]

*Alpeirada na casa da cultura*

[...]

MADOR Buenos días, amigos (*Antón y Paco se levantan, y dan la mano a Mador.*)

PACO Home, conto me alegre de verte, D. Amador.

ANTÓN Non te podes *imaginar*, D. Amador, lo que me contentou lo tou.

MADOR Gracias, muchas gracias. Foi algo con lo que non dentaba, pero veo así.

LODITO (*Con desprecio.*) El dinero, el dinero. Estos tíos, en el fondo tienen envidia,  
pero rinden culto al dinero, no a la persona. Antes Mador, ahora D. Amador. ¡Qué  
asco!

PACO ¿Unde tas agora? Xa que seguirás a turnos.

MADOR ¡Non ho!, os turnos acabáronse pra min. Son os fillos os que andan tur-  
nándose por terme.

ANTÓN ¡Como cambiaron as cousas en pouco tempo!

MADOR Pois si, cambiaron. Claro que nel fondo non cambiaron nada. Eu sigo a  
turnos, os que non siguen a turnos son os cuartos que me deixou meo hermao.

430

Volverei, se cuadra, cada seis meses de visita pra entregar a paga, perrón a perrón, pero non vou nin tomar un mal café, xa que non ta ben que un padre pague a consumición na casa dun fillo.

ANTÓN ¿Que pensas fer?

MADOR Vou ver si amaño de casarme... xa que... ¿que fago solo por ei? A vosou-tros que vos parece?

PACO Pois, vou decirche, como dice el refrán "Boda y mortaja, del cielo baja".

ANTÓN Home, eu penso que teis fillos e podías...

MADOR Teño fillos, teño asilos, ¡tanto teño que non teño! ¿Entendiche?

PACO Si ho. Tamén podes ir a vivir a un hotel.

MADOR Os hoteles non tan pra min. Agora condo fun a *Alemania*, paseilas putas nos hoteles.

PACO ¡Pois! ¿Ibas solo?

MADOR Non, non, como iba enveredar solo camín de *Alemania*.

PACO Claro, teis razón, cuido que iría contigo dalgún fillo.

MADOR Non, levei al primo de Julita, que entende de *herencias* e papeles. Eu solo non daba rexido. ¡Non vos dais cuenta a cantidá de voltas que demos e el papeleo que hai! Por outra parte *Alemania* queda mui lonxe e falan uha fala que non hai xeito de entendela.

ANTÓN É que alí penso que falan alemán.

MADOR Non sei si falan alemán ou el bable da tele. Pouco máis dará pra min un que outro.

PACO Pra ti e prós outros. *Bueno*, ¿peró que che pasou nel hotel?

MADOR Nada me pasou quero decir, nada malo. Pero aquilo é mialma complicao. Entramos e fomos dereitos a un mostrador e demos contos datos nos pediron, tamén tivemos que dar el carné de identidá e el home que taba detrás del mostrador cubría follas sen parar, xa pensei que alí me entregaban a *herencia* de meo irmán. Condo se cansou de escribir deume uha chapa cuha llave, na chapa taba escrito el número 504.

ANTÓN Que casualidá, el mesmo número da carpeta de gastos de D. Poncio.

MADOR Nel momento vén un tipo, vestido de mouro, colleume a maleta e desaparece con ela; quedei branco, xa que non contaba con aquilo, pois na maleta levaba cousas mías, uhas mudas, dúas camisas, xa que condo un sale ten que



mudarse, non é como condo tas na casa que non hai por que andar cambiando de muda; total que dixen pra min: “este deixoume encoiro”.

PACO Encoiro, non, obsoleto. Teis que falar ben pra andar por esos sitios, Mador.

MADOR Si, claro que fixen el paleta.

PACO Non che digo que fixiche el paleta, lo que che dixen é que non digas encoiro, teis que decir obsoleto, que é lo mesmo solo que ben dito.

MADOR Pois como vos iba dicindo el de mouro fuxiu coa maleta, pero neste apareceu outro de mouro tamén e dixo: “acompañenme”, quixo decir “vide conmigo” e fomos mialma. Meteunos e mesteuise el tamén nun departamento pequeno, os tres cabíamos abondo ben pero non moitos máis; el asunto é que deulle a un botón e fechase as portas e empezar a subir, con nosoutros dentro, foi todo un. Eu non berrei porque non puideron, pero as ganas non me faltaran. Por fin parou a *xaula*, abríronse as portas e eu salín correndo que perdía el cul. Dígovos que pasei todo el medo que quixen. Díxome el de mouro: “¡no se apure! ¡vaya despacio! Ahora vamos a la habitación 504”.

ANTÓN Sería uha boa habitación, xa que nos hoteles hai uhas habitacións *conjonudas*. Eu teven uha vez deitao nuha que tan ben taba que me *jodía* dormirme porque deixaba de vela.

MADOR Non sei, pero na habitación había de todo. Eu nunca tal cousa vira, pero lo que máis me chamou a atención foi ver alí a mía maleta, que inda non sei como puido ser aquilo. El de mouro explicoume como era todo, un botón pra chamar, outro non sei pra que e díxome que fixese a toilette, quedoume a palabra, pero non lo entendín.

PACO Non sería que entendiche mal e lo que che dixo é que foses al retrete.

MADOR Home, non creo, decir dixo toilette, tou ben seguro. Pois igual quixo decir eso, xa que na habitación había escusado, mialma. Tamén si me dixo eso foi ben atrevido, pois non é un neno e vai condo ten ganas sen que naide llo diga. *Bueno*, eu condo quedei solo lo que fixen foi mirar se me levaran algo da maleta, pero non, vese que era boa xente.

ANTÓN Ben ho, ben. Non hai como a casa dun. ¿Que máis nos cuentas del viaxe? Aprovecharías pra ir al cine e... ver dalguha... é verdá...

MADOR Non, al cine non fomos e esos sitios que dices tampouco. Hai que ter moito cuidado con eso, pode coller un lo que non pouse, ¿non te dá conta? El primo de Julita non salía dos bares que lles chaman... ¿como coño é ho? Pois non me acordo..., algo así como “jarras de porcelana”, penso...

LODITO (*Que parece que no oye.*) Barras americanas. ¡Andais por el mundo de milagro!

MADOR É verdá, coño, “barras americanas”.

PACO ¿Como son?

432

MADOR Vein a ser us bares, pero as que sirven son todo mulleres. Tan sen roupa, apenas, tan ¿como dixiche que se decía encoiro?

PACO Obsoleto, acórdate, obsoleto.

MADOR Pois eso, tan case obsoletas, mialma tían, dalguhas, mui pouco sen poñer obsoleto. Però, dígoche a verdá, aquelas nenas son mui graciosas ho, enseguida toman confianza cun, como se te conoceran de sempre. Al pé meo sentouse uha e empezou a ferme garatusadas, era nova e claro, non sabía lo que fía. Díxenlle que nos iban a ver e a que iba salir perdendo era ela, xa que despós a xente fala. Matábase de risa.

JULITA ¿E el meo primo? ¿Que fía?

MADOR El tou primo debía conocelas, ou a dalguha, xa que enseguida salía cuha, que se ve que era amiga; eu quedaba allí esperando ata que eles volvían de dar uha volta. Fían ben salir a tomar el fresco, pois allí dentro fía uha calor que sudaban us cais. Despós aquelas luces marean a un.

ANTÓN Entonces aquilo taba ben iluminao.

MADOR Taba e non taba. Ten zonas unde se ve ben, pero outras tan case a escuras. A iluminación non me gustou miga, tamén puido cuadrar que houbera bombillas fundidas.

PACO Queres decir que era un alumbrado como se fose del *Ayuntamiento*.

MADOR Máis ou menos.

PACO Tou vendo, Mador, que gastache muios cuartos.

MADOR Gastei muios, pero non teño ningún dolo delos. Teven toda a mía vida aforrando pra nada, así é que agora vou gastar pra algo.

ANTÓN Fais muito ben. ¿Unde volache os cuartos pra fer el viaxe, xa que a *herencia* inda non la tías?

MADOR Muito ben. Déronnos os dos bancos. En conto se enteraron da mía faltraqueira calléronseme encima igual que as abellas á mel.

ANTÓN Os dos bancos son, al parecer, uns agoiros coa xente que ten cuartos.

PACO E cos que non los tein. Andan detrás de todo el mundo, dos que tein cuartos pra collerlles el polen, e dos que lles deben, pra chuparlles el mel.

[...]

Tono xa non pode crabuñar

[...]

### Tercer acto

(El mismo escenario del primer acto. Tono está estudiando en un libro. Trata de memorizar.)

433

TONO (*Estudiando y repitiendo.*) ¿Que es fusión? Fusión es el paso de sólido a líquido por absorción de energía calorífica. Vou repetilo: Fusión es el paso de... sólido a líquido por cuestión de... (*trata de recordar*)...por cuestión de... de...de (*mira en el libro*) ¡energía calorífica! Pois non son coño, capaz de acordarme del demo da energía calorífica. (*Se levanta cansado, coge el martillo y el crabuño, uno en cada mano, y les dice:*) ¡Vosotros e eu, martelo del alma, querido crabuño, sempre fomos tres, pero nel fondo fomos un, tres cousas distintas, pero un solo traballador verdadeiro! Agora... ¿pra que vos quero?, ¿pra que me queredes? Da noite prá mañá, ¡tres inútiles!

NISA (*Entra y dice a Tono.*) ¿Falas solo, ho?

TONO Non falaba. Pensaba en voz alta, quero decir, que me exteriorizo.

NISA ¡Tu non pensas, nin en voz alta nin baxa!

TONO ¡Ah nía!, e ¿tu? Tu claro, pensas, así, así... a media voz.

NISA Deixa tranquilo el martelo. (*Tono lo posa con pena.*) ¡E el crabuño tamén! (*Tono lo hace.*) Non che fain falta ninguha. Quedache sen eiros nin prados, claro que pola túa necedá e as clases de don Genaro, e, agora, lo que teis que fer é estudiar e aprobar esas oposiciois del *Ayuntamiento* pra obreiro fiyo. (*Imperativa.*) ¡Así que a estudiar! Teis que colocarte xa que se non, ¿de que vamos a vivir? Xa que saliron esas oposiciois nel *Ayuntamiento* teis que estudiar e esforzarte e sacalas. Ademais, mira, Tono, aquí entre nosoutros, el traballo sempre te amolou, e se te colocas ei, volas ben, vai coa túa forma de ser. Sudar non has a sudar miga. Así que aplícate e estudia. As oposiciois tan na porta.

TONO ¡Tamén te podes colocar tu e quedar eu al cargo da casa! Sempre tades igual, ¡el home pra fóra, como se fose, coño, un paraguas!

NISA ¡Home, Tono! ¿Non vou andar eu traballando nos camíos e coas máquinas del *Ayuntamiento*?

TONO ¿Por que non? Non falais de igualdade. Claro, ¡a igualdá que vos convén!

NISA ¡Pois é verdade! ¿Condo falo eu da igualdade?

TONO ¡Falas sempre! ¡Lo que non sei eu condo non falas! ¡Xa me tou cansando de tanto estudio! ¡Por outra parte vólome tolo con cousas que nin entendo, nin

quero entender, nin sei pra que valen! Porque, ¡xa me dirás!, ¿pra que me fai falta saber lo que é fusión? ¿Que fusión pode haber nel *Ayuntamiento*? ¡E todo así!

434

NISA ¡E solo pral examen, ho!, despós xa non usas nada deso. Tu estudia e aproba. Eso é lo importante. Eso de fusión, ¿que é?

TONO Pois non lo sei aldereto e estudieilo abondo. (*Coge el libro.*) ¡Atende! (*Lee.*) Fusión es el paso de sólido a líquido por absorción de energía calorífica. Por exemplo, el hielo se funde en agua sometida a una temperatura superior a los cero grados. (*A Nisa.*) ¿Que sacas en limpio?

NISA Eu nada. Però el que ten que sacar algo es tu, que es el que te vas examinar.

TONO Teis razón. Però non lle vexo xeito a esto, porque dice que el hielo se funde en el agua, e tu ben sabes que eso non é verdade, xa que sabemos, porque lo vemos, coño, sen que nadie lo diga que se botas hielo nel augua, mialma non se funde, queda enriba, ¿ou non?

NISA Sempre quedou, ¡agá cambiasen as cousas! Però tu non te preocupes, ho, eso é pral exame. Eu nunca me examinei, però, al parecer, no examen hai que decir lo que che dicen, non lo que tu pensas. (*Yéndose.*) Estudia e aprende os libros de memoria e non te esmoles en entender, os del tribunal ben seguro que tampouco lo entenden, però, ¡ten cuidado!, que han a ter el libro a mao. (*Se va.*)

TONO (*Con mucha resignación coge un libro, mira al crabuño y dice con mucha pena.*) ¡Xa non podó crabuñar! (*Se pone a estudiar.*)

*Entra Xico.*

XICO (*Ve a Tono estudiando.*) ¡Coño, Tono! ¿Pois eso? ¡Non contaba encontrarte de estudante!

TONO ¡Pois se ti non contabas! ¿Que feirei eu? Se mañá tou de bailarina, non te estrañes tampouco. ¡Os acontecementos sucédense fugazmente. Ben sei que non sabes lo que é fugazmente, però eu tampouco lo sei. Dígolo porque lo dicen estos libros, ¿entendes?

XICO Cada vez entendo menos.

TONO ¡Menos mal que non sou eu solo!

XICO (*Muy interesado.*) ¡A ver, ho! ¡Explícate duha vez! ¡Que é lo que che pasa ou lo que fais! Non hai muito tempo tabas de labrador, agora tas de estudante, lougho non sei de que... ¿quieres dicirme de que te vou encontrar a vez que volva por aquí?

TONO Mira, Xico, condo volvas, se volves, ¡non sei de que me encontrarás! Agora mesmo encóntrame preparando uhas oposiciois pral *Ayuntamiento*, por eso teño todos estos libros e tou afatigado estudiando nelos. Sabes que don Lifo me quitou os eiros e os prados, parece ser que non lle paguei a renta, e non é que

lo pareza, lo certo é que non lla paguei. Cuidei que con estos tempos de igualdá eu era el amo dos eiros, pero equivoqueime e equivocouse don Genaro que me aconsellou. El asunto é que eu tou agora sen nada, ilo que se dice sen ter con que mandar tocar a un cego! Nisa enterouse de que nel *Ayuntamiento* hai uha praza para obreiro fixo; ben este non é el nombre, (*busca en unos papeles*) el nombre é: "funcionario de carrera para servicios laborales". Nuha palabra, pra amañar carreteras, camiós, cunetas e todas esas cousas. Nisa enterouse das oposiciois para esto e matriculoume; déronlle uns papeles coas preguntas... e aquí me teis, estudiando como se fora a presentarme a avogado del estado,

¡mialma! Este ten que ser el cambio que notas en min.

XICO ¡Entendo! ¡Entendo! Non fai falta, mialma, ser mui espabilado pra ver que non es el mesmo. Però, *bueno*, penso que non terás muito que estudiar; al cabo e a cuenta, pra amañar camiós, tapar *baches*, limpiiar cunetas e todas esas cousas, ¿non creo que sía preciso saber tanto?

TONO Tamén eu lo pensaba, pero mira aquí teño el centenario...

XICO ¿El centenario?! ¡Home non leves cen anos preparándote!

TONO ¡Non, mialma! Díxenche mal, non é centenario, é el cuestionario.

XICO ¡Eso ben! Xa me estrañaba.

TONO Atende, ho, atende. Mira, para que vexas que non é broma, mialma: Conjuntos-Teoría de conjuntos. Inclusión, intersección, unión, relaciones, diagramas. Conjunto universal etc. De geografía. Climas. Zonas climatológicas. El Ecuador. Estudio monográfico de un río: el Tíber...

XICO ¿El tigre?!

TONO El tigre non, coño; el tigre é un animal feroz, non é un río. ¡Dixen el Tíber!

XICO ¡Ta ben! Igual mialma te entendín mal. Ese río que lle chamas el Tíber ¿por unde pasa?

TONO ¡Que sei eu por unde pasa! Sei por unde pasa el Forcía porque lo vexo, pero el Tíber, non teño idea, ¡pasaré, ben sei, por Oviedo ou por Santander!

XICO Pode que pase por lonxe, por esta zona nunca ouguín que pasara. Ben, ho, ben, ¿que máis cousas teis que estudiar?

TONO ¡Muitas máis! Historia: Reinos de Taifas. Los romanos. El imperio egipcio. (*Se queda mirando el cuestionario.*) Aquí ven *mezclado* con geometría, porque dice nesto de Egipto, Las pirámides, cousa que tamén ven en geometría. Por eso penso que nel *Ayuntamiento* deberon enzarabellar un col outro.

XICO ¡Ai, ho! ¿Tu darás engabellado todo ese feixe?

TONO ¡Non sei! Tou todo el día axenegando nos libros e, se ben lo miro, lo que saco en limpio cabe en cualquier furaco, ¡juradios! Muitas cousas seilas de carretilla, xa verás: ¿Qué es conjunto? Conjunto es una reunión de elementos que tienen una propiedad común, llamada propiedad característica. Si un conjunto carece de elementos recibe el nombre de conjunto vacío, ¡mialma!

XICO ¡Pois vaia uha carallada! Eso de vacío ¿como se entende, ho?

TONO ¡Muito ben! Por exemplo un garrafón vacío, digo eu.

XICO Eso é baleiro, ¡carajo! ¡Mira tu que tanto estudiar pra chamarlle a un garrafón baleiro, conjunto vacío!

TONO ¡Xa lo sei. Però se non sabes estas praxismeiradas, igual, madeumas, non aprobas! Pois inda non para ei el asunto; por exemplo en gramática, atende ben, a frase: "Yo como pan!", ¡asústate!, pan chámase objeto directo.

XICO ¡Mal rallo los fenda! Chegas á panadería e pides uha barra de objeto directo e, mialma, rómpenche a testa coa peira, e ¡fain ben!, ¡coño!

[...]

*Malio e Mador tan que bufan*

MALIO ¡Oís, Mador! ¿tomas un vasín ou que, ho?

MADOR Tomarei un vasín, xa que te empeñas. Ademais ata agora non subío.

MALIO ¡Inda non! Deixa a ver se lo soben pra San Miguel.

MADOR ¡De menos nos fixo Díos! Però igual non lo soben, porque non chegan a un acordo.

MALIO ¡Déixate de caralladas! Condo é pra subir... ¡que sei eu!

MADOR ¡Non sei, non sei! Xa viche que outras veces, non solo non chegaron a un acoerdo, senón que lo baxaron, xuradios.

MALIO Foi verdá que pasou eso. Parecía que taba el vino de rebaxas.

MADOR Pois, si. Fixeron igual que coa gasolina que cambia de precio dalgús martes. Nunca tal vin, ¡baxar as cousas nos tempos que tamos!

MALIO Non é tan difícil, coño. ¿Que se fixo col precio del leite e dos xatos?

MADOR Si, teis razón, cada vez tamos máis jodidos, ¡non sei a unde vamos dar!

MALIO ¡A unde vamos xa se sabe! Como sigamos así, a morrer de fame.

MADOR Home, a tanto non chegaremos, pero non nos vai faltar muito.

MALIO Pois di lo que quiras, pero aló temos un xato pra vender, e, un raio me fenda se hai a quen. Ademais, rínseche dél.

MADOR ¡Coño!, ¿pois é tan feo ou que lle pasa pra que se rían dél, ho?

MALIO ¡Feo! Xúroche que non é miga feo. É ben feito datrás, case culón: é aberto de costela que xa sabes, ten pouco desperdicio, pero rínse de un e, a min jódeme que se rían de min, ¿dáste conta?

MADOR ¡Vamos a ver, explícate!, ¿rínse del xato ou rínse de ti?

MALIO Pra *efectos* é igual.

MADOR Non, *carajo*, tu es tu e el xato é el xato!

MALIO ¡Xa lo sei, ho, xa lo sei! Uha cousa é el xato e outra cousa son eu.

MADOR ¡Entonces!

MALIO ¡Non quero decir que se rían dél nel sentido de...! ¡xa me entendes!, quero decirche que se rin condo lles pido pol xato.

MADOR ¡Eso ben! A verdá é que ta todo mal, pero inda che hai cousas piores, ¡como lo que lle pasou al das olas!

MALIO Non me enterei de nada, pois ¿que lle pasou al das olas?

MADOR ¡Ai, ho!, ¡pois ben comentado foi, coño! Ata vén nos periódicos.

MALIO Pois por máis que escalabacío a testa, non me acordo nin dou en lo que poda ser.

MADOR Si, home, si, teis que darte cuenta. Teviche que ouquir falar, porque lo fala todo el mundo, dese home das olas que perdeo uha maleta cun feixe de millois de pesetas.

MALIO Supoño que la contraría, ¿ou non?

MADOR Non, home, non. El home ese das olas non se dá cuenta de nada; sabe que la perdeo e non sabe unde.

MALIO Pero vendendo olas, ¿como fixo tanto cuarto?

MADOR ¡Tería el *probe* que traballar muitos anos! Aló se lle foi todo, ¡vaia por *Dios*!

MALIO Pacencia, ¡que haxa salú! ¡Hai días malos, e hai días malos! e ese das olas, ¿de unde era, ho?

MADER ¡Ai, era de lonxe!, penso que vivía aló por... por... non me sale!

MALIO ¿Máis pra alá de Oviedo?

MADOR ¡Muito máis, ho, muito máis! Era de fóra de Asturias.

MALIO Igual era catalán.

MADOR ¡Non, coño, non. Era...era...! ¡Seique era de España!

MALIO ¡Xa, xa!, entonces podía ser vasco.

MADOR ¡Que no, home, que no!, ¿como iba ser vasco?

MALIO ¡Coño!, ¡séndolo!

MADOR Pois non me acordo; sei que era español.

MALIO *Bueno*, ¡déixalo! ¡Que máis dá que fose de nallundes! Tu, ¿por que sabes que trataba en olas?

MADOR ¡Pois mui fácil, non hai máis que ler os periódicos! Non calaban col caso *ollero*, venga col caso *ollero*. Así é que falando de *ollero*, ¿que pode fer que non sía vender olas?

MALIO Sendo así, ta claro, ¡juradios!

MADOR ¡Coño, claro! Ata debe ser un home importante, non debía ser un *ollero* cualquera, xa que poñían ollero con mayúsculas, mialma.

MALIO Podera ser un home importante e, ademais, traballador, porque pra fer esos millois vendendo olas, teve que traballar de muita alma. Vaia por *Dios*, ¡perdeulo todo nun momento! Pensando nél, non hai motivo a que eu me queixe pol precio del xato.

MADOR Si, home, si, ¡teis toda a razón del mundo! Ata, pra máis amolar, deberán volvelo tolo os *periódicos*, porque non calaban col caso *ollero*. En vez de axudarlle, xa que teve esa desgracia, non, ¡veña de recordalo! Inda penso que non calaron.

MALIO ¡Sempre fain igual, ho, sempre fain igual! Foi lo mesmo con ese home que vendía libros e que fixo muito cuartos, porque los fixo, ¡mira que lle deron voltas!

MADOR ¡Xa sei quen me dices! Ás veces somos rulos os prós outros. Ese home que vendía libros e fixo tanto cuarto, eu penso que los fixo traballando, honradamente, día e noite.

MALIO ¡Ai, *Dios*! ¡meo probe! Ademais de vender libros, que ben sei non lle pagaban muito, nas horas libres, limpiaba nun despacho. Por eso se ve que el home é traballador e formal a ambute. Eu condo ouguía lo que decían del home dos libros, pasábalas putas, da rabia que me daba.

MADOR ¡Teis razón, Malio, teis razón! El bon del home traballou limpiando un despacho, ademais dicen que limpiaba muito ben, como naide.

MALIO Eso ouguín eu; dicen que a limpiiar non había quen lle puxese el pé lante.



MADOR Claro que non. Pois, ei teis, como fixo cuartos traballando a esgalla, xa lle deron a lata. Menos mal que ten, penso, un hermao que puxa moito e salvoulo.

MALIO Non, agora eso acabouse. El home dos libros fixo os cuartos traballando honradamente, como hai que fer, así que salvoulo a razón. Eso que dices de ter un hermao que puxe, valía noutros tempos. Agora non hai enchufes nin recomendacións.

MADOR Millor, ¡iba sendo hora, coño! ¡Ai, ho, el home dos libros, ¿de onde é?

MALIO Non che sei!

[...]

### **Irma García Fernández**<sup>672</sup>

Escribiu, codirixiu e interpretou varios sainetes xunto con antigos compañeiros do grupo de teatro Penedo Aballón de Boal. Da autoría senlleira desta autora só coñecemos esta peza breve, *Olivia y a súa vida*, estreada en Boal en 2017 durante a Festa Indiana e representada nesa ocasión pola propia autora.

*Acción: desenvólvese no lavadoiro da vila de Boal. Ambientada nos primeiros anos 30 do século XX.*

*Personaxe de Oliva: muller dúos vinte poucos anos, dicharachera, nerviuda, pero cariñosa, sentida e lista.*

Oliva            ¡Búas tardes!

Veño reventada e un pouco azotada. Este calor do vrao acaba con úa (*pausa*). Menos mal que aquí táse fresco, inda paserei un bocadín lavando roupa. (*Falando pa sí*) Eo dedícome a coser, vou por as casas a fer remendos, zurcios, tacois e, si se tercia, bordaos. Tamén faigo dalgúa batía, sobre todo pa as nenas que agora nas festas de Santiago sempre yes gusta estrenar daqué.

Tamén tou alleitando dúas nenas, a mía Olivía e a nenía da Figueira. Tuvo mala sorte a pequenía de Lucrecia e quedou a prubitía sin madre namás nacer. Moriu nel parto. A min, chamáronme enseguida pa que por favor fose como ama de cría. Xa me conócían, porque iba todas as semanas a repararlles roupa e sabían que a mía pequenía taba criándose moito ben. Así que tou moi contenta, éche úa búa experiencia, vou ben comida e llevo algo pa os meos. A verdá é que Lucrecia medra como tá mandao e é moito tranquila. Séntalle moito ben mamar con el sou focuín arimadín al calor da teta (*fae el gesto de tella nel collo e entona con cariño*).

---

672 Para máis información biográfica véxase § 1.6.24.

Si el destino quer que teña más nenas, hei a charmarye a América... Parece que de allí vein as milliores cousas, Mira a os americanos que fixeron muitas escolas nos pueblos, e inda las siguen fendo. Gracias a Dios tán volviendo a obrar nel Estalello, porque tuvo el asunto parado por el paredón de riba eu que sei os anos. A ver si tein suerte os neníos y as nenías de Boal porque nas escolas veyas xa nun se revolven.

Tán chegando tantas novidades que nadie se acorda das miserias que pasaron os que se foron y nun volveron ou nunca más se supo de ellos.

Bueno, nun foi el caso de D. Benito Sánchez, que volve casi todos os anos y os irmaos que volveron con negocios ben prósperos como D. Luciano Sánchez ou Don Conrado. Bueno... y el más rico de todos dicen que é Don Eduardo Blanco, mira que é pequenín, pero todo lo que ten de pequeno tenlo de listo y de buena xente.

Pos volviendo a D. Benito, tuvo el gran detalle de pagar a construción de este lavadero, que tamos aquí as muyeres á sombra nel vrao y sin el agua cayéndonos de riba nel inverno, sin ter que tar de rodillas. A prubitía de Doña Rosalía moriu mui nova, deixando viudo y desconsolado a D. Benito, que por sanar un pouco a súa pena concedeo el deseo da súa muyer de fer un lavadero en Boal. Condo vían ás veces a Boal, Doña Rosalía pasábalo mal víndonos ir pal río da frieira a llavar a roupa de rodillas y con úa pedra pa romper a xelada y usalla despós pa restregar a roupa y que quedase ben limpia. Y decíalle a D. Benito: "tenemos que hacer un lavadero para estas mujeres". Y, como yes contaba, empezaron fai tempo, porque despós de comprarye a finca a úa sobría inda tuvo que peliar con a casa consistorial abondo. Eso leíño eo n'*El Progreso de Asturias* y contaban que salira algo caro despós de todo. Dito que estos americanos tein cuartos a cestadas.

Eu nacín na Barreira y mía madre y úa irmá que quedou na casa viven das terras y de algo que yes manda Otilia desde Argentina, casou con un home muy rico alló. Desde Argentina chéganos con retraso *El Progreso de Asturias*, pero eu nun deixo gota sin ller...

Eu caseime con el meo Antón, nun me dá mala vida y é ben trabayador y curioso. Ten úa forxa na casa y fai úas viraderas que tein fama nel conceyo entero. Enamoreime como úa tontía porque pareceume un home listo, y eso a min gústame muito. Casamos ben novíos, tíamos muita prisa... (*esto último con un pouco de picardía*).

A min gústame muito ller y recitar, as nenas da mía casa salimos musiqueiras y curiosas pa as lletras; con as acordiois temos amañoa baile nun periquete.

Vou lleervos úa copla que tou tratando de aprender y que me fai mollar os oyoos porque fala del dolor das madres por os fillos que marchan pa América y nun volven ou tardan en volver y nun se sabe de ellos...

*Lectura da poesía "El hijo que se fue" de Benjamín López.*

Eu si que teño claro que á nena nun ye deixo marchar. Tán obrando en Doiras y el meo Antón vei a empezar a trabayar nel salto. Dicen que vei trer luz pás casas... Nun sei... Eso paréce-me a min muito lujo... Aunque en Villa Anita y outras casas del Boal novo tein de esas cousas y muitas más: agua que sale namás darlle a volta a úa roda, chámanlle grifo, cuartos de baño dícenlle al sito unde se llavan y fain outras cousas que sempre se fixeron nel horta ou na corte, y hasta úa cousa que ye chaman quelefación y que dicen que ten toda a casa caliente. D. Victoriano del Zanco, además de coche y cochera ten un ascensor pa subir a comida al comedor... ¡Nunca tal cousa vin! Y D. Celestino, que tamén ten coche y foi el primero en tello, dicen que trouxo un refrigerador de América pa ter fría a comida, como úa fresquera, vaya; ¡que fai hasta neve!; bueno, y esos azulejos que los train de Talavera, que nun sei unde é, de lo más refinao.

Eso sí, esta xente dá gusto tratar coella, el outro día fun llevarye a Don Victoriano úos clavos de esos guapos pa puer nas portas, que nos los encargou porque el meo Antón ten muy buena fama y el home mandounme pasar y todo, muy amable y deome úa buena propina. Véseyes a educación namás mirallos.

A verdá é que nun hai nada millor que instruírse. Dicen que condo marcharon pa América, además de trabayar y nun gastar un real, estudiaban por as noites... Qué ben sería que a mía nena pudese estudiar y prosperar algo más que nosoutros, porque táche todo esto cambiando muito; al parecer queren que tamén as muyeres votemos a papeleta nas urnas como os homes, nun sei si é bueno ou malo, pero algo buscan os de riba, porque nadie dá pesetas a cinco duros...

Bueno, voume, que inda me queda tarea palante hoy...

### **Pablo Trabadelo Vilabril**<sup>673</sup>

O autor escólmanos para o presente volume estes fragmentos da súa aínda inédita primeira peza teatral longa, *zirrosis aborixen permanece (Drama en oito tristezas universales)*. En palabras do autor, nela combínanse "galego, castelán e interlinguas para reflexionar sobre os últimos episodios do éxodo rural, dende a perspectiva do aborixe que ficou na casa patricial e foi sendo testemuña da descomposición (baleirarse de xente, de palabras, de sentido) do seu mundo". É esta obra un exemplo do teatro experimental afastado da temática e usos costumistas dominantes historicamente no teatro eonaviego.

[...]

*Escenario tripartito. A la izquierda, la obra. En medio, la taberna. A la derecha, el despacho del director. Durante la entrada de público al teatro, música ambiente de didjeridoo.*

---

673 Para máis información biográfica véxase § 1.6.36 e § 2.5.39.

[...]

Introducción (choque de civilizaciones)

442

*Telón bajado, la sala a oscuras, sonido de mar. Se asoma y entra un hombre vestido con un traje de campaña ligero de finales del siglo XV, tocado con sombrero, espada corta al cinto. Se trata del CONQUISTADOR. Hace un repaso visual a toda la concurrencia.*

CONQUISTADOR ¡Hola! (*mira al público detenidamente. Habla para sí*) ...estos deben de ser los aborígenes...qué sanos todavía, qué fuertes, qué hermosura de pieles de avellana...qué hígados más sanos, qué inmaculados lomos...qué dentaduras...¡míralos mirándome desde las ramas! ¡EH! (*hace señas al público*) ¡banana bamba bunda catinga! ¡frijoles angazo didjeridoo! ¡cachola porcoteixo! (*se pasea abatido y pensativo*) Necesitamos una lingua franca... (*hacia afuera*) ¡Community manager! (*entra la COMMUNITY MANAGER, una mujer joven vestida con ropa de oficina no muy formal de inicios del siglo XXI. Le entrega un cartel y se va*) ¡Claro! ¡Las matemáticas! Ese máster que hizo en Zurich es impagable. (*escupe al suelo*)

*Enseña el cartel, en el que se lee "3X2". Al cabo de unos segundos lo gira y se lee "LIQUIDACIÓN". El público de la primera fila, que habrá sido reservada, y ocupada en el último momento por el equipo actoral ABORIGEN, se levanta y desfila hacia el escenario. Atraviesan la abertura del telón.*

[...]

VI (llamada telefónica)

*Silencio. Silencio y luz incierta. Suena el teléfono, que está colgado en la pared al lado de la puerta. El ABORIGEN NOSTÁLGICO 2 se acerca y descuelga. Se ilumina en el espacio de la izquierda, con luz cenital que la aísla de la oscuridad circundante, la ABORIGEN ASIMILADA 2, con un moderno teléfono móvil a la oreja. Conversan.*

ASIMILADA 2 ¡Hola!... ¿Me escuchas? ¡Ay! Non me oye... ¿Me escuchas? ¡Son tu prima!... No puede ser lo de la cobertura en ese pueblo, hay que presentar una queja formal en el ayuntamiento. ¡Hola! (*NOSTÁLGICO 2, demasiado borracho para responder, gruñe*) ¡Ah! Bien, ben, ahora sí me escuchas. ¿Qué taaaaa!... Por acó andamos super bien, como sempre, trabajando mucho, moi ocupaos. ¿Sabes que non paramos un segundo? Además, teu primo está progresando en la empresa, lle deron un aumento, pero claro, ten más responsabilidá, y lo chaman por teléfono algún sábado ou algún domingo y ten que ir. Por ahí bien, ¿non? ¡No me digas! ¡Pasando frío coma sempre! Pero non vos preocupéis, que vos compré unos polares buenísimos, muy gorditos muy abrigadiños, y unas camisetas interiores térmicas que además lava todo muy ben, ya veredes que non tenedes

problema ninguno, una tela buenísima, y a siete con cincuenta maravedises el polar y a cinco la camiseta. Por ese precio casi non merece a pena lavar la roupa. (*ríe estentóreamente como un ave desagradable*) ¡Ay! Que non cho dije aún, ¡que vamos por ahí dentro de dez días! Qué ganas temos todos ya en casa, todos, ¿verdad hijito? (*entra en el cono lumínico HIJO MENOR DE ASIMILADOS, un niño con traje de Spiderman que niega rotundamente con la cabeza*) ¡Ay! Estos pícaros de hoy, ¡qué pícaros! (*vuelve a carcagargarajearse*) Pues mis fillos en el cole muy ben, muy a gusto. Tu afillado lo leva un poco peor, porque al haber nacido ahí fala mal y lo tienen por tontiño y se meten con él, pero vai a sicología, unha sicóloga muy boa que estudiou en Salamanca, y se refugia muito na tecnología, dice que vai estudiar pa cofi caps disainer, que todo o mundo toma café y seguro que gana ben. E lle están dando unas medicinas químicas moi boas. La medicina química es lo mellor. Ay, pero el pequeno, ese sí que bien bien bien. Va a clases de guitarra y fala inglés perfectito igual que si fora de Ásterdan, y no se confunde como el outro y como yo, que falamos mal. Pero bueno, lo llevamos como se ten que levar, “muita sonrisa y falar poco”, le digo a tu afillado. Y nos va ben, muy ben. Por ahí todo como de costumbre entonces ¿non? Ay qué alegría vos sentir que todos ben, qué ganiñas de vos ver, ¿verdad fillito? (*entra en el cono lumínico HIJO MAYOR DE ASIMILADOS, un adolescente emo con la mirada fija en su videoconsola portátil. Sin terminar de levantar del todo la cabeza, esboza una sonrisa fea*) Y nada, eu me din conta de que no vos avisáramos de que íbamos, e iba a salir a tomar un café con unhas mamás del cole, que una es de por ahí cerca, no sei si me dijo que tirando dirección Sidney o dirección Lima, por ahí cerquiña, falamos mucho de vosotros, probitiños, ella también tiene xente que se quedou, ay cómo nos acordamos de vosoutros cuando chove y cuando fai frío, con el frío que fai ahí, probitiños, porque aquí aínda nos tomamos un chocolatito bien calentiño, y ois, entras en calor... Y me dixes, “vou chamar para avisarlos que seguro que les alegro el día, os probitiños”, y nada, un minuto, chamo, aviso y me baixo al café Yucatán, que me están esperando. ¡Ay! ¡Qué alegría que estéis todos bien y que nos vexamos prontito! Da recordos por ahí, y muchos bicos a tu muller. ¡MUA! ¡MUA! ¡MUA!

*ASIMILADA 1 cuelga el teléfono y es absorbida por la oscuridad espesa. NOS-TÁLGICO 2 vuelve al interior de la taberna. Bebe. Silencio. Silencio y luz incierta.*

### **Inés Fernández Fernández**<sup>674</sup>

Esta peza de teatro para monicreques (“teatrín de marionetas”) naceu para a presentación do libro de contos que leva o mesmo título, *As tres xarolas*, e está inspirada nel.

---

674 Para máis información biográfica véxase § 2.5.38.

(*Suena un ruído de fondo, como revolviendo y murmurando entre as tres y que dicen: que vamos salir, que vamos salir..., que nervios..., que ganas... que ilusión...*)

Lola ¿Poderemos salir? ¿Poderemos salir? ¿Poderemos salir?

Fina (Asómase y métese) ¿Únde tan as mías botas? ¿Úndeeeee?

Lola Apuradeeee, fede el favor, que vai empezar.

Xusta (Sale bostezando) Pos, ¿qué pasóu? ¡Uyyy, conta xente! ¿Pos?

Lola ¡Ayyy! ¿Qué pasóu?, pregunta. ¡Tanto tempo compoñéndome para que veñas tú da sesta y nun t'empañes dúa!

Fina: ¿Cómo que qué pasóu? (Y asómase dicindo) ¡Que nun atopo as botas y temos qu'irnos!

Xusta: ¡Güeyyyyyyyyyyyyyyy!

Lola ¡Cómo que güeyyy!!! (Mui enfadada) ¿Pos qué se celebra hoi? Einda nun vos enterasteis qu'hoi é un día mui importante para nosoutras tres... Bueno... y para Inés tamén.

Fini (Desde dentro) ¿Únde tan as mías botas???

Xusta Nada, y eu d'estas guisas... ¡Qu'einda tou durmindo! Allouriadesme, ¡úa cuas botas y el outra col salir!!! Queredes fer el favor d'acougar y dicirme qué pasa qu'inda veño apampada da sesta y nun m'entero.

Lola ¡Ay Xusta! ¡Xa nun son horas de sesta! Parece mentira pr'as dúas, pos hoi é un día mui especial, hoy vimos falar del noso lllllllllibro! ¿Pos nun t'acordas???

¡Fina! ¿Nun t'acordas?

Fina ¡Eu sin as mías botas nun salo! ¿Únde tann? ¿Únde???

Xusta Ay, ay, ay, ay... É verdá..., ¡qué nervios!!! Entoncias, haberá qu'ir d'etiqueta, ¿non?

Lola Pos nun sei como hai qu'ir, pero fendo el fato non...

Fina Atopeilassssssssssssssssss, atopeilassss... ¡Yujuuuuuuu, as mías botas!!!

Xusta ¡Vaya estarabouzos que metes nena!!! Vamos quedar xordas.

Fina ¡Hola, nenos y nenas! ¿Qué tal? Soi Fina, y estreno botas.

Lola Ah, Fina, lo tou é chegar y encher, ¿eh?

Xusta Deixádevos de botas y de historias y vamos contaryes a estos rapacíos por qué tamos aquí. ¿Nun vos parece, ho?

Lola Pos sí, vamos falaryes del noso conto y de nosoutras tres. ¿Qué vos

parece si empezaremos por presentarnos?

Fina Bueno, nía, bueno, pos empezo eu. Eu, empezo euuuu.

Lola ¡A burra delante para que nun s'espante!

Fina Eu soi Finaaaaaa, soi mui falangueira y tamén abondo sabicheira. Allí unde tou óiseme ben porque, si algo me caracteriza son os estarabouzos que dou. Però... ¿Sabedes qué lo que máis me gusta d'este mundo mundial, mundialísimo? Lo que máis me gusta son as botassssssss. Si por min fose, había a ter centos, miles, millois, infinitas... A ver, Xusta, tócache... ¿Nun tarás durmindo, non?

Xusta Non, nía, non; nun durmo, pero teño sono... Bueno, nenos, das tres rapacías, eu soi máis someira. Y falta me fai, porque aguantar a estas dúas nun é moco de pavo. Teño que reconocer que si daqué me caracteriza é a empanada zambayuda qu'arrastro. Sempre se m'esqueice daqué ou daquén y, ademáis, sempre ando ás carreiras, nun lo podo remediar. Úa das cousas que máis me gusta fer é durmir a sesta y beber zume de mazá. Però, lo que máis me gusta d'este mundo son os animales, todos, todos, todos; todos, menos as arañas, agggggggggggg... Que yes teño muito noxooooo.

Lola ¡Nun callarás! Quero falar eu.

Xusta Vou ignorarte. Como iba dicindo..., das tres, soiche máis al xeito, porque estás dúas sonche mui cascabeleiras, allourian a cualquera. Y esto nun fai falta que volo diga eu, porque habedes averiguallo condo lliades el conto.

Lola Xa tá, xa tá... Nun empecemos, Xusta. Nun empecemos, calla a boca ¡qu'eres búa tu! ¡Hola rapacíos!!! Eu soi Lola y a min gústame muito llevar un coleteo ben dereto y chen de llazos color rosa (é el meu color favorito). Soiche mui amiga das festas y das enchentuadas y gústame abondo comer llambuadas a montón. Però lo que máis me gusta del mundo mundial é andar en xiringonzas y, das tres, soi a máis cascabeleira (y a máis guapa tamén... jejejejee... ¿A que sí?

Fina Para el carro, Lola; nun empeces a chufarte. Así qu'agora digo eu que, despós de presentarnos, ¿haberá que diciryes el título del conto?, digo eu... Pporque ¿queredes sabello, non?

Xusta ¡Uyyy! ¿Pos cómo se titula?

Fina (*Enfadadísima*) ¡Peró que dices Xustaaaaaaa! ¿Nun t'acordas del título? ¡Vayaa exempriyo tas feita! ¡Nun hai quen poda contigo!

Fina y Lola ¡AS TRES XAROLAS, Xusta! ¡Titúlase AS TRES XAROLAS!

Xusta ¡Uyyy, é verdá!, *As tres xarolas*.

Lola Ah, Xusta, teis un grave problema cos despistes; ¡has a espabilar nía!

Fina Bueno... a lo qu'íbamos... ¡¡¡ Tou estrenando botassssss!!!

Lola Fina, nun empecemos, ¡eh! Nun vemos hasta aquí para falar das túas botas.

Xusta (*Dirixíndose aos nenos*) A Fina nin caso, ¡eh! Qué úa agoira.

Lola Eso, eso. A lo qu'íbamos... Rapacíos, eu, eu, eu... soiche a máis guapa das tres...

Xusta y Fina ¡Calaaaaaaa, pesadaaaaa!

Xusta A ver, ¿qué vos parece si yes explicamos el título? *As tres xarolas*, porque igual nun saben qué significa.

Fina Euuu, contesto euuuu. Deixaime a min. ¡Quero explicaryo euuuuuu!!!

Lola Esooo, a burra delante, nun vaya a ser el demonio.

Fina Calla, Lolaaaaa, déixame a min.

Lola ¡Nun t'ápuras tanto pra fer os deberes, coime! A ver, empeza anda, pos veña, esplicayes.

Fina Pos el título é porque... porque... porque... pos porque ¡ESTRENO BOTASSSSSSSSS! ¡YUJUUI!

Lola Nun se pode con ella. A ver que lo explico eu... Pos el título rinde homenaxe a súa bóla Dominica; porque, condo Inés era nena, sempre yo chamaba, *xarola*. Lo que ven a ser... ¿Sabedes qué significa? Pos *xarola* quer decir atollarada, que fai as cousas sin pensar!

Fina Miyor descripción nosa nun la topa naide na vida. Somos *xarolas*, ¿y qué??? Nun ten nada de malo, sempre que sía na súa xusta medida, claro.

Xusta Si, si... xustísima... uyyyyy, uyyyyyy... (*fendo que huele*) ¿A qué cheira? Eh, Lola... ¿xa tirache un cuesco? Buf... nun se para; ¿a vosoutros nun vos cheira?

Fina Lolaaaaaaaaa.

Xusta y Fina Lolaaaaaaaaaaaaa.

Lola ¿Sabedes qué? Que el primeiro que lo huele debajo del culo lo tiene... ¡¡¡Jajajajajajajajaja!!! Sempre llevo as culpas de todo.

Xusta Sodes úas marranas. Hay que falar en serio, que tamos aquí pa falar del noso llibro, y non de cuescos.

Lola Oístes, eu quero falaryes de cómo nos conocemos y únde.

Fina Tu, tu, tu, tu, tu... ¡sempre tu!!!

Lola Calla, apaxarada, qu'es úa apaxarada.



Xusta Callade as dúas; aburrídmeme.

Lola Nin caso ye fago. Atendéi, rapacíos, que vos vou dicir cómo nos coñecemos. Foi fai tempo, y, á verdá, coñecemos por casualidá, qu'ás veces, é mui caprichosa, y así lo quixo.

Xusta Coñecemos nun pueblín, piquinín, situao entre as montañas asturianas, chamado Nayundes, mui llonxe dos centros comerciais, dos grandes parques, llonxe de todo.

Lola Súper llonxe...

Xusta Agora, para nosoutras ese sito ten un encanto especial. Desde nos coñecemos, somos inseparables.

Fina Pois... allí, nese pueblín, pasaron hestorias mui chocantes, y algúa d'ellas tan nel conto recoyidas.

Lola Sí... ¿Acordádesvos del día qu'os nosos padres nos dixeron que tíamos que ir para Nayundes? Para min fora úa gran idea, pensaba qu'iba ser úa gran aventura... y podo dicir que claro que lo foi.

Fina ¡Ay sí! Acórdome perfectamente. ¡Vou búa de chorar! Todo el camín fun moyando el oyo... Ben sei qu'era porque nun sabía que vos iba atopar allí, que sinón, choraría d'emoción.

Xusta Ay sí, eu nun fía nada máis que despotricar. Cada vez que m'acordo lo que m'enfadedei... Y mía madre todo el camín botándome el can, pra que callase a boca; mialma, penséi que m'iba meter un calcetín nella.

Lola ¡Pois quen no lo iba dicir, eh! ¡Menudo curso máis guapo que pasamos!

Fina ¿Y qué me dices del día que nos coñecemos?

Xusta Foi nel área recreativa, xunto á piscina.

Lola ¡Cómo nos prestaba ir hasta allí!

Fina Ibas cargada de bolsas que metía medo. Bolsas por todos laos, y, claro, eu quería sabichar, quería saber qué llevabas nellas.

Xusta Callaaaaaa, Finaaaa, einda nun yes digas que levaba nas bolsas, que si yo cuntamos, nun ten gracia.

Lola Vale, pero d'algo yes teremos que falar a estos rapacíos, ¿nun vos parece?

Fina Pois mira, a lo miyor interésayes saber qu'estreno botas (*y ríese mentras lo dice*)

Xusta ¡Finaaaaaa, xa tás outra vez!!!

Fina Sempre tades reñindo en min, pero condo Lola tira cuescos naide ye dice nada...

Xusta ¡Sodes as dúas úas marranas! Nenos, vosoutros a estas dúas, nin caso. Vou seguir contándovos porque, si non, nun acabamos para hoy. Conocémonos as tres nel mes de setembro, fía muito sol, qué calor... Cayían os páxaros. Ese día cada úa de nosoutras foi prá piscina xantar, cada úa llevaba a súa comida. A min preparárama mía madre, a Lola sou padre y a Fina...

Fina Euuu, eu prepareila eu mesma.

Lola Así che foi, ¡jajajajajajajaja!

Fina Eu fun a primeira en chegar. Desde me sentéi, vin aparecer a Lola, que chegaba cargada de bolsas a montón... y, claro, xa sabedes, quixen sabichar... Díxenye que s'arrimase a min, qu'eu taba sola.

Lola Xusto condo m'iba sentar apareceu Xusta zápale zápale, as carreiras.

Fina Si, si... Como si la persegue daquén.

Xusta En conto las vin, ás dúas, pergunteiyes si vendían allí bocadiyos, porque... ¿sabedes que me pasou? ¡Que lo estraviara!

Lola Si, como sempre...

Fina Eu, tan arrogante como sempre, dixenye que non, pero que eu ye daba da mía comida sin problema. Pero problema houbolo, porque... porque... el meu bocadiyo... taba todo esturruñao; antoxáraseme fello y el resultao foi el d'un sandwich como a suela d'un zapato y duro como un penedo.

Lola Miradeeee, ¡como esto!!! (y saca a rebanada) ¡jajajaja!, andaaa, que ben que deitasteis de min... Que llevaba comida para toda a contornada... Eso era lo que llevaba nas bolsas y que tanto esmolía a Fina.

Xusta ¡Qué bus taban aquellos bocadiyos!

Fina Pos sí... Y falando de bocadiyo... Eu xa teño fame...

Xusta ¿Y cómo nun teis fame tu? ¡Enchedoira, qu'es úa enchedoira!

Fina Eu voume un bocadín.

Lola Tou segura de qu'esta, vai zampar un bocadiyo... Xa sabedes qu'ú a enchedoira.

Fina ¡Mirade lo qu'atopé!!!!

Lola y Xusta ¡Guuuuuuuuuuuuuu, un micrófono!

Lola Eu tamén quero un...

Xusta ¿Qué pasa? ¿Que nos vamos poñer a cantar agora?

Lola Sí, sí..., veña; ¿cómo dicía aquela? (*Ponse a cantar Fina y siguen, á vez, Lola y Xusta*).

Xusta Ay, qué recordos... ¿Acordádesvos del día qu'amañamos aquel cumpreanos sin ser cumpreanos?

Fina Pos sí.

Lola Claro que sí; qué ben lo pasamos aquel día.

Xusta Vou contarvos lo de aquel día na mía casa. Resulta qu'eu taba durmindo a sesta.

Lola Sí, como sempre.

Xusta Y estas dúas cascabeleias tiveron que vir despertarme, claro.

Fina Durmías á patachá, acórdome ben.

Xusta Ay sí, qué susto me destes.

Lola En conto la despertamos y ye propuxemos cantar toda a tarde, nun lo dudóu nin un solo pedacín.

Xusta ¿Pois cómo iba dudalo? Cualquer plan con vosoutras é festa asegurada.

Fina Pois claro. Tuvemos cantanto toooodaaa a tarde.

Lola Todaaaaa, todaaaaaaa... y qué voces y qué berros...

Lola, Fina y Xusta A vosoutros, ¿gústavos cantar? (*Y poinse a cantar*).

Xusta El caso foi que desque acabamos y cada úa foi durmir, al seguinte día...

Lola na escola...

Fina menudo interrogatorio nos fixeron...

Xusta ¡Vaya panda de sabicheiros! (*ríense as tres*).

Lola Lo primeiro que preguntaron foi que de quién era el cumpreanos, porque como tuvéramos cantando toda a tarde...

Fina y Xusta, mui remangada, contestouyes...

Xusta ¿Pos fai falta celebrar daqué para poñerse a cantar?

Fina y Lola ¡AJAJAJAJA... y é verdá!

Fina ¿Nun vos parece que tía razón Xusta?

Xusta Muito nos temos rido en Nayundes, foi muito...

Fina Pos sí, Xusta. Però, haberá qu'ir acabando, ¿non? É que xa vai un bon pedazo que teño muita fame...

Lola      Ayyyyyyyyyy... ¡Cómo me prestóu vir aquí y conocer a estos rapacíos y rapacías! ¿Cóndo hemos volver?

Fina      Pois, condo nolo pidan. ¿Nun vos parece?

Xusta    Però, ¿deixarémose un mensaxe algo curiosín a estos nenos, ou?

Lola      Pois sí, eu penso qu'eu mui búa idea.

Fina      El conto d'As tres xarolas conta as xiringonzas de tres rapacías un pouco cascabeleiras y dígovos que, si lledes este conto, seguro que se vos vén a cabeza y pensades nese amigo ou amiga col que batallades...

Lola      col que fedes as vosas trasnadas...

Xusta    col qu'algariades, vos rides, chorades...

Fina      y al que chamades para fer das vosas...

Lola      y al que tedes ei sempre.

Fina      PERÓ SI CON ALGO DEBERÍADES QUEDARVOS...

Xusta    É CON QU'EL AMISTÁ É UN GRAN TESORO, PORQUE...

Lola      EN REALIDÁ É DE LO POUCO QUE CHE QUEDA...

Fina, Lola y Xusta    ¡PRA TODA A VIDA!

(Cada úa despídese)

### Carlos Alba "Cellero"

Carlos Alba, tamén coñecido polo alcume de "Cellero", é un actor e narrador oral especializado en traballos unipersoais. Actúa nas tres linguas de Asturias. En galego-asturiano, ademais de contos tradicionais, interpreta o clásico *As miserias de Lázaro de Tormes* (premio Nel Amaro do teatro profesional asturiano en 2017) e as obras de títeres *Xan Soldado* (premio FETEN 2015 pola adaptación do texto) e *As galochas baleiras*.



*Xan Soldado* é unha obra de actor e monicreques baseada no filme de Fernando Fernán Gómez e na versión do conto popular que fixera a escritora Cecilia Böhl de Faber (Fernán Caballero),

Con guión e interpretación de Carlos Alba "Cellero", dirixida por Alexander Curcic e con escenografía de Olga Curcic e vestuario de Azucena Rico, estreouse en asturiano en setembro de 2014, en castelán no FETEN 2015, en galego-asturiano en San Martín de Ozcos o 17 de agosto de 2016 e en novembro dese mesmo ano en galego en Santiago de Compostela. A versión ao galego-asturiano foi do propio autor e de Iván Iglesias "Iván de Cazarón".

#### XAN SOLDADO

*Escenografía: PORTA DA BÚA VIDA. Úa Porta enorme, luxosa y con muito aquel. Pechada. Hai un escano unde senta Xan Soldado, colocado contra a Porta. Xan Soldado aparece entre el público camín del escenario. Saluda á xente, improvisa conversacióis cos nenos. Sube al escenario.*

Qué hai? Cónta xente! Y cónta xente conecida? Aquí nun pode ún zampar un peido a gusto. Coime! (*Decátase da Porta.*) A Porta da Búa Vida. Por fin cheguéi eu tamén á Porta da Búa Vida. Toda a vida a trabayar, y a andar, pra dar chegado aquí. Y andando por un camín ben duro. Y un camín nel que se dicían muitas cousas. Ún dicía qu'él sabía ben de certo -porque yo dixera un cuñao d'él- que pra ei detrás nada mais entran os bos. Xa ora! Boh! Y tal cousa, quén a diz? (*Diríxese a úa nena do público.*) Tu, por exemplo, es búa, ou búa peza? Pro outros retrucaban qu'é imposible qu'abran a porta, porque os que tán detrás d'ela a vivir ben tán ben contentos por seren tan poucos. Dizque por eso son tan repunantes. ¡A Porta búa vida! Teño eu úas ganas tolas de saber qué é a búa vida... Eu que sempre levéi úa vida de cais. Home, digo eu qu'a búa vida ha ser fer lo qu'a cadaquén ye pete. A libertá. Home, tamén é verdá qu'a búa vida pode ser úa cousa distinta pra cada ún. (*pon exemplos y pregunta o qué é a búa vida pra os nenos do público...*) Por eso mais vale tomalo con vagar, agardar y fer el espera prestosa tando de parola y botando us contos. (*Pausa.*) Probastes a petar? Xa peto eu. Este aparato nun furrula. Eh, qué pra hoi. Qu'hai muita xente esperando. Nenos, abolas. Qué pra hoi. (*Sal Pedro, un monicreque.*)

PEDRO.- Shshshsh.

XAN. - De qué conezo eu a este paisano? Pedro!

PEDRO. Un pouco de silencio y d'orde, por favor.

XAN. É que, verá vusté, xa hai ben de tempo que tamos aquí agardando.

PEDRO. Esperái. El voso día vai chegar. Tamos a trabayar prá súa seguridá.

XAN. É que píntame a min que nun fain vustés miga pola xente, y que tán pra servir a outros que nun sabemos nin quén son.

452

PEDRO. Xan, nun pergundes tanto. Esperar, confiar, ser bos. (*A Xan.*) Y cala a boca! Shhh. (*Marcha.*)

XAN. Que cale a boca! Eu, qu'en venticuatro anos nun fixen outra qu'agardar, ser bon, nun fer preguntas y calar a boca; chego aquí y pídenme que siga esperando, sendo bon, sin fer preguntas y calando a boca. Sí, ho! Que Xan Soldado nin é cobarde nin debe a naide. Vustedes nun saben quén é Xan Soldado. (*A público.*) Y vustés tampouco. Xan Soldado era un mozo de caseiría, pro sin casa nin terras, a quen ye tocóu servir de soldado. (*Fai el saludo militar.*) Cumprín el meu tempo, que foi oito anos, y paséi outros oito, y despós inda outros tantos, que fain todos... (oito por tres) venticuatro. Condo xa rematei os últimos, licenciáronme... cheguéi a veyo y botáronme. Fun pral cuartelón a ver qué iba sacar de paga por tanto tempo y déronme úa libra de pan (un panchón redondo) y seis monedías que d'aquela chamaban maravedís. Como si agora me tuvesen dado seis euros, ou como as pesetas de dacondo.

XAN SOLDADO.-¿Úa llibra de pan y seis maravedís por ter servido venticuatro anos!?

XEFE DO EXÉRCITO (*Un monicreque*). É o qu'hai. Nun quedan cuartos.

## Capítulo 04

### Bibliografía

453

*A Freita* (1992-2000): Revista da Mesa prá Defensa do Galego de Asturias e da Cultura da Comarca. Eilao: MDGA.

*A Trabe de Ouro* (1990- ). Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.

Abeledo Maristany, Carlos *et al.* (2019): *Poetas do reencontro*. Colleita de poesía Galaico-Lusa 2019. Sevilla: Irmandade Poética e Artística Galaico-Luso (Portugalega) – Punto Rojo Libros.

Acebo, Héctor (2015): “Bos tempos, Foxnola!”, *La Llave de los Campos*, 15 de febrero de 2015. <http://llavedeloscampos.blogspot.com/2015/02/>.

Acevedo y Huelves, B. e Fernández y Fernández, M. (1932): *Vocabulario del bable de occidente*. Madrid: Junta para Ampliación de Estudios e Investigaciones Científicas. Centro de Estudios Históricos.

Acevedo, Bernardo (1984): *Boal y su concejo*. Facsímil da primeira edición [1898]. Xixón: Mases Ediciones.

*Agora que m'acordo* (2007). A Veiga: Ceder Ozcos-Eo, Cajastur, Concello d'A Veiga.

Agrupación Artística de Armal (2006): *Cousas d'outro tempo. Condo el cariño é de verdá...* 1 de junio de 1936. Edición e notas de Gilberto Sánchez Jardón e Ignacio Vares García, Bual: Ayuntamiento de Boal.

Alonso, Dámaso (coord.) (1972): *Obras completas. Vol. 1. Estudios lingüísticos peninsulares*. Madrid: Gredos. Pp. 495-522.

Álvarez Blanco, Xosé Carlos (1995): *El serzo no louxado*. Eilao: MDGA.

Álvarez Blázquez, Xosé M<sup>a</sup> (1959): *Escolma de poesía galega. II. A poesía dos séculos XIV a XIX (1354-1830)*. Vigo: Galaxia.

Álvarez de Ponticella, Alfredo (2019): “Poemas”, *Trabatel. Revista eonaviega de literatura*, N.º 10. Goberno del Principao d'Asturias, Consejería de Cultura, Política Llingüística y Turismo, 11-14.

Álvarez de Ponticella, Alfredo C. (2003): *Al son das zalanceiras*. A Caridá: Xeira.

Álvarez Lebreo, M<sup>a</sup> Concepción (2012): *Distancias e Simetrías*. Gondomar: Instituto de Estudos Miñoráns.

Álvarez Lebreo, M<sup>a</sup> Concepción (2020): *Na palma da tú mao*. Uviéu: Ediciones Trabe.

Álvarez Rico, Manuel (1957): “Del folklore de Pola de Allande”, *Boletín del Instituto de Estudios Asturianos*, XXX. Uviéu, 111-123.

Álvarez Valdés, Jesús (1996): *As costumbres foron deste xeito (2ª parte) (Occidente de Asturias)*. Ayuntamiento de El Franco.

Andrés Díaz, Ramón d' (dir.); Álvarez-Balbuena García, Fernando; Suárez Fernández, Xosé Miguel; Rodríguez Monteavaro, Miguel (2017): *Estudiu de la transición llingüística na zona Eo-Navia, Asturias, ETLEN. Atlas llingüístico. Dialectográfico - Horiométricu - Dialectométricu*, Universidá d'Uviéu - Ediciones Trabe.

Ansola, Vicente (2016): *Aldeas sin voz*. Santiago de Compostela: Canela.

Antúñez Vázquez, Alejandro (1988): *Mochicas del meu Llar. Poemas, cantares y parzamiques*. Navia: Edición do autor.

Antúñez Vázquez, Alejandro (1996): *Papadiós de Navia*. A Caridá: Xeira.

Arias Campoamor, Francisco F. (1926): *El Trato* (ed. De Xosé Miguel Suárez Fernández 2005). As Figueiras: A. C. Rapalacóis.

Arias Fernández, Ángel (2001): *Retazos, Añoranzas...* Boal: Asociación Cultural Penedo Aballón.

Arias, Pedro G. (1970): *Antología de poetas asturianos. Tomo I: Poesía en bable*. Oviedo: Instituto de Estudios Asturianos.

Asís, María Dolores de (1977): *Antología de poetas españoles contemporáneos*. Tomo 1º: 1900-1936. Madrid: Narcea, S. A. de Ediciones.

Babarro González, Xoán e outros (1992): *Os contos do xilguro*. Vigo: Diario 16 de Galicia.

Babarro González, Xoán (1994): "Escolma da obra poética de Antolín S. Mediante", *Britonia. Revista de Estudos da Terra Navia-Eo*, 1. Eilao (Asturias): MDGA, 11-71.

Babarro González, Xoán (ed.) (2001): *Antolín Santos Mediante Ferraría. 21 poemas*. Ayuntamiento de Taramundi.

Babarro González, Xoán (2003): *Galego de Asturias. Delimitación, caracterización e situación sociolingüística*, Vol. I e II. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.

Babarro González, Xoán (2007): *Évos un amaicer guapo. Aproximación á poesía en lingua galega do Principado de Asturias*. Vigo: Universidade de Vigo. Colección Olga.

Babarro González, Xoán (2014): "A obra de Francisco Fidalgo Villaveirán", *Revista de linguas e literaturas catalana, gallega y vasca (Anuario de filología catalana, gallega y vasca)*, XIX, Madrid: UNED, 151-199.

Babarro González, Xoán (2021): "Entre El Palo e Os Teixedais. As falas galegas do Principado de Asturias", en *El "continuum" románico. La transición entre las lenguas románicas, la intercomprensión y las variedades lingüísticas de frontera*. Javier Giralt Latorre y Francho Nagore (eds.). Prensas de la Universidad de Zaragoza, 37-72.

Babel de Cal Cadete (2018): "Auguas", *Trabatel. Revista eonaviega de literatura*, n.º 9. Principao d'Asturias, Conseyeiría de Cultura, Política Llingüística y Turismo, 31-33.

Babel de Cal Cadete (2022): *El mar que m'enchumaza*. Uviéu: Ediciones Trabe.

Barcia López, Ramiro Javier (1999): *Guía bibliográfica del gallego-asturiano y la tierra Navia-Eo*. Uviéu: Consellería de Cultura. Principado de Asturias.

Barros, Rui Amiguiño et al. (2020): *Raia Luso Espanhola. Colectânea Literatura e Artes*. União Europeia – Portugal: Imagem e Publicações.

Bermúdez Nava, Aurora (2017): "Poesía", *Trabatel. Revista eonaviega de literatura*, n.º 8. Principao d'Asturias, Conseyeiría de Cultura, Política Llingüística y Turismo, 25-31.



- Bermúdez Nava, Aurora (2019): *Col corazón na boca*. Uviéu: ALLA.
- Biblioteca Virtual Galega* [en liña]. A Coruña: Universidade da Coruña. [Ref. do 20 de agosto de 2007]. Disponible en: <http://bvg.udc.es>.
- Britonia* (1996). Eilao: MDGA.
- Bugallo González, Rita (2009): *Literatura dramática e teatro en galego no Eo-Navia*. Vigo: Universidade de Vigo. Colección Ólga.
- Bugallo González, Rita (2010): *Textos teatrais en galego no Eo-Navia*. Vigo: Universidade de Vigo. Colección Ólga. [Textos teatrais en galego do Eo (studylib.es)]
- Calvín Corredoira, Alberto (2013): *Tíroliro*. Taramundi: A. Cultural Os Castros.
- Calvín Corredoira, Alberto (2014): *O canto do carro*. Taramundi: A. Cultural Os Castros.
- Calvín Corredoira, Alberto (2019): “A Nogueira do demo”, *Relatos costumbristas*. XV Premio Antonio Raymundo Ibáñez “Marqués de Sargadelos”. Santalla de Ozcos: Asociación de Amigos de Antonio Raymundo Ibáñez “Marqués de Sargadelos”, 17-20.
- Calvín Corredoira, Alberto (2022): *Taramundi, mil versos*. [A Coruña]: Editorial Canela.
- Carballo Calero, Ricardo (19752): *Historia da literatura galega contemporánea*. Vigo: Ed. Galaxia.
- Carreira, Xoan M. (1984): “¡Ultreya! Unha opera galega para estrenar en Madrid”, *Revista Monográfica de Cultura*. Nº 1. A Coruña: A. C. “O Facho”, 13-18.
- Cascudo Noceda, Rafael (2000): *Xunta de mitos*. A Caridá: Xeira.
- Castro Ferrer, María Eugenia (2021): *Poemario solidario*. Torrelavega: Alter Ego Ediciones.
- Castropol*: periódico decenal (1905-1925). Castropol.
- Charamuzas dos nenos* (2004). Uviéu: ALLA-SLLNE.
- Cima, Moisés (2016): *Poemes pa nueches de media lluna*. Uviéu: Ediciones Trabe.
- Conde Valledor, Adela (2000): *Contos á tardiquía*. Eilao: MDGA.
- Conde, A., Veiguela, C. e Frías, X. (1998): *Carreiros. Mostra de poesía da Terra Eo-Navia en lingua galega*. Neda (A Coruña): Edicións Río Xuvia.
- Contos populares da terra Navia-Eo* (1992). Uviéu: MDGA-Ámbitu.
- Conjunto Os Folkgazais (2012): *Haiga*. A Veiga: Objetivo 7.
- Coronado, Xavier F. (2003): *Introdución a El Aldeano*. Castropol: edición facsimilar.
- Costas González, Xosé-Henrique (dir.) (2010): *A xente que soña desperta. Recolla de achegas á lingua e á literatura galega de Asturias*. Libro-CD. Vigo: Universidade de Vigo. Colección Ólga.
- Cotarelo Valledor, Armando (1930): “Cancioeiro da agulla enxergado con doas do pobo”, *Nós. Boletín mensual da cultura galega*. Ano XII. Ourense 15/12/1930, nº 84, 241-247.
- Cotarelo Valledor, Armando (1981): *Teatro histórico e mariñeiro (Hóstia, Beiramar e Mourenza)*. O Castro, Sada, A Coruña: Edicións do Castro.
- Cousas de xente pequenía* (2002). Uviéu: ALLA-SLLNE.
- Cunqueira, Rosa (2010): *Suenos. Versos cunqueiros*. Asturias: CH editorial.
- Díaz López, Jacinto (1993): *Ditos, refráns y outras cousas na fala d'A Roda*. Uviéu: Serviciu de Publicacións del Principáu d'Asturies, 69-82.

- Díaz López, Jacinto e García Galano, Manuel (1996): *Vocabulario d'A Roda (Tapia)*. 2ª edición miyorada. Principáu d'Asturies. Conseyería de Cultura.
- Díaz Padilla, Fausto (1990): "Pepe Muestras, poeta naviego", *Lletres Asturianas* – 38. *Boletín Oficial de l'Academia de la Llingua Asturiana*. Principáu d'Asturies, 69-82.
- Ecos Vegadenses*: periódico quincenal independente (1924-1938). A Veiga.
- El Agricultor* (1906-1916). Riotorto.
- El Aldeano*: periódico de información regional (1929-1933) (2003). Castropol. Edición completa en facsímile.
- El Occidente de Asturias* (1882-1896).
- Entrambasaguas* (1996- ). Uviéu: Academia de la Llingua Asturiana .
- Fernández Acevedo, Suso (2008): *A herdade que nós temos*. Vigo: Universidade de Vigo. Colección Olga.
- Fernández Fernández, Inés (2015): *As tres xarolas*. Campos- A Caridá: Asociación de Veciños "La Unión".
- Fernández López, Adelina e Pérez Sánchez, Susina (2000): *Cousas de Boal*. Asociación de Amas de Casa de Boal.
- Fernández Rei, Francisco (1990): *Dialectoloxía da lingua galega*. Vigo: Edicións Xerais.
- Fernández Rei, Francisco (1991): "A normalización da franxa exterior da lingua galega (I)". *Cader-nos de Lingua*, 4. A Coruña: Real Academia Galega.
- Fernández Vior, José Antonio (1997): *Notas etnolingüísticas del conceyo da Veiga*. A Caridá: Xeira.
- Fernández y Fernández, Marcelino (1984): *El Franco y su concejo*. Facsímil da primeira edición. Xixón: Mases Ediciones.
- Fernández-Arias Campoamor, F. (2005): *El trato*. As Figueiras: Asociación Cultural Rapalacois.
- Fernández-Guerra y Orbe, Aureliano (1991); *El Fuero de Avilés*. Facsímil da edición de Madrid de 1865. Uviéu: ALLA.
- Fidalgo Villaveirán, Francisco (1990): "La fulgurante década literaria del Eo", *Ribadeo. Festas da Patrona*. Comisión de Festas de Ribadeo.
- Filgueira Valverde, Xosé et al. (1984): *A presenza de Armando Cotarelo en Galicia*. Santiago: Dirección Xeral de Cultura, Xunta de Galicia.
- Floriano Llorente, Pedro (1981): "Colección diplomática del monasterio de Villanueva de Oscos", *Boletín del Instituto de Estudios Asturianos*, número 102, 127-190.
- Fraga Suárez, María José (2007) *Terra de pataricos*. Uviéu: ALLA.
- Fredo de Carbexé (1996): *Mourén dos fondales*. A Caridá: Xeira.
- Fredo de Carbexé (2006): *Soños de pellegrín / Sueños de peregrino*. A Caridá: Andolía.
- Fredo de Carbexé (2007): *Fruces da nebra / Estirpes de la niebla*. A Caridá: Andolía.
- Fredo de Carbexé (2013): "El tempo nel barruzo", *Trabatel. Revista eonaviaga de lliteratura* N.º 4. Goberno de L Principáu d'Asturies Conseyería d'Educación y Cultura, 7-8.
- Frías Conde, Francisco Xabier (1991): *El xabril que quería engalar e outros relatos*. Eilao: MDGA.
- Frías Conde, Francisco Xavier (1990): *Onte foi cabalo de sinza*. Uviéu: Ámbitu.
- Frías Conde, Francisco Xavier (1999): *O galego exterior ás fronteiras administrativas*. Xixón: VTP.

- Frías Conde, Francisco Xavier (2000): *Contos e cantigas eonaviegas*. Xixón: VTP.
- Frías Conde, Francisco Xavier (2002): *Escolma da literatura galega de alénraia* [en liña]. Santiago de Compostela: Vieiros. Letras. [Ref. do 21 de agosto de 2007]. Disponible en: <http://mais.vieiros.com/letras2002/libro.pdf>.
- Frías conde, Francisco Xavier (2003): *A literatura eonaviega contemporánea (notas sobre literatura galega de Asturias)*. Xixón: MDGA-VTP e (2004), A Coruña: eDixital <http://bvg.udc.es>
- Frías Conde, Francisco Xavier (2004): *O reino dos contos* [en liña]. [Ref. do 2 de xuño de 2007]. Disponible en: <http://oreinodoscontos.blogspot.com/>.
- Frías Conde, Xavier (2000): *Azul e terra*. Madrid: ACEF.
- Frías Conde, Xavier (2001): *Canto de Nedara*. Madrid: Arte Tripharia.
- G[arcía] González, Ramón (1920): *Amarguras d'un viaxe*. Imprenta del *Castropol*.
- García García, María del Carmen (2006): *Literatura de tradición oral en Presno (Castropol)*. Ribadeo: edición de autora.
- García Rivas, Aurora (2004): *O viaxeiro da noite*. Uviéu: Ediciones Trabe.
- García Rivas, Aurora (2006): *Na boca de todos. Retrato poético actual del Occidente Asturiano*. Concello da Veiga.
- García Rivas, Aurora (2007): *Cinco contos pra xogar coa música*. Uviéu: Trabe.
- García Rivas, Aurora (2007): *Contos, ducia e media d'eles*. Uviéu: Trabe.
- García Rivas, Aurora (2008): *Trinquilintainas*. Uviéu: Ediciones Trabe.
- García Rivas, Aurora (2010): *As razóns d'Anxélica*. Uviéu: Trabe.
- García Sánchez, Manuel (1984): *Parzamiques*. Tapia de Casariego: Edición do autor.
- García-Galano, Manuel (1993): *Mareaxes tapiegos*. Principáu d'Asturies: Conseyería d'Educación Cultura, Deportes y Xuventú.
- García-Galano, Manuel (1993): *Parzamiques*. A Caridá: Xeira.
- García-Galano, Manuel (1994): *Vocabulario d'A Roda (Tapia de Casariego)*. Uviéu. Serviciu de Publicacións del Principáu d'Asturies.
- García-Galano, Manuel (2000): *Erguendo el telón. Sainetes*. Uviéu: Secretaría Llingüística del Navia-Eo. ALLA.
- García-Galano, Manuel (2005): *Vento d'outono*. Uviéu: Academia de la Llingua Asturiana, Secretaría Llingüística del Navia-Eo.
- García-Galano, Manuel et al. (2000): *Lletras novas. Úa década del Premio "Xeira" de Narracións Curtias*. A Caridá: Xeira.
- González Ollé, Fernando (1977): "Testimonios del gallego-leonés en Asturias a mediados del siglo XVI", *Verba. Anuario gallego de Filología*. Vol. 4. Universidade de Santiago de Compostela, 53-61.
- Gran Enciclopedia Asturiana* (1970). Xixón: Silverio Cañada.
- <http://www.falaviva.net> [ref. do 5 de xuño de 2007].
- Iglesias Gómez, Lucía (2017): "Ferramentas", *Trabatel. Revista eonaviega de literatura* N° 8. Goberno de Principao d'Asturias, Conseyería de Cultura, Política Llingüística y Turismo, 21-23.
- Iglesias Gómez, Lucía (2020): "Ferramentas (II)", *Trabatel. Revista eonaviega de literatura* n° 11. Goberno de Principao d'Asturias, Conseyería de Cultura, Política Llingüística y Turismo, 51-52.

- Informe lingüístico del Eo-Navia. Sen fronteiras: galego de Asturias* (2022). Boal: Asociación Axuntar.
- Informe lingüístico sobre a nosa terra Eo-Navia* (2007). Navia: Asociación Abertal del Eo-Navia.
- Informe sobre a fala ou gallego-asturiano. Úa perspectiva hestórica, social y lingüística* (2006). Uviéu: ALLA-SLNE.
- IV Concurso literario “Culturalcampo Oscos-Eo”* (1990). Uviéu: Caja de Ahorros de Asturias.
- La Comarca del Eo. Semanario* (1919- ). Ribadeo.
- La Ilustración de Galicia y Asturias. Revista quincenal ilustrada (1878-1879)*. Madrid.
- La Ilustración Gallega y Asturiana. Revista quincenal ilustrada (1879-1881)*. Madrid.
- Labandera Campoamor, J. A. (1970): “Cocinas y lareiras típicas de la comarca del Eo”, *Boletín del Instituto de Estudios Asturianos*, nº 71. Oviedo, 463-482.
- Lapa, M. Rodrigues (1970): *Cantigas d’escarnho e de mal dizer*. Vigo: Editorial Galaxia.
- Lar* (1954-1955). Navia: Gráficas Ribazán.
- Las Riberas del Eo*: periódico semanal de intereses generales, noticias y anuncios (1881-1971). Ribadeo.
- Libros del Eo-Navia* [en liña]. Navia: Asociación Abertal. [Ref. do 15 de novembro de 2007]. Disponible en: <http://www.librosdeleonavia.blogspot.com>.
- Llenderozos, Mónica (2020): *Alrededor de mí*. Edición da autora (en Amazon KDP).
- Lletras novas*. Dez anos del Premio Xeira, (2000). A Caridá: Xeira.
- Lletres Asturianas*. Uviéu: ALLA.
- López Diz, Marisa (2007): *A terra esquecida*. Uviéu: Ediciones Trabe.
- López García, M<sup>a</sup> Teresa (2001): *Vocabulariu de Bual y algúa cousa más*. Fundación Nueva Asturias.
- López García, M<sup>a</sup> Teresa (2001b): *Cousas d’entointe pa pasado mañá y sentimentos*. Uviéu: Trabe.
- López García, María Teresa (2017): “Poesía”, *Trabatel. Revista eonaviega de lliteratura* N° 8. Gobierno del Principao d’Asturias, Consejería de Cultura, P. Llingüística y Turismo, 37-39.
- López Valledor, Fanny (1999): *Literatura de tradición oral nos Coutos (Ibias)*. A Caridá: Xeira.
- López, Benjamín (2014<sup>3</sup>): *Montañas de la Costa Verde*. Imprime IMPRASTUR: Herederos de Benjamín López.
- Lozano Sol, Marcelino (2014): *Castaedo y Monón en poucas palabras, Vocabulario y memoria viva*. Oviedo: Ediciones Trabe.
- Martín Acero, Begoña (2002): *Termodonte e outros contos*. A Coruña: Baía Edicións.
- Martín Acero, Begoña e Paloma GARCÍA MÉNDEZ (2004): *Mar de cores*. Edición das autoras.
- Martín Acero, Begoña, Nogueira Tallón, Edita e González Álvarez, Enrique (2021): *Ahí están... las puertas de Boal / Ei tán... as portas de Boal*. Xixón: Canel Editores.
- Mediante Ferraría, Antolín Santos (2008): *Poesía completa*. Edición de X. Babarro, A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- Méndez Ferrín, Xosé L. (1984): *De Pondal a Novoneyra*. Vigo: Edicións Xerais.
- Moreda Rodríguez, Eva (1997): *Bregán de Guisamonde, o Cabaleiro da Gaiyota*. Santiago de Compostela: Fundación Caixa Galicia.

- Moreda Rodríguez, Eva e outros (2001): *Veas verdes e catro contos máis*. Ourense: Agrupación de Libreiros de Ourense-Casa da Xuventude de Ourense.
- Moreda Rodríguez, Eva (2002): *O demo e o profundo mar azul*. Santiago de Compostela: Positivas.
- Moreda Rodríguez, Eva (2004): *Singularis Domitilla*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- Moreda Rodríguez, Eva (2009): *O país das bestas*. Cesuras- A Coruña: Biblos.
- Moreda Rodríguez, Eva (2010): *Organoloxía*. Santiago de Compostela: Positivas.
- Moreda Rodríguez, Eva (2011): *A Veiga é coma un tempo distinto*. Vigo: Xerais.
- Moreda Rodríguez, Eva (2020): *Para toda a vida*. Allariz: Aira editorial.
- Moreda Rodríguez, Eva (2021): *Rapazas de Polar*. Cangas do Morrazo: Morgante.
- Narradoras* (2000). Vigo: Xerais.
- Noia Campos, Camino (2002): *Contos galegos de tradición oral*. Vigo: Nigratreia.
- Nós* (1920-1936) (1997). [Vigo: Editorial Galaxia.]
- Núñez, Toño (2020): *Poemas de Amor en Outono*. Silleda: Fervenza Edicións.
- Os contos do xilgaro* (1992). Vigo: Diario 16 de Galicia.
- Pedreira, Ugia (2014): *Noente paradise*. Santiago de Compostela: Através Editora.
- Pedreira, Ugia et al. (2018) *A Comuna del Barruzo*. Santiago de Compostela: aCentral Folque. Centro Galego de Música Popular.
- Pena Sánchez, Xosé Ramón (1986): *Literatura galega medieval*. Barcelona: Sotelo Blanco.
- Pensado, José Luis (1985): *El gallego, Galicia y los gallegos a través de los tiempos (ensayos)*. A Coruña: La Voz de Galicia.
- Pérez Álvarez, Martín (2009): *El Cancioneiro d'Alonso*. Uviéu: Nobel.
- Pérez Álvarez, Martín (2015): *Curandeiros, compostores y outros sanadores*. Uviéu: Trabe.
- Pérez Álvarez, Martín (2018): *Había úa vez...* Uviéu: Trabe.
- Pérez de Castro, José Luis (1955): "Contribución al vocabulario del bable occidental", *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares*, XI, 119-144.
- Pérez de Castro, José Luis (1963): "Dialogismos en el refranero asturiano", *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares*, XIX, 116-138.
- Pimentel, Luís (1981): *Sombra do aire na herba*. Limiar de Celestino F. de la Vega. Vigo: Galaxia.
- Premios literarios Concello de Viveiro* (2000). Viveiro: Concello de Viveiro.
- Quique Roxíos (vid. Roxíos)
- Relatos costumbristas. V Premio Antonio Raymundo Ibáñez, "Marqués de Sargadelos"* (2007): Santa Eulalia de Oscos, Oviedo: Asociación de Amigos de Antonio Raymundo Ibáñez.
- Relatos hiperbreves. I Premio Antonio Raymundo Ibáñez, "Marqués de Sargadelos"* (2003): Santa Eulalia de Oscos, Oviedo: Asociación de Amigos de Antonio Raymundo Ibáñez.
- Relatos hiperbreves. II Premio Antonio Raymundo Ibáñez "Marqués de Sargadelos"* (2004): Santalla de Ozcos, Oviedo: Asociación de Amigos de Antonio Raymundo Ibáñez "Marqués de Sargadelos".

*Relatos hiperbreves. III Premio Antonio Raymundo Ibáñez “Marqués de Sargadelos”* (2005): Santalla de Ozcos, Oviedo: Asociación de Amigos de Antonio Raymundo Ibáñez “Marqués de Sargadelos”.

*Relatos hiperbreves. IV Premio Antonio Raymundo Ibáñez “Marqués de Sargadelos”* (2006): Santalla de Ozcos, Oviedo: Asociación de Amigos de Antonio Raymundo Ibáñez “Marqués de Sargadelos”.

*Renguileiras* (2006). Uviéu: ALLA-SLLNE.

Rico Prieto, Belén (2008): *Domingo y os animais*. Uviéu: Nobel.

Rico Prieto, Belén (2012): *Algunhas maos*. Uviéu: Trabe.

Rico Prieto, Belén e Legazpi José M. (2017): *Algún son... tres*. Uviéu: PataNegra.

Rico Ventoso, Eva (2006): “Ana Vior Díaz, unha poetisa de Lantoiira”, *Entrambasauguas*, 23. Primavera-brao, 2006. ALLA, 38.

Rincón, Amado (1977): “Feixe de vilancetes galegos apañados nos fondos da ‘Hispanic Society of America’ de Nova Iorque” en *Grial*. Revista Galega de Cultura. N° 58. Outubro, Novembro, Decembre 1977. Vigo: Galaxia, 455-479.

Rodríguez Fernández (Rebollada), Ana María (1991): *Úa voz nel ocidente*. Uviéu: Edición da autora.

Rodríguez Montavaro, Miguel (2010): *Trenta razóns pra nun medrar*. Uviéu: Ed. Trabe.

Rodríguez Montavaro, Miguel (2013): *Todos os tristes de mayo*. Uviéu: Ed. Trabe.

Rodríguez Montavaro, Miguel (2014): *Poemas pr’amantes y paquidernos*. Uviéu: Ed. Trabe.

Rodríguez y Rodríguez, Manuel (1995): *Etnografía y folclore del Bierzo Oeste – Suroeste*. Ponferrada: Edición do autor.

Roxíos, Quique de (2002): *Debaxo de nabis, sapis*. Eilao: MDGA-VTP Editorial.

Roxíos, Quique de (2018): *Personaxe desconocido*. A Coruña: Editorial Canela.

Rutiña Testa, Cristóbal (2015): *El batallón Galicia. Xixón: Impronta*.

Saavedra, Ricardo (2007): “A narrativa en Gallego-Asturiano das últimas décadas”. En *La emancipación de la literatura asturiana. Crónica y balance de la narrativa contemporánea*. Uviéu: Gobiernu del Principáu d’Asturies–Consejería de Cultura, Comunicación Social y Turismo, pp. 118-132.

Sánchez García, Fermín (1985): *Reflejos poéticos*. Lugo: Edición do autor.

Sanjurjo Fernández, Cándido (1988): *A Xanela do Casal*. Abres: Edición do autor.

Sanjurjo Fernández, Cándido (1996): *Entre Fonteio y el mar. Apuntes sobre el Eo y su entorno*. Servicio Central de Publicaciones del Principado de Asturias.

Schubarth, Dorothé e Santamarina, Antón (1983): *Cántigas populares*. Vigo: Galaxia.

Schubarth, Dorothé e Santamarina, Antón (1988): *Cancioneiro Popular Galego*. Volume IV. Romances novos, cantos narrativos, sucesos e coplas locais. Tomo II: Letra. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.

Sela, Alejandro (1971): *Vino, amor y literatura*. Oviedo: Editorial “La Nueva España”.

Sela, Alejandro (2000): *El Tío Pepe. Colaboracións periodísticas en gallego-asturiano (1931-1948)*. Edición de Xosé Miguel Suárez Fernández. Uviéu: ALLA-SLLNE.

Suárez Fernández, Xosé Miguel (1990): *Bidweiras d’inverno*. Uviéu: Ámbito.

Suárez Fernández, Xosé Miguel (1994): *Nas Arribadas*. A Caridá: Xeira.

Suárez Fernández, Xosé Miguel (1996): *Vocabulario de Mántaras (Tapia). Aportacións al léxico del gallego-asturiano*. A Caridá: Xeira.

Suárez Fernández, Xosé Miguel (1999): “Alejandro Sela y outros escritores en gallego-asturiano nel periódico *El Aldeano* de Castripol (1929-1933)”, *Actas das primeiras sesións d’estudio del occidente (Castripol, 8 d’agosto de 1998)*. Uviéu: ALLA-SLLNE, 59-66.

Suárez Fernández, Xosé Miguel (2000): “Introducción” a *Alejandro SELA: El tío Pepe. Colaboracións periódicas en gallego-asturiano (1931-1948)*. Uviéu: ALLA-SLLNE.

Suárez Fernández, Xosé Miguel (2006): “El teatro en gallego-asturiano dende os empezos hasta a Guerra Civil (1899-1936)”, *Actas das segundas sesións d’estudio del occidente*. Uviéu: ALLA. Gobiernu del Principáu d’Asturias.

Suárez Fernández, Xosé Miguel (2006b): *Unde letras falan. Antoloxía da poesía en gallego-asturiano (1891-2006)*. Uviéu: Trabe.

Suárez Fernández, X. M. (2009): “*El “Teatro Aldeano” da Biblioteca Popular Circulante de Castripol (1929-1934). Historia, estudio y edición das obras*, Uviéu: Publicaciones Ámbitu.

Suárez Jardón, Pepe (2021): *Por el camín de Nayundes. Poesía en fala eo-naviega na variante das ribeiras del Porcía*. Asturias: Ediciones Nobel.

Tavani Giuseppe (1980): “La poesía lirica gallego-portoguese”, *Grundriss der romanischen Literaturen des Mittelalters. Les genres Lyriques*. Volume II, tome 1, fascicule 6. C. Heidelberg: Carl Winter. Universitätsverlag.

Trabadelo Vilabrille, Pablo (2020): *Navalla*. Gijón: BajAmar Ediciones.

Trabadelo, Pablo (2021): *Jaloffeim*. Noia: Editorial Toxosoutos.

Trashorras Nogueira, Xesús (2017): *O silencio do orballo*. Vigo: Redelibros.

Trashorras Nogueira, Xesús (2018): *A chamada de Brigid. Cincuenta poemas de pedra e néboa*. Culturalia GZ e NPG Nova Poesía Guitirica.

Trashorras Nogueira, Xesús (2021): *Paseando canguros*. A Coruña: Medulia.

*Un lustro de relatos curtos* (2007). Grandas de Salime: Asociación Cultural el Carpio.

Varela Aenlle, Carlos Xesús (1994): “As construcións populares nos concellos da Pontenova, Riotorto e Taramundi”, *Britonia. Revista de Estudios da Terra Navia-Eo*. Nº 1. Eilao (Asturias): MDGA, 73-83.

Varela Aenlle, Carlos Xesús (1994): *Toponimia del Eo-Navia*. Eilao (Asturias): MDGA.

Varela Aenlle, Carlos Xesús e outros (2004): *A herdanza da lingua. O gallego de Asturias, León, Zamora e Cáceres*. A Coruña: Real Academia Galega.

Varela Aenlle, Carlos Xesús (2021): *Diccionario do gallego de Asturias*. Vigo: Universidade de Vigo.

Vargas Vidal, Daniel (2003): *Añoranzas y recuerdos de Tapia de Casariego (De la vida de un pueblo astur-galaico a comienzos del presente siglo)*. Oviedo: Asociación de Vecinos y Cultural Virgen del Carmen, Tapia de Casariego: Pantorga Ediciones.

Vega, Ana (2013): *Al xeito del tambor*. Uviéu: Ediciones Trabe.

Vega, Ana (2017): “Poesía”, *Trabatel. Revista eonaviega de lliteratura*. Goberno de Principao d’Asturias, Consejería de Cultura, Política Llingüística y Turismo, 13-15.

Veiguela Martínez, Crisanto (2001): *A vida sempre e sobretudo*. Madrid: Arte Tripharia.

Viejo Fernández, Xulio (1996): “La lliteratura asturiana primitiva: un averamientu al so estudiu”, *III Xunta d'Escritores Asturianos. Caminos nuevos pa la lliteratura asturiana*, edición de Concha Prieto. Principáu d'Asturies: Serviciu de Publicaciones, 189-196.

Vilareyo, Xaviel (1999): *Os novos poemas*. A Caridá: Xeira.

Villanueva, Carlos (1994): *Los villancicos gallegos*. A Coruña: Fundación “Pedro Barrié de la Maza”.


Villar Loza, Conrado (1999): *Un feixe de tapiogadas. Pasillo n'un acto*. Facsímil da edición de 1922 y partituras d'Etelvino Méndez Martínez. Con estudos de Manuel García Galano y Xosé Miguel Suárez Fernández. Conseyería de Cultura, Principao d'Asturias.

Villares Mouteira, Félix (2007): *Un alpendre de sombra e de luar. A Escola Literaria da Diocese de Mondoñedo-Ferrol*. Cesuras, A Coruña: Biblos.

VV.AA. (2016): *Que non se perda n'el aire*. Uviéu: Trabe / Conseyeiría d'Educación y Cultura.







---

## Últimas publicaciones fóra de colección

*Beowulf. Verso a verso* (2023)  
Antonio Bravo García

*O país dos sen alma. Rosendo Salvado en Australia  
1846-1899* (2022)  
Albino Prada Blanco

*6 días, 6 poetas. Antoloxía para el recuerdo.* (2021)  
Manuel Morquecho Barral (coord.)

*Diccionario do Galego de Asturias* (2021)  
Carlos Xesús Varela Aenlle



# Literatura Galegoasturiana


## *Poesía, Prosa, Teatro*

A presente obra reúne, en versión actualizada, os contidos dos tres volumes que inauguraron hai máis dunha década a colección Ólga e que intentaban achegar unha visión do cultivo literario nas terras asturianas de expresión galega. A historia do galego escrito no occidente de Asturias garda un claro paralelismo con Galicia. Tan só coa implantación do Estado das Autonomías comezan a marcarse sensibles diferenzas entre as dúas comunidades. Basicamente, por non se contemplar na primeira a normalización do galegoasturiano.

Por máis que o Rexurdimento se consolide no século XIX (Rosalía de Castro, Eduardo Pondal, Curros Enríquez...), non triunfa con autores galegoasturianos ata principios do XX. Fitos significativos foron *A Veiga de Ribadeo* (1913) de Antolín S. Mediante, *Amarguras dun viaxe* (1920) de Ramón García González e *Un feixe de*

*tapiogadas. Pasillo en dialecto tapiego en un acto y en prosa* (1921) de Conrado Villar Loza. O primeiro, co galego común como referente e, os outros, usando as falas vilegas de Castropol e Tapia, respectivamente.

Cen anos despois, mantéñense os dous criterios: persoas que utilizan o material lingüístico común e persoas que rexistran só formas locais. A iso únese a ortografía. Hai quen ten como referente as normas da Real Academia Galega, quen prefire as da Academia de la Llingua Asturiana, quen segue modelos lusistas e quen se decanta por unha opción persoal, ignorando calquera proposta estandarizadora. Malia esta situación, é máis o que nos une a todos ca o que nos separa e a vestimenta gráfica non borra a galegoasturianidade, un aspecto cohesionante para termos en conta á hora de defender unha lingua cunha chea de factores en contra para a súa existencia.



Servizo de Publicacións

Universidade de Vigo